



Estudo da
**Flora do
Parque Natural
Baixa Limia-Serra
do Xurés e a súa
zona de influencia**



Estudo da

Flora do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa zona de influencia

XUNTA
DE GALICIA

Santiago de Compostela 2023




EDICIÓN
Xunta de Galicia

AUTOR
Íñigo Pulgar Sañudo


COPYRIGHT DAS IMAXES
Íñigo Pulgar Sañudo

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Depósito legal: C 490-2023



Estudo da
**Flora do
Parque Natural
Baixa Limia-Serra
do Xurés e a súa
zona de influencia**



ÍNDICE

Presentación da Consellería	4
Presentación do autor	6
A ÁREA DE ESTUDO	13
Situación e límites	13
Xeoloxía e xeomorfoloxía	14
Bioclimatoloxía	18
Bioxeografía	22
CARACTERÍSTICAS XERAIS DA FLORA	28
Flora ameazada. Lexislación	44
ESQUEMA SINTAXONÓMICO	45
METODOLOXÍA	56
MATERIAL ESTUDADO	60
CLAVE XERAL	63
LYCOPHYTAS	69
Div. <i>Lycophyta</i> . Subdiv. <i>Lycophytina</i>	69
MONILOPHYTAS	70
Subdiv. <i>Sphenophytina</i> (Div. <i>Sphenophyta</i>)	56
Subdiv. <i>Filicopsida</i> (Div. <i>Pteridophytha</i>)	57
SPERMATOPHYTAS	70
Gymnospermae	70
Div. <i>Pinophyta</i>	70
Angiospermae	77
Div. <i>Magnoliophyta</i>	79
Div. <i>Eudicotyledoneae</i>	81
Div. <i>Liliopsida</i>	478
BIBLIOGRAFÍA	604
ÍNDICE DE NOMBRES CIENTÍFICOS	629
GLOSARIO	651
APÉNDICE FOTOGRÁFICO	662

PRÓLOGO DA CONSELLERÍA

O *Estudo da Flora do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa zona de influencia* é unha publicación de gran valor. Grande polo seu contido, xa que estamos ante unha análise detallada e minuciosa da flora desta comarca, a cal engloba máis dun terzo do total que hai en toda a Comunidade; e grande, tamén, pola súa elaboración, con preto de 700 páxinas e más de 670 fotografías de plantas.

Estamos ante unha ferramenta necesaria e fundamental para a conservación da nosa biodiversidade. Fundamental porque se incorporan todas aquelas especies exóticas invasoras, as cales é preciso identificar para dar coa súa erradicación do noso territorio. Fundamental, tamén, porque se localizan e se caracterizan ecoloxicamente as variedades ameazadas. Delas achéganse datos cuantitativos das poboacións existentes, imprescindibles para chegar a unha diagnose na súa evolución. E fundamental porque se caracterizan floristicamente os hábitats terrestres e acuáticos, o que facilita a selección dos taxons que se deben usar nas restauracións de terreos danados.

É, pois, unha publicación única neste eido, xa que o aquí recollido está adaptado ás novas clasificacións filoxenéticas xurdidas dos estudos moleculares do xenoma das diferentes especies. Evidentemente, para o eido da botánica supón un salto cualitativo, xa que as clasificacións feitas previamente estaban baseadas, exclusivamente, na morfoloxía dos vexetais, os cales, en ocasións, ocultan o parentesco real entre as especies. Así, agora, grazas a esta clasificación científica sabemos a súa historia desde a mesma orixe da súa existencia.

Trátase dun libro de marcado carácter técnico. Estou convencida da súa grande utilidade para biólogos, botánicos ou enxeñeiros, xa que todo este traballo e este uso de claves dicotómicas adaptadas a este ámbito lles vai permitir a identificación da práctica totalidade da flora. Pero, deste mesmo xeito, sei do interese que vai espertar entre os visitantes deste enclave natural protexido e a isto contribuirá o amplio número de láminas que permiten unha rápida visualización da biota que hai neste lugar.

Ademais de ser unha fonte de información, este *Estudo da Flora do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés* achega valor e crea unha cultura de protección da comarca da Baixa Limia.

Por todo isto e en nome da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Venda, parabéns a todo o equipo de profesionais que fixo posible que hoxe o poidamos ter nas nosas mans.

PRÓLOGO DO AUTOR

Dous son os motivos que me animaron a redactar este prólogo. Por un lado, é o lugar para aclarar e sinalar algúns aspectos estritamente botánicos. E por outro, tamén parece o lugar idóneo para mencionar as moitas persoas que contribuíron dun xeito ou outro a que esta publicación vega a luz.

En primeiro lugar, permítanme unhas palabras para xustificar o seu título: *Estudo da flora do Parque Nacional Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa zona de influencia*. Non podo máis que lembrar a semellanza co título da tese doutoral que sobre a vexetación deste espazo defendín nos anos finais da década dos 90. Unha boa parte deste estudo está baseado naquel traballo fitosociolóxico que persoalmente fixo que me fascinase o mundo da botánica e o mosaico de paisaxes da Baixa Limia. O gran protagonismo dos breixos submediterráneos, salpicados de corgas ou regatos encaixados, cheos de xoias para un botánico, e a diversidade de ambientes ou de hábitats, con máis de cen comunidades vexetais descritas naquel momento, deixaron en min o desgusto de non rematar o estudo da vexetación en toda a súa extensión, entre outras razóns pola inseguridaxe que me ocasionaba a determinación de moitos taxons inventariados e en moitas ocasións clasificados con dúbidas obxectivas. *Flora iberica* (www.floraiberica.org) era –e é– o referente obrigado en aspectos taxonómicos e nomenclaturais da flora da Península Ibérica, e naqueles anos aínda faltaban por editar moitos tomos. Algúns pregos de herbario dos citados neste libro foron posteriormente revisados polos monógrafos dos xéneros correspondentes, o que implicou en ocasións cambios a todo o conxunto de taxons afectados, incluídos os aínda non corrixidos fisicamente nos pregos de herbario numerados e depositados no Herbario SANT da Universidade de Santiago de Compostela. Aínda sendo un referente, o longuísimo tempo empregado en editar o conxunto da *Flora iberica* impidiu agregar moitos dos novos avances que para a sistemática botánica significaron as novas achegas da bioloxía molecular. Neste sentido, o libro pretende incorporar estes avances, situando os xéneros emparentados filoxeneticamente nas familias que os reúnen, o que en ocasións provoca distorsións fronte ao publicado na flora peninsular. *Estudo da flora* porque son moitas as horas dedicadas a dilucidar a verdadeira identidade dos taxons.

Esta flora comezou sendo a dos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, aos que nos anos 90 do pasado século quedaba limitada a superficie do Parque Nacional Baixa Limia-Serra do Xurés (de aquí en adiante PN ou PNBL-SX). Algúns anos despois, coa ampliación do parque, conseguíronse outras figuras de protección e finalmente declarouse a Reserva Transfronteiriza da Biosfera Xurés-Gerês, coincidente no espazo galego coa Baixa Limia. A posibilidade de elaborar unha flora deste territorio con notable entidade bioxeográfica animoume a seguir completando e actualizando o paquete florístico. A este empeño contribuíu a vinculación á comarca grazas a estudos sobre as especies ameazadas engadidas en catálogos e listaxes vermelas e outros proxectos financiados pola Xunta de Galicia.

No libro hai pregos herborizados, máis intensamente durante algúns anos e períodos, ao longo de tres décadas de mostraxes. De entre todos os concellos comprendidos neste espazo, con toda seguridad, o de Lobios é o máis profundamente estudiado, pois nel tiven a base loxística no período de tese e despois. Durante este tempo, extraviouse polo menos unha caixa con pregos de herbario, e queda algunha outra por revisar. É por iso que algúns exemplares (poucos) se presentan sen o correspondente número de rexistro do Herbario SANT. Venme á memoria *Melica uniflora*, taxon escaso pero existente nalgúns bidueirais de altura e no bosque da Barxa. Aínda que nos últimos anos o catálogo non parou de medrar, sen dúbida puidéronse escapar algunas especies. Sirva como exemplo o caso de *Dittrichia viscosa* e *Aster sp*, que recoñecemos como integrantes da flora, pero que non tiveron espazo neste libro por facilitarme M. Fernández as súas fotografías unha vez pechada a maquetación. Que conste a súa presenza nos concellos de Muíños e Calvos de Randín.

Respecto á publicación, a oportunidade xurdíu ligada á Actividade 1 do proxecto Fronteira Esquecida, seleccionado polo Programa de cooperación Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), así como ao ánimo e vontade do Servizo de Parques Naturais, expresada a través de Antonio Rodríguez como máxima autoridade deste. A urxencia por telo listo nas datas previstas polos

trámites administrativos supuxo traballo durante centos de horas no manuscrito ao longo do ano 2022. Son consciente de que algúns apartados poden ser mellorados e de que quedan algúns xéneros sen resolver (*Hieracium*, *Festuca*, *Pilosella*, *Rubus*, *Taraxacum*). En calquera caso, e áinda que sigamos traballando niso, teño a esperanza de que o libro sexa un referente polo menos para o persoal dependente do Parque Natural e para os interesados na flora deste espazo protexido.

Como figura no inicio deste prólogo, a outra razón pola que desexaba escribilo é amosar o agradecemento ás persoas que me axudaron e que colaboraron dunha ou outra forma na consecución desta publicación.

Debo empezar por Juan Rodríguez Oubiña e Santiago Ortiz, os meus directores de tese e promotores do inicio desta aventura botánica. En segundo lugar, achegar o meu agradecemento a José Benito Reza e Dores Rodríguez, pois durante os seus mandatos na dirección do Parque Natural foron asinados a maior parte dos convenios que me permitiron estudar a flora dun lugar afastado máis de 200 km do meu lugar de residencia. Esta colaboración continuou nos últimos tempos a cargo de José Antonio Amoreira, director da Reserva Transfronteiriza da Biosfera, Alba Lombao, xefa de Área de Parques Naturais de Ourense, e Antonio Rodríguez, xefe do Servizo de Parques Naturais da Xunta de Galicia.

Non podo obviar o persoal da Xunta que me acompañou ao campo en tantas e tantas ocasións. Hermindo Ferreira foi quen me introduciu nas pistas de montaña co seu vello Land Rover. Daniel Manso foi o meu compaíñeiro de fatigas durante os anos que traballou no Parque e moitas outras veces. A el debo agradecerlle o coñecemento de múltiples lugares destas serras e dalgúns taxons asociados a elas. A miña gratitud pola súa dedicación e amizade e as miñas desculpas porque o seu nome non aparece en todos os pregos que me axudou a herborizar. Esta gratitud fágoa extensiva ao resto dos axentes forestais cos que tiven ocasión de traballar: Castor Lanuxe, Jesús Martínez, Andrés Gea, Gulín, Rubén Perdiz, Xurxo, Otero. Súmanse a este recoñecemento os vixilantes do parque e a brigada baixo a dirección de Luís A. Rubiños, o seu capataz, perfecto coñecedor dos máis inaccesibles e recónditos

lugares do parque, e que tamén achegou novas localizacións de especies ameazadas. Permítanme sinalar en representación dos membros da brigada a Tomás, polo seu bo talante e pola caldeirada de xabril, que xunto coa súa muller, preparan con paciencia e a lume lento, para chuchar os dedos!

Mención especial tamén merecen M. Rodríguez (Manolo) e Lisardo, cos que compartín nos últimos anos algunhas xornadas de campo, especialmente no Concello de Calvos de Randín. Ao primeiro agradecer o seu interese na flora, posta de manifesto no descubrimento dalgunhas especies que non aparecían no meu catálogo. Ao segundo por encargarse da infraestrutura, a conducción e o aprovisionamento, así como por facer moito máis amenos os longos días de traballo no monte. Non quero esquecer todos os traballadores do Centro de Recepción do Parque Natural, desde enxeñeiros a recepcionistas, que sen excepción sempre me trataron con cordialidade.

Non quero deixar de mencionar a algunhas persoas residentes en Lobios que me facilitaron a infraestrutura e contribuíron a que as estancias no municipio fosen amenas e agradables: Javier Silva, M^a José, Lurdes e o mozo Francisco, do Restaurante-Hotel Lusitano, que sempre me trataron con agarimo e a súa casa foi a base preferente desde a que abordei o estudio da flora. Merecen unha mención os traballadores dos escasos negocios abertos nesta localidade, que permiten ao foráneo abastecerse do esencial: farmacia, prensa, taller, supermercado, café ou cervexa fresca antes ou despois do traballo de campo. A Xelo, do Bar Faísca, agradecerlle o seu bo humor e xenerosidade, a Albino sempre eficaz no seu traballo, a Manolo e Elisa, a Francisco e María, a Valente, propietario das colmeas que producen o mel de breixo máis rico do mundo, aos taxistas que tanto axudan a poboación local, inclusive polo menos nunha ocasión o redactor destas letras.


O meu agradecemento ás persoas citadas, pois esta publicación é, en parte, un pouco de todas elas.

Por último quería dedicar o libro aos meus seres más queridos, aos que pido desculpas por estar ausente tantas xornadas centrado no estudio da

flora. En especial, a María e a Claudia, tamén aos meus pais e á miña familia de orixe cántabra, aos que só podo ver en contadas ocasións, o mesmo que aos entrañables participantes de *Cea onte á noite*. Por último, tamén quero dedicarollo e pedir desculpas a Lucía Rey, a persoa máis prexudicada pola miña obsesión coa flora.



Localización da Baixa Limia e Parque Natural en Galicia.




Concellos vinculados ao Parque Nacional Baixa Limia-Serra do Xurés.

A ÁREA DE ESTUDO

Situación e límites

A comarca da Baixa Limia atópase situada no NW da Península Ibérica e administrativamente no SW da provincia de Ourense, polo que é o territorio situado máis ao sur da Comunidade Autónoma de Galicia (España). Está delimitada polos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. O Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés esténdese a través destes cinco concellos, xunto co de Calvos de Randín, situado na zona máis oriental e xa dentro da comarca da Limia. A flora tratada neste estudio céntrase no Parque Natural e por extensión aos concellos que o albergan. O eixe central é o río Limia, no cal verten as augas dos ríos e regatos que delimitan esta bacía. Tamén se achegan datos dos concellos de Padrenda, Quintela de Leirado e Verea, situados no NW da área de estudio, que, aínda que as súas augas verten á bacía do Miño-Sil, se incorporan parcialmente ao estudio por constituir o límite norte da fronteira coa Serra do Leboreiro. Algo semellante ocorre con algunas observacións situadas no SE deste territorio, no concello de Baltar, por onde discorre a Serra da Pena compartida con Calvos de Randín. Tamén se incorporaron algunas mostras en territorio portugués, nas provincias administrativas de Minho e Tras-os-Montes, que contactan coa área estudada en zonas montañosas dos límites sur e oeste, é dicir, no Parque Nacional de Peneda-Gerês, declarado con esta figura de protección desde hai máis de medio século (1971). En conxunto ambos os parques constitúen a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (2009), que agrupa preto de 260.000 ha de territorio protexido e dos cales a contribución española (63.000 ha) é lixeiramente inferior a 1/3 da superficie portuguesa.

A localización desta área en coordenadas UTM (Universal Transverse Mercator, elipsoide WGS84) corresponde, como o resto de Galicia, ao fuso 29T e en cuadrículas correspondente ás letras NG.



Granodioritas dos cumes da Serra do Xurés.

Desde o punto de vista xeográfico, o río Limia é o eixe vertebral deste territorio, que xunto ás montañas que a rodean constitúen unha bacía hidrográfica cuxos límites estarían definidos pola Serra do Leboeiro e Bande (Alto do Vieiro) ao norte, ao oeste polas Serras do Quinxo e Olelas, ao sur e de oeste a este polas Serras de Santa Eufemia, Xurés, Pisco e Pena. Mentre as situadas ao norte constitúen a divisoria entre as bacías do Limia e do Miño-Sil, as levantadas ao sur constitúen a divisoria de augas entre o río Limia en Ourense e o río Cavado en Portugal.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

O marco actual da área de estudo é o resultado da sedimentación dos materiais precámbrios e paleozoicos e a posterior evolución metamórfica e tectónica, que produciu migmatización e anatexia nalgúns puntos. No paroxismo oroxénético herciniano sucedérónse importantes pregamentos (BRUM-FERREIRA *et al.*, 1992). Posteriormente prodúcese a instrución de grandes masas de rochas granodioríticas, que dominan o paisaxe xeoloxica actual e teñen ampla representación en toda Galicia. Existe unha fase tardimigmática na cal se produce fractura, con direc-



Bolos e formas irregulares producidas por erosão de materiais brandos.



Restos glaciares e periglaciares na cabeceira do val das Sombras

ción NNO-SSE na parte occidental da serra e N-S, O-E e NNE-SSO na parte oriental (BRUM-FERREIRA *et al.*, 1992), que produce un enchido de pegmatitas e se conforma a rede hidrográfica.

Todas estas fases teñen lugar durante o ciclo herciniano, polo que a Baixa Limia se atopa enmarcada nun conxunto de macizos graníticos e granitoides hercínicos, dos cales os últimos forman parte do conxunto de Celanova.

Desde o punto de vista petrolóxico, a área de estudio presenta dúas unidades ben diferenciadas, as rochas graníticas e as migmatitas. As primeiras constitúen o conxunto de rochas más representado na área de estudio. Vidal Romaní *et al.*, (1990a) postulan a existencia de tres tipos principais: granito de grao medio, granito de grao fino e granito de facies vermella, que teñen na actualidade unha clara tendencia á arenización. O granito porfiroide ou de tendencia porfiroide, de grao medio a groso, que constitúe na súa maioría a Serra do Xurés-Gerês, tamén se definiu como granito de Gerês. As migmatitas están situadas aproximadamente desde o río Salas ata o norte, e forman parte do dominio migmatítico de Celanova. A influencia do substrato sobre a cuberta vexetal condiciona a existencia case exclusiva da flora silicícola ou acidófila.

A natureza litoloxica e o clima predominante configuran a topografía actual. A arenización dos granitos en condicións relativamente quentes e húmidas, que reinaron durante o plioceno e plistoceno, deu lugar a profundos mantos de alteración cuxa posterior erosión diferencial orixinou os característicos *tors* e caos de bolas tan frecuentes nesta área. A evolución do relevo granítico durante o cuaternario estivo sometida a unha intensa actividade denudativa, a través de procesos glaciares e periglaciares, que continúa na actualidade por medio de fenómenos de tipo torrencial. (VIDAL-ROMANÍ *et al.*, 1990b).

As pegadas deixadas polos glaciares, fundamentalmente nos períodos Würm e Riss, foron estudiadas nestas serras na década dos setenta e oitenta (SCHMIDT-THOME, 1978; Coude-Gaussin, 1981; BRUM-FERREIRA *et al.*, 1992 e VIDAL-ROMANÍ *et al.*, 1990b). As manifestacións más características non son moi evidentes. Existen distintos criterios na avaliación da intensidade destes fenómenos no macizo Xurés-Gêres, e incluso da súa propia existencia. Dun lado, a cartografía de SCHMIDT-THOME (1978) amosa unha intensidade glaciar moi importante, que nos momentos de maior intensidade acadaría o seu límite altitudinal inferior a 4.550 m na

morena do río Caldo. A lonxitude deste glaciar acadaría 6 km. O espesor mínimo no glaciar do val do río Homem (Portugal) sería de 500 m. Segundo este autor, as mellores pegadas de restos glaciares atópanse na bacía do río Vilameá con morenas laterais entre os 1.300 e 1.100 m de altitude.

Por outra banda, COUDE-GAUSSSEN (1981), que non estuda a vertente galega, establece a existencia de glaciares na vertente portuguesa en altitudes superiores aos 800 m, no chamado *piso rochoso*, mentres que por debaixo del está localizado o *piso arenoso*, resultado da alteración do granito anterior ao glaciar, e cuxa erosión diferencial dá lugar a bolos residuais e areas. BRUM-FERREIRA *et al.* (1992) aceptan os vestixios do val das Sombras como orixe glaciar, pero non os de Portela do Home e cualifican a morena de Torneiros como terrazas e conos torrenciais relacionados coa fusión do xeo e a neve.

Segundo VIDAL-ROMANÍ *et al.* (1992), por enriba dos 800 m tiveron lugar os fenómenos glaciares e periglaciais. Establecen para a última fase glaciar unha etapa de máxima extensión na cal un *ice-cup* recubría unha superficie duns 64 km², cun número de linguas glaciares non moi numerosas, das cales só se individualizarían na parte galega as correspondentes aos vales do río Vilameá, Facha e Curro. Tras esta etapa de máxima intensidade seguiría unha etapa de deglaciacián, cun retroceso moi importante da zona glaciar. Esta última etapa, segundo os rexistros sedimentolóxicos ou *tills*, subdivídese pola súa vez en dous momentos ben diferenciados: un inicial con abandono das morenas frontais más afastadas, e outro final no cal os glaciares quedan confinados á zona de *ice-cup*, que pola súa vez reduce a área a onde é posible a partición desta gran superficie e pódese producir un illamento dos glaciares da parte galega do seu principal foco alimentador na zona portuguesa (VIDAL ROMANÍ *et al.*, 1990b).

Segundo PÉREZ-ALBERTI & VALCÁRCEL DÍAZ (1998), dos catro tipos nos que se poden clasificar os glaciares desenvolvidos no noroeste da península correspónde-lles aos xuresianos o tipo 2, é dicir, os glaciares de cobertura con prolongación en linguas. Son propios de áreas aplanadas de cumes máis ou menos extensos, “*ice-field*”, no cal esta superficie glacial emitía linguas de xeo en distintas direccións. As formas típicas como circos ou vales son escasas na cabeceira dos vales por estar situadas sobre granitos e rochas graníticas resistentes á erosión. Con todo, existen destacables exemplos de perfil en artesa na Serra do Gerês, nos vales dos ríos (HOMEM e COUCELINHO PÉREZ-ALBERTI & VALCÁRCEL DÍAZ, 1998). Estrías que

revelan a existencia de glaciares pódense observar nos altos entre Pión de Predes e a fronteira portuguesa por enriba de Marabaixo.

A actual composición dos ecosistemas forestais é o resultado da dinámica da vexetación establecida ao longo do último glaciar-interglaciar (últimos 100.000 anos) e de actuación do Home, centrada esta nos últimos milenios (RODRÍGUEZ-GUITIÁN *et al.*, 1997; GUITIÁN-RIVERA, 2002). Esta evidencia pode trasladarse a outro tipo de ecosistemas vexetais, ademais dos exclusivamente forestais e contribúe a explicar a existencia de especies relictas e endimismos en zonas próximas ás cumes.

Bioclimatoloxía

A bioclimatoloxía é unha disciplina que estuda a relación entre o clima e os seres vivos (RIVAS-MARTÍNEZ & PEÑAS, 1996). Entre os factores climáticos más importantes na distribución dos seres vivos, en particular das fitocenoses polo seu estatismo, destacan a **precipitación e temperatura**.

	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Med. An.
T(ºC)	6,5	7,0	9,8	11,2	14,1	17,3	20,5	20,7	18,3	13,5	11,0	6,7	13,1
P(mm)	182	176	182	101	85	56	25	34	83	123	184	188	1.419

Algunhas das clasificacións bioclimáticas concibidas para axustar vexetación e clima incorporan este territorio ao macrobioclima mediterráneo. Así, segundo a clasificación de ALLUE (1966) as áreas más baixas no entorno do río Limia na súa entrada en Portugal atópanse na rexión fitoclimática de tipo **IV (V)**, ou o que é o mesmo *mediterráneo subhúmido de tendencia atlántico*, mentres que as zonas de maior altitude outórgalles un tipo climático **IV (VI)**, é dicir, *mediterráneo subhúmido de tendencia centroeuropea*. PAPADAKIS (1966) inclúe o territorio na unidade climática *mediterráneo temperado*.

Outras propostas más recentes (RIVAS-MARTÍNEZ *et al.* 2017) inciden en dirección contraria e sitúan o territorio dentro do **macriobioclima temperado**, concetramente dentro dun subtipo denominado **temperado oceánico submediterráneo**.

diterráneo, é dicir, unha variante do macrobioclima temperado no cal polo menos durante un mes do estío a precipitación é inferior a dúas veces a media a temperatura (indicador de sequidá para os vexetais). Pola contra, cando a P<2T durante un período superior a tres meses considérase ao macrobioclima como de tipo mediterráneo. O diagrama de GausSEN para a estación do encoro das Conchas (CARBALLEIRA *et al.*, 1983) amosa este período de aridez durante un tempo inferior a dous meses, semellante ao doutras estacións do S, W e SW de Galicia.

Esta variante temperada submediterránea é frecuente na península en zonas costeiras do N e NW, como é a meirande parte das montañas da metade norte da Península Ibérica. A súa existencia favorece a presenza de flora eurosiberiana relicta nas montañas do centro da península ou de flora mediterránea termófila en boa parte do litoral do norte da península. A acentuada impronta submediterránea do territorio desta flora queda reflectida en toda sucesión vexetal, desde os bosques aos pastos anuais.

Os cambios de altitude, que teñen a súa expresión en cambios dos parámetros climáticos (precipitación e temperatura) relaciónnanse directamente con cambios nos tipos de vexetación dominante. O territorio pode dispoñerse en función destes cambios a través dos denominados pisos bioclimáticos ou pisos de vexetación. A norma establece que ao ascender pola montaña a temperatura diminúe e a precipitación increméntase. Respondendo a estos cambios, os taxons que se amosen máis competitivos entre determinados parámetros bioclimáticos serán agrupados nestes intervalos e substituídos por outros mellor adaptados aos parámetros bioclimáticos dominantes a diferentes altitudes.

Na proposta bioclimática de RIVAS-MARTÍNEZ *et al.* (2017) a diferenciación entre os pisos e horizontes termoclimáticos, estritamente relacionados cos pisos de vexetación, realízase empregando o índice de termicidade (It), que relaciona a temperatura media das máximas do mes máis frío (M), a temperatura media das mínimas do mes máis frío (m) e a temperatura media anual (T).

$$\mathbf{It= 10 (T+M+m)}$$

Atendendo ao valor deste índice, recoñécense cinco pisos bioclimáticos na rexión eurosiberiana da Península Ibérica:

Piso bioclimático	It
Criorotemperado	<-50
Otemperado	-50_50
Supratemperado	50_180
Mesotemperado	>180
Termotemperado	>320

Empregando esta fórmula obtemos para as estacións dispoñibles na área de estudo os seguintes datos:

Estación de Pedreiriño (m)	It=320
Estación do encoro das Conchas (m)	It=249

Estas dúas estacións refiren o seu entorno ao piso mesotemperado e concretamente a de San Rosendo de Pedreiriño, próxima a termotemperado. Sen dúbida, non resolven numericamente a situación bioclimática serra arriba, ata os cumes por enriba dos 1.550 m, que xulgamos incluídos no piso supratemperado submediterráneo. A presenza do horizonte termotemperado na área de estudio é discutible. Por un lado, a vexetación do entorno do encoro do Lindoso parece corroboralo. No intervalo 350-600 m aparecen con regularidade un gran número de plantas termófilas, e incluso comunidades vexetais ligadas a este horizonte en Galicia. Porén, non están presentes ningún dos taxons, algúns alóctonos, que Izco (1988) considera característicos da zona.

A norma de diminución de temperatura e ascenso da precipitación ao incrementar a altitude, irrefutable a grande escala, presenta disfuncións a pequena escala. Sobre ela inflúen outros factores como a orientación, pendente, velocidade do vento, presenza de pantanos na base do territorio, inversións térmicas, etc. Este feito sumado á intensa degradación da vexetación a causa dos incendios dificulta a asignación de cotas de altitudes fixas para a separación destes pisos.

A vexetación de cada un dos distintos pisos termoclimáticos está, ademais, condicionada polo réxime de precipitación. Empregando o índice ombrotér-





Diagrama bioclimático da estación do encoro das Conchas
(tomado de CARBALLEIRA *et al.* 1983)

mico proposto por RIVAS-MARTÍNEZ (1987), obtense o ombroclima correspondente.

$$Io = (Pp/Tp) \cdot 10$$

Io: índice ombrotérmico anual.

Pp: suma da precipitación media dos meses con Tº media > 0º C.

Tp: suma das temperaturas medias mensuais superiores a 0º C (en décimas de grao).

Dentro do macrobioclima temperado este autor recoñece os seguintes ombroclimas:

Ombrotipo	Io
Semiárido	<2,6
Seco	2,6-3,2
Subhúmido	3,2-6,0
Húmido	6,0-12,0
Hiperhúmido	12,0-24,0
Ultrahiperhúmido	>24,0

Aplicando a fórmula para os valores climáticos da estación do Encoro das Conchas, obtemos un índice ombrotérmico igual a **9,06**. Esta cifra equivale a un **ombroclima húmido**. A ausencia de datos termopluviométricos na proximidade dos cumes impídenos coñecer se nestes puntos se acada un ombrotipo hiperhúmido.

Bioxeografía

A bioxeografía é a ciencia que estuda o reparto dos seres vivos e as causas que condicionaron ese reparto. En síntese, desde polo menos a primeira metade do século XX realizáronse achegas que xa desde o seu inicio (BR.-BL., 1977) marcan a existencia de dúas unidades ben distinguidas, a Mediterránea e a Temperada Europea. O coñecemento foi mellorando e perfeccionándose ao longo do tempo, en gran medida grazas aos traballos de RIVAS-MARTÍNEZ (RIVAS-MARTÍNEZ, 1987, 2002; RIVAS-MARTÍNEZ *et al.* 2014, 2017) e

outros investigadores (v. RODRÍGUEZ-GUITIÁN & RAMIL-REGO, 2008). Con carácter local, adaptáronse ou modificáronse lixeiramente as fronteiras entre diferentes unidades en base a un coñecemento detallado da vexetación local (IZCO & SÁNCHEZ, 1995; ORTIZ & J. RODRÍGUEZ, 1993; ROMERO, 1993; AMIGO & ROMERO, 1994; AMIGO *et al.*, 2005; PULGAR, 1999, 2004, 2005; RODRÍGUEZ-GUITIÁN & RAMIL REGO, 2008). A liña que marca a fronteira destas dúas grandes unidades no NW ibérico foi modificada a medida que o rexistro dos datos necesarios para o seu trazado foi aumentando, pero sempre foi debuxada na proximidade da Baixa Limia que inequivocamente se situou dentro da rexión eurosiberiana. Durante décadas esta comarca estivo incluída no sector galaico-portugués, nunha subunidade particular denominada xuresiano-quixense. RIVAS-MARTÍNEZ *et al.* (2002), considerando as peculiares características da flora e vexetación xuresianas outorgóuselle o rango de sector independente, que posteriormente se rebaixou ao de “distrito”, dentro do citado sector galaico-portugués. Non é ata 2014 cando desvincula ás serras da Baixa Limia dese sector (Rivas-Martínez *et al.*, 2014), para crear un propio xunto ás serras do norte de Portugal, máis influenciadas polo clima temperado atlántico, pero con taxons correspondentes ao piso subtemperado-submediterráneo (RIVAS-MARTÍNEZ *et al.*, 2017). Segundo esta última proposta a área de estudio encádrase nas seguintes unidades:

- **Rexión eurosiberiana**
- **Superprovincia atlántica**
- **Provincia cántabro-atlántica**
- **Subprovincia orolusitana atlántica**
- **Sector serras do N lusitano**
- **Distrito Peneda e Serra do Xurés**

O territorio de estudio sitúase no dominio do distrito Serras de Peneda e Xurés (sector serras do N lusitano). Polo E limita co sector lusitano-duriense, xa dentro da rexión mediterránea, cuxa forza se deixa sentir no extremo oriental da Baixa Limia a xulgar pola vexetación dominante. A separación neta entre estas unidades non é sinxela, dado que o influxo dunha ou doutra

rexión se manifesta aos dous lados da hipotética liña de división. A Baixa Limia está encadrada na rexión eurosiberiana, fundamentalmente pola presenza de series de vexetación completas de inequívoca vocación eurosiberiana e cuxa máxima expresión é a presenza de carballeiras *Quercus robur*. Porén, a proximidade da vexetación mediterránea faise sentir no extremo oriental do parque natural co dominio de cerquiños ou reboleiras de *Quercus pyrenaica*, xesteiras ou piornais de *Cytisus multiflorus* e de *Genista cinerascens*, a última moito menos abundante.

Tomando como base os hábitats expresados en función da súa composición florística, é dicir, as asociacións vexetais, a inclusión da Baixa Limia na rexión eurosiberiana non ofrece dúbidas. Segundo RIVAS-MARTÍNEZ (1982), a vexetación climática e as súas series de vexetación teñen moita maior importancia discriminatoria rexional cá vexetación permanente das estacións excepcionais, claramente desviantes da media local. Así, este autor considera a provincia orocantábrica dentro da rexión eurosiberiana a pesar da existencia de numerosos endimismos de procedencia mediterránea. Se aplicamos este concepto á vexetación presente na Baixa Limia e da centena de comunidades recoñecidas, atopamos que o 46,55% son comunidades eurosiberianas, o 15,52% son mediterráneas e o 37,93% restante desenvólvese en ambas as rexións. Estas porcentaxes poderían variar lixeiramente se considerásemos algúns asociacións que áinda non foron estudiadas e descritas polo de agora.

Distrito Serras de Peneda e Xurés


A totalidade da área de estudio queda enmarcada neste distrito. Nel inclúese o cinto que forman as serras ourensás do Xurés, Santa Eufemia, Quinxo e Lebo-reiro, é dicir, o piso bioclimático supratemperado da Baixa Limia e as súas homólogas de Portugal Gerês, Amarela, Soajo e Peneda. Tamén queda encadrado neste distrito todo o territorio mesotemperado, incluído o seu horizonte máis térmico. Dos endimismos que tradicionalmente se empregaran para xustificar a existencia desta unidade, a maioría extralimítanse deste territorio. Só *Armeria humilis* subsp. *humilis* cumple este requisito. Outras especies que, áinda que non exclusivas, son bos indicadores do distrito bioxeográfico respecto dos da súa contorna son: *Armeria humilis* subsp. *odorata*, *Galium belizianum*, *Xiphion boissieri*, *Centaurea langei* subsp. *geresensis*, *Galium belizianum*, *Thymelaea broterana*, *Sedum pruinatum*, *Prunus lusitanica*, *Minuartia recurva*, *Silene*

acutifolia, *Laserpitium eliasii* subsp. *thalictrifolium*, *Narcissus rupicola* e *Silene marizii*. É dicir, trátase na súa maioría de especies de montaña.

Desde o punto de vista da vexetación, as cabezas de serie climatófilas corresponden no piso subtemperado á *Myrtillo-Querco roboris* sigmetum e no piso mesotemperado á *Rusco aculeati-Querco roboris* sigmetum. Os cerquiños localizados ao este poderían ser incluídos nas as. *Holco mollis-Quercetum pyrenaici*.

O bosque de montaña é nitidamente eurosiberiano. O carballo dominante (*Q. robur*) permite a entrada do cerquiño, especialmente en posicións secas e soleadas ou cando o bosque é acadado polos incendios. Os mellor conservados levan unha cobertura importante de arandeira no sotobosque (*Vaccinium myrtillus*) e abundan as especies eurosiberianas (*Geranium robertianum*, *Omphalodes nítida*, *Euphorbia hiberna*, *Lilium martagon*, *Euphorbia amygdaloïdes*, *Linaria triornithophora*, *Ilex aquifolium*, etc.). Entre as etapas seriais máis específicas deste distrito aparecen os bidueirais secundarios (*Betula pubescens*), piornais con *Genista florida* e *Cytisus scoparius*, toxeiras con *Ulex minor*, breixeiras de *Erica australis* con elementos atlánticos (*Pseudarrhenatherum longifolium*, *Agrostis curtisii*, *Ulex minor*) ou as comunidades de chans esqueléticos e penedos con mistura de elementos atlánticos e mediterráneos (*Thymus caespititius*, *Sedum arenarium*, *Ornithogalum concinnum*, *Narcissus rupicola*, etc.).

O piso mesotemperado, non tan frío coma o superior, presenta unha serie de vexetación distinta: *Rusco-Querco roboris* sigmetum. Está caracterizado por bosques mixtos de *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica* e o híbrido entre ambos. Os terreos historicamente manexados pola poboación humana incorporan especies arbóreas que seguramente foron explotadas en tempos pasados (*Prunus avium*, *Castanea sativa*). Localmente, e sobre terreos frescos e protexidos dos incendios, engaden un lauroide relicto que figura no catálogo das especies ameazadas de Galicia, *Prunus lusitanica*, que chega a formar *loreras* sobre terreos con certa humidade edáfica. Nas situacións más cálidas, as carballeiras mesotemperadas incorporan taxons termófilos *Quercus suber*, *Arbutus unedo*, *Laurus nobilis*, *Osyris alba*, etc. En determinadas situacións de perda de chan por erosión intensa, estes taxons poden chegar a dominar a paisaxe. É ese o caso dos sobreirais cuxa xénese está condicionada pola actividade humana, por un lado debido á súa selección fronte a outras especies e por outro á intervención humana no proceso de incendio-choiva-erosión, no cal as especies



Mapa de sectores da rexión eurosiberiana da Península Ibérica

(Tomado de RIVAS-MARTÍNEZ *et al.*, 2017)


mediterráneas se ven favorecidas fronte á vexetación caducifolia eurosiberiana más necesitada de humidade.

A vexetación termófila chega a constituir unha subserie completa con etapas seriais propias nas que participan elementos eurosiberianos e mediterráneos. Nesta subserie, o bosque clímax é unha carballeira termófila con sobreira, semellante á de territorios máis oceánicos pero con máis érbedo. Entre as etapas seriais más senlleiras aparecen os erbedais ricos en elementos eurosiberianos ou as breixeira-toxeiras con *Genista triacanthos*. Sobre o mapa, esta vexetación está ben representada nun pequeno calzo que entra dende Portugal a través de Portela da Magdalena, seguindo o curso do río Limia (encoro do Lindoso). A cuña estréítase cada vez máis e chega ata aproximadamente a presa do encoro das Conchas, con irradacións laterais seguindo o curso dos afluentes do río Limia. A flora exclusiva desta subserie está limitada a poucos taxons que son ademais moi escasos. Destacan entre eles *Cistus salviifolius*, *Lavandula pedunculata*, *Phagnalon saxatile*, *Helichrysum stoechas* ou *Cistus populifolius*. Teñen preferencia por esta subserie (aínda que non son exclusivos dela dado que se trata de taxons que poden ascender en condicións favorables ata case o piso supratemperado) *Genista triacanthos* e a flora característica da clase *Quercetea ilicis* (*Arbutus unedo*, *Osyris alba*, *Arbutus unedo*, *Rubia peregrina*, *Quercus suber*, etc.).

A influencia bioxeográfica mediterránea na Baixa Limia tamén se deixa sentir cara o este. Sirva como exemplo a existencia de cerquiños de *Quercus pyrenaica*, piornais de *Cytisus multiflorus* ou de *Genista cinerascens* que chegan incluso a confundise nos concellos de Baltar, ou a presenza dalgunhas praderías mellor desenvolvidas no mundo mediterráneo. A ausencia de taxons termófilos, así como a distribución da flora mediterránea presente no oriente da Baixa Limia, indican que se trata dunha flora mediterránea continental. Está claro que ante o progresivo afastamento do océano Atlántico, o carácter submediterráneo do clima vai permitindo a entrada de taxons con esta procedencia, que particularizan especialmente á vexetación da Baixa Limia como se discutirá no capítulo dedicado á vexetación.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA FLORA

No presente estudo da flora vascular do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa zona de influxo analizouse un total de 864 taxons. O 90% dos mesmos (780 spp) son autóctonos fronte ao 10% restante (84 spp) que son plantas alóctonas, é dicir, non nativas deste territorio e que chegaron aquí por distintas vías.




Número e porcentaxe de especies autóctonas e alóctonas.

Máis da metade destas especies alóctonas (43 spp) non chegan a integrarse en comunidades vexetais propias do territorio, e a súa presenza é efímera no caso de 13 taxons (adventicias). As outras 30 deben a súa presenza ao seu cultivo directo como especies ornamentais, para o seu uso en repoboacións forestais ou con grande interese culinario en antigas fincas abandonadas. Os 41 taxons alóctonas restantes si están naturalizados no territorio, na súa maioría ligados a hábitats nitrófilos ruderais.

A flora do parque natural, e por extensión á da Baixa Limia, non ten unha procedencia única nin un reparto aleatorio. Xa se comentou a incidencia que ten neste reparto a existencia de distintos pisos bioclimáticos. As espe-

cias condicións bioclimáticas de cada piso son aptas para un determinado conxunto de taxons, mentres que resultan adversas para o resto. Outros fenómenos como a migración, a competencia entre especies, a existencia de localidades refuxio, a localización bioxeográfica do territorio, etc., interveñen na presenza dos taxons en localizacións determinadas. Paga a pena destacar o notabilísimo influxo antrópico, pasados non menos de 2.500 anos de presenza humana na Baixa Limia.



Reparto de especies alóctonas na flora do PNBL-SX.

Centrándose na área de distribución dos taxons, apréciase que dentro do conxunto da flora do parque natural existen distintos conxuntos de especies que proceden de rexións fitoxeográficas distintas e que presentan adaptacións estruturais axeitadas a esos ambientes dos cales proceden. A súa localización na Baixa Limia responde a unha busca dos modelos que rexen no seu lugar de orixe. Os conxuntos ou paquetes florísticos más relevantes son:

Taxons mediterráneos termófilos

Conxunto de plantas ben adaptadas á sequidade estival pero que non soportan o frío intenso durante o inverno e a primavera. Son plantas habituais no oeste e sur da Península Ibérica. Atopan condicións ecológicas favorables ao longo da costa portuguesa e penetran en Galicia seguindo esta liña litoral. Denomínase a esta ruta ou vía migratoria *lusitana costeira*. Esta vía non se esgota no litoral, xa que esas condicións de atenuación da temperatura que

garante o mar mantéñense seguindo o curso dos ríos cara o interior. Son especialmente axeitados algúns dos grandes ríos que cruzan Galicia en dirección E-W. Reiteradamente citouse o río Miño e os seus afluentes como exemplos da prolongación desta ruta cara o interior. Deixamos patente que o río Limia é, polo menos, tan bo exemplo como o anterior. As especies ligadas a esta vía son: *Quercus suber*, *Arbutus unedo*, *Asplenium onopteris*, *Laurus nobilis*, *Chaetonychia cymosa*, *Chondrilla juncea*, *Osyris alba*, *Cistus populifolius*, *Cistus salviifolius*, *Fraxinus angustifolia*, *Genista triacanthos*, *Lavandula pedunculata*, *Thrincia tuberosa*, *Lepidophorum repandum*, *Rubia peregrina*, *Rumex induratus*, *Salix salviifolia*, *Dioscorea communis*, *Vincetoxicum nigrum*. Unha boa parte atópase en unidades de bosques e nas súas matogueiras de substitución, que son abundantes en zonas de baixa altitude no occidente da Baixa Limia.

Taxons mediterráneos non termófilos

Son taxons cuxa área de distribución principal se atopa nas montañas mediterráneas do arco herciniano peninsular. Presentan unha boa adaptación á sequidade de verán e son tolerantes a unha avultada amplitude térmica, con cuantiosas xeadas durante o inverno e inicios da primavera. Estas condicións ambientais son habituais nas montañas mediterráneas da Península Ibérica. Este grupo de plantas, moitos deles endemismos ibéricos, son compartidos polos sectores bioxeográficos mediterráneos veciños. Un estudo recente sobre os endemismos ibéricos da Baixa Limia (PULGAR, 2022), revela que na meirande parte son endemismos compartidos co sector berciano-sanabrense, sendo este sector o que presenta maior afinidade florística coa Baixa Limia, por enriba do sector galaico-portugués e de calquera outro sector eurosiberiano. Esta flora atopa condicións óptimas para desenvolverse nas zonas de montaña da Baixa Limia. Evidentemente, as zonas más secas en verán son as ladeiras con forte inclinación, orientación de solaina e con chans pouco profundos, que é precisamente onde se atopa unha porcentaxe importante deste conxunto florístico. Entre outros, pertencen a este grupo os seguintes taxons: *Plantago holosteum*, *Quercus rotundifolia*, *Crocus carpetanus*, *Pterospartum tridentatum* subsp. *lasianthum*, *Genista cinerascens*, *Cytinus hypocistis*, *Dianthus laricifolius* subsp. *merinoi*, *Festuca elegans*, *Festuca yvesii* subsp. *summilusitana*, *Narcissus rupicola*, *Arenaria querioides*, *Luzula lactea*, *Echinospartum ibericum*, *Armeria trasmontana*, *Bromus rubens*, *Ornithogalum concinnum*, etc. O esgotamento desta vía ten lugar en dirección contraria, cara o W, onde o incremento das precipitacións, ou da humidade encuberta, durante os meses de verán,

fai que estas plantas perdan competitividade fronte ás especies atlánticas mellor adaptadas. As serras portuguesas veciñas (Amarela, Leboreiro e Soajo) constitúen o último tramo desta ruta de migración de flora mediterránea de montaña cara o oeste da península e de Galicia.

Taxons eurosiberianos

Neste grupo inclúense os taxons de procedencia atlántica e centroeuropea. Constitúen un conxunto de plantas cuxa característica común é a de estar adaptados a ambientes que non experimentan unha prolongada sequidade na época de máis calor, é dicir, en verán. Dado que a Baixa Limia é un territorio que si experimenta algo de sequidade de verán, ou o que é o mesmo, que presenta polo menos un mes durante o verán no cal $P < 2T$ (P : precipitación media mensual; T : temperatura media mensual), as plantas ou taxons eurosiberianos son más frecuentes sobre chans con humidade edáfica ou, canto menos, profundos. Neste conxunto agrúpanse especies con marcadas diferenzas nos seus biotipos, desde fenerófitos arborescentes a terófitos efémeros. Dentro do arboredo, o representante xenuino deste grupo é o carballo (*Quercus robur*), que é capaz de vivir desde o nivel basal á proximidade dos máis altos cumes.

Igual que sucedía coa flora de orixe mediterráneo, o desnivel altitudinal favorece que prosperen especies eurosiberianas de distinta procedencia. En zonas altas con fríos intensos, atópanse especies ben representadas en latitudes más septentrionais. Na Península Ibérica ten unha maior presenza nos Pireneos e Cordilleira Cantábrica, presentando unha vía de comunicación descontinua coa Baixa Limia a través das montañas do NW da península. As depresións de Verín e A Limia, xunto aos insuficientes 1.550 m de altitude para acadar o piso orotemperado, rompen esta vía orocantábrica e son moito menos os taxons deste grupo que no veciño Macizo Central ourensán. No PNBL-SX están ligados a bosques de altura (piso supratemperado submediterráneo), xeralmente en valgadas onde se incrementa o grosor da capa do chan e onde a humidade edáfica compensa a sequidade do verán; tamén en zonas con déficit de drenaxe e acumulación de auga, polo menos temporal, como as matogueiras higrófilas, brañas e turbeiras. Son representantes deste conxunto florístico: *Ranunculus platanifolius*, *Taxus baccata*, *Allium victorialis*, *Anemone nemorosa*, *Arnica montana*, *Lilium martagon*, *Sorbus aucuparia*, *Serratula tinctoria* var. *seoanei*, *Eriophorum angustifolium*, *Euphorbia hiberna*, *Veronica scutellata*, *Valeriana officinalis*, *Salix repens*, *Vaccinium myrtillus*.

lus, *Dryopteris dilatata*, *Pulmonaria longifolia*, *Trichophorum cespitosum*, etc. Os incendios recorrentes das zonas altas, que conlevan, a perda do chan e de masas boscosas, xunto ao quecemento global, non auguran un gran futuro para as máis escasas destas especies eurosiberianas.

Existe un nutrido grupo de representantes de zonas occidentais atlánticas que ocupan as zonas más baixas (piso mesotemperado), mais de novo tenden a ocupar chans profundos ou compensados por humidade edáfica, xa que a sequidade estival se fai notar en todas as cinturas altitudinais. Podemos destacar entre os representantes eurosiberianos mesotemperados a: *Erica ciliaris*, *Danthonia decumbens*, *Daboecia cantabrica*, *Filaginella uliginosa*, *Eleocharis multicaulis*, *Ajuga reptans*, *Frangula alnus*, *Carex laevigata*, *Rhinanthus minor*, *Agrostis curtisii*, *Corylus avellana*, *Echium rosulatum*, *Crepis lampsanoides*, *Senecio jacobaea*, *Pseudarhennatherum longifolium*, *Ulex europaeus*, etc.

Taxons submediterráneos

A transición ao mundo mediterráneo nótase, como se sinalou, a través da sequidade do verán. Nos chans mesófilos, non afectados por escorreduras a favor ou en contra, desenvólvense un conxunto de taxons cunha adaptación a estas condicións climáticas e ecolóxicas perfecta. Son plantas moi abundantes na Baixa Limia, con numerosos endimismos das zonas de contacto entre o tipo bioclimático temperado e mediterráneo. A nivel dos bosques, é o *rebole* (*Quercus pyrenaica*) o representante por excelencia. A reiteración nos incendios e a perda de chan por erosión fai que o ambiente sexa más seco do debido, adaptándose mellor *Quercus pyrenaica* que *Q. robur* a recolonizar os espazos potencialmente desocupados e capaces de sustentar arboredo. O dominio dos bosques transita de oeste a este de carballeiras (*Quercus robur*) a cerquiños ou reboleiras (*Quercus pyrenaica*). Na etapa de matogueira *Erica australis* subsp. *aragonensis*, é o breixo dominante nestas montañas de tránsito ao mundo mediterráneo. A súa disposición en apertadas comunidades vexetais marca a paisaxe vexetal das montañas submediterráneas do PNBL-SX. As *carqueixas* (*Pterospartum tridentatum*) forman parte deste conxunto, ademais de outro numeroso grupo de plantas que en maior medida xa foron incluídas no grupo das mediterráneas non termófilas. Non sen causa case toda a alta montaña ibérica da metade norte da península presenta un clima submediterráeno. Son bos exemplos desta flora *Polygala microphylla*, *Klasea legionensis*, *Phalacrocarpum*

oppositifolium subsp. *hoffmannseggii*, *Leucanthemopsis flaveola*, *Dianthus langeanus*, *Dianthus legionensis*, *Ranunculus nigrescens*, *Ranunculus bupleuroides*, *Anemone trifolia* subsp. *albida*, *Ornithogalum concinnum*, etc.

Endimismos de área restrinxida

O Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés conta con algúns endimismos de área restrinxida que non exceden (ou apenas) o sector bioxeográfico e as montañas que o delimitan. A súa limitada área de distribución e o número de exemplares existente propiciou a súa inclusión nos catálogos de especies ameazadas de Galicia e a *Lista vermella das plantas vasculares ameazadas de España*.

Como endimismos exclusivos do sector, aparece *Armeria humilis* subsp. *humilis*. As únicas poboacións españolas destes endimismos atópanse dentro dos límites do parque natural e sempre nos cumes ou proximidades da Serra do Xurés. A avaliación do estado das súas poboacións debe acometerse con rapidez, xa que nos últimos anos o incremento no número de cabezas de *Capra hispanica*, que rodean o hábitat ocupado pola planta, pode traer consecuencias de complexa predición. *Galium belizianum* excede lixeiramente as Serras da Baixa Limia, acadando os Montes de Invernadoiro e a serra de Larouco. Desde un punto de vista taxonómico parece hibridar con outros *Galium* próximos. No herbario SANT están depositados algúns pregos, aludidos nesta memoria, con caracteres intermedios entre *Galium belizianum* e *Galium sp.*

Narcissus juresianus non foi validado na recente revisión do xénero para a *Flora iberica* (AEDO, 2013). Descrito da Serra de Santa Eufemia e Xurés (FERNÁNDEZ CASAS, 1986), parece non supoñer máis ca unha posible desviación ocasional do abundante *Narcissus bulbocodium*.

Outros endimismos de área restrinxida, pero que exceden o sector xuresiano, son *Xiphion boissieri*, *Silene marizii*, *Silene acutifolia*, *Armeria humilis* subsp. *odorata*, *Armeria beirana*, *Armeria sampaioi*, *Klasea legionensis*, *Laserpitium eliasii* subsp. *thalictrifolium*, *Thymelaea broteriana*, *Veronica micrantha*, etc. Sobre a maioría destas especies non se teñen datos cuantitativos e, polo tanto, é precipitado asignarles unha categoría de ameaza. Con todo, as mellorres poboacións da maior parte destes taxons atópanse dentro dos límites do PNBL-SX, o que suxire que existe unha protección dos hábitats que ocupan.

En conxunto, o número de endimismos ibéricos é cuantioso dentro dos límites do parque, téndose contabilizado máis de 110 taxons (PULGAR, 2022). A maior parte don edimismos do NW ibérico compartidos cos sectores berciano-sanabrense, laciano-ancareñase e Galicia-N de Portugal. Existen desde especies ameañadas a outras que forman parte da flora característica deste territorio, no cal algúns casos contan xa con extensas poboacións. (*Cytisus multiflorus*, *Adenocarpus lainzii*, *Ulex europaeus* subsp. *izcoi*, etc.).

Táboa 1. Catálogo dos endimismos ibéricos do PN Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa contorna.

PTERIDOPHYTA	
BLECHNACEAE	<i>Blechnum spicant</i> subsp. <i>spicant</i> var. <i>homophyllum</i>
DICOTILEDÓNEAS	
ASTERACEAE (COMPOSITAE)	<i>Carduus asturicus</i> <i>Carduus carpetanus</i> subsp. <i>carpetanus</i> <i>Carduus platypus</i> <i>Centaurea janeri</i> subsp. <i>babiana</i> <i>Centaurea langei</i> subsp. <i>geresensis</i> <i>Centaurea langei</i> subsp. <i>langei</i> <i>Centaurea limbata</i> subsp. <i>limbata</i> <i>Centaurea nigra</i> subsp. <i>rivularis</i> <i>Klasea legionensis</i> <i>Lepidophorum repandum</i> <i>Leucanthemopsis flaveola</i> subsp. <i>ricoi</i> <i>Phalacrocarpum oppositifolium</i> subsp. <i>hoffmannseggii</i> <i>*Pilosella castellana</i> <i>Senecio legionensis</i>
BORAGINACEAE	<i>Echium lusitanicum</i> <i>Echium rosulatum</i> <i>Myosotis persoonii</i> <i>Myosotis stolonifera</i> <i>Omphalodes nitida</i>
CARYOPHYLLACEAE	<i>Arenaria querioides</i> <i>Dianthus langeanus</i>

	<i>Dianthus laricifolius</i> subsp. <i>merinoi</i> <i>Dianthus legionensis</i> <i>Silene acutifolia</i> <i>Silene marizii</i> <i>Spergularia capillacea</i>
CISTACEAE	<i>Tuberaria globulariifolia</i>
CRASSULACEAE	<i>Sedum arenarium</i> <i>Sedum pruinatum</i>
BRASSICACEAE	<i>Arabis juressi</i> <i>Arabis stenocarpa</i> <i>Coincyia monensis</i> subsp. <i>cheiranthos</i> var. <i>setigera</i> <i>Coincyia monensis</i> subsp. <i>puberula</i>
FABACEAE	<i>Adenocarpus lainzii</i> <i>Cytisus multiflorus</i> <i>Echinospartum ibericum</i> <i>Genista cinerascens</i> <i>Genista falcata</i> . <i>Genista micrantha</i> <i>Lotus corniculatus</i> subsp. <i>carpetanus</i> <i>Lupinus gredensis</i> <i>Ulex europaeus</i> subsp. <i>latebracteatus</i>
GERANIACEAE	<i>Geranium pyrenaicum</i> subsp. <i>lusitanicum</i>
LABIATAE	* <i>Thymus caespititius</i>
OROBANCHACEAE	<i>Odontitella virgata</i> (
PLANTAGINACEAE	<i>Anarrhinum duriminium</i> <i>Antirrhinum meonanthum</i> <i>Linaria elegans</i> <i>Linaria saxatilis</i> <i>Linaria triornithophora</i> <i>Veronica micrantha</i>
PLUMBAGINACEAE	<i>Armeria beirana</i> <i>Armeria humilis</i> subsp. <i>humilis</i> <i>Armeria humilis</i> subsp. <i>odorata</i> <i>Armeria sampaioi</i> <i>Armeria trasmontana</i>

POLYGALACEAE	<i>Polygala microphylla</i>
RANUNCULACEAE	<i>Anemone trifolia</i> subsp. <i>albida</i> * <i>Aquilegia vulgaris</i> subsp. <i>dichroa</i> <i>Ranunculus bupleuroides</i> <i>Ranunculus nigrescens</i> <i>Ranunculus ollissiponensis</i> subsp. <i>ollissiponensis</i>
RESEDACEAE	<i>Sesamoides suffruticosa</i>
ROSACEAE	* <i>Prunus lusitanica</i> subsp. <i>lusitanica</i>
RUBIACEAE	<i>Galium belizianum</i> <i>Galium broterianum</i> <i>Galium papillosum</i> subsp. <i>helodes</i> <i>Galium saxatile</i> var. <i>vivianum</i>
SALICACEAE	<i>Salix salviifolia</i>
SAXIFRAGACEAE	<i>Saxifraga lepismigena</i> * <i>Saxifraga spathularis</i>
SCROPHULARIACEAE	<i>Scrophularia heminii</i> <i>Scrophularia sublyrata</i>
THYMELAEACEAE	<i>Thymelaea broteriana</i> <i>Thymelaea coridifolia</i>
UMBELLIFERAE	<i>Angelica major</i> <i>Conopodium majus</i> subsp. <i>marizianum</i> <i>Eryngium duriaeae</i> <i>Ferulago capillaris</i> <i>Laserpitium eliasii</i> subsp. <i>thalictrifolium</i> * <i>Laserpitium prutenicum</i> subsp. <i>dufourianum</i> * <i>Selinum broteri</i> <i>Seseli montanum</i> subsp. <i>peixotoanum</i> <i>Thapsia minor</i>

MONOCOTILEDÓNEAS

ALISMATACEAE	<i>Baldellia alpestris</i>
ALLIACEAE	* <i>Allium scorzonerifolium</i>
AMARYLLIDACEAE	<i>Narcissus rupicola</i>
ASPHODELACEAE	<i>Asphodelus lusitanicus</i> var. <i>ovoideus</i>
COLCHICACEAE	* <i>Merendera montana</i>
CYPERACEAE	<i>Carex asturica</i> <i>Carex reuteriana</i> subsp. <i>reuteriana</i>
POACEAE	<i>Agrostis hesperica</i> <i>Anthoxanthum amarum</i> <i>Festuca paniculata</i> subsp. <i>multispiculata</i> <i>Festuca queriana</i> <i>Festuca rothmaleri</i> <i>Festuca yvesii</i> subsp. <i>summilusitana</i> <i>Holcus gayanus</i> * <i>Neoschischkinia truncatula</i> subsp. <i>durieui</i> <i>Periballia involucrata</i> <i>Trisetum hispidum</i> L <i>Hyacinthoides paivae</i> <i>Ornithogalum concinnum</i> * <i>Scilla monophyllos</i> <i>Crocus carpetanus</i> <i>Xiphion boissieri</i> <i>Luzula lactea</i> <i>Paradisea lusitanica</i>

Plantas alóctonas

O número de plantas chegadas á Baixa Limia a través das actividades humanas é moi baixo en comparación con outros territorios de Galicia, en especial os ligados a ecosistemas costeiros. Neste sentido, a conservación da flora autóctona viuse favorecida pola incapacidade destas plantas foráneas para colonizar os ecosistemas do parque.

Na súa maioría, este paquete florístico atópase ligado a ambientes moi antropizados e nitrófilos, destacando a súa presenza en cultivos, marxes de vías de comunicación e terreos que quedan ao descuberto coa baixada de auga dos encoros (*Amaranthus hybridus*, *A. deflexus*, *Bidens aurea*, *Conyza spp*, *Galinsoga parviflora*, *Sporobolus indicus*, *Tanacetum parthenium*, *Phytolacca americana*, *Eragrostis minor*, *Eragrostis curvula*, *Paspalum paspalodes*, *Oenothera glazioviana*). Algunhas destas especies compórtanse como invasoras e proliferaron nas últimas décadas, sobre todo na contorna do encoro do Lindoso (*Gamochaeta coarctata*, *Cyperus eragrostis*, *Phytolacca americana*, *Paspalum dilatatum*, *Oenothera glazioviana*). Outras manteñen poboacións pouco numerosas que non compiten (ou apenas o fan) coa flora autóctona (*Cymbalaria muralis*, *Lychnis coronaria*, *Cortaderia selloana*, *Oxalis articulata*, *Oxalis latifolia*, *Euphorbia lathyris*, *Lunaria annua*, etc.). Trátase de especies pouco frecuentes que na súa maioría se atopan no piso mesotemperado, e que fóra dos núcleos rurais e vías de comunicación teñen moi pouca presenza dentro dos límites do parque natural.

Non se pode dicir o mesmo de *Acacia dealbata* (Fabaceae) e *Hakea sericea* (Proteaceae), dúas invasoras leñosas cunha gran capacidade de propagación e de custosa e pouco eficiente erradicación. Ámbalas dúas son especies que progresan rapidamente en terreos despexados por incendios e supoñen un grave risco de competencia coas especies autóctonas, sobre todo a primeira, que ocupou moita extensión na práctica totalidade dos vales termófilos da xeografía galega, en ocasións converténdose na especie dominante. O val do río Limia non escapou a esta invasión salpicando a súa xeografía, en especial no piso mesotemperado do termo municipal de Entrimo. É destacable o mamenteo de campañas anuais de erradicación destas dúas especies no parque e zonas próximas co fin de inverter o proceso, moito máis sinxelo en pequenas mouteiras que en grandes masas. Outras invasoras leñosas como *Acacia melanoxylon* case non contan con individuos na Baixa Limia, e non parece que a súa multiplicación sexa igual de efectiva que nas proximidades da costa. Non presenta na actualidade risco de converterse nunha invasora leñosa na Baixa Limia, mais debe seguirse atentamente a súa evolución xa que podería proliferar pasados os incendios ou queimas controladas nas súas inmediacións. *Robinia pseudoacacia*, áinda estando pouco estendida na Baixa Limia, debe ser considerada como un perigo real, atopándose brava en diferentes puntos, especialmente nas proximidades do encoro das Conchas. O seu uso como

especie ornamental preto de valgadas con ríos e regueiros, onde esta especie se naturaliza con facilidade, pode acabar co desprazamento dos ecosistemas riparios do parque, sen dúbida os que aglutinan unha maior biodiversidade.


De recente introdución, *Catalpa bignonioides* (Bignoniaceae) comeza a estenderse a partir da plantación do arboredo ornamental en Lobios. É unha árbore de enorme porte e rápido crecemento que prospera con facilidade e a partir de sementes, producidas a millares polos exemplares xa asentados na praza que linda co río e outras localizacións próximas. A súa velocidade de crecemento e a súa ampla copa permítenlle superar con éxito a competencia de calquera outro vexetal sobre chans non secos. A gran superficie foliar, argumento decorativo fóra da época de floración, que supón altos niveis de respiración e perda de auga, impídelle prosperar en ambientes secos, pero non así en chans profundos e nos próximos ao curso do río Caldo, onde a elevada humidade freática resulta idónea para a proliferación desta especie.

Tipos biolóxicos ou biotipos


As formas biolóxicas dominantes non se afastan dos tipos habituais noutros territorios próximos. Tomouse como modelo a clasificación de RAUNKIAER (1934) para adxudicar a cada taxon un biotipo axustado:

- **Fanerófitos:** taxons con xemas perdurantes por enriba de 25 cm sobre o nivel do chan (árbores e arbustos).
- **Caméfitos:** taxons con xemas perdurantes por enriba do nivel do chan ata unha altura inferior a 25 cm (pequeños arbustos).
- **Hemicriptófitos:** taxons que presentan as súas xemas perdurantes moi próximas do chan (especies herbáceas vivaces con roseta de follas basais).
- **Terófitos:** taxons que completan todo o ciclo biolóxico nun só ciclo anual (plantas anuais).
- **Xeófitos:** taxons vivaces que presentan as súas xemas perdurantes por debaixo do nivel do chan (plantas con órganos subterráneos do tipo bulbos, tubérculos ou rizomas).
- **Hidrófitos:** taxons que presentan as súas xemas perdurantes por debaixo da auga (plantas acuáticas).

As especies herbáceas claramente dominan fronte ás leñosas, como corresponde ás floras de climas temperados de ambos os hemisferios.



Porcentaxe de especies leñosas e herbáceas na flora vascular.




Número de taxons incluidos en cada biotipo.

Obsérvase que o maior número de especies se corresponde cos hemicriptófitos, con 352 especies, como tipo de maior éxito nun clima cunha estacionalidade manifesta en canto a precipitación e temperatura. Séguenlle en abundancia as plantas anuais ou terófitos con 260 taxons. Xeofitos (101 spp) e fanerófitos (125 spp) posúen un número de taxons semellantes e superior ao dos camefitos ou pequenos arbustos (65 spp). Como corresponde a un medio con fortes pendentes e chans areosos

orixinados pola descomposición dos granitos, as plantas acuáticas contan cun reducidísimo grupo de taxons (22), case sempre ligados aos ríos Limia e Salas. O encoro do río Limia na práctica totalidade da Baixa Limia fai que un bo número de plantas ben representadas nos restos dos zonas húmidas da chá da Limia, desapareceran río abaixo. Algunhas especies consideráronse como pertencentes a máis dun biotipo, en xeral todas as sufrútices e algunhas bienais ou terófitos frecuentemente perennizantes.

Taxonomía e sistemática

Os grupos dominantes na flora vascular do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e a súa área de influxo non difiren doutros territorios prospectados en latitudes próximas. As *Eudicotiledóneas* son o grupo maioritario con 637 taxons dos 865 representados nesta flora, seguidos dos incluídos nas *Liliopsidas* con 189. A gran distancia quedan os fentos incluídos na clase *Filicopsida* (22 taxons) e as coníferas da clase *Pinophyta* (11 taxons), se ben este último grupo conta cun só representante autóctono do parque natural, que sobreviviu refuxiado en corgas do chan supratemperado con ambiente húmido e fresco; trátase de *Taxus baccata*, o teixo. A lonxevidade que pode chegar a acadar esta árbore e o ambiente húmido e fresco dalgúnhas corgas no chan supratemperado do parque, onde os incendios afectan en menor medida, posibilitou que esta magnífica árbore chegara ata os nosos días. Das *Anxiospermas* o grupo máis primitivo (Magnolianae) conta con non máis que 2 representantes, mentres que *Isoetes* (Lycopodiophyta) e equisetos (Equisetopsidae) só conta cun taxon en cada grupo.




Número de taxónimos de cada grupo taxonómico.



Taxus baccata


Os 863 taxons contemplados nesta flora intégranse nun total de 109 familias de plantas vasculares. Son, de novo, as Eudicotiledóneas o grupo máis diversificado con 70 familias. Séguenlle as Liliopsidas con 20 familias e as Filicópsidas con 10 familias incluídas.



Número de familias de cada grupo taxonómico.


O reparto non é homoxéneo xa que existen numerosas familias que contan con pouco, e en ocasións cun único representante, mentres que outras reúnen un avultado número, como é o caso das *Asteraceae*, como familia máis numerosa con 99 taxons, ou as *Poaceae* ou gramíneas, con 90. En orde decrecente, seguen as leguminosas ou *Fabaceae* con 59 taxons, e *Caryophyllaceae* con 53.

Na seguinte gráfica amósanse as familias cun maior número de representantes no territorio.



Familias con maior número de taxons.

Os xéneros con maior número de taxons son *Galium* e *Ranunculus* con 14 cada un, seguidos de cerca por *Carex* (13 taxons) e *Juncus* e *Trifolium*, con 12 cada un. Na seguinte gráfica represéntanse os xéneros con maior diversidade de taxons no parque natural e a súa contorna.



Xéneros con maior cantidad de taxons.

FLORA AMEAZADA

Lexislación

Polo Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o *Catálogo galego de especies ameazadas*. (DOGA Nº 89, Mércores, 9 de maio de 2007), quedan incluídos en dito catálogo os seguintes taxons:

ANEXO I

Taxons e poboacións catalogadas “en perigo de extinción”

Christella dentata. (Forssk.) Brownsey & Jeremy

Armeria humilis (Link) Shultes subsp. *odorata* (Samp.) P. Silva

Armeria humilis (Link) Shultes subsp. *humilis*

Eryngium duriaeae subsp *juresianum* (M. Lainz) M. Lainz*

Xiphion boissieri Henriques.

Serratula legionensis Lacaita

ANEXO II

Taxons e poboacións catalogadas “vulnerables”

Linkagrostis juresii (Link) R. García, Blanca & Morales

Prunus lusitanica L.

Sedum pruinatum Link. Ex. Brot

Selinum carvifolia subsp. *broteri* (Hoffmanns. & Link) M. Laínz

Silene marizii Samp.

Spiranthes aestivalis (Poiret) L.C.M Richard?

Thymelaea broteriana Cout.

*NIETO FELINER (2003) na monografía do xénero para *Flora iberica*, non reconoce a validez da subespecie. As nosas observacións de campo apoian o que se indica nese traballo.

ESQUEMA SINTAXONÓMICO

BOSQUES

CL. QUERCO-FAGETEA SYLVATICAE Br.-Bl. & Vlieger in Vlieger 1937

Or. Quercetalia roboris Tüxen 1931

Al. Quercion pyrenaicae Rivas Goday ex Rivas-Martínez 1964

Subal. Quercenion robori-pyrenaicae (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956)

Rivas-Martínez 1975

As. Rusco aculeati-Quercetum roboris Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956

subas. *violetosum riviniani* Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956

subas. *quercetosum suberis* Amigo, Izco, Gutián & Romero 1998

As. Myrtillo-Quercetum roboris P. Silva, Rozeira & Fontes 1950

Or. Betulo pendulae-Populetalia tremulae Rivas-Martínez & Costa 2002

Al. Betulion fontqueri-celtibericae Rivas-Martínez & Costa 2002

As. Luzulo cantabricae-Betuletum celtibericae Rivas-Martínez 1965

subas. *anemonetosum albidae* nova

CL. SALICI PURPUREAE-POPULETEA NIGRAE (Rivas-Martínez &

Cantó ex Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991) Rivas-Martínez, T.E. Díaz, Fernández-González, Izco, Loidi, Lousa & Penas 2002

Or. Populetalia albae Br.-Bl. ex Tchou 1948

Al. Osmundo-Alnion glutinosae (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956)

Dierschke & Rivas-Martínez in Rivas-Martínez 1975

Com. de *Alnus lusitanica*

VEXETACIÓN ARBUSTIVA E MATOGUEIRAS

CL. RHAMNO CATHARTICII-PRUNETEA SPINOSA Rivas Goday &

Borja ex Tüxen 1962

Or. Prunetalia spinosae Tüxen 1952

Al. Frangulo alni-Pyrion cordatae Herrera, F. Prieto & Loidi 1991

As. Frangulo alni-Pyretum cordatae Herrera, F. Prieto & Loidi 1991

CL. QUERCETEA ILICIS Br.-Bl. 1947

Or. Pistacio lentisci-Rhamnetalia alaterni Rivas-Martínez 1975

Al. Arbuto unedonis-Laurion nobilis Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999

Subal. Arbuto unedonis-Laurenion nobilis (Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999) Rivas-Martínez & Sánchez-Mata 1999

As. Pruno lusitanicae-Arbutetum unedonis (Aguiar & Capelo 1995)

J.C. Costa, Capelo & Lousa in J.C. Costa, Lopes, Capelo & Lousa 2000

CL. CYTISETEA SCOPARIO-STRIATI Rivas-Martínez 1974

Or. Cytisetalia scopario-striati Rivas-Martínez 1974

Al. Genistion polygaliphyliae Rivas-Martínez, T. E. Díaz, F. Prieto, Loidi & Penas 1984

As. Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyliae Rivas-Martínez, T. E. Díaz, F. Prieto, Loidi & Penas 1984

Al. Cytision oromediterranei Tüxen in Tüxen & Oberdorfer 1958 corr. Rivas-Martínez 1987

As. Festuco summilusitanicae-Echinospartum ibericum Costa.-Ten., Morla & Sainz 1993

Al. Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T. E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991

As. Ulici latebracteati-Cytisetum striati Rivas-Martínez ex J.C. Costa, Izco, Lousá, Aguiar & Capelo in J.C. Costa, Capelo, Lousá, Antunes, Aguiar, Izco & Ladero 2000

As. Halimio alyssoidis-Cytisetum multiflori nova

subas. cytisetosum multiflori

subas. genistetosum polygaliphyliae nova

As. Cytiso striati-Genistetum polygaliphyliae Rivas-Martínez 1981

■ TOXEIRAS E BREIXEIRAS

CL. CALLUNO-ULICETEA Br.-Bl. & Tüxen ex Klika & Hadac 1944

Or. Calluno-Ulicetalia minoris Quantin, ex Tüxen 1936

Al. Ulicion minoris P. Duvign. 1944

Al. Daboection cantabricae (Dupont ex Rivas-Martínez 1979)

Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999

- As.** *Ulici izcoi-Ericetum cinereae* Bellot 1949 corr. Rivas-Martínez, Izco, Amigo & Pulgar 2011
- As.** *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris* Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1965
- As.** *Ulici minoris-Ericetum aragonensis* (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1965) Rivas-Martínez 2011
- subas.** *helictroticosum thoreii* nova
- subas.** *thymelaetosum broteranae* nova
- Al.** *Ericion umbellatae* Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952
- Subal.** *Ericenion umbellatae* Rivas-Martínez 1979
- As.** *Ulici minoris-Ericetum umbellatae* Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1965
- subas.** *genistetosum triacanthi* nova
- subas.** *ulicetosum minoris* nova
- Al.** *Genistion micrantho-anglicae* Rivas-Martínez 1979
- As.** *Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* Rivas-Martínez 1979
- subas.** *ulicetosum minoris* nova
- As.** *Agrostio hespericae-Ulicetum minoris* J. Honrado & T. Ortiz in Honrado, P. Alves, H. Alves & F.B. Caldas 2004

VEXETACIÓN DE PRADOS PERENNES

- Cl. NARDETEA STRICTAE** Rivas Goday *in* Rivas Goday & Rivas-Martínez 1963
- Or. Nardetalia strictae** Oberdorfer ex Preising 1949
- Al. Violion caninae** Schwickerath 1944
- As.** *Agrostio hespericae-Caricetum binervis* Aguiar & Honrado in Honrado, P. Alves, Nepomuceno & B. Caldas 20042

CL. MOLINIO-ARRHENATHERETEA Tüxen 1937

- Or. Plantaginetalia majoris** Tüxen & Preising in Tüxen 1950
- Al. Potentillion anserinae** Tüxen 1947
- As.** *Lolio perennis-Plantaginetum majoris* Berger 1930
- Al. Mentho-Juncion inflexi** De Foucault 1984
- As.** *Rumici obtusifolii-Oenanthesetum crocatae* Ortiz & J. Rodríguez 1987
- Or. Molinieta caeruleae** Koch 1296
- Al. Juncion acutiflori** Br.-Bl. In Br.-Bl. & Tüxen 1952
- As.** *Peucedano lancifolii-Juncetum acutiflori* Teles 1970

- As.** *Deschampsio hispanicae-Juncetum effusi* Rivas-Martínez ex R. García in Llamas 1984
Or. *Arrhenatheretalia* Pawłowski 1928
Al. *Cynosurion cristati* Tüxen 1947
As. *Anthemido nobilis-Cynosuretum cristati* Teles 1970
As. *Caro verticillati-Cynosuretum cristati* Bellot & Casaseca ex Tüxen in Tüxen & Oberdorfer 1958
Al. *Arrhenatherion* Koch 1926
As. *Agrostio castellanae-Arrhenatheretum bulbosi* Teles 1970

VEXETACIÓN DE PRADARIAS ANUAIS NON HIGRÓFILAS

- CL. TUBERARIETEA GUTTATAE** (Br.-Bl. in Br.-Bl., Roussine & Nègre 1952) Rivas Goday & Rivas-Martínez 1963
Or. Tuberarietalia guttatae Br.-Bl. in Br.-Bl., Molinier & Wagner 1940
Al. Thero-Airion Tüxen & Oberdorfer 1958
As. *Galio parisiensis-Logfietum minimae* Izco & Ortiz 1985
 subas. *sedetosum arenarii* Izco & Ortiz 1985
Al. *Molinieriellion laevis* Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952
Al. *Sedion pedicellato-andegavensis* Rivas-artínez, Fernández-González & Sánchez-Mata 1986
As. *Airo praecocis-Sedetum arenarii* Izco, J. Gutián & Amigo 1986
 subas. *sedetosum arenarii* nova
 subas. *silenetosum scabriflorae* nova

- CL. POLYGONO-POETEA ANNUAE** Rivas-Martínez 1975
Or. Polygono arenastri-Poetalia annuae Tüxen in Géhu, Richard & Tüxen 1972 corr. Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández González & Loidi 1991
Al. Saginon procumbentis Tüxen & Ohba in Géhu, Richard & Tüxen 1972
As. *Sagino-Bryetum argentei* Diemont, Sissingh & Westhoff 1940
Al. *Matricario-Polygonion arenastri* Rivas-Martínez 1975 corr. Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández González & Loidi 1991
As. *Matricaro-Polygonetum arenastri* Müller ex Oberdorfer 1971 corr. Passarge 1996
 subas. *plantaginetosum maioris* T.E. Díaz & Penas 1984
Al. *Polycarpiion tetraphylli* Rivas-Martínez 1975
As. *Crassulo tillaeae-Saginetum apetale* Rivas-Martínez 1975

- CL. STELLARIETEA MEDIAE** Tüxen, Lohmeyer & Preising ex von Rochow 1951
SUBCL. STELLARIENEA MEDIAE
- Or. Aperetalia spicae-venti** J. Tüxen & Tüxen in Malato-Beliz, J. Tüxen & Tüxen 1960
- Al. Scleranthion annui** (Kruseman & Vlieger 1939) Sissingh in Westhoff, Dijk & Passchier 1946
- Subal. Scleranthenion annui** Kruseman & Vlieger 1939
- As. Chrysantemo segeti-Raphanetum microcarpi** Bellot 1951
subas. lamietosum amplexicaule nova
- Subal. Arnoseridenion minimae** (Malato-Beliz, J. Tüxen & Tüxen 1960)
Oberdorfer 1983
- As. Linario elegantis-Anthoxanthetum aristati** Tüxen & Oberdorfer 1958
- Or. Solano nigri-Polygonetalia convolvuli** (Sissingh in Westhoff, Dijk & Passchier 1946) O. Bolòs 1962
- Al. Polygono-Chenopodion polyspermii** W. Koch 1926
- Subal. Eu- Polygono-Chenopodienion polyspermii** Oberdorfer 1957
- As. Lamio amplexicaule-Veronicetum hederifoliae** Aedo, Herrera, F. Prieto & T.E. Díaz 1988
- As. Lamio (hybridii) dissecti-Panicetum crus-galli** Tüxen & Oberdorfer 1958
- SUBCL. CHENOPODIO-SELLARIENEA Rivas-Goday 1956**
- Or. Sisymbretalia officinalis** J. Tüxen in Lohemeyer *et al.* 1962 em.
Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández González & Loidi 1991
- Al. Hordeion leporini** Br.-Bl. In Br.-Bl., Gajewski, Wraber & Walas 1936
corr. O. Bolòs 1962
- As. Bromo-Carduetum tenuiflori** Ortiz & Izco *ined.*
- Al. Sisymbrium officinalis** Tüxen, Lohmeyer & Preising in Tüxen 1950
- As. Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini** Br.-Bl. 1967

■ COMUNIDADES CESPITOSAS AMACOLLADAS SOBRE LITOSOLOS

- CL. FESTUCETEA INDIGESTAE** Rivas Goday & Rivas-Martínez 1971
- Or. Jasione sessiliflorae-Koelerietalia crassipedis** Rivas-Martínez & Cantó 1987
- Al. Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae** Rivas-Martínez & Cantó 1987

- As.** *Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae* Pulgar, Ortiz & J. Rodríguez 1996
As. *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae* Pulgar, J. Rodríguez & Ortiz 2004
 subas. *armerietosum odoratae* Pulgar, J. Rodríguez & Ortiz 2004
 subas. *thymetosum caespititii* Pulgar, J. Rodríguez & Ortiz 2004
CL. **SEDO ALBI-SCLERANTHETEA PERENNIS** Br.-Bl. 1955
Or. **Sedo albi-Scleranthetalia perennis** Br.-Bl. 1955
Al. **Sedion anglici** Br.-Bl. & Tüxen 1950
As. *Sedo anglici-Thymetum caespititii* J. Rodríguez, Ortiz & Pulgar 1996
 subas. *ornithogaletosum concinni* Rodríguez-Oubiña, Ortiz & Pulgar 1996
As. *Sedo pruinati-Thymetum caespititii* Ortiz, Pulgar & J. Rodríguez-Oubiña 1999
 subas. *thymetosum caespititii* nova
 subas. *plantaginetosum radicatae* nova
Variante de *Armeria humilis* subsp. *humilis*

■ VEXETACIÓN ANTROPÓXENA (NITRÓFILA SERIAL PERENNE E BIENAL)

- CL. ARTEMISIETEA VULGARIS** Lohmeyer, Preising & Tüxen ex von Rochow 1951
SUBCL. ARTEMISIENEAE VULGARIS
Or. *Artemisieta vulgaris* Lohmeyer in Tüxen 1947
Al. *Arction lappae* Tüxen 1937
Com. *de Arctium minus*
Al. *Dauco carotae-Melilotion albi* Görs 1966
Com. *de Foeniculum vulgare*
Or. *Elytrigetalia intermedio-repentis* Oberdorfer, Müller & Görs in Oberdorfer, Görs, Komeck, Lohmeyer, Müller, Philippi & Seibert 1967
Com. *de Oenothera glazioviana*
SUBCL. ONOPORDENEAE ACANTHII Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 2002
Or. *Onopordetalia acanthii* Br.-Bl. & Tüxen ex Klika & Hadac 1944
Al. *Carduo carpetani-Cirsion odontolepidis* Rivas-Martínez, Penas & T.E. Díaz 1986
Com. *de Carduus platypus*
Com. *de Carduus asturicus*
Or. *Carthametalia lanati* Brullo in Brullo & Marceno 1985

- Al. Urtico piluliferae-Silybion mariani Sissingh** Sissingh ex Br.-Bl. & O. Bolòs 1958
- As. Echio rosulati-Silybetum mariani nova**
- CL. EPILOBIETEA ANGUSTIFOLII** Tüxen & Preising in Tüxen 1950
- Or. Atropetalia belladonae** Vlieger
- Carici piluliferae-Epilobion angustifolii** Tüxen 1950
- Com. de Digitalis purpurea**
- As. Coincyo monensis- Asphodeletum macrocapi ass. nova**

VEXETACIÓN DE LINDEIRO DE BOSQUE E MEGAFÓRBICA

- CL. GALIO APARINES-URTICETEA MAIORIS** Passarge ex Kopecký 1969
- Or. Galio aparines-Alliarietalia petiolatae** Görs & Müller 1969
- Al. Galio aparines-Alliarion petiolatae** Oberdorfer & Lohmeyer in Oberdorfer, Görs, Komeck, Lohmeyer, Müller, Philippi & Seibert 1967
- Subal. Alliarienion petiolatae** Rivas Goday ex Rivas-Martínez *et al.* 1999
- As. Geranio robertiani-Caryolophetum sempervirentis** Izco, J. Gutián & Amigo 1986
- Or. Calystegietalia sepium** Tüxen ex Mucina 1993
- Al. Bromo ramosi-Eupatorion cannabini** O. Bolòs & Masalles in O. Bolòs 1983
- As. Picrido hieracioidis-Eupatorietum cannabini** Lodi & C. Navarro 1988
- Com. de Paradisea lusitanica**

- CL. TRIFOLIO MEDII-GERANIETEA SANGUINEI** Müller 1962
- Or. Origanetalia vulgaris** Müller 1962
- Al. Linarion triornithophorae** Rivas-Martínez, Díaz, F. Prieto, Lodi & Penas 1984
- As. Omphalodo nitidae-Linarietum triornithophorae** Rivas-Martínez *in* Rivas-Martínez, Díaz, F. Prieto, Lodi & Penas 1984
- Al. Origanion virentis** Rivas-Martínez & O. Bolós *in* Rivas-Martínez, Díaz, F. Prieto, Lodi & Penas 1984
- Subal. Origanenion virentis** (Rivas-Martínez & O. Bolós *in* Rivas-Martínez *et al.* 1984) Capelo 1996
- Com. de Geranium sanguineum y Origanum virens.**

VEXETACIÓN RUPÍCOLA E SAXÍCOLA

CL. ANOMODONTO VITICULOSI-POLYPODIETEA CAMBRICI

Rivas-Martínez 1975

Or. Anomodonto-Polypodietalia O. de Bolós & Vives in O. de Bolós 1957

Al. Polypodium cambrici Br.-Bl. in Br.-Bl., Rous Roussine & Nègre 1952

Subal. Bartramio strictae-Polygodienion cantabrici (O. de Bolós & Vives 1957) Rivas-Martínez 2002

As. Anogrammo leptophyllae-Umbilicetum rupestris Amor, Ladero & Valle 1993

subas. saxifragetosum granulatae nova

subas. saxifragetosum spathularidis nova

CL. ASPLENIETEA TRICHOMANIS (Br.-Bl. in Meier & Br.-Bl. 1934)

Oberdorfer 1977

Or. Androsacetalia vandellii Br.-Bl. in Meier & Br.-Bl. 1934 corr. 2002

Al. Saxifragion willkommianae Rivas-Martínez 1964

As. Holco gayani-Silenetum acutifoliae Bellot 1951

subas. silenetosum acutifoliae nova

subas. saxifragetosum spathularidis nova

CL. PARIETARIETEA Rivas-Martínez in Rivas-Goday 1964

Or. Parietarietalia judaicae Rivas-Martínez in Rivas-Goday 1964

Al. Parietario-Centranthion rubri Rivas-Martínez 1960

As. Parietarrietum judaicae (Arènes ex Br.-Bl. in Br.-Bl., Roussine & Nègre 1952) Oberdorfer 1977

Al. Cymbalaria muralis-Asplenion quadrivalentis Segal 1969

As. Cymbalarietum muralis Görs 1966 ex Oberdorfer 1977

CL. PHAGNALO SAXATILIS-RUMICETEA INDURATI (Rivas Goday & Esteve 1972) Rivas-Martínez, Izco & Costa 1973

Or. Phagnalo saxatilis-Rumicetalia indurati Rivas Goday & Esteve 1972

Al. Sesamoidion suffruticosi Ortiz & Pulgar 2000

As. Sesamoido suffruticosae-Anarrhinetum durimini Ortiz & J. Rodríguez 1993

subas. anarrhinetosum durimini Ortiz & J. Rodríguez 1993

subas. rumicetosum indurati Ortiz & J. Rodríguez 1993

As. Sesamoido suffruticosae-Anarrhinetum bellidifolii Ortiz & Pulgar 2000

■ VEXETACIÓN ACUÁTICA, LACUSTRE, FONTINAL E TURFÓFILA

CL. POTAMETEA Klika in Klika & V. Novák 1941

Or. Potametalia W. Koch 1926

Al. Nymphaeion albae Oberdorfer 1957

Com. de *Polygonum amphibium*

Com. de *Potamogeton natans*

Al. Ranunculion aquatilis Passarge 1964

As. *Callitricho stagnalis-Ranunculetum saniculifolii* Galán in A.V. Pérez,
Galán, P. Navas, D. Navas, Y. Gil & Cabezudo 1999

Or. Utricularietalia vulgaris Den Hartog & Segal 1964

CL. LITTORELLETEA UNIFLORAE Br.-Bl. & Tüxen ex Westhoff *et al.* 1946

Or. Littorelletalia uniflorae Koch 1926

Al. Eleocharition multicaulis Vanden Berghen 1969

As. *Hyperico elodis-Potametum oblongi* (Allorge 1926) Br.-Bl. & Tüxen 1952

Com. de *Baldellia alpestris*

Com. de *Baldellia repens* subsp. *cavanillesii*

CL. MONTIO FONTANAE-CARDAMINETEA AMARAE

Br.-Bl. & Tüxen ex Br.-Bl. 1948

Or. Montio fontanae-Cardaminetalia amarae Pawłowski in Pawłowski,
Skolowski & Wallisch 1928

Al. Caricion remotae Kästner 1941

As. *Saxifragetum lepismigenae* Rivas-Martínez, Díaz, F. Prieto, Loidi &
Penas 1984

As. *Stellario uliginosae-Montietum variabilis* De Foucault 1981

As. *Chrysosplenio oppositifolii-Sibthorpietum europeae* De Foucault 1981

Al. Ranunculion omiophyllo-hederacei Rivas-Martínez, Fernández-
González, Pizarro, Sánchez-Mata & Sardinero 2002

As. *Ranunculetum omiophylli* Br.-Bl. & Tüxen ex Pizarro 1995

CL. MAGNOCARICI ELATAE-PHRAGMITETEA AUSTRALIS Klika in

Klika & V. Novák 1941

Or. Phragmitetalia australis Koch 1926

Al. Phragmition australis Koch 1926

Subal. Phragmitenion australis (Koch 1926) Rivas-Martínez 1980

- Com. de** *Schoenoplectus lacustris* subsp. *lacustris*
As. *Typhetum latifoliae* Lang 1973
Or. *Nasturtio officinalis-Glyceretalia fluitantis* Pignatti 1953
Al. *Glycerio fluitantis-Sparganion neglecti* Br.-Bl. & Sissingh in Böer 1942
Subal. *Glycerio fluitantis-Sparganienion neglecti* (Br.-Bl. & Sissingh in Böer 1942) J.A. Molina 1996
Com. de *Sparganium erectum*
Subal. *Glycerienion fluitantis* (Géhu & Géhu-Franck 1987) J.A. Molina 1996
As. *Glycerio declinatae-Eleocharitetum palustris* Rivas-Martínez & Costa in Rivas-Martínez, Costa, Castroviejo & E. Valdés 1980
As. *Glycerio declinatae-Alopecuretum aequalis* Rivas-Martínez, Fernández-González, Sánchez-Mata & Sardinero 2002
Subal. *Phalaridenion arundinaceae* (Kopecky 1961) J.A. Molina 1996
As. *Glycerio declinatae-Oenanthesum crocatae* Rivas-Martínez, Belmonte, Fernández.-González & Sánchez-Mata in Sánchez-Mata 1989
subas. *oenanthesum crocatae* J.A. Molina 1996
subas. *caricetosum broterianae* J. A. Molina 1996
Al. *Rorippion nasturtii-aquatici* Géhu & Géhu-Franck 1987
As. *Glycerio declinatae-Apietum nodiflori* J.A. Molina 1996
Or. *Magnocaricetalia* Pignatti 1953
Al. *Caricion reuterianae* (Rivas-Martínez, Fernández González & Sánchez-Mata 1986) J.A. Molina 1996
As. *Galio broteriani-Caricetum broterianae* Rivas-Martínez ex Fuente 1986
As. *Irido pseudacori-Caricetum lusitanicae* Bellot ex T.E. Díaz & F. Prieto 1994
As. *Galio palustris-Caricetum lusitanicae* Rivas-Martínez, Belmonte & Sánchez-Mata in Sánchez-Mata 1989
- CL. SCHEUCHZERIO PALUSTRIS-CARICETEA NIGRAE** Tüxen 1937
Or. *Caricetalia nigrae* Koch 1926
Al. *Anagallido tenellae-Juncion bulbosi* Br.-Bl. 1967
As. *Arnicetum atlanticae* Bellot 1968
As. *Anagallido tenellae-Juncetum bulbosi* Br.-Bl. 1967
As. *Sibthorpio europeae-Pinguiculetum lusitanicae* Ladero & A. Velasco in A. Velasco 1980

CL. OXYCOCCO PALUSTRIS-SPHAGNETEA MAGELLANICI Br.-Bl.

& Tüxen ex Westhoff, Dijk & Passchier 1946

Or. Spagno papilloosi-Ericetalia tetralicis Schwickerath 1941**Al. Ericion tetralicis** Schwickerath 1933

Subal. Trichophorenion germanici Rivas-Martínez, T.E. Díaz, F. Prieto,
Loidi & Penas 1984

As. Narthecio ossifragi-Sphagnetum tenelli F. Prieto, M.C. Fernández &
Collado 1987

As. Calluno vulgaris-Sphagnetum capillifolii F. Prieto, M.C. Fernández &
Collado 1987

Com. de Sphagnum cf compactum

CL. LEMNETEA MINORIS W. Koch & Tüxen in Tüxen 1955**Or. Lemnetalia** W. Koch & Tüxen in Tüxen 1955**Al. Lemnion minoris** W. Koch & Tüxen in Tüxen 1955

As. Lemnetum gibbae (W. Koch 1954) Miyawaki & J. Tüxen 1960

CL. ISOETO-NANOJUNCETEA Br.-Bl. & Tüxen ex Westhoff, Dijk &
Passchier 1946**Or. Isoetetalia** Br.-Bl. 1936

Al. Cicendion (Rivas Goday in Rivas Goday & Borja 1961) Br.-Bl. 1967

Com. de Cicendia filiformis o Hyperico humifusi-Cicendietum filiformis Rivas
Goday (1964) 1970

Or. Nanocyperetalia Klika 1935**Al. Nanocyperion** Koch ex Libbert 1933

As. Gnaphalio uliginosi-Spergularietum capillaceae L. Herrero, M.E. García,
TE. Díaz, Penas & F. Salegui

CL. BIDENTETEA TRIPARTITAE Tüxen, Lohmeyer & Preising ex von
Rochow 1951**Or. Bidentetalia tripartitae** Br.-Bl. & Tüxen ex Klika & Hadac 1944

Al. Bidention tripartitae Nordhagen 1940 em. Tüxen in Poli & J. Tüxen 1960

As. Filaginello uliginosae-Bidentetum tripartitae Amigo 2006

As. Cypero eragrostidi-Bidentetum frondosae Amigo 2006

METODOLOGÍA

O estudo da flora da Baixa Limia contou con distintas fases e procesos que se resumen a continuación:

- **Recompilación bibliográfica:** revisáronse as citas publicadas en revistas especializadas desde a publicación da *Flora de Galicia* (Merino, 1905-1908). Máis dun século de herborizacións que en maior medida foron publicadas en distintas revistas científicas, algunas delas hoxe inexistentes (*Anales del Jardín Botánico de Madrid*, *Nova Acta Científica Compostelana [Bioloxía]*, *Lazaroa*, *Fontqueria*, *Studia Botanica*, *Boletín Auriense*, *Acta Botanica Malacitana*, *Botanica Complutensis*, etc.).
- **Prospección intensa do territorio e recollida de exemplares ou as partes necesarias para a súa identificación.** Neste proceso foi preciso recorrer en numerosas ocasións todos os hábitats recoñecidos, en diferentes localizacións e altitudes, para obter información sobre todos os taxons con distinta fenoloxía, integrados en cada comunidade vexetal. Hai que destacar o decidido apoio do persoal do PN Baixa Limia-Serra do Xurés, que facilitou o acceso a moitos destes lugares.
- **Tratamento dos exemplares herborizados no campo.** Os exemplares ou fragmentos recollidos presérvanse para a súa posterior clasificación e conservación. Nunha primeira fase, é habitual empregar unha prensa de man que inicia a fase de secado e contribúe a conservar a forma orixinal do fragmento recolectado. Apúntase nun caderno a localización da herborización e os datos que poidan ser útiles *a posteriori*, como pode ser a data, altitude, ecoloxía, comunidade vexetal, plantas acompañantes, cor das flores, etc. A cada planta recollida asígnaselle un código que remite a todos estes datos e que garante o traslado dos exemplares ata unha segunda fase de secado e prensado definitivos.
- **Tratamento dos exemplares herborizados.** Sométense a un secado e prensado definitivo que garanta a conservación dos exemplares durante máis tempo. Normalmente emprégase unha prensa con circulación de aire quente, o que se consegue intercalando láminas metálicas ríxidas e onduladas entre os pregos cos seus amortecedores. Unha vez secos, os pregos sométense a tem-



Prensa de aire quente para o secado de exemplares.

peraturas por debaixo de cero graos centígrados durante varios días (menos días canta menos sexa a temperatura). Con este proceso de conxelación conséguese eliminar a maior parte dos diminutos insectos fitófagos.

•Identificación dos exemplares. Coa axuda de diversas claves e monografías, procédese á identificación individual de cada un dos pregos. As claves de flora vascular de carácter xeral máis empregadas na identificación dos exemplares foron: *Flora iberica*, *Flora del País Vasco e territorios límitrofes*, *Flora dels Països Catalans*, *Flora de Andalucía Occidental*, *Flora de Andalucía Oriental*, *Nova Flora de Portugal*, *Flora Europaea*, *Claves para la Identificación de la Flora Vascular de España*, *Estudio de la Flora Orófila del SO de León*, *Flora de Francia*, *Guía das plantas de Galicia*, etc., así como un elevado número de monografías ou estudos taxonómicos específicos. Empregouse preferentemente binoculares de precisión (Olympus SD-30, con estándares de 10-20 aumentos e accesorios duplicadores), lancetas, pinzas, papel milimetrado, etc.

•Etiquetado dos pregos. Os datos que aparecen en cada un dos taxons deste estudio correspóndense cos existentes nas etiquetas dos pregos de herbario. Normalmente todas as etiquetas incorporan os seguintes campos: 1-nome do taxon en latín e coa autoría correspondente; 2-localización xeográfica (país-provincia-municipio-lugar identificado o máis preto posible á localización do taxon); 3-cuadrícula UTM (1x1 km); 4-altitude; 5-datos sobre a ecoloxía ou hábitat; 6-data de recolección; 7-*legitimavit* (recolledor/es); 8-determinavit (persoa que identifica o taxon). A localización foi establecida de distintas formas ao longo do tempo. En primeiro lugar, empregáronse os mapas 1:25.000 do I.G.N (excepcionalmente tamén se empregou o mapa 1:50.000 do Exército de Terra). Posteriormente empregáronse GPS de man con lectura da localización e altitude. Na actualidade existen aplicacíons para teléfonos móbiles e páxinas de internet que permiten atopar a localización exacta de cada taxon. Nesta flora homoxeneizáronse os datos referentes á localización de cada exemplar co emprego da cuadrícula UTM se 1x1 Km (29TNGXXYY).

•Elaboración de pregos de herbario e incorporación ás bases de datos. Estas fases foron levadas a cabo polo persoal do Herbario SANT da Universidade de Santiago. O exemplar fixase a unha cartolina tamaño DIN A3 mediante estreitas abrazadeiras de esparadrapo. A esta cartolina tamén se pega a



Prensa de man empregada na primeira fase de conservación de exemplares.

etiqueta correspondente. Todo isto introducícese nunha saba ou papel que o envolve. Normalmente, antes da inclusión física dos exemplares no herbario, reciben un tratamento de frío en seco (-20°C) que elimina a meirande parte dos seres vivos que invaden as coleccións de material biolóxico seco. Antes da súa inclusión na sección correspondente, os pregos rexístranse na base de datos do herbario conectada á rede de biodiversidade GBif, base de datos aberta de ámbito mundial que recolle a biodiversidade do planeta. O Herbario SANT, cun rexistro próximo aos 90.000 exemplares (ano 2022), en gran medida galegos, está ordenado segundo unha disposición alfabética de xéneros e especies.

Recoméndase dirixir aos interesados da flora ao Herbario SANT e que non se recolecten exemplares no parque, especialmente os endémicos, raros e ameazados.

MATERIAL ESTUDADO

A flora da Baixa Limia exponse seguindo as propostas da APG III e APG-IV (2017), que tratan de ordenar os taxons vexetais en base ás súas relacións de parentesco, é dicir, unha clasificación filoxenética. Os descendentes de antepasados comúns reúnense en grupos monofiléticos na medida do posible. Esta nova ordenación foi posible grazas ao desenvolvemento de técnicas moleculares, as cales agora permiten establecer inequívocas relacións de parentesco antes ocultas por diferenzas morfolóxicas acusadas ou outros motivos, como o modo de vida, o biotipo dominante, etc.

A ordenación da flora comeza nos vexetais superiores más primitivos e remata nos más recentes e evolucionados

REINO PLANTAE

- ◆ Plantas vasculares (**Tracheophyta, Cormophyta**)
 - ◆ Licopodios e afíns (Isoetes) (**Lycopodiophyta**)
 - ◆ Plantas con megafilos (**Euphyllophyta**)
 - ◆ Fentos e afíns (**Monilophyta**)
 - ◆ Plantas con sementes (**Spermatophyta**)
 - ◆ Gimnospermas ou coníferas (**Pinidae**)
 - ◆ Plantas con flores (**Magnoliophyta**)
 - ◆ Nenúfares e afíns (**Nymphaeales**)
 - ◆ Magnoliópsidas (**Magnoliidae**)
 - ◆ Monocotiledóneas e Commelinidae (**Liliopsida**)
 - ◆ Eudicotiledóneas (**Eudicotyledoneae**)

Elaboráronse claves dicotómicas que permiten a identificación de todos os taxons silvestres ou naturalizados do parque natural e a súa contorna. Nelas tamén se inclúen as especies leñosas más empregadas en repoboacións forestais ou como árbores de sombra en áreas recreativas e de entretemento. Procurouse atopar macrocaracteres (forma de follas, cor de flores, presenza de espiñas, biotipo, etc.) para que a identificación poida realizarse con rapidez e precisión. Non

obstante, é preciso comentar que para a correcta identificación de algúns taxons é imprescindible o uso de lentes con aumento que permitan a observación de caracteres de moi pequeno tamaño, como pezas piriánticas, indumento de pelos, tricomas, glándulas, etc.

Pártese dunha clave xeral que accede aos principais grupos filoxenéticos (*Lycopodiohyta*, *Gimnospermae* e *Angiospermae*). Cada un destes grupos incorpora unha clave específica para acceder a cada unha das “FAMILIAS” con representantes na flora da Baixa Limia. Trala cabeceira de cada familia segue unha clave dicotómica coa que chegar aos “XÉNEROS” representados no territorio desta flora. Para aqueles xéneros con máis dunha especie nesta flora, elaborouse unha nova clave que distingue a cada unha das especies. Nestes casos ao nome do xénero e a súa autoría séguenlle unhas liñas onde se especifican os caracteres comúns do conxunto de especies agrupadas no mesmo, o que axuda a simplificar a descripción das especies e non facer repetitivos caracteres morfolóxicos comúns. Por último, elabórase unha nova clase dicotómica dentro das especies con máis dunha subespecie representada na área de estudio. Para cada taxon elaborouse unha ficha cos seguintes campos: **descripción**, **distribución**, **hábitat**, **frecuencia**, **pregos herborizados** e **bibliografía**. Ocasionalmente aparecen: **citas previas** e **lexislación**.

•Descripción: descríbese a morfoloxía do taxon. Adxudícase a un dos biotipos de RAUNKIAER (1934), para seguir coas principais características dos talos (incluídos os subterráneos), follas, inflorescencia, flores e froitos. Ao final do libro engádese un glosario terminolóxico que facilita a comprensión da linguaxe técnica empregada na descripción de moitos caracteres. Aínda que se empregaron exemplares desecados para a descripción das especies, séguese aos diferentes autores das monografías de xéneros expostas en *Flora iberica* (CASTROVIEJO *et al.*, 1994-2021).

•Distribución: fai referencia á área de ocupación a nivel mundial e na Península Ibérica. Cando se trata dun endimismo desta última, engádese o seguinte símbolo “●” ao nome científico.

•Hábitat: especificase o medio ecológico más habitual da planta na área de estudo. Adxudícase o piso bioclimático ocupado cando o taxon ten clara afinidade por un concreto na Baixa Limia.

•**Frecuencia:** constatar a presenza e número de individuos de cada un dos taxons en cada cuadrícula é tecnicamente complexo. Por outro lado, a flora non é estática, evoluciona, ás veces rapidamente da man da civilización, ou xusto ao contrario, do abandono. Esta valoración é complexa incluso para algúns endimismos ameazados de extinción. Polo tanto, aplicáronse rangos amplos, non numéricos, que poderían variar tendo en conta a subxectividade do autor. Para os taxons que xulgamos máis escasos si se indica o seu grao de rareza en base a un valor numérico de localidades coñecidas. En orde de maior a menor abundancia, son: **moi abundante, abundante, común, escaso, raro (< 5 loc.) e moi raro (< 3 loc.).** Nesta flora, este é o dato que representa a abundancia do taxon.

•**Pregos herborizados:** cada taxon incorpora os datos da correspondente etiqueta do prego de herbario. Cada campo ou dato da etiqueta aparece separado por comas, finalizando nun punto e seguido que dá lugar aos datos do seguinte exemplar. Estes expóñense por orde alfabética de concellos, que no texto aparecen escritos con letra grossa e versaleta (ex. >**MUIÑOS**). Dentro de cada concello os pregos herborizados expóñense segundo unha ordenación cronolóxica. Normalmente os datos de cada prego herborizado terminan tralos nomes dos recolledores, aínda que en ocasións lle segue un apartado de “observacións” que normalmente ten que ver con algunha discrepancia da morfoloxía do exemplar coa sinalada na bibliografía. O número de pregos herborizados non reflicte a abundancia do taxon, xa que estes poden responder a dúbidas taxonómicas sobre o mesmo ou á pretensión de deixar constancia das localidades atopadas de taxons moi escasos.

•**Bibliografía:** aínda que ao longo dos anos se empregaron moitas fontes bibliográficas para a clasificación dos exemplares herborizados, neste apartado expóñense unicamente as monografías publicadas para cada xénero en *Flora iberica*, que na súa maioría aglutinan as publicacións realizadas polos seus autores, ou outros, en tempos anteriores. Engádese as referencias bibliográficas locais que engaden algún coñecemento á presenza do taxon na área de estudio.

•**Citas previas:** cando a especie non foi herborizada polo autor do estudio (IPS), ou cando xa fora sinalada antes da súa herborización.

CLAVE XERAL

1. Con follas tipo micrófilo cun só face vascular e reprodución por esporas	LYCOPODIOPHYTA
Sen a reunión de caracteres precedentes	2
2. Plantas sen sementes	MONILOPHYTA
Plantas con sementes	SPERMATOPHYTAS

DIV. LYCOPHYTA O LYCOPODIOPHYTA

SUBDIVISIÓN LYCOPHYTINA. CLASE LYCOPSIDA

F. ISOETACEAE

— *Isoetes* L. —

■ *Isoetes histrix* Bory

• **Descripción:** xeófito con rizoma curto. Talo curto trilobulado, bulbiforme, con crecemento secundario en grosor. Follas, 10-40, sésiles, dispostas helicoidalmente no ápice do talo, coa parte basal abrançazada, erectas o aberta en estrela, lineares, de 5-20 cm de lonxitude e 1-1,5 mm de anchura, liguladas, de sección trapezoidal ou pentagonal. Filopodios con 2 dentes laterais longos. Esporófilos moi parecidos aos trofófilos, os externos con megasporanxios e os internos con microsporanxios (só as follas más internas son estériles).

• **Distribución:** rexión mediterránea e acadando o W de Europa. P. Ibérica: metade occidental.

• **Hábitat:** chans areosos temporalmente inundados; marxe de encoros.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, marxe do Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, chan areoso temporalmente inundado, 07/10/2011, IPS, SANT 65275. >Muíños, Encoro das Conchas c. Pazos. 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto por baixada nivel encoro, (Isoeto-Nanojuncetea nitrificada), 05/11/2014, IPS, SANT 70362.

• **Bibliografía:** PRADA (1986a); RICO & GIRÁLDEZ (1990).



Isoetes histrix

MONILOPHYTAS

Clave de divisións

1. Plantas sen follas diferenciadas en pecíolo e lámina	DIV. SPHENOPHYTA (OR. EQUISETALES)
Plantas con follas diferenciadas en pecíolo e lámina (fronde)	DIV. PTERIDOPHYTA

DIV. SPHENOPHYTA


SUBDIVISIÓN SPHENOPHYTINA. CLASE EQUISETOPSIDA

F. EQUISETACEAE

— *Equisetum* L. —

■ *Equisetum palustre* L.

- **Descripción:** xeófito con rizoma articulado, talo xeralmente ramificado, con 6-10 costelas ben marcadas e vales en forma de ou. Trofofilos, de ata 60 cm, con vaíñas más longas que anchas, moi pouco aplicadas ao talo, ancheada por arriba, con dentes agudos, escuros no ápice, persistentes, e de marxe estreitamente membranosa e abrançazada. Estróbilos obtusos, de ata 3 cm.
- **Distribución:** zonas temperadas e frías do hemisferio N. P. Ibérica: metade N e submeseta S.
- **Hábitat:** chans con encarcamento prolongado.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
>Muñños, c. presa do encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, xuncal (Molinetalia), zona más arxilosa, 18/09/1998, SANT 47795 e 24/06/2011, IPS, SANT 65304.
- **Bibliografía:** RADA (1986b).



Equisetum palustre

DIV. PTERIDOPHYTA

SUBDIVISIÓN FILICOPSIDA CLASE FILICOPSIDA

1.	Follas coas esporas (esporófilos) diferentes das follas vexetativas (trofófilos)	2
	Cun só tipo de follas	3
2.	Esporófito anual; lámina 2-3 pinnada	HEMIONITIDACEAE
	Esporófito vivaz; lámina 1 pinnada	BLECHNACEAE
3.	Follas pinnadas	4
	Follas bi o tripinnadas	5
4.	Soros redondeados próximos ao centro da lámina	POLYPODIACEAE
	Soros alongados, marxiniais	ASPLENIACEAE
5.	Esporófilo terminal	OSMUNDACEAE
	Esporófilos insertos na lámina	6
6.	Soros en parellas arredor do eixe central das pínnulas	ASPIDIACEAE
	Soros sen as características precedentes	7
7.	Soros lineares recubertos polo marxe revolto da pínnula	8
	Soros sen as características precedentes	9
8.	Plantas > 20 cm; frondes illadas	HYPOLEPIDACEAE
	Plantas < 15 cm; frondes fasciculadas	SINOPTERIDACEAE
9.	Frondes 1-pinnadas	ASPLENIACEAE
	Frondes 2-3 pinnadas	10
10.	Frondes > 45 cm	ATHYRIACEAE
	Frondes < 45 cm	ASPLENIACEAE

F. ASPIDIACEAE

Clave de xéneros

1.	Segmentos de última orde falcados; pínnulas inferiores cunha lomba o xiba na base	Polystichum
	Segmentos de última orde non falcados; Pínnulas inferiores sen xiba na base	Dryopteris

— Dryopteris Adanson —

Herbáceas vivaces rizomatosas. Frondes fasciculadas 1-3 veces pinnadas, con pínnulas simétricas e eixe xeralmente con paleas. Soros redondeados. Indusio reniforme

•Bibliografía: SALVO & ARRABAL (1986).

Clave de especies

1. Lámina bipinnada	2
Lámina tripinnada	<i>D. dilatata</i>
2. Frondes coriáceas, persistentes; raque densamente cuberto de páleas en toda a súa lonxitude	<i>D. affinis</i>
Frondes herbáceas, caducas; raque densamente cuberto de páleas só na base	<i>D. filix-mas</i>

■ *Dryopteris affinis* (Lowe) Fraser-Jenk.

•**Descripción:** hemicriptófito. Rizoma erecto, grosso, con páleas. Frondes ata 150 cm, amacolladas, persistentes. Pecíolo de lonxitude ata a metade da lámina con numerosas páleas discoloras, marrón pálido con manchas central e basal escuras, que continúan polo raque. Lámina lanceolada, bipinnada, con pinas simétricas. Pínnulas de marxes paralelos e ápice ± dentado. Indusio persistente, redondeado, eglandular e de marxe revolta.

Clave de subespecies

1. Pínnulas enteras ou pouco lobadas, sentadas as basioscópicas proximais das 2 pinas basais; indusio grosso	<i>D.a.</i> subsp. <i>affinis</i>
Pínnulas lobadas con lóbulos simétricos, pecioluladas as basioscópicas proximais do par basal de pinas; indusio delgado	<i>D.a.</i> subsp. <i>borreri</i>

■ *Dryopteris affinis* subsp. *affinis* (Lowe) Fraser-Jenk.

Nephrodium affine Lowe

•**Distribución:** W de Europa e NW de África, Macaronesia, N de Turquía e Cáucaso. P. Ibérica: falta no SE e parte do E.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira.

•**Frecuencia:** abundante.

•Pregos herborizados:

>LOBIOS, en fronte de Torneiros, 29TNG7435, 400 m, sotobosque de carballeiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quer-cetosum suberis*), atravesado por regatos, 05/03/1996, IPS, SANT 51838. Torneiros, 29TNG7334, 420 m, ambiente esciófilo e húmido en caída de regato, xunto a herbáceas características de *Osmundo-Alnion glutinosae* (pteridofitos, *Hypericum androsaeum*, etc.), 07/10/2004, IPS, SANT 51838.

■ *Dryopteris affinis* subsp. *borreri* (Newman) Fraser-Jenk.

Dryopteris filix-mas subsp. *borreri* (Newman) Becherer & Tavel

•**Descripción:** hemicriptófito como el anterior pero coa pinna basal asimétrica (pínnulas basioscópicas>pínnulas acroscópicas) e as pínnulas con laterais con lóbulos simétricos.

•**Distribución:** W de Europa e NW de África, N de Turquía e Cáucaso. P. Ibérica: frecuente nas montañas do N, más raro cara o S.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira.

•**Frecuencia:** común.

•Pregos herborizados:

>LOBIOS, Torneiros, río Caldo, 29TNG7435, 390 m, sotobosque de ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS & L.G.Quintanilla, SANT 47802. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, pequeno bosque

sombrio de *Quercus robur*, 19/12/2014, IPS & D. Manso, SANT 70430. >**Muiños**, Serra do Xurés, Salgueiro, Rego de Salgueiro, 29TNG8439, 985 m, bideiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 29/01/2002, IPS, SANT 47804.

■ *Dryopteris dilatata* (Hoffm.) A. Gray

Polyodium dilatatum Hoffm.; *Dryopteris austriaca* subsp. *dilatata* (Hoffm.) Schinz & Thell.

•**Descripción:** hemicriptófito. Frondes persistentes en inverno. Pecíolo (1/3-1/2 da lonxitude da fronde) castaño-amarelento en case toda a súa lonxitude, densamente paleáceo na base. Páleas castaño pálidas, frecuentemente cunha mancha escura na base. Lámina 3 pinnada, triangular lanceolada. Pinnas imbricadas. Pínnulas con peciolulos moi curtos, con arestas no ápice que sobresaen pouco cara fóra. Indusio pequeno, delgado, abrançazado.

•**Distribución:** Europa, Turquía, Cáucaso e N de Irán. P. Ibérica: terzo N, descendendo ata Estremadura e Sintra polo W.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeirano piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**CAVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, Fontelas, 29TNG9535, 1270 m, bideiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80190. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, afluente río Lobios c. de nacemento, 29TNG7931, 1390 m, baixo bideiral con sotobosque encharcado por nacemento de manancial (*Luzulo henriquesii-Betuletum celtibericae* subas. *anemonetosum albidae*), 03/09/1997, IPS & L.G.Quintanilla, SANT 47790. Corga da Fecha-Baños de Rio-caldo, 29TNG7333, 400 m, baixo muro, 16/01/2011. IPS, SANT 64188. >**Muiños**, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, bideiral de valgada (*Carici reuteriana-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS.

■ *Dryopteris filix-mas* (L.) Schott

•**Descripción:** xéfito, con frondes non persistentes durante o inverno. Pecíolo de 1/4-1/2 da lonxitude da lámina. Frondes bipinnadas, lámina lanceolada, sen glándulas. Pecíolo con páleas de cor parda clara, más abundantes cara a base. Pinnas basais simétricas. Pínnulas con dentes agudos no ápice. Indusio brando que se engurra na madurez ata caer, abrançazado, delgado e sen glándulas.

•**Distribución:** plurirrexional, reino Holártico e América do Sur.

•**Hábitat:** sotobosque de bosques con certa humidade edáfica.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, San Fiz, río Limia, 29TNG8850, xunto a unha ponte pequena de pedra, 29/09/2005, IPS & J.Amigo, SANT 54055. >**LOBIOS**, Corga da Fecha, 29TNG7333, 420 m, baixo arbustral (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 06/07/2005, IPS, SANT 54093. Serra do Xurés, mina das Sombras, 29TNG7830, 1220 m, base de roquedo umbroso con regato, 23/08/2007, IPS, SANT 57452. Serra do Xurés, mina das Sombras, 29TNG7830, 1220 m, rochas sombrias con regato na entrada da mina, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62021. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 750 m, orla de carballeira, zona húmida (*Quercetalia roboris-pyrenaicae*), 02/10/2011, IPS. Riocaldo, 29TNG7333, 370 m, orla de carballeiras (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*), 22/09/2018, IPS, SANT 76593. >**Muiños**, Salgueiros, Rego de Salgueiros, 29TNG8439, 990 m, bideiral de ribeira (cf *Luzulo-Betuletum celtibericae*), 14/09/2005, IPS, SANT 54094.

— *Polystichum* Roth —

■ *Polystichum setiferum* (Forssk.) Woyn.

Polyodium setiferum Forssk.

•**Descripción:** hemicriptófito. Frondes marcescentes. Pecíolo 1/5-1/2 da lámina, esta bipinnada. Pinnas basais reflexas, algo más estreitas cás situadas na parte central da lámina. Pínnulas pecioluladas non decorrentes, de marxe serrada e espinulosa. Soros sobre as terminacións dos nervios secundarios en toda a fronde. Indusio delgado e caduco.

•**Distribución:** rexións mediterránea, macaronésica e W de la eurosiberiana. P. Ibérica: dispersa; rara cara o sur.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Olelas, Olelas-río, 29TNG6642, 500 m, marxe de regueiro en carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 01/03/1998, IPS, SANT 47801. A Pereira, río Acevedo, 29TNG7145, 590 m, carballeira *Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniani*, 16/01/2011, IPS, SANT 64193. >**LOBEIRA**, Sabariz-Facós, 29TNG7847, 550 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniani*), 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70457. >**LOBIOS**, Río Caldo, 29TNG7434, 390 m, ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, L.G.Quintanilla & D.Manso, SANT 47791. Río de Vilameá, 29TNG7438, 350 m, ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, L.G.Quintanilla & D.Manso, SANT 47792. Torneiros, 29TNG7334, 420 m, ambiente húmedo e esciófilo de caída de regato, 07/10/2004, IPS, SANT 51814. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 10/10/2015, IPS, SANT 72055. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, orla de carballeira sobre río Grou, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73392. >**PORTUGAL**, Minho, Paredes de Coura, Covas, río Coura, ameneiral río Coura (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 25/05/1998, IPS, SANT 47800.

•**Bibliografía:** SALVO & HIDALGO (1986); LAÍNZ (1953), tras revisión da prego nº 1764 del Herbario de Merino (sub *Aspidium aculeatum* (L.) Doell var. *rotundatum*, el río Cadós en BANDE.

F. ASPLENIACEAE

— *Asplenium* L. —

Herbáceas rizomatosas. Rizoma vertical ou oblicuo, paleáceo. Frondes pecioladas, fasciculadas, 1-4 pinnadas. Soros con indusio lateral que xeralmente abre cara o nervio medio.

•**Bibliografía:** BELLOT (1966). NOGUEIRA & ORMONDE (1986).

Clave de especies

1. Lámina pinnada	<i>A. trichomanes</i>
Lámina 2-4 pinnadas	2
2. Pinnas inferiores más cortas cás pinnas medias	<i>A. billotii</i>
Pinnas inferiores más longas cás pinnas medias	3
3. Lámina 3-4 pinnada; pinnas inferiores e medias antrorso-arqueadas	<i>A. onopteris</i>
Lámina 2-3 pinnada; pinnas inferiores e medias patentes	<i>A. adiantum-nigrum</i>

■ *Asplenium adiantum-nigrum* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Rizoma con páleas castaño escuras. Frondes de 10-30 cm. Pecíolo de ½-3/5 da lonxitude da lámina, de castaño escuro a negro, frecuentemente con liña verde, paleáceo na base. Lámina triangular, bipinnada. Pinnas inferiores de maior tamaño cás medias, patentes ou lixeiramente curvado antrorsas. Soros con indusio lateral.

•**Distribución:** W de Europa, rexións mediterránea e macaronésica, Norteamérica e Asia temperada. P. Ibérica: Portugal, Galicia, Sistema Pirenaico-Cantábrico e montañas da rexión mediterránea.

•**Hábitat:** Penedos no interior de bosques.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Buxán-Sordos, 29TNG8552, 690 m, carballeira (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniani*), 11/09/1997, IPS, SANT 52385. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, muro en interior de carballeira (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *violetodum riviniani*), 23/09/2018, IPS, SANT 76635. >**LOBIOS**, Torneiros-Portela do Home, Xeneanas, Corga da Canda, 29TNG7231, 587 m, entre rochas de ameneiral-carballeira termófila, 07/10/2004, IPS, SANT 51837; observ.: algunha fronde parece de *A. onopteris*. Baños de Riocaldo, 29TNG7333, 400 m, muro, 16/01/2011, IPS, SANT 64189. Padrendo, Igrexa Sta. María de Riocaldo, 29TNG7336, 500 m, muro de antigo camiño que atravesa carballeira (*Anogrammo-Umbilicetum rupestris*), 24/06/2021(01), IPS

•**Citas previas:** MERINO (1909); HORJALES et al. (1990).

■ ***Asplenium billotii* F. W. Sch.**

Asplenium cuneatum F.W. Sch.; *A. lanceolatum* Huds.

•**Descripción:** hemicriptófito. Rizoma rastreiro. Frondes con pelos articulados espallados. Pecíolo de lonxitude ata a metade da lámina, castaño-avermellado. Lámina bipinnada. Pinnas de maior tamaño na metade da lámina.

•**Distribución:** Europa atlántica, W rexión mediterránea, rexión macaronésica (excepto Cabo Verde). P. Ibérica: máis frecuente no W.

•**Hábitat:** penedos no interior de bosques, muros.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, A Illa, 29TNG7040, 490 m, muro (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris*), 03/03/1999, IPS, SANT 52388. San Rosendo de Pedreiraño, 29TNG7343, 720 m, greta de pedro granítico, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73382. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 530 m, muro de camiño que atravesa carballeira con castaños e eucalipto, 10/06/2020, IPS, SANT 78768. >**LOBIOS**, Río Mau, 29TNG7237, 400 m, muro de muíño (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris*), 01/03/1998, IPS, SANT 52398. Serra de Santa Eufémia, viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, muro (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris*), 28/05/1999, IPS, SANT 52389. Viaduto da Portaxe-Ribas de Arauxo, 29TNG7640, 380 m, muro no interior de carballeira termófila (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris*), 24/02/2005, IPS, SANT 52396. Serra de Santa Eufemia, viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, muro (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum spathulariae*), 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59415. Aceredo Novo, 29TNG7238, 370 m, muro antigo de división de fincas (*Anogrammo-Umbilicetum rupestris*), 16/12/2008, IPS & D.Manso, SANT 60030. Manín-Padrendo, 460 m, cemba no interior de Carballeira (*Rusco-Quercetum roboris*), 10/10/2015, IPS, SANT 72035. Padrendo, Igrexa Sta. María de Riocaldo, 29TNG7336, 500 m, muro de antigo camiño que atravesa unha carballeira (*Anogrammo-Umbilicetum rupestris*), 24/06/2021(01), IPS, SANT 80865. >**PORTUGAL**, Tourem, 29TNG9140, 880 m, muro (*Anogrammo leptophyliae-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 10/04/1997, IPS, SANT 52387.

■ ***Asplenium onopteris* L.**

Asplenium virgili Bory; *A. adiantum-nigrum* subsp. *onopteris* (L.) Heufler

•**Descripción:** hemicriptófito. Rizoma rastreiro con páleas de castaño escuras a negras. Frondes persistentes. Pecíolo de lonxitude ½-3/5 da lámina, de castaño negrizo a negro purpúreo. Lámina tripinnada, triangular-lanceolada. Pinnas inferiores e medias curvado-antrorsas.

•**Distribución:** W e C Europa, Irlanda e rexión macaronésica (excepto Cabo Verde). P. Ibérica: más frecuente nas provincias litorais.

•**Hábitat:** penedos no interior de bosques termófilos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Pereira, 29TNG7145, 580 m, muro orientación NE en bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniani*), 11/03/2005, IPS, SANT 52870. >**LOBIOS**, Manín-Padrendo, 29TNG7337, 450 m, carballeiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 10/10/2015, IPS, SANT 72054. Grou-San Martiño de Grou, sobre el río Grou, 29TNG7844, 385 m, carballeiras con pendiente pronunciada, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73415.

■ *Asplenium trichomanes* L.

- **Descripción:** hemicriptófito. Rizoma paleáceo. Frondes con pecíolo curto, castaño escuro, brillante, de más de 10 cm e ápice agudo. Lámina pinnada. Pinnas ovadas a oblanceoladas, de 0,25-1,2 cm en disposición dística. Soros lineares, ao fin confluentes.

Clave de subespecies

1. Peciólulo das pinnas superiores de inserción erecto-patente	<i>A.t. subsp. trichomanes</i>
Peciólulo das pinnas superiores de inserción patente	<i>A.t. subsp. quadrivalens</i>

■ *Asplenium trichomanes* subsp. *quadrivalens* D. E. Mey.

- **Descripción:** pinnas 0,4-1,2 cm, as superiores insertas perpendicularmente ao raque.

- **Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: presente en todas as provincias.

- **Hábitat:** gretas de muros verticais.

- **Frecuencia:** común.

- **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Olelas, Olelas-río, 29TNG6642, 500 m, muro baixo carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 01/03/1998, IPS, SANT 47794. Pereira, 29TNG7145, 580 m, muro en bosque (Or.: NE) (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 11/03/2005, IPS, SANT 52876. >LOBIOS, Pista Baños de Riocaldo-A Ponte Nova, 29TNG7333, 410 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 21/01/1997, IPS, SANT 52397. Río Nau, 29TNG7237, 385 m, penedos á sombra, ambiente húmedo baixo salgueiral-ameneiral da ribeira (*Asplenietea trichomanes*), 01/03/1998, IPS, SANT 47797. Serra de Santa Eufemia, Viveiro forestal, 29TNG7230, 670 m, rupícola en muro sombrío (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum spathularidis*), 28/05/1999, IPS, SANT 47796. Torneiros, 29TNG7334, 07/10/2004, IPS, SANT 51811.

■ *Asplenium trichomanes* L. subsp. *trichomanes*

- **Descripción:** pinnas de 0,25-0,8 cm, as superiores insertas oblicuamente ao raque.

- **Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: frecuente na metade norte.

- **Hábitat:** muros.

- **Frecuencia:** común?

- **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Padrendo, Igrexa sta María de Riocaldo, 29TNG7336, 500 m, muro de antigo camiño que atravesa unha carballeira (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 24/06/2021(01), IPS.

F. ATHYRIACEAE

Clave de xéneros

1. Indusio adherido á fronde pole lateral	<i>Athyrium</i>
Indusio adherido á fronde pola base	<i>Cystopteris</i>

— *Athyrium* Roth —

■ *Athyrium filix-femina* (L.) Roth

Polypodium filix-femina L.; *Asplenium filix-femina* (L.) Bernh.


- **Descripción:** xeófito. Rizoma suberecto, curto, grosso. Pecíolo 1/3-1/4 da lonxitude da lámina, esta 2-3 veces pinnada, verde pálida, estreitamente linear-lanceolada, glabra. Pinnas curtamente pecioluladas, alternas, lanceoladas. Pinnulas sésiles de ápice finamente dentado. Soros máis



Aspidiaceae *Dryopteris affinis*



Aspidiaceae *Dryopteris dilatata*




Aspidiaceae *Polystichum setiferum*



Aspidiaceae *Asplenium adiantum-nigrum*



Aspidiaceae *Asplenium billotii*



Aspidiaceae *Asplenium onopteris*



Aspidiaceae *Asplenium trichomanes*



Aspidiaceae *Athyrium filix-foemina*

próximos ao nervio medio que á marxe, arqueados. Indusio persistente de marxe fimbriada, adherido á fronde lateralmente.

•**Distribución:** reino Holártico e S de América. P. Ibérica: espallada, máis raro no S.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira, marxes de ríos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Compostela, 29TNG7036, 390 m, entre rochas de regato con ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49371 e 49374. Serra de Santa Eufemia, Corga de Calvos, 29TNG7131, 800 m, bosque ripario de valgada (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49373. Torneiros, 29TNG7334, 420 m, ambiente esciófilo e húmido en caída de regato, xunto a herbáceas características de *Osmundo-Alnion glutinosae* (pteridofitos, *Hypericum androsaemum*, etc.), 07/10/2004, IPS, SANT 51830. Serra do Xurés, Vilameá-Ermida de Nosa Sra do Xurés, 29TNG7536, 411 m, cumba sombrío e fresco adxacente a regato, 16/09/2018, IPS, SANT 76644. >Muíños, Salgueiros, Rego de Salgueiros, 29TNG8439, 990 m, baixo bidueiral de ribeira (cf *Luzulo-Betuletum celtibericae*), 14/09/2005, IPS, SANT 54095.

•**Bibliografía:** SALVO & OTERMIN (1986).

— *Cystopteris* Bernh.—

■ *Cystopteris diaphana* (Bory) Blasdell

Cystopteris viridula (Desv.) Desv.

•**Descripción:** xeófito. Rizoma paleáceo, curto, rastreiro. Frondes ata 40 cm. Pecíolo máis curto que a lámina, paloso, con algunas páleas na base. Lámina bipinnada. Raque a veces con pelos pluricelulares glandulosos. Pínulas cuneadas na base. Soros discretos, ou con menor frecuencia, confluentes na madurez. Indusio ovado a suborbicular, xeralmente glanduloso, fixado ao nervio polo lado basoscópico do soro.

•**Distribución:** SW Europa, C e S América, N e E África. P. Ibérica: W, Navarra e Granada.

•**Hábitat:** gretas de rocas e muros vellos en ambiente húmido e sombreado. Piso mesotemplado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Manín-Padrendo, 29TNG7337, 455 m, muro de finca, 10/10/2015, IPS, SANT 72033. Torneiros, 29TNG7334, 420-425 m, L.G.Quintanilla, SANT 47446 e 47447.

•**Citas previas:** MERINO (Muíños, Requiás, 29TNG84, LOU 9736/2)

•**Bibliografía:** PRADA (1986c); QUINTANILLA & AMIGO (1999).

F. BLECHNACEAE

— *Blechnum* L. —

■ *Blechnum spicant* (L.) Roth

subsp. *spicant*

Osmunda spicant L.

•**Descripción:** hemicriptófita con rizoma grosso, oblicuo, curto, con páleas escuras no ápice. Frondes 1 pinnatisectas en fascículos, heteromorfas ou excepcionalmente dun só tipo. As estériles (trofófilos) son persistentes e as fértiles (esporófilos) caducas en inverno, ambas curtamente pecioladas. Os esporófilos nacen da parte central de fascículo de frondes, con pinnas más delgadas e espaciadas. Soros lineares, continuos. Indusio linear.

•**Bibliografía:** ORMONDE (1986).

Clave de variedades

1. Frondes de 2 tipos, trofófilos arqueados que superan 30 cm en individuos adultos e esporofilos erectos co envés case totalmente cuberto polos soros	<i>B.s. var. spicant</i>
Frondes dun só tipo, todos ± erectos, xeralmente < 20 cm; esporofilos con soros que non recobren casi totalmente el envés	<i>B.s. var. homophyllum</i>

■ *Blechnum spicant* (L.) Roth

subsp. *spicant* var. *spicant*

•**Distribución:** Europa, Islandia, N de África, Macaronesia, Asia Menor e Cáucaso. P. Ibérica: franxa atlántica, chegando polo sur ás serras de Aracena e Alxibe e serras silíceas do interior.

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira. Ambiente fresco y húmedo.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG75, xunto á fonte, 18/01/1998, IPS, SANT 47793. >**MUÍÑOS**, Prado-Salgueiros, Rego Salgueiros, 29TNG8440, 890 m, ameñeiral con bidueiros (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51809.

■ *Blechnum spicant*

subsp. *spicant* var. *homophyllum* Merino ex Christ ●

Blechnum spicant subsp. *homophyllum* (Merino ex Christ) Merino;

B. homophyllum (Merino ex Christ) Samp.

•**Distribución:** endimismo do NW da península, Galicia (C, Po, Or) y N de Portugal (DL e Mi).

•**Hábitat:** bosques, principalmente de ribeira.

•**Frecuencia:** raro, principalmente no río Caldo e afluentes.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, pista das Sombras, 29TNG7735, 1050 m, 03/09/1997, IPS & L.G.Quintanilla, SANT 40976. Río Caldo, 29TNG7332, 04/09/1997, L.G.Quintanilla & IPS, SANT 38812. Serra de Santa Eufémia, 29TNG73, en comunidade con *Wahlenbergia hederacea*, 01/09/1998, IPS, SANT 47798.

F. HEMIONITIDACEAE

— *Anogramma* Link —

■ *Anogramma leptophylla* (L.) Link

Polypodium leptophyllum L.; *Gymnogramma leptophylla* (L.) Desv.

•**Descripción:** terófito de frondes dimorfas, delicadas, glabras (pubescentes na súa xuventude). Trofófilos externos, 1-2 pinnados, estériles. Esporófilos internos fértiles, con lámina 2-3 pinna-dada, cos esporanxios acaroados aos lados dos nervios secundarios no extremo distal.

•**Distribución:** Europa atlántica, rexión mediterránea, Macaronesia, África tropical, Sudáfrica, Próximo e Extremo Oriente, India, Australia, Nova Zelandia, S e C de América. P. Ibérica: espallada (W, S, NE e localidades illadas del C y E).

•**Hábitat:** muros e gretas de rochas en zonas umbrías e húmidas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, encoro del Lindoso, 29TNG7540, 370 m, cemba inferior de estrada, baixo olmos, 22/04/2005, IPS, SANT 52962.

•**Bibliografía:** NOGUEIRA (1986).

F. HYPOLEPIDACEAE

— *Pteridium* Gled. ex Scop. —

■ *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn

Pteris aquilina L.

- **Descripción:** xeófito de rizoma moi desenvolto e ramoso. Frondes espalladas, non en fascículos, marcescentes. Pecíolo acanalado, subigual ou menor cá lámina, con pelos pluricelulares na base e glabro no resto. Lámina 3-4 pinnada. Indusio dobre, continuo e marxinal. O externo ou pseudoindusio procede da marxe revoluta da fronde e ten unha ampla marxe membranosa de marxe ciliada. Indusio verdadeiro marrón de marxe lixeiramente fimbriada.
- **Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: frecuente no N e en sistemas montañosos do resto.
- **Hábitat:** bosques alterados e matogueiras sobre chans profundos.
- **Frecuencia:** moi abundante.
- **Pregos herborizados:**
->LOBIOS, Manín, 29TNG7337, 480 m, pradaría en marxe de estrada, 02/05/2005, IPS, SANT 53006. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, carballeira termófila sen sobreiras sobre antigas parcelas de cultivo, (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*) 10/10/2015, IPS, SANT 72061.
- **Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA (1986a).

F. OSMUNDACEAE

— *Osmunda* L. —

■ *Osmunda regalis* L.

- **Descripción:** xeófito con grosor rizoma horizontal. Frondes dispostas helicoidalmente, erectas, de ata máis de 2 m, con raque acanalado, heteromorfas sendo fértiles as interiores (esporófilos). Lámina bipinnada con pinnulas asimétricas sentadas ou case. Esporofilos centrais con esporanxios subglobosos en panículas na parte superior da fronde. Esporanxios con dehiscencia por fendedura apical das valvas.
- **Distribución:** zonas temperadas e tropicais. Falta en Australia e illas do Pacífico. P. Ibérica: N, NE Cataluña, C e W.
- **Hábitat:** bosques de ribeira, ameneiraís e salgueiraís (*Osmundo-Alnion glutinosae*) e marxes de regatos de piso mesotemperado. Preferentemente silicícola. Piso mesotemplado.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
->LOBIOS, Vilameá, río de Vilameá, 29TNG7536, 440m, ameneiral de riberia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 47799. Compostela, 29TNG7036, 390 m, interior de salgueiral-ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49198. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129 850 m, marxe de regato estacional que cae sobre a pista, 13/09/2018, IPS & D.Manso, SANT 76578. >MUIÑOS, presa encoro de Salas-Requiás, Regato da Ponte Nova, 29TNG8740, 850 m, pradaría megafórbica na beira e entre grandes pedras de granito que sobresaen do leito (*Alliarion petiolatae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78843.
- **Bibliografía:** CASTROVIEJO (1986a).

F. POLYPODIACEAE

— *Polypodium* L. —

Herbáceas vivaces con rizoma rastreiro, superficial, densamente paleáceo. Frondes pecioladas con lámina pinnatipartida a pinnatisecta. Soros redondeados, confrontados dous a dous nas marxes do nervio medio. Sen indusio. Esporánxios con aneis de paredes engrosadas en numero variable segundo a especie.

•**Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA (1986b).

Clave de especies

1. Soros con paráfisis	<i>P. cambricum</i>
Soros sen paráfisis	2
2. Anel con 7-10 células de cor amarelenta a pálida	<i>P. interjectum</i>
Anel con 11-14(18) células pardo-avermelladas	<i>P. vulgare</i>

■ *Polypodium cambricum* L.

P. australe Fée, *P. serratum* (Willd.) A. Kern., *P. vulgare* subsp. *serrulatum* (Fée) Greuter & Burdet

•**Descripción:** xeófito con rizoma rastreiro paleáceo. Paleas linear-ovales ou linear-laceoladas, longamente acuminadas, de ata 16 mm de longo. Frondes con lámina pinnatisecta maior có pecíolo. Lámina coa maior anchura na base, de ovado-oblonga a ovado-triangular. Pinnas atenuadas no ápice, agudas, con marxe de subenteira a fortemente aserrada e co par basal reflexo e orientado en distinto plano. Soros elípticos con paráfisis ramificadas. Esporánxio con anel de células de cor amarela pálida.

•**Distribución:** rexión mediterránea acadando zonas eurosiberianas do S e W de Europa ata Irlanda.

•**Hábitat:** muros, gretas de rochas e epífito de ábores añosas.

•**Frecuencia:** especie que necesita confirmación no PNBL-SX.

•**Pregos herborizados:** -

■ *Polypodium interjectum* Shivas

Polypodium vulgare subsp. *prionodes* (Ascherson) Rothm.

•**Descripción:** xeófito con rizoma rastreiro paleáceo. Páleas do rizoma de 3,5-10mm. Lámina maior có pecíolo. Pinnas xeralmente agudas. Anel melado ou marrón amarelento formado por 7-10 células. Soros elípticos.

•**Distribución:** Europa, Anatolia, Marruecos e W de Asia. P. Ibérica: mais frecuente no N. Tamén no C, W e NE.

•**Hábitat:** muros e epífito de ábores añosos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Lantemil, 29TNG7039, 340 m, antigo muro de fincas sobre o encoro, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70469. >**MUÍÑOS**, Barrio de Muíños-O Rañadoiro, 29TNG8345, 625 m, sebe de división de fincas xunto a *Ruscus aculeatus* e *Quercus robur*, 05/11/2014, IPS, SANT 70411.

■ *Polypodium vulgare* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma rastreiro paleáceo. Páleas do rizoma 3-6mm, anchamente ovadas, acuminadas, pardo escuras. Lámina pinnatisecta, xeralmente moito maior có pecíolo. Pinnas

xeralmente obtusas. Soros redondeados sen paráfisis. Anel castaño-avermellado formado por 11-14(18) células pardo-avermelladas.

•**Distribución:** rexión eurosiberiana e montañas da rexión mediterránea. P. Ibérica: N, sistemas montañosos do C e Serra Nevada.

•**Hábitat:** muros e epífito de árbores añosos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, San Fiz, río Limia, 29TNG8850, sobre ponte de pedra, 29/09/2005, J.Amigo & IPS, SANT 54054. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, muro baixo cuberta de carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 23/09/2018, IPS, SANT 76637. >LOBEIRA, Torneiros, 29TNG7847, 600 m, cemba con afloramentos de rocha granítica, (*Phagnalo-Rumicetea*) 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70462. Torneiros-Facós, 29TNG7847, 600 m, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70461. >LOBIOS, Manín-Padrendo, 29TNG7337, 455 m, carballeira con muros de pedra, 10/10/2015, IPS, SANT 72034. A Ponte Nova, Vía romana, 29TNG7231, 550 m, en orla de carballeira con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS & D.Manso & V.Orellana.

F. SINOPTERIDACEAE

— Cheilanthes Sw. —

■ *Cheilanthes* sp.

•**Descripción:** Herbáceas vivaces con rizoma curto. Frondes fasciculadas con pecíolo filiforme, en conxunto inferiores a 15 cm, normalmente moito menores. Lámina 2-3 veces pinnada. Esporangios na marxe protexidos por un pseudoindusio intermitente de marxe membranosa.

•**Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA (1986c) •**Citas previas:** CAMAÑO et al. (2003).

F. THELYPTERIDAE

— Christella H. Lév. —

■ *Christella dentata* (Forssk.) Brownsey & Jeremy

Polypodium dentatum Forsskal; *Thelypteris dentata* (Forsskal) St. Jhon

•**Descripción:** Rizoma con páleas oval-lanceoladas, acuminadas, de ata 10 mm de lonxitude, pardos-negrizas. Frondes espalladas con pecíolo acanalado menor cá lámina, con pelos de tamaño variable en toda a súa superficie. Lámina 1 pinnada, con 15-25 pares de pinnas, as inferiores sensiblemente menores. Pínnulas de ápice redondeado. Soros orbiculares sobre os nervios, con indusio reniforme cuberto de pelos ríxidos abrancazados.

•**Distribución:** rexións tropicais e subtropicais do vello mundo. Naturalizada en América. Con escasas localidades europeas (España e Creta). Como relichto aparece no continente europeo no Parque Natural de Los Alcornocales (Cádiz). Existen datos sobre a súa naturalización a partir de exemplos cultivados no E da península (PÉREZ BADIA, 1997; BALLESTEROS et al. 2007). Non se volveu atopar nos límites do PN Baixa Limia-Serra do Xurés, onde foi atopada pola Dra. Horjales, nun muro sobre o antigo manancial de augas termais en Riocaldo.

•**Hábitat:** marxe de regato en sotobosques.

•**Frecuencia:** ¿Extinto? (QUINTANILLA, 2003)


•**Lexislación:** En Perigo de Extinción (CGEA, 2007).

•**Citas previas:** LOBIOS, c. Torneiros. 29TNG7434 ó 29TNG7435. 400 m, muro adxacente a xurdimento de augas termais (HORJALES et al., 1988).

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO (1986b). •**Citas previas:** HORJALES et al. (1988).




Blechnaceae *Blechnum spicant*



Blechnaceae *Blechnum spicant*. (Trofófilos y Esporófilo)



Hemionitidaceae *Anogramma leptophylla*



Hypolepidaceae *Pteridium aquilinum*




Polypodiaceae *Polypodium interjectum*



Osmundaceae *Osmunda regalis*



Osmundaceae *Osmunda regalis*



Pteridium aquilinum

DIV. SPERMATHOPHYTA

Clave de familias

1. Sementes en conos sostidas por escamas ovulíferas	DIV. PINOPHYTA (GYMNOSPERMAS)
Sementes protexidas polos carpelos do froito	DIV. MAGNOLIOPHYTA (ANGIOSPERMAS)

DIV. PINOPHYTA (GYMNOSPERMAE)

Clave de familias

1. Follas escamosas, imbricadas	Cupressaceae
Follas non imbricadas, non escamosas	2
2. Sementes en piñas	Pinaceae
Sementes rodeadas dunha cuberta carnosa (arilo)	Taxaceae

F. CUPRESSACEAE

Clave de xéneros

1. Estróbilos de menos de 1 cm; ramíñas aplanas; follas en grupos de 4 opostas 2 a 2	Chamaecyparis
Estróbilos de más de 1 cm; ramíñas redondeadas ou cuadrangulares, follas opostas	2
2. Con más de 5 sementes por escama	Cupressus
Con 5 sementes por escama	x Cupressocyparis

*Na veciña Serra do Gerês (Portugal) existen algúns individuos de *Juniperus communis* subsp. *alpina* (Suter) Čelak, que se diferencia dos xéneros anteriores polos seus froitos carnosos.

— Chamaecyparis Spach —

■ *Chamaecyparis lawsoniana* (A. Murray) Parl.

Cupressus lawsoniana A. Murray

• **Descripción:** fanerófito. Árbore de ata 40 m de altura, de copa cónica e guía terminal inclinada. Tronco coa casca pardenta, con profundas gretas lonxitudinais irregulares. Ramíñas comprimidas nun só plano. Follas escuamiformes en 4 filas apostas dúas a dúas, imbricadas, de dorso aquillado e ápice libre e conivente. Conos masculinos de cor carmín. Estróbilos de 8-10 mm de diámetro, de maduración anual e formados por 8-10 escamas peltadas, cada unha con 2-4(5) sementes con ás anchas desde a base ata o ápice.

• **Distribución:** Estados Unidos. Introducido.

• **Hábitat:** cultivado como ornamental e para formación de sebes.

• **Frecuencia:** raro

•**Pregos herborizados:**

>CAVOS DE RANDÍN, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, orla de ameneiral adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, viveiro, 29TNG7130, 655 m, cultivado, alienación en marxe pista, 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59573. Serra de Santa Eufemia, c. viveiro, 29TNG7130, 690 m, illado, plantado en cerre de cercado cinexético, 16/05/2010, IPS, SANT 62415.

•**Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1986a).

— ***Cupressus* L.** —

Árbores de follas escamosas, opostas, imbricadas. Monoicos con flores unisexuais. Infrutescencia feminina en estróbilos leñosos con 6-14 escamas peltadas.

•**Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1986b).

Clave de especies

1. Ápice das ramas superiores colgantes; follas de ápice libre; estróbilos <15 mm	<i>C. lusitanica</i>
Ápice das ramas superiores non colgantes; follas de ápice non libre; estróbilos >20 mm	<i>C. macrocarpa</i>

■ ***Cupressus lusitanica* Mill.**

•**Descripción:** fanerófito. Árbore de ata 30 m de altura, con ramas patentes e colgantes no ápice. Casca marrón-avermellada en exemplares novos que van tornándose a agrisada ou abrançazada nos árbores adultos. Follas escuamiformes, opostas, decusadas, imbricadas, verdosas, de 1,5-2 mm de lonxitude, co ápice libre. Plantas monoicas. Conos masculinos con escamas peltadas. Estróbilos femininos de maduración bienal, glaucos de novos, subglobosos, de 12-15 mm, con 6-8 escamas prominentemente cuspídas. Cada unha con numerosas sementes bialadas, coas que se ensanchan gradualmente cara o ápice.

•**Distribución:** México e Guatemala. Descrito a partir de materiais recolectados nos xardíns do Palacio de Bussaco (Portugal).

•**Hábitat:** cultivado en marxe de cercado cinexético.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 700 m pista de subida a Santa Eufemia desde viveiro forestal, 02/10/2011, IPS, SANT 65244.

■ ***Cupressus macrocarpa* Hartw.**

Cupressus lambertiana Carrière

•**Descripción:** fanerófito. Árbore con ramas erecto-patentes sen os ápices colgantes, formando unha copa ancha. Casca moi gretada formando placas pardo-agrisadas. Follas escuamiformes, opostas, decusadas, imbricadas, verdosas, de 1-2 mm de lonxitude, con olor a cítrico ao frotalas. Plantas monoicas. Conos masculinos con escamas peltadas. Estróbilos femininos de maduración bienal, esféricos, de 25-35 mm de diámetro, pardo-avermellado primeiro e agrisado na madurez, con 8-14 escamas con mucrón obtuso cada unha con numerosas sementes de á estreita.

•**Distribución:** S de California (N de América).

•**Hábitat:** repoboacións illadas. Introducido.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Ponte Nova, vía Romana, 29TNG7331, 580 m, individuos illados procedentes de antigas repoboacións, 16/01/2011, IPS, SANT 64186. Torneiros, 29TNG7334, 450 m, cultivado próximo a unha vivenda, 07/05/2011, IPS, SANT 64555. Vía Romana, c. de A Ponte Nova, 29TNG7229, 628 m, illado procedente de antiga repoboación, 22/09/2018, IPS, SANT 76577.

— x *Cupressocyparis Dallim.* —

■ *Cupressocyparis leylandii* (A.B. Jacks. & Dallim.) Dallim.

Cupressus × leylandii A.B. Jacks. & Dallim.; x *Cuprocyparis leylandii* (A.B.Jacks. & Dallim.) Farjon

•**Descripción:** fanerófito. Híbrido de *Cupressus macrocarpa* e *Callitropis nootkatensis*, de rápido crecemento que pode superar os 20 m de altura. Presenta porte columnar, ramíñas redondeadas. Follas opostas e decusadas, de 1,5-3 mm, ovadas, de base ancha e decorrente, cunha glándula resinosa pouco conspicua no dorso. Conos masculinos terminais, ovoides, amarelentos, de 3-5 mm. Estróbilos de c. 20 mm, con 8 escamas (4 pares decusadas) peltadas e 5 sementes estreitamente aladas por escama con diminutas vesículas resinosas.

•**Distribución:** descubríronse híbridos, moi escasos, en Norteamérica. Posteriormente obtivéronse mediante manipulación, con grande éxito comercial.

•**Hábitat:** cultivado como ornamental e como formador de sebes.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso.

•**Bibliografía:** (www.theplantlist.org; www.arbolesornamentales.org).

F. PINACEAE

Clave de xéneros

1. Árbores caducifolios	Latrix
Árbores perennifolios	2
2. Follas planas	Pseudotsuga
Follas aciculares	3
3. Acículas libres	Picea
Acículas reunidas en grupos de 2 ou 3 pola base	Pinus

— *Larix* Mill. —

■ *Larix kaempferi* (Lamb.) Carr.

•**Descripción:** fanerófito caducifolio e monoico. Copa piramidal, non densa. Follas fasciculadas en grupos de máis de 5, con dúas bandas estomatíferas no envés. Flores masculinas na base e as femininas en zonas más altas. Estróbilos de 19-32 mm, erectos, persistentes non desfacéndose na madurez, con escamas seminíferas espiraladas, leñosas, recurvadas cara fóra e non imbricadas, as fértiles con 2 sementes na súa base. Moitas das escamas non producen sementes. Sementes 3-5 x 2-3 mm, recuberta dun á parda do dobre de lonxitude. É veceiro en canto á produción de froitos.

•**Distribución:** orixinario do Japón.

•**Hábitat:** repoboacións forestais.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Alto das Motas, 29TNG8251, 810 m, plantados preto de área recreativa, 19/12/2014. IPS & D.Manso, SANT 70450. >MUIÑOS, Prado-Albite, 29TNG8341, 850 m, dentro de repoboacións de *Pinus sylvestris*, 30/04/1993, IPS, SANT 52351.

•**Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1986c).

— ***Picea* A. Dietr.** —

■ ***Picea abies* (L.) H. Karst.**

•**Descripción:** fanerófito. Árbore de gran talla, con ramas patentes excepto as superiores ascendentes dándolle o típico aspecto de copa piramidal. Casca pardo alaranxada, escamosa en exemplares adultos. Follas aciculares de 1-2,5 cm, de sección cuadrangular, ríxidas, bruscamente rematadas en punta aguda, con filas de estomas en cada unha das 4 caras. Flores unisexuais. Conos masculinos ovoides, de 2-2,5 cm, avermellados. Conos femininos que maduran no mesmo ano (outono), alongados de forma cilíndrica, colgantes, con escamas semníferas delgadas, de contorno trapezoidal e de cor parda. Semente triangular cun á que a supera.

•**Distribución:** N de Europa, acadando polo sur os macizos montañosos dos Alpes e Balcáns.

•**Hábitat:** cultivado como ornamental e en repoboación experimental.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Alto das Motas, 29TNG8251, 810 m, cultivados preto de área recreativa, 19/12/2014. IPS & D.Manso.

•**Bibliografía:** VVAA.

— ***Pinus* L.** —

Árbores perennifolios de copa piramina. Troncos con ramas verticiladas recubiertas de una corteza gruesa y agrietada que emite resina al dañarse. Follas lineares o aciculares en grupos de 2-3 sobre braquiblastos muy cortos. Conos masculinos en la base de los brotes anuales. Estróbilos (piñas) que tardan 2-3 años en madurar. Semillas aladas.

•**Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1986d).

Clave de especies

1. Follas en grupos de 3 acículas	<i>P. radiata</i>
Follas en grupos de 2 acículas	2
2. Acículas >10 cm; piñas > 10 cm	<i>P. pinaster</i>
Acículas < 8 cm; piñas < 8 cm	<i>P. sylvestris</i>

■ ***Pinus pinaster* Aiton**

Pinus pinaster subsp. *atlantica* Villar

•**Descripción:** fanerófito. Árbore adulta sen copa aparsolada, piramidal, de ata 40 m. Casca profundamente gretada sobre todo preto da base, emitindo resina cando se corta. Follas en fascículos de 2, de 8-25 cm de lonxitude. Estróbilos ou piñas de máis de 8 cm de lonxitude, case sentados, piramidais e que tardan dous anos en abrir, verdes na xuventude e pardas na madurez. Apófisis das escamas con embigo prominente. Sementes de menos de 1 cm cunha á desenvolta de ata 3 cm.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental e zonas atlánticas SW de Europa. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** repoboacións forestais, bosques alterados, terreos alterados e incendiados.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Sarreus de Bande, 29TNG8454, 790 m, carballeira baixo pobo (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii*), 23/09/2018, IPS. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7539, 380 m, repoboación de *Pinus pinaster* con restos de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53013.

■ *Pinus radiata* D. Don

Pinus insignis Douglas

•**Descripción:** fanerófito de ata 30 m coa casca grossa, pardo-avermellada igual cás ramíñas novas. Ramas inferiores horizontais, en xeral ascendentes. Follas en fascículos de 3, de 7-15 cm. Estróbilos en grupos de 2 ou verticilados, subsentados, claramente asimétricos, de ata 15 cm de lonxitude. Escamas basais moi prominentes, coa apófisis más pronunciadas ca no resto do estróbilo. Semente de 5-8 mm, alada.

•**Distribución:** W Norteamérica. Empregada en repoboacións no N de España e N e C de Portugal.

•**Hábitat:** repoboacións forestais. Requiere chans profundos e non soporta xeadas. Piso mesotemplado.

•**Frecuencia:** escaso na serra do Xurés. Máis usado nos montes de Bande e Lobeira.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, arreus de Bande, 29TNG8454, 790 m, carballeira baixo pobo (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii*), 23/09/2018, IPS, SANT 76663. >LOBEIRA, Torneiros, 29TNG7847, 600 m, repoboación forestal, 19/12/2014, IPS & D.Manso. >MUIÑOS, Cados-Reparade, O Regueiro, 29TNG8244, 715 m, exemplar illado sobre cemba de estrada, 24/02/2011, IPS & D.Manso, SANT 64330.

■ *Pinus sylvestris* L.

•**Descripción:** fanerófito de ata 40 m. Forma cónica na xuventude para facerse anchamente irregular na madurez. Casca asalmonada en parte superior, que se exfolia en placas. Ramíñas avermeillado-amarelentas. Follas ríxidas en fascículos de 2, de 3-8 cm de lonxitude, glaucas. Estróbilos pequenos, de 3-6 cm, pardo-amarelentas, subsésiles, ovoideos a cónicos. Apófisis planas con embigo múltico. Sementes de 3-5 mm, aladas.

•**Distribución:** Asia, N, C e montañas do S de Europa. P. Ibérica: N, NW, C e E.

•**Hábitat:** repoboacións forestais no piso supratemperado. Xerminan plántulas sobre terreos desprovistos de vexetación por incendio.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Alto do Vieiro, 29TNG8765, 900 m, piñeiral de repoboación, 06/07/2005, IPS, SANT 53991. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7131, 850 m, exemplar procedente de antigas repoboacións, 07/1992, IPS, SANT 52350. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7030, 1030 m, exemplar procedente de antigas repoboacións, 19/10/2008, IPS & D.Manso, SANT 60007. >MUIÑOS, Prado-Salgueiro, 29TNG8441, 970 m, piñeiral de repoboación. >30 años, 07/04/2011, IPS, SANT 64521. Guntumil-Maus de Salas, Cavaladre, 29TNG8941, 845 m, piñeiral de repoboacións 09/10/2015, IPS, SANT 72045. >VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1205 m, pastos (*violion caninae*) sobre chans profundos, 18/08/2012, IPS, SANT 65853.

— Pseudotsuga Carrière —

■ *Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco

Abies menziesii Mirb., *Pinus douglasii* Sabine ex D. Don

- **Descripción:** fanerófito. Casca pardo-agrisada, vaise agretando coa idade, de novo con ampolas resiníferas. Ramiñas con pilosidade curta, escura. Xemas con escamas pardo-avermelladas. Follas de disposición espiralada na cal as dispostas no plano superior xiran cerca da base para presentar unha superficie foliar nun só plano. Acículas de 2-3,5 cm, con 2 bandas estomáticas no envés. Conos femininos péndulos, estreitos (5-11 x 2-3 cm).
- **Distribución:** Norteamérica, desde o SW de USA ata o SW de Canadá. P. Ibérica: N, NW e C.
- **Hábitat:** introducido. Empregado como árbore ornamental e en repoboacións forestais. Presenta un espectacular crecemento (segunda conífera máis alta do mundo). Madeira con múltiples usos.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - >BANDE, 29TNG8752, 900 m, repoboación forestal, 23/06/2021, IPS, SANT 80335. >LOBIOS, A Cela-Reparade, 29TNG8041, 720 m, cultivado en área recreativa (OU-1206, km 13), 11/06/2020, IPS, SANT 78833. >Muíños, Porqueirós, 29TNG8544, 800 m, plantación en fileira en marxe de finca, 23/02/2011, IPS & D.Manso, SANT 64329.
- **Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1986e).

F. TAXACEAE

— *Taxus* L. —

■ *Taxus baccata* L.


- **Descripción:** fanerófito perennifolio de longa lonxevidade, xa que rebrota profusamente de árbores caídos ou aparentemente mortos. Estrutura da árbore coas ramas horizontais ou algo colgantes, en disposición irregular formando unha copa piramidal. Non resinoso. Follas lineares, aplanadas. Dioico, conos masculinos solitarios, axilares na cara inferior das ramas. Semente recuberta na súa maior parte por unha envolta carnosa (arilo) de cor vermella.
- **Distribución:** W de Asia, Europa e N de África. P. Ibérica: zonas de montaña, aínda que só nalgúns puntos da metade N de Portugal.
- **Hábitat:** bosques de valgada (cargas) no piso supratemperado.
- **Frecuencia:** raro.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBIOS, Serra do Xurés, nacemento da Corga do Medeiro, 29TNG7630, 1250 m, una falla en valgada, rodeada de paredes verticais de granito, ambiente húmido e fresco, 14/06/1995, IPS, SANT 52626. Serra do Xurés, 29TNG7430, 920 m, arbustral sobre regato de valgada (*Frangulo-Perion cordatae*), 29/04/1993, IPS, SANT 52627.
- **Bibliografía:** LAÍNZ (1971: 37); AMARAL FRANCO (1986f).



Cupressaceae *Chamaecyparis lawsoniana*



Cupressaceae *Cupressus lusitanica*



Cupressaceae *Juniperus communis* var. *alpina*



Pinaceae *Picea abies*



Pinaceae *Pinus pinaster*



Pinaceae *Pinus sylvestris*



Pinaceae *Pseudotsuga meziensii*



Taxaceae *Taxus baccata*

ANGIOSPERMÆ (DIV. MAGNOLIOPHYTA)

Clave de grupos monofiléticos

1. Plantas con verticilos florais trímeros, follas paralelinervias e un só cotiledón	LILIOPSIDA
Plantas que non reúnen os caracteres anteriores	2
2. Árbore dioico; follas perennes, agudas no ápice e atenuadas na base, cartáceas, aromáticas; froito en baga negriza na madurez	MAGNOLIANAE pp
Sen a reunión de caracteres precedentes	3
3. Planta rubideira; follas cordadas na base; flores con periantio dunha soa envoltura, tubular e terminado nunha pequena lingua	MAGNOLIANAE pp
Sen a reunión de caracteres precedentes	EUDICOTYLEDONEAE

MAGNOLIANAE

F. LAURACEAE (Or. Laurales)

F. ARISTOLOCHIACEAE (Or. Piperales)

EUDICOTYLEDONEAE

F. ADOXACEAE	F. APOCYNACEAE	F. AMARANTHACEAE,
F. AQUIFOLIACEAE	F. ARALIACEAE	F. ASCLEPIADACEAE
F. ASTERACEAE	F. BALSAMINACEAE	F. BETULACEAE
F. BORAGINACEAE	F. BUXACEAE	F. CAMPANULACEAE
F. CAPRIFOLIACEAE	F. CARYOPHYLLACEAE	F. CHENOPODIACEAE
F. CISTACEAE	F. CLUSIACEAE	F. CONVOLVULACEAE
F. CRASSULACEAE	F. CRUCIFERAE	F. CUCURBITACEAE
F. CUSCUTACEAE	F. CYTINACEAE	F. DROSERACEAE
F. ERICACEAE	F. EUPHORBIACEAE	F. FAGACEAE
F. FUMARIACEAE	F. GENTIANACEAE	F. GERANIACEAE
F. HALORAGACEAE	F. HEMIONITIDACEAE	F. LABIATAE
F. LEMNACEAE	F. LENTIBULARIACEAE	F. LINACEAE
F. LYTHRACEAE	F. MALVACEAE	F. MENYANTHACEAE

F. MONTIACEAE	F. MORACEAE	F. MYRTACEAE
F. OLEACEAE	F. ONAGRACEAE	F. OROBANCHACEAE
F. OXALIDACEAE	F. PAPILIONACEAE	F. PHYTOLACCACEAE
F. PLANTAGINACEAE	F. PLUMBAGINACEAE	F. PORTULACACEAE
F. PRIMULACEAE	F. PROTEACEAE	F. RANUNCULACEAE
F. RESEDACEAE	F. RHAMNACEAE	F. ROSACEAE
F. RUBIACEAE	F. SALICACEAE	F. SANTALACEAE
F. SAPINDACEAE	F. SAXIFRAGACEAE	F. SCROPHULARIACEAE
F. SOLANACEAE	F. THYMELAEACEAE	F. ULMACEAE
F. UMBELLIFERAEE	F. URTICACEAE	F. VERBASCOIDEAE
F. VERBENACEAE	F. VIOLACEAE	F. VITACEAE

LILIOPSIDA

F. ALISMATACEAE	F. ALLIACEAE	F. AMARYLLIDACEAE
F. ARACEAE	F. COLCHICACEAE	F. COMMELINACEAE
F. CYPERACEAE	F. DIOSCOREACEAE	F. GRAMINEAE
F. HYACINTHACEAE	F. IRIDACEAE	F. JUNCACEAE
F. LILIACEAE	F. ORCHIDACEAE	F. POTAMOGETONACEAE
F. RUSCACEAE	F. TYPHACEAE	

DIV. MAGNOLIANAE

Clave de familias

1. Plantas herbáceas, rubideiras; corola estreita e alongada de pétalos soldados	Aristolochiaceae
Plantas leñosas, árbores; corola de pétalos libres e caedizos	Lauraceae

F. ARISTOLOCHIACEAE

— Aristolochia L. —

■ *Aristolochia paucinervis* Pomel

- **Descripción:** talo herbáceo. Follas alternas, enteirras, pecioladas, as maiores ao menos 2 cm de anchura. Flores solitarias pediceladas, nas axilas das follas. Periantio irregular, lixeiramente ensanchado na base, despóis contraído e posteriormente alongado nun longo tubo recto que termina nun labio reflexo púrpura-pardentas. Androceo con 6 estames. No interior presentan pelos dirixidos cara a base que impiden saír aos insectos polinizadores durante o día (cáense ao anoteclar). Ovario con estilos que forman unha columna sobre a que se sitúa o estigma carnoso e con 6 lóbulos. Froito en cápsula.
- **Distribución:** rexión mediterránea e macaronésica. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** bosques do piso mesotemperado.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - >**LOBIOS**, Baños de Riocaldo-Vilameá, 29TNG7435, 400 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 04/1993, IPS, SANT 44833 e 46669. Padrendo, 29TNG7436, 440 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53122. >**Muíños**, Pazos, 29TNG8143, 730 m, sotobosque alterado de reboleira (*Quercion robori-perenniae*), 14/04/1997, IPS, SANT 46668. Mogueimes-Porqueirós, 29TNG8544, 750 m, zona sombría baixo muro que delimita antigo prado, 18/04/1997, IPS, SANT 46670.
- **Bibliografía:** CASTROVIEJO (1986).

F. LAURACEAE

— *Laurus* L. —

■ *Laurus nobilis* L.

- **Descripción:** fanerófita perennifolio, dioico. Tronco recto de casca lisa, con ramas erectas. Ramíñas glabras. Follas simples, alternas, curtamente pecioladas. Lámina oblongo-lanceolada, coriácea, coa face máis escura có envés, con células oleíferas. Inflorescencias axilares en umbelas, con 2-4 brácteas basais e 4-6 flores unisexuais con 4 pétalos abrançazados, crema ou verde-amarelentos, subiguais e caedizos. Flores masculinas con numerosos estames que posúen 2 nectarios preto da base dos filamentos e xineceo moi pouco desenvolto. Flores femininas con ovario subsésil, estilo curto e estigma trífido, con estaminodios apendiculados. Froito en baga negra lixeiramente acuminada.
- **Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: preferentemente en comarcas litorais.
- **Hábitat:** bosques termófilos. Árbore frecuentemente cultivado.
- **Frecuencia:** común. Piso mesotemperado.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, xunto a muro de casa derruída, posible procedencia de cultivo, 24/02/2005, IPS, SANT 52337. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7539, 380 m, repoboación de *Pinus pinaster* con restos de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53014. Devesa-Padrendo, río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, ameñeiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53018 e 53111. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, carballeira termófila sen sobreiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*) sobre antigas parcelas de cultivo, 10/10/2015, IPS, SANT 72060.

•**Bibliografía:** VILLAR (1986a).



Pinaceae *Aristolochia paucinervis*



Lauraceae *Laurus nobilis*

DIV. EUDICOTYLEDONEAE

Clave de familias

1. Plantas leñosas; flores dispuestas en amentos, xeralmente colgantes, sen periantio ou con el moi pouco conspicuo	2
Plantas herbáceas ou leñosas con flores noutra disposición, ou si en amentos, con periantio conspicuo	5
2. Plantas dioicas; flores sen periantio	Salicaceae
Plantas monoicas; flores con periantio, áinda que en ocasións reducido e pouco conspicuo	3
3. Froito en disamara	Sapindaceae pp
Froito doutra forma	4
4. Flores con 3-6 estilos; froito cunha cuberta parcial e escamosa ou total e con espiñas	Fagaceae
Flores con 2 estilos; froito alado ou rodeados de brácteas foliáceas	Betulaceae
5. Árbores ou arboriñas caducifolias	6
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	13
6. Froito alado	7
Froito non alado	9
7. Froito en disamara; follas palmatinervias	Sapindaceae
Froito en samara simple; follas pinnatinervias	8
8. Froito en samara alongada coa semente disposta nun extremo; follas imparipinnadas	Oleaceae
Froito en samara orbicular coa semente disposta preto do centro; follas simples	Ulmaceae
9. Infrutescencia, colgante	10
Infrutescencia non colgante	11
10. Froito en cápsula estreita e alongada	Bignoniaceae
Infrutescencia globosa; follas palmatinervias; casca esgazada en placas	Platanaceae
11. Froito en sicono (figo) ou sorosis (mora); follas lobuladas ou dentadas	Moraceae
Plantas sen as características precedentes	12
12. Follas pinnatinervias; inflorescencia con pedúnculo soldado a unha bráctea foliácea	Malvaceae pp
Froito drupáceo; follas enteiras; ramas novas con lenticelas	Rhamnaceae
13. Árbores ou arboriñas perennifolias	14
Plantas herbáceas ou leñosas que non reúnen os caracteres anteriores	19
14. Dioicos; follas lustrosas, ríxidas, discoloras	AQUIFOLIACEAE
Monoicos	15

15. Flores con estames inclusos, non visibles	Ericaceae pp
Flores con estames longamente exertos, visibles	16
16. Árbores de flores amarelas ou rosadas; froito en legume	Fabaceae pp
Sen as características precedentes	17
17. Árbores; aromáticas; follas novas e adultas dimorfas; as adultas alternas	Myrtaceae
Arbustos densamente foliosos desde a base; follas opuestas, enteiras	18
18. Follas opuestas <2,5 cm; flores crípticas	Buxaceae
Follas opuestas > 2,5 cm; flores evidentes con periantio dobre	Adoxaceae
19. Corola papilionada (1 estandarte, 2 ás e 1 quilla); estames soldados polos filamentos	Fabaceae pp
Sen a reunión de caracteres precedentes	20
20. Estípulas das follas soldadas formando unha vaíña membranosa por enriba do nó (ócrea)	Polygonaceae
Nós sen ócrea	21
21. Plantas rubideiras	22
Plantas non rubideiras	30
22. Talo con raíces fixadoras; inflorescencias en umbela	Araliaceae
Sen a reunión de caracteres precedentes	23
23. Follas en verticilos	Rubiaceae pp
Follas non en verticilos	24
24. Con gabiáns	25
Sen gabiáns	27
25. Follas profundamente divididas	Papaveraceae pp
Follas dentadas ou lobuladas	26
26. Folla con poucos dientes en cada lóbulo; froito avermellado na madurez	Cucurbitaceae
Folla densamente dentada; froito violáceo negrizo na madurez	Vitaceae
27. Corola infundibuliforme (forma de embude)	Convolvulaceae
Corola non infundibuliforme	28
28. Follas 2-3 veces divididas	Papaveraceae pp
Follas enteiras, lobuladas ou pinnadas	29
29. Corola cigomorfa (irregular)	Adoxaceae
Corola actinomorfa (regular)	Solanaceae pp
30. Plantas con látex branco; inflorescencia en ciatio	Euphorbiaceae
Plantas sen látex branco, ou se o presentan non teñen inflorescencia en ciatio	31
31. Plantas herbáceas e insectívoras de medios turfófilos; con indumento de pelos glandulíferos terminados en grosas gotas; follas en roseta basal	32
Plantas leñosas ou herbáceas reúnen os caracteres anteriores	33

32. Pecíolo moito maior có limbo orbicular; con indumento de pelos glandulares avermellados	Droseraceae
Pecíolo moi curto, limbo de cor crema, de marxes involutos e tacto graxento	Lentibulariaceae
33. Plantas acuáticas flotantes, non enraizadas	Lemnaceae
Plantas que non reúnen os caracteres anteriores	34
34. Plantas acuáticas enraizadas con follas somerxidas pinnatisectas	35
Plantas que non reúnen os caracteres anteriores	36
35. Flores unisexuais sen pétalos ou con eles innconspicuos (<3mm)	Haloragaceae
Flores hermafroditas con pétalos brancos conspicuos	Ranunculaceae pp
36. Plantas acuáticas ou anfibias; follas enteiras ou lobuladas	37
Plantas terrestres ou anfibias que non reúnen os caracteres precedentes	39
37. Flores unisexuais, as masculinas con 2 estames	Plantaginaceae pp
Flores hermafroditas con máis de 12 estames	38
38. Flores pedunculadas, pentámeras; corola branca conspicua; estames numerosos; follas de marxe crenada, reniformes a suborbiculares	Ranunculaceae pp
Flores sésiles, hexámeras; corola púrpura inconspicua; estames 6; follas de marxe enteira, espatuladas	Lythraceae pp
39. Plantas parasitas (sen clorofila)	Menyanthaceae
Plantas con clorofila, podendo ser hemiparasitas	40
40. Plantas parásitas (sin clorofila)	41
Plantas con clorofila, pudiendo ser hemiparásitas	43
41. Talos curtos (<10 cm), mazudos, que saen do chan e están rodeados de follas (ou brácteas) amarelentas imbricadas; corola amarela	Cytinaceae
Plantas parasitas que non reúnen os caracteres anteriores	42
42. Talos erguidos que brotan do chan; cor parda; flores en espiga terminal	Orobanchaceae pp
Talos filiformes enredados noutras plantas; inflorescencias en pequenos glomérulos	Cuscutaceae
43. Flores en capítulo rodeada dun invólucro de brácteas ou en glomérulos co mesmo aspecto	44
Flores non en capítulo rodeado dun invólucro de brácteas	47
44. Sen cáliz ou con el en forma de papo (de pelos ou de coroa membranosa)	Asteraceae
Con cáliz evidente	45
45. Corola con 4 estames	Caprifoliaceae pp
Corola con 5 estames	46
46. Con follas caulinas; corola azulada con tubo curto e lóbulos longos e estreitos	Campanulaceae pp
Sen follas caulinas; corola rosada con tubo longo	Plumbaginaceae

47. Herbáceas higrófilas de pequeno porte; follas opostas; flores en cumes axilares e terminais; 5 pétalos (< 2mm) unidos na base; pedicelo acrecente e reflexo na frutificación; sementes negras reticuladas	Montiaceae
Plantas sen as características precedentes	48
48. Flores en umbela simple ou composta; pétalos libres; ovario ífero	Umbelliferae
Plantas sen as características precedentes	49
49. Flores cunha soa envoltura floral (sepaloidea) ou sen periantio	50
Flores con periantio formado por dúas envolturas (cáliz e corola)	56
50. Follas opostas ou verticiladas	51
Follas alternas	53
51. Follas con marxe enteira	Caryophyllaceae
Follas con marxe dentada ou crenada	pp
	52
52. Plantas con cistolitos urticantes; marxe dentada	Urticaceae pp
Plantas sen cistolitos urticantes; marxe da folla crenada; ovario ífero	Saxifragaceae pp
53. Follas de ápice máis ou menos profundamente lobado ou dentado	Rosaceae pp
Follas de marxe enteira	54
54. Follas sésiles ou con pecíolo moi curto	Santalaceae
Follas con pecíolo manifesto	55
55. Inflorescencias densas en glomérulos ou espicastros (verticilos apertados)	Amaranthaceae
Inflorescencias non densas en glomérulos axilares excedidos polas follas	Urticaceae pp
56. Plantas con follas crasas; flores regulares; froito en polifolículo	Crassulaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	57
57. Corola de pétalos libres	58
Corola de pétalos soldados	73
58. Estames soldados entre si (en ocasións só unidos na base e con aspecto de libres)	59
Estames non soldados entre si	61
59. Flores con epicáliz; filamentos soldados formando un longo tubo	Malvaceae
Flores sen epicáliz; filamentos soldados só na base	60
59. Corola amarela; estames moi numerosos	Clusiaceae
Corola azul ou branca; 5 estames	Linaceae
61. Receptáculo floral prolongado na frutificación nun pico alongado ou columna, que sobresaé longamente do cáliz persistente, cos mericarplos na súa base	Geraniaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	62
62. Flores con 4 sépalos, 4 pétalos e 6 estames; froito en silicua ou silícula	Brassicaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	63

63. Flores con máis estames có dobre de pétalos	64
Estames en menor ou igual número có dobre de pétalos	68
64. Cálix con 2 sépalos	Papaveraceae pp
Cálix con máis de dous sépalos	65
65. Flores con ao menos algúns pétalos profunda e estreitamente lobulados	Resedaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	66
66. Froito en poliaquenio ou polifolículo; plantas herbáceas.	Ranunculaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	67
67. Ovario súpero; follas opostas	Cistaceae
Ovario ínfero ou semiínfero; follas alternas	Rosaceae
68. Ovario ínfero	69
Ovario súpero	70
69. Flores pentámeras	Saxifragaceae
Flores tetrámeras	Onagraceae
70. Estames en igual número có de pétalos	71
Estames en número dobre có de pétalos	72
71. Corola regular	Linaceae
Corola irregular, con esporón	Violaceae
72. Flores pentámeras ou tetrámeras	Caryophyllaceae
Flores hexámeras; cálix con apéndices intersepalinos intercalados entre os sépalos	Lythraceae pp
73. Plantas con todas as follas trifoliadas; folíolos obcordados	Oxalidaceae
Plantas con as follas de distinta forma	74
74. Follas en roseta basal; inflorescencias en espigas densas terminais	Plantaginaceae pp
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	75
75. Follas en verticilos; ovario ínfero	Rubiaceae
Plantas que non reúnen os caracteres precedentes	76
76. Ovario ínfero	77
Ovario súpero	79
77. Plantas leñosas	Ericaceae pp
Plantas herbáceas	78
78. Estames 5	Campanulaceae
Estames en número inferior a 5	Caprifoliaceae pp
79. Ovario de 2-4 carpelos libres ou soldados só na base	80
Ovario non dividido en 2-4 partes	83
80. Follas alternas	Boraginaceae
Follas opostas	81

81. Flores en verticilos	Lamiaceae
Flores non en verticilos	82
82. Flores en cumes axilares ou terminais; corola amarelo-verdosa o púrpura escura	Asclepiadaceae
Flores solitarias axilares; corola azul	Apocynaceae
83. Plantas leñosas	84
Plantas herbáceas ou leñosas só na base	86
84. Periantio dobre (cáliz e corola)	Ericaceae
Periantio simple, petaloideo	85
85. Plantas sen espíñas vulnerantes	Thymelaeaceae
Plantas con espíñas vulnerantes	Proteaceae
86. Froitos carnosos	87
Froitos non carnosos	88
87. Ovario con 10 carpelos; infrutescencia en acios colgantes densos e cilíndricos (>10cm)	Phytolaccaceae
Ovario con 5 carpelos; infrutescencia non en acio denso e cilíndrico	Solanaceae pp
88. Froitos cubertos de acúleos vulnerantes	Solanaceae pp
Froitos non cubertos de acúleos vulnerantes	89
89. Corola regular (actinomorfa)	90
Corola irregular (cigomorfa)	91
90. Corola rotácea	Primulaceae
Corola hipocrateriforme	Gentianaceae
91. Flores (¿corola?) con xiba ou esporón	92
Corola sen xiba ou esporón	93
92. Flores con 5 estames	Balsaminaceae
Flores con 4 estames	Plantaginaceae pp
93. Flores con 2 estames	Plantaginaceae pp
Flores con máis de dous estames	94
94. Inflorescencia en acio denso de grandes flores péndulas	Plantaginaceae pp
Plantas sen a reunión precedente de caracteres	95
95. Corola rotácea	96
Corola non rotácea	97
96. Flores < 3 mm de diámetro, axilares, solitarias ou parellas, branca a rosa pálido	Plantaginaceae pp
Flores > 10 mm de diámetro, amarelas; inflorescencia racemiforme	Verbasraceae
97. Corola con 2 lóbulos redondeados no labio superior que sobresaen a modo de viseira	Scrophulariacea
Plantas parasitas (sen clorofila) ou hemiparasitas; corola sen lóbulos redondeados que sobresaen a modo de viseira	Orobanchaceae

F. ADOXACEAE

Clave de xéneros

1. Follas simples; froito vermello	Viburnum
Follas compostas; froito negro	Sambucus

— **Sambucus L.** —

■ *Sambucus nigra* L.

- **Descripción:** fanerófito arbustivo ou arboriña ata 10 m, caducifolio. Follas opostas, pecioladas, imparipinnadas, compostas de 5-7 folíolos peciolulados e de marxe serrada, lixeiramente pubescentes polo envés. Inflorescencia cimosa en corimbo composto, de ata 20 cm de diámetro, con máis de 300 flores. Flores pentámeras, hermafroditas, actinomorfas. Cáliz hipocrateriforme terminado en 5 lóbulos. Corola branca rotácea, con tubo curto pero apreciable. Androceo con 5 estames libres e soldados á parte superior do tubo da corola. Ovario ínfero con 3 carpelos soldados. Froito en drupa, carnosa, globosa, negro-azulada.
- **Distribución:** Europa, W e SW de Asia. Naturalizada en N África, Azores e Madeira. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** vexetación arbustiva na orla de ameneira e outros bosques, sebes, más frecuente na proximidade de núcleos rurais.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - > **BANDE**, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 778 m, arbustral nitrófilo, 11/06/2004, IPS. > **CALVOS DE RANDÍN**, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, orla de ameneiral, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69914.
 - > **MUÍÑOS**, Reparade-Prado, 29TNG8141, 710 m, marxe externo de área recreativa, 11/06/2020, IPS, SANT 78823.
- **Bibliografía:** RUIZ TELLEZ & DEVESA (2007a).

— **Viburnum L.** —

■ *Viburnum opulus* L.

- **Descripción:** fanerófito caducifolio arbustivo de ramas flexibles, ata 4,5 m. Ramiñas parduscias. Follas simples, opostas, pecioladas, con estípulas filiformes, palmeado-lobadas, xeralmente trilobuladas e cos lóbulos dentados, discoloras coa face dun verde máis escuro có envés. Inflorescencia umbeliforme de menos de 10 cm de diámetro formada por cumes corimbiformes reunidas, coas flores sésiles ou curtamente pediceladas, as radiais estériles e cigomorfas de maior tamaño que as centrais. Cáliz de sépalos soldados terminados en lóbulos triangulares. Corola de cor branco-amarelenta, onde as flores externas presentan con frecuencia 2 dos 5 lóbulos soldados. Androceo con 5 estames. Froito en drupa, de ovoide a globoso, de cor vermella forte.
- **Distribución:** Eurasíatica e NW de África. P. Ibérica: provincias Cántabro-atlántica e Pirenaica; descende a través do Sistema Ibérico e as serras do SE ata Andalucía.
- **Hábitat:** vexetación arbustiva de substitución de bideira e ribeira. Aínda que non exclusiva, prefire chans calcáreos e profundos.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
 - > **MUÍÑOS**, Requiás, Rego da Ponte, 29TNG8638, 975 m, marxe de regueiro, 10/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 45418.
- **Bibliografía:** RUIZ TELLEZ & DEVESA (2007b).

F. AMARANTHACEAE

Clave de xéneros

1. Plantas non farinosas; flores unisexuais	<i>Amaranthus</i>
Plantas farinosas; flores hermafroditas	<i>Chenopodium</i>

— *Amaranthus* L.—

Plantas herbáceas de floración tardía, follas alternas, monoicas, con flores unisexuais en espicastros.

•**Bibliografía:** CARRETERO (1990).

Clave de especies

1. Froito dehiscente en pixidio; flores pentámeras	<i>A. hybridus</i>
Froito indehiscente; flores dímeras ou trímeras	<i>A. deflexus</i>

■ *Amaranthus deflexus* L.

•**Descripción:** xeófito. Herbácea de talos rastreiros ou erectos que xorden do rizoma, pubescentes cara o ápice. Follas pecioladas, alternas, simples, enteiras, con limbo de oval, lanceolado ou romboidal de 1,5-5(7) x 0,5-3(4) cm. Brácteas más curtas cós tépalos. Follas ovadas. Inflorescencia en espicastro terminal. Flores fundamentalmente dímeras áinda que poden existir algunas trímeras. Froito liso indehiscente, de maior tamaño cós tépalos. Semente de c. 1 mm, negra, comprimida, ovoide, moito menor cá cavidade do froito.

•**Distribución:** nativa en América do Sur. Naturalizada en zonas cálidas e temperadas de praticamente todo o mundo. Amplamente repartida na P. Ibérica.

•**Hábitat:** cunetas e baldíos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente rудерал, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73395.

>LOBIOS, Devesa, 29TNG7436, 390 m, sobre chan nitrificado e pisado (*Polecarpion tetraphelli*), 02/09/1997, IPS, SANT 47091. Fondevila, 29TNG7639, 405 m, marxe de cultivo (*Polecarpion tetraphelli*), 10/09/1997, IPS, SANT 47090. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, pradarias nitrófilos en marxe de entullo, 13/07/2012, IPS, SANT 65907.


■ *Amaranthus hybridus* L.

•**Descripción:** terófito. Planta erecta, glabra o con pilosidade escasa. Follas alternas, simples, pecioladas, enteiras, co limbo oval, oval-lanceolado ou romboidal de 1,5-10(12) x 1-5(6) cm. Inflorescencia –espicastro- terminal ben desenvolta, espiciforme, de cor verde. Flores pentámeras, con bractéolas finas de ata 4(4,5) mm de lonxitude coa base membranosa. Periantio de 5 tépalos de ápice agudo, de 1,5-2(2,5) mm de lonxitude, aproximadamente igual cós froitos ou más longos. Froitos en pixidio, de tamaño similar aos tépalos ou algo maior, monospermo. Sementes negras e brillantes.

•**Distribución:** América tropical e subtropical. Naturalizada en zonas cálidas e temperadas de case todo o mundo.

•**Hábitat:** cultivos de fenoloxía estivo-autumnal, entullos, lugares alterados e nitrificados.

•**Frecuencia:** abundante.

Aristolochiaceae *Aristolochia paucinervis*Aristolochiaceae *Laurus nobilis*. (Flores masculinas)Aristolochiaceae *Laurus nobilis*. (Follas)Adoxaceae *Sambucus nigra*Adoxaceae *Sambucus nigra*. (Frutos inmaduros)Adoxaceae *Viburnum opulus*. (Flores)Adoxaceae *Viburnum opulus*Amaranthaceae *Amaranthus deflexus*

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba, 29TNG8247, 865 m, milleiral (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 21/09/1998, IPS, SANT 47060. Porto Quintela, camiño de acceso a escavación arqueolóxica, 29TNG8447, 550 m, pradarías nitrificados do marxe, 19/08/2012, IPS, SANT 70347. >ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7342, 500 m, cultivo (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 20/09/1998, IPS, SANT 47056. A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso SANT 73395. >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 370 m, entullo, 27/11/1995, IPS, SANT 47106. Vilameá-Río Caldo, 29TNG7435, 390 m, 02/09/1997, IPS, SANT 47055. Fondevila, 29TNG7639, 400 m, pradaría nitrófila (*Syembrio-Hordeetum murini*), 10/09/1997, IPS, SANT 47107. A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, antigos campos de cultivo temporalmente inundados, 31/08/1998, IPS, SANT 47059. Fondevila, 29TNG7639, 400 m, cultivo de legón (*Lamio-Echinochloetum crus-gallii*), 01/09/1998, IPS, SANT 47102 e 47103. Vilameá, 29TNG7436, 410 m, cultivos de millo e legón (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 17/09/1998, IPS, SANT 47057. >Mutíños, Quintá, 29TNG8647, 11/09/1997, IPS, SANT 47108. Mugueimes, 29TNG8545, 685 m, cultivo de millo (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 18/09/1998, IPS, SANT 47098. Mugueimes-O Rañadoiro, 29TNG8445, 565 m, milleiral (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 18/09/1998, IPS, SANT 47104. Cados, 29TNG8345, 640 m, milleiral (*Lamio-Echinochloetum crus gallii*), 18/09/1998, IPS, SANT 47105. Mugueimes, 29TNG8545, 605 m, mala herba en xardíns públicos, 09/10/2015, IPS, SANT 72037.

— **Chenopodium L.** —

■ ***Chenopodium album* L.**

var. *album*

•**Descripción:** terófita, planta farinosa, erecta. Talo xeralmente con estrías verdes. Follas alternas, pecioladas; limbo más longo ca ancho, rómbico-ovado a lanceolado, as superiores lanceoladas. Inflorescencias espiciformes ou paniculiformes, farináceas, con flores en cumes densos ou solitarios. Flores pentámeras con 1 só verticilo de pezas sepaloides, aquilladas, farináceas, non diverxentes na frutificación. Androceo con 5 estames. Ovario con 2 estigmas. Pericarpo non adherente. Sementes negras en disposición horizontal, lenticulares, coa marxe obtusa.

•**Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: todas as provincias.

•**Hábitat:** marxe de estradas e ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Barreal, 29TNG7538, 420 m, cuneta con vexetación higro-nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65825.

•**Bibliografía:** UOTILA (1990).

F. APOCYNACEAE

— **Vinca L.** —

Herbáceas perennes; talos rastreiros, ascendentes ou escandentes. Follas opostas, pecioladas. Flores, axilares pediceladas, pentámeras. Cálix cos sépalos soldados na base e 5 lóbulos estreitos e agudos. Corola de pétalos soldados, actinomorfa, hipocrateriforme, azulada. Estames libres entre si. Ovario súpero.

•**Bibliografía:** ORTIZ & ARISTA (2012).

Clave de especies

1. Marxe das follas e dentes do cálix ciliados	<i>V. major</i>
Marxe das follas glabro	<i>V. difformis</i>

■ *Vinca difformis* Pourr.

Descripción: caméfito. Talos vexetativos decumbentes e floríferos ascendentes. Follas opostas, ovadas, de 2,5-10 x 1-5,5 cm, glabras, pecioladas, sen cilios na marxe. Inflorescencias axilares unifloras. Flores pediceladas, pentámeras, actinomorfas, hermafroditas. Cáliz de sépalos soldados nun tubo curto con lóbulos alongados de 5-14 mm, lampiños ou se son ciliados, entón con cilios < 0,2 mm. Corola de 3-5 cm de diámetro, de cor azul pálida con tubo máis longo có cáliz, abrançazado, e lóbulos patentes (rotáceo). Ovario súpero formado por 2 carpelos. Froito formado por 2 folículos separados case desde a base, en ocasións un só por aborto do outro.

•**Distribución:** SW Europa (subrexión mediterránea occidental e Azores). P. Ibérica: amplamente espallada; rara no C.

•**Hábitat:** cultivada como ornamental e naturalizada en lugares frescos e nitroxenados. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8453, 720 m, cuneta en ambiente ruderal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70456. >LOBIOS, A Vila, 29TNG7839, 540 m, cuneta baixo muro, ruderal, 20/01/2011, IPS, SANT 64201. Manín-Padrendo, 29TNG7336, 450 m, parte baixa de muro, 10/10/2015, IPS, SANT, 72056.

■ *Vinca major* L.

subsp. *major*

•**Descripción:** caméfito perennifolio. Talos vexetativos decumbentes e floríferos ascendentes. Follas opostas, simples, pecioladas, de 3-10 x 1,5-7 cm, lixeiramente carnosas, con marxe ciliada (cilios > 0,4 mm) e co nervio medio piloso. Flores axilares pediceladas, pentámeras, actinomorfas, hermafroditas. Cáliz de sépalos soldados con tubo moi curto e lóbulos estreitos e alargados (10-15 mm), marxe ciliada e con ápice agudo cun guecho de pelos. Corola de maior tamaño cá especie precedente e de cor azul intensa, co tubo tan longo coma os lóbulos, estes coa marxe ciliada e cun guecho apical de pelos.

•**Distribución:** C da rexión mediterránea. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** naturalizada en hortas abandonadas e cunetas próximas a núcleos rurais.

•**Frecuencia:** común. Piso mesotemperado.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus da Limia, 29TNG8549, 580 m, comunidade de *Galio-Urticetea*, 01/04/2001, IPS, SANT 44797. Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, baixo muro, próximo a área recreativa, 02/05/2005, IPS, SANT 53128. Santa Comba, 29TNG8247, 590 m, baixo muro de igrexa, 16/01/2011, IPS, SANT 64192. >ENTRIMO, A Feira Vella, Asperelo, 29TNG7541, 490 m, cembas próximos a zonas habitadas, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70463. >LOBEIRA, Senderiz, 29TNG7850, 800 m, cuneta e muro, 18/01/1997, IPS, SANT 46667. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, cuneta, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 46666.

F. AQUIFOLIACEAE

— *Ilex* L. —

■ *Ilex aquifolium* L.

•**Descripción:** fanerófito. Arbusto ou arboriña xeralmente inferior a 10 m, perennifolio e dioico. Follas simples, pecioladas, coriáceas, de cor verde brillante e escura na face e envés máis claro e mate, enteiras ou máis frecuentemente onduladas e con dentes punzantes, glabras na madurez. Dioico, con flores solitarias ou dispostas en glomérulos. Cáliz piloso, persistente, verde;

sépalos soldados terminados en 4 lóbulos coa marxe ciliolada e membranosa. Pétalos soldados abertos en 4 lóbulos (corola rotácea nos individuos masculinos), de cor branca, ciliados de pétalos soldados. Androceo con 4 estames soldados á corola. Froito carnoso, redondeado, vermello.

•**Distribución:** S e W Europa, NW África e SW Asia. P. Ibérica: abundante na metade N e escasa na S.

•**Hábitat:** bosques, preferentemente no piso supratemperado en ambiente fresco. Descende ao piso mesotemperado sobre todo en bosques de ribeira.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xures, Pista forestal, 29TNG73, 07/07/1992, IPS, SANT 46689. Serra do Xurés, As Cabanillas, 29TNG7330, 800 m, marxe de regato (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 28/05/1999, IPS, SANT 46640. Torneiros-Portela do Home, Xeneanas, Corga da Canda, 29TNG7231, 587 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51841. >Muíños, Serra do Xurés, Albite-As Gralleiras, 29TNG83, 02/1993, IPS, SANT 4668. Piñoi, 29TNG8244, 620 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum riviniani*), 21/05/1996, IPS, SANT 46665.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (1997a).

F. ARALIACEAE

— Hedera L. —

■ *Hedera hibernica* (G. Kirchn.) Bean

•**Descripción:** fanerófita lianoide, prostrado ou gabeador, con raíces adventicias sobre as ramas. Ramas estériles con ápice vermello pardento e entrenós de 2,2-4,3(8,1) cm de lonxitude. Follas alternas, simples, verde-amarellentas, con nervios verdes pouco prominentes, bruscamente estreitadas no pecíolo, 0-5 lobuladas, as das ramas estériles lobuladas e as das ramas fértiles enteiras. Indumento formado por tricomas xeralmente sésiles, rotados, estrelados con (4)6-8(10) radios estipitados de cor branca (excepcionalmente alaranxados) soldados nun 10-20(40) % da súa lonxitude. Inflorescencia en umbela compacta. Cáliz con 5 sépalos pouco aparentes e corola con 5 pétalos amarelo-verdosos caedizos. Androceo con 5 estames. Froitos subglobosos, negros na madurez.

•**Distribución:** W Europa, desde a P. Ibérica (sobre todo metade W), ata Escocia.

•**Hábitat:** bosques e muros en ambiente fresco.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8347, 580 m, carballeira antropizada (cf *Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum riviniani*), 15/02/2002, IPS, SANT 46648. Quintela-Lobosandaus, A Corga, 29TNG8347, 580 m, orla de carballeira, 05/11/2014, IPS, SANT 70389. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, carballeira baixo pobo (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum riviniani*), 23/09/2018, IPS 76597. >ENTRIMO, A Pereira, río Acevedo, 29TNG7145, 590 m, carballeira *Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum riviniani*, 16/01/2011, IPS, SANT 64191. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, Corga de Calvos, 29TNG7131, 800 m, bosque ripario de valgada (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49468. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, pequeno bosque sombrío de *Quercus robur*, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70429. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, carballeira sobre río Grou, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73411. Val de Riocaldo, vía romana, 29TNG7331, 493 m, carballeira (*Querco-Fagetea*), 22/09/2018, IPS, SANT 76590.

•**Bibliografía:** VALCÁRCEL & VARGAS (2002); VALCÁRCEL et al. (2003).

F. ASCLEPIADACEAE

— *Vincetoxicum* N.M. Wolf —

Herbáceas. Follas opostas curtamente pediceladas. Inflorescencias en cumes axilares pauciflores. Flores pediceladas. Cálix de sépalos soldados na base e con lóbulos agudos. Corola de pétalos soldados, con lóbulos más congos có tubo, acampanada. Estames libres entre si e soldados á corola. Ovario súpero. Froito en dous folículos alongados, péndulos.

•**Bibliografía:** ARISTA & ORTIZ (2012).

Clave de especies

1. Flores de cor amarelo-verdosa, talos ascendentes	<i>V. birundinaria</i>
Flores de cor púrpura escura, talos volubles	<i>V. nigrum</i>

■ *Vincetoxicum birundinaria* Medik.

Vincetoxicum birundinaria subsp. *lusitanicum* Markgr.

•**Descripción:** xeófito rizomatoso. Planta erecta ou ascendente, glabrescente. Follas opostas sen estípulas, con limbo lanceolado e pecíolo piloso de ata 15 mm. Inflorescencia en cumes axilares e terminais. Flores pentámeras e actinomorfás. Cálix de sépalos soldados e apicalmente lobulados, cos lóbulos más longos có tubo. Corola regular, rotácea, de cor amarelo-verdosa, de 3-4 mm de diámetro. Lóbulos de corola glabros ou con pelos curtos e recurvados. Estames alternipétalos soldados á base da corola. Froito en 2 folículos péndulos de 4-7 cm de lonxitude, fusiforme. Sementes aladas con penacho de pelos.

•**Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: ausente no Levante e sur.

•**Hábitat:** ambiente pedregoso en zonas de contacto entre a breixeira mesófila e torrentes estacionais e na orla de brexeiras.

•**Frecuencia:** común.

•Pregaduras de referencia:

•LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, marxe de torrente ocasional, 14/07/1993, IPS, SANT 47028. Río Caldo, xurdimento de auga termal, 29TNG7435, 390 m, terreo alterado, 25/05/1995, IPS, SANT 47030. Serra do Xurés, As Sombras, 29TNG7830, 1350 m, entre rochas que sobresaen da matogueira, 06/1996, IPS, SANT 47029. Torneiros, río Caldo, 29TNG7434, 395 m, entre cantos rodados no marxe do leito do río, 19/06/1996, IPS, SANT 47027. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, marxe pedregosa de regato, 04/06/1997, IPS, SANT 52756. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, fervenza estacional pedregosa, 22/08/1997, IPS, SANT 47031. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, entre penedos en marxe de pista, 25/09/1999, IPS, SANT 47032. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033 (5704 /46336), 830 m, ecotón breixeira-orla forestal, 02/06/2011, IPS, SANT 64759.

■ *Vincetoxicum nigrum* (L.) Moench

•**Descripción:** xeófito rizomatoso con talos volubles, gabeadores. Follas opostas, pecioladas, enteirras, pilosas en marxes e nervios. Inflorescencias en cumes axilares e terminais. Flores pentámeras e actinomorfás. Cálix de sépalos soldados con lóbulos ciliados na marxe. Flores de cor púrpura escura, negriza ao secarse, pentámeras e regulares. Lóbulos de corola triangulares, agudos, con pelos longos e rectos. Estames alternipétalos soldados á base da corola. Froito en 2 folículos de 4-8 cm de lonxitude, fusiformes, péndulos. Sementes aladas con penacho de pelos.

•**Distribución:** bacía N do Mediterráneo. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** a única localidade atopada na Baixa Limia corresponde a un ameneiral de ribeira.

•**Frecuencia:** moi raro.



Amaranthaceae *Amaranthus hybridus*



Amaranthaceae *Chenopodium album*



Apocynaceae *Vinca difformis*



Aquifoliaceae *Ilex aquifolium*



Araliaceae *Ilex aquifolium*



Araliaceae *Hedera hibernica*



Asclepiadaceae *Vincetoxicum hirundinaria*



Asclepiadaceae *Vincetoxicum nigrum*

•**Pregaduras de referencia:**

›LOBIOS, Devesa, río Caldo, 29TNG7437, 360 m, ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 47026.

F. ASTERACEAE

Inflorescencias en capítulos rodeados dun invólucro de brácteas, nunha ou varias filas superpostas, cun receptáculo común, con ou sen pelos ou escamas. Nel sitúanse as flores de ovario ífero, cáliz en forma de papo (conxunto de pelos ou de coroa membranosa sobre o ovario), aínda que non sempre está presente, e corola de pétalos soldados que se expresan nun só plano (flores liguladas ou en lingüeta) ou soldados formando un tubo (flores tubulares ou flósculos). Cando coexisten ambos tipos de flores só a volta externa é de flores liguladas, sendo todas as demás tubulares (Ej. margarida). Froito en aquenio.

Clave de familias

1. Planta con capítulos unisexuales	Xanthium
Plantas cos capítulos coa maior parte das flores hermafroditas	2
2. Capítulos con ao menos as flores interiores tubulares; plantas sen látex	3
Capítulos con todas as flores liguladas; plantas con látex	50
3. Con flores radiais liguladas	4
Con todas as flores tubulares	29
4. Flores radiais azulado a violeta	Aster
Flores radiais doutra cor	5
5. Flores radiais amarelas	6
Flores radiais brancas	17
6. Follas enteiras ou dentadas	7
Follas pinnatífidas	14
7. Plantas vivaces, con rizoma	8
Plantas anuais ou bienais, sen rizoma	12
8. Talos con pelos glandulosos	Arnica
Talos sen pelos glandulosos	9
9. Invólucro de brácteas nunha fila	Senecio
Invólucro con máis dunha fila de brácteas	10
10. Flores liguladas sen papo	Doronicum
Flores liguladas con papo	11
11. Inflorescencia en corimbo laxo; capítulos centrais > 2 cm de anchura	Pulicaria
Inflorescencia en acio; capítulos < 1,5 cm	Solidago
12. Receptáculo con escamas interseminais	Lepidophorum
Receptáculo sen escamas interseminais	13
13. Con todos os froitos semellantes, con papo en escama	Coleostephus
Aquenios de dúas formas, redondeados e arqueados con ornamentación dorsal	Calendula

14. Invólucro cunha soa fila de brácteas (poden ter algunha suplementaria na base)	Senecio
Invólucro con máis de 1 fila de brácteas	15
15. Plantas vivaces, sufrúticas	Leucanthemopsis
Plantas anuais	16
16. Aquenios con á ancha nos marxes	Anacyclus
Aquenios sen á ancha nos marxes	Glebionis
17. Follas caulinas enteiras, dentadas ou lobadas	18
Follas profundamente divididas	23
18. Flores liguladas < 5 mm	19
Flores liguladas > 5 mm	20
19. Flores liguladas < 2 mm.	Conyza
Flores liguladas > 2 mm..	Galinsoga
20. Capítulos > 20 mm de ancho	Leucanthemum
Capítulos < 20 mm de ancho	21
21. Talos áfilos	Bellis
Talos foliosos	22
22. Flores liguladas > 10 mm de ancho; follas opostas	Bidens (p.p.)
Flores liguladas < 5 mm de anchura; follas alternas	Erigeron
23. Inflorescencia en corimbo denso de capítulos	24
Inflorescencia doutra forma	25
24. Capítulos < 5 mm	Achillea
Capítulos > 5 mm	Tanacetum
25. Follas con 3 lóbulos	Bidens
Follas profundamente divididas	26
26. Brácteas involucrais coa marxe tinguida de negro	Phalacrocarpum
Brácteas involucrais coa marxe doutra cor	27
27. Tubo da corola que recobre parcialmente o aquenio	28
Tubo da corola finalizando sobre o aquenio sen envoveloo	Anthemis
28. Lígulas coa base tinguida de amarelo; corola asimetricamente decorrente polo aquenio	Cladanthus
Lígulas enteiramente brancas; corola que recobre de forma simétrica o aquenio	Chamaemelum
29. Plantas con espínas vulnerantes	30
Plantas sen espínas vulnerantes	33
30. Flores de cor amarela	Carlina
Flores doutra cor	31
31. Capítulos > 3 cm ancho, follas glabras	Silybum
Capítulos < 3 cm ancho, follas pilosas	32

32. Follas non decorrentes polo talo; papo de pelos plumosos	Cirsium
Follas decorrentes polo talo; papo de pelos denticulados	Carduus
33. Brácteas involucrais con apéndice apical dentado a fimbriado	Centaurea
Brácteas involucrais sen apéndice apical dentado a fimbriado	34
34. Flores tubulares azul, morado, malva	35
Flores tubulares doutra cor	38
35. Follas palmatisectas	Eupatorium
Follas doutra forma	36
36. Brácteas do invólucro terminadas nun apéndice ganchudo	Arctium
Brácteas do invólucro no terminadas nun apéndice ganchudo	37
37. Talos monocéfalos; brácteas involucrais co ápice aristado	Klasea
Talos con varios capítulos; brácteas involucrais co ápice mucronado	Serratula
38. Aquenios comprimidos con setas ríxidas apicais	Bidens
Plantas sen as características precedentes	39
39. Capítulos esféricos na antese; corola verdosa	Matricaria
Sen a reunión de caracteres precedentes	40
40. Follas lobuladas pinnatífidas ou pinnatisectas	41
Follas enteiras	44
41. Aquenios sen papo	Artemisia
Aquenios con papo	42
42. Brácteas do invólucro nunha fila principal (en ocasións con algunas reducidas na base)	Senecio
Brácteas do invólucro en máis dunha fila	43
43. Inflorescencia en corimbo; capítulo > 1 cm de anchura; papo de coroa escamosa	Tanacetum
Inflorescencia non en corimbo; capítulos < 0,5 cm de anchura; papo de pelos	Conyza
44. Capítulos solitarios longamente pedunculados	Phagnalon
Capítulos densamente agrupados	45
45. Vivaz, sufrútice	Helichrysum
Anual	46
46. Capítulos non rodeados de follas involucrantes	47
Capítulos rodeados de follas involucrantes	48
47. Planta branco-aracnoide; inflorescencia densa (a maioría dos capítulos agrupados)	Helichrysum
Planta non branco-aracnoide; inflorescencia laxa paniculiforme	Conyza
48. Capítulos con brácteas interseminais	Logfia
Capítulos sen brácteas interseminais	49

49. Inflorescencia paniculiforme a espiciforme; follas discoloras	Gamochaeta
Inflorescencia en glomérulos; planta enteramente branco-aracnoide	Gnaphalium
50. Todas as flores de cor azul	Cichorium
Con flores doutra cor	51
51. Sen follas caulinas; todas as follas en roseta basal	52
Con follas culinarias	58
52. Receptáculo do capítulo con brácteas ou guechos de pelos interseminais	Hypochaeris
Receptáculo do capítulo sen brácteas nin guechos de pelos interseminais	53
53. Pedúnculos dos capítulos engrosados cara o ápice	Arnoseris
Pedúnculo dis capítulos non engrosados cara o ápice	54
54. Flores de cor amarela limón (amarelo pálido)	Pilosella
Flores de cor amarela ouro	55
55. Aquenio con papo de pelos lisos ou denticulados	Taraxacum
Aquenios con papo de pelos plumosos	56
56. Aquenios externos con papo en escama e papo interno con de pelos plumosos	Thrincia
Todos os aquenios con papo de pelos plumosos (excepcionalmente algúns denticulado)	57
57. Follas glabras; invólucro alongado, cilíndrico, panduriforme	Scorzonera
Follas glabras ou con pelos bifurcados; invólucro obtriangular	Leontodon
58. Brácteas externas del invólucro e suplementarias filiformes, erectopatentes e curvadas cara o ápice na metade distal	59
Sen as características precedentes	60
59. Brácteas externas do invólucro e suplementarias filiformes e más longas cás internas	Tolpis
Brácteas externas do invólucro e suplementarias planas e más curtas cás internas	Crepis
60. Receptáculo con guechos de pelos entre as flores	Andryala
Receptáculo sen guechos de pelos nin escamas entre as flores	61
61. Aquenios sen papo	Lapsana
Aquenios con papo	62
62. Papo con pelos plumosos	63
Papo con pelos lisos ou escábridos	64
63. Planta con acúleos ríxidos	Helminthoteca
Plantas sen acúleos ríxidos	Picris
64. Papo con pelos lisos	Chondrilla
Papo con pelos escábridos	65
66. Aquenios con pico	Lactuca
Aquenios sen pico	67

67. Aqueños comprimidos	Sonchus
Aqueños cilíndricos	68
68. Papo branco níveo	Crepis
Papo branco-pardento	Hieracium

*En el transcurso de la edición de este libro M. Fernández nos informa de la aparición reciente de *Dittrichia viscosa* (L.) Greuter y *Aster* sp en los concellos de Muíños y Calvos de Randín.

— Achillea L. —

■ *Achillea millefolium* L.

- **Descripción:** hemicriptófito con rizoma e estolóns. Talos foliosos con follas 2-3 pinnatisectas, as das rosetas pecioladas e as caulinas alternas e as superiores sésiles. Inflorescencia constituída por numerosos capítulos pequenos e agrupados nun corimbo denso. Pedúnculos densamente pilosos. Invólucro con brácteas en varias filas, glabrescentes con maior pilosidade cara a marxe do ápice. Receptáculo con escamas entre as flores. Flores interiores tubulares, hermafroditas, amarelas; as externas liguladas de cor branca ou rosada, femininas. Froitos sen papo.
- **Distribución:** Europa e Asia setentrional. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: rex. eurasiática e montañas submediterráneas da metade N. Rara en zonas mediterráneas.
- **Hábitat:** prados e pradarías nitrófilos ou subnitrófilos, cunetas, ruderal.
- **Frecuencia:** abundante.
- **Pregaduras de referencia:**
 - >**BANDE**, Quintela, 29TNG8447, 580 m, zona axardinada abandonada, 05/11/2014, IPS, SANT 70391. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, pradaría nitrófilo en pobo, 23/09/2018, IPS, SANT 76594. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, cuneta de pista, 07/1996, IPS. >**MUTÍÑOS**, Prado, A Veiga, 29TNG8443, 780 m, cuneta, 24/06/1998, IPS, SANT 44254; **observ.**: flores de color vermello. Porqueirós-presa del Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto anual viario, 19/06/2020, IPS, SANT 78789.
- **Bibliografía:** SORIANO (2019).

— Anacyclus L. —

■ *Anacyclus radiatus* Loisel.

subsp. *radiatus*

- **Descripción:** terófito, con numerosos talos algo leñosos na base. Follas alternas, tripinnatisectas, densamente pilosas, herbáceas. Invólucro con brácteas en varias filas, sen espina apical. Receptáculo con escamas entre as flores. Flores internas tubulares < 7 mm, amarelas, cuxa base non recobre a parte superior do aquenio. Flores radiaias liguladas, amarelas. Froito aplanado, con ás membranosas laterais.
- **Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: abundante no SW; moito máis escasa no CW, E, N.
- **Hábitat:** ruderal, viario.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregaduras de referencia:**
 - >**CALVOS DE RANDÍN**, Santiago, 29TNG9840, 900 m, cuneta, 18/06/2011, IPS, SANT 65279.
- **Bibliografía:** ÁLVAREZ (2019a).

— Andryala L. —

■ *Andryala integrifolia* L.

Andryala corymbosa Lam.

- **Descripción:** hemicriptófito. Talos recubertos de pelos estrelados, foliosos. Follas en roseta e as caulinás alternas, as primeiras frecuentemente murchas na floración, enteiras, con induimento de pelos estrelados. Brácteas e pedicelos con pelos glandulosos longos e estrelados curtos. Receptáculo con alvéolos rodeados de pelos longos. Todas as flores liguladas, de cor amarela pálida (limón). Aquenios non prolongados en pico, con papo de pelos lisos ou denticulados.

*Na prego SANT 70398, as brácteas internas do involucro encerran aquenios.

- **Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: amplamente espallada; rara nas montañas cárabo-pirenaicas.

- **Hábitat:** prados e pradarías nitrófilos.

- **Frecuencia:** abundante.

- **Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 400 m, orla de carballeira con sobreiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*), 07/1992, IPS, SANT 44281. A Anta, 29TNG7537, 465 m, cemba de cuneta de estrada (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 07/10/2004, IPS, SANT 51813. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, pasteo anual termófilo, con *Crucianella angustifolia*, *Silene scabiriflora*, *Logfia minima*, *Tolpis barbata*, *Sedum pruinatum*, *Chaetonichya cymosa*, rodeado de berceal de *Stipa gigantea*, 02/06/2011, IPS, SANT 70398. Xeás, 29TNG7843, 460 m, marxe área de descanso estrada, 09/06/2011, IPS, SANT 64769. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado, fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70435. >MUÍÑOS, Barrio-Farnadelos, Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70399. Porqueirós-presa Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto anual viario, 19/06/2020, IPS, SANT 78775.

- **Bibliografía:** TALAVERA & TALAVERA (2017).

— Anthemis L. —

■ *Anthemis arvensis* L.

- **Descripción:** terófito. Follas alternas, 2(3) veces pinnadas, pilosas. Capítulos 12-30 mm de diámetro. Brácteas involucrais en 3(4) filas, as externas pilosas, oblongas, romas, con marxe e ápice hialino ou pardopapiráceo. Receptáculo cónico con escamas entre as flores. Flores tubulosas (interiores) de cor amarela e as radiais liguladas e de cor branca. Tubo da corola que non recobre a parte superior do aquenio. Aquenios más anchos e truncados no ápice, obconicos ou obpiramidais, glabros, sen papo ben definido.

- **Distribución:** subcosmopolita. Estendida por toda a Península Ibérica.

- **Hábitat:** cultivos, barbeitos, cunetas, lugares despexados e nitrificados, marxes de encoros, etc.

- **Frecuencia:** moi abundante.

- **Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, marxe de pista de entrada a prado, 18/06/2020, IPS, SANT 70774. >CALVOS DE RANDÍN, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69908. >LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021_04, IPS. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7536, 460 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicaulidis*), 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 48873. A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteo nitrófilo sobre chan pouco profundo, 08/07/1993, IPS, SANT 48870. A Portaxe, ponte sobre a desembocadura do río Limia en encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, terreo alterado, 10/05/2011, IPS 64544. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, pradarías nitrófilas no marxe de entullo, 13/07/2012, IPS, SANT 65900. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en proceso de

recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70432. >**Muiños**, Encoro de Salas, Canteira de Campeiros, 29TNG8842, 870 m, pradaria subnitrófico algo pisado, 28/05/2021, IPS. As Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021_01, IPS, SANT 80288.

- Bibliografía:** BENEDÍ (2019a).

— **Arctium L.** —

■ ***Arctium minus* (Hill) Bernh.**

- Descripción:** hemicriptófito con talos ramificados que supera 1 m de altura, foliosos. Follas enteirras, pecioladas, ovadas, as inferiores de base cordada. Inflorescencias racemosas ou corimbiformes con capítulos solitarios ou en glomérulos, con pedúnculos de menos de 25 mm. Invólucro con numerosas filas de brácteas; as inferiores subuladas, terminadas en apéndice uncinado e erecto-patentes ou reflexas. As medias semellante e patentes a erecto-patentes e as internas eretas. Receptáculo con escamas amarelentas. Flores tubulares, de cor malva. Aqueño con papo branco-amarelento de pelos escábridos.
- Distribución:** Europa, excepto o Ártico, NW de África, SW de Asia, Azores e Madeira. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: dispersa.
- Hábitat:** pradarías con chans húmidos e nitrificados en marxes de camiños e cultivos.
- Frecuencia:** raro.
- Pregaduras de referencia:**
 - >BANDE, A Ponte Nova (río Cadós), 29TNG8353, 680 m, comunidades de hemicriptófitos ruderais sobre chans profundos non encharcados, *Arction lappae*, 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 44252. >**Muiños**, Couso de Salas, Pousadela, 29TNG8846, 915 m, orla nitrificada de carballeira, 21/08/1997, IPS, SANT 44253.
- Bibliografía:** ORTEGA OLIVENCIA (2014).

— **Arnica L.** —

■ ***Arnica montana* L.**

subsp. ***atlantica*** A. Bolòs

- Descripción:** hemicriptófito con rizoma oblicuo. Talos 15-60 cm de lonxitude, con pelos glandulosos e tectores, podendo existir ata 3 tipos distintos. Follas da roseta basal oblanceoladas, curtamente pecioladas, pinnatinervias, lixeiramente carnosas, con pelos curtos e ríxidos na face e nervios do envés, sobre todo o medio; escapo con, con 2-4 pares de follas, as caulinas superiores moito más curtas e sésiles, con indumento formado por 3 tipos de pelos, uns moi curtos, simples, outros de tamaño medio, patentes, de base ensanchada e avermellada, glandulosos, e outros, de maior tamaño, patentes e ríxidos. Capítulos 1-7, solitarios de 2,2-5 cm de diámetro. Pedúnculos con dúas brácteas lanceoladas, alternas. Flósculos e lígulas de cor amarela-alaranxada. Aqueños pelos nos extremos e case glabros na zona central
- Distribución:** SW de Europa. W e SW de Francia, N, NW e W da P. Ibérica.
- Hábitat:** turbeiras, prados encharcados e medios cenagosos. Preferentemente piso Supratemperado.
- Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Fronteira Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófilo (*Genistion micrantho-anglicae*), zonas aclaradas, 10/06/2020, IPS, SANT 78772. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7656 1160 m, orla de turbeiras higrófilas encharcadas todo o año (*Arnicetum atlanticae*), 09/09/1997, IPS. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemis, 07/1993, IPS, SANT 44260. Serra do Xurés, alto Corga das Negras-As Sombras, 29TNG7831, 1300 m, braña en ladeira con *Erica tetralix*, 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57575. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931,

1040 m, pradaría en zona de afloramento de auga en pendente (*Arnicetum atlanticae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64790. >**Muiños**, Albite-O Salgueiro, 29TNG8339, 1100 m, chan higrófilo turboso (*Arnicetum atlanticae*), 22/07/1993, IPS, SANT 44269. Serra do Xurés, 29TNG8437, 1155 m, chan higrófilo turboso (*Arnicetum atlanticae*), 01/08/2008, IPS, SANT 59545; **observ.**: prego testemuño B.G. nº: Pulgar08080104. >**PORTUGAL**, Serra do Gerês, 29TNG8636, 1290 m, braña en pendente con acumulación de auga, 14/07/2012, IPS, SANT 65898.

•**Outras observacións xeoreferenciadas:**

>**BANDE**, Alto do Vieiro, 29TNG8557. >**LOBEIRA**, Serra das Motas, 29TNG7756, 1050 m. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Manancial cabeceira río Lobios, 29TNG7931. Vía Romana, 692 m, 572502 / 4629625, *Arnicetum atlanticae*. >**Muiños**, Guntumil-Maus de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8842.

•**Bibliografía:** VILLAR et al. (2019).

— Arnoseris Gaertn. —

■ ***Arnoseris minima* (L.) Schweigg. & Körte**

•**Descripción:** terófito, con látex, escapo, con todas as follas basais, de 1-9 cm, de marxe dentada e atenuadas na base sen chegar a formar un auténtico pecíolo. Escapos cun capítulo solitario ou con unha ramificación no terzo superior, por enriba da cal o escapo vai ensanchado gradualmente cara a base do capítulo. Brácteas do involucro co nervio medio máis pálido e prominente, agudas. Todas as flores liguladas. Aquenios sen papo, con costelas lonxitudinais más claras có corpo do froito.

•**Distribución:** Eurasia e NW África (Marrocos). P. Ibérica: metade N e Serra Nevada.

•**Hábitat:** pradarías anuais. Silicícola.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**BANDE**, Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78801. >**CALVOS DE RANDÍN**, Alto da Cumieira, 29TNG9048, 1090 m, chans pouco profundos en cumes reemisores (*Tuberarietea*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69933. >**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7537, 480 m, pradarías anuais oligótrofas (*Airo praecocis-Sedetum arenariae*), 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 44272. >**Muiños**, Requiás, O Areal, 29TNG8839, 950 m, mosaico pradarías anuais (*Helianthemetea guttati*)-pradarías vivaces (*Sedo pruinati-Themetum caespititi subas. plantaginetosum radicatae*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 44271. Serra do Xurés, 29TNG8437, 1200 m, pastero pioneiro (*Airo praecocis-Sedetum arenariae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63045. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos, pasto anual-vivaz (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 28/05/2021, IPS.

•**Bibliografía:** TALAVERA & TALAVERA (2019).

— Artemisia L. —

■ ***Artemisia verlotiorum* Lamotte**

•**Descripción:** hemicriptófito de floración outonais, con rizoma, aromático. Follas de face verde escura e envés agrisado co nervio medio moi evidente, 1-2 pinnatisectas; as caulinas medias e superiores con segmentos linear-lanceolados enteros ou subenteros, o terminal con máis de 2,5 mm de anchura. Capítulos numerosos en panícula alongada, foliosa. Receptáculo sen pelos nin escamas. Flores todas tubulares, as externas femininas. Aquenios sen papo.

•**Distribución:** SW China. Brava noutros continentes. P. Ibérica: dispersa. Ausente do SW.

•**Hábitat:** ruderal e viaria. ¿Adventicia?

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7434, 420 m, xunto a outras plantas ornamentais na cuneta da estrada, 07/10/2004, IPS, SANT 51812.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (2019b).



Asteraceae *Achillea millefolium*




Asteraceae *Anacyclus radiatus*



Asteraceae *Andryala integrifolia*



Asteraceae *Anthemis arvensis*



Asteraceae *Arctium minus*



Asteraceae *Arnica montana*



Asteraceae *Arnoseris minima*



Asteraceae *Artemisia verlotiorum*

— Aster L. —

■ *Aster sedifolius* L.

A. acris L.; *Galatella sedifolia* (L.) Greuter

• **Descripción:** caméfito sufrútice de talos ramificados sobre todo apicalmente. Follas 20-50 x 1,6-5 mm, homomórficas, simples, enteiras, linear-lanceoladas, sésiles de base truncada, as inferiores prontamente caducas. Inflorescencia en corimbo con capítulos de 11-40 mm de diámetro. Brácteas do invólucro dispostas en 4-6 filas. Receptáculo glabro. Flores internas amarelas, tubulares; as radiais dispostas nunha soa serie, liguladas, 12,5-20,5 mm, de cor azulada. Aquenios con pelos aplicados e papo de pelos.

• **Distribución:** S Europa, Cáucaso ata C Asia. P. Ibérica: metade N, E e S.

• **Hábitat:** breixeiras do piso supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregaduras de referencia:**

> LOBIOS, Serra do Xurés, Alto da Amoreira-As Albas, sobre Corga do Medeiro, 29TNG7729, 1400 m, matogueira (*Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 03/08/1996, IPS, SANT 44262. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1100 m, matogueira (*Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 22/08/1997, IPS, SANT 44273. Serra do Xurés, Chao das Casas-Río de Lobios, 29TNG7834, 1070 m, matogueira (*Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 03/09/1997, IPS & L.G.Quintanilla, SANT 44261. Serra do Xurés, Pista Minas, Corvelle-A Xesta, 29TNG7734, 1050 m, matogueira (*Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 25/09/1999, IPS, SANT 44274. Serra do Xurés, mina As Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, matogueira (*Pterosparto tridentati-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 25/09/1999, IPS, SANT 44263. Serra do Xurés, sobre Mina das Sombras, 29TNG7830, 1250 m, breixeira con *Quercus pyrenaica* rebrotando, 23/08/2007, IPS 23080703, SANT 57455. > Muíños, A Lomba, 29TNG8636, 1320 m, arbusteda con *Quercus x andegavensis* rebrotando, 08/08/2007, IPS, SANT 57432.

• **Bibliografía:** AEDO (2019a).

— Bellis L. —

Herbáceas, perennes na zona de estudo. Follas en roseira basal co limbo atenuado en pecíolo. Escapos sen follas. Capítulos terminais, solitarios. Receptáculo cónico ou hemisférico, glabro. Flores internas tubulares, amarelas; flores externas liguladas, brancas e en ocasións tinguidas de púrpura.

• **Bibliografía:** AEDO (2019b).

Clave de especies

1. Flores tubulares de 3-6,5 mm; follas espatuladas	<i>B. perennis</i>
Flores tubulares de (6,5)7-13 mm; follas gradualmente estreitadas no pecíolo	<i>B. sylvestris</i>

■ *Bellis perennis* L.

• **Descripción:** hemicriptófita. Roseta basal con follas obovado-espatuladas, abruptamente estreitadas en pecíolo, uninerviadas. Invólucro con 2 filas de brácteas verdes, moi pouco pilosas, obtusas. Receptáculo cónico, sen escamas entre as flores. Flores interiores tubulares amarelas, flores radiais liguladas, brancas, con frecuencia parcialmente tinguidas de vermello, de 4-11 mm. Aquenios sen papo, coa superficie pubescente e reborde engrosado.

• **Distribución:** S, W e C Europa, W Asia, N África. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: todas as provincias.

•**Hábitat:** prados, cunetas, xardíns.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, río Pacín, Soalleira, 29TNG7543, 510 m, camiño entre xuncal, baixo unha fonte e bosque, 10/06/2020, IPS, SANT 78766. >BANDE, Porto Quintela, 29TNG8347, 570 m, colonizando un céspede artificial, 15/02/2002, IPS, SANT 6683. >MUIÑOS, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, comunidades de *Polygono-Poetea annuae*, 26/03/1997, IPS, SANT 44266.

■ *Bellis sylvestris* Cyr.

subsp. *pappulosa* (Boiss. ex DC.) Coste

•**Descripción:** hemicriptófito. Roseta basal con follas oblanceoladas, gradualmente estreitadas en pecíolo, trinerviadas. Escapo afilo de maior lonxitude que na especie precedente (ata 45 cm). Capítulos solitarios, de 2-4 cm de diámetro. Brácteas involucrais de 7-12 mm. Flores internas tubulares, amarelas. Flores liguladas da periferia brancas, de 8-14 mm.

•**Distribución:** SW Europa (W Francia, N, W e S P. Ibérica) e NW África.

•**Hábitat:** cembas, orla de bosque, claros de breixeira.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Lobios-Vilameá, 29TNG7437, 450 m, cembas de cuneta (OUR-312), 23/04/1995, IPS, SANT 44268. Serra do Xurés, pista forestal que sae preto de Portela do Home, 29TNG7330, 750 m, matogueira da as. *Ulici minoris-Ericetum umbellatae*, 03/05/1996, IPS, SANT 44267. Prencibe-Gustomeau, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, comunidades de *Trifolio-Geranietea sanguinei* en interior de carballeira (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianae*), 21/05/1996, IPS, SANT 44259.

— *Bidens* L. —

Herbáceas anuais ou vivaces. Follas caulinas na súa maioría opostas, de enteiras a 1-3 pinnatisectas, con pecíolo envainante. Capítulos con involúcro de brácteas desiguais e persistentes en dúas filas. Receptáculo con escamas caducas. Flores radiais estériles ou femininas, en ocasións en forma de lingüeta. Flores internas flosculosas, hermafroditas, amarelas ou alaranxadas. Aquenios truncados no ápice, con papo formado por 2-4 setas con acúleos.

•**Bibliografía:** CRESPO (2019); PULGAR et al. (2002).

Clave de especies

1. Con grandes flores radiais liguladas de cor branca e base amarelenta	<i>B. aurea</i>
Todas as flores tubulares e amarelas	2
2. Aquenios antrorso-escábridos nos ángulos; follas medias pinnatisectas con folíolos peciolulados; pecíolo no alado	<i>B. frondosa</i>
Aquenios retrorso-escábridos nos ángulos; follas trilobadas ou pinnatisectas con lóbulos non peciolulados; pecíolo alado	<i>B. tripartita</i>

■ *Bidens aurea* (Aiton) Sherff

•**Descripción:** xeófito rizomatoso que emite talos de ata 1 m de altura. Talo con follas opostas, na súa maioría simples, de marxe dentada, atenuadas en pecíolo, agudas ou acuminadas no ápice, discoloras. Inflorescencia terminal, ramosa, paniculiforme ou corimbiforme. Capítulos pedunculados, solitarios. Flores externas liguladas 5-6, de cor branco-crema e amarelentas cara a base.

Flores internas tubulares, amarelas, de c. 10 mm. Aquenio con 2(4) setas apicais de 1,5-4 mm rodeadas dunha pequena coroa de setas.

•**Distribución:** América Central ata o S de EEUU. Naturalizada en zonas temperadas de Europa e Asia. P. Ibérica: amplamente espallada; máis abundante preto do litoral.

•**Hábitat:** pradarías higro-nitrófilos.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Grou, O Corgo, 29TNG7744, 540 m, colonizando unha cuneta, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70455.

■ *Bidens frondosa* L.

•**Descripción:** terófito. Follas pinnadas, con 1-2 pares de folíolos peciolulados e o terminal de maior tamaño. Capítulos solitarios, más anchos que longos (ata 20 mm de diámetro). Receptáculo con escamas interseminais. Brácteas externas foliosas, verdes, moito más longas que os capítulos, as internas negrizes con marxe papirácea. Flores internas tubulares e as externas liguladas, ambas de cor amarelo-alaranzada. Aquenios erectos, comprimidos, rugosos, con pelos e sedas antrorsos por toda a superficie e marxes antrorso-escábridas. Papo formado por 2 setas apicais.

•**Distribución:** E Norteamérica. Naturalizada en climas temperados doutros continentes. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** pradarías higro-nitrófilos en marxes de ríos, pantanos.

•**Frecuencia:** común. Piso Termo e Mesotemperado.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Encoro das Conchas-San Fiz, río Limia, 29TNG8850, 560 m, *Bidentetea tripartitae*, 10/09/1997, IPS, SANT 44264. Porto Quintela, campamento romano, 29TNG8447, 550 m, terreos anegados estacionalmente polo Encoro das Conchas, 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62153. >LOBIOS, río Cabaleiro-Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, vexetación higro-nitrófila do leito, zona temporalmente inundada, 07/10/2011, IPS, SANT 65270. Grou, San Mamede, 29TNG7843, 340 m, zona plana encharcada (salgueiral pantanosa), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73404. >MUÍÑOS, Pazos, Encoro das Conchas. 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto pola baixada do nivel do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 05/11/2014, IPS, SANT 70365.

■ *Bidens tripartita* L.

•**Descripción:** terófito. Follas con pecíolo envaiñador e alado, as inferiores sen divisións pecioluladas, xeralmente trilobuladas, as caulinias medias frecuentemente pinnatisectas con lóbulos decorrentes. Capítulos solitarios más anchos ca longos (ata 25 mm de diámetro). Invólucro con brácteas en varias filas, as externas foliosas e desiguais, algunas maiores có invólucro; as internas pardentas con marxe escariosa. Flores amarelo-alaranzadas, as internas tubulares e regulares, as externas con lígulas inferiores a 10 mm ou ausentes. Aquenios comprimidos, anchos, de superficie glabra ou con pelos retrorsos e retrorso-escábridos nos ángulos. Papo formado por 2-3 (4) arestas.

•**Distribución:** Holártica (Eurasia, Norteamérica, N África). Naturalizada en Australia e Oceanía. P. Ibérica: metade N. Ocasional no S.

•**Hábitat:** pradarías higro-nitrófilos en chans areosos do marxe dos encoros.

•**Frecuencia:** común, áinda que unicamente ligado ao hábitat.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Encoro das Conchas, Os Baños, As Leiriñas, xurdimento de augas termais, 29TNG844483, marxe de regato na súa desembocadura ao encoro, 555 m, 16/11/2000, IPS, SANT 44251. Río Limia-Encoro das Conchas, 29TNG8748, 570 m, comunidade de herbáceas higronitrófilas (*Bidentetea tripartitae*), 29/09/2005, J.Amigo & IPS,

SANT 54149. >Muíños, encoro das Conchas, 29TNG8144, 550 m, comunidades de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrificada (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosae*), 02/08/1995, IPS, SANT 44265. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, pradarías anuais nitrófilos temporalmente inundados (1^a e 2^a cintura de vexetación), 09/10/2015, SANT 72041, IPS. Encoro de Salas, ao lado de presa, 29TNG8741, 835 m, 18/09/1998, IPS, SANT 44258.

— Calendula L. —

Herbáceas anuais o perennes de talos erectos ou ascendentes ramosos desde preto da base, foliosos. Follas enteiras, alternas, con pecíolo lixeiramente envainante e as superiores sentadas e escasamente auriculadas. Capítulos con dous tipos de flores. Invólucro con 1-2 filas de brácteas. Receptáculo alveolado, sen pelos nin escamas. Flores de cor amarela a laranxa, as radiais en lingüeta e as internas tubulares. Aquenios do capítulo de distintos tipos.

•Bibliografía: SILVEIRA & GONÇALVES (2019).

Clave de especies

- | | |
|---|-----------------------|
| 1. Flores liguladas de cor amarelo-alaranjada, < 2 veces más longas cás
brácteas involucrais | <i>C. arvensis</i> |
| Flores liguladas de cor laranxa intensa, > 2 veces más longas cás brácteas
involucrais | <i>C. officinalis</i> |
-

■ *Calendula arvensis* L.

•Descripción: terófito xeralmente moi ramificado. Follas alternas, de ata 10 x 2 cm. Capítulos hermafroditas, solitarios, sen escamas en receptáculo. Flores de cor amarelo-alaranjadas, de 2 tipos: flores internas tubulares e as externas liguladas de lonxitude menor a 2 veces a das brácteas involucrais. Froitos heteromorfos, algúns dos exteriores teñen pico e alternan con outros máis grosos e curtos; os froitos internos son moi arqueados e teñen espiñas no dorso.

•Distribución: C e S Europa, SW Asia, N África e Macaronesia. Introducida noutros continentes. P. Ibérica: amplamente dispersa.

•Hábitat: arvense, cultivos e as súas marxes.

•Frecuencia: común.

•Pregaduras de referencia:

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7640, 370 m, cultivo de horta (*Chrysantemo-Raphanetum raphanistri* subas. *lamietosum amplexicauli*), 21/03/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 44250. Fondevila, 29TNG7639, 415 m, cultivo de horta (*Chrysantemo-Raphanetum raphanistri* subas. *lamietosum amplexicauli*), 02/02/2001, IPS, SANT 44342. Xendeve, 29TNG7741, 390 m, marxe de cultivo (*Chrysantemo-Raphanetum raphanistri* subas. *lamietosum amplexicauli*), 24/02/2005, IPS, SANT 52382. A Vila, 29TNG7839, 540 m, cuneta baixo muro, ruderal, ¿introducida?, 20/01/2011, IPS, SANT 64200.

■ *Calendula officinalis* L.

•Descripción: hemicriptófito xeralmente moi ramificado. Follas enteiras, alternas, oblongo-lanceoladas, de ata 10 x 2 cm, pilosas no face e envéz. Capítulos terminais rodeados dun invólucro con 2 filas de brácteas pilosas. Flores de 2 tipos: as internas tubulares que son hermafroditas, e as externas ou radiais de sexo feminino, con forma de lingüeta e de lonxitude > 2 veces a lonxitude do invólucro, ambas de cor laranxa. Froitos en aquenios curvados e espiñosos, polimorfos.

•Distribución: probablemente orixinaria do S de Europa. Subcosmopolita.

•Hábitat: cunetas e cembas adxacentes a vivendas axardinadas.

•Frecuencia: rara.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, entullo, 13/07/2012, IPS, SANT 65910.

— ***Carduus* L.** —

Herbáceas espiñosas. Talos con ás espiñosas e follas caulinas, estas alternas, decorrentes e con marxe espiñosa. Capítulos terminais, solitarios ou agrupados. Brácteas do invólucro terminadas nunha espiña punzante. Receptáculo con pelos. Flores todas tubulares, rosadas (brancas en algúns individuos), con lóbulos ben marcados. Aqueños con papo de pelos simples.

•**Bibliografía:** DEVEZA & TALAVERA (1981); DEVEZA (2014).

Clave de especies

1.	Brácteas medias e inferiores do invólucro reflexas co ápice ascendente	<i>C. platypus</i>
	Brácteas medias e inferiores do invólucro erectas ou erecto-patentes	2
2.	Planta verdosa con indumento de pelos pluricelulares; brácteas medias con acumen arqueado-patente	<i>C. tenuiflorus</i>
	Planta abrançazada con indumento denso de pelos unicelulares; brácteas medias co acumen non patente	3
3.	Invólucro ovoide de 5-9 mm de anchura, araneoso; corola de 15-19 mm; brácteas involucrais medias e externas cun nervio medio visible en 1/3 distal	<i>C. carpetanus</i>
	Invólucro cilíndrico ou ovoide-cilíndrico 4-6 mm anchura; corola de 12,5-14,3 mm; brácteas involucrais medias e externas cun nervio medio visible nos 2/3-3/4 distais.	<i>C. asturicus</i>

■ ***Carduus asturicus* Franco** ●

Carduus gayanus sensu Devesa & Talavera

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas sésiles, decorrentes, de nerviación pinnada con lóbulos terminados en espilas de ata 12 mm, discoloras. Face con indumento de pelos unicelulares aplicados e pluricelulares ao menos no nervio e envés tomentoso con pelos unicelulares e pelos pluricelulares longos nos nervios. Inflorescencia de capítulos sésiles o subsésiles agrupados nun corimbo conxesto. Capítulos cilíndricos ou ovoide-cilíndricos, con la base redondeada, de 14-20 mm de lonxitude. Brácteas externas e medias triangular-lanceoladas de menos de 2 mm de anchura, erectas ou erecto-patentes, terminadas en espiña apical e cun nervio medio conspicuo nos 2/3-3/4 distais. Flores tubulares de 12,5-14,3 mm, co tubo abrançazado e o limbo rosado-purpúreo. Aqueño con papo de pelos denticulados.

•**Distribución:** endemismo do NW da Península Ibérica.

•**Hábitat:** chans pouco profundos nitrificados. Piso supratemperado submediterráneo.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>MUÍÑOS, Reparade, 29TNG8242, 700 m, chans despexados no marxe dunha matogueira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 16/06/1993, IPS, S.Ortiz, J.Rodr. & M.I.Romero, SANT 44150. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, chans pouco profundos en marxe de pista (subida a reemisores), 900 m, 11/06/1998, IPS, SANT 44151.




Asteraceae *Aster sedifolius*



Asteraceae *Bellis perennis*



Asteraceae *Bellis sylvestris*



Asteraceae *Bidens aurea*



Asteraceae *Bidens tripartita*



Asteraceae *Calendula arvensis*



Asteraceae *Carduus astoricus*



Asteraceae *Carduus carpetanus*

■ ***Carduus carpetanus*** Boiss. & Reut.

subsp. ***carpetanus*** ●

Carduus gayanus Durieu ex Willk.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talo branco-tomentoso. Follas decorrentes, con espiñas na marxe dos lóbulos, pubescentes con pelos unicelulares aplicados e dispersos na face e indumento algodonoso de pelos unicelulares e algúns pluricelulares no nervio medio do envés. Inflorescencia terminal con capítulos ovoides de ata 18 mm de lonxitude, solitarios ou en corimbo laxo de 2-7 unidades, subsésiles ou sobre curtos pedúnculos branco-tomentosos. Receptáculo recuberto de pelos. Brácteas externas e medias de menos de 2 mm de anchura, erectas ou erecto-patentes, espiñosas, con nervio medio visible ao menos en 1/3 distal; as externas triangulares ou triangular-lanceoladas e as medias lanceoladas. Flores tubulares de 15-20 mm, rosado-purpúreas ou de cor branca. Estames con filamentos pubescentes. Aquenio con papo de pelos denticulados.

• **Distribución:** endemismo do NE de Portugal e N, C, CE e W de España.

• **Hábitat:** pradarías nitrófilos viarios.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregaduras de referencia:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, entrada aldea, 29TNG9236, 1070 m, cunetas e chá sobre cemba, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80274. >**LOBIOS**, 29TNG7937, 570 m, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 44148. Sampaio, Porta de Sampaio, 29TNG8035, 900 m, camiño transitado por gando doméstico, 27/05/2004, IPS, SANT 51131.

■ ***Carduus platypus*** Lange

subsp. ***platypus*** ●

• **Descripción:** herbácea bienal (terófito-hemicriptófito). Talos erectos con ás excepto nos pedúnculos dos capítulos, con indumento de pelos pluricelulares e outros unicelulares araneosos. Follas pinnatinervias, pinnatinervias Capítulos 1,8-3,3 x 1,1-3 cm, solitarios sobre pedúnculos branco-tomentosos. Brácteas en más de 5 filas, coriáceas e espiñosas excepto as internas; medias de invólucro reflexas e lixeiramente contraídas na metade, arqueadas en S. Receptáculo con pelos. Corola rosado-purpúrea. Aquenios 4,5-5,5 x 2-2,5 mm con papo de pelos lisos.

• **Distribución:** endemismo do C, CW e NW da P. Ibérica.

• **Hábitat:** pradarías nitrófilos viarios.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregaduras de referencia:**

>**MUÍÑOS**, Couso de Salas, 29TNG8946, 930 m, cuneta (*Cirsion richterano-chlodati*), 07/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 44152.

• **Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1989) (LOBIOS, entre Herdadiña y Valoiro).

■ ***Carduus tenuiflorus*** Curtis

Carduus pycnocephalus var. ***tenuiflorus*** (Curtis) Ball

• **Descripción:** terófito. Anual ou bienal. Talo acostelado, alado con follas decorrentes. Follas dis-coloras, sésiles, de nerviación pinnada, con lóbulos terminados en espiñas, pubescentes con pelos pluricelulares na face e tamén unicelulares no envés. Inflorescencia corimbiforme, densa. Capítulos sésiles ou subsésiles. Invólucro 14-20 x (3)4-7,5 mm de lonxitude, estreito, cilíndrico e redondeado na base. Brácteas externas e medias do invólucro con acume arqueado-patente terminado nunha espiña apical de ata 2(3) mm. Receptáculo recuberto de pelos. Flores tubula-

res de 10-13,5 mm, rosado-purpúreas ou de cor branca. Estames con filamentos pubescentes. Aquenio con papo de c. 9-13 mm.

•**Distribución:** W Europa e W rexión mediterránea. Introducida en diversas zonas do planeta. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilos viarios.

•**Frecuencia:** escaso.

Pregaduras de referencia:

>Muíños, Tourós, 29TNG8646, 600 m, cuneta (*Cirsium richterano-chlodati*), 20/04/1996, IPS, SANT 44206. Muínguemes, 29TNG8747, 600 m, pradaría nitrófilo viario das. *Bromo-Carduetum tenuiflori*, 11/06/1996, IPS & S.Ortiz 44149.

— **Carlina L.** —

■ *Carlina corymbosa* L.

subsp. ***hispanica*** (Lam.) O. Bolòs & Vigo

Carlina hispanica Lam.

•**Descripción:** hemicriptófito, glabrescente. Talos erectos, xeralmente ramificados a modo de corrimbo preto do ápice. Follas alternas non decorrentes, algo coriáceas, pinnatífidas a pinnatipartidas, glabras ou glabrescentes, con marxe espiñosa, as inferiores marcescentes na floración, as superiores chegan a encerrar aos capítulos. Brácteas internas do involucro de cor amarela viva, > 1,3 mm de anchura. Receptáculo con escamas interseminais ramificadas. Flores todas tubulares de cor amarelo-alaranzada. Froito en aquenio con papo de pelos plumosos.

•**Distribución:** P. Ibérica (amplamente repartida) e NW África.

•**Hábitat:** matogueiras secas, abertas e soleadas.

•**Frecuencia:** común.

Pregaduras de referencia:

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 460 m, sobre chans esqueléticos con pradarías anuais (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabiflorae*, 07/1992, IPS, SANT 44248. Fondevila, 29TNG7539, 26/09/1992, IPS. Serra de Santa Eufemia, Torneiros-A Ponte Nova (Km. 10, OR-312), 29TNG737339, 450 m, sobre cemba, 11/10/1997, IPS, SANT 44247. A Cela, 29TNG8040, 540 m, entre penedos con matogueira en orla de bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *queretosum suberis*), 14/08/2009, IPS & D.Manso, SANT 63035.

•**Bibliografía:** LÓPEZ & DEVESA (2014).

— **Centaurea L.** —

Herbáceas. Follas pinnatinervias. Capítulos solitarios ou en inflorescencias racemiformes o ucorimbioformes. Brácteas do involucro cun apéndice pectinado no ápice. Receptáculo con escamas caducas. Flores todas tubulares, as internas de menor tamaño e hermafroditas, as externas xeralmente de maior tamaño e neutras. Aquenios con papo dobre: un externo de setas escábridas longas, desiguais, escábridas, e outro interno con setas curtas e coniventes.

•**Bibliografía:** DEVESA et al. (2014)

Clave de especies

1. Corola azulada	<i>C. cyanus</i>
Corola rosada a abrançazada	2
2. Planta con todas as ramas prostradas, decumbente	<i>C. janeri</i>
Plantas con talos erguidos	3

3.	Flores externas > 20mm; apéndice das brácteas non decorrente	<i>C. nigra</i>
	Flores externas < 18 mm; apéndice das brácteas decorrente	4
4.	Follas caulinas superiores lobuladas	<i>C. limbata</i>
	Follas caulinas superiores enteiras	<i>C. langei</i>

■ *Centaurea cyanus* L.

- **Descripción:** terófito con talo de 20-80 cm. Talos non alados ramificados na parte superior. Follas caulinas lineares, enteiras, pecioladas, planas ou pregadas, agudas no ápice, con indumento lanuxinoso sobre todo no envés. Brácteas do invólucro sen espiña terminal, con apéndice de cor marrón clara, dentado e estreitamente decorrente. Flores todas flosculosas, de cor azul, con lóbulos triangulares, agudos, profundamente incisos. Aquenios de 2,8-4 mm. Papo externo de 1,9-3,5 mm.
- **Distribución:** SE Europa e W Asia. Amplamente estendido e naturalizado a partir dos cultivos de cereal. P. Ibérica: sobre todo naturalizada na metade N.

• **Hábitat:** orla de cultivos cerealistas e cunetas próximas.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregaduras de referencia:**

>Muíños, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8844, 900 m, cuneta, comunitade con *Cirsium arvense*, 09/07/1996, IPS. As Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con moito *Bromus*, 09/06/2021(01), IPS, SANT 80290.

■ *Centaurea janeri* Graells ●

subsp. *babiana* M. Laínz

- **Descripción:** hemicriptófito. Talos prostrados, lixeiramente ascendentes no extremo que leva as inflorescencias. Follas linear-lanceoladas, enteiras, agudas, de cor verde pálido-lanosa, as inferiores atenuadas en pecíolo. Capítulos sésiles, xeralmente solitarios. Invólucro 13-16 x 4,5-6 mm. Brácteas do invólucro verdes con nervios conspicuos, e apéndice marrón curto de marxe pectinado-fimbriada e ápice subulado excepto nas internas. Flores neutras 14-19(22) mm, de cor púrpura ou violeta. Aquenios de 2,8-3,2 mm con papo externo < 2 mm.

• **Distribución:** endimismo das montañas do N de España.

• **Hábitat:** chans areosos abertos. Preferentemente calcícola.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregaduras de referencia:**

>Muíños, Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8941, 850 m, claros de breixeira sobre chan areoso, 24/06/2011, IPS, SANT 65291.

• **Citas previas:** RODRÍGUEZ ROMERO et al. (2001). RODR. OUBIÑA (1995) (com. pers.).

■ *Centaurea langei* Nyman

Clave de subespecies

1. Papo externo de lonxitude similar ao aquenio; invólucro > 5 mm de anchura	subsp. <i>langei</i>
Papo externo de lonxitude 1/3-1/2(2/3) del aquenio; invólucro < 5 mm de anchura	subsp. <i>gerensis</i>

■ *Centaurea langei*

subsp. *geresensis* E. López, Devesa & Arnelas ●

Centaurea paniculata subsp. *geresensis* Arènes; *C. aristata* subsp. *geresensis* (Arènes) Dostál;

C. limbata subsp. *geresensis* (Arènes) Franco

•**Descripción:** hemicriptófito sufruticoso, multicaule, con talos de ata 90 cm, con ramificación laxa erecto-patente na metade superior. Capítulos terminais con pedúnculos de 5-50 mm, solitarios. Invólucro con varias filas de brácteas imbricadas. Apéndices das brácteas xeralmente un pouco más ancha ca longa, decorrente, pectinado e con mucrón terminal de menor tamaño cós maiores dos laterais. Corola rosada coas flores externas maiores cás internas. Aqueños con papo dobre, o externo más longo có interno sen chegar á metade da lonxitude do aquenio. Papo de pelos internos más curtos, cunha lonxitude que non supera 1/3 da do aquenio, coníventes.

•**Distribución:** endimismo xuresiano do que non se coñecen con precisión os seus límites.

•**Hábitat:** pistas forestais, cembas, claros de matogueira, chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**BANDE**, Currás, 29TNG8649, 560 m, prado abandonado, 18/06/2020, IPS, SANT 78753. >**LOBIOS**, Ganceiros, 29TNG7840, 500 m, orla de piñeiral, 22/06/2000, IPS, SANT 49244. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7231, 587 m, entre rochas de marxe de pista rodeada de carballeira termófila, 07/10/2004, IPS, SANT 51843. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129 850 m, breixeira higrófilo *Genistion micrantho-anglicae*, 13/09/2018, IPS & D.Manso, SANT 76580. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, cemba con plataforma granítica e chans esqueléticos, comunitade de *Sedum forsterianum*, 12/06/2020, IPS, SANT 78754. >**MUÍÑOS**, Salgueiro, 29TNG8439, 1000 m, pasteiro nas ruínas do pobo, 07/10/2004, IPS, SANT 51815.

•**Bibliografía:** SILVA PANDO et al. (1987).

■ *Centaurea langei*

subsp. *langei* Nyman ●

Centaurea micrantha Hoffmanns. & Link

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo de 20-70 cm, erectos, con ramificación erecto-patente só nos 2/3 superiores do talo. Follas caulinas pinnatipartidas, co segmento terminal maior cós laterais, que van sendo menos divididas cara arriba ata facerse enteiras e bracteiformes, con glándulas sé-siles translúcidas. Capítulos solitarios ou subxeminados. Invólucro de 8-13 x 2,5-5 mm, glabro. Brácteas internas nervado-estriadas, as restantes sublisas. Apéndice pardo a negrizo, mucronado e con 2-7 pares de fimbrias de 0,3-1,5 mm.

•**Distribución:** endimismo do CN e NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** claros de matogueiras xerofíticos

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, S. Pena, 29TNG9235, 1200 m, claro matogueira, 17/06/2022, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 81719.

■ *Centaurea limbata* Hoffmanns. & Link

subsp. *limbata* ●

•**Descripción:** hemicriptófito sufruticoso, moi pouco piloso en talos e follas. Talos ramificación erecto-patente con indumento de pelos araneosos unicelulares. Follas basais en roseta, pecioladas, de enteiras a 1-2 pinnatipartidas, frecuentemente secas durante a antese. Follas caulinas sé-siles, menores cara o ápice, as inferiores e medias de 1-2 pinnatipartidas a 1-2 pinnatisectas co lóbulo terminal máis ancho e mucronadas, con face glabriúscula, con glándulas translúcidas e

envés con pelos pluricelulares antrorso-escábridos. Capítulos solitarios ou en grupos de 2-3(4), acadados polas follas que non exceden o invólucro ou con pedúnculo de ata 2,5 mm. Invólucro de 4-7 mm anchura, con brácteas glabras excepto a parte superior araneosa-lanuxinosa. Apéndice das brácteas decorrente, araneoso-lanuxinoso, pardo-negrizo, con glándulas translúcidas no dorso, pectinado-fimbriado con 5-10 pares de fimbrias de 0,5-2 mm, ao menos as superiores concoloras e con mocrón suberecto de 0,3-1,5 mm. Flores tubulares con 4-5 lóbulos, co tubo abrançazado e os lóbulos rosados. Papo dobre, o externo con varias filas de escamas desiguais, de 0,5-1,5 mm, abrançazadas, serradas; o interno con 1 fila de escamas erectas, curtas, coniventes de pelos ten unha lonxitude que non supera 1/3 da do aquenio.

•**Distribución:** endimismo do W e NW da Península Ibérica.

•**Hábitat:** pistas forestais, cembas, claros de matogueira, chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilar-Vilaríño, 29TNG9236, 1110 m, comba de cuneta, zona de entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80268. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro. 29TNG6930. 1220 m, gretas de penedos próximos ao cume, 09/06/2011, IPS, SANT 64786.

■ *Centaurea nigra* L.

subsp. *rivularis* (Brot.) Cout. ●

•**Descripción:** hemicriptófito multicaule, con talos erectos que poden acadar máis de 1 m de altura, de simples a escasamente ramificados na metade superior, con ramos erecto-patentes. Follas inferiores longamente atenuadas en pecíolo, enteiras ou pinnatifidas con 1-2 lóbulos cara a base; as caulinas alternas, sésiles, de menor tamaño. Capítulos radiantes, xeralmente solitarios. Brácteas medias do invólucro con apéndice que recobre case toda a marxe, de ápice recurvado e marxe finamente fimbriada. Flores tubulosas de cor púrpura, as internas hermafroditas e de menor tamaño que as externas, neutras. Aquenios con papo de c. 1 mm.

•**Distribución:** endimismo do cuadrante NW de la P. Ibérica, descendendo puntualmente ata o SW.

•**Hábitat:** prados e pradarías frescos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**BANDE**, Os Baños, 29TNG8448, 590 m, cuneta e marxe da estrada, 06/07/2005, IPS, SANT 53988. Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, pasteiro de *Agrostis* sobre chans non afectados por augas do encoro, 02/09/2007, IPS, SANT 57984. >**ENTRIMO**, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65866. Terrachán-A Illa, 29TNG7242, 420 m, pradaría vivaz viario en cunetas, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73419. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG7830, 1220 m, pastos rodeados de breixeira. 23/08/2007, IPS 23080706, SANT 57453. >**MUÑOS**, O Salgueiro, 29TNG8439, 990 m, pradera de Xardín de Hábitats de montaña (*Cynosurion cristati*). 07/10/2004. IPS, SANT 51816

— *Chamaemelum* Mill. —

■ *Chamaemelum nobile* (L.) All.

Anthemis nobilis L.

•**Descripción:** hemicriptófito ou camefita aromático. Talos ramificados xeralmente desde a base de 10-20 cm. Follas 2-3 pinnatisectas, pilosas. Capítulos solitarios. Pedúnculos pilosos. Invólucro con varias filas de brácteas aplicadas, con marxe e ápice escariosos, as externas e medias pilosas. Receptáculo con escamas envolvendo as flores, cónico na frutificación. Flores externas liguladas, totalmente brancas. Flores internas tubulosas, amarelas,

Asteraceae *Carduus tenuiflorus*Asteraceae *Carlina corymbosa*Asteraceae *Centaurea cyanus*Asteraceae *Centaurea janeri*Asteraceae *Centaurea langei* subsp. *geresensis*Asteraceae *Centaurea limbata*Asteraceae *Centaurea nigra*Asteraceae *Chamaemeum nobile*

cunha pequena prolongación ou xibosidade na base que recobre de forma asimétrica o aquenio. Aquenios pardo escuros, obovoides, con 3 costelas prominentes, dous laterais e unha adaxial. Sen papo.

•**Distribución:** W Europa, NW África e Macaronesia non tropical. P. Ibérica: amplamente espalhada excepto no E.

•**Hábitat:** cultivos, chans nitrificados, marxes de encoros. Preferentemente piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 560 m, pastos sobre areas, 02/07/2019, IPS, SANT 77559. >ENTRIMO, encoro do Lindoso, 29TNG7139, 340 m, ambiente de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrófila (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 12/06/1998, IPS, SANT 44256. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520 m, cuneta e marxe de pista, 10/06/2020, IPS, SANT 78749. Fronteira Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*) pastoreado, 10/06/2020, IPS, SANT 78750. >LOBEIRA, Sabariz, 29TNG7847, 700 m, vexetación nitrófila en marxe de estrada entrando ao pobo (ecotón *Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini* e *Lolio-Plantaginetum majoris*), 09/09/1997, IPS, SANT 48874. >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, ambiente de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrófila (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 31/08/1998, IPS, SANT 44255. Fondevila, nitrófila, 15/04/1993, IPS, SANT 48871. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70453. A Portaxe, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7640, 340 m, chans areosos ocasionalmente inundados, 06/07/2019, IPS, SANT 77506. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78747. >MUIÑOS, San Miguel, Encoro das Conchas, 29TNG8044, 550 m, comunidades de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrófila en chans areosos, 15/06/1995, IPS, SANT 48872. Pazos, Encoro das Conchas, 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto por baixada de nivel da auga, comunidades de *Isoeto-Nanojuncetea*, 05/11/2014, IPS, SANT 70363. Porqueirós-presa Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto viario anual/vivaz, 19/06/2020, IPS, SANT 78748.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (2019c).

— Chondrilla L. —

■ *Chondrilla juncea* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos foliosos. Follas pinnatinervias, as basais de pinnatifidas a pinnatisectas, xeralmente murchas na antese; as caulinas lineares, dentadas. Capítulos en inflorescencias espiciformes. Invólucro cilíndrico coas brácteas en dúas series, sendo as externas moito más curtas cás internas. Receptáculo sen pelos nin escamas, áfida que cunha pequena coroa ao redor dos alvéolos. Flores todas liguladas, de cor amarela viva. Aquenios cilíndricos, con pico de maior lonxitude có corpo do aquenio e inserto no centro dunha coroa de escamas. Papo de pelos brancos e escábrido que cae co pico do aquenio.

•**Distribución:** C e S Europa, W Asia e N África. P. Ibérica: a maior parte, preferentemente mediterránea.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias próximas ao encoro do Lindoso.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Portaxe-Xendive, 29TNG7741, 390 m, cuneta (*Artemisieta-Sisymbretalia officinalis*), 06/07/2003, IPS, SANT 49194.

•**Bibliografía:** TALAVERA & TALAVERA (2017a).

— Cichorium —

■ *Cichorium endivia* L.

• **Descripción:** terófito. Follas basais glabrescentes, coa marxe fortemente escábrida, dentadas ou pinnadas. Talos ramificados, con follas alternas, as inferiores pecioladas, as superiores sésiles, amplexicaules e algo coriáceas. Capítulos en glomérulos axilares, sésiles e outros terminais e solitarios no extremo de longos pedúnculos claviformes. Brácteas internas e externas do invólucro de parecido tamaño, ciliadas. Receptáculo plano, sen guechos de pelos nin escamas. Todas as flores liguladas, de cor azul. Froitos cunha coroa de escamas > 0,5 mm, sen arestas terminais.

• **Distribución:** probable orixe asiática e estendida por cultivo (escarola, endivia). P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** marxe de cultivo e camiño.

• **Frecuencia:** moi raro. Adventicia.

• **Pregaduras de referencia:**

> ENTRIMO, Feira Vella-Casal, 29TNG7441, 460 m, marxe de cuneta (Km-23), 10/06/2020, IPS, SANT 78746.

• **Bibliografía:** TALAVERA & TALAVERA (2017b).

— Cirsium Mill. —

Herbáceas espiñosas, vivaces. Talos foliosos con pelos unicelulares araenosos e pluricelulares. Follas alternas, sésiles e en ocasións decorrentes, pinnatífidas a pinnatisectas, con espiñas ao menos na marxe. Capítulos solitarios ou agrupados. Invólucro con varias filas de brácteas, as externas e medias terminadas nunha espiña. Receptáculo con guechos de pelos. Flores todas tubulares, rosado-purpúreas, pentámeras. Aquenios con papo de pelos plumosos.

• **Bibliografía:** TALAVERA (2014).

Clave de especies

1. Capítulos agrupados en cumes densos	<i>C. palustre</i>
Capítulos non agrupados en cumes densos	2
2. Invólucro glabrescente	<i>C. arvense</i>
Invólucro piloso	3
3. Invólucro ligeiramente más longo ca ancho; talo non alado	<i>C. filipendulum</i>
Invólucro esférico; talo con ás espiñosas	<i>C. vulgare</i>

■ *Cirsium arvense* (L.) Scop.

• **Descripción:** xeófito ou hemicryptófito. Talos sen ás espiñosas, con follas ata extremo; moi ramificados na 1/2 superior, con numerosos capítulos pedunculados, solitarios. Follas sentadas ou case, abrazadoras, rara vez decorrentes, sen espiñas na face; segmentos triangulares con espiñas. Invólucro glabrescente, con varias filas de brácteas aplicadas, tinguidas de pardo violáceo na zona central cerca do terzo superior e cun pequeno apéndice erecto-patente no ápice. Limbo da corola rosado, pentalobulado ata case a base. Sedas do papo moito más longos cá corola.

• **Distribución:** Eurasíatica de zonas temperadas. Introducida en América non tropical. P. Ibérica: dispersa; rara no SW.

• **Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias.

• **Frecuencia:** moi raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>Muíños, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8844, 900 m, cuneta en comunidade con *Centaurea cyanus*, 09/07/1996 e 15/07/2000, IPS, SANT 43034.

■ ***Cirsium filipendulum* Lange**

•**Descripción:** hemicriptófito. Raíces con tubérculos fusiformes. Talo piloso sen follas cara o ápice (excepto bractéolas) e non alado. Follas non decorrentes, sen sedas ríxidas na face, chegando a ser tomentosas en envés con lóbulos triangulares rematados por espiñas. Capítulos solitarios longamente pedunculados. Brácteas do invólucro chás, xeralmente pilosas, cunha calosidade distal, e finalizadas nunha espiña. Corola de 16-23 mm. Aquenios 3,5-4,5 mm, amarelentos. Papo plumoso de 14-18 mm.

•**Distribución:** SW Europa: SW Francia e P. Ibérica (de Galicia e N Portugal a Navarra).

•**Hábitat:** matogueiras higrófilas. Pisos meso e supratemperados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, A Cegañeira-As Cabanillas, 29TNG7330, 750 m, 09/07/1993, IPS, SANT 43061. Serra do Xurés, pista minas, baixo Chan do Frielo, 29TNG7733, 1055 m, matogueira higrófila, 22/07/1997, IPS, SANT 43060. Serra do Xurés, pista minas, 29TNG7733, 1055 m, ao redor de regatiño, con *Erica tetralix*, 12/06/1998, IPS, SANT 43057. A Cela-Reparade, 29TNG8141, 700 m, pasto higrófilo baixo cemba zumegante con *Saxifraga lepismigena*, 11/06/2020, IPS, SANT 78743. >Muíños, Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8736, 1150 m, 21/07/1997, IPS, SANT 43058. Serra do Xurés, Portela de Pitoes-A Barxa, 29TNG8636, 1190 m, baixo piñeiral de *Pinus sylvestris*, chan húmido, 15/09/2018, IPS, SANT 76554.

■ ***Cirsium palustre* (L.) Scop.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo folioso e alado fundamentalmente por abaixo. Follas pubescentes por arriba (sen pelos ríxidos) e lanosa polo envés, pinnatífidas, con lóbulos triangulares rematados en espiñas, decorrentes. Capítulos agrupados en cumes compactos, sentados ou con curto pedúnculo. Brácteas do invólucro cunha calosidade central, redondeada, de cor branca, moi evidente nas externas e medias, que ademais terminan nunha espiña apical curta (< 1mm), e de menor dimensión nas internas; as medias con apéndice membranoso que aumenta de tamaño cara as internas. Corola 10-16 mm, de color malva-rosado. Aquenios amarelentos con papo 8-11 mm.

•**Distribución:** eurosiberiana. Escaso na rexión mediterránea chegando a Alxeria. P. Ibérica: Metade N e polo W chega a Estremadura.

•**Hábitat:** pradarías higrófilas sobre chans higroturbosos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Os Bañadoiros-Penedo da Tella, 29TNG8757, 1040 m, xunqueira de *Juncus effusus* e *J. acutiflorus* (*Juncion acutiflori*), 19/06/2020, IPS, SANT 78745. >LOBIOS, Gustomeaeu, 29TNG7837, 570 m, regato baixo cemba, 19/06/2020, IPS, SANT 78744. >Muíños, Requiás, Portela de Pitoes, 29TNG8736, 1150 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 43059.

■ ***Cirsium vulgare* (Savi) Ten**

•**Descripción:** hemicriptófito bienal que pode acadar máis de 1 m de altura. Talo alado excepto na parte apical que é descontinuo, folioso. Follas decorrentes polo talo, con espiñiñas punzantes na face e envés lanoso ou glabro, pinnatífidas a pinnatisectas coa marxe con espiñas punzantes. Invólucro anchamente ovoide, piloso, con brácteas terminadas en espiña e sen calosidade dorsal. Flores 25-34 mm, co tubo moito maior cos lóbulos, púrpuras. Aquenios 3,5-4,5 mm, escuros e con liñas negras. Papo de pelos plomosos de 18-24 mm.

•**Distribución:** Europa, N África, W e C Asia e Azores. Naturalizada en América non tropical. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>**LOBEIRA**, Ermille, 29TNG8145, 600 m, nitrófila entre estrada e pequeno bosque (*Artemisietea vulgaris*), 06/07/2003, IPS, SANT 49196. >**MUÍÑOS**, As Maus-Guntumil, 29TNG8941, 840 m, marxe de estrada, 14/10/2004, IPS, SANT 52828.

— Cladanthus Cass. —

■ ***Cladanthus mixtus* (L.) Chevall.**

Anthemis mixta L.; *Chamaemelum mixtum* (L.) All.

•**Descripción:** terófito. Follas basais 1-2 pinnatisectas, as caulinas medias e superiores de pinnatifidas a pinnatisectas, con segmentos enteros ou dentados. Inflorescencia en corimbo laxo. Capítulos terminais, solitarios, pedunculados. Receptáculo con escamas interseminais recubrindo as flores. Flores liguladas periféricas brancas con mancha amarela na base, reflexas trala antese. Flores internas tubulosas, amarelas, cunha prolongación ou esporón na base que recobre case completamente unha cara do ovario. Aquenios 1-1,3 mm, de cor castaña, con costelas prominentes. Sen papo.

•**Distribución:** rexión mediterránea e SW Asia. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallada excepto no NE.

•**Hábitat:** camiños, campos areosos, pastos anuais nitrófilos e subnitrófilos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69910. Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69893. Calvos de Randín, 29TNG9144, 905 m, camiño dentro do pobo pegado a un muro, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80193. >**ENTRIMO**, Serra de Queguas, 29TNG7248, 1100 m, pastos (cf *Violion caninae*) algo nitrificados por pastoreo, claros de matogueira, 16/08/2012, IPS, SANT 65855. Terrachán-A Illa, 29TNG7242, 420 m, pradaría vivaz viario en cunetas, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73418. >**LOBIOS**, 29TNG7539, 430 m, marxe de camiño con pasto anual nitrófilo, 13/07/2012, IPS, SANT 65884. Grou, Requeixo, 29TNG7845, 430 m, marxe de camiño que baixa ao río, 06/07/2019, IPS, SANT 77558. >**MUÍÑOS**, Barrio-Farnadelos, c. Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70408. Presa do encoro de Salas-Requiás, Munixeito, 29TNG8741, 840 m, terreo removido por obra de acondicionamiento, 19/06/2020, IPS, SANT 78742.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (2019d).

— Coleostephus Cass. —

■ ***Coleostephus myconis* (L.) Rchb. fil.**

•**Descripción:** terófito. Talos erectos, simples ou ramificados na metade superior foliosos sobre todo inferiormente. Follas da roseta e caulinas inferiores, pecioladas, alternas, simples e de marxe regularmente serrada; as da roseta espatuladas, as caulinas superiores oblongas e sésiles. Capítulos solitarios, pedunculados. Invólucro con varias filas de brácteas. Receptáculo do capítulo glabro, sen escamas entre as flores. Flores concoloras amarelas, as do centro tubulares e as exteriores liguladas. Aquenios de rectos a curvados, con papo constituído por unha coroa membranosa de ápice oblicuo.

•**Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: ampla distribución; rara en SE e NE.

•**Hábitat:** arvense (cultivos, marxes), ruderal e viaria.

•**Frecuencia:** común.




Asteraceae *Chondrilla juncea*



Asteraceae *Cichorium endivia*



Asteraceae *Cirsium arvense*



Asteraceae *Cirsium filipendulum*



Asteraceae *Cirsium palustre*



Asteraceae *Cirsium vulgare*



Asteraceae *Cladanthus mixtus*



Asteraceae *Coleostephus myconis*

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Feira Vella, 29TNG7541, 490 m, herbazais nitrófilos, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70464. >LOBIOS, Torneiros, 29TNG7334, 430 m, cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 64559.

•**Bibliografía:** VOGT (2019a).

— *Conyza* Less. —

Herbáceas anuais. Talos erectos, foliosos. Follas alternas, sésiles, enteiras o moi pouco dentadas ou lobadas. Inflorescencia en panícula de capítulos, xeralmente moi numerosos. Invólucro con 3 filas de brácteas. Receptáculo sen escamas. Flores todas tubulares ou con flores radiais en lingüeta pouco manifesta. Aqueños vilosos. Papo de pelos escábridos.

•**Bibliografía:** VOGT (2019b)

Clave de especies

- | | |
|--|-----------------------|
| 1. Follas moi pilosas; brácteas involucrais pilosas; capítulos 5-10 mm
diámetro en froito | <i>E. bonariensis</i> |
| Follas glabrescentes (ciliadas en marxe e nervios); brácteas involucrais
glabras; capítulos 3-5 mm diámetro en froito | <i>E. canadensis</i> |

■ *Conyza bonariensis* (L.) Cronq.

Erigeron bonariensis L.; *Conyza albida* auct., non Willd. ex Spreng.;

C. sumatrensis auct., non (Retz.) E. Walker

•**Descripción:** terófito. Follas medianas enteiras ou dentadas, con pelos en ambas caras, más densamente no envés, as caulinas con nervios secundarios pouco visibles ou nulos, lineares. Talos con indumento de pelos dobre (pelos curtos e aplicados e outros patentes). Brácteas involucrais más ou menos densamente pilosas. Xeralmente 50-120 flores femininas, as externas con lígulas non > 0,5mm (menor có estilo ou ausente). Flores amarelo-verdosas. Capítulos a miúdo > 1 cm. Aqueño 1-1,7 mm, con papo de 3-4 mm.

•**Distribución:** América tropical. Subcosmopolita. P. Ibérica: todas as provincias.

•**Hábitat:** invasora de terras cultivadas e ruderizadas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Prencibe-Gustomeau, 29TNG7938, 603 m, cuneta, 07/10/2004, IPS, SANT 51823. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70440.

>Muíños, O Barrio-Quintá, 29TNG8647, 590 m, cuneta (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 11/09/1997, IPS, SANT 44278. Barrio-Farnadelos, Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70409.

■ *Conyza canadensis* (L.) Cronq.

Erigeron canadensis L.

•**Descripción:** terófito. Talo con pelos patentes, longos e dispersos. Follas glabras excepto en nervios e marxes da cara inferior. Follas caulinas medianas enteiras, linear-lanceoladas, con longos cilios patentes preto da base, con só o nervio central ben marcado. Capítulos < 1cm ancho. Brácteas involucrais lampiñas ou glabrescentes con pelos no nervio medio e/ou marxes. Xeralmente 25-45 flores femininas, as externas liguladas con lingua de 0,5-1mm (igual o más longa có estilo). Aqueños de 1-1,5 mm, pardo-claros. Papo 2,8 mm.

•**Distribución:** C e Norteamérica. Subcosmopolita. P. Ibérica: todas as provincias.

•**Hábitat:** ruderal, viaria, terras cultivadas e terreos incultos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Santa Comba-Porto Quintela, 29TNG8347, 590 m, viaria (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59584. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 470 m, nitrófila viaria (*Sisymbretalia officinalis*), 08/10/1996, IPS, SANT 44282. A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, orla de pradaría de *Iris pseudacorus* (*Carici-Iridetum pseudacori*), 04/09/1997, IPS, SANT 44279. Fondevila-Pazos, 29TNG7639, 410 m, pradaría viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 10/09/1997(2), IPS, SANT 77943. A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, camiño de acceso a encoro, 07/10/2011, IPS, SANT 65266. >MUIÑOS, O Barrio-Quintá, 29TNG8647, 590 m, cuneta (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 11/09/1997, IPS, SANT 44283. San Miguel-Piñoi, 29TNG8144, 600 m, ambiente de terófitos nitrófilos viarios (*Sisymbretalia*), 23/07/1998, IPS, SANT 44284. Encoro de Salas, Requiás-Guntumil, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundada en desembocadura de regato, 09/10/2015, IPS, SANT 72522. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, chans areosos do marxe, 09/10/2015, IPS, SANT 72082.

— *Crepis* L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos con follas basais pecioladas e caulinas sésiles e auriculadas. Brácteas do invólucro en dúas filas, as externas de moito menor tamaño. Receptáculo sen guechos de pelos nin escamas, alveolado. Todas as flores liguladas, amarelas. Aquenio con papo de pelos escábridos.

•**Bibliografía:** M. TALAVERA et al. (2017).

Clave de especies

1. Aquenios < 3 mm con 10 costelas	<i>C. capillaris</i>
Aquenios > 4 mm con 20 costelas	<i>C. lampsanoides</i>

■ *Crepis capillaris* (L.) Wallr.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito. Talos glabrescentes ou híspidos sobre todo na base, sen pelos estrelados, sen pelos glandulosos, foliosos. Follas de dentadas a pinnatisectas, as da roseta e basais do talo pecioladas, as caulinas sésiles e amplexicaules. Invólucro con brácteas en dúas filas, tomentosas, glabras na súa cara interna, de dous tipos: as externas lineares, moito más pequenas cás internas, as internas linear-lanceoladas e de marxe membranosa. Receptáculo sen pelos nin escamas interseminais. Con flores liguladas amarelas. Aquenios de 1,5-2 mm, con 10 costelas. Pelos do papo de cor branca pura, denticulados.

•**Distribución:** Eurasíatica, N África e Macaronesia. Naturalizada en América. P. Ibérica: amplamente espallada; rara no Levante.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilos e viarios. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7243, 540 m, marxe de camiño, 15/07/2012, IPS, SANT 65891. >LOBIOS, San Martiño, 29TNG7739, 430 m, 09/07/1993, IPS, SANT 44215 e 52866. A Anta, 29TNG752373, 450 m, pradarías anuais nitrificadas, 04/05/1996, IPS, SANT 44214 e 52865. Xendive-Torno, 29TNG7742, 400 m, marxe de pista, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62023.

■ *Crepis lampsanoides* (Gouan) Tausch

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Talo foliosos con indumento de pelos pluricelulares longos, sobre todo na base. Follas do talo liradas, panduriformes e amplexicaules, con pelos

curtos sobre todo no envés. Inflorescencia corimbiforme. Pedúnculos con pelos glandulosos patentes. Invólucro con dúas filas de brácteas, as externas moito más pequenas cás internas, con pelos glandulosos e eglandulares. Receptáculo sen guechos de pelos ou escamas. Flores liguladas, de cor amarela pálida. Aquenios ± uniformes de c. 5 mm, sen pico (algo estreitados no ápice), con 20 costelas lonxitudinais, glabros. Pelos do papo de cor branca pura, denticulados.

•**Distribución:** elemento euatlántico. SW Europa, desde N Portugal ao CS Francia. P. Ibérica: C e N.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas. Pisos meso e supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, fronteira con Portugal, 29TNG7931, 14/07/1993, IPS, SANT 47761. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 800 m, orla de carballeira (transición *Rusco-Quercetum e Myrtillo-Quercetum*), 10/05/1996, IPS, SANT 44220. Serra do Xurés, 29TNG7833, 1.200 m, fisura profunda de penedos, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59560. Grou, Requeixo, 29TNG7845, 420 m, orla de ameneiral, 06/07/2019, IPS, SANT 77474. >Muíños, Cados, 29TNG8344, 660 m, carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 10/05/1996, IPS, SANT 44221. Reparade, río Salas, 29TNG820423, 670 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 44219. Prado, O Pombal-Prado, 29TNG8342, 690 m, 22/07/1993, IPS, SANT 44218. Piñoi, Os Coutos, 29TNG8244, 650 m, orla de carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 21/05/1996, IPS, SANT 44217. Porqueirós, Os Currás, 29TNG865440, 780 m, reboleira (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicæ*), 07/06/1996, IPS, SANT 44216. >PORTUGAL, Serra do Gerês, cume xeodésico, 29TNG7830, 1515 m, pastos vivaces en gretas de penedo (*Hieracio castellanae-Plantiginion radicatae*), 19/07/2012, IPS, SANT 68426 47761.

— Doronicum L. —

■ *Doronicum plantagineum* L.

•**Descripción:** xeofita rizomatoso. Rizoma con estolóns. Talo simple coa maior parte das follas acumuladas preto da base, pecioladas; as superiores sésiles e amplexicaules. Capítulo terminal e xeralmente solitario. Invólucro coas brácteas pilosas, as externas ciliadas, as internas glabrescentes e de tamaño similar ás flores liguladas. Receptáculo glabro ou glabrescente. Flores amarelas; as externas liguladas 15-25 mm, as internas tubulares. Aquenios das flores liguladas maiores, glabros e sen papo de pelos no froito. Os das flores tubulares máis pequenos, pubescentes e con papo.

•**Distribución:** Europa occidental (Francia, España e Portugal) e NW de África. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** cerquiño e orla. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño e orla, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80766.

•**Bibliografía:** ÁLVAREZ (2019b).

— Erigeron L. —

■ *Erigeron karvinskianus* DC.

•**Descripción:** caméfito. Herbácea sufrútice. Talos ramificados, colgantes sobre muros, foliosos. Follas inferiores lobuladas o moi acusadamente dentadas, co lóbulo central de maior tamaño, con pelos antrorsos na face e envés e marxe ciliada, pecioladas. As caulinias medias enteiras

a trilobadas e as superiores lineares. Capítulos solitarios de 10-20 mm de diámetro, longamente pedunculados. Invólucro con brácteas de marxe membranosa en 2-3 filas. Receptáculo sen pelos nin escamas. Flores externas liguladas brancas, con frecuencia tinguidas de vermeillo-violáceo. Flores tubulares amarelas. Aquenios de c. 1 mm de lonxitude, con papo de pelos brancos e escamas.

•**Distribución:** C América, México e Venezuela. Naturalizada noutras zonas temperadas e tropicais. P. Ibérica: N e polo W ata a metade de Portugal. Puntual no S e E.

•**Hábitat:** muros do piso mesotemperado inferior.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7342, 490 m, muro de pedra, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70468. O Casal, 29TNG7441, 460 m, muro en marxe de cuneta (Km-23), 10/06/2020, IPS, SANT 78875. >LOBIOS, 29TNG7639, 430 m, muro (*Parietarietea judaicae*), 23/05/2003, IPS, SANT 49478. Xendive, 29TNG7741, 425 m, pradaría nitrófila baixo muro (*Parietarietea judaicae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53126. Grou, 29TNG7843, 369 m, muro exposición sur, 26/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73381.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ (2019).

— **Eupatorium L.** —

■ ***Eupatorium cannabinum* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Talos xeralmente de máis de 100 cm de alto. Follas opostas, pecioladas, verdes por ambas caras, palmatisectas, as caulinias con 3-5 lóbulos dentados e co nervio medio resaltado. Inflorescencias terminais en corimbos densos. Capítulos cilíndricos. Brácteas involucrais imbricadas en varias filas. Receptáculo sen pelos nin escamas. Todas as flores tubulares de cor morada, con glándulas esféricas moradas nos lóbulos da corola. Aquenios 2,5-3 mm con papo de pelos escábridos.

•**Distribución:** Europa, Asia e NW África. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallado no N e raro na metade S.

•**Hábitat:** pradarías escio-higro-nitrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65868. >LOBIOS, Baños de Ríocaldo, 29TNG7435, 400 m, pradarías escio-higro-nitrófilas (*Picrido-Eupatorietum cannabini*), 04/08/1995, IPS, SANT 52786 e 63139.

•**Bibliografía:** MORALES (2019).

— ***Galinsoga Ruiz & Pav.*** —

Herbáceas anuais. Talos ramificados, foliosos. Follas opostas de marxe ciliada. Inflorescencia en dicasios de capítulos. Invólucro con brácteas en 2-3 filas. Receptáculo con escamas. Flores radiais en lingüeta, femininas, brancas. Flores centrais tubulares, amarelas. Aquenios dimorfos. Papo de escamas.

•**Bibliografía:** COUTINHO & PAIVA (2019).

Clave de especies

1. Escamas interseminais persistentes e profundamente trífidas; escamas do papo máticas; limbo das flores liguladas ata 1(2) mm *G. parviflora*
- Escamas interseminais caducas, enteiras ou levemente bífidas ou trífidas; escamas do papo aristadas; limbo das flores liguladas ata 2,5 mm *G. quadriradiata*

■ *Galinsoga parviflora* Cav.

•**Descripción:** terófito. Talo erecto e ramificado, xeralmente con poucos pelos. Follas caulinas planas, pinnatinervias, de marxe verde na face e no envés. Capítulos 3,5-5 x 2-6 mm, pedunculados. Pedúnculo con pelos eglandulares erecto-patentes de menos de 0,5 mm e en ocasións pelos glandulosos, curtos e patentes. Brácteas do invólucro persistentes, con pelos tectores e ocasionalmente tamén glandulíferos e marxe membranosa. Escamas externas do receptáculo non tricuspidadas; en ocasións pódense unir varias dando o aspecto dunha soa. Escamas internas do receptáculo 3 fendas, trífidas, raramente bífidas ou enteiras. Flores tubulares amareladas. Flores liguladas brancas, en curto número e tricuspidadas irregularmente no ápice. Escamas do papo non aristadas.

•**Distribución:** C e S América (Neotropical). Brava noutros continentes. P. Ibérica: só é rara no SW e C-S.

•**Hábitat:** cultivos de desenvolvemento estival e outonal.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**LOBIOS**, Fondevila, 29TNG7639, 400 m, cultivos de legón (*Lamio-Echinocloetum crus galli*), 10/09/1997/2, IPS, SANT 52791. Fondevila, 29TNG7639, 01/09/1998, IPS, SANT 52790. Vilameá, 29TNG7436, 420 m, cultivos de millo (*Lamio-Echinocloetum crus galli*), 17/09/1998, IPS, SANT 52793. >**Muños**, Guntumil, 29TNG8940, 870 m, cultivos de legón (*Lamio-Echinocloetum crus galli*), 18/09/1998, IPS, SANT 52792.

■ *Galinsoga quadriradiata* Ruiz & Pavón

G. ciliata (Rafin.) S.F. Blake

•**Descripción:** terófito. Talo erecto e ramificado, piloso, máis intensamente cara o ápice. Follas co marxe ciliada. Pedúnculos con pelos patentes ou erecto-patentes de tres tipos; multicelulares, simples e glandulosos. Invólucro con brácteas en 2-3 filas, con pelos simples e glandulosos, as internas caducas. Receptáculo con escamas; as externas persistentes e reunidas en grupos de 2-3 na base da bráctea adxacente; as internas enteiras ou levemente bi ou tricuspidadas, caducas. Aquenio con papo de escamas aristadas.

•**Distribución:** México. Estendida ao N e S América, Europa, Asia, S África, Oceanía. P. Ibérica: só falta no C-S e SW.

•**Hábitat:** ruderal.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**


>**ENTRIMO**, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73397.

— *Gamochaeta* Wedd. —

Herbáceas anuais ou perennes, con pelos aracnoides. Talos erectos. Follas en roseta e as caulinas alternas. Inflorescencia espiciforme. Capítulos piriformes. Invólucro con 3-4 filas de brácteas amplamente escariosas áinda que con dorso central verde. Receptáculo sen guechos de pelos ou



Asteraceae *Conyza bonariensis*



Asteraceae *Conyza canadensis*



Asteraceae *Crepis capillaris*



Asteraceae *Crepis lampsanoides*



Asteraceae *Doronicum plantagineum*



Asteraceae *Erigeron kaersvinkianum*



Asteraceae *Eupatorium cannabinum*



Asteraceae *Galinsoga quadriradiata*

escamas. Flores liguladas, as radiais femininas e as internas hermafroditas. Aquenio con papo de pelos prontamente manifestamente caedizo.

- Bibliografía:** MARTÍNEZ ORTEGA (2019).

Clave de especies

1. Follas manifestamente discoloras, oblongo-espatuladas	G. coarctata
Follas non manifestamente discoloras	G. subfalcata

■ ***Gamochaeta coarctata* (Willd.) Kerguelén,**

G. spicata (Lam.) Cabrera; *Gnaphalium spicatum* Lam.;
Gnaphalium coarctatum Willd.

•**Descripción:** hemicriptófito uni ou pluricaule ata 60 cm de altura. Follas basais persistentes na antese, oblongo-espatuladas, tanto elas como as caulinas planas, simples, verdes na face e branco-tomentosas polo envés. Inflorescencia espiciforme terminal, con cumes con capítulos sentados e pedunculados nos laterais de curtas ramiñas, con brácteas semellantes ás follas. Capítulos de 2,5-3 x 2-2,5 mm, patentes ou erectopatentes na maduración. Invólucro de brácteas en varias filas, as externas e medias membranosas, as internas verdosas no dorso, cun apéndice no ápice e encerrando un froito. Flores tubulares. Aquenios 0,5-0,6mm con papo de pelos longos (> 2 mm), finamente denticulados (só visible con aumentos).

•**Distribución:** S América. Naturalizada noutros continentes. Subcosmopolita. Invasora. P.Ibérica; metade N e más escasa cara o S.

•**Hábitat:** chans areosos, cunetas, marxe do encoro do Lindoso. Silicícola. Piso Mesotemperado.

•**Frecuencia:** rara, en expansión.

•**Pregaduras de referencia:**

>**Entrimo**, Lantemil, marxe del encoro so Lindoso, 29TNG7139, 340 m, terreo areoso adxacente a desagadoiro de regato, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70444. >**Lobios**, A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, sobre chans areosos, 18/01/1998, IPS, SANT 52662. Lobios-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterada sobre piñeiros con sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49486. Lobios-Xendive, 29TNG7741, 420 m, cuneta, viaria, 10/05/2011, IPS, SANT 64547. Fondevila-Barreal, 29TNG7539, 440 m, marxe de camiño, 13/07/2012, IPS, SANT 65883. A Portaxe, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7639, 340 m, sobre chans areosos ocasionalmente inundados, 06/07/2019, IPS, SANT 77514. Fondevila-Rivas de Arauxo, pista a man dereita (OUR-1206, Km 1,8), 29TNG7739, 385 m, pista forestal, 11/06/2020, IPS 78786.

•**Citas previas:** PULGAR et al. (1998).

■ ***Gamochaeta subfalcata* (Cabrera) Cabrera**

Gnaphalium subfalcatum Cabrera; *G. antillanum* Urb.
Gamochaeta antillanum Urb.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito; plantas erguidas, densamente tomentosas; follas da roseta xeralmente murchas na floración, pecioladas, as caulinas decorrentes no talo áinda que non abrazadoras, gradualmente estreitándose cara o ápice do talo. Inflorescencia cos capítulos en glomérulos que se dispoñen formando un acio. Capítulos de 3-4 mm de lonxitude. Invólucro de brácteas en varias filas, as medianas e externas membranosas. Receptáculo sen escamas nin guechos de pelos entre as flores. Flores todas tubulares. Aquenios de < 1 mm. Papo de pelos lisos, escabriúsculos.

•**Distribución:** América do Sur, Caribe e SE Norteamérica. Naturalizada noutros continentes. Subcosmopolita. Invasora. P. Ibérica: metade S, terzo W e esporádica no N.

•**Hábitat:** cunetas, chans areosos de cunetas e no marxe do encoro do Lindoso.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, A Portaxe, encoro do Lindoso, desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7639, 340 m, sobre chans areosos ocasionalmente inundados, 06/07/2019, IPS, SANT 77513. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso nitrificado (*Stellarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78785.

— **Glebionis** Cass. —

■ ***Glebionis segetum* L.**

•**Descripción:** terófito. Follas inferiores pinnadas ou pinnatisectas, as superiores dentadas. Invólucro con varias filas de brácteas imbricadas. Receptáculo do capítulo glabro, sen guechos de pelos nin escamas entre as flores. Flores amarelas, as do centro tubulares e as exteriores liguladas. Aquenios sen papo e sen coroa no ápice.

•**Distribución:** orixinaria da rexión do Exeo. Na actualidade atópase amplamente naturalizada no W e zonas do N de Europa.

•**Hábitat:** marxes de camiños, ruderal e arvense.

•**Frecuencia:** moi raro. Adventicia no territorio.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Padrendo-Devesa, 29TNG73, 420 m, 02/05/2005, IPS.

•**Bibliografía:** BENEDEÍ (2019).

— **Gnaphalium** L. —

■ ***Gnaphalium uliginosum* L.**

subsp. ***uliginosum***

Filaginella uliginosa (L.) Opiz

•**Descripción:** terófito menor de 20 cm, xeralmente ramificado desde a base, con ramas ascendentes densamente tomentoso-algodonosas. Follas alternas linear-lanceoladas ou oblongo-espatuladas. Inflorescencias reunidas en glomérulos terminais e axilares con 2-8 capítulos cada un, xeralmente excedidos por follas involucrantes (varias). Invólucro con varias filas de brácteas con ancho marxe escariosa. Receptáculo sen brácteas interseminais. Flores todas tubulares, amarelas. Aquenios diminutamente vilosos. Papo formado por pelos escábridos libres.

•**Distribución:** Holártica temperada e fría: Eurasia, N África e Norteamérica. P. Ibérica: abundante na metade N, dispersa na metade S (chega a Andalucía occidental); falta no SE.

•**Hábitat:** pradarías anuais efémeras sobre chans temporalmente inundados, marxes de pantano.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, río Limia, cabecera Encoro das Conchas, 29TNG8748, 570 m, comunidade de *Polygonum amphibium*, zona con estiáxe, 09/07/1996, IPS, SANT 47001 e 09/10/2015, IPS, SANT 72065. Porto Quintela, marxe Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, chans temporalmente inundados, 07/10/2011, IPS, SANT 65276. >CALVOS DE RANDÍN, A Telleira, río Calvos, 29TNG9243, 860 m, pequena depresión xunto a camiño paralelo ao regato (*Illecebros-Filaginetum*), 15/07/2000, IPS, SANT 43038. >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, ambiente de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrófila (*Illecebros-Filaginetum uliginosi*), 19/07/1998, IPS, SANT 52788 e 31/08/1998, IPS, SANT 52787 e 63140. >MUIÑOS, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 545 m, pasteiro de terófitos efímeros sobre chan areoso ao descuberto polo descenso do nivel do pantano (*Illecebros-Filaginetum uliginosi*), 15/06/1995, IPS, SANT 52362. Debaixo presa encoro de Salas, 29TNG8741, 820 m, pasteiro de terófitos efímeros (*Illecebros-Filaginetum uliginosi*), 19/09/1998, IPS, SANT 52789. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, vexetación de primeira liña no marxe do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 09/10/2015, IPS, SANT 72046 e 72067.

•**Bibliografía:** RICO (2019).

— ***Helichrysum*** Mill. —

Herbáceas ou sufrúctices. Talos con indumento denso. Inflorescencias cos capítulos agrupados en corimbos densos. Brácteas involucrais externas totalmente escarioas, as medias e internas coa zona central herbácea. Receptáculo alveolado, glabro, sen escamas. Flores tubulares ou flósculos, amarelas, en ocasións coa parte superior tinguida de rosado. Aquenios non comprimidos. Papo antrorso-escábrido, caduco.

•**Bibliografía:** GALBANI et al. (2019).

Clave de especies

1. Anual, branco-algodocira; brácteas externas do invólucro fortemente imbricadas	<i>H. luteoalbum</i>
Vivaz, sufrúctice, parcialmente verde; brácteas externas do invólucro pouco imbricadas	<i>H. stoechas</i>

■ ***Helichrysum luteoalbum*** (L.) Rchb.

Gnaphalium luteo-album L.; *Pseudognaphalium luteoalbum* (L.) Hilliard & Burtt;
Laphangium luteoalbum (L.) Tzvelev

•**Descripción:** terófito caulescente, xeralmente ramificado desde a base, densamente tomentoso-algodonoso, con talos erectos ou ascendentes. Talos, ata 70 cm, foliosos. Follas simples, enteirras, en roseta e caulinas; as inferiores e medias sésiles e decorrente, oblanceoladas a espataladas, densamente pilosas na face e envés. Inflorescencia terminal ou ramificada, con glomérulos densos de capítulos en número variable. Invólucro < 5 mm. Brácteas externas glabras; as medias e internas con algúns pelos glandulosos na parte central herbácea. Flores branco-amarelentas. Aquenios pardos < 1 mm con papo de pelos < 3 mm.

•**Distribución:** subcosmopolita excepto rexións Ártica e Antártica. P. Ibérica: amplamente espadillada.

•**Hábitat:** pradarías anuais efémeras sobre chans temporalmente inundados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**BANDE**, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 550 m, 02/09/2007, IPS, SANT 57989. >**ENTRIMO**, Lantemil, encoro do Lindoso, 29TNG7139, 340 m, pasteiro de terófitos efímeros, chans areosos (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 18/01/1998, IPS, SANT 52795. Lantemil, 29TNG7139, 340 m, marxe do encoro, chans areosos con pouca materia orgánica, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70442. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, pista forestal entrando desde Portela do Home, 10/05/1993, IPS, SANT 52798. A Anta, 29TNG7437, 440 m, cuneta nitrificada, 08/07/1993, IPS, SANT 52799 e 63141. A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, ambiente de *Isoeto-Nanojuncetea* nitrófila (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 18/03/1997, IPS, SANT 52796 e 31/08/1998, SANT 44257. Aceredo Novo, marxe do encoro do Lindoso, 29TNG7238, 340 m, chans areosos (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 16/12/2008, IPS & D.Manso, SANT 60032. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70436. >**MUÍÑOS**, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 545 m, pasteiro de terófitos efímeros, chan areoso descuberto por descenso do nivel estival (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 02/08/1995, IPS, SANT 52797. Encoro de Salas baixo presa, 29TNG8741, 820 m, pasteiro de terófitos efímeros sobre chans areosos (*Illecebro verticillati-Filaginetum uliginosi*), 19/09/1998, IPS, SANT 52794. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, 2ª liña de vexetación en marxe do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 09/10/2015, IPS, SANT 72046.

■ *Helichrysum stoechas* (L.) Moench

- **Descripción:** caméfito oloroso, con talos herbáceos de base leñosa (sufrúdice), con indumento denso de pelos tectores e pelos glandulosos. Follas alternas, lineares, < 2 mm de anchura, de marxes revolutos, densamente pilosas e con pelos glandulosos no envés. Inflorescencia en corimbo de capítulos terminais. Invólucro con varias series de brácteas prateadas, as externas pouco imbricadas. Flores tubulares de cor amarela intenso-amarelas.
 - **Distribución:** rexión mediterránea entrando escasamente na eurosiberiana. Case toda a P. Ibérica.
 - **Hábitat:** cunetas e cembas en zonas de baixa altitude.
 - **Frecuencia:** moi raro.
 - **Pregaduras de referencia:**
- › LOBIOS, Torno-Encoro das Conchas, 29TNG7843, 440 m, cuneta de estrada OUR-540, 06/07/2005, IPS, SANT 53595.

— *Hieracium* L. —

Herbáceas rizomatosas. Follas da roseta en ocasiós caducas; as caulinas alternas, enteiras ou moi pouco dentadas, sésiles ao menos as superiores, en ocasiós amplexicaules, con indumento de pelos tectores e glandulosos amarelos. Inflorescencia corimbiforme ou paniculiforme, en ocasiós solitaria. Brácteas verdes. Capítulos pedunculados. Invólucro de brácteas en varias filas, aplicadas, as externas menores cás internas. Receptáculo alveolado. Flores hermafroditas. Corola en lingüeta, amarela. Aquenios pardo escuro a negrizos con 10 costelas. Papo branco a branco amarelento.

- **Bibliografía:** MATEO et al. (2017a).

Clave de especies

1. Con follas caulinas abrazadoras	<i>H. amplexicaule</i>
Sen follas caulinas abrazadoras	2
2. Con roseta basal na antese	<i>H. schimitii</i>
Sen roseta basal durante a antese	3
3. Talos con papilas brancas na base	<i>H. umbellatum</i>
Talos sen papilas brancas na base	4
4. Follas da metade inferior do talo distanciadas, sen papilas brancas na face	<i>H. sabaudum</i>
Talos pilosos na base; pedúnculo papiloso con indumento de pelos estrelados	<i>H. laevigatum</i>

■ *Hieracium amplexicaule* L.

- **Descripción:** hemicriptófita. Rizoma vertical ou oblicuo con roseta basal de cuxo centro xorden 1-varios talos foliosos de 10-30 cm. Centro da roseta con indumento lanoso pouco denso. Talos ramificados no terzo superior, con indumento de denso e curto de pelos glandulosos e amarelos. Follas con densos pelos glandulosos en marxe e ambas caras; as basais atenuadas en pecíolo más curto có limbo; as caulinas sésiles, cordadas, auriculado-semiamplexicaules. Inflorescencia corimbiforme, con poucos capítulos. Pedúnculos con indumento de pelos estrelados e glandulosos. Brácteas do invólucro en 4-5 series, adpresas excepto a más externa, ciliadas no ápice e dorso con densos pelos glandulosos e estrelados. Receptáculo alveolado con pelos ± abundantes 0,4-0,6 mm. Flores amarelas liguladas, con pelos glandulosos < 0,2 mm en dentes. Aquenios 3,2-3,5 x 0,7-0,8 mm, castaño escuros. Papo branco de 5,2-5,6 mm.

•**Distribución:** SW Europa en montañas rochosas. P. Ibérica: C, E e N.

•**Hábitat:** gretas de penedos. Indiferente edáfica. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

Pregaduras de referencia:

>FRONTEIRA LOBIOS>PORTUGAL, Serra do Xurés-Gerês, Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1530 m, fisuras de rochas graníticas (*Minuartio recurvae-Sileneum acutifoliae*), 14/07/1993, IPS, SANT 47643. >LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1300 m, greta de penedo de cume, 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57566. Serra do Xurés, camino de acceso a Mina das Sombras, 29TNG7731, 1100 m, marxe do camiño semiabandonado, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62159.

■ ***Hieracium laevigatum* Willd.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo folioso sen roseta basal na antese, con pelos escábridos na parte inferior, con papilas cónicas na inflorescencia. Follas caulinas inferiores curtamente pecioladas e con papilas cónicas. Inflorescencia paniculiforme. Pedúnculos papilosos con indumento variable, denso, de pelos estrelados curtos. Brácteas involucrais imbricadas, con indumento laxo de pelos estrelados e escábridos ou glandulosos na base e o resto glabras. Receptáculo glabro. Dentes do ápice das lígulas glabros. Aqueños pardo escuros a case negros. Papo branco-amarelento.

•**Distribución:** Holártica. P. Ibérica: litoral e serras do N.

•**Hábitat:** bosques e orlas.

•**Frecuencia:** escaso.

Pregaduras de referencia:

>LOBIOS, Vilameá-Ermida Nosa Sra do Xurés, 29TNG7563, 490 m, baixo cemba fresco e húmido, 16/09/2018, IPS, SANT 76643.

■ ***Hieracium nobile* Gren. & Godr.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo con indumento de pelos escábridos e amarelentos, sen verdadeira roseta basal. Follas basais próximas entre si, en ocasións formando pseudorosetas, enteiras ou algo dentadas e ciliadas na marxe, atenuadas en pecíolo alado más curto có limbo, con indumento de pelos más denso no envés; as superiores más cortas, sésiles ou amplexicaules. Capítulos sobre pedúnculos provistos dun indumento denso de pelos estrelados e escábridos, a veces algúns glandulosos. Brácteas con pelos escábridos 1-2 mm no dorso sobre indumento de pelos estrelados e en ocasións algúns glandulosos e amarelentos. Receptáculo con poucos pelos de ata 0,5 mm. Lígulas de cor amarela intensa, glabras ou con algúns pelos glandulosos na marxe dos dientes. Aqueños pardos. Papo de pelos branco a branco-amarelento.

•**Distribución:** S Francia e metade N P. Ibérica.

•**Hábitat:** bosques e orlas.

•**Frecuencia:** escaso.

Pregaduras de referencia:

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 650 m, 19/10/2008, IPS & D.Manso, SANT 60008.

■ ***Hieracium sabaudum* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo de ata c. 1 m con indumento de pelos simples e estrelados, ramificado fundamentalmente na inflorescencia. Follas dentadas na marxe, as da roseta basal pecioladas pero murchas na antese; follas caulinas sésiles ou amplexicaules, gradualmente decrecientes en tamaño cara o ápice, con indumento de pelos simples alongados e pelos estrelados polo envés. Capítulos sobre pedúnculos provistos dun indumento con pelos estrelados, simples

e glandulosos. Flores liguladas de cor amarela intensa, glabras. Froito con 10 costelas, truncado no ápice. Papo de pelos denticulados, branco-pardentos, en 2 series.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África. Naturalizada en Norteamérica. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Quintela-Lobosandaus, A Corga, 29TNG8347, 580 m, orla de carballeira, 05/11/2014, IPS, SANT 70355.

>ENTRIMO, Terrachán-A Illa, 29TNG7242, 420 m, cuneta e cemba de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73417 (sub *H. laevigatum*). >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 760 m e 840 m, pista forestal pedregosa, húmida, vexetación de orla de bosque, 13/09/2018, IPS & D.Manso, SANT 76581 e 76582. >MUIÑOS, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8538, 1000 m, orla de bosque, 15/09/2018, IPS, SANT 76584.

■ *Hieracium schmidtii* Tausch.

Hieracium pallidum Biv.

•**Descripción:** hemicriptófito arrosetado con escapos de 20-40 cm, con indumento de pelos ríxidos, denticulados na marxe, e glandulares (máis escasos). Talo afilo ou con 1 folla ben desenvolta, xeralmente dentada, e en ocasións outra bracteiforme. Follas basais elípticas ou lanceoladas, de base redondeada ou curtamente atenuada en pecíolo. Inflorescencia en capítulos corimbosos. Pedúnculos cun indumento de pelos lisos, estrelados e glandulosos. Flores todas liguladas, amarelas, curtamente ciliadas no ápice. Aquenios negrizos, de 3,2 x 0,7 mm, con nervios que chegan ata o ápice truncado formando 1 anel liso do que sae o papo constituído por 1 soa fila de pelos denticulados.

•**Distribución:** rexión eurosiberiana e N da rexión mediterránea. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** fisuras de rochas de natureza silícea. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>MUIÑOS, Serra do Xurés, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1240 m, mouteira fisura de gran rocha de granito. 27/05/2011, IPS, SANT 64801.

— Híbridos —

■ *Hieracium x vasconicum* Martrin-Donos

(*H. sabaudum* x *H. umbellatum*)

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, vía romana c. Portela do Home, 29TNG7230, 600 m, en cuneta de pista baixo carballeira, 04/09/2021, IPS & D.Manso. Vía Romana c. A Ponte Nova, 29TNG7231, 550 m, orla de carballeira fresca con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS, D.Manso & V.Otero

■ *Hieracium* sp (*Hieracium* cf non *orthoglossum* Arv.-Touv. & Gaut.)

(*H. laevigatum* x *H. schmidtii*)

•**Descripción:** hemicriptófito. Cepa moi pouco lanosa. Talo con longos pelos brancos, denticulados e patentes; con pelos glandulosos moito más pequenos, con glándulas amarelas e en menor proporción, tendencia que vai invertíndose cara o ápice; moi poucos pelos estrelados, difíceis de detectar. Follas en roseta basal e nos individuos de maior tamaño 1 na parte basal do talo. Follas das rosetas basais, murchas na floración, longamente pecioladas, con longos pelos denticulados na marxe, brancos e de base amarelenta, e algúns glandulares sobre todo no pecíolo; lamina atenuada e decorrente no pecíolo, elíptica, con longos pelos denticulados na

marxe e algúns glandulosos moi más pequeno. Face glabrescente con indumento de longos pelos denticulados que se depilan a medida que madura a folla; envés con igual indumento e menor tendencia a depilarse, observándose nas follas murchas restos de pelos glandulares. Con pseudorosetas na parte basal do talo verdes na floración, semellantes ás da roseta basal pero sen pecíolo claro ou moi más curto, o mesmo que algunha folla illada, ocasional? na zona inferior do talo. Inflorescencia en acio corimbiforme con poucos capítulos. Capítulos terminais illados, case tan anchos coma longos. Brácteas en varias filas, con indumento de pelos longos brancos denticulados, algúns pelos glandulares más abundantes cara o ápice e algúns pelo estrelado ocasionalmente. Receptáculo con algúns cilios anchos bordeando el alvéolo no que se insire o aquenio. Lígulas amarelas notoriamente dentadas no ápice e aparentemente glabras. Aquenios de c. 4 mm. Papo de pelos denticulados de cor crema, non moi claramente en dúas filas.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces en gretas de rochas de cume.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS-PORTUGAL, Serra do Xurés-Gerês, 29TNG7930, 1500 m, fisuras de rochas graníticas (*Minuartia recurvae-Sileneum acutifoliae*), 28/06/2012, IPS, R.Carbalal, M.Serrano & R.Perdiz.

— Hypochaeris L. —

Herbáceas anuais o vivaces. Talos cunha soa folla ben desenvolta, ramificados na metade distal e con roseta basal na base. Follas de enteiras a lobadas. Capítulos terminais. Pedúnculos con brácteas. Invólucro con brácteas en 4-5 filas, adpresas, glabras e ciliadas no ápice. Receptáculo glabro con escamas lineares entre as flores. Flores todas liguladas, amarelas. Aquenios con papo de pelos plumosos, brancos, frecuentemente os externos sen pico e os internos con pico.

•**Bibliografía:** TALAVERA et al. (2017).

Clave de especies

1. Anual; flores externas de 6,5-10 mm que case non sobresaen ao invólucro	<i>H. glabra</i>
Perenne; flores externas de 10-20 mm que superan amplamente ao invólucro	<i>H. radicata</i>

■ *Hypochaeris glabra* L.

•**Descripción:** terófita. Follas en roseta basal, suaves ao tacto, glabrescentes, ciliadas. Invólucro con 4-5 series de brácteas, as internas do invólucro tan longas coma as flores. Receptáculo con escamas escarioas entre as flores. Flores amarelas, todas liguladas, as externas con limbo de 2-4(6) mm. Aquenios de cor marrón violácea, escuros, percorridos por costelas equinadas, de dous tipos: os externos truncados e sen pico, e os internos con pico longo. Papo formado por dúas fileiras de pelos: os externos curtos e denticulados e os externos longos e plumosos.

•**Distribución:** Europa, NW África, SW Asia e Macaronesia.

•**Hábitat:** pradarías anuais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1030 m, pastero anual, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77260. >ENTRIMO, Olelas, As Casifás, 29TNG6639, 620 m, pastero anual sobre chans case nus por incendio 9 meses antes, 27/05/1999, IPS, SANT 52661. >LOBIOS, Baños de Ríocaldo, 29TNG7435, 390 m, sobre pradarías anuais nitrófilas (*Polygono-Poetea*), 19/03/1993, IPS, SANT 52665. A Illa-Olelas, 29TNG6739, 600 m, pastero anual (*Airo praecox-Sedetum arenarii*), 21/04/1995, IPS, SANT 38813. >Muíños, Albite-Outeiro do Home Dereito, 29TNG8239, 1000 m, pasto anual sobre chan chá, areoso, adxacente a afloramentos de granitos, 08/06/2021, IPS, SANT 80325.

■ *Hypochaeris radicata* L.

• **Descripción:** hemicriptófito rizomatoso, con talos ramificados na metade superior, áfilos. Follas en roseta basal, co limbo de pinnatífdido a pinnatipartido, grosas, setosas, ásperas ao tacto. Brácteas internas do invólucro en varias series, as internas más curtas cás flores. Receptáculo con escamas escarioas entre as flores. Flores amarelas, todas liguladas. Todos os aquenios con pico, de cor marrón escura na madurez. Papo formado por dúas fileiras de pelos: os externos curtos e denticulados e os externos longos e plumosos.

• **Distribución:** Europa excepto no NE.

• **Hábitat:** claros de breixeiras e toxreira-breixeiras, chans despexados.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Olelas, 29TNG6640, 600 m, pastos sobre chans areosos nitrificados e compactados por pisaduras, 21/04/1995, IPS, SANT 52664. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7655, 1280 m, pasteiro pioneiro vivo sobre chans esqueléticos (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 52663. >LOBIOS, Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, colonizando desprendemento con areas graníticas en marxe de estrada, 10/10/2015, IPS, SANT 72057. Serra de Santa Eufemia, Corga do Sol, 29TNG6932, 830 m, claro de breixeira toxreira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80296. Padrendo, Igrexa Sta María de Riocaldo, 29TNG7336, 510 m, pasteiro anual con algunas especies vivaces, 24/06/2021, IPS.

— *Jurinea* Cass. —

■ *Jurinea bumilis* (Desf.) DC.

• **Descripción:** hemicriptófito. Roseta basal de follas pinnatífdidas, pilosas, de cor glauca, con nervio medio abrançazado. Do centro da roseta xorden talos diminutos 0-5 cm, con 1-varios capítulos florais. Brácteas do invólucro en varias filas. Flores en forma de tubo de cor malva. Aquenios con papo.

• **Distribución:** W da rexión mediterránea. Península Ibérica, S de Francia e NO de África.

• **Hábitat:** claros de breixeiras e toxreira-breixeiras, chans despexados.

• **Frecuencia:** moi raro. Especie por confirmar no Parque Natural.

Observación de referencia

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG79841/31373, 1521 m, claros de matogueira (cf *Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 27/05/2004, IPS. observ.: 1-2 exemplares aínda non florecidos; cf, non herborizado.

— *Klasea* Cass. —

■ *Klasea legionensis* (Lacaita) Holub. ●

Serratula barrelieri Dufour; *S. legionensis* Lacaita

• **Descripción:** hemicriptófito. Talo simple de ata 60 cm. Follas basais e caulinas de lobado-sinuadas a pinnatífdidas ou pinnatisectas, glabras, subcoriáceas ou cartáceas, con nervios laterais saíntes en ocasións con tricomias; as superiores pinnado-lobuladas, non decorrentes, erecto-patentes; con lóbulo final de maior tamaño. Capítulos solitarios, ovoides, longamente pedunculados, erectos. Brácteas involucrais externas con espíña apical, ovadas ou estreitamente ovadas, glabras na superficie e pilosas nos marxes. Receptáculos con escamas brancas filiformes. Flores tubulares con tubo e 5 lóbulos lineares profundos, rosado-purpúreas. Androceo con 5 estames cujos filamentos nacen do tubo da corola. Ovario ínfero. Froito en cipsela. Aquenios con papo multiseriado de pelos plumosos.




Asteraceae *Gamochaeta subfalcata*



Asteraceae *Gnaphalium uliginosum*



Asteraceae *Helichrysum luteo album*



Asteraceae *Helichrysum stoechas*



Asteraceae *Hieracium amplexicaule*



Asteraceae *Hieracium schimdtii*



Asteraceae *Hypochaeris radicata*



Asteraceae *Klasea legionensis*

- **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.
- **Hábitat:** matogueiras de substitución en terreos pedregosos. Piso supratemperado. Silicícola.
- **Frecuencia:** raro. Especie ameazada en regresión.
- **Lexislación:** En Perigo de Extinción (CGEA, 2007).
- **Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7731, 1190 m, fisuras de rochas, ao redor breixeira queimada reiteradamente (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 02/07/1999, IPS, SANT 46541 e 29TNG7830, SANT 41407. Serra do Xurés, baixo Escada Paredes, baixo pista das Sombras, 29TNG7732, 1200 m, breixeira calcinada (*Pterosparto-Ericetum aragonensis agrostietosum curtissii*) entre bloques de pedra, 02/07/1999, IPS, SANT 41408. Serra do Xurés, pista de acceso a minas, 29TNG7830, 1190 m, 02/08/2007, IPS & J.Rodr. (Proxecto AFA 2007), SANT 57573. >Muíños, Serra do Xurés, A Lomba-fronteira con Portugal, 29TNG8536, 1250 m, valgada (30º inclinación, W) con *Quercus* sp. rebrotando, 08/08/2007, IPS, SANT 57556. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1320 m, ecotón penedo-breixeira, poboación, 30/08/2012, IPS & R.Perdiz, SANT 70372; observ.: < 5 individuos sen florecer cubertos por *Erica australis*; mostras de dous individuos.

Outras localizacións aludidas:

>LOBIOS, Serra do Xurés, A Ourela do Rubios, 29TNG810322, 1291 m, pasteiro vivaz, chans pouco profundos, 27/05/2004, IPS. Serra do Xurés, A Ourela do Rubios, 29TNG808329, 1195 m, pasteiro vivaz, chans pouco profundos, 27/05/2004, IPS. >Muíños, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras-Coto da Fonte Fría, 29TNG8436 (4636398 N / 584225 E), 1319 m, matogueira de *Pterosparto-Ericetum*, 01/08/2008; observ.: <5 individuos sen florecer.

- **Bibliografía:** LAÍNZ (1965, 1966); CANTÓ (2014a).

— **Lactuca** L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos erectos ou ascendentes. Follas en roseta e caulinas, as inferiores con pecíolo curto, as caulinas medias sésiles e con *orejuelas* e en ocasións decorrentes. Capítulos en inflorescencias paniculiformes. Invólucro con brácteas en 4-5 filas, adpresas. Flores todas liguladas, hermafroditas, amarelas. Receptáculo glabro. Aquenios con pico e papo de pelos escábridos (basalmente poden ser algo plumosos).

- **Bibliografía:** MEJÍAS (2017).

Clave de especies

1. Follas decorrentes polo talo, lineares o con lóbulos estreitos; capítulos con 4-5 flores	<i>L. viminea</i>
Follas non decorrentes, auriculadas; capítulos con 7 ou más flores flores	2
2. Froito maduro pardento; follas frecuentemente pinnatipartidas	<i>L. serriola</i>
Froito maduro negro; follas frecuentemente enteiras ou pinnatifidas	<i>L. virosa</i>

■ *Lactuca serriola* L.

• **Descripción:** terófito, en ocasións perennante, de máis de 1 m de altura. Talos con espiñas na base. Follas glabras no face e espiñosas no envés, sobre todo o nervio medio; superiores inseridas verticalmente, retorcidas na base. Inflorescencia paniculiforme, piramidal, con moitos capítulos. Invólucro con brácteas adpresas, frecuentemente reflexas trala frutificación. Aquenios comprimidos, pardos con pico filiforme branco (pardo na base) terminado nun anel pálido e piloso. Papo de pelos debilmente escábridos en varias filas.

- **Distribución:** Holártica (Eurasia, N África e Norteamérica). P. Ibérica: amplamente espallada.

- **Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias.

- **Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**Lobios**, Lobios-Zapateiro, 29TNG7639, 400 m, camiño de acceso a hortas (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 10/09/1997, IPS, SANT 44708. Fondevila, 29TNG7639, 400 m, cuneta (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59634.

■ ***Lactuca viminea* (L.) Presl & C. Presl**

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito que non excede 1 m de altura, con pelos glandulosos e araneosos. Follas caulinias glaucas, pinnatisectas con lóbulos lineares, decorrentes polo talo coas *orejuelas* adpresas, as inferiores caducas. Inflorescencia en panícula laxa con ramas espiciformes con capítulos illados ou en grupos que en conxunto suman decenas de capítulos. Brácteas ciloliadas no ápice. Receptáculo glabro. Froito pouco comprimido. Corpo e pico do aquenio da mesma cor, negra, con costelas. ilano, este con 2 filas de pelos.

•**Distribución:** C Europa, rexión mediterránea e SW Asia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilos viarios.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**Calvos de Randín**, 29TNG9144, 905 m, baixo muro en camiño dentro do pobo, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80273. >**Lobeira**, Baldemir, 29TNG7748, 750 m, marxe de pista forestal de subida á serra, 11/08/2012, IPS, SANT 65870. >**Lobios**, A Anta, 29TNG7437, 450 m, cumba de cuneta, 08/10/1996, IPS, SANT 44709. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 500 m, cuneta, 15/07/1998, IPS, SANT 44707. >**Muiños**, As Maus de Salas, Fermosende, 29TNG8843, 890 m, xesteira de *Cytisus multiflorus* (*Halimio-Cytisetum multiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 44706.

■ ***Lactuca virosa* L.**

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito que habitualmente excede 1 m de altura, de olor desagradable. Follas non retorcidas na base, con *orejuelas* redondeadas, con face glabra enervio medio do envés espiñoso e marxe irregularmente dentada e lobulada. Invólucro con brácteas adpresas, frecuentemente reflexas trala frutificación. Aquenios moi comprimidos, negros ou castaño moi escuro con espículos na parte superior e con pico filiforme branco rematado nun anel pálido e piloso. Papo de pelos brancos finamente escábridos.

•**Distribución:** rexión mediterránea e zonas adxacentes do W e C de Europa. P. Ibérica: amplamente espallada; más frequente no N.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**Bande**, Porto Quintela, camiño de acceso a escavación arqueolólica 29TNG8447, 550 m, pradarías nitrificadas, 19/08/2012, IPS, SANT 65845. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, pradaría nitrófilo en pobo, 23/09/2018, IPS, SANT 76596. >**Entrimo**, Venceans, 29TNG7446, 850 m, xesteira de *Cetisus striatus* (*Cetisetum striati*), 08/10/1996, IPS, SANT 44710. >**Muiños**, San Miguel-Piñoi, 29TNG8144, 580 m, comunidades de terófitos e hemicriptófitos nitrófilos viarios (*Artemisieta vulgaris*), 23/07/1998, IPS, SANT 44711.

— ***Lapsana* L.** —

■ ***Lapsana communis* L.**

•**Descripción:** terófito que xeralmente excede os 30 cm de altura. Talos con follas en roseta e caulinias. Indumento de pelos pluricelulares glandulares e eglandulares na base e zona media e apicalmente só con pelos glandulares con dúas células. Follas alternas, as basais longamente pecioladas, liradas; as superiores enteiras, bracteiformes e sésiles. Inflorescencia

en panícula laxa. Pedúnculos con pelos glandulosos e eglandulares. Invólucro con brácteas en dúas filas. Receptáculo glabro, sen escamas. Flores amarelas, todas liguladas. Aquenios heteromorfos sen papo.

•**Distribución:** Europa, N África, W e SW Asia. Naturalizada en outros continentes. P. Ibérica: rara no S e ausente no SE.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, 29TNG8454, 770 m, pradaría megafóbrica escio-higro-nitrófila en marxe de río (*Artemisetea, Convolvuletalia sepii*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59661. Currás, marxe Encoro das Conchas, 29TNG8649, 550 m, bideiral en primeira liña do encoro, 18/06/2020, IPS, SANT 78797. >LOBIOS, Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS.

•**Bibliografía:** M. TALAVERA & S. TALAVERA (2017).

— **Lepidophorum** Neck. ex DC. —

■ ***Lepidophorum repandum* (L.) DC.** ●

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito con talos ata 50 cm, glabros. Follas basais de 2-6 x 1-2 cm, espatuladas a oblongo-espatuladas, marxe dentado-serrada, as inferiores longamente pecioladas, as caulinas medias e distais sésiles. Capítulos solitarios, longamente pedunculados. Receptáculo con brácteas interseminais caducas. Flores glabras, amarelas, as internas do capítulo tubulares e sacciformes, ancheándose na zona basal do tubo para envolver de forma más ou menos regular a parte superior do froito, hermafroditas; as radiais, con lígulas de 6-12 mm, femininas. Aquenios poligonais, os internos sen papo evidente, glabros.

•**Distribución:** endimismo do W da P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías subnitrófilas do piso mesotemperado inferior, en ambiente seco

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Ferreirós, 29TNG7243, 550 m, muros soleados e baixo eles, 10/06/2020, IPS, SANT 78852. >LOBIOS, 29TNG73, 26/09/1992, IPS, SANT 53205. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 375 m, marxe de pista, 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján. Requeixo, Ponte de San Martiño, 29TNG7739 (463923 / 57706), 380 m, cemba sobre granitos areosos, 15/05/2010, IPS, SANT 62420. Lobios, 29TNG7539, 430 m, marxe de camiño, 13/07/2012, IPS, SANT 65886. >PORTUGAL, Tras-os-Montes, Serra da Cabreira, 28/05/1997, IPS & J.Rodr., SANT 46343.

•**Bibliografía:** BRANCO et al. (1990); VOGT (2019c).

— **Leucanthemopsis** (Giroux) Heywood —

■ ***Leucanthemopsis flaveola* (Hoffmanns. & Link) Heywood**

subsp. ***ricoi*** Pedrol ●

Leucanthemopsis pallida subsp. *flaveola* (Hoffmanns. & Link) Ladero & Velasco

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, glauco, con talos ata 35 cm, ascendentes, foliosos, coas follas densamente agrupadas cara a base e áfilo cara o ápice. Follas alternas, pinnatisectas, pecioladas, con segmentos lanceolados a lanceolado-lineares, mucronados. Capítulos solitarios de 1,5-3 cm de diámetro, con longos pedúnculos cubertos de pelos. Invólucro con varias filas de brácteas aplicadas, uninervias, pilosas, coa marxe membranosa, negro. Receptáculo alveolado, glabro, sen escamas. Flores internas amarelas, tubulares e hermafroditas; as radiais liguladas, femininas e de cor amarela limón coa base más escura. Aquenios con costelas ben marcadas e papo de coroa membranosa.

- **Distribución:** endimismo do NW e W da Península Ibérica, ao N do río Guadiana.
- **Hábitat:** chans pouco profundos e claros de matogueira. Silicícola. Piso supratemperado.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregaduras de referencia:**
 - > Muíños, Albite-picos As Gralleiras, 29TNG8437 1200 m, claros de matogueira, chans pouco profundos, 22/07/1993, IPS, SANT 44746. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1280 m, chans pouco profundos, 04/07/1997, IPS, SANT 44747. Serra do Xurés, 29TNG8437, 1200 m, pasteiro pioneiro con *Halimium umbellatum* (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63046.
- **Bibliografía:** MERINO (1909) (sub *Pyrethrum pulverulentum*); PEDROL (2019).

— ***Leucanthemum* Mill.** —

■ ***Leucanthemum ircutianum* DC.**

- **Descripción:** hemicriptófito con talos ata 60 cm. Follas da roseta e caulinas inferiores pecioladas, simples, oval-espatuladas, dentadas. Follas caulinas medias e superiores sésiles, rectangulares co ápice dentado ou lobulado. Brácteas do capítulo co ápice e marxe tinguida de negro. Flores internas do capítulo tubulares, amarelas. Flores radiais do capítulo liguladas, brancas. Aquenios de 2-3 mm, sen papo, con costelas.
- **Distribución:** Eurasíatica. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: metade N.
- **Hábitat:** pradarías de marxes de estradas e pistas forestais.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregaduras de referencia:**
 - > Lobios, A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7741, 400 m, Cuneta, 27/11/1995, IPS, SANT 44713. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, marxe de pista, comunidade semiesciófila de orla de bosque (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 07/1992, IPS, SANT 44704; 09/07/1993, SANT 44712; 14/07/1993, SANT 44705 e SANT 45262. Serra do Xurés, 29TNG7732, 960 m, pradaría en orla de pequeno bosque ripario, 18/06/2011, IPS, SANT 65247.
- **Bibliografía:** VOGT (2019d).

— ***Logfia* Cass.** —

Herbáceas anuais de pequeno porte, glaucas, con denso tomento de pelos tectores. Talos foliosos. Follas alternas, lineares ou elípticas, planas ou involutas. Inflorescencia con glomérulos de capítulos en disposición corimbosa, monocasial, dicasial, cun invólucro de follas baixo eles, en ocasións algúns capítulos solitarios. Invólucro con brácteas escariosas. Receptáculo con escamas, as externas encerrando unha flor cada unha e as internas agrupando en conxunto ás flores internas. Flores tubulares de tres tipos: externas filiformes e femininas coa corola de inserción subapical, internas filiformes e femininas con corola de inserción apical; internas flosculosas e hermafroditas. Aquenios dimorfos, os das flores externas sen papo e os das internas con papo de pelos escábridos.

- **Bibliografía:** ANDRÉS-SÁNCHEZ et al. (2019).

Clave de especies

1. Inflorescencia en glomérulo de capítulos igualados ou excedidos polas follas superiores *L. gallica*
- Inflorescencia en glomérulo de capítulos non excedidos polas follas superiores *L. minima*

■ *Logfia gallica* (L.) Coss. & Germ.

Filago gallica L.

• **Descripción:** terófito. Talo e follas recubertos de densa pilosidade algodoeira, aplicada. Follas de 8-24 mm, lineares ou filiformes, a miúdo con marxe incurvada, patentes ou aplicadas. Inflorescencia en glomérulos de número de capítulos (< 14) más curtos có invólucro de 4-5 follas, que na súa maior parte o superan. Capítulos poligonais de menos de 3 mm. Brácteas involucrais con ancha marxe escariosas, non tinguídas o ápice. Receptáculo coas escamas externas encerrando completamente ás flores. Flores tubulares branco-amarellentas, de 2,5-3 mm.

• **Distribución:** C e S Europa, N África, Macaronesia e SW Asia. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** pradarías anuais oligótrofos sobre chans despexados, areosos por descomposición de granitos. Indiferente edáfica.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, Olelas, 29TNG6639, 600 m, terreo incendiado a finais de 08/1998, 27/05/1999, IPS, SANT 44737. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiro anual oligótrofo (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabri-florae*), 03/05/1996, IPS, SANT 44735. Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual sobre chans ácidos (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabri-florae*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77897. Serra de Santa Eufemia, fronteira A Madanela, 29TNG6936, 500 m, pasteiro anual (*Helianthemetea*), 11/06/1998, IPS, SANT 44734. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 800 m, pradarías anuais en chans esqueléticos e fisuras de rocha (*Helianthemetea guttatae*), 02/06/2011, IPS, SANT 64736. >MUIÑOS, Parada da Ventosa, 29TNG7943, 600 m, claros de matogueira (*Ulici europaei-Ericetum cinereum*), 06/06/1996, IPS, SANT 44736. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 850 m, pasteiro anual (*Helianthemetea*, *Galio-Logfietum minimae* subas. *sedetosum arenarii*), 24/06/1998, IPS, SANT 44739. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasteiro anual (*Helianthemetea*), 10/07/1998, IPS, SANT 44738..

■ *Logfia minima* (Sm.) Dumort.

Filago minima (Sm.) Pers.; *Filago arvensis* sensu Merino (Fl. Galicia 2: 436, 1906)

• **Descripción:** terófito de aspecto cincemento xeralmente <20 cm. Follas < 11 mm, planas, oblongo-lineares a lineares, erectopatentes ou aplicadas al talo. Inflorescencia espiciforme ou corimbiforme, con glomérulos de capítulos non excedidos polas follas involucrantes. Capítulos 2,5-4 mm, poligonais cos ángulos pouco marcados. Brácteas involucrais con pelos algodonosos. Escamas externas que envolven, pero non encerran completamente as flores. Flores tubulares branco-amarellentas, de 2-3 mm.

• **Distribución:** Europa (falta en N), N África, Macaronesia e SW Asia (moi localizada). P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** pradarías anuais oligótrofos sobre chans despexados, areosos por descomposición de granitos. Indiferente edáfica. Chans meso e supratemperados.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregaduras de referencia:**

>LOBEIRA, A Fraga, 29TNG7854, 970 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxantetum aristati*), 17/06/1994, IPS, SANT 47099. >LOBIOS, Serra do Xurés, 07/1992, IPS, SANT 44731. Serra do Xurés, 17/06/1993, IPS, SANT 44732. A Anta, 29TNG7437, 400 m, pista de terra (circuíto), 12/06/1995, IPS, SANT 44730. Herdadiña, 29TNG7743, 360 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 23/05/1997, IPS, SANT 44733. Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual sobre chans ácidos (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabri-florae*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77895. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931, 1096 m, fisura no ángulo recto de gran penedo de granito con estrutura vertical-horizontal, 09/06/2011, IPS, SANT 64789.

— Matricaria L. —

■ *Matricaria discoidea* DC.

M. matricarioides (Less.) Porter (pro parte); *Chamomilla suaveolens* (Pursh.) Rydb.

•**Descripción:** terófito aromático, frecuentemente ramificado dende a base. Ramas con follas alternas, 2-3 pinnatisectas, sentadas, lixeiramente abrazadoras, as caulinas con lóbulos simples e delgados na base da folla dando á zona de unión co talo aspecto de marxe fimbriada. Ramas terminadas en capítulos curtamente pedunculados, de 7-11 mm de anchura. Brácteas do invólucro en 3-4 series, con ápice obtuso e marxe membranosa branca. Receptáculo cónico, alongado, sen escamas ou pelos entre as flores. Con todas as flores tubulosas, de cor verde, terminadas en 4 lóbulos que en ocasións están tinguidas de amarelo e que non envolven a parte superior do ovario. Aquenios truncados con papo en coroa moi curta.

•**Distribución:** NE Asia e NW América. Naturalizada en Europa, NW África. P. Ibérica: metade N e moi rara no SE.

•**Hábitat:** ambiente ruderal con chans nitrificados e pisados.

•**Frecuencia:** escaso. ¿Especie en expansión?

•**Pregaduras de referencia:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, Ponte do Pozoco, 29TNG9440, 850 m, ambiente ruderal, chans nitrificados e pisados, 19/06/2011, IPS, SANT 65250. Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69905. Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 76982. Vilar-Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cuneta e entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80272.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (2019).

— Phagnalon Cass. —

■ *Phagnalon saxatile* (L.) Cass.

•**Descripción:** caméfito sufrúctice de talos lanosos. Follas 2,5-3,5 cm, alternas, lineares ou lanceoladas, enteiras ou escasamente dentadas con lanosidade (dispersa pola face e densa no envés), marxe ± revoluta. Capítulos terminais longamente pedunculados, solitarios, de 8-12mm. Invólucro con 7-8 filas de brácteas imbricadas, as inferiores e medias patentes ou reflexas e as internas adpresas. Receptáculo sen escamas, con alvéolos curtamente ciliados. Flores de dous tipos, as externas filiformes, femininas e en gran número, e as internas, tubulares, hermafroditas e en curto número, todas amarelas e con tricomas glandulíferos. Aquenios pilosos con papo de pelos escábridos.

•**Distribución:** C e W rexión mediterránea. P. Ibérica: espallada, faltando en puntos do CN e mesetas.

•**Hábitat:** muros e cembas do piso mesotemperado inferior. Indiferente edáfica.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Herdadiña-Valoiro, 29TNG7743, 400 m, comba (*Sesamoido-Anarrhinetum durimini*), 18/06/1997, IPS, SANT 45404 e 09/05/1998, SANT 45403.


•**Bibliografía:** MONTES-MORENO (2019).



Asteraceae *Lactuca serriola*



Asteraceae *Lapsana communis*



Asteraceae *Lepidophorum repandum*



Asteraceae *Leucanthemopsis flaveola*



Asteraceae *Logfia gallica*



Asteraceae *Logfia minima*



Asteraceae *Matricaria discoidea*



Asteraceae *Phagnalon saxatile*

— **Phalacrocarpum** (DC.) Willk. —

■ ***Phalacrocarpum oppositifolium*** (Brot.) Willk.

subsp. ***hoffmannseggii*** (Samp.) Nieto Fel. ●

Ph. Hoffmannseggii (Samp.) M. Laínz; *Ph. sericeum* (Hoffmanns. & Link) Henriq.

- **Descripción:** caméfito de ramiñas prostrado-ascendentes ou ascendentes, foliosas. Talos novos e follas densamente cubertas de pelos. Follas opostas excepto a veces as superiores, sésiles, con indumento de pelos prateados e aplicados en ambas caras; lámina, de dentada a pinnatipartida, atenuada e enteira na base e dentada ou lobulada cara o extremo distal. As superiores con dentes ou lóbulos laterais distanciados ata preto da base. Capítulos de 1,5-4 cm de diámetro, longamente pedunculados. Brácteas involucrais en 4-5 series, pilosas e con marxes más escuras, as internas e medias cun apéndice membranoso no ápice, que no caso das media tamén se atopa tinguido de pardo escuro. Flores centrais tubulares, amarelas. Flores radiais liguladas, brancas.
- **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica: Berciano-Sanabrense e Xuresiano, chegando á dorsal galega.

• **Hábitat:** chans esqueléticos en gretas horizontais ou inclinadas de penedos. Piso supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregaduras de referencia:**

> **BALTA**, Picos próximos ao Pico Cebreiro, 29TNG9945, 1190 m, penedo e cemba de pista forestal, 12/04/2001, IPS, SANT 44802. > **CALVOS DE RANDÍN**, Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140 m, fisuras de penedos de cume, 09/06/2021(06), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80316. > **ENTRIMO**, Montes de Guxinde, fronteira Ameixoeira, 29TNG7148, 950 m, pasteiro de cume entre penedos, 20/04/1996, IPS, SANT 47944. > **LOBIOS**, Serra do Xurés, Alto de Cabróis, 29TNG7830, 1500 m, pasteiro en greta de cume (*Minuartio recurvae-Sileneum acutifoliae*), 07/1992, IPS, SANT 47964. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1100 m, greta de rocha granítica con pasteiro, 01/05/1993, IPS, SANT 47965. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1100 m, 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 47963. Serra do Xurés, pista das Sombras, 29TNG73, 12/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 47966. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6929, 1120 m, gretas de granodioritas, 16/05/2010, IPS, SANT 62408. > **MUIÑOS**, Albite, Outeiro do Home Dereito-casetas vixilancia incendios, 29TNG8339, 1040 m, fisuras horizontais de rochas graníticas (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 08/06/2021, IPS, SANT 80320. > **PADRENDA**, Montes de Gorqua, 29TNG7059, 1100 m, pradarías entre penedos de cume, 16/10/1996, IPS, SANT 47945. > **PORTUGAL**, Minho, Serra Amarela, cume reemisores, 29TNG6729, 1350 m, pasteiro en greta (*Minuartio recurvae-Sileneum acutifoliae*), 13/07/1993, IPS, SANT 47967.

• **Bibliografía:** RODRÍGUEZ GRACIA (1986c); NIETO FELINER (2019).

— **Picris** L. —

■ ***Picris hieracioides* L.**

Picris longifolia Boiss. & Reut.

- **Descripción:** hemicriptófita con talos de ata 1 m, ramosos, con pelos ríxidos desiguais. Follas estreitas e longas, as inferiores pecioladas, as caulinas medias e superiores sésiles e más ou menos amplexiacules. Inflorescencia en corimbo terminal, laxo. Pedúnculos a veces engrosados trala antese. Brácteas involucrais externas con pelos negros, patentes ou reflexas. Receptáculo alveolado, glabro. Capítulos con todas as flores liguladas, amarelas. Aquenios de 2,5-4 mm, con pico curto o sen pico, con papo de varias filas de pelos, os externos escábridos e os internos plumosos.

• **Distribución:** Plurirrexional. Na Península Ibérica no N.

• **Hábitat:** pradarías esciófilas, preferentemente frescas e húmidas. Froitos dereitos o moi pouco curvados

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, Carballosa, 29TNG7733, 1050 m, marxe de matogueira higrófila (*Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*), 22/08/1997, IPS, SANT 47950. Río de Vilameá, 29TNG7437, 360 m, sotobosque de ameñeiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 47951. Serra de Santa Eufemia, zona basal, 29TNG7332, 500 m, pradaría de lindereiro de bosque algo higrófilo (*Omphalodo-Linarietum triornithophorae*), 04/09/1997, IPS, SANT 47949. Vilameá, río Vilameá, 29TNG7536, 440 m, parede zumegante de muíño, 04/09/1997, IPS 47952. Devesa-Padrendo, 29TNG7436, 385 m, marxe de ameñeiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/07/1998, IPS, SANT 47947. Rivas de Arauxo-Requeixo, 29TNG7739, 360 m, pradaría escio-higró-nitrófila no marxe do río (antigos terreos de cultivo abandonados), (*Picrido hieracoides-Eupatorium cannabini*), 31/08/1998, IPS, SANT 47946. Prencibe-Gustomeau, 29TNG7938, 603 m, cuneta que comunica con reboleira, 07/10/2004, IPS, SANT 51822. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terren alterado en fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70433. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, orla de carballeira termófila sen sobreiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 10/10/2015, IPS, SANT 72058. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, orla de carballeira sobre río Grou, 23/10/2016, IPS & D. Manso, SANT 73388. >LOBIOS-Muíños, debaixo de presa As Conchas, 29TNG7843, 450 m, sotobosque de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 21/08/1997, IPS, SANT 47948.

•Bibliografía: S. TALAVERA & M. TALAVERA (2017).

— Pilosella Vaill. —

Herbáceas vivaces con rizoma e estolóns. Follas formando rosetas basais de cuxo centro nacen talos fértiles escaposos, sen follas ou con algunha preto da base, rematados en capítulos terminais solitarios. Follas enteras con pelos longos en ambas caras e pelos estrelados no envés. Invólucro con brácteas de dorso piloso en varias filas. Receptáculo alveolado, glabro e sen escamas. Todas as flores liguladas e de cor amarela pálida (limón). Aquenios dentados no ápice, con papo de pelos escábridos.

•Bibliografía: MATEO *et al.* (2017b).

Clave de especies

1. Capítulos sobre talos que nacen do extremo dos estolóns	<i>P. castellana</i>
Capítulos sobre talos que nacen do centro da roseta	<i>P. capillata</i>

■ *Pilosella castellana* (Boiss. & Reut.) F.W. Sch. & Sch. Bip.

•Descripción: hemicriptófito con roseta central non florífera, que emite estolóns foliosos e finalmente escapiformes, cada un cun capítulo. Follas oblongas ou lineares, atenuadas na base, con indumento estrelado-tomentoso en ambas caras e de pelos longos eglandulares en ambas superficies e marxes. Escapos con pelos glandulosos e estrelados. Flores liguladas amarelas cunha franxa avermellada na cara externa.

•Distribución: P. Ibérica (C, N e Serra Nevada) e Marrocos.

•Hábitat: chans secos e pouco profundos. Piso supratemperado. Silicícola.

•Frecuencia: escaso.

•Pregaduras de referencia:

>CALVOS DE RANDÍN, Alto da Cumieira, 29TNG9048, 1090 m, chans pouco profundos en cume reemisores (*Tuberaria*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69938. Vilariño, 29TNG9236, 1070 m, cunetas e chás sobre cembra en entrada aldea, 01/07/2021, Í. Pulgar, M. Fernández & Lisardo, SANT 81309. >Muíños, Maus de Salas, 29TNG8944, 900 m, chans esqueléticos sobre granitos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 23/06/2000, IPS, SANT 43072.

■ *Pilosella capillata* (Arv.-Touv.) Mateo

Pilosella tardans aut. non (Peter) Soják

•Descripción: hemicriptófito con estolóns foliosos. Follas da roseta simples, planas, con pelos estrelados no envés e indumento de pelos lisos en ambas caras e nas marxes. Escapos monocéfalos,

con denso indumento de pelos estrelados e pelos lisos dispersos, brancos, patentes e finamente escábridos, as maiores de más de 2 mm. Brácteas involucrais de 8-12 x 0,9-1,5 mm, agudas, linear-lanceoladas, con indumento variable de pelos estrelados diminutos e pelos brancos alongados coa base negriza, que na base chegan a ocultar aos estrelados. Flores liguladas, amarelas, xeralmente cunha franxa avermellada na cara externa. Aquenios sen pico, con papo de pelos escábridos nunha soa fila.

•**Distribución:** C Europa e rexión mediterránea. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pastos de montaña con chans ben desenvoltos.

•**Frecuencia:** común.

Pregaduras de referencia:

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021(04), IPS, M.Fernández & Lizardo, SANT 81308. >ENTRIMO, Serra de Queguas, 29TNG7248, 1100 m, pastos (cf *Violion caninae*) algo nitrificados por pastoreo, claros de matogueira, 16/08/2012, IPS, SANT 68759. >PORTUGAL, Serra do Gerês, cume xeodésico, 29TNG7930, 1517 m, pastos vivaces en gretas de penedo de cume (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*), 19/07/2012, IPS, SANT 68758. >VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1205 m, pastos (*violion caninae*) sobre chans profundos, 18/08/2012, IPS, SANT 68760.

— Pulicaria Gaertn. —

■ ***Pulicaria odora* (L.) Rchb.**

•**Descripción:** hemicriptófito, sen estolóns. Talos pilosos ou lanosos, ramificados na metade superior. Follas en roseta basal aplicada ao chan, persistentes na antese basais presentes na floración, ovadas ou lanceoladas con curto pecíolo; as superiores semiabrazadoras, con aurículas. Inflorescencia corimbiforme, laxa. Capítulos pedunculados, escasos, de 2-3 cm de diámetro. Invólucro con brácteas densamente pilosas. Receptáculo glabro e sen escamas. Flores internas tubulares, amarelas; flores radiais liguladas, amarelas, saíntes, superando o invólucro en < 8 mm. Aquenios con papo dobre formado por unha coroa de escamas externa e pelos escábridos internos.

•**Distribución:** rexión mediterránea (S Europa, N África e W Anatolia). P. Ibérica: W, litoral N e E.

•**Hábitat:** claros de matogueira e outras etapas de substitución, ambiente soleado dos pisos meso e supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

Pregaduras de referencia:

>**Lobios**, serra do Xurés, pista minas das Sombras, 29TNG73, 1050 m, marxe de pista, 07/07/1992, IPS, SANT 47954. Serra do Xurés, pista de Mina das Sombras, 29TNG7732, 1050 m, marxe de pista, 09/07/1997, IPS, SANT 47953. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1020 m, ladeira W, chan desenvolto sen cobertura arbórea, vexetación de *Calluno-Ulicetea* (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*) e *Trifolio-Geranietea sanguinei*, 22/08/1997, IPS, SANT 47956.

•**Bibliografía:** RICO (2019b).

— Scorzonera L. —

■ ***Scorzonera humilis* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma vertical que forma varias rosetas de follas basais pecioladas, enteiras e estreitamente lanceoladas a elípticas, pilosas sobre todo na base. Follas caulinas sésiles, linear-lanceoladas, glabras. Capítulos pedunculados, terminais, solitarios na cima dos escapos. Invólucro alongado, acrecente, con 4-5 filas de brácteas pilosas, as externas moito más pequenas. Flores liguladas de cor amarela. Aquenios de 7-11 mm, con costelas lisas, case negras na madurez; con papo de pelos en varias filas, os externos plumosos e os internos escábridos no ápice e de maior tamaño.

•**Distribución:** C e W Europa. P. Ibérica: metade N e W.

•**Hábitat:** claros de brexeiras do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 1100 m, claros de matogueira, 17/06/1993, IPS, SANT 45400. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1400 m, claros de matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 14/07/1993, IPS, SANT 45401. Serra do Xurés, camiño de acceso a Mina das Sombras, 29TNG7731, 1100 m, 23/05/1995, IPS, SANT 45399. Serra do Xurés, c. Mina das Sombras, 29TNG7731, 1100 m, claros de matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 29/05/1999, IPS, SANT 45402. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TG6929, 1120 m, breixeira, 16/05/2010, IPS, SANT 62422.

•**Bibliografía:** DÍAZ DE LA GUARDIA & BRANCA (2017).

— Senecio L. —

Herbáceas (tamén arbustos noutras latitudes). Talos xeralmente foliosos. Follas alternas, de enteiras a pinnatisectas. Capítulos en inflorescencias corimbosas ou paniculiformes. Invólucro Cunha soa fila de brácteas aplicadas e algunas suplementarias na base. Receptáculo sen pelos nin escamas. Flores centrais tubulares, amarelas. Flores radiais en lingüeta, amarelas, que poden faltar. Aquenio con papo de pelos antrorso-escábridos.

•**Bibliografía:** CALVO & AEDO (2019).

Clave de especies

1. Planta bienal ou perenne	2
Plantas anuais	3
2. Follas basais enteiras ou dentadas	<i>S. legionensis</i>
Follas basais pinnatífidas a lirado-pinnatífidas	<i>S. jacobaea</i>
3. Inflorescencia con pelos glandulares	4
Inflorescencia sen pelos glandulares	5
4. Inflorescencia con poucos capítulos, viscosa	<i>S. lividus</i>
Inflorescencia con numerosos capítulos en corimbo laxo, non viscosa	<i>S. sylvaticus</i>
5. Capítulos coas brácteas involucrais tinguidas de negro no ápice	<i>S. vulgaris</i>
Capítulos coas brácteas involucrais non tinguidas de negro no ápice	<i>S. sylvaticus</i>

■ *Senecio jacobaea* L.

Jacobaea vulgaris Gaertn.

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas basais pinnadolobuladas, co lóbulo final de maior tamaño, que se murchan na floración. As do talo semiabrazadoras pinnado ou bipinnadolobuladas. Inflorescencia corimbosa. Capítulos con brácteas suplementarias ademais das principais. Con flores liguladas marxinais revoltas no ápice e flores tubulares internas, ambas de cor amarela. Aquenios de c. 2mm, os marxinais lampiños, os internos pilosos.

**Senecio* s.l. é un grupo polifilético, do que ao menos se desliga entre os taxons desta flora *S. jacobaea*, cuxo nome prioritario é *Jacobaea vulgaris* Gaertn.

•**Distribución:** Europa, Cáucaso, Asia Menor, W e C Siberia e Marrocos. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: toda a península; rara no SE.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilos e pastos viarios. Ruderal.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

- >LOBEIRA, Ermille, 29TNG8145, 600 m, nitrófila entre estrada e pequeno bosque, 06/07/2003, IPS, SANT 49195.
- >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 350 m, marxe de camiño que descende ao encoro, 08/08/2007, IPS, SANT 57550.
- >MUÍÑOS, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 500 m, cuneta, 15/08/1996, IPS, SANT 48473.

■ *Senecio legionensis* Lange

S. doria subsp. *legionensis* (Lange) Chater

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Talos verticais non ramosos, foliosos. Follas alternas, glabras, as basais pecioladas, de limbo estreitamente lanceolado, enteiro ou espalladamente dentado e atenuado na base; follas caulinas superiores moito más pequenas, sésiles. Inflorescencia corimbiforme. Capítulos pedunculados, con brácteas lineares. Invólucro coas brácteas principais lixeiramente tinguidas de negro no ápice, glabras. Flores radiais liguladas amarelas e de c. 10 mm de lonxitude; as internas tubulares e amarelas. Aquenios con costelas lonxitudinais e curtos pelos intercostais, con papo de pelos libres.

•**Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica. (S Cordilleira Cantábrica, serras Galai-co-Leonesas e Serras do Leboreiro e Peneda).

•**Hábitat:** piso supratemperado.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Citas previas:** MERINO (MA 130611); PÉREZ MORALES et al. (1989); SILVA PANDO et al. (2009).

■ *Senecio lividus* L.

•**Descripción:** terófito con talos erectos que non acostuman superar 50 cm na área de estudio. Inflorescencia corimbosa con poucos capítulos. Follas basais enteiras, pecioladas; as caulinas sésiles e con orejuelas dentadas, pilosas sobre todo no envés onde tamén poden ter algúns pelos glandulosos, enteiras a pinnatipartidas, xeralmente violáceas no envés. Inflorescencia corimbiforme, laxa. Invólucro con brácteas lixeiramente tinguidas de negro no ápice. Flores liguladas menores de 8 mm. Aquenios pilosos, con papo.

•**Distribución:** W e C rexión mediterránea. P. Ibérica: amplamente espallada; rara no SE, val do Ebro e Pireneos.

•**Hábitat:** claros de matogueiras de substitución termófilas, marxe de estradas. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

- >ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7439, 380 m, chan areoso de pista forestal, 09/05/1996, IPS, SANT 48464.
- >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 440 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulidis*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 48489. Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 600 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*, transito a subas. *violetosum rivinianii*), 21/05/1996, IPS, SANT 48480. A Portaxe, río Cabaleiro-encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, terrazas areosas de antigos cultivos temporalmente inundadas 18/03/1997, IPS, SANT 48474. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, pradarías pioneiros vivaces en chans pouco profundos, sobre granodioritas (*Sedo anglicae-Thymetum caespititii* subas. *ornithogaletosum concinnii*), 08/04/2000, IPS, SANT 50530. Devesa-Padrendo, 29TNG7436, 415 m, cuneta (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53117.

■ *Senecio sylvaticus* L.

•**Descripción:** terófito. Talos erectos. Follas irregularmente pinnadolobuladas, de pinnatifidas a pinnatisectas; as inferiores pecioladas, oblanceoladas a espatuladas; as caulinas sésiles, de contorno oblanceoladas a lanceolado. Inflorescencia corimbiforme con numerosos capítulos de 7-9



Asteraceae *Phalacrocarpum oppositifolium*



Asteraceae *Picris hieracioides*



Asteraceae *Pilosella castellana*



Asteraceae *Pilosella Capillata*



Asteraceae *Pulicaria odora*



Asteraceae *Scorzonera humilis*



Asteraceae *Senecio jacobaea (Jacobaea vulgaris)*



Asteraceae *Senecio lividus*

mm diámetro. Brácteas do invólucro de 7-10 mm, lineares, pilosas. Flores radiais (en número < 13) liguladas, femininas, amarelas, moi curtas e revoltas trala floración. Aquenios 2-3 mm, negrizos, con pelos escuros abundantes e papo de pelos non soldados na base.

•**Distribución:** Europa, Madeira e W Asia. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: W, meseta N, Sistema Ibérico e Pireneos occidentais.

•**Hábitat:** claros de matogueiras de substitución, marxe de estradas, ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** abundante.

•Pregaduras de referencia:

>**ENTRIMO**, Monte de Galez, 29TNG7439, 380 m, chan areoso de pista forestal, 09/05/1996, IPS, SANT 48465.
 >**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7537, 460 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 02/1993, IPS, SANT 48491. A Anta, 29TNG7537, 440 m, pista, 07/03/1996, IPS, SANT 48467. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1060 m, comunidade con *Geranium sanguineum* (*Trifolio-Geranietea sanguineti*), 04/06/1997, IPS, SANT 52764 e 12/06/1998, SANT 48479. A Magdalena baixo Santa Eufemia, 29TNG6935, 500 m, matogueira recuperándose tras incendio (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthii*), 27/05/1999, IPS, SANT 48476. >**MUIÑOS**, Requiás, 29TNG8740, 850 m, cemba rochoso con pequenas plataformas (cf *Holcogayani-Silenetum acutifoliae*), 20/04/1996, IPS, SANT 48466. San Fiz-Mugueimes, 29TNG8747, 600 m, nitrófila en marxe de estrada (*Bromo-Carduetum tenuiflori*), 11/06/1996, IPS, SANT 48477. Parada da Ventosa, O Covellón, 29TNG7843, 540 m, pasteiro anual oligótrofo algo nitrificado (*Airo praeocoris-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 16/04/1997, IPS, SANT 48484. Requiás-Portela de Pitoens, 29TNG8838, 1030 m, chans pouco profundos, 18/04/1997, IPS, SANT 48472. Xermeade-Salgueiros, 29TNG8541, 850 m, xesteira (*Cytisetum striati*), 30/06/1999, IPS, SANT 47257. >**PORTUGAL**, Tras-os-Montes, Parque Nacional da Peneda-Gerês, Pitoes das Jhunias-Tourem, 29TNG9238, 1000 m, comunidade pioneira vivaz sobre chans esqueléticos algo nitrificados, 22/04/1997, IPS, SANT 48482.

■ *Senecio vulgaris* L.

•**Descripción:** terófito. Talos erectos, ramosos. Follas basais pecioladas, sen aurículas, as caulinas de pinnatipartidas a pinnatisectas, sésiles e con dúas pequenas aurículas. Inflorescencia en corimbo de capítulos agrupados. Capítulo cilíndrico con brácteas principais e suplementarias tinguidas de negro no ápice. Xeralmente todas as flores tubulares, en ocasións con algunas liguladas perimetrais, femininas, curtas. Aquenios con pelos entre as costelas. Papo de pelos libres.

•**Distribución:** Eurasiática, N África e Macaronesia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** cultivos e ambientes nitrófilos alterados.

•**Frecuencia:** abundante.

•Pregaduras de referencia:

>**BANDE**, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pasteiro de área recreativa, 24/02/2005, IPS, SANT 52336. >**LOBEIRA**, Ermille, 29TNG8045, 580 m, nitrófila en cuneta, 07/03/1996, IPS, SANT 48471. >**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7537, 440 m, camiño nitrificado, 27/11/1995, IPS, SANT 48490. Vilameá, 29TNG7536, 420 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulidis*), 07/03/1996, IPS, SANT 48468. Cima de Vila-Anta, 29TNG7538, 480 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulidis*), 07/03/1996, IPS, SANT 48469. >**MUIÑOS**, Alvite, 29TNG8239, 900 m, terras de cultivo, 22/03/1996, IPS, SANT 48481. Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, pasteiro anual nitrófilo, 26/03/1997, IPS, SANT 48463. Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52892.

■ *Senecio sylvaticus* x *lividus*

•**Descripción:** terófito con caracteres intermedios entre as dúas especies parentais.

•**Frecuencia:** moi raro.

•Pregaduras de referencia:

>**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7537, 440 m, pista.07/03/1996. IPS, SANT 48470.

— **Serratula** L. —

■ ***Serratula tinctoria*** L.

var. ***seoanei*** (Willk.) Samp.

S. seoanei Willk.; *S. tinctoria* f. *seoanei* (Willk.) Pau; *S. tinctoria* subsp. *seoanei* (Willk.) Laínz

• **Descripción:** xeófito ou hemicryptófito ata de 20 cm de altura. Talo ramificado apicalmente, ou se non o está entón con 1 único capítulo. Follas da roseta basal pecioladas e frecuentemente caducas na floración; follas caulinas sésiles. Limbo foliar de pinnatifido a pinnatisecto co marxe finamente serrada. Capítulos normalmente agrupados en corimbo ou panícula con poucos capítulos. Invólucros pequenos (< 15 x 8 mm). Invólucro de brácteas en varias filas. Flores tubulares de cor malva a violeta. Aqueños con papo de pelos.

• **Distribución:** Europa e NW África. P. Ibérica: metade N.

• **Hábitat:** brañeras, breixeiras higrófilas do piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregaduras de referencia:**

> LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7931, 1300 m, braña (*Genisto anglici-Ericetum teralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 03/09/1997(1), IPS, SANT 47941. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), rebrotando tras incendio (Agosto 1998), 25/09/1999, IPS. Portela do Home, 29TNG7229, 648 m, pradaría higrófila atravesada por regato estacional, 22/09/2018, IPS, SANT 76585. > MUÍÑOS, encoro de Salas, 29TNG8741, 850 m, breixeira-toxeira lixeiramente higrófila (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *ulicetosum minoris*), 21/08/1997, IPS, SANT 47939. A Barxa, 29TNG8639, 930 m, breixeira-toxeira lixeiramente higrófila (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *ulicetosum minoris*), 20/10/1998, IPS, SANT 47940; **observ:** exemplar con froitos. Serra do Xurés, A Lomba-fronteira con Portugal, 29TNG8536, 1250 m, valgada con *Quercus* sp. rebrotando (30º inclinación, W), 08/08/2007, IPS, SANT 57557. Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8536, 1319 m, orla de pequeno bosque e matogueiras queimadas, 17/08/2012, IPS, SANT 65860.

• **Bibliografía:** CANTÓ (2014b).

— **Silybum** Adans. —

■ ***Silybum Marianum*** (L.) Gaertn.

• **Descripción:** herbácea anual ou bienal de máis de 1 m de altura. Follas coriáceas, glaucas, con venas de cor branca, marxe con espiñas. Capítulos de máis de 2 cm de anchura. Invólucro con brácteas en varias filas, ancheadas na base e apéndice patente ou reflexo, picudo, acanalado. Receptáculos con guechos de pelos blancos entre as flores. Todas as flores tubulares, con lóbulos profundos, rosado-violáceas. Aqueños glabros e truncados no ápice, con papo dobre, o externo de pelos escábridos soldados na base e o interno con cilios curtos.

• **Distribución:** rexión mediterránea con disxuncións cara o NW de Europa, e S-SW Asia. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** pradarías nitrófilas heliófilas.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregaduras de referencia:**

> LOBIOS, Prencibe-Esperanzo, 29TNG7937, 670 m, pradaría nitrófila viaria (*Echio rosulati-Silybetum mariani*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S. Ortiz & J. Rodr., SANT 47957.

• **Bibliografía:** DEVESA (2014).

— **Solidago** L. —

■ ***Solidago virgaurea*** L.

• **Descripción:** hemicryptófito con rizoma curto e ramificado. Talos erectos, foliosos. Follas pinnati-

nervias de marxe dentada ou serrada, as inferiores pecioladas e as superiores sésiles ou curtamente pecioladas e elípticas. Capítulos en inflorescencias paniculiformes con ramas ascendentes, erecto-patentes. Receptáculo do capítulo glabro e sen escamas entre as flores. Flores amarelas, as internas tubulares e as externas liguliformes. Aquenios cilíndricos con papo de pelos antrorsecábridos.

•**Distribución:** Europa, NW África, Anatolia, Cáucaso e C e W Siberia. P. Ibérica

•**Hábitat:** claros de breixeiras e marxes de pistas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7131, 860 m, 05/07/1992, IPS, SANT 47958. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG73, claros de breixeira, 07/07/1992, IPS, SANT 47959. Serra do Xurés, 29TNG73, claros de breixeira, 25/09/1992, IPS, SANT 48326. >**Muíños**, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436, 1430 m, rupícola, gretas de rochas graníticas en cume, 17/08/2012, IPS, SANT 65854.

•**Bibliografía:** AEDO (2019c).

— **Sonchus L.** —

Herbáceas anuais (ou vivaces fóra do ámbito desta flora). Talos fistulosos. Follas pinnatinervias, de enteiras ou dentadas a pinnatisectas, as caulinas medias e superiores sésiles e con *orejuelas* que abrazan o talo. Capítulos pedunculados e agrupados. Invólucro de brácteas en varias filas, cónico na frutificación. Receptáculo glabro. Todas as flores liguladas, amarelas. Aquenios con papo de pelos escábridos.

•**Bibliografía:** MEJÍAS (2019).

Clave de especies

- | | |
|--|---------------------|
| <p>1. Aquenios fortemente comprimidos e alados, con 3 nervios en cada cara e lisos entre elles</p> | <i>S. asper</i> |
| <p>Aquenios comprimidos, non alados, con 4-5 costelas por cara, con tubérculos entre elles</p> | <i>S. oleraceus</i> |

■ ***Sonchus asper* (L.) Hill**

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito. Talos glabros o con pelos glandulares cara o ápice. Follas glabras, as basais espatuladas e con pecíolo pouco manifesto e as caulinas con *orejuelas* basais redondeadas, de marxe dentada con unha pequena espiña en cada dente. Inflorescencia terminal en panícula corimbiforme ou umbeliforme de capítulos. Capítulos pedunculados. Invólucro con varias filas de brácteas, xeralmente reflexas trala dispersión. Receptáculo sen escamas interseminais. Flores liguladas amarelas, coa lígula más curta có tubo da corola. Aquenios 1,9-3,7 mm, moi comprimidos, lisos entre as tres costelas de cada cara, con papo de pelos caedizos de 6-9 mm.

•**Distribución:** probable orixe Eurasiática. Cosmopolita. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** prados e pradarías nitrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, 29TNG9236, 1050 m, vexetación ruderal, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77313. >**LOBIOS**, Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 600 m, terreo nitrófilo, 22/07/1993, IPS, SANT 52914. Compostela, 29TNG7036, 390 m, pradaría nitrófila que orla zona húmida, 06/07/2003, IPS, SANT 49197. >**Muíños**, Barrio-Farnadelos, c. Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70405. Salgueiros, 29TNG8439, 980 m, baixo muro de casa abandonada, 15/09/2018, IPS, SANT 76543.

■ *Sonchus oleraceus* L.

- **Descripción:** terófito ou hemicriptófito. Follas caulinas pinnado-divididas (pinnatipartidas a pinnatisectas), irregularmente dentadas, con ou sen espínulas pero en ningún caso punzantes, con orejuelas basais agudas. Inflorescencia terminal en panícula corimbiforme. Flores liguladas amarelas, coa lígula máis longa có tubo da corola. Estigmas verdosos, escuros. Aquenios de 2,6-3,7 mm, con 3-5 costelas lonxitudinais en cada cara, tuberculados entre as costelas. Pelos do papo de 5-8 mm, persistentes.
- **Distribución:** probable orixe Eurasíatica. Cosmopolita. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** prados, cultivos, ambientes ruderais.
- **Frecuencia:** abundante.
- **Pregaduras de referencia:**
 - >Muíños, As Maus-Guntumil, 29TNG8941, 840 m, nitrófila en marxe de estrada, 14/10/2004, IPS, SANT 52882.
 - Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52889.

— *Tanacetum* L. —

Herbáceas perennes. Talos foliosos. Follas pinnatisectas. Capítulos dispostos en inflorescencias coimbiformes. Invólucro de brácteas en varias filas imbricadas, con frecuencia cun reborde negrizo. Flores tubulares amarelas, en ocasións cunha fila perimetral de lúgulas brancas. Aquenios con papo en forma de coroa escamosa de ápice dentado, lobulado ou fimbriado.

- **Bibliografía:** SORIANO (2019).

Clave de especies

1.	Sen flores externas liguladas de cor branca	<i>T. vulgare</i>
	Con flores exteriores liguladas de cor branca	2
2.	Follas caulinas sentadas	<i>T. corymbosum</i>
	Follas caulinas pecioladas	<i>T. parthenium</i>

■ *Tanacetum corymbosum* (L.) Sch. Bip.

- **Descripción:** hemicriptófito. Follas bi-tripinnatisectas, cos segmentos dentados e apiculados, as superiores sentadas e auriculadas na base, as inferiores pecioladas, pilosas. Inflorescencia en corimbo que contén ata 20 capítulos de 2-3,5 cm de diámetro. Invólucro con varias filas de brácteas, estas co ápice e marxes membranosas. Flores internas tubulares de cor amarela e as externas liguliformes de cor branca. Aquenios de 2-3 mm, con 5-7 costelas e coroa calicina dentada.

• **Distribución:** Europa, C e W Asia e N África (O Magreb). P. Ibérica: C e metade N, con presenza esporádica nas montañas do SE.

• **Hábitat:** pradaría e matogueira lixeiramente higrófila no chan supratemperado.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregaduras de referencia:**

- >LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1250 m, 07/1992, IPS, SANT 47938. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, comunidade con *Geranium sanguineum* (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 09/07/1993, IPS, SANT 47937. Serra do Xurés, 29TNG7634, 730 m, orla de matogueira con arboreo rebrotador, 18/06/2011, IPS, SANT 65259. >Muíños, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8536, 1319 m, orla de pequeno bosque e matogueiras quemadas, 17/08/2012, IPS, SANT 65859. Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8537, 1100 m, senda que atravesa carballeira, 17/08/2012, IPS, SANT 65861.

■ *Tanacetum parthenium* (L.) Sch. Bip.

- **Descripción:** hemicriptófito. Follas pecioladas, tanto as da roseta basal como as do talo; 1-2 pinnatisectas. flores internas tubulares de cor amarela e as externas liguliformes de cor branca
- **Distribución:** península Balcánica. Cultivado como medicinal e ornamental.
- **Hábitat:** en ambiente ruderal na proximidade dos núcleos rurais.
- **Frecuencia:** raro.
- **Pregaduras de referencia:**
 - >BANDE, Currás, marxe del Encoro das Conchas, 29TNG8649, 550 m, bidueiral en primeira liña do encoro, 18/06/2020, IPS, SANT 78798. MUÍÑOS, Picós, 29TNG8444, 750 m, camiño que sae da aldea, ambiente escionitrófilo, 02/1993. IPS, SANT 44280.

■ *Tanacetum vulgare* L.

Chrysanthemum vulgare (L.) Bernh.

- **Descripción:** hemicriptófito. Planta aromática con talos ramificados que superan 1 m. Follas de pinnatisectas a pinnatipartidas, con punteadura glandular, as inferiores pecioladas, de máis de 5 cm e as superiores sentadas. Inflorescencia en corimbo composto que pode ter máis de 50 capítulos. Con todas as flores tubulares, amarelas. Aquenios de 3,5-4,1 x 0,6-1 mm, pardo-amarelentas, con 5 costelas, glándulas transparentes e coroa calicina de 0,8-1,2 mm.
- **Distribución:** territorios temperados e fríos de Eurasia. Introducida en América e Oceanía. P. Ibérica: áreas montañosas da metade N e montañas Béticas. Posible naturalización a partir de exemplares cultivados.
- **Hábitat:** cultivada como ornamental. Adventicia en cunetas, entullos, lugares despexados.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregaduras de referencia:**
 - >MUÍÑOS, Mugueimes, 29TNG8545, 635 m, marxe de estrada sobre cultivos, 14/10/2004, IPS, SANT 52881.

— *Taraxacum* F.H. Wigg. —

Herbáceas perennes. Follas en roseta basal atenuadas nun pecíolo curto e xeralmente alado. Limbo pinnatinervio, pinnatipartido a pinnatisecto, con lóbulos agudos a obtusos e marxe frecuentemente dentada. Talos escaposos, áfilos, cun capítulo solitario no ápice. Invólucro con varias filas de bráctea. Receptáculo plano, alveolado, glabro. Todas as flores liguladas, amarelas, hermafroditas. Aquenios con pico e papo de pelos escábridos.

Xénero do que se precisa afondar no seu coñecemento na área comprendida por esta flora. Entre as especies que GALÁN DE MERA (2017) sinala para a provincia de Ourense o veciño Parque Nacional da Peneda-Gerês, atópanse: *T. estrelense* A. Galán & Vicente Orell., *T. pinto-silvae* Soest, *T. nordstedtii* Dahlst., *T. marklundii* Palmgr., *T. fontanum* Hand.-Mazz., *T. navacerradense* A.J. Richards, *T. drucei* Dahlst., *T. hispanicum* H. Lindb., *T. rubicundum* (Dahlst.) Dahlst., *T. sundbergii* Dahlst. e *T. ekmanii* Dahlst. En principio, descartamos entre os citados na provincia a *T. obovatum* (Willd.) DC., con claras preferencias por substratos básicos e *T. cantabricum* A. Galán & Vicente Orell., que non parece superar as serras más orientais de Galicia.

- **Bibliografía:** GALÁN DE MERA (2017).



Asteraceae *Senecio sylvaticus*




Asteraceae *Senecio vulgaris*



Asteraceae *Serratula tinctoria*



Asteraceae *Silybum marianum*



Asteraceae *Sonchus asper*



Asteraceae *Sonchus oleraceus*



Asteraceae *Tanacetum corymbosum*



Asteraceae *Tanacetum parthenium*

■ *Taraxacum pinto-silvae* Soest

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos esaposos con pelos aracnoides que tienden a depilarse, conservándose en ocasiones baixo o capítulo. Follas menores co talo. Limbo con lóbulos laterais de deltoides a triangulares, frecuentemente dentados cara a base, co lóbulo terminal de maior tamaño e hastado ou saxitado e xeralmente non dentado. Invólucro coas brácteas externas purpúreas cara o ápice, con marxe membranosa e frecuentemente cilioladas, recurvadas o adpresas. Aqueños 2,8-3,9 mm, pallosos, con espículos só cara eloápice, con pico de 4-9,1 mm.

•**Distribución:** endemismo da metade N da P. Ibérica e do S de Portugal.

•**Hábitat:** prados, marxe de camiños ruderais, céspedes.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pastoreo baixo carballeira segada e antropizada (*Arrhenatheretalia*), 24/02/2005, IPS, SANT 52377.

■ *Taraxacum* sp

•**Pregaduras de referencia:**

>BANDE, Sarreus de Bande, 29TNG8454, 790 m, pradaría nitrófilo no pobo, 23/09/2018, IPS, SANT 76599.

— *Tolpis* Adans. —

Herbáceas, talos xeralmente divididos na metade distal. Con follas basais en roseta e caulinias alternas. Capítulos coas brácteas externas lineares e arqueadas. Receptáculo con alvéolos rodeados dunha coroa dentada branca. Todas as flores liguladas. Aqueño con papo en forma de coroa escamosa con algunas setas sobre todo nas flores internas.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA & M. TALAVERA (2017).

Clave de especies

1. Capítulos concoloros con todas as flores amarelas, as externas < 7 mm	<i>T. umbellata</i>
Capítulos con as flores internas purpúreas; flores externas > 10 mm	<i>T. barbata</i>

■ *Tolpis barbata* (L.) Gaertn.

•**Descripción:** terófito. Talos coa maioría das follas na metade basal, con pelos pluricelulares de maior tamaño na metade inferior. Follas enteras, dentadas ou lobadas. Pedúnculos dos capítulos glabrescentes, con numerosas brácteas semellantes ás externas do capítulo. Capítulos coas brácteas involucrais externas más longas cás internas, filiformes, arqueadas. Flores liguladas, as externas de cor amarela e frecuentemente verdosas no dorso, de moito maior tamaño cás internas, estas de cor púrpura. Aqueños das flores centrais con 2 setas escábridas.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: C e W.

•**Hábitat:** pradarías anuais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, pista das minas, Corga do Mouro-Nino da Galiña, 29TNG7736, 865m, 25/05/2000, IPS.

■ *Tolpis umbellata* Bertol.

•**Descripción:** terófito. Cun só talo glabro ou escábrido. Follas pecioladas, con pelos pluricelulares brancos en ambas caras. Pedúnculos dos capítulos glabrescentes sen case follas bracteiformes

semellantes ás externas do invólucro agás na proximidade deste. Brácteas externas de lonxitude semellante á das internas. Flores concoloras, amarelas, de menor tamaño que na especie precedente. Aqueños das flores centrais con 2 setas escábridas.

•**Distribución:** rexións mediterránea e macaronésica. P. Ibérica: escasa en Pireneos e Baleares.

•**Hábitat:** pradarías anuais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregaduras de referencia:**

>BAIXA LIMIA, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 47493. >LOBIOS, 29TNG73, pasteiros anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 07/07/1992, IPS, SANT 47936. A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiros anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabiflorae*), 08/07/1993, IPS, SANT 47935. Prencibe-Gustuméau, 29TNG7938, 603 m, cuneta, 07/10/2004, IPS, SANT 51829. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70437. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, con pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78814.

— ***Thrincia* Roth —**

Herbáceas anuais ou vivaces con pelos terminados en dous brazos en talos, follas e brácteas. Follas pinnatinervias en roseta basal, sen follas caulinias. Escapos, sen follas, que parten do centro da roseta e terminan nun capítulo péndulo antes da antese. Invólucro con 1-2 filas de brácteas e algunas suplementarias na base. Receptáculo glabro ou con pelos curtos ao redor dos alvéolos- Flores amarelas, todas liguladas. Aqueños dimorfos. Papo dos aqueños externos en forma de coroa; o dos aqueños internos con varios sedas dispostos en dúas series, o interno plumoso.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA & M. TALAVERA (2017).

Clave de especies

1. Planta con raíces engrosadas, tuberosas	<i>T. tuberosa</i>
Planta sen raíces engrosadas	2
2. Aqueños internos con pico de 2-5 mm	<i>T. hispida</i>
Aqueños internos sen pico ou con el < 1 mm	<i>T. saxatilis</i>

■ ***Thrincia hispida***

Leontodon hispidus L.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma oblicuo, más ou menos ramificado. Talos con 0-3 foliñas bracteiformes. Follas basais en roseta, pilosas. Pelos con longo pé e ramificados non más de tres veces (inmensa maioría bifurcados na cima). Froitos exteriores con papo plumoso, maior de 5 mm.

•**Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: eixe Pirenaico-Cantábrico e macizos montañosos da meade N.

•**Hábitat:** pastos, prados e outros herbazais en ambiente fresco e húmido.

•**Frecuencia:** ¿rara?

•**Pregaduras de referencia:** especie que debe buscarse na Baixa Limia.

■ ***Thrincia saxatilis* (Lam.) Holub & Moravec**

Leontodon saxatilis Lam.; *Leontodon taraxacoides* (Vill.) Mérat subsp. *hispidus*

•**Descripción:** terófito. Planta glabra ou pilosa nas follas, talos e brácteas, e neste caso con pelos simples e bífidos. Follas basais en roseta, glabras ou salpicadas de pelos bifurcados. Capítulos

solitarios no extremo dos escapos, nada engrosado cara a cabeza. Invólucro con 1(2) fila de brácteas principais, glabrescentes. Receptáculo cos alvéolos internos rodeados de cilios curtos. Lígulas de cor amarela intensa, frecuentemente coa parte inferior da lámina tinguida de verde. Aquenios dimorfos, sen pico ou con el < 1mm, os externos con papo de coroa escariosa soldada en case toda a súa lonxitude; aquenios internos muricados cara o ápice e rematados en papo de escamas plumosas internas rodeada dunha volta externa de escamas escábridas.

•**Distribución:** Eurasia e Macaronesia. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: metade N e litoral atlántico.

•**Hábitat:** pradarías subnitrófilas.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregaduras de referencia:**

>CALVOS DE RANDÍN, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta adxacente área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso. >ENTRIMO, Olelas, As Casñas, 29TNG6639, 560 m, marxe de camiño temporalmente inundado, 01/07/1999, IPS. Lantemil, 29TNG7139, 390 m, pasto sobre chans profundos, frescos e nitrificados preto de desembocadura de regato en encoro, 19/12/2014, IPS & D.Manso. San Rosendo de Pedreirío, 29TNG7343, 720 m, pastero viario. 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73414. Frontera Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, zonas aclaradas entre matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 10/06/2020, IPS. >LOBIOS, Baños de Ríocaldo, 29TNG7435, 385 m, xunto a xurdimento de auga termal, 02/1993, IPS. Baños de Ríocaldo, 29TNG7435, 390 m, marxe de pista, 19/03/1993, IPS. A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, pradarías anuais nitrófilas en terreo longamente profundo do encoro do Lindoso, 11/04/1997, IPS. Saa-A Regada, 29TNG7737, 670 m, cuneta, 09/09/1997, IPS. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso ocasionalmente encharcado e pisado, 11/06/2020, IPS. >MUIÑOS, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, marxe de xuncal (*Juncion acutiflori*), 21/08/1997, IPS. Pazos, Encoro das Conchas, 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto por baixada nivel do encoro, 05/11/2014, IPS.

■ *Thrinacia tuberosa* (L.) DC.

Leontodon tuberosus L.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma vertical do que saen poucas raíces con tuberosas. Follas en roseta, longamente pecioladas, pinnatisectas. Brácteas principais do invólucro nunha soa fila, con indumento de pelos simples. Todas as flores en lingüeta, amarelás. Aquenios dimorfos, con pico de menor tamaño có corpo dos externos con escamas calicinas de menos de 1mm, laciñiadas. Papo dos aquenios externos con sedas escábridas soldadas na metade inferior formando unha coroa. O dos aquenios internos formado por escamas plumosas en dúas filas.

•**Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: Amplamente espallada, pero rara no N e E.

•**Hábitat:** cunetas en ambiente termófilo.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Manán, 29TNG7337, 480 m, cuneta baixo piñeiral, 02/05/2005, IPS, SANT 53008.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1971), Xendive (Lobios) a 400 m.

— *Xanthium* L. —

■ *Xanthium strumarium* L.

subsp. *brasiliicum* (Vell.) O. Bolós & Vig

•**Descripción:** terófito erecto. Follas alternas, con pecíolo longo, sen unha longa espiña na base. Limbo pinnatinervio, triangular-lobado e coa marxe dentada, pilosas en ambas caras áinda que con maior densidade no envés. Inflorescencias en capítulos unisexuais na axila das follas. Capítulos masculinos, redondeados, cun invólucro constituído por unha soa fila de brácteas



Asteraceae *Solidago virgaurea*



Asteraceae *Taraxacum spp*



Asteraceae *Thrinacia tuberosa*




Asteraceae *Thrinacia tuberosa*



Asteraceae *Thrinacia saxatilis*



Asteraceae *Tolpis barbata*



Asteraceae *Tolpis umbellata*



Asteraceae *Xanthium strumarium* subsp. *brasiliicum*

e un receptáculo alongado, con escamas, no que se sitúan numerosas flores sen periantio con estames soldados polos filamentos. Capítulos femininos ovoides; invólucro de brácteas soldadas con espiñas e dúas flores sen periantio, cada unha constituída polo vario ínfero e dous estilos. Aqueños sen papo.

•**Distribución:** Norteamérica. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** terreos temporalmente anegados en marxes do encoro do Lindoso. Prefire chans algo húmidos e cálidos. Pode estenderse a zonas de cultivo.

•**Frecuencia:** escasa. En crecemento demográfico. Invasora.

•**Pregaduras de referencia:**

›LOBIOS, encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos inundados gran parte do ano, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80882.

•**Bibliografía:** COUTINHO & PAIVA (2019b).

F. BALSAMINACEAE

— *Impatiens* L. —

■ *Impatiens balfourii* Hook F.

•**Descripción:** terófito. Talos erectos, ramificados desde preto da base, engrosados nos nós. Follas alternas, oval-lanceoladas, acuminadas no ápice, de marxe serrada e con glándulas no pecíolo. Flores cigomorfas. Cáliz con 3 sépalos, co inferior prolongado nun esporón abrançazado. Corola púrpura pálida con 3 pétalos, 2 laterais bilobados (sendo un lóbulo más ancho) e o superior más ancho. Androceo cos filamentos dos estames libres e as anteras concrescentes. Ovario súpero formado por 5 carpelos soldados. Froito en cápsula estreita e alongada, glabra, con apertura explosiva a través de 5 valvas.

•**Distribución:** Himalaia centro-occidental (India e Paquistán). Naturalizada en Europa e Norteamérica. P. Ibérica: naturalizada no terzo N.

•**Hábitat:** cultivada e brava en recunchos sombríos e frescos en Gustomeau.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregaduras de referencia:**

›LOBIOS, Gustomeau, 29TNG7837, 650 m, cultivado en exterior de vivenda e como adventicia ao redor, 09/10/2015, IPS.

•**Bibliografía:** NAVARRO & MUÑOZ GARMENDIA (2015).

F. BETULACEAE

Clave de especies

1. Flor masculina núa na axila da bráctea; froito non alado cuberto por un invólucro foliáceo	2
Con 3 flores masculinas con periantio simple na axila da bráctea; froito alado	3
2. Follas de lonxitude similar á anchura ou pouco maiores; froitos en glomérulos (1-4); invólucro dentado	<i>Corylus</i>
Follas de lonxitude <2 veces la anchura; froitos en acios colgantes; invólucro trilobulado	<i>Carpinus</i>
3. Casca branca; limbo das follas triangular a romboidal; infrutescencia herbácea	<i>Betula</i>
Casca agrisada a pardo-negriza; limbo das follas orbicular; infrutescencia leñosa	<i>Alnus</i>

— **Alnus** Mill. —

■ ***Alnus lusitanica*** Vít, Douda & Mandák

Alnus glutinosa auct; *Betula alnus* var. *glutinosa* L.

• **Descripción:** fanerófito arborescente, ata 25 m. Casca lisa e agrisada, que se torna pardo-negriza e divide en placas anchas na vellez. Ramiñas glabras. Follas de obovadas a suborbiculares, obtusas ou truncadas no ápice, cuneadas ou redondeadas na base, dobremente dentadas na marxe, con nervios ben visibles, discoloras, glabras ou con pelos curtos na axila dos nervios, nestes e na marxe, más abundantes o envés. Amentos masculinos colgantes, da orde de tres veces máis longo cás infrutescencias. Flor masculina con 4 estames. Infrutescencia leñosa. Aquenios alados.

• **Distribución:** W P. Ibérica e NW África.

• **Hábitat:** bosques de ribeira do piso mesotemperado e supratemperado inferior.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregaduras de referencia:**

>ENTRIMO, monte de Galez-A Sobreira, 29TNG7540, 370 m, regato con ameneiral-salgueiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/05/1996, IPS, SANT 46708. >LOBIOS, Torneiros-Portela do Home, Xeneanas, Corga da Canda, 29TNG7231, 587 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51839. Devesa-Padrendo, río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, marxe de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53115. >Muíños, Corga da Torrente ou de Muíños, 29TNG8444, 600 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 01/05/2003, IPS, SANT 48882. Río Salas (c. Prado), 29TNG8242, 675 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81299.

• **Bibliografía:** ROCHA AFONSO (1990a); VÍT et al. (2017).

(**) VÍT et al. (2017) describen o tetraploide *Alnus lusitanica* do W da P. Ibérica e N de África. Segundo estes autores trátase do taxon característico nos ameneiraís das bacías que verten as súas augas ao océano Atlántico de Galicia. Porén, algunas das medidas realizadas nos exemplares herborizados (como a relación da lonxitude do pecíolo coa lámina da folla) encaixan mellor dentro no rango asignado *A. glutinosa*.

— **Betula** L. —

■ ***Betula pubescens*** Ehrh.

Betula celtiberica Rothm. & Vasc.; *B. pubescens* subsp. *celtiberica* (Rothm. & Vasc.) Rivas-Mart.

• **Descripción:** fanerófito arborescente. Casca con forma de anel, branca, exfoliada en láminas papiroáceas transversais, que escurece co tempo ata facerse negriza. Ramiñas do ano pilosas, glandulares. Follas de rombooidais a triangulares, de base cuneada ou truncada, irregularmente dentadas, con pelos aplicados sobre todo nos nervios do face e envés, que van depilándose na madurez. Inflorescencia en amentos colgantes. Flor masculina con 2 estames. Infrutescencia non leñosa coas brácteas frutíferas ciliadas. Aquenios con 2 ás (disamara).

• **Distribución:** Europa, (excepto rexión mediterránea), Islandia, S Groenlandia e zonas frías de Asia. P. Ibérica: rexión eurosiberiana penetrando nas montañas da metade Norte sobre chans ácidos.

• **Hábitat:** bosques mesófilos e higrófilos do chan supratemperado e bosques riparios no piso mesotemperado.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregaduras de referencia:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, pista cara reemisores, 29TNG73, regato que atravesa a pista, 07/1992, IPS, SANT 46710. Serra do Xurés, A Ourela dos Rubios, 29TNG8131, 1413 m, bidueiral alterado por incendios, 27/05/2004, IPS, SANT 51055. Serra do Xurés, pista das Sombras próximo ao vertedoiro selado, 29TNG7737, 680 m, plantación

aliñada na marxe da pista, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 61999. Serra do Xurés, Vilameá-ermida de Nosa Sra do Xurés, 29TNG7536, 430 m, marxe de pista, 16/09/2018, IPS, SANT 76645. >**Muíños**, Taboadela-Couso de Salas, 29TNG8846, 760 m, carballeira (*Quercion robori-pyrenaicae*), 09/10/1996, IPS, SANT 46709. Prado-Salgueiro, Rego de Salgueiro, 29TNG8440, 885 m, ameneiral con bidueiros (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51810. Serra do Xurés, A Lomba-fronteira con Portugal, 29TNG8636, 1230 m, chan fresco protexido de incendios polo penedo, 08/08/2007, IPS, SANT 57548. Salgueiro, 29TNG8438, 1010 m, individuo illado xunto ao camiño que conduce ao bosque da Barxa, 29/05/2010, IPS, SANT 63050. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81285.

- Bibliografía:** MORENO & PEINADO (1990). 2: 38-43.

— *Carpinus* L. —

■ *Carpinus betulus* L.

- Descripción:** fanerófito. Follas ovadas a ovado-elípticas, alternas, pecioladas, pinnatinervias de nervios moi marcados sobre todo no envés, marxe aserrada, base lixeiramente asimétrica e ápice agudo, glabras excepto nos nervios principais e na axila do nervio medio cos secundarios. Amentos masculinos con flores sen periantio e numerosos estames cada unha. Amentos femeninos colgantes na madurez con flores con perianto e rodeadas por unha bráctea tilobulada co lóbulo central moito máis longo cos laterais.
- Distribución:** rexión eurosiberiana europea e W de Asia (N de Turquía e Irán). P. Ibérica: en estado silvestre case non toca o NE.
- Hábitat:** cultivado como árbore ornamental e para a formación de sebes.
- Frecuencia:** raro.
- Pregaduras de referencia:**
 - >**LOBEIRA**, Chaus da Limia, dársena encoro As Conchas, 29TNG8145, 555 m, perímetro de casa que mira ao encoro, 23/06/2021, IPS.
- Bibliografía:** AIZPURA (1990).

— *Corylus* L. —

■ *Corylus avellana* L.

- Descripción:** fanerófito arbustivo. Casca lisa, inicialmente pardo-avermellada, volvéndose cincuenta e gretado-escamosa. Xemas ovoide-obtusas. Follas de suborbiculares a anchamente ovadas, cuspidadas, sublobadas, de marxe dobrente serrada, rugosas, face glabro en follas maduras e envés con pelos nos nervios e a veces nas axilas. Froitos en glomérulos de 1-4, con pericarpo leñoso. Aquenio redondeado, non alado (abelá).
- Distribución:** Europa, W Asia. P. Ibérica: metade N e escaso no S.
- Hábitat:** ameneiraís. Bosques de ribeira do piso mesotemperado e supratemperado inferior.
- Frecuencia:** escaso.
- Pregaduras de referencia:**
 - >**LOBIOS**, Río Caldo, 29TNG7434, 385 m, ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, SANT 46654. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, orla de carballeira sobre río Grou, 23/10/2016, IPS & D. Manso, SANT 73389. >**Muíños**, Prado, 29TNG8343, 720 m, valgada antropizada, 14/10/2004, IPS, SANT 52885. Barrio de Muíños-O Rañadoiro, 29TNG8345, 625 m, sebe de división de fincas con *Ruscus aculeatus* e *Quercus robur*, 05/11/2014, IPS, SANT 70412.
- Bibliografía:** ROCHA AFONSO (1990b).

F. BIGNONIACEAE

— Catalpa —

■ *Catalpa bignonioides* Walter

• **Descripción:** fanerófito. Árbore frondosa de copa ancha. Follas de gran tamaño, opostas ou en verticilos de tres, pecioladas, ovadas, coa base de lixeiramente cordada a emarginada e ápice bruscamente acuminado, glabrescentes na face e pilosas no envés, sobre todo nos nervios. Inflorescencias en panículas terminais. Flores pediceladas. Cáliz de sépalos soldados, verdoso. Corola de 5 pétalos soldados, bilabiada, co tubo que sobresae do cáliz e dous lóbulos de marxes rizadas, o inferior de tres lóbulos maculados interiormente. Froito en cápsula alongada e pendula, que parece unha legume.

• **Distribución:** SE de EEUU.

• **Hábitat:** cultivado como árbore ornamental. Tendencia a naturalizarse sobre chans profundos (Riocaldo).

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregaduras de referencia:**

> LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 555 m, exemplares cultivados entre marxe de estrada e encoro das Conchas, 04/09/2021, IPS & D.Manso.

• **Bibliografía:** SÁNCHEZ DE LORENZO-CÁCERES (2021).

F. BORAGINACEAE

Clave de xéneros

1.	Corola irregular	Echium
	Corola regular	2
2.	Núculas con anel basal evidente	Pentaglottis
	Núculas sen anel basal evidente	3
3.	Garganta non pechada por invaxinacións ou escamas	Glandora
	Garganta pechada por invaxinacións ou escamas	4
4.	Garganta pechada con 5 invaxinacións	Pulmonaria
	Garganta pechada por escamas	5
5.	Corola de 7-12 mm	Omphalodes
	Corola < 5 mm	Myosotis

— Echium L. —

Inflorescencias en cumes escorpioideas. Cáliz con 5 sépalos soldados curtamente na base e con 5 lóbulos más longos có tubo. Corola irregular, infundibiforme. Androceo con 5 estames cujos filamentos nacen da corola. Ovario de 4 carpelos libres. Estilo xinobásico. Froito en 4 núculas.

• **Bibliografía:** VALDÉS (2012a).

Clave de especies

1.	Corola con pelos só nos nervios e ápice dos lóbulos	2
	Corola con pelos en toda a superficie, xeralmente de 2 tipos	3
2.	Corola de 18-30 mm	<i>E. plantagineum</i>
	Corola de 7-9 mm	<i>E. lusitanicum</i>
3.	Follas caulinas superiores de base truncada; as caulinas medias de ata 2,5(3) cm de anchura; corola 15-25 mm; filamentos estaminais moi pouco pilosos; núculas irregularmente tuberculado-rugosas	<i>E. rosatum</i>
	Follas caulinas superiores de base atenuada; as caulinas medias de ata 1(1,5) cm de anchura; corola 6-21 mm; filamentos estaminais glabros; núculas tuberculado-crestadas ou muricado-crestadas	<i>E. vulgare</i>

■ *Echium lusitanicum* L.

• **Descripción:** hemicriptófito multicaule con talos que saen detrás da roseta basal. Indumento de setas longas e pelos crespos curtos, ou só os primeiros. Talos floríferos con follas. Follas da roseta basal de c. 5,5 cm ancho, curtamente pecioladas, elípticas e agudas no ápice. Follas caulinas alternas, sésiles, lixeiramente auriculadas. Inflorescencia espiciforme con varias cumes de flores. Cáliz de 4-6,5 mm na antese, con indumento dobre. Corola de pétalos soldados de menos de 6-9(10) mm, branco-azulada e con forma de embude, con pelos longos en nervios e lóbulos. Androceo con todos os estames exertos. Froito coas núculas lixeiramente tuberculado-rugosas.

• **Distribución:** endimismo do CW España e C e N de Portugal (ata o sur de Galicia).

• **Hábitat:** marxes de estradas e orlas de matogueiras de substitución.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba, 29TNG8347, 570 m, área recreativa con céspede e pradarías anuais, 08/05/2011, IPS, SANT 64560. >LOBIOS, Serra do Xurés, pista das Sombras próximo ao vertedoiro selado, 29TNG7737, 680 m, pradaría nitrificada, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62019. Os Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 395 m, pradaría nitrófilo en paseo que bordea o río Caldo, 19/07/2012, IPS, SANT 65834.

■ *Echium plantagineum* L.

• **Descripción:** herbácea bienal (terófito-hemicriptófito). Talos ata 70 cm, erectos ou ascendentes, con pelos curtos aplicados e outros longos, patentes e de base ancheada. Follas basais ovais, estreitas (1,5 cm), con nervios laterais saíntes. Corola de 20-30 mm, cigomorfa, de cor azul, despois rosado-púrpura, con estrías brancas; case sempre lampiña, só pilosa en nervios e ápice dos lóbulos. Xeralmente 2 estames exertos e 3 inclusos. Xeralmente 3 dos filamentos longamente pilosos.

• **Distribución:** E, S e W Europa, N de África, SW de Asia, Macaronesia. Naturalizado no N, C e E de Europa e en Australia. P. Ibérica: amplamente repartida.

• **Frecuencia:** común.

• **Hábitat:** pradarías nitrófilas ruderais.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Xendive, 29TNG7741, 430 m, pradaría viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 10/05/2011, IPS, SANT 64551.

■ *Echium rosatum* Lange

• **Descripción:** hemicriptófito. Planta herbácea, híspida, con talos robustos ata 70 cm ascendentes de base más ou menos leñosa. Follas alternas, simples, con pelos curtos adpresos e poucas

sedas curtas, as da roseta basal atenuadas en pecíolo, as caulinas superiores sésiles de base truncada ou cordada. Inflorescencia en panícula laxa coas flores agrupadas en cumes. Flores cigomorfas, Cáliz con tubo moi curto e lóbulos que chegan case ata a base, segue crecendo trala antese ata 10-14 mm no froito. Corola 11-25 mm, violeta rosada, con tubo que se anchea gradualmente, con pelos en toda a superficie. A maioría das flores teñen 3 estames exertos e 2 inclusos. Ovario súpero formado por 4 carpelos libres. Froito formado por 4 núculas irregularmente tuberculado-rugosas.

•**Distribución:** endimismo do W da P. Ibérica.

•**Hábitat:** ambientes nitrificados como entullos e cunetas próximas a núcleos rurais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8447, 580 m, zona axardinada abandonada, 05/11/2014, IPS, SANT 70394. >ENTRIMO, Montes do Quinxo, A Illa, 29TNG6940, 600 m, cardal de *Silybum marianum* sobre entullo (*Echio rosulati-Silybetum mariani*), 01/07/1999, IPS, SANT 50533. Terrachán, 29TNG7243, 540 m, marxe de camiño, 15/07/2012, IPS, SANT 65892. A Feira Vella, 29TNG7541, 490 m, pradaria nitrófila en cuneta, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70465. >LOBIOS, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7841, 458 m, ambiente nitrófilo sobre chan areoso, 11/06/2004, IPS, SANT 51789. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, colonizando despren-demento de marxe de estrada, sobre areas graníticas, 10/10/2015, IPS, SANT 72038. Bubaces-Padrendo, c. Igrexa Sta. María de Riocaldo, 29TNG7336, 500 m, cunetas ruderais, 24/06/2021, IPS, SANT 80829 observ.: estames cos filamentos glabros (¿posible híbrido con *E. vulgare*?).

■ *Echium vulgare* L.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito con 1 ou varios talos que saen do centro da roseta, máis ou menos endebles, sen cepa leñosa. Follas moi ásperas, as basais elipsoides ou lanceoladas, pecioladas; as superiores sentadas, oblongas ou lanceoladas. Cáliz de 5-7 mm. Corola de 10-19 mm en forma de embude, infundibiforme, de cor azul ou violeta azulada. Androceo con 5 estames de filamentos glabros, dos cales 4-5 son exertos. Estilo xinobásico, piloso terminado en dous estigmas filiformes. Froito en 4 núculas tuberculado-crestadas ou muricado-crestadas.

•**Distribución:** holártica. En Europa na rexión eurosiberiana e mediterránea.

•**Frecuencia:** sen datos.

•**Hábitat:** cunetas e lugares despexados en ambiente seco.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, chan alterado, areoso, nitrificado (*Stellarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78788.

— *Glandora* D.C. Thomas, Weigend & Hilger —

■ *Glandora prostrata* (Loisel.) D.C. Thomas

subsp. *prostrata*

Lithodora prostrata (Loisel.) Griseb.

•**Descripción:** caméfito. Arbusto leñoso na zona basal. Talos prostrados e ascendentes, que empre-gan outros arbustos como elementos de apoio, pilosos na súa xuventude ata desescamarse na madurez. Follas simples, alteras, discoloras, co nervio medio manifesto, con pelos simples de base engrosada. Inflorescencia con brácteas foliosas. Cáliz con estreitos lóbulos pilosos. Corola azul, os pétalos soldados en longo tubo e con 5 lóbulos no extremo, pilosa na cara externa e densamente pilosa na garganta. Estames 4, soldados ao periantio e coas anteras a distinto nivel.

•**Distribución:** SW de Francia e N-NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** breixeiras, toxeiras e breixeira-toxeiras.



Betulaceae *Alnus lusitanica*



Betulaceae *Betula pubescens*



Betulaceae *Carpinus betulus*



Betulaceae *Corylus avellana*



Bignoniaceae *Catalpa bignonioides*



Boraginaceae *Echium lusitanicum*



Boraginaceae *Echium rosulatum*



Boraginaceae *Glandora prostrata*

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, antiga fronteira (aduana)-Maus de Salas, 29TNG9043, 880 m, matogueira higrófila (*Genistocarpio-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 08/05/1998, IPS, SANT 46492. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG73, 04/1992, IPS, SANT 46647. Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, 29TNG73, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46466. Serra de Santa Eufémia, alto próximo a reemisores, 29TNG7134, 1070 m, 17/06/1993, IPS, SANT 46648. Torneiros-Portela do Home (Km 10), 29TNG7333, 460 m, sobreira degradado (*Rusco-Quercketum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 11/10/1993, IPS, SANT 46645. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG7830, 1210 m, breixeira-toxeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 08/03/1996, IPS, SANT 46644. Serra de Santa Eufémia, Cruz do Touro, 29TG6929, 1120 m, breixeira, 16/05/2010, IPS, SANT 62421. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70454. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, cume con antenas de radio-televisión, 29TNG6629, 1350 m, 13/07/1993, IPS, SANT 46646. Serra do Gerês, Mina dos Carris-¿Foso Negro?, 29TNG7930, 1400 m, matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 16/06/1998, IPS, SANT 46649; observ.: exemplar albino.

•**Bibliografía:** PASTOR (2012).

— Myosotis L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas alternas, enteiras, as caulinas medias e superiores sésiles. Inflorescencia espiciforme, escorpioidea. Flores pediceladas, pentámeras, actinomorfas. Cáliz de sépalos soldados terminados en 5 lóbulos. Corola rotácea. Estames de filamentos curtos soldados ao tubo da corola. Ovario súpero con 4 carpelos libres. Froito en 4 núculas.

•**Bibliografía:** VALDÉS (2012b).

Clave de especies

1. Cáliz con pelos aplicados e pelos doutro tipo, con algunha flor amarela	2
Cáliz só con pelos aplicados, con todas as flores azuis	3
2. Todas as flores amarelas	<i>M. persoonii</i>
Con flores amarelas que viran a azuladas na madurez	<i>M. discolor</i>
3. Base do talo con poucos estolóns grosos; talo con numerosos pelos patentes > 1 mm; núculas 1,2-1,5 mm	<i>M. secunda</i>
Base so talo con numerosos estolóns delgados; talo con algúns pelos patentes < 1 mm ou sen eles; núculas de 1-1,2 mm	<i>M. stolonifera</i>

■ *Myosotis discolor* Pers.

Myosotis collina Hoffmann.; *Myosotis versicolor* Sm.

•**Descripción:** terófito. Talo con pelos patentes cara abaxio que van facéndose antrorsos e aplicados cara arriba e na inflorescencia. Follas basais con pelos longos, patentes, de base tuberculada, as caulinas con pelos patentes e aplicados e antrorsos na parte superior. Cáliz con pelos de 3 tipos: curtos e aplicados, uncinados e setas rectas e longas. Corola 1-3 mm de diámetro, que vai mudando de cor coa maduración: antes de abrir son amarelas e viran a cor azul coa apertura. Núculas ovadas, agudas no ápice.

•**Distribución:** Europa, W Asia e NW de África. P. Ibérica: estendida sobre todo na ½ occidental.

•**Hábitat:** cultivos, arvense.

•**Frecuencia:** común.

•Pregos herborizados:

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77315. >LOBIOS, Fondevila-Vilameá, 29TNG7537, 450 m, comunidade de terófitos nitrófilos sobre viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicauli*), 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 47125. Lobios, 29TNG7639, 410 m, finca con cultivo de legón (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicaulidis*), 21/03/1996, IPS, SANT 49436. Vilameá-Padrendo, 29TNG7436, 420 m, barbeito de millo (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicaulidis*), 21/03/1996, IPS, SANT 49437. A Portaxe, 29TNG7640, 330 m, comunidade de terófitos nitrófilos anegados polo encoro do Lindoso, 18/03/1997, IPS, SANT 47124. Torneiros, 29TNG7334, 440 m, cultivo de legón (*Chrysanthemo-Raphanetum raphanistri*), 24/03/1997, IPS, SANT 47126. >MUÍÑOS, Presa encoro de Salas, 29TNG8842, 850 m, comunidade de terófitos (*Galio parisiense-Logfietum minimae subas. sedetosum arenarii*) algo nitrificada, 21/05/1996, IPS, SANT 47127. Prado, 29TNG8343, 740 m, marxe de cultivo (*Chrysanthemo-Raphanetum raphanistri subas. lamietosum amplexicauli*), 07/04/2002, IPS, SANT 47128.

■ *Myosotis persoonii* Rouy ●

Myosotis lutea (Cav.) Pers.

•Descripción: terófito con talos ata 15 (25) cm, erectos, simples ou escasamente ramificados na base, con pelos patentes na parte inferior e adpresos na inflorescencia. Follas enteiras, de face pilosa e envés glabro o glabrescente, as inferiores pecioladas e as superiores sentadas. Inflorescencia más longa có resto do talo na frutificación. Flores inferiores bracteadas. Pedicelos más curtos có cáliz, erecto-patentes. Cáliz de sépalos soldados con lóbulos maiores có tubo, este con pelos uncinados. Corola amarela que non vira de cor.

•Distribución: endimismo, fundamentalmente da metade occidental da P. Ibérica (falta no extremo oriental e as provincias más meridionais).

•Hábitat: repisas sobre chans pouco profundos con pradarías pioneiras anuais e vivaces.

•Frecuencia: raro.

•Pregos herborizados:

>MUÍÑOS, Requiás, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG8838, 1050 m, chans pouco profundos sobre penedos, 10/04/1997, IPS, SANT 46655. Presa do encoro de Salas, 29TNG8843, 880 m, pasteiro anual oligótrofo (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 09/05/1998, IPS, SANT 46656.

•Citas previas: MERINO (1909).

■ *Myosotis sp.*

Sub *Myosotis scorpioides* L.

•Pregos herborizados:

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7041, 520 m, charca con auga estancada e nitrificada (*Glycerio-Heliosciadetum nodiflorii*), 27/05/1999, IPS, SANT 48876.

■ *Myosotis secunda* Al. Murray

Myosotis stolonifera subsp. *hirsuta* R. Schuster; *M. stolonifera* subsp. *hirsuta* (R. Schuster) M. Laínz

•Descripción: hemicriptófito, con estolóns enraizantes que nacen da axila das follas inferiores. Talos con pelos patentes ao menos en parte basal. Follas elípticas. Cáliz aberto, de ata 5 mm de diámetro no froito, colgante na frutificación, caedizo, con pelos antrorsos aplicados, cos dentes de lonxitude igual o maior có tubo. Corola cos pétalos primeiro rosa e despois azul pálido.

•Distribución: W de Europa. P. Ibérica: metade occidental.

•Hábitat: ambientes húmidos en marxes de regatos, fontes, terreos longamente encharcados, etc.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, marxe de regato preto de nacente (*Montio-Cardamine-tea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80202; observ.: os talos presentan abundantes pelos patente.

> 1mm ata as inflorescencias, pero as núculas, de c. 1 mm, correspón deseas de *M. stolonifera*. Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80261. >**Lobios**, Torneiros, 29TNG7333, 600 m, marxe dun regatiño (*Montio-Cardaminetea*), 24/05/1995, IPS, SANT 49435. >**Muiños**, Encoro de Salas, Requiás-Guntumil, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundada en desembocadura de regato no encoro, 09/10/2015, IPS, SANT 72524.

■ *Myosotis stolonifera* (J. Gay ex A. DC.) Leresche ●

• **Descripción:** hemicriptófito con estolones numerosos e finos. Talos con abundante indumento de pelos aplicados antrorsos, especialmente na parte inferior e ocasionalmente algún pelo patente < 1 mm (existen exemplares con abundantes pelos patentes, ainda que non tan longos coma os típicos de *M. secunda*). Follas alternas, as inferiores de ata 2 x 0,8 cm e atenuadas en pecíolo e con lámina de ápice obtuso e con pelos aplicados antrorsos. Inflorescencia en cumes alongados. Flores sen brácteas ou ocasionalmente as inferiores con elas, con pedicelos que na frutificación superan a lonxitude do cáliz. Cáliz de 1,3-2 mm, persistente e prontamente caedizo coas núculas, cos sépalos soldados formando un tubo do que parte 5 lóbulos triangulares que ocupan desde a ½ a ¾ partes do cáliz. Corola rotácea con tubo branco máis curto có cáliz, con escamas con papilas brancas e longas cara abaixo que cerran a garganta e 5 lóbulos elípticos de cor azul. Androceo con 5 estames de filamentos brancos e anteras amarelas que nacen da parte superior do tubo da corola. Ovario súpero formado por 4 carpelos libres. Núculas do froito de 1-1,2 mm, ovadas, con marxe resaltada.

• **Distribución:** endimismo do cuadrante NW da P. Ibérica, sobre todo en zonas de montaña.

• **Hábitat:** beiras de cursos de auga ou saíntes rochosos salpicados sobre o leito de ríos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*) case permanentemente encharcado con especies de turbeira, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77316. Paradela-pico da Corvaceira, 29TNG9542, 1060 m, regato en cuneta de pista forestal, 09/06/2021_06, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80328; observ.: con abundante pilosidade erecto-patente na zona basal do talo (posibles introgresións con *M. secunda*). >**ENTRIMO**, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, pedreira salpicada pola auga, zona con auga pouco profunda, 10/08/2012, IPS, SANT 70358. >**LOBIOS**, Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 430 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77557.

— Híbridos —

■ *Myosotis stolonifera* x *Myosotis secunda*.

Parece haber unha introgresión de caracteres entre os dous taxons.

— *Omphalodes* Mill. —

■ *Omphalodes nitida* (Hoffmannss. & Link ex Willd.) Hoffmannss. & Link ●

• **Descripción:** xeófito rizomatoso que emite talos que poden superar 70 cm de altura. Follas lançoladas, de face lustrosa e envés más pálido, as basais longamente pecioladas e as superiores con pecíolo curto ou sentadas. Inflorescencia terminal bracteada, frouxa, con escasos cumes. Flores con pedicelo que chega a duplicar a súa lonxitude trala antese ata a frutificación. Cáliz con sépalos de 2-4 mm, ata 7 mm no froito. Corola azul, co cerre do tubo de cor branca e a garganta da mesma cor con pequenas escamas. Estames soldados á corola cas anteras situadas ao mesmo nivel. Núculas coa marxe dorsal alada.

• **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** bosques frescos, pradarías de lindeiro de bosque.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Guxinde-Pereira, 29TNG7145, 560 m, sotobosque de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii*), 22/04/2002, IPS, SANT 46969. Ferreiros, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520-530 m, Inventario muro, eucaliptal, 10/06/2020, IPS, SANT 78845. >LOBIOS, Río Caldo, 29TNG7435, 395 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 07/1992, IPS, SANT 46652. Pista Baños de Riocaldo-miliarios, 29TNG7434, 400 m, marxe de regato que atravesa carballeira termófila (*Omphalodo-Linarietum triornithophorae*), 29/04/1993, IPS, SANT 46650. Serra do Xurés, pista As Sombras, 29TNG73, 1050 m, entre un regato e a matogueira (*Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*), 22/08/1997, IPS, SANT 46651. Serra do Xurés, A Ourela dos Rubios, 29TNG8131, 1413 m, baixo bideiral alterado por incendios, 27/05/2004, IPS, SANT 51054. Padrendo, 29TNG7436, 440 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53121. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1065 m, bideiral (*Carici reuteriana-Beruletum celtibericae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62424. >Muíños, corga de A Torrente ou de Muíños, 29TNG8444, 600 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 01/05/2003, IPS, SANT 48894. Serra do Pisco, 29TNG8837, 1240 m, valgada en claro de piornal, 25/06/2007, IPS, SANT 57391. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81282.

•**Bibliografía:** LAÍNZ (1955); FERNÁNDEZ & TALAVERA (2012).

— **Pentaglottis** Tausch —

■ ***Pentaglottis sempervirens* L.**

Caryolopha sempervirens (L.) Fisch. & Trautv

•**Descripción:** hemicriptófito de ata 1 m de altura, con rizoma subterráneo e rosetas con talos foliosos. Talos e follas híspidos, ásperos. Follas con pilosidade que ten pústulas parduscias na base. Follas basais con pecíolo que vai diminuíndo cara arriba ata as superiores sentadas. Inflorescencia en cumes densos; cada rama ten unha gran bráctea con aspecto de folla, presentando unha bráctea cada flor. Corola azul co peche do tubo branco, rotácea. Lóbulos patentes de moito maior tamaño có tubo. Garganta con escamas. Núculas negrizes na madurez, superficie rugosa ou reticulada, con anel basal.

•**Distribución:** SW Europa, desde o C de Portugal ata o SW Francia. P. Ibérica C e NW.

•**Hábitat:** pradarías escio-nitrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus da Limia, 29TNG8549, 580 m, comunidade de herbáceas semiesciófilas e moderadamente nitrófilas (*Geranio-Caryolophetum sempervirentis*), 01/04/2001, IPS, SANT 44796. Bande, 29TNG8554, 760 m, pradaría, marxe de estrada, 07/04/2011, IPS, SANT 64517. >CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, comunidade de herbáceas megaforbicas higronitrófilas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69930. Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, orla de cerquiño-pista, 28/05/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80768. >LOBIOS, O Puxedo-A Cela, 29TNG8138, 708 m, pradaría megaforbica adxacente ao río Mao, semisombra, intermedio *Trifolio-Geranietea* e *Galio-Urticetea*, 12/06/2020, IPS, SANT 78841. >Muíños, Ponte Soutelo, río Limia, 29TNG8749, 19/09/1997, IPS, SANT 38717. Corga a Torrente ou de Muíños, 29TNG8444, 600 m, pradaría escio-nitrófila (*Geranio robertiani-Caryolophetum sempervirentis*), 01/05/2003, IPS, SANT 48883. Mugueimes, 29TNG8545, 630 m, cuneta e chans pouco profundos en entorno ruderal (nitrófilo), 07/04/2011, IPS, SANT 64527.

•**Bibliografía:** RODRÍGUEZ GRACIA & CASTROVIEJO (2012a).

— **Pulmonaria** L. —

■ ***Pulmonaria longifolia* (Bast.) Boreau.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo con pelos pluricelulares glandulosos cara o ápice. Follas alternas gradualmente atenuadas nun pecíolo máis curto có limbo, con pelos pluricelulares glandu-

líferos en ambas caras. Inflorescencia con indumento case exclusivamente formado por setas. Corola (azul ou rosa e despois convértese en azul) máis ou menos regular, con lóbulos más curtos có tubo; con 5 feixes de pelos formando un anel na garganta. Estames inclusos. Estilo na base da prolongación do receptáculo e non sobreseae. Froitos lisos cun anel engrosado na base.

•**Distribución:** eurosiberiana. SW de Europa (N P. Ibérica, W Francia e S Inglaterra).

•**Hábitat:** bosques e lugares sombríos no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, A Barxa, 29TNG8638, 1040 m, sotobosque de carballeira (*Myrtillus-Quercetum roboris*), IPS. Serra do Xu-rés, 29TNG8436, 1230 m, valgada queimada con vexetación herbácea, 29/05/2010, IPS, SANT 63049.

•**Bibliografía:** RODRÍGUEZ GRACIA & CASTROVIEJO (2012b).

F. BUXACEAE

— Buxus L. —

■ *Buxus sempervirens* L.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo, profusamente ramificado desde a base, perennifolio. Follas opositas brevemente pecioladas, de lanceoladas a ovadas ou elípticas, lixeiramente coriáceas, de cor verda escura polo face e verde pálido no envés. Monoica, con inflorescencias no que se reúnen varias flores masculinas e unha feminina nas axilas foliares. Flores pouco aparentes, sen pétalos, con nectarios. Froito en cápsula de c. 100 mm, marrón agrisada, con numerosas sementes no seu interior.

•**Distribución:** Europa e Asia menor. P. Ibérica: zonas calcáreas do N e E.

•**Hábitat:** cultivado para formar sebes e arbustos decorativos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Prado, 29TNG8342, 710 m, cultivado como sebe en finca, 07/04/2011, IPS, SANT 64524.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (1997b).

F. CAMPANULACEAE

Clave de especies

1. Corola bilabiada	Lobelia
Corola regular	2
2. Flores reunidas en glomérulos ou cabezas	Jasione
Flores non reunidas en glomérulos ou cabezas	3
3. Corola de máis de 10 mm; cápsula con dehiscencia por poros	Campanula
Corola de menos de 10 mm; cápsula con dehiscencia por valvas apicais	Wahlenbergia

— Campanula L. —

Herbáceas anuais ou vivaces. Talos con follas alternas, simples, na súa maioría pecioladas. Flores pediceladas, pentámeras, actinomorfas. Cálix con dientes longos e estreitos. Corola de pétalos soldados, más ou menos profundamente lobulada. Androceo con 5 estames de filamentos libres que nacen da base da corola. Ovario ínfero. Froito en cápsula trilocular.

•**Bibliografía:** SÁEZ & ALDASORO (2001).

Boraginaceae *Myosotis discolor*Boraginaceae *Myosotis personii*Boraginaceae *Myosotis secunda*Boraginaceae *Omphalodes nitida*Boraginaceae *Pentaglottis sempervirens*Boraginaceae *Pulmonaria longifolia*Buxaceae *Buxus sempervirens*Campanulaceae *Campanula lusitanica*

Clave de especies

1. Anual; follas superiores amplexicaules; pedicelos > flores	<i>C. lusitanica</i>
Bienal; follas superiores non amplexicaules; pedicelos < flores	<i>C. rapunculus</i>

■ *Campanula lusitanica* L. in Loefl.

• **Descripción:** terófito de raíz curta vertical. Talo ramificado, ao menos na parte superior, con pelos patentes. Follas basais pecioladas e espatuladas que desaparecen na antese, glabras ou con pelos simples; as caulinas superiores sentadas, semiamplexicaules, lixeiramente crenadas. Inflorescencia en acio ou panícula. Flores longamente pediceladas, erectas. Cálix glabro con dientes lineares alongados. Corola de 8-15 mm, azul, campanulada

• **Distribución:** N África e P. Ibérica (toda excepto nos Pireneos e na costa oriental).

• **Hábitat:** cunetas, cembas, muros, xeralmente en ambientes ruderais.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 560 m, orla de ameneiral, 02/09/2007, IPS, SANT 57765. >**LOBIOS**, 29TNG7642, 06/06/1993, IPS, SANT 29108. A Regada, 29TNG7737, 620 m, 09/07/1993, IPS, SANT 56572. >**MUÍÑOS**, c. Salgueiros, 29TNG8438, 1146 m, claro de matogueira en contacto con pista, 11/06/2004, IPS.

■ *Campanula rapunculus* L.

• **Descripción:** hemicriptófito bienal. Talo erecto, estriado. Follas basais atenuadas en pecíolo. As caulinas diminúen gradualmente de tamaño cara o ápice, sésiles. Inflorescencia en acio ou panícula terminal. Flores erectas na antese, subsésiles ou con pedúnculos más curtos cás flores. Cálix papiloso no tubo e con dientes, glabros, reflexos na antese. Corola de 12-23 mm, azul, xeralmente glabra.

• **Distribución:** C e S Europa, N África e Oriente Próximo. P. Ibérica: dispersa; rara no E.

• **Hábitat:** pradarías de cembas, cunetas, etc

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>**GOMESENDE**, Sedal, 29TNG7672, 450 m, marxe de estrada, 20/06/1997, IPS. >**LOBEIRA**, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021_04, IPS, SANT 80825. >**MUÍÑOS**, Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 963 m, orla de pequeno bosque de *Quercus pyrenaica*, 24/06/2011, IPS, SANT 65287. Santuario dos Milagres de Couso de Salas-Outeiro dos Marotos, 29TNG9046, 920 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78756.

— Jasione L. —

Herbáceas, anuais ou perennes. Talos foliosos. Inflorescencias en cabezas ou glomérulos rodeadas dun invólucro con varias filas de brácteas. Flores hermafroditas con periantio dobre. Corola con 5 lóbulos que profundan case ata a base. Froito en cápsula bilocular.

• **Bibliografía:** SALES & EDGE (2001a).

Clave de especies

1. Anual; pedicelo floral >1,5 mm; corola de 3,5- 4,5 mm	<i>J. montana</i>
Perenne, cepa grossa; pedicelo floral < 1 mm; corola 4,5-6,5 mm	<i>J. sessiliflora</i>

■ *Jasione montana* L.

• **Descripción:** terófito, a veces perennizante, con raíz fusiforme. Talos xeralmente ramificados desde a base, híspidos inferiormente. Follas de 10-55 mm, sésiles, a veces con tricoides apicais ou submarxinais. Inflorescencia en glomérulo de 1-3 cm de diámetro. Pedúnculo de 1-25 cm, glabro ou piloso só na parte superior. Brácteas involucrais en 2-3 series. Flores con pedicelos de 0-5 mm. Cáliz con 5 sépalos soldados e terminados en 5 dientes ou lóbulos de 1,5-4 mm, subulados e glabros ou con algúns pelos dispersos. Corola azul de 3,5-4,5 mm, dividida case ata a base.

• **Distribución:** Europa, NW África e Turquía. Presente en toda a Península Ibérica.

• **Hábitat:** matogueiras, pradarías, cembas, cultivos, etc.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

> **BANDE**, c. Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78802. > **LOBIOS**, Ganceiros-A Portaxe, 29TNG7741, 420 m, cuneta e cemba (*Phagnalo-Rumicetea*), 10/05/2011, IPS, SANT 64549. > **MUÍÑOS**, Serra do Xurés, c. A Lomba, fronteira con Portugal, 29TNG8636, 1230 m, claros de matogueira, 08/08/2007, IPS, SANT 57553.

■ *Jasione sessiliflora* Boiss. & Reut.

• **Descripción:** caméfito de raíz gorda, rizoma leñoso e hábito almohadillado ou decumbente, con talos moi ramosos na base, procumbentes ou ascendentes, herbáceos, pilosos no ápice. Follas de 7-12 mm, sésiles. Limbo de marxe finamente engrosada, entero a crenulado-serrado, en ocasións con cilios submarginais e apicais. Inflorescencia en glomérulo de 1-2 cm de diámetro, longamente pedunculado. Brácteas involucrais en 3-4 series, claramente distintas das follas superiores. Flores subsésiles, con pedicelo de <0,7(1) mm. Cáliz con dientes de 2-4 mm, xeralmente pilosos, ainda que poden ser glabros. Corola azul de 4,5-6,5 mm. Froito en cápsula dehiscente por 2 valvas apicais.

• **Distribución:** Península Ibérica e N de África

• **Hábitat:** fisuras de rochas e terreos despejados no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común no piso supratemperado.

• **Pregos herborizados:**

> **CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, chans rochosos a cume (*Festucetea curvifoliae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80300. > **ENTRIMO**, Fronteira Ameixoeira-pista forestal, 29TNG6947, 790 m, afloamento de penedos graníticos con chans pouco profundos (*Hieracio castellanae-Plantagionion radicatae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78779. > **LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, fisuras de grandes rochas graníticas e chans pouco profundos próximos a cumes (*Hieracio-Plantagionion radicatae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49375. Serra do Xurés, pista da Mina das Sombras, 29TNG7731, 1100 m, colonizando chans areosos nus de pista semiabandonada, 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59561. Serra do Xurés, pista da Mina das Sombras, 29TNG7731, 1100 m, colonizando chans areosos nus de pista semiabandonada, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62160. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 960 m, fisura con baixa inclinación, case plana, de gran bloque de granito, 02/06/2011, IPS, SANT 64755. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1230 m, pasteiro sobre litosolos e gretas de cume (*Minuartio recurvae-Sileneum acutifoliae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64784.

• **Citas previas:** SILVA PANDO et al. (1987).

■ *Jasione montana x Jasione sessiliflora*

> **CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, chans rochosos a cume (*Festucetea curvifoliae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo.

— *Lobelia* L. —

■ *Lobelia urens* L.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos, simples ou pouco ramificados, xeralmente glabros, alados, foliosos. Follas pinnatinervias, de marxe dentada, as inferiores sésiles ou curtamente

pecioladas, as caulinas sésiles. Inflorescencia en acio alongado, laxo. Corolas de pétalos soldados en dous labios, de cor lila, co tubo máis claro e máis longo cós labios. Estames soldados polos filamentos e anteras, lixeiramente exertos.

•**Distribución:** S Europa. P. Ibérica: metade occidental.

•**Hábitat:** marxes de pistas, cunetas, terreos despexados con algo de humidade.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pista de acceso a minas, zona baixa, 29TNG7731, 1120 m, marxe de regato (*Montio-Cardaminetea*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57570. >Muíños, Serra do Xurés, Salgueiros, 29TNG8538, 1080 m, pradarias de *Agrostis* e *Molinia*, chans húmidos, 15/09/2018, IPS, SANT 76548.

•**Bibliografía:** SALES & EDGE (2001b).

— ***Wahlenbergia* Schrad. ex Roth —**

■ ***Wahlenbergia hederacea* (L.) Rchb.**

•**Descripción:** hemicriptófito grácil con talos reptantes filiformes e foliosos. Follas con pecíolo de 6-15 mm, limbo pouco máis ancho que longo (5-10 x 5-15 mm), de base cordiforme e marxe con lóbulos triangulares terminados nun pequeno mucrón. Inflorescencias címosas laxas. Flores solitarias con pedicelos filiformes de 2-4 cm maiores cás flores. Cáliz de sépalos soldados con 3-5 lóbulos triangulares. Corola azul pálida, infundibuliforme a campanulada, de 8-10 mm cos pétalos soldados na base formando un tubo e aberta en 3-5 lóbulos de maior lonxitude có tubo. Androceo con 3-5 estames libres. Froito en cápsula trilocular dehiscente por 3 valvas, cada unha contendo numerosas sementes reticuladas.

•**Distribución:** W de Europa. P. Ibérica: metade W.

•**Hábitat:** lugares sombreados e húmidos, chans turbosos, marxes de regatos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7651, 1165 m, parede sombría e zumeante, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59472. >LOBIOS, baixo Esperanzo, 29TNG7937, 592 m, camba de regatiño, (*Montio-Cardaminetea*), 07/10/2004, IPS, SANT 51831. Serra do Xurés, Vilameá-ermida de Nosa Sra do Xurés, 29TNG7536, 411 m, camba sombrío e fresco adxacente a regato, 16/09/2018, IPS, SANT 76639. Vía Romana, A Ponte Nova-pista entrada Santa Eufemia, 29TNG7230, 600 m, zona chá con acumulación de auga, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80853. >Muíños, Serra do Xurés, Portela de Pitoes-A Barxa, 29TNG8636, 1190 m, baixo piñeiral de *Pinus sylvestris* con chan húmido, 15/09/2018, IPS, SANT 76553.

•**Bibliografía:** SALES & EDGE (2001c).

F. CAPRIFOLIACEAE

Clave de xéneros

1. Anual; corola con esporón < 1 mm	<i>C. calcitrapae</i>
Vivaz; corola con esporón > 2 mm	<i>C. ruber</i>
2. Plantas leñosas	2
Plantas herbáceas	3
3. Rubideira; flores cigomorfas; froitos vermellos	<i>Lonicera</i>
Arbusto erguido; flores actinomorfas; froitos brancos	<i>Symporicarpos</i>
4. Androceo con 1 estame	<i>Centranthus</i>
Androceo con máis dun estame	4

5.	Inflorescencia con setas calicinales escábridas	5
	Inflorescencia con setas calicinales plumosas	7
6.	Flores pentámeras	Scabiosa
	Flores tetrámeras	6
7.	Follas profundamente lobuladas; receptáculo floral con pelos e sen bractéolas	Knautia
	Follas enteiras; receptáculo floral glabro e con bractéolas	Succisa
8.	Plantas vivaces	Valeriana
	Plantas anuais	Valerianella

— **Centranthus DC.** —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos glabros, erectos ou ascendentes. Follas opostas, pinnatisectas. Inflorescencias en cumes densos terminais. Flores hermafroditas. Cálix formado por setas que forman un anel arredor da base da corola. Corola cigomorfa de 5 pétalos soldados, con tubo longo con unha xiba ou esporón de pequeno tamaño na metade inferior. Androceo cun só estame, exerto. Ovario ínfero con estigma de tres ramas. Froito en aquenio cun lóbulo fértil e dous estériles.

•**Bibliografía:** LÓPEZ MARTÍNEZ & DEVESA (2007).

Clave de especies

1.	Anual; corola con esporón < 1 mm	<i>C. calcitrapae</i>
	Vivaz; corola con esporón > 2 mm	<i>C. ruber</i>

■ **Centranthus calcitrapae** (L.) Dufr.

•**Descripción:** terófita. Talos erectos simples ou ramificados só na base. Follas da roseta xeralmente murchas na antese, enteiras e pecioladas. Follas caulinas inferiores e medias liradopinnatífidas ou lirado pinnatisectas; as caulinas superiores pinnatisectas, sendo as más superiores sésiles. Inflorescencia en cumes corimbiformes, de ramos curtos e densas, con brácteas e bractéolas. Cálix constituído por setas que forman un anel na base da corola. Corola de 1,5-4,5 mm. Pétalos soldados, con tubo maior cós lóbulos e esporón moi pequeno que case non excede a base da corola. Androceo con 1 estame. Ovario ínfero. Froitos con cálix -papo- persistente.

•**Distribución:** rexión mediterránea. Naturalizada en zonas próximas. P. Ibérica: todo o territorio.

•**Hábitat:** chans secos, muros, camiños, pastos anuais subnitrófilos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69892. >ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7439, 360 m, pista sobre o encoro do Lindoso, 23/05/1995, IPS, SANT 52619. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520 m, cuneta e marxe de pista, 10/06/2020, IPS, SANT 78751. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, 24/05/1995, IPS, SANT 52620.

■ **Centranthus ruber** (L.) DC.

Valeriana rubra L.

•**Descripción:** xeófito rizomatoso con talos glabros, herbáceos, de máis de 1 m, con entrenós longos, glauco en xeral. Follas de 10-60 mm, as basais curtamente pecioladas ou acuminadas na base e as caulinas opostas, xeralmente amplexicaules. Inflorescencias en cumes terminais com-



Campanulaceae *Campanula rapunculus*



Campanulaceae *Jasione montana*



Campanulaceae *Jasione sessiliflora*




Campanulaceae *Lobelia urens*



Campanulaceae *Wahlenbergia hederacea*



Caprifoliaceae *Centranthus calcitrapae*



Caprifoliaceae *Centranthus ruber*



Caprifoliaceae *Knautia nevadensis*

postos. Flores hermafroditas. Cáliz formado por numerosas setas que forman un anel na antese e vólvense cimosas na frutificación. Corola de pétalos soldados, con esporón basal, avermellada. Androceo con 1 estame exerto. Ovario con 1 estilo e estigma trilobado. Froito en aquenio con 1 papo que consta dun tubo acopado e de numerosas setas.

•**Distribución:** rexión mediterránea. Estendida a partir do seu uso como ornamental ao C e W Europa, SW Asia, Macaronesia, América e Australia. P. Ibérica: moitas zonas. Alóctona na Baixa Limia.

•**Hábitat:** muros de edificios e nas súas bases, cunetas. Cultivada como ornamental e lixeiramente escapada nos marxes de ditos cultivos.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Xendive, 29TNG7741, 410 m, cuneta, cultivado en proximidades, 25/06/2015, IPS, SANT 72544.

— Knautia L. —

■ *Knautia nevadensis* (M. Winkl. ex Szabó) Szabó

Knautia sylvatica var. *nevadensis* M. Winkl. ex Szabó; *K. arvernensis* (Briq.) Szabó

•**Descripción:** hemicriptófito con cepa robusta. Talos simples ou pouco ramificados cara arriba con pelos suaves, erectos, ramificados. Entrenós con pelos de más de 1mm de lonxitude, os das follas inferiores retrorso e na zona media e superior patentes, onde ademais levan un indumento de pelos unicelulares de c. 0,3 mm. Follas enteiras ou dentadas, as inferiores pecioladas, as medias e superiores subsésiles e subamplexicaules. Inflorescencia en capítulos solitarios, longamente pedunculados, terminais. Invólucro con brácteas que a miúdo superan ás flores. Receptáculo piloso, sen bractéolas. Flores radiais cigomorfas, de tamaño similar ás interiores subactinomorfas. Cáliz con 8-14 sedas ou setas diverxentes na madurez. Involucelo sen sucos nin fositas. Corola con 4 pétalos soldados, con tubo longo e lóbulos, rosada, pilosa no exterior e interior. Aquenio piloso.

•**Distribución:** Francia e P. Ibérica (cordilleiras do C e N e Serra Nevada).

•**Hábitat:** orla de bosques e pradarías frescos do chan supratemperado.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Salgueiro, camiño que sae de pobo abandonado, 29TNG8439, 1010 m, pradaría-matogueira, 23/06/1998, IPS & D.Manso SANT 45346 (PULGAR et al., 2002). Salgueiro, 29TNG8439, 1010 m, pradaría do JBX, 29/05/2010, IPS, SANT 63053. >PORTUGAL Tras-os-Montes, Parque Nacional da Peneda-Gerês, Alto da Lomba, 29TNG8636, 1280 m, ecotón breixeira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis*) e chans profundos próximos ao regato, queimados reiteradamente, 04/07/1997, IPS, SANT 45345.

•**Bibliografía:** DEVESCA (2007b).

— Lonicera L. —

■ *Lonicera periclymenum* L.

•**Descripción:** fanerófito caducifolio, lianoide con talos volubles. Ramas flexuosas, glabras excepto no ápice densamente piloso-glanduloso. Follas enteiras, opostas, sen estípulas, as basais pecioladas e as superiores sésiles ou subsésiles e non soldadas entre si. Limbo pinnatinervio, de face glabro ou con algúns pelos nos nervios e envés glabro ou densamente pubescente. Inflorescencias con pedúnculos densamente piloso-glandulosos, terminais, compactas, coas flores agrupadas e sésiles, en ocasións ternadas ou en dicasios, con brácteas e bractéolas. Flores pentámeras. Cáliz moito más pequeno cá corola, cos sépalos soldados e terminados en 5 lóbulos triangulares de menor tamaño

có tubo. Corola de 4-6 cm, bilabiada, co lóbulo superior tetralobulado e o inferior enteiro, co tubo moito máis longo cós labios, de cor rosada ou branco-rosada inicialmente que vira a amarelo ou crema coa madurez, con pelos lisos e glandulíferos. Androceo con 5 estames libres entre si e soldados á garganta do tubo da corola, exertos. Ovario súpero de carpelos soldados. Estilo filiforme. Estigma capitado. Froito en baga vermella, globosa, con varias sementes.

•**Bibliografía:** RUIZ TELLEZ & DEVESA (2007c).

Clave de subespecies

1. Follas glabras o con algúns pelos nos nervios	subsp. <i>periclymenum</i>
Follas de face glabro e envés densamente pubescente	subsp. <i>hispanica</i>

■ *Lonicera periclymenum* L. subsp. *periclymenum*

Distribución: W e S Europa e NW de África.

•**Distribución:** P. Ibérica e NW de África.

•**Hábitat:** bosques e a súa orla arbustiva.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás, encoro As Conchas, 29TNG8649, 550 m, bidueiral, 18/06/2020, IPS, SANT 78859. >ENTRIMO, Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 515 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78860. •LOBIOS, Serra do Xurés, picos da fronteira-Mina das Sombras, 29TNG7830 1300 m, 07/1992, IPS, SANT 46643. Serra do Xurés, picos de fronteira, 29TNG7931, 14/07/1993, IPS, SANT 46641. Río Cabaleiro, Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 360 m, arbustral de substitución dunha carballeira termófila (*Frangulo-Perion cordatae*), 24/09/1999, IPS, SANT 46642. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832 (0578490 / 4632342), 1318 m, reboleira rebrotando entre penedos, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59558.

■ *Lonicera periclymenum* subsp. *hispanica* (Boiss. & Reut.) Nyman

•**Distribución:** P. Ibérica e NW de África.

•**Hábitat:** bosques e a súa orla arbustiva.

•**Frecuencia:** taxon que precisa confirmación na Baixa Limia.

— Híbridos —

■ *L. periclymenum* subsp. *periclymenum* x *L. periclymenum* subsp. *hispanica*

•**Distribución:** zonas de contacto entre as dúas subespecies parentais.

•**Hábitat:** bosques e a súa orla arbustiva.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, Fontelas, 29TNG9535, 1270 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80266. observ.: envés das follas con pelos abundantes.

— *Scabiosa* L. —

■ *Scabiosa columbaria* L. subsp. *columbaria*

•**Descripción:** hemicriptófito multicaule. Talos divaricados na parte superior e coas ramas erecto-patentes, pilosos sobre todo cara o ápice e cara a base. Follas da roseta atenuadas en pecíolo, lirado-pinnatipartidas; as caulinas 1-3 pinnatipartidas provistas de pelos solitarios non

fasciculados. Capítulos solitarios, pedunculados. Invólucro con 1(2) filas de brácteas enteras. Receptáculo con bractéolas linear-espatuladas más cortas que las flores. Flores pentámeras. Tubo del involucelo con sucos longitudinalmente. Cáliz con 5 sedas o setas oscuras. Corola de rosada a violácea, con tubo mayor que los lóbulos. Aquenio con pelos adpresos.

•**Distribución:** C, W e S Europa, C e W Asia, N, E e S África. P. Ibérica: mitad N.

•**Hábitat:** ruderal e viaria. Marxes de estradas e praderías sobre chans secos, nitrificados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés entrando pola pista forestal (Portela do Home-Torriños), 07/07/1992, IPS, SANT 45302. Fondevila-Vilameá, 29TNG7538, 480 m, cuneta, 05/10/1995, IPS, SANT 45303. A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7641, 380 m, cuneta, 03/10/1996, IPS, SANT 45305. Baños de Ríocaldo, 29TNG7435, 390 m, pradera nitrófila (*Artemisietum*), 11/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 45343. Prencibe-Gustomeau, 29TNG7938, 603 m, cuneta, 07/10/2004, IPS. >MUIÑOS, Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8538, 1100 m, sobre camino de acceso a carballeira, 20/10/1998, IPS, SANT 45342. Porqueirós-presa do encoro de Salas, 29TNG8843, 860 m, cuneta, 24/06/1998, IPS, SANT 45304.

•**Bibliografía:** DEVES (2007c).

— **Succisa** Haller —

■ ***Succisa pratensis*** Moench

Scabiosa succisa L.

•**Descripción:** xeofito con rizoma curto. Talos ramificados cara arriba, glabros na base, con pelos aplicados cara arriba na parte media e moi pilosos baixo a inflorescencia. Follas basais e caulinas enteras ou rara vez espalladamente dentadas, as basais pecioladas, as caulinas opostas. Inflorescencias en capítulos hemisféricos na antese e globosos na frutificación, con invólucro de 2-3 filas de brácteas. Capítulo central con flores hermafroditas e de maior tamaño que os laterais que ademais poden estar constituídos por flores femininas. Receptáculo con bractéolas más longas que os cálices, case tanto como as corolas. Cáliz con 4-5 arestas escábridas e persistentes. Corola tetrámera, azulada, con tubo case o dobre de longo que os lóbulos. Androceo con 4 estames libres entre si e soldados á corola. Ovario ínfero. Froito en aquenio soldado ao involucelo.

•**Distribución:** Eurasíatica no dominio do macrobioclima temperado. Puntualmente en N África. P. Ibérica: N, NE, NW e Sistema Ibérico.

•**Hábitat:** xunqueiras, praderías húmidas, claros de brexeiras higrófilas permanentemente encharcadas turbeiras.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BALTA, ribeira do río Salas, matogueira higrófila (*Genistetum anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 29/09/1995, IPS, SANT 45341. >CALVOS DE RANDÍN, Calvos de Randín-Randín, 29TNG9242, 870 m, matogueira higrófila (*Genistetum anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 08/10/1996, IPS, SANT 45339 e 45340. Calvos de Randín, 29TNG942391, 890 m, matogueira higrófila (*Genistetum anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 02/11/2002, IPS, SANT 47644. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7656, 1160 m, turbeira oligótrofa (*Arnicetum atlanticae*), 09/09/1997, IPS, SANT 45338. >LOBIOS, A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7641, 03/10/1996, IPS, SANT 45306.

•**Bibliografía:** DEVES (2007d); GÓMEZ VIGIDE et al. (1989a).

— **Syphoricarpos** Duhamel —

■ ***Syphoricarpos albus* (L.) S. F. Blake**

•**Descripción:** fanerófito. Follas opostas, pecioladas, ovadas, obovadas ou anchamente elípticas. Inflorescencias en acios terminais, con flores enfrentadas dúas a dúas. Cáliz de sépalos

soldados, hipocrateriforme, con 5 lóbulos pouco pronunciados. Corola de pétalos soldados e terminada en 5 lóbulos agudos, glabra externamente e pilosa no interior. Androceo con 5 estames soldados á corola. Ovario ínfero con 2 carpelos fértiles. Froito en drupa, carnoso, globoso, glabro, branco.

•**Distribución:** zonas de contacto entre as dúas subespecies parentais.

•**Hábitat:** ornamental. Pode reproducirse vexetativamente e formar colonias. Os froitos poden ser dispersados pola fauna.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 555 m, en sebe de finca privada adxacente a dársena, 04/09/2021, IPS & D. Manso.

•**Bibliografía:** DEVESA (2007a).

— Valeriana L. —

Herbáceas vivaces, rizomatosas. Talos erectos. Follas caulinas opostas. Inflorescencias en cumes terminais, con brácteas e bractéolas. Flores actinomorfas, pentámeras, hermafroditas. Cáliz formado por setas acrecentes e plumosas na frutificación. Corola de pétalos soldados con tubo terminado en 5 lóbulos. Androceo con 3 estames soldados á corola. Ovario ínfero. Froito en aquenio.

•**Bibliografía:** VÁZQUEZ PARDO et al. (2007).

Clave de especies

1.	Planta < 30 cm con rizoma tuberoso; follas basais enteiras	<i>V. tuberosa</i>
	Planta > 50 cm sen rizoma tuberoso; todas as follas pinnatisectas	<i>V. officinalis</i>

■ *Valeriana officinalis* L.

subsp. *officinalis* var. *latifolia* Vahl

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma sen tubérculos, con talos que superan medio metro. Follas opostas, imparpinnadas, con 5-8 pares de foliolos laterais e o apical de igual ou maior tamaño, as inferiores e medias pecioladas e as superiores sentadas e escassas. Limbo dos foliolos de enteiro a irregularmente dentado. Inflorescencia corimbiforme. Flores hermafroditas. Cáliz constituído por setas acrecentes e plumosas na madurez. Corola de pétalos soldados de cor branca ou rosada, con tubo 2-5 mm e sen xibosidade na base. Froito elipsoidal de 2-5 mm.

•**Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: Pireneos e áreas disxuntas da metade N.

•**Hábitat:** pradarías en bosques riparios e as súas orlas megafórbicas.

•**Frecuencia:** escaso. Zona N e E do territorio.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Ponte Cadós, 29TNG8353, 680 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 52621. Idem, 03/06/1997, IPS, SANT 52622. >CALVOS DE RANDÍN, Randín, Ponte do Pozoco, 29TNG9440, 850 m, pradaría de gran talla con dominio de *Valeriana* adxacente a prado higrófilo, 18/06/2011, IPS, SANT 65278. Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bideiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80259.

■ *Valeriana tuberosa* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma tuberoso e un só talo con pelos glandulosos cara o ápice. Follas da roseta e caulinas inferiores pecioladas e enteiras; as superiores de pinnatífidas a pinnatisectas

con lóbulos lineares e xeralmente sésiles ou subsésiles. Inflorescencia densa e agrupada. Tubo da corola con xiba de ata 0,2 mm. Froito en aquenio con pelos entre as costelas.

•**Distribución:** rexión mediterránea ata o W de Asia. P. Ibérica: na maioría dos macizos montañosos.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, Fronteira con Portugal, 29TNG9234, 1260 m, 14/05/2022, M.Fernández & IPS, SANT 81734.

— Valerianella Mill. —

■ ***Valerianella locusta* (L.) Laterr.**

V. carinata Loisel., *Fedia carinata* Stev.

•**Descripción:** terófito. Talos con ramificación dicotómica ao menos na inflorescencia, con indumento de pelos patentes brancos os más longos de ata 0,7 mm. Follas da roseta basal murchas na antese; follas caulinas opostas, as basais pecioladas e as superiores sésiles, oblanceoladas, glabrescentes e ciliadas na marxe. Inflorescencias en cumes capituliformes, con brácteas e bractéolas ciliadas. Aquenios homomorfos cun pequeno dente no ápice, coa cavidade fértil e as dúas estériles con tecido esponxoso, as dúas estériles separadas entre si por un prego pouco profundo e unha fóvea lonxitudinal cada un, a fértil con 2 fóveas lonxitudinais. En ocasións heteromorfos e entón lóbulos estériles do aquenio sen tecido esponxoso.

•**Hábitat:** chans despejados, ambiente subnitrófilo.

•**Bibliografía:** DEVESA & LÓPEZ MARTÍNEZ (2007).

Clave de subespecies

1. Talos con pelos patentes; lóbulo fértil do aquenio con 3 sucos lonxitudinais	<i>V.L</i> subsp. <i>lusitanica</i>
Talos glabros, retrorso escabriúsculos ou só hirsutos por abaxio; lóbulo fértil do aquenio con 1 suco lonxitudinal	<i>V.L</i> subsp. <i>locusta</i>

■ ***Valerianella locusta* (L.) Laterr. cf**

subsp. *locusta*

•**Distribución:** Europa, N África, W e SW Asia e Macaronesia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Mugueimes, 29TNG8545, 630 m, cuneta e chans pouco profundos (entorno ruderai, nitrófilo), 07/04/2011, IPS, SANT 64529 e 64532.

■ ***Valerianella locusta* subsp. *lusitanica* (Pau ex Font Quer) M. Laínz** ●

Valerianella lusitanica Pau ex Font Quer

•**Distribución:** endimismo do N e NW da P. Ibérica.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, sobre río Limia antes Encoro das Conchas, 29TNG8648, 570 m, ambiente nitrófilo e pisado, 21/04/2021, IPS, SANT 81296.



Caprifoliaceae *Lonicera periclymenum*



Caprifoliaceae *Scabiosa columbaria*




Caprifoliaceae *Symphoricarpos albus*



Caprifoliaceae *Valeriana officinalis*



Caprifoliaceae *Valeriana tuberosa*



Caprifoliaceae *Valerianella locusta*



Caryophyllaceae *Arenaria leptoclados*



Caryophyllaceae *Arenaria montana*

F. CARYOPHYLLACEAE

Clave de xéneros

1.	Follas con estípulas	2
	Follas sen estípulas	8
2.	Plantas erectas.	3
	Plantas reptantes ou tapizantes	4
3.	Cos 3 sépalos externos moito maiores cós 2 internos	<i>Chaetonychia</i>
	Cos sépalos subiguais	<i>Polycarpon</i>
4.	Follas alternas	<i>Corriola</i>
	Follas opostas ou verticiladas	5
5.	Flores con 3 ó 5 estilos	6
	Flores con 1 ó 2 estilos	7
6.	Flores con 5 estilos	<i>Spergula</i>
	Flores con 3 estilos	<i>Spergularia</i>
7.	Sépalos verdes, inflorescencias en glomérulos	<i>Herniaria</i>
	Sépalos brancos, flores en pseudoverticilos nos nós	<i>Illecebrum</i>
8.	Sen pétalos ou con eles pouco aparentes	9
	Con pétalos evidentes, coloreados	10
9.	Ovario semiínfero, sépalos soldados ao hipanto	<i>Scleranthus</i>
	Ovario súpero, sépalos libres	<i>Sagina</i>
10.	Pétalos brancos	11
	Pétalos doutra cor	16
11.	Sépalos soldados	<i>Silene</i>
	Sépalos libres	12
12.	Pétalos escotados ou bífidos	13
	Pétalos enteiros ou emarxinados	14
13.	Pétalos bífidos; talos pilosos na parte superior	<i>Cerastium</i>
	Pétalos bipartidos; talos glabros ou con 1-2 liñas de pelos	<i>Stellaria</i>
14.	Plantas tetrámeras con 4 estilos	<i>Moenchia</i>
	Plantas pentámeras con 3(5) estilos	15
15.	Cápsula co dobre número de dentes que estilos	<i>Arenaria</i>
	Cápsula co mesmo número de dentes que estilos	<i>Minuartia</i>
16.	Inflorescencia rodeada de brácteas que cobren os cálices	<i>Petrorhagia</i>
	Inflorescencia non rodeada de brácteas que cobren os cálices	17
17.	Indumento de pelos que dá á planta un aspecto prateado	<i>Lychnis</i>
	Sen indumento de pelos que dá á planta un aspecto prateado	18
18.	Plantas con calículo	<i>Dianthus</i>
	Plantas sen calículo	19

19. Flores con 3-5 estilos	Silene
Flores con 2 estilos	Saponaria

— **Arenaria** L. —

Herbáceas ou sufrúcticas. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz con 5 sépalos libres, corola con 5 pétalos libres, enteiros, brancos; androceo con 10 estames, ovario súpero de carpelos soldados, con 3 estilos no ápice, froito en cápsula.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (1990a).

Clave de especies

1. Inflorescencia en glomérulos densos	<i>A. querioides</i>
Inflorescencia en cumes pauciflores	2
2. Sufrúctice; pétalos > 10 mm e maiores cós sépalos	<i>A. montana</i>
Anual, grácil; pétalos < 5 mm e menores cós sépalos	<i>A. leptoclados</i>

■ ***Arenaria leptoclados* (Rchb.) Guss.**

Arenaria serpyllifolia var. *leptoclados* Rchb.

•**Descripción:** terófito, ramificado desde a base. Talos con indumento de pelos curtos retrorsos e pelos glandulares patentes cara a inflorescencia. Follas < 9 mm, opostas, ovadas a lanceoladas, as superiores sentadas, as inferiores pecioladas, pilosas ao menos na marxe. Flores pediceladas en cumes multiflores. Pedicelo frutífero de ata 9 mm e a veces arqueado. Cáliz 2-3 mm, persistente, con indumento de pelos glandulosos. Pétalos 1-1,5 mm, brancos, moito máis pequenos cós sépalos. Froito en cápsula membranosa case nada dilatada na base.

•**Distribución:** C e W Europa (localmente máis ao norte), rexión mediterránea (incl. Macaronesia). En gran parte da P. Ibérica.

•**Hábitat:** chans areosos, secos.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7640, 345 m, cemba de antiga estrada que cruzaba o encoro, 06/07/2019, IPS, SANT 77512.

■ ***Arenaria montana* L.**

•**Descripción:** caméfito. Ramas principais prostradas con indumento de pelos curtos eglandulares. Follas opostas, sésiles, de ata 3 cm de longo por ½ de ancho, planas, pilosas, co nervio medio pouco prominente, sen estípulas. Flores pentámeras en cumes paucifolres. Cáliz con sépalos libres, verdes, con nervadura pouco evidente, piloso. Pétalos brancos de 7-14 mm, de maior tamaño cós sépalos, enteiro ou emarginados. Pedicelos con pelos glandulosos, reflexos na frutificación. Androceo con 10 estames libres. Ovario de carpelos soldados terminado en 3 estilos. Froito en cápsula globosa-ovoide de ata 10 mm, xeralmente inclusa.

•**Distribución:** Francia, P. Ibérica e N de África.

•**Hábitat:** Moi variable, bosques, matogueiras e outras etapas de substitución.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1.400 m, 15/07/1992, IPS, SANT 52259. Serra do Xurés, 29TNG7731, 1.200

m, claros de matogueira sobre chans pouco profundos, 20/05/2000, IPS, SANT 49283. Devesa-Padrendo, río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, orla de breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthii*), 02/05/2005, IPS, SANT 53113. >Muíños, Xermeade-Salgueiros, 29TNG8540, 900 m, xesteira (*Cytisetum striati*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 46680.

■ *Arenaria querioides* Pourr. ex Willk.

• **Descripción:** caméfito herbáceo ou sufrúticose, decumbente, de menos de 10 cm de altura, pluricaule, con talos densamente pilosos. Follas de 2,5-8 mm, aristadas e coa marxe revolta, sen estípulas; as dos talos floridos arqueado-patentes, as dos talos estériles más estreitas e rectas. Inflorescencia en glomérulos densos. Flores pentámeras con brácteas de nervio medio prominente e abrancaçado. Cálix con 5 sépalos libres, coa marxe ciliada e o nervio medio abrancaçado. Corola con 5 pétalos libres de 5-8,5 mm, brancos e algo maiores cós sépalos. Androceo con 10 estames libres. Ovario de carpelos soldados con 3 estilos. Froito en cápsula inclusa no cálix.

• **Distribución:** endimismo de áreas montañosas do cuadrante NW e C da Península Ibérica.

• **Hábitat:** pradarías pioneiros vivaces no piso supratemperado submediterráneo.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1500 m, pradarías sobre chans pouco profundos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 26/07/1992, IPS, SANT 52253. Serra de Santa Eufémia, c. reemisores de radio e televisión, 29TNG7134, 1110 m, sobre chans esqueléticos, 17/06/1993, IPS, SANT 52257. Serra do Xurés, 29TNG7930, 1500 m, pradarías sobre chans pouco profundos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 26/07/1993, IPS, SANT 52255. >Muíños, Requiás, 29TNG8839, 920 m, pastero pioneiro vivaz sobre chan areoso e seco (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52256. Serra do Xurés, 29TNG8335, 1400 m, pradarías sobre chans pouco profundos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 22/07/1993, IPS, SANT 52254. >PORTUGAL, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pradarías en chans pouco profundos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 13/07/1993, IPS, SANT 52251. Serra Amarela, 29TNG6629, 1300 m, pastero pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 18/06/1997, IPS, SANT 52252.

• **Citas previas:** SILVA PANDO et al. (1987).

— *Cerastium* L. —

anuais o perennes. Follas opostas, enteiras, as caulinas sésiles. Flores hermafroditas, curtamente pediceladas. Cálix con 5 sépalos; Corola con 5 pétalos bífidos ou emarginados no ápice. Froito en cápsula alongada, cilíndrica, netamente superior ao cálix e dehiscente por dentes apicais erectos en número dobre ao de estilos.

• **Bibliografía:** NOGUEIRA & RICO (1990).

Clave de especies

1. Plantas vivaces	<i>C. fontanum</i>
Plantas anuais	2
2. Flores con 3-4 estilos; cápsula dehiscente por 6-8 valvas	<i>C. diffusum</i>
Flores con (4)5 estilos; cápsula dehiscente por 10 valvas	3
3. Sépalos superados por un penacho de pelos situado no ápice; pétalos cilíndricos na base	4
Sépalos non superados por un penacho de pelos situado no ápice; pétalos glabros	5

4. Cumes densos; filamentos estaminais ciliados na base	<i>C. glomeratum</i>
Cumes pauciflores; filamentos estaminais non ciliados na base	<i>C. brachypetalum</i>
5. Sépalos só con pelos glandulares ou con 1-4 eglandulares preto do ápice; sépalo externo herbáceo ou con estreita marxe membranosa	<i>C. ramosissimum</i>
Todos os sépalos con marxe escoria neta e con pelos eglandulares no ápice	6
6. Pedicelos florais erectos ou erecto-patentes, recurvados baixo a flor; pétalos > estames	<i>C. pumilum</i>
Algún pedicelo floral reflexo desde a base; pétalos xeralmente < estames	<i>C. semidecandrum</i>

■ ***Cerastium brachypetalum* N.H.F. Desp. ex Pers.**
subsp. *brachypetalum*

• **Descripción:** terófito xeralmente pouco ramificado. Con pelos patentes glandulares e eglandulares e xeralmente con poucos pelos antorso aplicados. Follas opostas, pilosas. Inflorescencia laxa. Pedicelos frutíferos erectos ou patentes, os inferiores acostuman ser de maior lonxitude có cálix. Brácteas herbáceas, ánda que as superiores poden ter unha estreita marxe membranosa. Sépalos cun guecho de pelos no ápice que o excede. Pétalos iguais ou máis curtos que o cálix, bifidos, ciliados na base. Estames 10, xeralmente cos filamentos ciliados, ánda que poden chegar a ser todos glabros. Estilos 5. Cápsula de 5-8 mm que se abre por 10 dentes erectos e revolutos na marxe, de 1,8-2,2 mm de anchura por debaixo dos dentes. Sementes tuberculadas, marróns ou vermillas, de 0,5-0,6 (0,8) mm.

• **Distribución:** Europa e N de África. Amplamente repartido na P. Ibérica.

• **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans xeralmente de textura areosa.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, c. Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual en acceso a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78878.

■ ***Cerastium diffusum* Pers.**

• **Descripción:** terófito, normalmente ramificado desde a base con pelos glandulares e eglandulares. Inflorescencias en dicasios de ramos desiguais. Brácteas basais herbáceas, as superiores en ocasións sepaloideas. Pedicelos erectos, de 2-5 veces a lonxitude do cálix, frecuentemente con pelos eglandulares retrorsos. Diferéñase de *C. pumilum* en posuír flores tetrámeras e pentámeras, as últimas moito más frecuentes. Pedicelos erguidos baixo a flor. Cálix de marxes paralelos.

• **Distribución:** W e S de Europa, N África, Asia Menor. Na Península Ibérica no NW irradiando ao N e SW.

• **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, c. A Illa, 29TNG7171, 460 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 22/04/1995, IPS. >Muíños, Reparade-Corga da Raposo, cuneta (OU-1255) sobre río Salas, 29TNG8242, 675 m, chan con areas grosas, pasteiro anual con especies vivaces, 21/04/2021, IPS.

■ *Cerastium fontanum* Baumg.

subsp. *vulgare* (Hartm.) Greuter & Burdet

• **Descripción:** hemicriptófita, con poucos renovos curtos. Talos ascendentes con abundantes pelos eglandulares (algúns glandulares, a veces). Follas opostas de lanceoladas a anchamente ovais, con pelos eglandulares. Brácteas superiores sepaloides con marxe escariosa. Pedicelos erectos ou patentes, a veces algo curvados baixo a flor, con pelos glandulares e eglandulares. Flores pentámeras. Sépalos 5-8 mm con marxe escariosa, glabros no ápice e pilosos no dorso (pelos eglandulares e a veces algúns glandulares). Pétalos 1-1,3 veces maior que sépalos, bífidos, bran- cos. Androceo con 10 estames glabros. Xineco con 5 estilos. Cápsula (7)10-13(18) mm, con apertura por 10 dentes.

• **Distribución:** cosmopolita. Escaso na metade sur da península.

• **Hábitat:** fontes, cursos de auga, pradarías higrófilas e pastos húmidos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños, 29TNG8448, 580 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 21/05/1996, IPS, SANT 52401; Observ.: sépalos con algúns pelos c. do ápice. >LOBEIRA, Sabariz, 29TNG7847, 680 m, pasto húmido e lixeiramente nitrófilo (*Molinio-Arrhenatheretea*), 09/09/1997, IPS, SANT 52402. Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(4), IPS, SANT 80823. >LOBIOS, Baños de Riocaldo-A Ponte Nova, 29TNG7333, 410 m, 24/05/1995, IPS, SANT 52406. Saa, 29TNG7737, 620 m, cemba e zona chá fontinal (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 09/07/1996, IPS, SANT 52400. Baños de Riocaldo-A Ponte Nova, 29TNG7333, 410 m, 21/07/1997, IPS, SANT 52405. Serra do Xurés, pista de Vilameá-pista das Sombras, 29TNG7534, 637 m, 16/09/2018, IPS, SANT 76641. >VEREA, Serra do Leboreiro, Coto das Balsas, 29TNG7557, 1205 m, pastos de *violin caninae*, 18/08/2012, IPS, SANT 70371.

■ *Cerastium glomeratum* Thuill.

• **Descripción:** terófita. Flores agrupadas en cumes. Pedúnculos más o menos erectos. Sépalos, ao menos os exteriores cun penacho de pelos eglandulares no extremo que lles excede. Pétalos ciliados na base. Cápsula con 10 dentes de marxes revirados.

• **Distribución:** cosmopolita.

• **Hábitat:** *Chrysanthemo-Raphanetum*

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachán-Ferreiros, 29TNG7243, 550 m, barbeito e horta (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 05/03/1996, IPS, SANT 52403. >LOBIOS, A Anta-Vilameá, 29TNG7536, 430 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 06/03/1996, IPS, SANT 52407. Fábrica-A Anta, 29TNG7538, 440 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 06/03/1996, IPS, SANT 52404. >MUÍÑOS, Porqueirós, Campo da Feira, 29TNG8644, 810 m, pasteiro anual nitrificado, 26/03/1997, IPS, SANT 52849. >PORTUGAL, Serra Amarela, repetidores con antenas, 29TNG6629, 1350 m, 11/06/1998, IPS, SANT 52850.

■ *Cerastium pumilum* Curtis

• **Descripción:** terófita, con talos erectos ou ascendentes, simples ou ramificados, con moitos pelos glandulares e tamén eglandulares. Inflorescencias en dicasios de ramas subiguais. Par basal de brácteas fliáceas, as superiores sepaloides, con marxe escariosa. Pedicelos erectos ou erecto-patentes na base e curvados baixo a flor, de 1-2,5 veces a lonxitude do cáliz. Cáliz máis ancho na cima que na base. Sépalos con marxe escariosa non demasiado ancho no ápice, con pelos glandulares e eglandulares, como os do ápice, que non exceden ao sépalos. Pétalos bífidos ata 1/3 da súa lonxitude, glabros, xeralmente de pouco más curtos cós sépalos a subiguais. 5 estames cos filamentos glabros.

•**Distribución:** Europa, W de Asia e N África. Na Península Ibérica é más Escaso cara o W.

•**Hábitat:** pastos secos, marxes camiños, cultivos e barbeitos; prefire substratos básicos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, c. Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual en acceso a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78877.

>ENTRIMO, A Sobreira, 29TNG7540, 350 m, codesal (*Cytisetum striati subas. adenocarpetosum lainzii*), 12/06/1998, IPS. >LOBIOS, pista Baños de Ríocaldo-miliarios, 29TNG7434, 400 m, 24/05/1995, IPS.

■ *Cerastium ramosissimum* Boiss.

•**Descripción:** terófito. Sépalos só con pelos glandulares (excepcionalmente 1-4 pelos eglandulares preto do ápice), o máis externo totalmente herbáceo o con estreitísima marxe escariosa < 0,1 mm no ápice. Pétalos glabros. 5 estames. Cápsula 10(5) dentes erectos, revolutos.

•**Distribución:** S Europa, Asia Menor e N África.

•**Hábitat:** pradarías efémeras sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Citas previas:** LAÍNZ RIBALAYGUA & LAÍNZ (1957: 91) en Requiás (Muíños).

■ *Cerastium semidecandrum* L.

•**Descripción:** terófito. Brácteas superiores sepaloides. Ao menos algúns pedicelos florais reflexos desde a base. Pétalos glabros. Sépalos con marxe escariosa moi ampla sen penacho de pelos no ápice pero si con algún pelo eglandular. 5(10) estames. 5 estilos. Cápsula con 10 dentes rectos, revolutos, con menos de 1,5 mm ancho baixo os dentes.

•**Distribución:** Europa, W de Asia e N de África.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces en chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, comunidade de pradarías pioneiras vivaces en chans pouco profundos sobre granodioritas (*Sedo anglicae-Thymetum caespititii subas. ornithogaletosum concinnii*), 08/04/2000, IPS, SANT 50529.

— *Chaetonychia* (DC.) Sweet —

■ *Chaetonychia cymosa* (L.) Sweet

Illecebrum cymosum L.; *Paronychia cymosa* (L.) DC.

•**Descripción:** terófito (3-10 cm). Talos erectos a miúdo ramificados pseudodicotomicamente desde a base, flocoso-pubescentes. Follas lineares, cuspidadas, opostas ánda que con apariencia de verticiladas pola presenza de brotes axilares. Estípulas escariosas. Inflorescencia en cumes glomerulares. Flores formadas por 5 pezas sepaloides, desiguais, terminadas nunha aresta subapical, 3 externos patentes na antese e 2 internos erectos na antese.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: preferentemente na metade W.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 450 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 09/05/1996, IPS, SANT 52258. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, pasteiro anual termófilo con *Crucianella angustifolia*, *Silene scabriiflora*, *Logfia minima*, *Andryala arenaria* e rodeado de berceal de *Stipa gigantea*, 02/06/2011, IPS, SANT 64754.

•**Bibliografía:** SORIANO MARTÍN (1990).

— Corriola L. —

Herbáceas anuais ou vivaces sufrúticas. Talos decumbentes. Follas alternas, simples, enteiras, subsésiles, con estípulas escarioas; Inflorescencias axilares ou terminais con ramas de glomérulos conxestos de flores. Flores hermafroditas. Cáliz persistente de 5 sépalos soldados. Corola 5 pétalos libres, brancos; Androceo con 5 estames. Ovario súpero con 3 estigmas. Froito en aquenio.

•**Bibliografía:** CHAUDHRI (1990a).

Clave de especies

1. Ramas da inflorescencia foliosas	<i>C. litoralis</i>
Ramas da inflorescencia áfilas	<i>C. telephiifolia</i>

■ *Corriola litoralis* L.

•**Descripción:** terófito. Talos decumbentes ramificados desde a base. Estípulas membranosas, abrançadas, de c. 2,5 mm. Follas simples, alternas, con subsésiles, atenuadas na base, de estreitamente oblanceoladas a oblongo-elípticas, non engrosadas. Inflorescencias címosas con ramas foliosas, con glomérulos terminais, laterais ou pseudoaxilares. Brácteas escarioas, abrançadas. Flores pediceladas de 1-1,5 mm. Sépalos 5, 1-1,25 mm, soldados, con tubo desde menor a pouco maior cós lóbulos, estes con marxe escaria abrançado de menor anchura cá zona verde central. Pétalos 5, libres, más curtos cós lóbulos do cáliz. Froito en aquenio de 1-1,25 mm, pardo.

•**Distribución:** Palestina; O, C e S Europa; C e S África. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos temporalmente inundados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, desembocadura do río Limia no Encoro das Conchas, 29TNG8748, 560 m, chans areosos con estiaxe (*Isoeto-Nanojuncetea*), 09/07/1996, IPS, SANT 52283. >LOBIOS, desembocadura do río Cabaleiros-encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, comunitade de *Iris pseudacorus*, 04/09/1997, IPS, SANT 52282. Lobios, 29TNG7639, 400 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 01/09/1998, IPS, SANT 52230. >MUÍÑOS, S Encoro das Conchas, 29TNG8044, 550 m, comunitade de terófitos efémeros en chans areosos temporalmente inundados (*Illecebro-Filaginetum uliginosi*), 15/06/1995, IPS, SANT 52279. S Encoro das Conchas, 29TNG8044, 550 m, comunitade de terófitos efémeros, chans areosos temporalmente inundados (*Illecebro-Filaginetum uliginosi*), 02/08/1995, IPS, SANT 52280. Cerca de Prado en desviación cara Albite, 29TNG8342, 700 m, entullo areoso nitrófilo, 05/10/1995, IPS, SANT 52281. Encoro de Salas baixo presa, 29TNG8741, 850m, 19/09/1998, IPS, SANT 46681. Requiás-Guntumil, Encoro de Salas, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundado, 09/10/2015, IPS, SANT 72525.

■ *Corriola telephiifolia* Pourr.

•**Descripción:** caméfito sufrútice. Cepa leñosa, talos ata 80 cm de longo, protrados. Follas basais engrosadas (carnosas), frecuentemente en roseta, obovado-espatuladas, sésiles. Follas caulinas oblongo-lanceoladas, espatuladas ou obovadas, alternas. Estípulas c. 2 mm, escarioas, frecuentemente con base e marxe pardo-purpúrea. Ramas da inflorescencia sen follas (áfilas). Flores 1,5-2,25 mm, pediceladas. Cáliz 1,2-1,4 mm con lóbulos con parte central verde e carnosa e marxe, case tan ancha, membranácea. Aquenio de 1,3-1,5 mm castaño escuro.

•**Distribución:** rexión mediterránea occidental.

•**Hábitat:** sobre substrato silíceo en terreos areosos e pedregosos ruderalizados.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>MUÍÑOS, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG83, 16/06/1993, IPS, J.Rodr., S.Ortiz & M.I.Romero, SANT 52408. Guntumil-Tourem (Portugal), 29TNG9040, 900 m, marxe de pista, 10/07/1998, IPS & J.Rodr., SANT, SANT 52260.



Caryophyllaceae *Arenaria querioides*



Caryophyllaceae *Cerastium brachypetalum*



Caryophyllaceae *Cerastium fontanum*



Caryophyllaceae *Cerastium glomeratum*



Caryophyllaceae *Chaetonichya cymosa*



Caryophyllaceae *Corrigiola littoralis*



Caryophyllaceae *Dianthus hyssopifolius*



Caryophyllaceae *Dianthus langeanus*

— **Dianthus** L. —

Herbáceas sufrúcticas ou caméfitos ramificados desde a base con ramas curtas, prostradas ou ascendentes, fértils que emiten talos floridos e vexetativos sen flores. Follas opositas, filiformes, numerosas e agrupadas na parte basal dos talos floridos, escassas e distanciadas cara arriba. Flores pentámeras con calículo na base. Corola de pétalos purpúreos. Androceo. Ovario súpero. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** BERNAL et al. (1990).

Clave de especies

1. Pétalos co marxe profundamente laciniada	<i>D. hyssopifolius</i>
Pétalos sen o marxe profundamente laciniada	2
2. Garganta da corola pilosa	<i>D. legionensis</i>
Garganta da corola glabra	3
3. Dentes do cáliz 2 veces máis longos ca anchos; talos floridos ascendentes	<i>D. langeanus</i>
Dentes do cáliz máis de 3 veces máis longos ca anchos; talos floridos erectos	<i>D. laricifolius</i> subsp. <i>merinoi</i>

■ *Dianthus hyssopifolius* L.

subsp. *hyssopifolius*

•**Descripción:** caméfito ata 40 cm, con cepa enterrada. Con talos fértils e renovos non floríferos. Follas de ata 50 x 3 mm, planas, opositas, anvaiñantes. Calículo con brácteas que acadan 1/3 da lonxitude do cáliz. Cáliz. Corola con garganta corolina pilosa. Pétalos co marxe laciniada, sendo as lacinias estreitas e aguzadas.

•**Distribución:** S e W Europa. Na Península Ibérica no terzo N.

•**Hábitat:** breixeiras e breixeira-toxeira no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso. Máis abundante no extremo N da Zona de Ampliación do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, 29/09/1995, IPS, SANT 52265. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7733, 1030 m, marxe de toxeira-breixeira con algo de humidade edáfica e chan ben desenvolto, 22/08/1997, IPS, SANT 52266. Serra do Xurés, 29TNG7734, pastos rodeados de breixeira, 23/08/2007, IPS2308070, SANT 57456. A Cela, 29TNG8040, 540 m, penedos con matogueira en orla de bosque, 14/08/2009, IPS & D.Manso, SANT 63034.

■ *Dianthus langeanus* Willk. ●

•**Descripción:** caméfito pulvinular ou decumbente con talos floridos ascendentes. Follas opositas, erectas, erecto-patentes, con frecuencia arqueadas na metade distal, as basais en nós moi próximos, as dos talos floridos más distanciadas e de menor lonxitude cós entrenós. Limbo parcialmente acanalado, escábrido nos marxes, < 1 mm de anchura. Flores solitarias ou en cumes dicasiais na cima dos talos, pediceladas. Brácteas do calículo de lonxitude 1/3 da do cáliz, apiculadas, non aristadas. Cáliz subcilíndrico (7-12 mm) con dentes obtusos ou subobtusos 2 veces máis longos ca anchos e de marxe membranosa. Corola de 5 pétalos (< 1 cm) dentados no ápice. Cápsula exerta.

•**Distribución:** endimismo das montañas NW peninsular e as súas estribacións:C, Le, Lu, O, Or, Po, Za.

•**Hábitat:** gretas de rochas, preferentemente en posicións de cume, no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, chans rochosos en cume (*Festucetea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80301. Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140 m, fisuras de penedos da cume, 09/06/2021(06), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80315. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7654, 1250 m, pradarías pioneiros vivaces sobre chans esqueléticos (*Pantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 52263. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, pradarías en gretas de penedos de cume (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 17/06/1993, IPS, SANT 52261 e 13/07/1993, SANT 52262. >MUÑÍOS, Serra do Xurés, 29TNG8336, 1150 m, gretas de rochas graníticas, 22/07/1993, IPS, SANT 52264. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1300 m, chans esqueléticos sobre penedos de granito, 08/08/2007, IPS, SANT 57434. Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8536, 1365 m, gretas de rochas e litosolos (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 01/08/2008, IPS, SANT 59538. >PORTUGAL, Serra Amarela, 29TNG6629, 1320 m, pradarías en gretas de promontorio rochoso (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 13/07/1993, IPS, SANT 52245.

■ *Dianthus loricifolius* Boiss. & Reut.

subsp. *merinoi* (Laínz) Laínz ●

•**Descripción:** caméfito como o anterior pero con talos erguidos, moi ramificados; ramas inferiores leñosas. Dentes do cáliz ao menos tres veces máis longos ca anchos, agudos.

•**Distribución:** endimismo de Ourense, Pontevedra e zonas leonesas próximas.

•**Hábitat:** pradarías vivaces sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG93, 03/10/1996, IPS, SANT 52246.

■ *Dianthus legionensis* (Willk.) F.N. Williams

•**Descripción:** caméfito de cepa leñosa. Talos glabros, ramosos ou simples, ascendentes, de ata 35 cm de altura. Follas planas, plurinervias, de 1,5-2(5) mm de anchura, más ou menos lineares, glaucas. Inflorescencias en glomérulos de 1-7 flores. Brácteas internas e externas do cálculo acuminadas e terminadas en punta fina, alongada e curva. Cáliz persistente de 15-22 x c. 3 mm, con dientes mucronados. Pétalos con uña incusa e limbo dentado a crenado no ápice, moi pouco pilosos na garganta, purpúreos na cara superior e xeralmente amarelentos na inferior. Froito en cápsula inclusa no cáliz.

•**Distribución:** endimismo do NW e C da Península Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías vivaces sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

•**Citas previas:** SILVA-PANDO et al., (2009). LOBIOS, SERRA de Santa Eufemia, 29TNG7131, 600 m, zonas rochosas, R. PINO et al., 19/07/2003, LOU 26270.

— Herniaria L. —

Herbáceas anuais ou sufrútices de talos decumbentes. Follas opostas ou as superiores alternas, con estípulas ciliadas. Inflorescencia en glomérulos sentados. Flores pentámeras con brácteas diminutas. Cáliz persistente con sépalos erectos ou coniventes. Corola pouco evidente cos pétalos más curtos cos sépalos. Androceo con 2 o 5 estames. Ovario semiínfiero. Froito en utrículo con varias sementes.

•**Bibliografía:** CHAUDHRI (1990b).

Clave de especies

1. Flores glabras exteriormente, excepcionalmente con pelos na zona períxena	2
Follas co limbo piloso	3
2. Talos novos con pelos retrorsos	<i>H. ciliolata</i>
Talos sen indumento de pelos retrorsos	<i>H. glabra</i>
3. Sépalos desiguais na madurez, sen pelos ríxidos no ápice	<i>H. lusitanica</i>
Sépalos subiguais na madurez, con pelos ríxidos no ápice	<i>H. hirsuta</i>

■ *Herniaria ciliolata* Melderis

subsp. *robusta* Chaudhri in Meded.

• **Descripción:** herbácea sufrúdice, con cepa leñosa moi dividida desde a base (hemicriptófito). Talos rastreiros, os novos con pubescencia retrorsa moi curta. Follas glabras con marxe antrorsos-ciliada caduca, excepcionalmente con algúns pelos laminares. Estípulas membranosas. Inflorescencia en glomérulos axilares sésiles. Flores pentámeras. Cáliz con sépalos persistentes, con 3 nervios más visibles pola cara interna, marxe membranosa e ciliada e con 1-2 pelos apicais caducos. Corola pouco conspicua. 5 estames. Utrículo maior ou igual cós sépalos.

• **Distribución:** fachada atlántica francesa e ibérica (desde a metade N de Portugal a Galicia) e Cantábrico oriental; máis frecuente na proximidade da costa.

• **Hábitat:** chans nus ou con escasa cobertura, subnitrófilos, compactados; depresións temporalmente encharcadas.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, As Quintans, 27TNG7541, 370 m, sobre chans areosos lixeiramente pisados, 02/06/1995, IPS, SANT 52278. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7437, 440 m, pasteo anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 01/05/1993, IPS, SANT 52277. Torno, 29TNG7742, 380 m, terreo compactado e nitrificado en marxe de estrada nacional (N-540), 24/02/2005, IPS, SANT 52379. Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, terreo pisado, 07/10/2011, IPS, SANT 65268; observ.: flores pequenas. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*) algo nitrificado (*Stellarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78780, Observ.: fragmentos con distinta pilosidade; flores pequenas. >Muiños, Parada da Ventosa, 29TNG7943, 580 m, pasteo efímero (*Airo-Sedetum arenarii*), 17/04/1997, IPS, SANT 52276. Porqueirós-presa do Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto viario anual/vivaz, 19/06/2020, IPS, SANT 78781. Maus de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8842, 870 m, chans pisotados, subnitrófilo, 28/05/2021, IPS, SANT 80798; observ.: flores pequenas.

■ *Herniaria glabra* L.

• **Descripción:** herbácea vivaz, hemicriptófito. Xeralmente verde clara ou verde amarelenta. Talos novos glabros ou pubérulos pero sen pubescencia retrorsa, que co tempo tamén se volven glabros. Follas sésiles ou case, co limbo glabro na face e envés, en ocasións con marxes ciliadas. Flores pentámeras, glabrescentes exteriormente, excepcionalmente pilosas na zona perígina. Sépalos en xeral glabros. Androceo con 5 estames. Utrículo xeralmente maior cós sépalos.

• **Distribución:** Europa e W de Asia. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** ruderal sobre chans de distinta natureza.

• **Frecuencia:** escasa.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, 29TNG7640, 350 m, comunidade de terófitos nitrófilos en cultivo (*Lamio-Echinocloetum*), 21/09/1998, IPS, SANT 44849.

■ *Herniaria hirsuta* L.

subsp. *hirsuta*

• **Descripción:** terófito de talos prostrados con ramas alternas. Entrenós (xeralmente < 7 mm) con indumento denso de pelos curtos e patentes. Follas con pelos curtos, aplicados e ríxidos no limbo con tendencia a depilarse na madurez, en ocasións glabrescentes coa marxe hirsuta e ciliada; as de ramas florais alternas e as basais opostas. Glomérulos de c. 3 mm. Flores pentámeras de 1,25-1,6 mm, cubertas de pelos curtos, ríxidos e divaricados, coa zona perígina glabrescente. Sépalos subiguais na madurez, con pelos rectos e ríxidos no ápice. Androceo con 5 estames. Utrículo más curto cós sépalos.

• **Distribución:** C, W e S de Europa, SW Asia, Etiopía e N de África. P. Ibérica: espallada.

• **Hábitat:** ruderal sobre chans de distinta natureza.

• **Frecuencia:** raro. Adventicia.

• **Pregos herborizados:**

>Muíños, Prado, 29TNG8443, 750 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxanthetum*), 21/07/1993, IPS, SANT 52232.

■ *Herniaria lusitanica* Chaudhri ●

subsp. *lusitanica* var. *lusitanica*

• **Descripción:** terófito ou hemicriptófito de talos prostrados e moi ramificados, con ramas secundarias profusamente floríferas e entrenós (<16 mm) con pelos patentes ou reflexos. Follas alternas de ata de 9 mm, obtusas, con pubescencia de pelos aplicados, con marxe ciliada. Glomérulos de flores agrupados, opostos ás follas axilares. Flores pentámeras de 1,75-2 mm, con pelos suaves e na súa maioría rectos na zona perígina (raramente uncinados). Sépalos sen pelos apicais, desiguais na antese, os externos maiores. Androceo con 5 estames. Utrículo más curto cós sépalos.

• **Distribución:** endimismo da Península Ibérica con maior presencia no W.

• **Hábitat:** chans secos, despexados.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>Muíños, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG8839, 920 m, pasteiro pioneiro vivaz sobre chan areoso e seco, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 53202.

— *Illecebrum* L. —

■ *Illecebrum verticillatum* L.

• **Descripción:** terófito, con numerosos talos glabros e prostrados. Follas opuestas con estípulas membranosas. Flores en cumes axilares formando pseudoverticilos en nós. Cáliz con 5 sépalos levemente soldados na base, brancos, aristados, persistentes. Androceo con 5 estaminódios petaloideos, sublineares, moito menores cós sépalos e 3-5 estames subhipoxinos, unidos pola base a estaminódios formando un disco. Froito en aquenio con pericarpo membranáceo.

• **Distribución:** C e W Europa (rara cara o S e Mediterráneo), N África, Macaronesia. P. Ibérica: principalmente polo W.

• **Hábitat:** pradarías anuais efémeros sobre chans temporalmente inundados.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos-Buxán, río Cadós, 29TNG8551, 600 m, terreo limoso con comunidade de herbáceas higrófilas perennes (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 02/05/1996, IPS, SANT 52285. Río Limia, cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 570 m, sobre chans areosos descubertos polo estío, 09/07/1996, IPS, SANT 52300. Porto Quintela,

Campamento Romano, encoro As Conchas 29TNG8447, 550 m, terreos anegados estacionalmente, 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62155. >**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasteiro higrófilo, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80883. >**ENTRIMO**, presa de Olelas, 29TNG6740, 620 m, comunidade de terófitos efímeros sobre chans temporalmente anegados (*Isoeto-Nanojuncetea*), 21/04/1995, IPS, SANT 52296. >**LOBIOS**, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, 19/03/1993, IPS, SANT 52226. A Regada, 29TNG7737, 670 m, 09/07/1993, IPS, SANT 52224. Saa-Regada, 29TNG7737, 690 m, cuneta pola que discorre un regatíño, 08/03/1996, IPS, SANT 52297. A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteiro anual (*Airo praeocis-Sedetum arenarii* subas. *sileneosum scabriflorae*), 09/05/1996, IPS, SANT 52298. Xendive-Parada da Ventosa, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual (*Airo praeocis-Sedetum arenarii*), 25/03/1997, IPS, SANT 52299. Desembocadura río Mau en encoro do Lindoso, 29TNG7238, 340 m, depresión de terreo, comunidade de terófitos efímeros, 31/08/1998, IPS, SANT 52231 e 02/07/2019 IPS & K.López, SANT 77819. >**MUÍÑOS**, Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, chans temporalmente inundados en marxe encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 09/10/2015, IPS, SANT 72049. Requiás-Guntumil, Encoro de Salas, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundada, 09/10/2015, IPS, SANT 72526.

- Bibliografía:** HERRÁ (1990).

— *Lychnis* L. —

■ *Lychnis coronaria* (L.) Desr.

Agrostemma coronarium L., *Silene coronaria* (L.) Clairv.

•**Descripción:** hemicriptófito de talos robustos, glaucos, con espesa lanosidade que lle confire un aspecto prateado. Follas enteiras, opostas, as da roseta atenuadas en pecíolo e as caulinas sésiles. Cumes floríferos pauciflores. Flores con pedicelos longos (2-10 cm). Cáliz de sépalos soldados, con longo tubo de 15-20 mm terminado en dentes agudos de c. 5 mm, persistente no froito. Corola con 5 pétalos libres, grandes (30-40 x 15-25) mm, enteiros ou lixeiramente emarxinados, de cor rosa intensa a violácea, algo máis claros na base do limbo dos pétalos onde xorden 2 lúgulas corolinhas, con que nacen na base do limbo de cada pétalo. Froito en cápsula.

•**Distribución:** SE Europa, Anatolia, N Irán, Turkestán. Cultivada como ornamental e naturalizada en multitud de zonas.

•**Hábitat:** cunetas e marxes de estradas da proximidade de núcleos rurais.

•**Frecuencia:** escaso. Presenta risco de converterse nunha especie invasora.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7334, 430 m, cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 64558. Vilamea-Ermida de Nosa Señora do Xurés, 29TNG7536, 440 m, adventicia en cuneta, 18/06/2011, IPS, SANT 65252. >**MUÍÑOS**, O Pazo-San Miguel, 29TNG8144, 570 m, adventicia en cuneta, 22/04/1997, IPS, SANT 52295.

- Bibliografía:** PAIVA & SALES (1990).

— *Minuartia* Loefl. ex L. —

Herbáceas anuais ou sufrútices. Follas opostas sen estípulas, lineares. Brácteas foliares de base connada. Flores hermafroditas, actinomorfas, pentámeras. Cáliz con 5 sépalos libres. Corola con 5 pétalos brancos, enteiros, en ocasións inexistentes. Androceo con 3-10 estames. Ovario súpero de carpelos soldados, con 3 estilos. Cápsula dehiscente por 3 valvas.

- Bibliografía:** FABARGER & MONTSERRAT (1990).

Clave de especies

1. Plantas anuais, erectas; sépalos enteiramente verdes	<i>M. hybrida</i>
Plantas vivaces, rastreiras ou pulvinulares; sépalos con marxe escarioса	<i>M. recurva</i>

■ ***Minuartia hybrida* (Vill.) Schischk.
subsp. *hybrida***

• **Descripción:** terófito con ramas patentes. Follas opostas sen estípulas, non pecioladas, linear o linear-lanceoladas, con 3 nervios. Inflorescencia corimbiforme pauciflora. Pedicelos florais moi-to más longos cás flores, o da flor central 2-3 veces + longo que sépalos. Sépalos 2,5-4,5 mm, patentes na antese, con 3 nervios, ápice acuminado e estreita marxe membranosa. Pétalos moi-to más curtos có cáliz ou en ocasións inexistentes. Androceo con 3-5 estames uniseriados. Cápsula de pouco más curta a pouco más longa có cáliz.

• **Distribución:** C, W, S Europa, S Rusia, Anatolia, Crimea e SW Asia. P. Ibérica: dispersa; rara no N.

• **Hábitat:** pradarías anuais subnitrófilas.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

>Muñños, Porqueirós, c. Campo da Feira, 29TNG8644, 810 m, pasto anual nitrificado, 26/03/1997, IPS, SANT 52268. Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual viario, subnitrófilo (*Sisymbrium officinale*), 28/05/2021, IPS, SANT 80787; observ.: algunas flores con 8 estames, ¿introgresión con subsp. *vaillantiana*?

■ ***Minuartia recurva* (All.) Schinz & Thell.**

Arenaria recurva All., *Minuartia recurva* subsp. *juressi* (Willd. Ex Schleidl.) Mattf.

• **Descripción:** caméfito pulvinular glandulosa na inflorescencia e parte superior do talo. Follas opostas, imbricadas, trinerves, cuculadas ou mucronadas, dimorfas, as dos brotes de 3-6 mm, aciculares e curvadas, as dos talos más anchas. Pedicelos con pelos glandulosos, Brácteas superiores con 3 ou más nervios. Sépalos abertos en estrela na antese, cerrados na frutificación, con marxe escariosa, con 3 nervios. Pétalos enteros, brancos de 4-6 x 1,3-3 mm. Froito en cápsula con 3 estilos, dehiscente por 3 valvas.

• **Distribución:** montañas do S Europa e SW de Asia. P. Ibérica: alta montaña da metade N (Pireneos, Cordilleira Cantábrica, N Sistema Ibérico, Sistema Central, Serra da Estrela e Gerês-Xurés).

• **Hábitat:** penedos de cume (piso supratemperado) con capa de chan delgada.

• **Frecuencia:** escaso.


• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1530 m, pradarías en gretas de penedos de cumes (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 15/07/1992, IPS, SANT 52267. Serra de Santa Eufemia, 16/07/1992, IPS, SANT 52272. Serra do Xurés, 29TNG7830, 1530 m, pradarías en gretas de penedos de cumes (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 26/07/1992, IPS, SANT 52271. Serra do Xurés, 29TNG7930, 1440 m, pradarías en gretas de penedos de cumes (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 14/07/1993, IPS, SANT 52269. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1230 m, pasto sobre litosolos e gretas de cume (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64782. >PORTUGAL, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pradarías en gretas de promonto-rio rochoso (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 13/07/1993, IPS, SANT 52270.


• **Otras localizaciones Georeferenciadas**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Alto da Amoreira, 29TNG7730, 1400 m, pasto vivo, 21/05/2011. IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6930 (6962 / 309), 1113 m, pasto vivo con *Festuca yvesii* subsp. *summilusitana*, 09/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6930 (96965 / 3062), 1112 m, pasto vivo con *Festuca yvesii* subsp. *summilusitana*, 09/06/2011, IPS.

• **Citas previas:** LAÍNZ (1956).




Caryophyllaceae *Dianthus legionensis*



Caryophyllaceae *Herniaria ciliolata* subsp. *robusta*



Caryophyllaceae *Herniaria lusitanica*



Caryophyllaceae *Illecebrum verticillatum*




Caryophyllaceae *Lychnis coronaria*



Caryophyllaceae *Minuartia hybrida*



Caryophyllaceae *Minuartia recurva*



Caryophyllaceae *Petrorhagia nanteuilii*

— Moenchia Ehrh. —

■ ***Moenchia erecta* (L.) P. Gaertn., B. Mey. & Scherb. subsp. *erecta***

• **Descripción:** terófito (<15 cm), glabro. Follas enteiras, opostas, sen estípulas, as basais co limbo attenuado en pecíolo ancho, as superiores sentadas; as de metade do talo de menor lonxitude cás basais. Inflorescencia con flores solitarias ou en cumes pauciflores. Flores tetrámeras con brácteas co marxe escariosa. Sépalos libres de marxe escariosa. Pétalos brancos, enteiros, máis pequenos cós sépalos, obtusos no ápice. Androceo con 4 estames. Ovario con 4 estilos. Froito en cápsula pouco maior cós sépalos que se abre por 8 dentes obtusos.

• **Distribución:** C, S e W de Europa. P.Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual en entrada a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78847. >CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9337, 1050 m, pasteiro anual sobre chans graníticos, 16/06/2016, IPS & M. Fernández, SANT 77309. >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7171, 460 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 22/04/1995, IPS, SANT 52898. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 440 m, chans pouco profundos con pradarías anuais (*Airo-Sedetum arenarii*), 03/05/1996, IPS, SANT 52286. Serra do Xurés, mina das Sombras, 29TNG7830, 1180 m, chans pouco profundos con pasteiro anual e pioneiro vivaz, 29/05/1999, IPS, SANT 52235. >Muíños, c. Canteira de Campelos, 29TNG8843, 890 m, pasteiro anual sobre chans areosos (*Airo-Sedetum arenarii*), 09/05/1998, IPS, SANT 52409. Salgueiro, 29TNG8438, 1070 m, pasto en chan profundo (*Violion caninae*), 27/05/2011, IPS, SANT 64732. Requiás, marxe encoro de Salas, 29TNG8740, 835 m, prado higrófilo por enriba pantano e debaixo pista con *Juncus squarrosus*, *Carex*, *Festuca*, 28/05/2021/02, IPS SANT 80808.

• **Bibliografía:** FERNÁNDEZ CARBAJAL (1990).

— Petrorhagia (Ser.) Link —

■ ***Petrorhagia nanteuilii* (Burnat) P.W. Ball & Heywood**

• **Descripción:** terófito uni o pluricaule. Follas opostas con vaíña foliar de 3-4 mm, linear, con marxes escábridas. Inflorescencia capitada. Brácteas anchamente ovadas. Cáliz 12-15 mm con dentes trinervos. Pétalos con lámina obcordada ou bifida, de cor rosada, cunha mancha escura na base do nervio medio. Sementes tuberculadas.

• **Distribución:** W de Europa e NW África. Introducida en Gran Bretaña, Australia e N de América.

• **Hábitat:** marxes de estrada e pradarías anuais sobre chans nitrificados.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela-Lobosandaus, A Corga, 29TNG8347, 580 m, orla de carballeira, 05/11/2014, IPS, SANT 70388. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7437, 450 m, pradaría anual nitrófila de cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 07/1992, IPS, SANT 52242. Serra do Xurés, 29TNG73, 15/07/1992, IPS, SANT 52244. A Portaxe-Ganceiros, 390 m, pradaría anual nitrófila de cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 15/06/1995, IPS, SANT 52243. Vilameá-Ermida de Nosa Señora do Xurés, 29TNG7535, 625 m, pradaría anual nitrófila de cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 04/10/1995, IPS, SANT 52240. Guende, 29TNG8038, 800 m, pradaría anual nitrófila de cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 05/10/1995, IPS, SANT 52239. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 670 m, cardal (*Echio rosulati-Silybetum mariani*), 05/10/1995, IPS, SANT 52241. Quintela, 29TNG7038, 360m, pradaría anual nitrófila, cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 20/10/1998, IPS, SANT 50531. >Muíños, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8844, 890 m, pradaría anual nitrófila de cuneta (*Sisymbrium officinalis*), 09/07/1996, IPS, SANT 52238.

• **Bibliografía:** ROMO (1990).

— Polycarpon Loefl. ex L. —

■ *Polycarpon tetraphyllum* (L.) L.

Mollugo tetraphylla L.

• **Descripción:** terófito. Glabra. Con numerosos talos prostrados ascendentes ou erectos. Follas obtusas con pequeno mucrón en ápice, opostas ou en verticilos de 4-6. Follas con estípulas escariosas. Inflorescencia en cumes dicotomas multiflores. Flores pentámeras. Cálix con 5 sépalos libres, aquillados no dorso, herbáceos. Corola con 5 pétalos brancos, non conspicuos, xeralmente menores de 1/3 da lonxitude dos sépalos. Ovario súpero de carpelos soldados. Estilo curtamente trífido no ápice. Cápsula + curta que cálix, dehiscente por 3 valvas.

• **Distribución:** W e C Europa, rexión mediterránea, S e W Asia, África. Actualmente subcosmopolita.

• **Hábitat:** ruderal, nitrófila, chans nus ou con pouca cobertura vexetal.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, cuneta estrada OUR-540, 29TNG7541, 370 m, pasteiro anual lixeiramente nitrificado (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 21/05/1996, IPS, SANT 52275. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 07/05/1997, IPS, SANT 52301. Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual en cuneta de área recreativa (*Airo-Sedetum arenarii*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77899.

• **Bibliografía:** AMICH & PEDROL (1990).

— Sagina L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos ramosos, ascendentes ou procumbentes. Follas opostas lineares, connadas na base. Flores pediceladas, tetrámeras ou pentámeras, solitarias ou en cumes pauciflores. Sépalos libres. Pétalos más curtos cós sépalos, en ocasións inexistentes. Cápsula maior có cálix.

• **Bibliografía:** G. MONTSERRAT & J.M. MONTSERRAT (1990).

Clave de especies

1. Plantas anuais; pedicelos florais puberulo-glandulosos	<i>S. apetala</i>
Plantas vivaces; pedicelos florais glabros	2
2. Pedicelos florais con pelos glandulosos no ápice; flores pentámeras	<i>S. subulata</i>
Pedicelos florais glabros; flores tetrámeras (algunha pentámera)	<i>S. procumbens</i>

■ *Sagina apetala* Ard.

• **Descripción:** terófito de ata 10 cm. Sen brotes estériles durante a floración. Follas aristadas, xeralmente ciliadas na metade inferior, as da roseta basal xeralmente caducas na antese. Flores tetrámeras, solitarias. Pedicelos florais filiformes, maiores cás flores, habitualmente puberulo-glandulosos. Sépalos 1,2-2,2 mm, xeralmente patentes ou aplicados ás cápsulas na madurez. Pétalos diminutos ou ausentes. Froito en cápsula ovoide-oblonga dehiscente por 4 valvas.

• **Distribución:** Europa, N África, Norteamérica, Macaronesia. Introducida en América do Sur e outros lugares. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** pradarias anuais nitrificadas.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 800 m, chan areoso en marxe de pista forestal (*Polygono-Poetea annuae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78800. >**CALVOS DE RANDÍN**, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69896. >**ENTRIMO**, 29TNG7541, 380 m, pasteiro anual lixeiramente nitrificado (*Polygono arenastri-Poetea annuae*), 04/09/1997, IPS, SANT 52248.

■ **Sagina procumbens** L.

- **Descripción:** hemicriptófito cespitoso. Con numerosos talos laterais radicantes na base. Follas opostas, glabras, ocasionalmente de marxe ciliada. Pedicelos florais e sépalos glabros. Flor tetrámera, pero non infrecuentemente algúna pentámera. Pétalos menores cós sépalos ou ausentes. 4 (5) estames. Estilo capitado. Froito en cápsula dehiscente por 4 valvas.
- **Distribución:** Europa, N África, Asia, Norteamérica e Macaronesia. P. Ibérica: frecuente no W; dispersa no resto.
- **Hábitat:** ambiente húmido sobre depresións e gretas de rochas, chegando a colonizar o espazo entre o pavimento de lousas de granito de antigas construcións humanas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Queguas, 29TNG7347, 960 m, ambiente esciófilo e húmido sobre rocha (*Bryo argei-Saginetum procumbentis*), 09/05/1997, IPS, SANT 52414. Río Pacín, Soalleira, 29TNG7543, 510 m, sobre granitos salpicados por unha fonte (*Saginon procumbentis*), 10/06/2020, IPS, SANT 78824. >**LOBEIRA**, A Fraga, 29TNG7854, 970 m, parede dun bebedoiro, 17/06/1997, IPS, SANT 52801. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, Os Palleiros, 29TNG7129, 950 m, zona húmida (*Bryo argei-Saginetum procumbentis*), 10/05/1996, IPS, SANT 52249. Saa-Regada, 29TNG7737, 650 m, comunidade de *Wahlenbergia hederacea* (*Anagallido-Juncion bulbosi*), 09/07/1996, IPS, SANT 52250. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7332, 550 m, zona húmida (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 04/09/1997, IPS, SANT 52247. Barreal-Rial, 29TNG7538, 420 m, muro salpicado por auga e en sombra (exposición N), 13/07/2012, IPS, SANT 65820. >**MUIÑOS**, Guntumil, c. fronteira cara Tourem, 29TNG9040, 860 m, muro de bebedoiro (*Bryo argei-Saginetum procumbentis*), 18/09/1998, IPS, SANT 50532.

■ **Sagina subulata** (Swartz) H. Presl

- **Descripción:** hemicriptófito (terófito), de 3-12 cm. Talos floríferos numerosos, ascendentes. Follas opostas, moitas con fascículos de follas axilares, aristadas, con algúns pelos glandulosos en marxe e menos frecuentemente no limbo. Pedicelos de 1-4 cm de longo, glandulosos cara o ápice e menor cantidade no resto, raramente glabros, terminados en flores solitarias. Flores pentámeras co cáliz más longo cá corola. Cáliz con sépalos de 1,5-3 mm, adpresos na antese e patentes na dehiscencia, glandulosos na base. Cápsula pouco maior có cáliz.

• **Distribución:** W e C Europa e península Balcánica. P. Ibérica: frecuente no NW; dispersa no N.

• **Hábitat:** chans húmidos e areosos en relanzos de rochas. O prego recollido na Serra Amarela, a pouco máis de 2 Km da fronteira supón un incremento de máis de 300 m sobre a altitude máxima acadada pola especie segundo *Flora iberica* (G. MONTSERRAT & J.M. MONTSERRAT, 1990).

• **Frecuencia:** especie que ten que buscarse na Baixa Limia.

• **Pregos herborizados:**

>**PORUGAL**, Serra Amarela, 29TNG6729, 1360 m, zona de cume, 13/07/1993, IPS, SANT 53096.

— **Saponaria** L. —

■ **Saponaria officinalis** L.

- **Descripción:** hemicriptófito. Talos glabros que acostuman presentar ramas opostas nos nós superiores baixo a inflorescencia. Follas opostas, decusadas, subsésiles, de 6-13 x 3-6 cm as inferiores, con 3-5 nervios paralelos ben marcados. Inflorescencia terminal cas ramas inferiores de maior

tamaño cás superiores. Flores pentámeras, pediceladas. Cálix de sépalos soldados de 17-25(30) mm de lonxitude. Pétalos con uña, lígula corolina e lámina de 12-15 mm de rosada a abranca-zada. Froito en cápsula cilíndrica.

•**Distribución:** W, C e S de Europa; C Rusia, Cáucaso, W Asia e Madeira. Introducida en América. P. Ibérica: falta no cuadrante SE.

•**Hábitat:** beiras de camiños e cunetas con certa humidade. Favorecida polo seu cultivo (planta ornamental).

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Quintela, 29TNG8447, 580 m, zona axardinada abandonada, 05/11/2014, IPS, SANT 70393. >**ENTRIMO**, Venceans-Queguas, 29TNG7446, 850 m, marxe de estrada, 04/08/1995, IPS, SANT 52334. >**LOBIOS**, Baños de Rio-calde, 29TNG7435, 390 m, marxe de estrada, 04/08/1995, IPS, SANT 52333.

•**Bibliografía:** VILLAR (1990a).

— *Scleranthus* L. —

Herbáceas anuais ramificadas. Follas opostas que forman unha vaíña ciliada na base. Flores reunidas en glomérulos axilares ou terminais. Periantio formado polos sépalos, sen corola. Androceo con 2-10 estames. Ovario semiíntero soldado ao cálix formando un hipanto.

•**Bibliografía:** RÖSSLER (1990).

Clave de especies

1. Talo con entrenós máis longos cás follas; sépalos planos, diverxentes	<i>S. annus</i>
Talo con entrenós máis curtos cás follas	2
2. Sépalos claramente desiguais	<i>S. verticillatus</i>
Sépalos subiguais	3
3. Froito de arredor de 3 mm de longo	<i>S. delortii</i>
Froito de arredor de 3 mm de longo	<i>S. polycarpos</i>

■ *Scleranthus annuus* L.

•**Descripción:** terófito. Entrenós 1-5 cm, máis longos cás follas. Follas opostas, linear-subuladas con vaíña máis ou menos ciliada de 1-3 cm. Inflorescencia laxa. Flor sen corola (apétala), con 5 sépalos soldados, persistentes, terminados en dentes diverxentes de marxe escariosa estreita que vai diminuíndo cara o ápice. Froito en aquenio rodeado polo hipanto endurecido, c. 4 mm de longo.

•**Distribución:** rexión mediterránea. Introducida en Europa, N e S África e Asia. Toda la P. Ibérica, fundamentalmente no W.

•**Hábitat:** campos de cultivo e ambientes ruderizados.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, A Anta-Vilameá, 29TNG7536, 420 m, viñedo (*Chrysantemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicauli*), 21/03/1996, IPS, SANT 52292. >**MUIÑOS**, Prado, 29TNG8443, 760 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS, SANT 52287. Requiás, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pastos *violion caninae* e camiño nitrificado polo paso de gando, 27/05/2011, IPS, SANT 64803. Reparade-Corga da Raposa, Río Salas, 29TNG8242, 675 m, chan con areas, pisado, 21/04/2021, IPS. observ: exemplar moi novo con algúns sépalos desiguais e entrenós máis curtos cás follas, que recordan a *S. verticillatus* Tausch.

■ *Scleranthus delortii* Gren.

Scleranthus ruscinonensis Guillot & Coste) T. Durand & B.D. Jackson

• **Descripción:** terófito de menos de 10 cm. Entrenós más cortos que las hojas. Hojas opuestas, linear-subsiguadas con vaina más o menos cilíndrica. Corola apétala. Con 5 sépalos más o menos iguales, de margen escariosa estrecha, convergentes. Fruto en aquenio rodeado por el hipantio endurecido, sobre 1,6 mm de largo.

• **Distribución:** SE de Francia, Córcega, P. Ibérica –principalmente en la mitad N-e NW de África.

• **Hábitat:** praderas anuales efímeras en terrenos despejados en el piso supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Minas Sombras, 29TNG7830, 1220 m, camino de acceso a minas, 27/05/2004, IPS, SANT 51129, REPASAR.

■ *Scleranthus polycarpos* L.

Scleranthus annuus subsp. *polycarpos* (L.) Bonnier & Layens

• **Descripción:** terófito de altura variable entre 2-30 cm, enteramente ramificado. Entrenós más cortos que las hojas. Hojas opuestas, linear-subsiguadas con vaina más o menos cilíndrica. Inflorescencia en glomérulos densos. Flores con periantio sepaloides. Con 5 sépalos de margen escariosa estrecha, de longitud parecida, erectos o incurvados en la punta. Fruto en aquenio rodeado por el hipantio endurecido, sobre 3-3,5 mm de largo (incluidos los sépalos).

• **Distribución:** Europa, N África e Asia Menor. P. Ibérica: dispersa, apareciéndose rara en el E.

• **Hábitat:** chans secos y litosoles.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreno pisado adyacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69897. Vilar-Vilarinho, 29TNG9236, 1110 m, cuneta y entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80194. >ENTRIMO, Queguas, 29TNG7348, 1030 m, 09/05/1997, IPS, SANT 52291. >LOBEIRA, A Fraga, 29TNG7854, 970 m, cultivo de centeno (*Linario-anthonothetum aristati*), 17/06/1997, IPS, SANT 52293. >LOBIOS, Encoro de Lindoso, A Ponte da Portaxe, 29TNG7640, 340 m, terreno seco ocasionalmente inundado por el encoro, 18/03/1997, IPS, SANT 52288. >MUFINOS, Reparade-Prado, 29TNG8343, 720 m, 28/04/1993, IPS, SANT 52294. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 850 m, comunidad de terófitos sobre chans secos (*Galio-Logfietum minimae* subsp. *sedetosum arenariae*), 21/05/1996, IPS, SANT 52290. Requiás-Portela de Pitones, 29TNG8839, 950 m, comunidad de terófitos sobre chans poco profundos, 18/04/1997, IPS, SANT 52289.

• **Citas previas:** M. LAÍNZ (1955).

— *Silene* L. —

Herbáceas anuales o perennes. Hojas opuestas. Flores hermafroditas de periantio doble. Cálice de sépalos soldados formando un tubo largo rematado en 5 lóbulos, persistente. Corola con 5 pétalos libres entre sí, con uña larga y limbo escotado, emarginado o entero. Androceo con estambres. Óvulo superior formado por 5 carpelos soldados. Fruto en cápsula dehiscente por apertura apical de las valvas.

• **Bibliografía:** S. TALAVERA (1990).

Clave de especies

1. Flores rosadas	2
Flores blancas	5

2.	Pétalos enteros ou emarginados	<i>S. acutifolia</i>
	Pétalos más ou menos profundamente escotados	3
3.	Plantas anuais, hermafroditas	<i>S. scabriflora</i>
	Plantas vivaces, dioicas	4
4.	Plantas viscosas, zona media e inferior do talo con alta proporción de pelos glandulares	<i>S. marizzii</i>
	Plantas non viscosas. zona media e inferior do talo con baixa proporción de pelos glandulares	<i>S. dioica</i>
5.	Plantas dioicas	6
	Plantas con flores hermafroditas	7
6.	Plantas viscosas, densamente glandulosa incluso en zona basal do talo	<i>S. marizzii</i>
	Plantas non viscosas, vilosas na zona inferior do talo	<i>S. latifolia</i>
7.	Plantas glabras	<i>S. vulgaris</i>
	Plantas pilosas ou viscosas	8
8.	Cáliz con longos pelos patentes; pétalos enteros ou emarginados	<i>S. gallica</i>
	Cáliz sen longos pelos patentes; pétalos profundamente escotados	9
9.	Talos glabros, ao menos na parte inferior	<i>S. portensis</i>
	Talos pubescentes na metade inferior	<i>S. nutans</i>

■ *Silene acutifolia* Link ex Rohrb. ●

• **Descripción:** caméfito ou hemicriptófito con frecuencia estolonífero, glanduloso. Talos fértiles con roseta de follas basais de pecíolo ancho, as caulinas sésiles. Inflorescencias en dicasios paucifloros. Brácteas semellantes ás follas superiores. Pedicelos florais densamente glandulares. Cáliz de 13-16 mm, cilíndrico na antese e inflado na frutificación, con pelos glandulares e pluricelulares, frecuentemente tinguido de cor violácea; tubo de c. 12 mm, dentes de 4-6 mm, acuminados no ápice. Pétalos purpúreos de limbo entero, dentado ou emarginado. Carpóforo de 3-4 mm glabro. Cápsula ao redor de 1 cm. Sementes de 1,1 mm de diámetro, regularmente equinadas.


• **Distribución:** endimismo do C, N Portugal e Galicia (falta na provincia da Coruña). As melhores poboacións están no Parque Natural, sur do Macizo Central Ourensán e algúns enclaves do Sil.

• **Hábitat:** gretas de rochas silíceas, preferentemente no piso supratemperado, ata os cumes.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140 m, fisuras de penedos da cume, 09/06/2021(06), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80303. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 1110 m, pradarías sobre gretas de rochas en cume (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 15/07/1992, IPS, SANT 52331. Serra do Xurés, picos da fronteira, 29TNG7931, 1530 m, penedo de cume (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 07/1992, IPS, SANT 52329. 11/05/1993 e Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 17/06/1993, IPS, SANT 52332. M.Buján & S.Ortiz. Bouzas, 29TNG8036, 800 m, fisura vertical de rocha de granodiorita, 09/05/1998, IPS, SANT 52225. Serra do Xurés, 29TNG7732, 1010 m, base de penedos, 28/05/1999, IPS, SANT 52223. Serra de Santa Eufemia, Xesteiro das Eiras, 29TNG6931, 1060 m, gretas de granodioritas (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62411. -MUIÑOS, presa do encoro de Salas-Requiás, 29TNG8740, 900 m, penedo (cf *Holco gayani-Silenetum acutifoliae*), 20/04/1996, IPS, SANT 52328. Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436 (4636322 / 584694), 1433 m, rupícola en gretas de rochas graníticas de cume, 17/08/2012, IPS, SANT 65856. Albite, Outeiro




Caryophyllaceae *Polycarpon tetraphyllum*



Caryophyllaceae *Sagina procumbens*



Caryophyllaceae *Saponaria officinalis*



Caryophyllaceae *Scleranthus annus*



Caryophyllaceae *Scleranthus polycarpos*



Caryophyllaceae *Silene acutifolia*



Caryophyllaceae *Silene dioica*



Caryophyllaceae *Silene gallica*

do Home Dereito c caseta vixilancia incendios, 29TNG8339, 1040 m, fisuras de rochas verticais e horizontais, 08/06/2021, IPS, SANT 80340. >**OURENSE PORTUGAL**, Serra do Xurés-Gerês, Picos de As Gralleiras, 29TNG8536, 1400 m, gretas de granitos (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 04/07/1997, IPS, SANT 52327. >**PORTUGAL**, P.N. Peneda-Gerês, Serra Amarela, cume con reemisores, 29TNG6629, 1350 m, penedos próximos ao cume (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 10/07/1993, IPS, SANT 52330. Serra da Cabreira, 900 m, muro de cabana de pastores rehabilitada, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 52227. Serra da Cabreira, cemba de pista, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 52228.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1240 m, mouteira fisura de gran rocha de granito, 27/05/2011, IPS. >**ENTRIMO**, Serra de Queguas, 29TNG7248 (4648363 / 572796), 1129 m, rodeando cume rochosa, 16/08/2012, IPS.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ ***Silene dioica* (L.) Clairv.**

Lychmis dioica L.; *Melandrium sylvestre* (Schkuhr) Röhl

•**Descripción:** hemicriptófito, dioico. Talos erectos, densamente vilosos con abundantes pelos patentes compostos de varias células, con algún glanduloso na proximidade da inflorescencia. Follas basais con pecíolo que diminúe progresivamente cara arriba, finalmente sésiles, as caulinas opostas. Inflorescencia en dicasio paucifloro. Brácteas semellantes ás follas superiores, de menor tamaño e de maior lonxitude cós seus correspondentes pedicelos. Cáliz de 5 sépalos soldados con indumento de pelos glandulosos e non glandulosos, con pelos pluricelulares moi longos. Corola de 5 pétalos libres, de cor rosa escura. Froito en cápsula.

•**Distribución:** rexión eurosiberiana, rara na mediterránea e irano-turánica. P. Ibérica: só no N.

•**Hábitat:** pradarías megafóbicos higrófilos en bosques e as súas orlas de xenisteas (piornais).

•**Frecuencia:** raro

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Randín, Ponte do Pozoco, 29TNG9440, 850 m, cuneta que cruza co regato, 18/06/2011, IPS, SANT 65277. Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, comunitade de herbáceas megafóbicas higronitrófilas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69929. Vilariño, 29TNG9236, 1030 m, orla de vexetación leñosa de zona húmida, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77261. Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, orla de cerquiño-pista, 28/05/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80770. Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80257. >**MUÍÑOS**, Guntumil, Serra do Pisco, 29TNG8837, 1200 m, valgada con megaforbios rodeada de piornal, 25/06/2007, IPS, SANT 57388. Serra do Xurés, c. A Lomba, 29TNG8636, 1250 m, sotobosque de piñeiral de *Pinus sylvestris* con piornal aclarado do *Cytiso scopariae-Genistetum polygaliphyliae*, 27/05/2011, IPS 65829. Serra do Xurés, c. Portela de Pitoes, 29TNG8737, 1200 m, valgada con megaforbios, piornal e arboredo disperso, 30/08/2012, IPS, R.Perdiz & X., SANT 65837..

■ ***Silene gallica* L.**

•**Descripción:** terófito. Talos pubescentes por abaxio e glandular pubescente por arriba. Follas opostas, mucronadas; as inferiores espatuladas. Flores en monocasios. Brácteas más longas que pedicelos. Cáliz con sépalos de aproximadamente 1cm, fortemente contraído en parte superior; dentes lineares. Corola con 5 pétalos libres con uña e limbo de marxe enteira ou dentada, branco ou rosa. Base de filamentos estaminais pubescente. Cápsula cónica.

•**Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: sobre todo na metade W.

•**Hábitat:** marxes de camiños e estradas, ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 660 m, pradaría nitrófila (*Echio rosulati-Silybetum mariñi*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52325. -Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 390 m, 24/05/1995, IPS, SANT 52326.

■ *Silene latifolia* Poiret

• **Descripción:** hemicriptófito pluricaule, dioico, moi raramente hermafrodita. Talos vilosos en parte inferior e con abundante indumento de pelos pluricelulares non ramificados no resto; tamén poden presentar pelos glandulosos na parte superior. Follas inferiores pecioladas, as superiores sésiles e tomentosas. Pedicelos flores femininas 2-7,5 cm xeralmente erectos e pubescentes glandulosos. Flores masculinas subsésiles. Cáliz 15-23mm xeralmente pubescente-glanduloso. Limbo Pétalo 10-14 mm, bífido, branco. Froito en cápsula.

• **Distribución:** Europa, W e S Asia, N África e Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** orla de bosques, sebes e camiños ruderais.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, comunidade de herbáceas megafórbicas higronitrófilas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69924. Vilar, 29TNG9337, 1030 m, camba rochosa parcialmente cuberta de terra, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69902. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7437, 450 m, 08/07/1993, IPS, SANT 52411. Serra do Xurés, Pista das Sombras, 29TNG73, 14/07/1993, IPS, SANT 52413. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, 19/06/1996, IPS, SANT 52410. >Muíños, río Salas, 29TNG8242, 675 m, 15/07/1993, IPS, SANT 52412.

■ *Silene maritzae* Samp. ●

Melandrium glutinosum Mariz, *Melandrium glutinoum* Rouy, *Silene dioica* subsp. *glutinosa* (Rouy) Franco

• **Descripción:** hemicriptófito ou xeófito que desprende certo olor fétido. Con rizoma subterráneo que emite varios talos erecto-ascendentes de ata 60 cm densamente glandulosos. Follas inferiores ata 17 x 3,5 cm, de espatuladas a oblanceoladas e con pecíolo longo que diminúe de tamaño cara arriba nas caulinhas ata que as últimas son sentadas. Inflorescencias en dicasios paucifloros. Brácteas maiores cós pedicelos florais. Pedicelos das flores femininas arqueados, patentes ou reflexos na frutificación, de 1-3,5 cm; as das flores masculinas subsésiles. Cáliz de 10-16 (20) mm, verioso, a veces avermelladas en flores masculinas, con indumento glanduloso. Corola branca ou branca rosada (nas poboacións do territorio), con limbo dos pétalos de 5-10 mm bipartido. Androceo con filamentos estaminais vilosos na base. Cápsula 12-15 x 10-13 mm, subcónica, con dentes rectos. Sementes de cor pardo-agrisada coa superficie tuberculada.

• **Distribución:** endimismo dos macizos hercínicos do C e NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** subrupícola en penedos graníticos.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Legislación:** Vulnerable (CGEA, 2007).

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7633, 1050 m, base de camba rochosa, 23/06/1998, IPS, SANT 53200. Serra do Xurés, Caseta de Corville, 29TNG7734, 1100 m, subrupícola xunto a *Silene acutifolia*, 19/06/1997/2, IPS, D.Manso, C.Vello & J.L. Rubio, SANT 39113 e 53198. >Muíños, Serra do Xurés, 29 4636661 N / 585132 E, 1368 m, entre bloques de pedra, baixo sombra e en gretas verticias de exposición W con acumulación de materia orgánica, Total < 20 individuos, 01/08/2008, IPS, SANT 59542; *observ.*: prego testemuño Banco Germoplasma USC (Pulgar08080103). >PORTUGAL, Serra Amarela, 29TNG6629, 1250 m, base de camba rochosa, 11/06/1998, IPS, SANT 53199. Serra do Gerês, 29TNG8435, 1350 m, fisura de penedos graníticos xunto a *Holcus gayanus*, 14/07/2012, I. Pulgar, SANT 65897.

• **Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436 (4636322 / 584694), 1430 m, entre rochas baixo o cume que forma un oco sombrío onde se atopan 5 plantas, 17/08/2012, IPS.

• **Citas previas:** PULGAR et al. (1998).

■ *Silene nutans* L.

Silene brachypoda Rouy

- **Descripción:** hemicriptófita. Talos erectos, con pelos glandulosos na metade superior. Follas inferiores pecioladas, de espatuladas a lanceoladas, pubescentes. Inflorescencia laxa, densamente glandulosa. Flores patentes ou pendulas na antese. Pétalos brancos pola face e verdosos polo envés, con limbo bipartido de lóbulos lineares. Estames e estilos exertos
- **Distribución:** rexións eurosiberiana, mediterránea e macaronésica (Canarias). P. Ibérica: más frecuente na metade N.
- **Hábitat:** Variable. Da orla de bosques a chans pouco profundos.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - > ENTRIMO, Monte de Gález, 29TNG7439, 380 m, erbedal (*Daphno gnidii-Arbutetum unedonis*), 22/05/1995, IPS, SANT 52322.
 - > LOBIOS, Serra do Xurés, Minas das Sombras-fronteira, 29TNG7830, 23/07/1992, IPS, SANT 31778.
 - Serra do Xurés, Minas das Sombras-fronteira, 29TNG7830, 14/07/1993, IPS, SANT 31777.
 - Prencibe-Esperanza, 29TNG7937, 600 m, cemba con plataforma granítica e chans esqueléticos, comunidade de *Sedum forsteranum*, 12/06/2020, IPS, SANT 78819.
- **Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Silene portensis* L.

- **Descripción:** terófita. Talos erectos que na Baixa Limia non exceden os 30 cm, glabrescentes ou lixeiramente pubérulos na base e viscosos na parte superior. Follas lineares. Brácteas lineares más curtas cós pedicelos. Cáliz xeralmente glabro con dientes ciliados. Limbo dos pétalos bífidio, abrançazado e verioso polo envés, de 2,5-6 mm. Filamentos estaminais glabros. Cápsula de 5-6 mm.
- **Distribución:** P. Ibérica (sobre todo W; falta no NE), SW Francia e NW Alxeria (Orán).
- **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans despexados con areas. Piso mesotemperado inferior.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 07/07/1992, IPS, SANT 52320; 08/07/1993, SANT 52319 e 02/09/1997, SANT 52318.

■ *Silene scabriflora* Brot.

subsp. *scabriflora*

- **Descripción:** terófita. Talos erectos ou ascendentes de 10-40 cm, xeralmente ramificados. Follas basais de espatuladas a oblanceoladas. Brácteas xeralmente más longas cós pedicelos; estes moi curtos, erectos ou erecto-patentes, sendo más longos os das flores inferiores. Cáliz de 12,5-18 mm, viloso. Pétalos avermellados, con limbo de ata 1 cm, co ápice profundamente escotado ou bífidio.
- **Distribución:** Península Ibérica (espallada excepto no NE) e NO de Marrocos.
- **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos, marxes de estrada, etc. Piso mesotemperado inferior podendo acadar o supratemperado. Máis abundante na metade occidental do territorio.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, 07/07/1992, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), IPS, SANT 52309.
 - Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 29/04/1993, IPS, SANT 52310.
 - Serra do Xurés, 29TNG73, 09/07/1993, IPS, SANT 52313.
 - A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), IPS, 08/07/1993,

SANT 53312; 03/05/1996, SANT 52311 e 09/05/1996, SANT 52315. Xendive-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 480 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii subas. silenetosum scabirflorae*), 17/04/1997, IPS, SANT 52314 e 03/06/1997, SANT 52317.

■ *Silene vulgaris* (Moench) Garcke

- **Descripción:** hemicriptófito de 30-80 cm, glabra. Talos erectos, dun verde pálido na metade inferior. Follas inferiores pecioladas, as medias sésiles. Pétalos brancos bifidos, áinda cando é considerada hermafrodita, na Baixa Limia son frecuentes os exemplares femininos por aborto das anteras.
- **Distribución:** orixinaria da rexión mediterránea estendeuse por gran parte do Vello Mundo (Eurasia, N África e Macaronesia). Introducida en América. En case toda a Península Ibérica.
- **Hábitat:** medios antropizados como marxes de camiños e cultivos
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - > ENTRIMO, A Illa, 29TNG7141, 470 m, parede de antigo lavadoiro abandonado, 27/05/1999, IPS, SANT 52234.
 - > LOBIOS, Serra do Xurés entrando a Mina das Sombras desde Portela do Home, 07/07/1992, IPS, SANT 52307. Río Caldo, 29TNG7333, 400 m, baixo ameneiral (Osmundo-Alnion glutinosae), 19/06/1996, IPS, SANT 52308.

— *Spergula* L. —

Herbáceas anuais. Talos procumbentes ou ascendentes. Follas con grandes estípulas escariosas en pseudoverticilos na axila dos nós. Flores pentámeras con pedicelos frecuentemente reflexos na frutificación. Periantio dobre. Cáliz con sépalos libres de marxe membranosa. Corola de pétalos libres, enteiros, rosados. Androceo con 5-10 estames. Ovario súpero con (3)5 estilos. Froito en cápsula dehiscente por 5 valvas.

- **Bibliografía:** RATTER (1990a).

Clave de especies

1. Anual; sementes con á moi estreita	<i>S. arvensis</i>
Perenne; sementes con á ancha	<i>S. morisonii</i>

■ *Spergula arvensis* L.

Spergula arvensis subsp. *sativa* (Boenn.) Celak.

- **Descripción:** terófito de talos ascendentes, glandular-pubescentes en parte superior. Follas carnosas acanaladas no envés. Pétalos enteiros, brancos, lixeiramente maiores cos sépalos. Sementes con forma de lentella, aquilladas o coa á moi estreita agrisado-negriza.

- **Distribución:** Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente espallado; escaso no E.

- **Hábitat:** cultivos e pastos alterados. Calcífuga.

- **Frecuencia:** abundante.

- **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Terrachán-Ferreiros, 29TNG7243, 560 m, cultivo de legón (*Chrysanthemo-Raphanetum raphanistri*), 05/03/1996, IPS, SANT 52901. Miradoiro de San Rosendo de Pedreiraño, 29TNG7443, 720 m, sobre chans algo nitrificados e pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 05/03/1996, IPS, SANT 52851. Terrachán, 29TNG7343, 530 m, cultivo de legón pouco manexado (*Lamio-Echinochloetum crus-galli*), 17/09/1998, IPS, SANT 52912. > LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, terreo nitrificado e pisado (*Polygono-Poetea annuae*), 07/1992, IPS, SANT 52906. Gustomeau-O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, muro de contención de finca aterrizada, con bastante humidade, 22/02/1993, IPS, SANT 52854. Fondevila, 29TNG7639, 400 m, entre camiño e horta, 22/02/1993, IPS, SANT 52907. Fábrica-A Anta, 29TNG7538, 420 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum rapha-*

nistri), 07/03/1996, IPS, SANT 52900. A Anta-Vilameá, 29TNG7536, 420 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum raphanistri*), 21/03/1996, IPS, SANT 52899. Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso 29TNG7640, 340 m, chan areoso afectado pola estiaxe do encoro, con especies anuais, 18/03/1997, IPS, SANT 52903. >Muíños, Prado, 29TNG8443, 760 m, cultivo de centeo (*Linario elegans-Anthoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS, SANT 52853. Reparade-Prado, desviación cara Albite, 29TNG8342, 700 m, entullo nitrificado, 05/10/1995, IPS, SANT 52852. Quintá-Taboadela, 29TNG8747, 650 m, cultivo de legón (*Chrysanthemo-Raphanetum raphanistri*), 25/03/1997, IPS, SANT 52905.

■ *Spergula morisonii* Boreau

Spergula pentandra subsp. *morisonii* (Boreau.) Celak.

• **Descripción:** terófito de talos ascendentes ou decumbentes, glabros. Follas lineares non acanaladas polo envés, en fascículos máis curtos cós entrenós. Pétalos ovados, obtusos, contiguos, de lonxitude semellante á dos sépalos. Androceo con 5-10 estames. Froito en cápsula dehiscente por 5 valvas. Sementes con disco central máis ancho cá á, esta relativamente grosa, de cor castaña, rara vez branco-grisacea, estriada e non translúcida.

• **Distribución:** W, C e SW Europa, Escandinavia, Alxeria. P. Ibérica: principalmente C e metade W.

• **Hábitat:** pradarías pioneiras sobre chans con areas, en ocasións nitrificados.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, miradoiro de San Rosendo de Pedreiriño, 29TNG7443, 720 m, chans algo nitrificados e pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 05/03/1996, IPS, SANT 52904. Queguas, 29TNG7347, 960 m, ambiente esciófilo e húmido sobre rocha (*Bryo argei-Saginetum procumbentis*), 09/05/1997, IPS, SANT 53204. >LOBIOS, Serra do Xurés, sobre Mina das Sombras, 29TNG73, 15/07/1992, IPS, SANT 52910. Santa Eufemia, c. reemisores de radio e televisión, 29TNG7134, 1110 m, sobre chans esqueléticos, 17/06/1993, IPS, SANT 52911. Serra do Xurés, Alto da Amoreira, 29TNG7730, 1400 m, comunidade de pradarías sobre chans areosos pouco profundos, 21/05/2011, IPS, SANT 64800. >Muíños, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG8839, 920 m, pasteiro pioneiro vivaz sobre chan areoso, seco (*Sedo pruinati-Thymetum caespititii subas. plantagineto sum radicatae*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52908. Requiás, 29TNG8740, 850 m, cemba rochosa con pequenas plataformas (cf *Holco gayani-Silenetum acutifoliae*), 20/04/1996, IPS, SANT 52902. Reparade-Corga da Raposo, sobre río Salas, 29TNG8242, 675 m, cuneta, chan con areas gresosas, subnitrófilo, 21/04/2021, IPS, SANT 81288. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pasteiro baixo muro, 13/07/1993, IPS, SANT 52909. Serra da Cabreira, pradarías da asociación *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 53203.

• **Citas previas:** MERINO (1909).

— *Spergularia* (Pers.) J. Presl & C. Presl —

Herbáceas anuais ou vivaces, con talos moi ramificados desde a base, prostrados ou ascendentes. Follas con estípulas escariosas soldadas na base e que envainan o nó. Follas opostas ou agrupadas en fascículos en só un dos lados do nó. Flores hermafroditas en cumes terminais, pentámeras. Sépalos libres de marxe escaria. Pétalos libres, enteros. Androceo con ata 10 estames libres entre si. Ovario súpero con carpelos soldados, con 3 estilos. Froito en cápsula dehiscente por 3 valvas.

• **Bibliografía:** RATTER (1990b).

Clave de especies

- | | |
|--|---|
| 1. Brácteas superiores da inflorescencia más cortas cás estípulas; talos radicantes <i>S. capillacea</i>
Brácteas superiores más longas cás estípulas; talos non radicantes ou só na base | 2 |
|--|---|

2. Talos non radicantes; brácteas superiores lixeiramente más longas cás estípulas; pedicelo moito maior cós sépalos; follas de ata 0,5 mm de anchura *S. purpurea*

Talos en ocasións radicantes só na base; brácteas superiores ao menos o dobre de longas cás estípulas; pedicelo lixeiramente maior cós sépalos; follas 0,4-1,5 mm de anchura, frecuentemente en disposición densa *S. rubra*

■ *Spergularia capillacea* (Kindb.) Willk. ●

Lepigonum capillaceum Kindb.; *Corion radicans* sensu Merino

• **Descripción:** hemicriptófito de porte rastreiro e raíz significada, con talos frecuentemente radicantes, glabros. Nós sen fascículos de follas ou con eles soamente a un lado. Follas non ou pouco mucronadas. Estípulas soldadas envolvendo ao nó, prateadas, en ocasión maiores cós entrenós. Ramas das inflorescencias capilares, con pelos glandulares. Brácteas superiores da inflorescencia moi pequenas, parecendo áfila, de menor tamaño cás estípulas. Cáliz < 4 mm; 5 sépalos libres, glandular-pubescentes, co borde e ápice membranosos, obtusos, sen mucrón. Corola con 5 pétalos rosados, libres. 10 estames. Ovario con 3 estilos. Sementes de cor pardento escuro, ápteras.

• **Distribución:** endimismo do C e cuadrante NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** terreos areosos alterados e con certa humidade temporal.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, desembocadura do río Limia-Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, pradaría só ocasionalmente asolagada, 04/06/1997, IPS, SANT 52762. Santa Comba de Bande, 29TNG8247, 580 m, pradaría viaria, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73413. >ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7342, 500 m, ambiente nitrófilo, 12/06/1995, IPS, SANT 52913. >LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-picós da Fronteira, 29TNG7830, 14/07/1993, IPS, SANT 52857. Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, antigos campos de cultivo temporalmente inundados, 31/08/1998, IPS, SANT 52855 e 02/07/2019, IPS & K.López, SANT 77820. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, entullo, 13/07/2012, IPS, SANT 65906. >MUÍÑOS, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual algo pisado, subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS.

■ *Spergularia purpurea* (Pers.) G. Don fil.

Spergularia longipes (Lange) Rouy; *Corion purpureum* (Pers.) Merino

• **Descripción:** terófito ou hemicriptófito. Talos moi numerosos. Follas de ata 0,5 mm de anchura, opostas, arestadas ou mucronadas, con estípulas prateadas soldadas en menos da metade da súa lonxitude. Inflorescencia glanduloso-pubescente. Pedicelos capilares, os frutíferos moito más longos cás flores ou o froito. Brácteas superiores pouco maiores cás estípulas. Corola con 5 pétalos más longos cós sépalos, de cor rosada. Dez estames. Sementes de cor parda escura ou negras, ápteras, finamente papiloso-tuberculadas.

• **Distribución:** Península Ibérica e Marrocos. P. Ibérica: dispersa no C, S e metade W.

• **Hábitat:** terreos areosos incultos, marxes de camiños.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 548 m, chans areosos temporalmente inundados, 29/09/2005, IPS, SANT 54050. Cola Encoro das Conchas, 29TNG8648, 545 m, chans areosos temporalmente inundados, 09/10/2015, IPS, SANT 72036.

■ *Spergularia rubra* (L.) J. Presl & K. Presl

Arenaria rubra L.; *Corion radicans* sensu Merino

• **Descripción:** hemicriptófito de talos xeralmente non radicantes (exetuando na base) decumbentes ou procumbentes. Follas arestadas con frecuencia agrupadas densamente. Estípulas lanceoladas, acuminadas, prateadas. Inflorescencia glanduloso-pubescente. Brácteas superiores da inflorescencia do sobre de tamaño cás estípulas. Flores pentámeras. Cáliz con sépalos glanduloso-pubescentes. Corola con 5 pétalos uniformemente rosados. Sementes castaño escuras, ápteras, granulosas e finamente papiloso-tuberculadas.

• **Distribución:** Reino Holártico. Introducido en Australia. Espallada en meirande parte da P. Ibérica.

• **Hábitat:** ruderal, camiños, marxes de estradas, etc.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBEIRA?, Serra do Leboreiro, 29TNG8157, 1057 m, marxe de pista forestal, 23/09/2018, IPS, SANT 76636.

>LOBIOS, c. foz do río Mau no encoro do Lindoso, 29TNG7138, 340 m, terreo nitrificado, 01/09/1997, IPS, SANT 52856. >Muíños, encoro das Conchas, 29TNG8044, 550 m, comunidade de terófitos en marxe, 02/08/1995, IPS.

— *Stellaria* L. —

Follas opostas sen estípulas. Flores hermafroditas, actinomorfas, pentámeras, con periantio dobre, pediceladas. Cáliz con sépalos libres, persistentes. Corola de pétalos libres, brancos, escotados. Androceo con 5-10 estames libres entre si. Ovario súpero de carpelos soldados, con 3 estilos no ápice. Froito en cápsula globosa.

• **Bibliografía:** ROMO (1990).

Clave de especies

1. Planta con todas as follas sésiles	2
Planta con polo menos algunas follas pecioladas	3
2. Pétalos moito más grandes cós sépalos	<i>S. holostea</i>
Pétalos moito más pequenos cós sépalos a subiguais ou pouco maiores	<i>S. graminea</i>
3. Todas as follas pecioladas; brácteas herbáceas	<i>S. media</i>
Soamente os brotes extemporáneos con follas pecioladas; brácteas escarioas	<i>S. alsine</i>

■ *Stellaria alsine* Grimm

• **Descripción:** hemicriptófito. Herbácea vivaz, con talos de decumbentes a ascendentes, ramificados. Follas xeralmente de menos de 15 mm de lonxitude, sésiles, opostas, decusadas, glabras, ciliadas na base. Inflorescencia pauciflora. Pedicelos frutíferos máis do sobre de longos que o cáliz, en ocasións reflexos. Flores con brácteas escarioas, non ciliadas. Cáliz con sépalos de 2-3 mm, trinervas, non ciliadas, con estrita marxe membranosa. Corola con pétalos más curtos que o cáliz, profundamente escotado e con lóbulos lineares. Androceo con 10 estames. Cápsula do mesmo tamaño que o cáliz.

• **Distribución:** Europa, C e N Asia, E América, N África e Madeira. P. Ibérica: N e NW, facéndose rara nos sistemas montañosos canto más cara o sur.

• **Hábitat:** pradarias higrófilas en bordes de fontes, regatos (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*).

• **Frecuencia:** común.



Caryophyllaceae *Silene latifolia*



Caryophyllaceae *Silene marizii*



Caryophyllaceae *Silene nutans*



Caryophyllaceae *Silene scabriiflora*



Caryophyllaceae *Silene vulgaris*



Caryophyllaceae *Spergula arvensis*



Caryophyllaceae *Spergularia capillacea*



Caryophyllaceae *Stellaria graminea*

•Pregos herborizados:

>LOBEIRA?, A Fraga, 29TNG7854, 970 m, chan encharcado próximo ao bebedoiro (*Stellario alsines-Montietum*), 17/06/1997, IPS, SANT 52803. Sabariz, 29TNG7847, 680 m, zona nitrófila húmida, 09/09/1997, IPS, SANT 52107. Serra das Motas, 29TNG7756, 1110 m, matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis*), 09/07/1998, IPS, SANT 52237. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, prado encharcado (*Peucedano-Juncetum acutiflorae*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 52108. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 930 m, pradaría en borde de regato (*Stellaria uliginosae-Montietum variabilis*), 06/06/1996, IPS, SANT 52106. Viaducto da Portaxe-Ribas de Arauxo, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, zona húmida en terreo exondado (*Stellaria uliginosae-Montietum variabilis*), 18/03/1997, IPS, SANT 52303. Serra de Santa Eufemia, baixo Chan de Aradas, 29TNG7232, 580 m, regato (*Stellaria uliginosae-Montietum variabilis*), 24/03/1997, IPS, SANT 52302. Foz do río Mau no encoro do Lindoso, 29TNG7138, 360 m, depresión húmida con comunidade de *Typha latifolia*, 21/09/1998, IPS, SANT 52236.

■ *Stellaria graminea* L.

•Descripción: hemicriptófito. Herbácea vivaz con talos cuadrangulares. Follas opostas decusadas, de más de 15 mm de lonxitude, sésiles, glabras, sen estípulas. Inflorescencia difusa con máis de 10 flores. Brácteas escariosas, co centro verde o o borde ciliado. Pedicelos das flores glabros, os frutíferos moito más longos que o cálix e en ocasións reflexos. Sépalos 5, de 3-5 mm, de ampla mare escarioso, trinervados e en ocasións os externos ciliados. Pétalos divididos case ata a base, de pouco más pequenos a pouco más grandes que os sépalos. Cápsula de tamaño similar á do cálix. Sementes rugosas, pardento-avermelladas.

•Distribución: Europa, Asia. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: zonas montañosas da metade N.

•Frecuencia: común.

•Hábitat: herbais de montaña

•Pregos herborizados:

>BANDE, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 778 m, pradaría escionitrófila (*Galio-Urticetea*), 11/06/2004, IPS. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9238, 930 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80906. Calvos de Randín_Randín, 29TNG9144, 880 m, borde de pista de acceso a naves con gando, 19/06/2018, IPS, SANT 76574. Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 76984. Golpellás. 29TNG9247, 870 m., pastos higrófilos, 19/06/2018, IPS, SANT 77059. Serra da pena, 29TNG9334, 1350 m, cervunal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80196. >LOBEIRA?, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(4), IPS, SANT 80821. >MUÍÑOS, Guntumil, Serra do Pisco, 29TNG8939, 970 m, 21/08/1997, IPS, SANT 52105.

■ *Stellaria bolostea* L.

•Descripción: hemicriptófito rizomatoso. Talos cuadrangulares, retroso-escabriúsculos nas costelas dos entrenós inferiores. Follas > 30 mm, sésiles, opostas, decusadas, de oblongo-lanceoladas a lineares, agudas no ápice. Inflorescencia pauciflora. Brácteas herbáceas, más pequeñas cá follas. Pedúnculos florais pilosos. Sépalos libres con marxe escariosa estreita. Pétalos brancos, escotados como moito ate a metade, ata dúas veces más grandes cós sépalos. Androceo con 10 estames de anteras amarelas. Froito en cápsula tan longa coma o cálix. Seentes con tubérculos cónicos, agudos.

•Distribución: Europa, O de Asia, N de África; introducida en Norteamérica. P. Ibérica: metade N.

•Hábitat: herbais de orla de bosque, sebes, en ambiente fresco.

•Frecuencia: abundante.

•Pregos herborizados:

>BANDE, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 778 m, comunidade escionitrófila, 11/06/2004, IPS. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80772. >MUÍÑOS, Reparade, río Salas, 29TNG8242, 670 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion*

glutinosae), 16/06/1993, IPS, M.I. Romero, S. Ortiz & J. Rodr., SANT 52304. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81284.

■ *Stellaria media* (L.) Vill.

•**Descripción:** terófito. Talos con unha liña lonxitudinal de pelos que alternan de posición en cada entrenó. Follas inferiores ovadas, pecioladas, as superiores con pecíolo curto ou sésiles. Inflorescencia en cumes con ramas apretadas. Pedicelos frutíferos moito máis longos có correspondente cáliz. Cáliz con sépalos verdosos. Pétalos 3-4 mm de lonxitude, 1/3-2/3 da lonxitude dos sépalos, brancos, profundamente bipartidos. Cápsula de maior lonxitude có cáliz. Sementes escuras, pardento-avermelladas, con tubérculos redondeados.

•**Distribución:** cosmopolita; orixe circunmediterránea.

•**Hábitat:** cultivos, barbeitos. Ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pasteiro baixo carballeira segada e antropizada, 24/02/2005, IPS, SANT 52335. >**ENTRIMO**, Terrachá-Ferreiros, 29TNG7243, 550 m, barbeito e horta (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 05/03/1996, IPS, SANT 52284. >**LOBIOS**, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, terreo antropizado (*Stellarietea mediae*), 19/03/1997, IPS, SANT 52897. Compostela, 29TNG7037, 390 m, milleiral (*Lamio-Echinocloetum crus-gali*), 01/09/1998, IPS, SANT 5229. Pazos, 29TNG7639, 415 m, muro baixo horta (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52872. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, herbais nitrófilos, marxe entullo, 13/07/2012, IPS, SANT 65901. >**MUIÑOS**, Prado, 29TNG8343, 730 m, prado húmido nitrificado, 19/03/1993, IPS, SANT 52305. C. Encoro de Salas. 29TNG8743, 19/03/1993, IPS, SANT 52306.

F. CISTACEAE

Clave de xéneros

1. Plantas herbáceas ou sufrúcticas	2
Plantas leñosas	3
2. Plantas con 5 sépalos	<i>Helianthemum</i>
Plantas con 3 sépalos	<i>Tuberaria</i>
3. Cápsula dehiscente por 3 valvas; corola amarela, se branca < 15 mm de diámetro	<i>Halimium</i>
Cápsula dehiscente por un número maior de valvas; corola branca > 15 mm de diámetro	<i>Cistus</i>

— *Cistus* L. —

Arbustos. Follas opostas, sésiles ou pecioladas, sen estípulas. Inflorescencias cimosas. Flores hermafroditas, pediceladas, pentámeras. Cáliz frecuentemente con epicáliz. Cáliz verdadeiro de sépalos soldados. Corola cos 5 pétalos libres, brancos, maiores cós sépalos. Androceo con numerosos estames (>20) ceibres entre si. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula con dehiscencia loculicida.

•**Bibliografía:** DEMOLY & P. MONTSERRAT (1993); PULGAR *et al.* (2002).

Clave de especies

1. Follas sésiles ou case	2
Follas claramente pecioladas	3
2. Cáliz con 3 sépalos; talos novos glabros ou con poucos pelos simples caedizos	<i>C. ladanifer</i>
Cáliz con 5 sépalos; talos novos pubescentes con pelos simples longos e glandulares curtos	<i>C. psilosepalus</i>
3. Follas cordadas na base	<i>C. populifolius</i>
Follas non cordadas na base	<i>C. salviifolius</i>

■ *Cistus ladanifer* L.

• **Descripción:** fanerófito arbustivo coa cortiza pardento-avermellada, tanto ela coma as ramiñas e follas desprenden un líquido pegañento, chamado ládano. Follas opostas, simples, sen pecíolo ou con o pouco apparente e envaiñadoras uníndose na base, con lámina de linear lanceolada a lanceolado-elíptica e coriácea. Feixe glabro e fase con pelos estrelados. Flores solitarias, pedunculadas. Cáliz con 3 sépalos cubertos de pelos peltados verde-amarelentos. Pétalos 5, caedizos, con ou sen mácula púrpura preto da base, formando un anel no centro da flor. Androceo con numerosos estames desiguais en tamaño. Cápsula con (6)10(12) lóculos dehiscentes en igual número de valvas.

• **Distribución:** subrexión mediterránea occidental. Francia e P. Ibérica, onde é máis abundante na metade occidental; falta nas zonas eurosiberianas de clima temperado.

• **Hábitat:** pista forestal de extracción de madeira. Forma parte dos xaraís silicícolas que actúan coma etapa de substitución de diversos tipos de bosque mediterráneos (aciñeiras, sobreiras, quejigares...).

• **Frecuencia:** moi raro. Adventicia.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Monte de Galez sobre encoro do Lindoso, 29TNG7439, 380 m, adventicia ao pé de eucaliptos nas marxes da pista, 01/02/2001, IPS, C.Vello & D.Manso, SANT 45419.

■ *Cistus populifolius* L.

subsp. *populifolius* * ●

• **Descripción:** fanerófito arbustivo moi ramificado de cortiza escura. Ramiñas glabras ou con escasos pelos longos. Follas con longo pecíolo cilíndrico, cordadas na base, glabras en ambas faces, de cor verde más escura có feixe, co limbo o dobre de longo que de ancho, acumulado no ápice. Inflorescencia moi ramosa. Cáliz con 5 sépalos cordiformes, os externos algo maiores. Pétalos brancos con mancha amarela basal. Estames moi numerosos, desiguais. Froito en cápsula dehiscente por 5 valvas.

• **Distribución:** Francia (Narbona-Aude) e P. Ibérica (rara no E e N).

• **Hábitat:** matogueiras termófilas, xesteiras con érbedo e erbedais.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Torneiros, 29TNG7334, 440 m, xesteira (*Cytisetum striati* subas. *arbutetosum unedonis*), 28/05/1999, C. Vello & IPS, SANT 45409. Monte de Ganceiros, Angueira, 29TNG7840, 400 m, orla de carballeira termófila con sobreiras (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *querchetosum subericum*) e as súas etapas de substitución (*Cytisetum striati* subas. *arbutetosum unedonis* e *Daphno gnidii-arbutetum unedonis*), 24/09/1999, IPS & C.Vello, SANT 45410. Idem, 08/05/2001, IPS, C. Vello & D. Manso, SANT 44909. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, rodeado de berceal de *Stipa gigantea*

e breixeira, 02/06/2011, IPS, SANT 64471. Corga de Beriz, c. Encoro do Lindoso, 29TNG6637, 490 m, en erbedal (*Pruno lusitanicae-Arbutetum unedonis*), 21/04/2021, IPS, L.Rubiños et al, SANT 81305.

■ *Cistus psilosepalus* Sweet

Cistus hirsutus Lam.

• **Descripción:** fanerófita arbustivo moi ramificado. Ramiñas novas pubescentes, con pelos glandulíferos curtos e simples moi longos. Follas sen pecíolo, planas ou lixeiramente revolutas, coa fase de cor verde intensa e con pelos simples espallados; envés con pelos estrelados. Flores con pedúnculo de 5-14 mm. Caliz con 5 sépalos iguais, hirsutos e longamente ciliados. Pétalos brancos con mancha basal amarela. Estames numerosos. Cápsula inclusa no cálix, dehiscente por 5 valvas.

• **Distribución:** N, NW e W peninsular; algunas localidades francesas no litoral atlántico.

• **Hábitat:** toxal-breixeira, orlas de bosques, cembas, etc.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Torneiros, 29TNG7333, 500 m, carballeira termófila degradada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*), 11/07/1992, IPS, SANT 46423.

■ *Cistus salviifolius* L.

• **Descripción:** fanerófita arbustivo moi ramificado. Ramiñas novas con pelos estrelados, lixeiramente tomentosas. Follas opostas con pecíolo alongado e cilíndrico; lámina ovalada, verde clara na fase e tomentosa no envés. Inflorescencias en cumes de 1-2 flores co pedúnculo e pedicelos cun tomento de pelos estrelados, con brácteas persistentes e bractéolas caedizas. Cálix con 5 sépalos caedizos na frutificación. Pétalos brancos (14-20 mm). Estames numerosos, amarelos, desiguais. Cápsula coriácea, pubescente, negra, dehiscente en 5 valvas.

• **Distribución:** rexión mediterránea. Presente na meirande parte da P. Ibérica.

• **Hábitat:** matogueiras termófilas.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS-MUÍÑOS, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 500 m, xesteira (*Cytisetum striati* subas. *cytisubesum multiflori*) aclarada, 16/04/1997, IPS, SANT 46421 e 03/06/1997, IPS, SANT 46419. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7843, 530 m, matogueira e xesteira aclaradas, zona con *Lavandula pedunculata*, 22/04/2002, IPS, SANT 46971.

— *Halimium* (Dunal) Spach —

Arbustos, en ocasións de baixa talla (caméfitos). Follas opostas, sésiles ou curtamente pecioladas, sen estípulas. Flores pediceladas en inflorescencias címosas, hermafroditas. Cálix con 3 sépalos iguais e en ocasións outros dous externos más pequenos (epicáliz). Corola con 5 pétalos libres, amarelos ou brancos. Androceo con numerosos estames (>20). Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados, piloso. Froito en cápsula dehiscente por 3 valvas.

• **Bibliografía:** NOGUEIRA et al. (1993).

Clave de especies

1. Flores brancas	<i>H. umbellatum</i>
Flores amarelas	<i>H. lasianthum</i> subsp. <i>alyssoides</i>

■ ***Halimium lasianthum*** (Lam.) Spach
subsp. *alyssoides* (Lam.) Greuter

•**Descripción:** caméfito arbustivo ou nanofanerófita con ramas moi ramificadas. Ramiñas, follas de ramas estériles curtamente pecioladas; as superiores das ramas fértiles sésiles, con indumento de pelos estrelados en ambas faces e depilándose progresivamente. Pedicelos das flores con tomento de pelos estrelados de brazos curtos e outros longos e con tipos de pelos coma pelos simples pluricelulares glandulares, fasciculados, solitarios. Cáliz con 3 sépalos subiguais, máis curtos cá corola, en ocasións con epicáliz non moi evidente de unha ou dúas pezas. Corola con 5 pétalos amarelos (7-13mm). Froito en cápsula aberto por 3 valvas.

•**Distribución:** cadrante NW da Península Ibérica e SW de Francia.

•**Hábitat:** breixeiras e toxal-breixeiras.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520 m, sobre pista en toxal-breixeira (*Calluno-Ulicetea*), 10/06/2020, IPS, SANT 78784. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG73, 26/07/1993, IPS, SANT 29113. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1300 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 08/08/2007, IPS, SANT 57431. >**PADRENDA**, Gorgua-Pena Rubia, 11/10/1996, IPS, SANT 46422.

■ ***Halimium umbellatum*** (L.) Spach (s.l.)

Halimium umbellatum (L.) Spach (s.l.)

•**Descripción:** caméfito sufrúctice de ramas curtas e tortuosas. Follas sésiles de marxe revolto. Face con pelos unicelulares longos e glandulosos pluricelulares moi curtos; envés con denso tomento de pelos estrelados e de outro tipo. Flores pediceladas. Pedicelos e sépalos con abundantes pelos estrelados, pelos simples unicelulares e pelos simples pluricelulares glandulíferos. Corola con 5 pétalos brancos (7-15 mm). Androceo con numerosos estames. Ovario súpero. Froito en cápsula.

•**Distribución:** SW Francia e cadrante NW da P. Ibérica. Segundo NOGUEIRA *et al.* (1993) no territorio está presente a subsp. *umbellatum*. Hai dúbidas sobre se as poboacións do S de Grecia e Rodas son da mesma subespecie.

•**Hábitat:** chans pouco profundos do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG73, 17/06/1993, IPS, SANT 29150. >**MUÍÑOS**, As Gralleiras, 29TNG8436, 1300 m, breixeiras e chans pouco profundos na proximidade dos cumes, 22/07/1993, IPS, SANT 6424. Prado-Salgueiros, preto do límite da finca de Salgueiros, 29TNG8539, 1000 m, chans pouco profundos, 22/04/2002, IPS, SANT 46974. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos, pasto anual-vivaz (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 28/05/2021, IPS, SANT 80900; *observ.*: con características intermedias entre as subsp. *umbellatum* e subsp. *viscosum* (Willk.) O. Bolos & Vigo.

— ***Helianthemum*** Mill. —


■ ***Helianthemum nummularium*** (L.) Miller

Cistus nummularius L.

•**Descripción:** caméfito. Cepa ramificada e con frecuencia estolonífera. Talos procumbentes ou ascendentes, sericeo. Estípulas persistentes más longas có pecíolo, ciliadas. Follas opostas, pecioladas; face verde con fascículos de pelos (2-4) aplicadaos; envés tomentoso, branco, con numerosos pelos estrelados. Inflorescencia simple (<18 flores), con eixo e pedicelos densamente



Caryophyllaceae *Stellaria holostea*



Caryophyllaceae *Stellaria media*



Cistaceae *Cistus populifolius*



Cistaceae *Cistus psilosepalus*



Cistaceae *Cistus salviifolius*



Cistaceae *Halimium lasianthum*



Cistaceae *Halimium umbellatum*



Cistaceae *Helianthemum nummularium*

tomentosos. Brácteas más cortas có pedicelo. Sépalos versosos, con costelas prominentes que levan feixes de pelos de tamaño menor a maior cá os espazos intercostais. Pétalos amarelos, frecuentemente cunha máxula alaranzada na base. Froito en cápsula pilosa inslusa no cáliz.

•**Distribución:** Europa e W Asia. P. Ibérica: metade N e en Serra Nevada.

•**Hábitat:** bosques aclarados.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, A Ponte Nova, río Cadós, 29TNG8353, 700 m, ameneiral de *Osmundo-Alnion glutinosae*, 16/05/1997, IPS, SANT 46638. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, c. Vilariño, 29TNG9235, 1250 m, 16/06/2016, IPS & M. Fernández, SANT 77308. Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cemba cerquiño-pista, 28/05/2021, IPS, M. Fernández & Lisoardo, SANT 80774. >LOBIOS, Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 650 m, orla de reboleira, 25/05/1995, IPS, SANT 46637. Baños de Riocaldo-A Ponte Nova (Miliarios), 29TNG7333, 400 m, orla de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 03/05/1996, IPS, SANT 46639. Río Cabaleiros, 29TNG7837, 578 m, marxe de pista que sube ao lado do río, 11/04/1997, IPS, SANT 46627. >Muíños, Serra do Pisco, 29TNG8837, 1240 m, claro de xesta en valgada, 25/06/2007, IPS, SANT 57392.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (1993a).

— Tuberaria (Dunal) Spach —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas basais en roseta, pecioladas, co limbo percorrido por 3 nervios resaltados. Flores hermafroditas, pediceladas, con periantio dobre. Cáliz con 5 sépalos, os 3 internos maiores cós 2 externos. Corola regular con 5 pétalos libres, amarelos, frecuentemente con mácula negra na base. Androceo con numerosos estames. Ovario súpero de 3 carpelos soldados. Cápsula con apertura por 3 valvas.

•**Bibliografía:** GALLEGU (1993).

Clave de especies

1. Plantas anuais	<i>T. guttata</i>
Plantas vivaces, rizomatosas	<i>T. globulariifolia</i>

■ *Tuberaria globulariifolia* (Lam.) Willk. ●

Cistus globulariifolius Lam., *Xolantha globulariifolia* (Lam.) Gallego

•**Descripción:** hemicriptófito. Limbo das follas de menor lonxitude cá do pecíolo. Con pelos fasciculares e ríxidos (non estrelados) especialmente polo envés. Pétalos amarelos. Filamentos dos estames en cor negra.

•**Distribución:** endimismo do NW de España e Portugal. [España: C, (Le), Lu, O, Or, Po. Portugal: Ag, BA, BL, DL, Mi, (TM)]

•**Hábitat:** Breixeiras e toxal-beixeiras.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BAIXA LIMIA, 06/ 1992, IPS, SANT 46427. >LOBIOS, A Magdalena, 29TNG6935, 600 m, toxal-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae subas. genistetosum triacanthi*) rexendo pasado o incendio de agosto de 1998, 01/07/1999, IPS, SANT 46425. Serra do Xurés, 06/1992, IPS, SANT 46426.

■ *Tuberaria guttata* (L.) Fourr.

Cistus guttatus L., *Xolantha guttata* (L.) Raf.

•**Descripción:** terófito. Talos ramificados polo menos na inflorescencia, xeralmente pubescentes.

Follas inferiores trinervadas, as superiores sentadas e con estípulas. Inflorescencia sen brácteas. Corola con 5 pétalos libres, amarelos cunha mácula negra no centro (ou as veces sen ela), rapidamente caducos.

•**Distribución:** W Europa, rexión mediterránea e Canarias. Amplamente distribuída na Península Ibérica sobre sustratos acedos.

•**Hábitat:** pasteiros anuais sobre chans areosos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG73, 07/06/1993, IPS, SANT 29088. A Anta, 29TNG7437, 450 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii subas. silenetosum scabriflorae*), 03/05/1996, IPS, SANT 52316.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

F. CONVOLVULACEAE

Clave de xéneros

1. Plantas sen clorofila, parásitas; talos áfilos filiformes	Cuscuta
Plantas con clorofila, non parásitas; talos foliosos	Calystegia

— Calystegia R. Br. —

■ *Calystegia sepium* (L.) R. Br.

•**Descripción:** xeófito gabeador de talos volubles e glabros. Follas saxitadas, pecioladas, enteiras, co limbo máis grande có pedúnculo, mucronadas. Flores solitarias, axilares, pedunculadas, con 2 bractéolas de marxe ou escasamente superpostas e base cortada que ocultan os sépalos. Corola acampanada con pétalos soldados, xeralmente brancos, ás veces tinguidos de rosa.

•**Distribución:** zonas temperadas e cálidas do hemisferio N. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** valos, sebes e muros de separación de fincas.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8454, 710 m, entullo en solar, 14/07/2012, IPS, SANT 65899.

•**Bibliografía:** SILVESTRE (2012).

— Cuscuta L. —

■ *Cuscuta epithymum* (L.) L.

•**Descripción:** terófito. Planta parásita, sen clorofila. Talos ata 40 cm, avermellados, filiformes, volubles, con haustorios. Flores hermafroditas en glomérulos cimosos ou na axila dunha bráctea, con brácteas e periantio dobre, pentámeras ou excepcionalmente tetrámetas. Lóbulos do cáliz ovados, tan longos ou máis curtos có tubo, membranosos, lixeiramente imbricados na base. Androceo con 5 estames libres entre si e soldados á corola, exentos, con anteras purpúreas. Ovario formado por dous carpelos, con 2 estilos filiformes. Froito en cápsula.

•**Distribución:** Europa excepto o N e N de África. En toda a Península Ibérica menos no extremo suroccidental.

•**Hábitat:** parasito de diversas plantas, matogueiras (*Ulex minor*; *Pterospartum tridentatum*, etc).

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BAIXA LIMIA, sobre *Centaurea langei*, 09/1992, IPS, SANT 53226. >**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7437, 450 m, sobre *Cytisus multiflorus*, 07/07/1992, IPS, SANT 53225. Corga da Fecha, 29TNG7333, 410 m, sobre *Lithodora prostrata*, 06/07/2005, IPS, SANT 53590. A Ponte Nova, Vía romana, 29TNG7231, 550 m, en orla de carballeira con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS, D.Manso & V.Orellana, SANT 80835. >**Muiños**, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436, 1360 m, sobre breixeira con *Pterospartum* e *Vaccinium (Calluno-Ulicetea, Ericion umbellatae)*, 01/08/2008, IPS, SANT 59544.

•**Bibliografía:** GARCÍA (2012).

F. CRASSULACEAE

Clave de xéneros

1. Flores tubulares colgantes	Umbilicus
Flores non colgantes	2
2. Flores trímeras en verticilos	Crassula
Flores pentámeras	Sedum

— Crassula L. —

■ ***Crassula tillaea* Lester-Garland**

Tillaea muscosa L.

•**Descripción:** terófito, 2-8 cm, avermellada, con aspecto de mofo, con talos erectos ou ascendentes e frecuentemente radicantes nos nós inferiores. Follas enteiras, opostas, connadas, cóncavas na face e convexas no envés. Flores sésiles, solitarias ou en pequenos verticilos na axila das follas, xeralmente trímeras (tetrámeras). Sépalos apiculados ou arrestados no ápice. Pétalos < 1 mm, menores cós sépalos brancos ou rosados. Froito en polifolículos erectos, con 1-2 sementes por folículo.

•**Distribución:** S e W de Europa espallándose localmente polo E de Alemaña.

•**Hábitat:** chans espidos, posados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Fondevila, 29TNG7639, 400 m, camiño de acceso á finca (*Polycarpion tetraphyllum*), 21/03/1996, IPS, SANT 53240. Ganceiros, 29TNG7841, 460 m, área recreativa con chan pisado (*Polycarpion tetraphyllum*), 25/03/1997/1, IPS, SANT 53234. Ludeiros, 29TNG7137, 500 m, terreo nitrófilo pisado (*Polycarpion tetraphyllum*), 22/04/2005, IPS, SANT 52957. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, chan areoso pisado (*Polygono-Poetea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78740. >**Muiños**, Reparade-Cargas da Raposa, 29TNG8242, 675 m, chan con areas, pisado 21/04/2021, IPS, SANT 81303.

•**Bibliografía:** FERNANDES (1997).

— Sedum L.n —

Herbáceas anuais ou perennes, sobre chans efímeros en ambientes rochosos. Follas carnosas, alternas ou opostas, sésiles. Flores hermafroditas de dobre periantio, pentámeras. Cálix de sépalos libres. Corola de pétalos libres. Androceo con estames en número dobre cós de pezas do cálix ou corola. Ovario súpero de carpelos libres. Froito en polifolículo.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO & VELAYOS (1997).

Clave de especies

1.	Flores amarelas	2
	Flores brancas	4
2.	Talos coas follas medias aplicadas formando feixes cilíndricos	<i>S. amplexicaule</i>
	Talos coas follas medias erecto-patentes e curvadas formando feixes esféricos	3
3.	Inflorescencia en cumes densos	<i>S. forsterianum</i>
	Inflorescencia en cumes laxas	<i>S. pruinatum</i>
4.	Plantas anuais sen xermolos vexetativos	<i>S. arenarium</i>
	Plantas vivaces con xermolos vexetativos	5
5.	Follas xibosas ou espolonadas na base	7
	Follas nin xibosas nin espolonadas na base	8
6.	Follas xibosas na base; sépalos soldados na base	<i>S. album</i>
	Follas espolonadas na base; sépalos libres na base	<i>S. anglicum</i>
7.	Follas dos talos fértils subopostas; planta glabra	<i>S. brevifolium</i>
	Follas dos talos fértils alternas; planta pilosa	<i>S. hirsutum</i>

■ *Sedum amplexicaule* DC.

• **Descripción:** caméfito. Xermolos estériles no extremo dun longo pedúnculo. Rosetas de menos de 5 mm de diámetro, subcilíndricas co ápice linear e curvado. Follas amplexicaules cunha uña basal truncada, moito más longas que anchas, erectas, imbricadas. Inflorescencia pauciflora. Flores de cor amarela pálida.

• **Distribución:** rexión mediterránea. Na Península Ibérica é moi rara no NE e NW e falta no S.

• **Hábitat:** cembas e penedos no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, camba rochosa e base de camba, 02/07/1999, IPS, SANT 41410 e 46437.

■ *Sedum anglicum* Huds.

Sedum anglicum subsp. *pyrenaicum* (Lange) M. Laínz

• **Descripción:** caméfito. Con talos débiles, flexibles, ascendentes, radicantes na base; de dous tipos: floríferos e estériles (sen flores). Follas dos talos alternas, con esporón basal. Flores brancas, pentámeras. Sépalos libres, de ápice agudo e xiba basal, glabros. Pétalos de lonxitude dobre á dos pétalos. androceo con 10 estames de filamentos brancos e anteras avermelladas ou púrpuras. Folículos subpatentes, en estrela, glabros.

• **Distribución:** W de Europa espallándos ata o SW de Suecia. Na Península Ibérica no C, N, NW e Pirineos.

• **Hábitat:** pasteiros pioneiros vivaces do piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Serra de Queguas, 29TNG7149, 1040 m, litosolo (*Sedum anglicum*), 17/06/2001, IPS, SANT 46629. >LOBIOS, Serra do Xurés, picos da fronteira, 29TNG7830, 1500 m, pasteiros en gretas de cumio (*Minuartia recurvae-Sileneum acutifoliae*), 26/07/1992, IPS, SANT 53245. Serra do Xurés, 29TNG7430, 850 m, ambiente fresco e húmido, 09/07/1993,

Cistaceae *Tuberaria globulariifolia*Cistaceae *Tuberaria guttata*Convolvulaceae *Calystegia sepium*Convolvulaceae *Cuscuta epithymum*Crassulaceae *Crassula tillaea*Crassulaceae *Sedum amplexicaule*Crassulaceae *Sedum anglicum*Crassulaceae *Sedum arenarium*

IPS, SANT 53247. >Muíños, Reparade-Albite, c. Alto do Confurco, 29TNG8241, 800 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Sedion anglici*), 15/07/1993, IPS, SANT 53246 e 63117. Reparade-Albite, ponte sobre o río Salas, 29TNG8242, 675 m, fisuras de bloques de granito da ponte (*Sedion pyrenaici*), 21/07/1993, IPS, SANT 53248. >PORTUGAL, Lindoso, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae* subas. *thymetosum caespititi*), 13/07/1993, IPS, SANT 53250.

■ *Sedum arenarium* Brot.

• **Descripción:** terófito. Sen talos vexetativos, con todos os talos fértiles (rematados en flores), glabros. Follas sésiles e decorrentes, enteiras, alternas, lampiñas. Inflorescencias en cumes difusos, coas ramíñas estreitamente aladas. Flores pediceladas cos pedicelos glabros e máis curtos có cáliz. Cáliz con uña basal e marxe membranoso. Corola de 5 pétalos brancos, acuminados no ápice. Androceo con 10 estames más curtos cós pétalos, con anteras cor antropurpúrea. Froito cos folículos erectos ou patentes, glabros.

• **Distribución:** endimismo do C e W da Península Ibérica.

• **Hábitat:** pasteiros anuais en chans areosos e pouco profundos.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, c. Sordos, sobre o río Cadós, 29TNG8551, 610 m, sobre chan areoso e húmedo, 02/05/1996, IPS, SANT 53238. Cuirras, 29TNG8649, 560 m, pasto anual en zona de entrada a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78821. >ENTRIMO, Serra de Queguas, 29TNG7149, 1040 m, litosolos (*Sedion anglici*), 17/06/2001, IPS. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 450 m, viña (*Chrysanthemo-Raphanetum* subsas. *lamietosum amplexicaulis*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 53242. Serra do Xurés, 29TNG7735, 990 m, litosolos en claros de breixeira (*Airo-Sedetum arenarii*), 27/05/2003, IPS, SANT 49499. >Muíños, Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chan esquelético (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 16/04/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 53241. Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8838, 1040 m, repisas rochosas con chans pouco profundos (*Airo-Sedetum arenarii*), 18/04/1997, IPS, SANT 52394. Reparde-Corga da Raposo, sobre río Salas, 29TNG8242, 675 m, cuneta, chan con areas grosas, subnitrófilo, 21/04/2021, IPS, SANT 81289.

■ *Sedum brevifolium* DC.

• **Descripción:** caméfito con talos floríferos e estériles sen flores, glabro, verdoso, avermellado ou branco-pruinoso. Follas dos xermolos estériles subglobosas, as dos talos fértiles subopostas. Flores pentámeras, brancas con dobre número de estames que pétalos. Sépalos soldados na base, de ápice agudo. Folículos erectos, glabros.

• **Distribución:** SW de Europa, preferentemente no Mediterráneo occidental. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** pasteiros pioneiros vivaces sobre chans esqueléticos.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Alto da Cumieira, 29TNG9048, 1090 m, sobre chans pouco profundos en cumios reemisores (*Tuberarie-tea*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69937. Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, chans esqueléticos de cumio (*Festucetea curvifoliae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80191. >LOBIOS, Serra do Xurés, Minas das Sombras-picos da fronteira, 29TNG7830, 1400 m, 14/07/1993, IPS, SANT 29149 e 53231. >VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1200 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996/2, IPS & D.Manso, SANT 53237.

■ *Sedum forsterianum* Sm.

Sedum elegans Lej; *Sedum rupestre* subsp. *elegans* (Lej.) Hegi & Schmid

• **Descripción:** caméfito de cor verde ou ferruxíneo. Xermolos estériles non pedunculados, coas follas vivas na parte apical e o resto recuberto de follas secas. Inflorescencias en cumes densos. Flores amarelitas. Folículos erectos.

• **Distribución:** W Europa. Dispersa na Península Ibérica onde soamente resulta moi rara no NE.

•**Hábitat:** cembas con rochas e repisas de pouco chan.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, cemba rochosa parcialmente cuberta de terra, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69895. >LOBIOS, A Regada, 29TNG7737, 640 m, cemba (*Phagnalo-Rumicetea*), 09/07/1993, IPS, SANT 53243. Fondevila, 29TNG7540, 375 m, muro (*Phagnalo-Rumicetea*), 23/06/1998, IPS, SANT 53228. Lobios-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterado sobre piñeiral con sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49479. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 27TNG7830, 1250 m, marxe de penedos, 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57546. >MUIÑOS, Parada da Ventosa, Castrelos do Torno, 29TNG7843, 519 m, cemba (*Phagnalo-Rumicetea indurati*), 11/06/2004, IPS.

•**Citas previas:** GÓMEZ VIGIDE et al. (1989b). >BANDE, Vilameá, 29TNG8553, 700 m, cemba, 21/05/1988, Moldes Ferro et al.

■ ***Sedum hirsutum* All.**

•**Descripción:** caméfito con xermolos non pedunculados e glanduloso en todas as súas partes. Os talos floríferos nacen do centro das rosetas de follas densamente agrupadas, de cor verde ou avermelladas. Follas en roseta basal, carnosas, máis de 2 veces máis longas que anchas, sen uña; as do talo alternas. Inflorescencia con indumento glanduloso. Flores cos pétalos soldados na base, brancos ou rosados, cun nervio central avermellado con frecuencia. Folículos erectos, pubescentes na face interna.

•**Distribución:** SW Europa (extendéndose ao N de Italia e N de Francia), e NW de África. P. Ibérica: frecuente na metade N e rara na metade S.

•**Hábitat:** rupícola estrita. Penedos e muros.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Minas das Sombras-picos da fronteira, 29TNG7830, 1400 m, penedo, 14/07/1993, IPS, SANT 53230. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 600 m, 22/07/1993, IPS, SANT 53233. Torneiros, 29TNG7334, 410 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 24/05/1995, IPS, SANT 53232. Ludeiros, Cimadevila, 29TNG7136, 540 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 02/05/2005, IPS, SANT 53011. >MUIÑOS, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436, 1420 m, rupícola en fisuras de cumios de rochas graníticas, 17/08/2012, IPS, SANT 65857.

■ ***Sedum maireanum* Sennen in Sennen & Mauricio**

Sedum villosum subsp. *aristatum* (Emb. & Maire) M. Laínz

•**Descripción:** terófito ou caméfito ramoso, sen roseta basal, enteiramente pubescente-glanduloso. Talos floríferos foliosos e con renovos estériles na base. Follas alternas, crasas, verdes, sésiles, xi-bosas na base. Inflorescencia en cimas corimbosas con brácteas foliáceas e denso indumento de pelos glandulosos, frecuentemente coas glándulas avermelladas, o mesmo ca en sépalos e quilla de pétalos. Flores pentámeras, peciceladas. Cálix de sépalos soldados só na base, pubescente-glandulosos. Corola branca. Pétalos soldados formando un tubo de 0,5 mm e lóbulos de 3-4 mm aquillados no dorso, coa quilla con maior densidade de pelos glandulares e con frecuencia tinguida de púrpura, agudos, cuculados e apiculados no ápice. Estames 10 con filamentos brancos e anteras púrpuras. Folículos erectos atenuados en estilos diverxentes.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental, P. Ibérica dispersa; falta en zonas do E, N e S.

•**Hábitat:** ambientes nitrificados da zona oriental.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1070 m, baixo muro, 17/06/2022, IPS, M.García & Lisardo, SANT 81722. >MUIÑOS, Guntumil, sobre puente que cruza o encoro de Salas e cemba ao outro lado da ponte, 03/07/1997, IPS, SANT SANT 81722.

■ *Sedum pruinatum* Brot.

• **Descripción:** caméfito cespitoso con profusa reproducción vexetativa a través de xermolos estéreiles no extremo dun longo e delgado talo rastreiro. Os xermolos (de folla) emiten no outono delgadas raíces e actuarán como se as follas do talo que se desenvolve durante a seguinte tempada de crecemento. Rosetas de c. 1 cm de diámetro. Follas das rosetas erecto-arqueadas, conniventes, glaucas e pruinosas, máis de 5 veces más longas cá anchas, agudas ou mucronadas no ápice. Talos fértiles foliosos cun número decrecente de follas ata o ápice, de ata 25cm de altura. Inflorescencia pauciflora. Flores pentámeras a octámeras. Sépalos glabros, triangular-ovados de ápice agudo. Pétalos libres de 6-9 mm, de cor amarela dourada. Froito en folículos erectos.

• **Distribución:** endimismo da Baixa Limia e C e N de Portugal.

• **Hábitat:** pasteiros pioneiros vivaces sobre chans esqueléticos que fuxen soamente de cumes moi expostos.

• **Frecuencia:** común. Pisos meso e supratemperado.

• **Lexislación:** Vulnerable (CGEA, 2007).

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 18/07/1993, pasteiro pioneiro vivaz (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi*) IPS, SANT 29093 e 45398. Curral da Abelleira-rio de Lobios, 29TNG7834, 1100 m, chans esqueléticos en claros de breixeira, 03/09/1997, IPS, SANT 53236. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG7830, 1270 m, comunidade pioneira vivaz sobre chans esqueléticos (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi*), 09/07/2002, IPS, SANT 47259. Serra do Xurés, sobre Mina das Sombras, 29TNG7830, 1300 m, 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57545.

• **Citas previas:** LAÍNZ (1965, 1966).

• **Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, A Magdalena, 29TNG6935, 29TNG6934, chans esqueléticos sobre granitos, 02/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, Corga do Curro do Sobreiro, 29TNG7033, 950 m, chans esqueléticos sobre granitos, 02/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 29TNG7133, 29TNG7134, chans esqueléticos sobre granitos, 02/06/2011, IPS. Vilameá, 29TNG7536, 450 e 430 m, chans esqueléticos e penedos en cemba, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, senda paralela ao río da Amoreira-rio de Vilameá, 29TNG7633 (57678 / 463395; 802 m), 29TNG7733 (57711 / 463314), (5768 / 463434; 736 m), penedo, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7634 (5766 / 46343), penedos en senda paralela ao río da Amoreira-rio de Vilameá, tras cruzar a ponte que cruza o río, 690 m, 18/06/2011, IPS. Ogos-Delás, 29TNG7639-29TNG7638, 450-500 m, chans esqueléticos sobre granitos, IPS. Serra do Xurés, O Plantío-Corgo do Mouro, 29TNG7736, 800 m, e 29TNG7737, 700 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7831-7832-7931-7030-7629, IPS. Xendive-Torno, 29TNG7742, 370 m, chans esqueléticos sobre granitos, IPS. >Muíños, Requiás, 29TNG8841, 900 m, chans esqueléticos sobre granitos areosos (*Hieracium castellanae-Plantaginion radicatae*), IPS. O Curral de Iribo, 29TNG8637, 1150 m, chans esqueléticos sobre granitos, 27/05/2011, IPS. Muíños, 29TNG8537, 1140 m, chans esqueléticos sobre granitos, 27/05/2011, IPS. Salgueiro-A Barxa, 29TNG8537, 1100 m, chans esqueléticos (*Sedo pruinathi-Thymetum caespititi*), 27/05/2011, IPS. Serra do Xurés, c. As Galleiras, 29TNG8536, 1300 m, IPS. Prado, 29TNG8442 e 29TNG8342, 700 m, chans esqueléticos sobre granitos, 27/05/2011, IPS. Alvite, 29TNG8239 e 29TNG8339, 1000 m, chans esqueléticos sobre granitos, IPS.

— *Umbilicus* DC. —

■ *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy

Umbilicus pendulinus DC.; *U. neglectus* (Cout.) Rothm. & P. Silva

• **Descripción:** hemicriptófita. Follas carnosas, pecioladas, peltadas, con maior densidade na base e na roseta, ainda que esta desaparece en ambientes secos. A inflorescencia (acio) ocupa máis da metade do talo. Pedicelos más curtos cás flores, xeralmente reflexos. Flores colgantes na frutificación. Cálix con tubo más curto cós lóbulos, verdoso-amarelento, pentámero. Corola de pétalos soldados formando un longo tubo cor amarela pálida, verdosa ou averme-

llada, apenas estreitada na boca do tubo. Lóbulos da corola ovais, con saínte. Con 10 estames inclusos.

•**Distribución:** S e W Europa por debaixo de Escocia e N África. P. Ibérica: amplamente es-pallada.

•**Hábitat:** penedos, muros e menos frecuentemente sobre pinzamentos de árbores vellas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Ponte Cadós, 29TNG8353, 730 m, muro de contención en acceso ao muíños abandonados do río. (*Asplenietea*), 16/05/1997, IPS, SANT 53235. >ENTRIMO, Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520-530 m, inventario muro, eucaliptal, 10/06/2020, IPS, SANT 78810. >LOBIOS, Serra do Xurés, Portela Amoreira, mina-picós da fronteira, 29TNG7830, 1400 m, 26/07/1992, IPS, SANT 53244. Herdadiña, 29TNG7844, cemba de estrada, rochoso con plataformas (*Phagnalo saxatilis-Rumicetea indurati*), 10/05/1998, IPS, SANT 53227. Pazos, 29TNG7639, 415 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52875. Lu-deiros-Cimadevila, 29TNG7136, 540 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 02/05/2005, IPS, SANT 53010.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO (1997).

F. CRUCIFERAE = BRASSICACEAE

Clave de xéneros

1.	Froito en silícula (máis de 5 veces máis longo ca ancho)	2
	Froito en silícula (menos de 3 veces máis longo que ancho)	12
2.	Pétalos amarelos	3
	Pétalos brancos	9
3.	Froitos maduros erectos, aplicados ao eixo da inflorescencia	4
	Froitos maduros non aplicados ao eixo da inflorescencia	5
4.	Froito comprimido entre as valvas e o pico	Hirschfeldia
	Froito gradualmente atenuado no ápice	Sisymbrium
5.	Froitos maduros netamente torulosos (arrosariados)	Raphanus
	Froitos maduros non netamente torulosos	6
6.	Sépalos erectos	Coincyia
	Sépalos erecto-patentes	7
7.	Silícula con rostro	Brassica
	Silícula sen rostro	8
8.	Planta de medios non acuáticos	Barbarea
	Planta de medios acuáticos	Rorippa
9.	Froitos erectos, aplicados ao talo	Arabis
	Froitos patentes ou erecto-patentes	10
10.	Plantas glabras ou con pelos simples	Cardamine
	Planta con pelos estrelados ou ramificados	11
11.	Planta con pelos estrelados	Murbeckiella
	Planta con pelos ramificados	Arabidopsis

12.	Plantas perennes	13
	Plantas anuais ou bienais	14
13.	Planta densamente hirsuta	<i>Lepidium</i>
	Planta glabrescente	<i>Lobularia</i>
14.	Froitos triangulares	<i>Capsella</i>
	Froitos non triangulares	15
15.	Pétalos de cor violeta; plantas que superan 1 m de altura	<i>Lunaria</i>
	Pétalos de cor branca	16
16.	Plantas glabras	<i>Teesdalia</i>
	Plantas pilosas	<i>Erophila</i>

— *Arabidopsis* Heynh. —

■ ***Arabidopsis thaliana* (L.) Heynh.**

• **Descripción:** terófito. Follas basais arrosetadas, persistentes, atenuadas en pecíolo, con pelos simples e ramificados; as caulinas menores, sésiles, cuneadas na base, de marxe enteira e más ou menos ciliada. Corola con 4 pétalos brancos. Cáliz con 4 sépalos livres, os laterais sen xibosidade na base, erecto-patentes. Androceo con 6 estames, dos cales dous se sitúan a menor altura. Ovario sópero formado por 2 carpelos soldados. Froitos en silicua (máis de 3 veces máis longo que ancho), pedicelados, patentes na madurez.

• **Distribución:** subcosmopolita. Toda a Península Ibérica.

• **Hábitat:** campos cultivados e incultos, en terreos soltos, xeralmente areosos secos, marxes de camiños, muros.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBEIRA?, As Conchas, Lebosindo, 29TNG7944, 540 m, repisa de rochas con chan esquelético sobre cemba (cf *Phagnalo-Rumicetea*), 10/05/1998, IPS, SANT 46991. >LOBIOS, Devesa, 29TNG7436, 400 m, barbeito de millo (*Cry-santhemo-Raphanetum*), 21/03/1996, IPS, SANT 46992. Lobios-Vilameá, 29TNG7536, 415 m, sobre muro (*Annon-grammo-Umbilicetum rupestris subas. saxifragetosum granulatae*), 21/03/1996, IPS, SANT 46900. Serra do Xurés, pista das minas, 29TNG7734, 1030 m, cemba de terra da pista, 03/03/1999, IPS, SANT 46993. Serra do Xurés, Mina das Sombrais, 29TNG7830, 1230 m, cemba soleada de entrada á mina, 28/06/2012, IPS, R.Carbalal, M.Serrano & R.Perdíz, SANT 65832.

• **Bibliografía:** NOGUEIRA (1993).

— *Arabis* L. —

Herbáceas vivaces. Follas en roseta e caulinas, as últimas sésiles, en disposición erecta a erecto-patente e parcialmente amplexicaules. Inflorescencia en acio corimbiforme. Flores hermafroditas con dobre periantio. Cáliz de 4 pétalos. Corola con 4 pétalos brancos, en ocasións con tintes rosados. Androceo con 6 estames. Froitos en silículas erectas, adosadas ao eixo.

• **Bibliografía:** TALAVERA (1993)

Clave de especies

1.	Inflorescencia en acio glabro	<i>A. juressi</i>
	Inflorescencia en acio piloso, polo menos na parte basal	<i>A. stenocarpa</i>

■ *Arabis juressi* Rothm.

• **Descripción:** hemicriptófito con talos pilosos. Case todos os pelos da base do talo ramificados, mentres que a metade superior dos talos é flabrescente. Follas caulinas de base truncada ou lixeiramente auriculada, enteiras, sésiles. Inflorescencia en acio glabro. Pedicelos erectos na frutificación, con froitos moi próximos ao eixo do acio. Flores con 4 pétalos brancos de 7-9mm. Froito en sílicua moi aplanada, de 40-70 x 1,3-1,6 mm.

• **Distribución:** endimismo do cadrante NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** repisas pedregosas con pouco chan (P.N. Peneda-Gerês).

• **Frecuencia:** especie que debe buscarse na Baixa Limia.

• **Pregos herborizados:**

>PORTUGAL, Minho, Parque Nacional da Peneda-Gerês, repisa de granito en ponte, 17/06/1998, J.Honrado, IPS, S.Ortiz & Barreto-Caldas, SANT 47017.

■ *Arabis stenocarpa* Boiss. & Reut.

• **Descripción:** hemicriptófito, con frecuencia unicaule. Talo densamente hirsuto, menos denso na parte superior. Con roseta de follas basais. Follas caulinas sésiles ou lixeiramente auriculadas, con 4-9 pares de dentes marxinais. Inflorescencia en acio piloso, polo menos na parte basal. Pedicelos erectos na frutificación, con froitos moi próximos ao eixo do acio, os inferiores pilosos, os superiores glabros. Flores con 4 pétalos de cor rosada pálida e branca, de 5-7 x 1,2-1,5mm. Froito en sílicua moi aplanada, de 40-60 x 0,8-1,1 mm, cujas valvas teñen 1 nervio moi marcado na metade inferior e sen o ou pouco marcado na superior.

• **Distribución:** endimismo do cadrante NW P. Ibérica e zonas do S e E. Galicia: Our.

• **Hábitat:** claros de bosque e matogueiras.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila-Saa, 29TNG7638, 570 m, cuneta, IPS, 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46959. Serra do Xurés, pista de As Sombras, 29TNG73, 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46960. Prencibe-Esperanzo. 29TNG7938, 650 m, camiño que cruza reboleira (*Quercion robori-pyrenaici*), 25/05/1995, IPS, SANT 46957 e 46958. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 650 m, reboleira (*Quercion robori-pyrenaici*), 09/05/1998, IPS, SANT 39648, 46965 e 46966. Encima Herdadiña. 29TNG7844, 380 m, cumba rochosa con plataformas, 10/05/1998, IPS, SANT 46968. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, comunidade de *Geranium sanguineum* con *Geum sylvaticum*, *Pulicaria odora*, *Anthericum liliago*, etc., 12/06/1998, IPS, SANT 46962. Serra do Xurés, 29TNG7734, 1050 m, comunidade de *Geranium sanguineum*, 12/06/1998, IPS 46967. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1350 m, matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*) rexenerando tras incendios reiterados (último 08/1998), 29/05/1999, IPS, SANT46961.

• **Citas previas:** MERINO (1909); LAÍNZ (1968).

— *Barbarea* R. Br. —

■ *Barbarea* cf *verna* (Miller) Ascherson

• **Descripción:** herbácea bienal (terófito-hemicriptófito). Talos erectos (10-90 cm), simples ou ramificados na parte superior. Follas glabras ou as inferiores con pelos na marxe e raque, as basais lirado-pinnatisectas, con 6-7 pares de segmentos laterais e o terminal de maior tamaño; as medias e superiores sésiles, pinnatipartidas. Flores en acio laxo, con pedicelos case tan grosos coma o froito. Pétalos amarelos. Froito erecto-ascendente en silicua recta ou algo incurvada.

• **Distribución:** SW Europa. Naturalizada debido ao seu cultivo noutras partes de Europa, América, Sudáfrica e Nova Zelandia. P. Ibérica: W, Cataluña e Serra Nevada.

• **Hábitat:** chans nitrificados de zonas elevadas.



Crassulaceae *Sedum brevifolium*



Crassulaceae *Sedum forsterianum*



Crassulaceae *Sedum hirsutum*



Crassulaceae *Sedum pruinatum*




Crassulaceae *Umbilicus rupestris*



Brassicaceae *Arabidopsis thaliana*



Brassicaceae *Arabis juresii*



Brassicaceae *Brassica napus*

•**Frecuencia:** moi raro. Especie que se debe buscar nos límites do PN BL-SX.

•**Pregos herborizados:**

›PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, cumio con reemisores, 29TNG6629, 1350 m, entre pista e florecementos de rocha, 11/06/1998, IPS, SANT 47016.

•**Bibliografía:** FERNANDES, R.B. (1993).

— **Brassica** L. —

■ ***Brassica napus*** L.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito, ata 150 cm de altura, ramificado na parte superior. Follas de ata 40 cm, as inferiores pecioladas, liradas, con 2-5 pares de segmentos laterais e 1 terminal de maior tamaño irregularmente dentado; as superiores linear-oblongas, enteiras, sésiles ou subamplexicaules. Inflorescencia no acio no cal as flores ao abrir non sobrepasan os botóns pechados do ápice. Flores con pedicelos de 12-18 mm na antese. Sépalos de 5-10mm, erecto-patentes, glabros. Pétalos 8-18mm, amarelos. Froitos de 60-100 x 2,5-4 mm. Face cónica con 0-1 sementes. Semente de cor parda escura.

•**Distribución:** de orixe descoñecida, prospera no C e S Europa e W Asia.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Hábitat:** viaria, en cembas e cunetas de estradas. Escapada de cultivos. Adventicia.

•**Pregos herborizados:** -

•**Bibliografía:** GÓMEZ CAMPO, C. (1993).

— **Capsella** Medik. —

■ ***Capsella bursa-pastoris*** (L.) Medik

•**Descripción:** terófito. Follas basais en roseta, as caulinas sésiles, amplexicaules, con pelos curtos estrelados e pelos más longos simples, antrorsos. Flores en acios ebracteados, terminais, corimbiformes na antese e alongados na frutificación. Con 4 pétalos brancos de 1,5-2,5mm. Froito en sílicua de ápice marxinado ou truncado.

•**Distribución:** cosmopolita. Frecuente en toda a Península Ibérica.

•**Hábitat:** ruderal en marxes de camiños e diversos tipos de pasteiros nitrificados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

›BANDE, Porto Quintela, 29TNG8347, 570 m, comunidade de herbáceas anuais resistentes ao pisado moderadas (*Polygono-Poetea annuae*), 15/02/2002, IPS, SANT 46682. >ENTRIMO, Lantemil, marxe de regato que desemboca en encoro, 29TNG7139, 350 m, pradaría higro-nitrófila, (*Galio-Urticetea*), 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70446. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 410 m, comunidade de terofitos nitrófilos, terreos pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 22/02/1993, IPS, SANT 45396.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ (1993).

— **Cardamine** L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas imparipinnadas en roseta e caulinas escasas. Inflorescencia en acio corimbiforme. Periantio dobre. Corola de 4 pétalos libres, brancos ou rosados. Androceo con 4-6 estames. Froito en sílicua erecta.

•**Bibliografía:** RICO (1993).

Clave de especies

1.	Plantas vivaces con rizoma curto	<i>C. pratensis</i>
	Plantas anuais o vivaces, sen rizoma	2
2.	Xeralmente bienal ou vivaz; flores con 6 estames	<i>C. flexuosa</i>
	Anual; flores con 4 estames	<i>C. hirsuta</i>

■ *Cardamine flexuosa* With.

Cardamine sylvatica Link

- **Descripción:** hemicriptófito. Talo con (4)6-10(15) follas, as superiores maiores cás basais; as da roseta xeralmente marchitas na antese, pinnadas, co folíolo final de maior tamaño cós laterais. Flores con 4 pétalos brancos, non sobrepasadas por os froitos inferiores. Androceo con 6 estames. Froitos erecto-patentes.
- **Distribución:** Europa, C e E Asia, N África; Introducida en Norteamérica. P. Ibérica na 1/2 N.
- **Hábitat:** ambiente fresco nemoral. Marxes e claros de bosques, sebes, ribeiras.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:** especie non confirmada.

■ *Cardamine hirsuta* L.

- **Descripción:** terófito. Talo principal con (0)2-6 follas menores cás basais. Follas da roseta que se mantéñen durante a antese. Flores con 4 pétalos brancos, claramente sobrepasadas polos froitos inferiores e 4 estames (ás veces algúnhha flor con 5 ou 6). Froitos más ou menos adpresos ao talo.
- **Distribución:** Subcosmopolita. Amplamente espallada por toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** ruderal e arvense. Cultivos, camiños, cembas, muros, baldíos.
- **Frecuencia:** abundante.
- **Pregos herborizados:**
 - >ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7243, 540 m, cultivo (*Chrysanthemo segeti-Raphanetum raphanistri*), 05/03/1996, IPS, SANT 46955. Miradoiro de San Rosendo de Pedreiriño, 29TNG7443, 720 m, 05/03/1996, IPS, SANT 47025.
 - >LOBIOS, Serra do Xurés, ladeira esquerda da estrada cara Portela do Home, 29TNG73, 15/04/1993, IPS, SANT 46954. A Regada, 29TNG7837, 700 m, prado (*Cynosurion cristati*), 06/03/1996, IPS, SANT 47033. Requeixo-De-lás, 29TNG7739, 390 m, prado baixo cemba, 02/02/2001, IPS, SANT 44345. >Muíños, presa encoro de Salas, 29TNG8843, 920 m, pasteleiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 09/05/1998, IPS, SANT 46956.

■ *Cardamine pratensis* L.

- **Descripción:** xeófito con rizoma e bulbiños. Talos xeralmente 20-60 cm, glabro, erecto. Follas da roseta pinnatisectas, imparipinnadas, con 3-11 segmentos ovais, orbiculares ou reniformes, sendo o terminal parecido ao de tamaño un pouco maior. Follas caulinas espalladas, más curtas, con lóbulos lineais e amplamente ovais. Inflorescencia no acio. Flores con pedicelos erecto-patentes. Pétalos de 7-17mm de cor lila. Froito en sílicua.
- **Distribución:** circumboreal; P. Ibérica: metade N ata Sintra.
- **Hábitat:** prados e xunqueiras con humidade freática.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, prado higrófilo (*Juncion acutiflori*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 48989. >Muíños, O Agrelo, 29TNG8445, 700 m, prado da alianza *Cynosurion cristati*, 01/05/2003, IPS, SANT 48889.

— *Coincya* Rouy —

Herbáceas anuais ou de vida curta. Inflorescencia en racimo. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz con 4 sépalos. Corola con 4 pétalos de cor amarela pálida e con veas ou nervios. Androceo con 6 estames. Fruto en siliqua en disposición erecto-patente, con semillas uniseriadas en cada valva, estas con tres nervios; face con semillas.

•**Bibliografía:** LEADLAY (1993).

■ *Coincya monensis* (L.) Greuter & Burdet

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito, con talos ata 1 m de altura espalladamente hispidos inferiormente, facéndose glabros cara o ápice. Follas da roseta de tendencia caduca na antese, de pinatipartidas a lirado-pinnatisectas, con lóbulos dentados ou pinatipartidos, con pelos ríxidos no extremo dos lóbulos. Flores en racimos ebracteados, corimbiformes na antese. Pedicelos erectos ou erecto-patentes. Cáliz cos sépalos erectos, os laterais xibosos na base. Corola con 4 pétalos 10-20 mm, amarelos, con uña; limbo con veas pardas ou purpúreas. Estigma capitado. Fruto en siliqua 30-70 mm, erecto ou erecto-patente, con 2 valvas dehiscentes con, polo menos, 3 nervios. Semillas tan anchas coma longas, uniseriadas. Fruto en siliqua 30-70 mm, erecto o erecto-patente, con 2 valvas dehiscentes con al menos 3 nervios. Semillas tan anchas como longas, uniseriadas. Face de 7-26 mm con 0-1 semillas.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Montes de Guxinde-Ameixoeira, 29TNG74, 03/08/1995, IPS, SANT 46986. >LOBIOS, Serra do Xurés, pista Minas, 29TNG73, 09/07/1993, IPS, SANT 46983. Serra do Xurés, 29TNG7332, 500 m, cuneta, 10/05/1993, IPS, S.Ortiz & M.Buján, SANT 46987. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 1000 m, claros de matogueira, 17/06/1993, IPS, SANT 46988. Serra do Xurés, pista minas, 29TNG7733, 1050 m, na pista, 13/06/1995, IPS, SANT 46984 e 46985.

Clave de subespecies

1. Pétalos con veas amarelas	<i>C.m. subsp. puberula</i>
Pétalos con veas marróns ou purpúreas	<i>C.m. subsp. cheiranthos</i>

■ *Coincya monensis*

subsp. *cheiranthos* (Vill.) Aedo, Leadlay & Muñoz Garm.

var. *setigera* (J. Gay ex Lange) Leadlay ●

•**Distribución:** endemismo do NW da P Ibérica montañas occidentais orocantábricas, Berciano-Sanabrenses e Xuresianas.

•**Hábitat:** terrenos despejados, cumbres. Es una planta favorecida por los incendios; forma densas comunidades con otras plantas pirófitas en zonas de montaña

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, cumba rocosa parcialmente cubierta de tierra, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69906. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1200 m, 13/06/1995, IPS. Serra de Santa Eufemia, Corga do Sol, 29TNG6932, 840 m, claro de breixeira toxal, 08/06/2021, IPS & L.Rubíños, SANT 80295. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436, 1430 m, rupícola en fisuras de rocas graníticas de cumio alcanzadas polo lume, 17/08/2012, IPS, SANT 65858.

■ *Coincya monensis*

subsp. *puberula* (Pau) Leadlay ●

•**Distribución:** endemismo do NW de Portugal, Galicia e León.

•**Hábitat:** algo nitrófila. Marxe do encoro do Lindoso e cumbres preto de cunetas.

•**Frecuencia:** escasa?

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar-Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cemba de cuneta, zona de entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80270. >LOBIOS, A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7640, 340 m, marxe de camiño de acceso ao encoro, 06/07/2019, IPS, SANT 77564.

— **Erophila** DC. —

■ ***Erophila verna*** (L.) Chevall.

Draba verna L.; *Erophyla praecox* (Steven) DC.

•**Descripción:** terófito efímero de 3-18 cm. Roseta basal con 1 a numerosos talos fértiles. Follas de espatuladas a obovadas, xeralmente con pelos simples, bifurcados e estrelados. Inflorescencia en acio ebracteado, con 3-17 flores. Sépalos (4) verdes, ás veces con estreita marxe membranácea. Corola de 4 pétalos libres, de 1,5-3 mm, bífidos. Froito en sícica, menos de tres veces máis longa que ancha. Sementes de cor marrón-avermellada.

•**Distribución:** Europa, SW e C Asia, naturalizada en Norteamérica, Australia e Nova Zelandia. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** pasteiros anuais sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7243, 550 m, cultivo (*Crhysanthemo-Raphanetum raphanistri*), 05/03/1996, IPS, SANT 46994.

>LOBIOS, Saa-Regada, 29TNG7737, 680 m, pasteiro anual algo nitrificado, (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 06/03/1996, IPS, SANT 46995. >MUIÑOS, presa encoro de Salas, 29TNG8843, 880 m, pasteiro anual algo nitrificado (*Galio parisiense-Logfietum minimae subas. sedetosum arenarii*), 26/03/1997, IPS, SANT 46996. C. presa do encoro de Salas, 29TNG8843, 920 m, pasteiro anual algo nitrificado (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 09/05/1998, IPS, SANT 46997.

•**Bibliografía:** MORALES (1993).

— **Hirschfeldia** Moench —

■ ***Hirschfeldia incana*** (L.) Lagr.-Foss

Sinapis incana L.; *Erucastrum incanum* (L.) W.D.J. Koch

•**Descripción:** terófito con talo moi ramificado por enriba, piloso. Follas basais lirado-pinnatisectas, as superiores moito más pequenas, simples, non amplexicaules. Inflorescencia en acio moi alongado. Sépalos de 3-4mm. Pétalos de 6-9mm, amarelos. Froitos de 8-17 x 1,1,5 mm, erectos e adpresos. Ápice do froito non gradualmente atenuado. Face ás veces case tan longa coma as valvas, con 0-1 sementes. Pedicelos case tan grosos coma os froitos.

•**Distribución:** rexión mediterránea e irano-turánica. Introducida en moitos outros países. Amplamente estendida na Península Ibérica.

•**Hábitat:** ruderal e viaria, camiños e cunetas fundamentalmente. Adventicia.

•**Frecuencia:** moi rara.

Pregos herborizados: -

— **Lepidium** L. —

■ ***Lepidium heterophyllum*** Bentham

Lepidium campestre subsp. *heterophyllum* (Benth.) Rivas-Mart.; *Thlaspi heterophyllum* DC.

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso, pluricaule. Talos de ata 45 cm, erectos, con pelos curtos patentes. Follas da roseta pecioladas, enteiras, subglabras; follas caulinas sésiles, con lóbulos case

triangulares. Inflorescencia en acio terminal solitario ou ramificado, corimboso na antese e alongándose na frutificación. Flores pediceladas, con pedicelos patentes de 4-6 mm. pétalos brancos de 3-4 mm. Con 6 estames de anteras violáceas. Froito en siliqua de 4-6x3 mm, lxeiramente escotada no ápice; estilo que supera lxeiramente 1 mm no froito.

•**Distribución:** W e C Europa (introducida no N), Norteamérica e Nova Zelandia. P. Ibérica: fundamentalmente nos macizos hercinianos do W; falta no E.

•**Hábitat:** herbais de cunetas, prados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila-Vilameá, 29TNG7437, 460 m, cuneta de seixo areosa, 01/05/1993, IPS, SANT 47011. >Muíños, Maus de Salas-Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021_01, IPS, SANT 80293.

>PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pasteiro baixo muro, 13/07/1993, IPS, SANT 47010.

•**Bibliografía:** HERNÁNDEZ BERMEJO & CLEMENTE (1993).

— Lobularia Desv. —

■ *Lobularia maritima* (L.) Desv.

Clypeola maritima L.; *Lobularia strigulosa* (Kuntze) Willk.

•**Descripción:** hemicriptófito con cepa subterránea leñosa, pluricaule. Talos floríferos delgados, estriados, de ata 20 cm, pouco foliosos. Follas de lineares a lanceoladas ou espatuladas, de base atenuada en pseudopecíolo. Inflorescencia corimbiforme. Pétalos de 2,5-3 mm, con uña, brancos ou rosados. Con 6 estames de filamentos dilatados cara a base e anteras amarelas. Froito en siliqua de suborbicular a elíptica, de 2-3mm.

•**Distribución:** circunmediterránea e macaronésica; naturalizada no C e N Europa, N e C América, Australia, Oceanía. P. Ibérica: costas mediterráneas e atlánticas ata o Douro. Por enriba deste punto compórtase coma unha planta naturalizada.

•**Hábitat:** entullos e cunetas de núcleos rurais. Adventicia na Baixa Limia.

•**Frecuencia:** moi raro. Adventicia.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8447, 580 m, cemba entre hortas e estrada, 19/08/2012, IPS, SANT 65842. >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 350 m, entullo (adventicia), 27/11/1995, IPS, SANT 47024.

•**Bibliografía:** FERNANDES (1993).

— Lunaria L. —

■ *Lunaria annua* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos que poden alcanzar 1 m de altura. Follas ovado-cordiformes de marxe profundamente dentada. As inferiores pecioladas, diminuíndo cara arriba o tamaño do pecíolo; as finais xeralmente sésiles. Inflorescencia no acio ebracteado, ás veces con ramificacións laterais. Flores con 4 pétalos libres, de 14-25 mm, purpúreos ou purpúreo-avermellados, excepcionalmente brancos. Froitos en siliqua latisepta de 30-65-17-33 mm, con septo persistente.

•**Distribución:** SE Europa; cultivada e naturalizada con frecuencia en todo o continente europeo.

•**Hábitat:** naturalizada en cembas e sebes preto de núcleos rurais.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila-carretera OUR-540, 29TNG7539, 400 m, cemba, 25/03/2001, IPS, SANT 44790.

•**Bibliografía:** GARCÍA ADÁ (1993).



Brassicaceae *Capsella bursa-pastoris*



Brassicaceae *Cardamine hirsuta*



Brassicaceae *Coincyia monensis*



Brassicaceae *Erophyla verna*



Brassicaceae *Lobularia maritima*



Brassicaceae *Lunaria annua*



Brassicaceae *Murbeckiella boryi*



Brassicaceae *Raphanus raphanistrum*

— **Murbeckiella** Rothm. —

■ ***Murbeckiella boryi*** (Boiss.) Rothm.

• **Descripción:** hemicriptófito. Glabro ou con poucos pelos simples. Follas basais numerosas, enteras ou subenteiras. Follas caulinas de pinnatificadas a pinnatisectas. Inflorescencia en racimo. Flores tetrámeras. Pétalos blancos, emarginados (3-7 mm). Fruto en siliqua, con dehiscencia valvar (valvas non se enrolan na dehiscencia) e nervios lonxitudinais. Parte inferior (seminifera) máis ancha cá superior (estilar), a face que é moi reducida e asperma. Pedicelos de lonxitude menor de 1/3 da do fruto na madurez. Semente alada.

• **Distribución:** N África e P. Ibérica: Cordilleira Cantábrica, Montes de León, Sistemas Central e Ibérico e Serra Nevada.

• **Hábitat:** fisuras de rocha silícea en cumes da Serra do Xurés.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Alto da Nevosa, 29TNG7931, 1525 m, rupícola en pequena fenda de cume, 20/06/1997, IPS, SANT 46998. Serra do Xurés, c. Alto da Amoreira, 29TNG7729, 1400 m, rupícola en pequena fenda de cume, 22/05/1997, IPS, SANT 46999.

• **Bibliografía:** LUCEÑO (1993).

— **Raphanus** L. —

■ ***Raphanus raphanistrum*** L.

subsp. *raphanistrum*

• **Descripción:** terófito ás veces perennizante, sen raíz engrosada. Talos erectos, ramificados. Follas basais lirado-pinnatisectas, arrosetadas; as caulinas menos divididas, as superiores enteras. Flores en racimos ebracteados. Flores con pedicelos de 10-20 mm na antese. Pétalos con uña longa, xeralmente amarelos con nerviación violeta. Fruto en siliqua de 1,5-4 mm de anchura, monoliforme ou con estreitamentos en forma de contas dun colar, rematando nun pico.

• **Distribución:** circunmediterránea, S Europa, SW Asia e N África. P. Ibérica: ampliamente difundida.

• **Hábitat:** arvense e ruderal, campos de cultivo, entullos e chans removidos.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pasto baixo carballeira segada e antropizada, 24/02/2005, IPS, SANT 52376. >LOBIOS, 29TNG73, cultivo, 26/09/1992, IPS, SANT 47006. A Anta, 29TNG7537, 460 m, entre camiño e pasto anual oligótrofo, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 47009. A Portaxe, 29TNG7640, 370 m, sobre un entullo, 29/09/1995, IPS, SANT 47005. A Regada, 29TNG7837, 700 m, prados baixo o pobo, 06/03/1996, IPS, SANT 47007. Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 460 m, cuneta que baixa do pobo cara o río, 06/07/2019, IPS, SANT 77478.

• **Bibliografía:** HERNÁNDEZ BERMEJO (1993).

— **Rorippa** Scop. —

Herbáceas con talos foliosos. Follas enteras ou pinnadas. Flores en racimos corimbiformes. Pedicelos ebracteados. Cálice de 4 sépalos libres. Corola de 4 pétalos amarelos. Óvário súpero. Fruto en siliqua curta con relación á anchura.

• **Bibliografía:** MARTÍNEZ LABORDE (1993).

Clave de especies

1. Pedicelos frutíferos más longos que a siliqua	<i>R. amphibia</i>
Pedicelos frutíferos más curtos que a siliqua	<i>R. palustris</i>

■ *Rorippa amphibia* (L.) Besser

• **Descripción:** hemicriptófito con talo fistuloso, enraizante en nós inferiores. Follas inferiores pecioladas. Limbo de pinnatipartido a pinnatisecto, con lóbulos dentados (dentes agudos), ao final de maior tamaño. Pedicelo floral de maior tamaño que o froito. Pétalos amarelos de más de 2,5 mm. Estames con anteras romas. Estigma xeralmente más ancho có estilo. Froitos en sícula, frecuentemente vanos.

• **Distribución:** Europa, W e C Asia. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: dispersa pola 1/2 N.

• **Hábitat:** Marxes de ríos e arroios, chans encharcados e augas pouco profundas.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE>Muíños, Ponte Soutelo, río Limia, 29TNG8749, 560 m, baixo a ponte (*Phragmito-Magnocaricetea*), 02/07/1997, IPS, SANT 39114 e 47000. Idem 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 47065. >LOBIOS, encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos longamente inundados, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80838.

• **Citas previas:** PULGAR et al. (1998).

■ *Rorippa palustris* (L.) Besser

• **Descripción:** terófito, ás veces perennizante. Follas caulinas claramente auriculadas, co pecíolo ancho e conspicuamente alado. Sépalos de 1,6-1,8mm. Pétalos amarelos, menores ou iguais cós sépalos. Froitos con pedicelos patentes e parte seminífera lixeiramente arqueada e inclinada cara o ápice, 1-2 veces maiores cós seus pedicelos.

• **Distribución:** Europa, Asia e Norteamérica. Naturalizada en C e S América, África e Oceanía. P. Ibérica: dispersa no N.

• **Hábitat:** marxes de ríos, arroios e lugares húmidos.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia en la cabecera do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, comunitade de *Polygonum amphibium* e pradaría, zona con estiaxe, 09/07/1996, IPS, SANT 47002; 04/06/1997, SANT 52761 e 29/09/2005 J.Amigo & IPS, SANT 54051. Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 555 m, 02/09/2007, IPS, SANT 57708.

>LOBIOS, río Cabaleiro-Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, vexetación mixta de terófitos higrófilos e nitrófilos, zona temporalmente inundada, 10/05/1997, IPS, SANT 47003 e 07/10/2011, IPS, SANT 65269. >BANDE>Muíños, Ponte Soutelo, 29TNG8749, 560 m, marxe do río temporalmente desecado (*Phragmito-Magnocaricetea*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 47063.

— *Sisymbrium* L. —

■ *Sisymbrium officinale* (L.) Scop.

• **Descripción:** terófito. Talo único dividido na parte superior, piloso. Follas superiores hastadas, pilosas, con pelos ríxidos de base ancha. Flores de corola amarela en acio denso, laxo na frutificación. Froitos de menos de 2 cm, con pedicelo engrosado, da mesma anchura que o froito, erectos, adpresos ao eixo da infrutescencia.

• **Distribución:** subcosmopolita de orixe europeo, N África e Oriente próximo. Case toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** ruderal e viaria. Marxes de camiños, entullos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7342, 500 m, pradaría viaria nitrófila (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 28/05/1999, IPS, SANT 47023. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 400 m, pradaría nitrófila viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 10/09/1997, IPS, SANT 47022. >Muíños, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52888.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVA (1993b).

— Teesdalia R. Br. —

Herbáceas anuais de pequeno porte. Follas en roseta basal, de pinnatífidas a pinnatisectas. Inflorescencia corimbiforme. Flores hermafroditas con periantio dobre. Corola con 4 pétalos brancos. Androceo con 6 estames. Froito en sílicua.

•**Bibliografía:** S. ORTIZ(1993).

Clave de especies

1. Follas con lóbulos agudos; androceo con 4 (6) estames	<i>T. coronopifolia</i>
Follas con lóbulos obtusos; androceo con 6 estames	<i>T. nudicaulis</i>

■ *Teesdalia coronopifolia* (Bergeret) Thell.

•**Descripción:** terófito, xeralmente multicaule, menor de 20 cms. Follas maioritariamente en roseta basal, pecioladas, de lirado-pinatífidas a lirado-pinnatisectas, con lóbulos agudos. Inflorescencia en acio ebracteado, flores pediceladas. Corola con 4 pétalos brancos, subiguais, raramente os externos más longos. Androceo con 4 estames, raramente 6. Froito en sílicua angustisepta, con estilo subnulo.

•**Distribución:** S Europa, Madeira, Asia Menor e N África.

•**Hábitat:** pastizais anuais sobre chans areosos, de seixo, moi secos en verán.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Maus de Salas, contorna do encoro de Salas, 29TNG8842, 850 m, pasteiro anual oligótrofo algo nitrificado (*Galio parisense-Logfietum minimaee subas. sedetosum arenarii*), 26/03/1997, IPS, SANT 45397.

■ *Teesdalia nudicaulis* (L.) R. Br.

•**Descripción:** terófito, xeralmente multicaule e menor de 20 cm. Follas maioritariamente en roseta basal, de lirado-pinantífidas a lirado-pinnantiseptas, con lóbulos obtusos. Inflorescencia en acio ebracteado, flores con pedicelos que se沿igan ate 7 mm na frutificación. Corola con 4 pétalos brancos, os externos 0,8-2 x 0,5-1 mm, 1,5-2 veces más longos cós internos. Androceo con 6 estames. Froito en sílicua angustisepta, con estilo curto que non sobrepasa, ou apenas sobrepasa, a escotadura do ápice.

•**Distribución:** W, C e puntos dispersos do S de Europa. P. Ibérica: más escaso cara o N e o S.

•**Hábitat:** pastizais anuais oligótrofos e como nitrófila en cultivos e ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Golpellás, 29TNG9248, 880 m, cuneta con pasteiro anual nitrificado, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 47012. Golpellás, 29TNG9248, 880 m, cultivo, 22/03/1996, IPS, SANT 47013. >LOBIOS, Serra do Xurés, Torneiros-Portela do Home, 29TNG73, claro de matogueira, 15/04/1993, IPS, SANT 47014. Serra de Santa Eufemia-fronteira con Portugal, 29TNG7129, 1000 m, 01/05/1993, IPS, SANT 48895. Delás, 29TNG7739, 390 m,

prado baixo cemba, 02/02/2001, IPS, SANT 44347. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1141 m, pasteiro anual en chan areoso de granitos (*Airo praecocis-Sedetum arenariae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62423.

F. CUCURBITACEAE

— *Bryonia* L. —

■ *Bryonia dioica* Jacq.

Bryonia cretica subsp. *dioica* (Jacq.) Tutin

• **Descripción:** xeófito con talo gabeador, gabiáns simples. Follas pecioladas, alternas, de limbo palmatilobado e cordiforme na base. Flores pentámeras, as masculinas en acio con pedúnculo glanduloso, as femininas en corimbo con pedúnculo glabro ou glanduloso. Pedicelos florais con glándulas. Flores femininas con ovario ínfero parcialmenete soldado ao cálix, formando un hipanto e corola de pétalos branco-verdosos soldados na base e aberta en 5 lóbulos. Flores masculinas más pequenas, de 3-4 mm, con 5 estames de anteras monotecas, dos que 4 están soldados 2 a 2 e 1 libre, dando o aspecto de ser 3 estames. Froito bacciforme, liso, esférico, ata 10 mm de diámetro, verde de mozo e avermellado alaranzado na madurez.

• **Distribución:** subrexión mediterránea occidental e W Europa. Dispersa na Península Ibérica.

• **Hábitat:** orlas e claros de bosque, herbais escio-nitrófilos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Río Cados, A Ponte Nova, 29TNG8353, 680 m, 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 45287. Baños, 29TNG8448, 590 m, carballeira (cf *Rusco aculeti-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 20/05/1996, IPS, SANT 45288. Porto Quintela-campamento romano, 29TNG8447, 560 m, orla de aliseda, 08/08/2007, IPS, SANT 57559. >LOBIOS, Fondevila-Vilameá, 29TNG7536, 420 m, muro bravo, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 45289. Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 500 m, brava na contorna dunha fonte dentro da aldea, 06/07/2019, IPS, SANT 77486. >Muíños, Barrio-Mugueimes, 29TNG8345, 640 m, pradaría vivaz escionitrófila (*Geranio-Caryophyllum sempervirentis*), 07/06/1996, IPS, SANT 45286. Reparade, río Salas, A Ponte, 29TNG820421, 680 m, aliseda (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/07/1993, IPS, SANT 45290.

• **Bibliografía:** CATALÁN (1993a).

F. CYTINACEAE

— *Cytinus* L. —

■ *Cytinus hypocistis* (L.) L.

• **Descripción:** xeófito. Planta carnosa sen clorofila, parásita de distintas especies da familia cistáceas. Talos curtos de aspecto mazudo. Follas imbricadas, as hipoxeas esbrancuxadas e epixeas amarelo-alaranzadas ou incluso avermelladas no ápice. Inflorescencia en espiga capituliforme densa, terminal, con flores unisexuais na axila das brácteas. Flores con 2 bractéolas avermelladas adnatas na base do periantio, as masculinas internas ou superiores e as femininas externas ou inferiores e de maior tamaño. Periantio amarelo, persistente, con 4 lóbulos. Androceo con 8-10 estames soldados á columna e cujas anteras a rodean, formando unha especie de anel. Froito amarelo de 5-10 mm de diámetro.

• **Distribución:** rexión mediterránea, polo N ata Turquía e polo S de Marrocos ao Líbano.

• **Hábitat:** breixeira no piso supratemperado. Parásita de cistáceas, especialmente de *Halimium lasianthum* subsp. *alyssoides*.

• **Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés-Gerês, 29TNG7930, 1426 m, matogueira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broteriana*), 27/05/2004, IPS, SANT 51058; observ.: parasito de cistáceas.

•**Bibliografía:** VILLAR (1997a).

F. DROSERACEAE

— *Drosera* L. —

■ *Drosera rotundifolia* L.

•**Descripción:** xeófito rizomatoso sen verdadeiras raíces. planta carnívora. Follas en roseta basal, con pecíolo más longo có limbo. Limbo suborbicular ou elíptico-orbicular, de 4,5-18 mm de anchura, bruscamente contráido no pecíolo. Face con pelos flandulíferos. Escapos de 1-3, de 7-25 cm, erectos, con 6-10 flores. Cáliz persistente de 3,5-4 mm, acrecente na frutificación. Corola con 5 pétalos libres, brancos de 4,5-5 mm, marcescentes. Androceo con 5 estames. Ovario súpero con 3 carpelos soldados e 3 estilos bifidos. Froito en cápsula dehiscente por 3 valvas.

•**Distribución:** Europa, excepto o extremo meridional, Asia, Groenlandia e N de América. Na Península Ibérica no N, C e Serra Nevada.

•**Hábitat:** turbeiras, marxes de regatos con chan permanentemente húmido.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 540 m, superficie encharcada con algas, parcialmente desecada, 29/04/1993, IPS, SANT 45349. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, cumba rochosa rezumante con acumulación de chan en fisuras, plataformas, fisuras, 19/07/2012, IPS, SANT 65914. >Muíños, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chan esquelético inundado gran parte do ano e con densa cobertura muscinal, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 45348. Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chan esquelético inundado gran parte do ano e con densa cobertura muscinal, 03/10/1995, IPS, SANT 45347.

•**Bibliografía:** PAIVA (1997a).

F. ERICACEAE

Clave de xéneros

1. Follas de máis de 5 mm de ancho	2
Follas de menos de 5 mm de ancho	3
2. Arbusto perennifolio de ata 5 m; froito maduro avermellado	<i>Arbutus</i>
Arbusto caducifolio de menos de 1 m; froito maduro violáceo	<i>Vaccinium</i>
3. Follas escuamiformes	<i>Calluna</i>
Follas non escuamiformes	4
4. Follas planas tomentosas polo envés	<i>Daboecia</i>
Follas ericoides ou se planas entón non tomentosas polo envés	<i>Erica</i>

— *Arbutus* L. —

■ *Arbutus unedo* L.

•**Descripción:** fanerófito arbustivo perennifolio, en ocasións arbóreo, ata 5 m de altura coa cortiza de tronco e sobre todo ramiñas pardento-avermelladas. Follas de ata 10 x 4 cm, lauroides, de

marxe serrada, brillantes pola face e mate e pálidas polo envés, curtamente pecioladas, glabras. Inflorescencia en panículas colgantes con raque avermellados. Cáliz con 5 sépalos verdes. Corola de pétalos soldados, branca, de 7-8 mm, con 5 dentes revoltos. Estames inclusos con anteras apendiculadas. Ovario glabro. Froito globoso, tuberculado, carnoso, vermelho na madurez.

•**Distribución:** S Europa (chega polo NW ata Irlanda), N África, Palestina e Macaronesia. P. Ibérica: amplamente espallado.

•**Hábitat:** vexetación arbustiva de substitución das carballeiras termófilas con sobreiras e no interior do propio bosque.

•**Frecuencia:** común. Abundante no occidente da Baixa Limia, ausente no resto.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 790 m, arbustral con érbedo (*Pruno lusitanicae-Arbutetum unedonis*), 07/1992, IPS, SANT 53175. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 01/1993, IPS, SANT 53174. Serra do Xurés, A Cegañeira, 29TNG7330, 730 m, arbustral con érbedo (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 05/1996, IPS, SANT 53052. Torneiros-Portela do Home, Xeneanas, 29TNG7231, 587 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 07/10/2004, IPS, SANT 51832.

•**Bibliografía:** BELLOT (1951); VILLAR (1993a).

— Calluna Salisb. —

■ *Calluna vulgaris* (L.) Hull

•**Descripción:** nanofanerófita arbustivo. Follas 1-3,5 mm, opostas, decusadas, imbricadas, escuamiformes, espolonadas na base. Flores curtamente pediceladas en acios terminais espiciformes, tetrámeras, con numerosas bractéolas aplicadas e ciliadas na base. Cáliz petaloideo, maior cá corola, cos sépalos libres entre si. Corola de 2-3 mm, rosada. Estames inclusos con anteras apendiculadas. Ovario súpero, piloso. Froito en cápsula con numerosas sementes.

•**Distribución:** Europa e NW África. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** breixeiras e toxeiras lixeiramente mesófilos en ambiente fresco e lixeiramente edafohigrófilos. Silicícola.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, 29TNG7642, 461 m, matogueira en rexeneración post-incendio con erbedal, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73406. >LOBIOS, Serra do Xurés, c. Marabaixo, 29TNG7931, 1390 m, breixeira, 07/1992, IPS, SANT 53178. A Herdadiña, 29TNG7743, 340 m, erbedal (*Daphne gnidii-Arbutetum unedonis*), 23/05/1997, IPS, SANT 53160. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1300 m, matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 03/09/1997/1, IPS, SANT 53168. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 930 m, breixeira con algo de humidade edáfica (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 04/09/1997, IPS 52993. Monte de Ganceiros, A Angueira, 29TNG7840, 450 m, toxeira-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*) baixo piñeiral adulto de repobocación, 24/09/1999, IPS, SANT 53165; *observ.*: exemplar albino. Val do río Caldo, A Ponte Nova, vía Romana, 29TNG7331, 580 m, toxeira-breixeira, 16/01/2011, IPS, SANT 64194. Serra do Xurés, Cabezos de Moudelo, Pedra Furada, 29TNG7529, 1290 m, breixeira (exemplar de flores albinas xunto a outros de coloración normal), 06/09/2012, IPS, R.Perdiz, SANT 68408. >MUIÑOS, San Fiz-ponte que cruza o Encoro das Conchas (Km 4'5), 29TNG8, m, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 56336. Prado-Salgueiro, 29TNG8540, 945 m, breixeira lixeiramente edafohigrófila (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 07/10/2004, IPS, SANT 51827.

•**Bibliografía:** VILLAR (1993b).



Brassicaceae *Rorippa palustris*




Brassicaceae *Sisymbrium officinale*



Brassicaceae *Teesdalia coronopifolia*



Cucurbitaceae *Bryonia dioica*



Cytinaceae *Cyttinus hypocistis*



Droseraceae *Drosera rotundifolia*



Ericaceae *Arbutus unedo*



Ericaceae *Calluna vulgaris*

— Daboecia D. Don. —

■ **Daboecia cantabrica** (Huds.) C. Koch

Daboecia polyfolia (Juss.) D. Don; *Brianthus polyfolius* (Juss.) Merino

•**Descripción:** caméfito ou fanerófito de follas alternas brevemente pecioladas; limbo de 10-14 x 2-5 mm, coa marxe lixeiramente revoluta, verdes pola face e branco-tomentosas polo envés. Flores tetrámeras, colgantes en acios terminais laxos, con pétalos soldados de 11-15 x 5-8 mm, purpúreos. Androceo cos estames inclusos e anteras saxitadas na base, más longas cós filamentos. Ovario con pelos glandulosos.

•**Distribución:** SW de Europa baixo clima temperado (W de Irlanda e Francia e N e NW da Península Ibérica).

•**Hábitat:** Breixeira-toxeira mesófila e higrófila.

•**Frecuencia:** abundante no occidente da Baixa Limia. Escaso no resto do territorio.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Serra do Leboreiro s.l., río do Foxo, 29TNG7857, 1050 m, breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 17/06/2002, IPS & D.Manso, SANT 47174. >**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7333, 450 m, breixeira-toxeira (*Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*), 11/07/1992, IPS, SANT 52992. Ludeiros, Cimadevila, 29TNG7136, 540 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53009. >**VEREA**, Braña de Outeiro de Aguas, 29TNG8059, 1000 m, matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis*), 11/10/1996, IPS, SANT 53162.

•**Bibliografía:** GÓMEZ (1993).

— Erica L. —

Arbustos con follas estreitas de marxe revolto, verticiladas, curtamente pecioladas parecendo case sé-siles. Flores hermafroditas con periantio dobre, pediceladas, con bractéolas, tetrámeras. Corola de pétalos soldada con dentes curtos ao ápice, urceolada ou asimétricamente tubulares. Estames 8, inclusos ou exertos. Ovario súpero. Froito en cápsula dehiscente por 4 valvas e con numerosas sementes.

•**Bibliografía:** BAYER (1993).

Clave de especies

1. Flores brancas	<i>E. arborea</i>
Flores de outra cor	2
2. Follas planas; ciliadas nos marxes	3
Follas ericoides; non viliadas nos bodos	4
3. Inflorescencia en glomérulos densos	<i>E. tetralix</i>
Inflorescencia en acios alongados	<i>E. ciliaris</i>
4. Inflorescencias en umbelas terminais	<i>E. umbellata</i>
Inflorescencias non en umbelas terminais	5
5. Corola urceolada	<i>E. cinerea</i>
Corola campanulada	<i>E. australis</i>

■ **Erica arborea** L.

•**Descripción:** fanerófito ata 4 m. Ramas novas con pelos patentes, lisos e denticulado-equinados. Follas en verticilos de 3-4 lineares, de 3-9 x 0,5-0,7 mm, revolutas que non permiten ver o envés. Inflorescencias moi numerosas, umbeliformes, no ápice curtas ramíñas laterais. Pedicelos

de 2-5 mm, glabros con bractéolas insertas na súa metade inferior. Corola branca, de 2-3,5 mm, con lóbulos apicales erectos. Estames inclusos con anteras apendiculadas, dorsifixas.

•**Distribución:** rexión mediterránea, Macaronesia, N e E de África. Presente na meirande parte da Península Ibérica.

•**Hábitat:** orlas e ambientes forestais, breixeiras sobre chans frescos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Monte de Galez sobre encoro do Lindoso, 29TNG7439, 370 m, érbedo (*Daphno gnidii-Arbutetum unedonis*), 09/05/1996, IPS, SANT 52999. >LOBIOS, Baños de Riocaldo-Portela do Home, 29TNG73, 04/1992, IPS, SANT 53154. Serra do Xurés, c. Portela Amoreira, mina-picós da fronteira, 29TNG7830, 1400 m, 26/07/1992, IPS, SANT 53151. Serra do Xurés, c. Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1400 m, 26/07/1992, IPS, SANT 53152. Serra do Xurés, c. Portela Amoreira, ladeira contraria á mina, 29TNG7830, 1300 m, breixeira, 23/05/1995, IPS, SANT 53150. Serra do Xurés, 29TNG7730, 1400 m, breixeira sobre chans profundos entre penedos, 14/06/1995, IPS, SANT 53053. Serra da Cruz do Piñeiro (Xurés), Outeiro de Margómez, 29TNG7330, 810 m, 19/03/1997, IPS, SANT 52998. Ludeiros, 29TNG7137, 500 m, sobre cembra, 22/04/2005, IPS, SANT 52959. >Muíños, Porqueirós-presa Encoro de Salas (Canteira de Campelos), 29TNG8842, 860 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 53132. Idem 04/05/1996, IPS, SANT 53163. Portela de Pitones, 29TNG8736, 1180 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 53153.

■ *Erica australis* L.

E. aragonensis Willk.; *E. australis* subsp. *aragonensis* (Willk.) Cout.; *E. occidentalis* Merino

•**Descripción:** fanerófito arbustivo que pode chegar a medir 2 m de altura. Follas de 3-7 x 0,4-0,8 mm, en verticilos de 4, erecto-patentes, lineares, revolutas que non permiten apreciar o envés. Inflorescencias umbeliformes no ápice das ramiñas laterais. Flores pediceladas. Sépalos avermellados. Corola de pétalos soldados, tubular, rosada. Estames coas anteras inclusas ou co ápice levemente exerto. Apéndices de anteras laciñados ou dentados. Ovario piloso.

•**Distribución:** P. Ibérica (N ,C e W) e NW África.

•**Hábitat:** brexeiras e brexeira-toxeira.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7239, 370 m, brexeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthii*), 08/03/2004, IPS, SANT 50309. >LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Pico da Nevosa, 29TNG7930, 1400 m, brexeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broterana*), 26/07/1992, IPS, SANT 52994. c. Fronteira de A Madanela, 29TNG6936, 440 m, brexeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthii*), 01/03/2004, IPS, SANT 50385. >Muíños, presa Encoro de Salas-Requiás, 29TNG8740, 890 m, brexeira-toxeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifoli*), 07/04/2002, IPS, SANT 46653. Salgueiros, 29TNG8539, 1000 m, brexeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifoli*), 22/04/2002, IPS, SANT 46976.

■ *Erica ciliaris* Loefl. ex L.

•**Descripción:** caméfito ou fanerófito. Talos novos pardento-avermellados con indumento de pelos glandulíferos e non glandulíferos. Follas en verticilos de 3-4, lanceoladas ou ovais, patentes, pilosas ou glabrescentes e xeralmente en cilios, glandulíferos ou non. Inflorescencia en acio. Flores pediceladas con bractéolas. Corola tubular-urceolada, curvada, rosa intenso ou púrpura, con lóbulos re-curvados. Anteras dorsifixas sen apéndice, inclusas ou co ápice lixeiramente exerto. Ovario glabro.

•**Distribución:** W de Europa e N de África. Na Península Ibérica na Cornixa Cantábrica e no W.

•**Hábitat:** Brexeira higrofíla. Preferentemente no piso mesotemperado occidental, áinda que ascede seguindo o curso dos ríos ata máis de 1000 m de altura na Serra do Xurés.

•**Frecuencia:** común; zona occidental.

•Pregos herborizados:

>ENTRIMO, c. Frontera Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78876. >LOBIOS, Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 800 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 07/1992, IPS, SANT 52991. Valle do río Caldo, A Ponte Nova-pista de Santa Eufemia, 29TNG7230, 600 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 29/04/1993, IPS, SANT 52990. Padrendo-A Magdalena, 29TNG7236, 540 m, breixeira-toxeira higrófilo alrededor de arroyo (*Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*), 20/06/1996, IPS, SANT 52987. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1050 m, zona húmeda con regato estacional, preto do seu nacemento (*Genistion micrantho-anglicae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49201. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7131 (4331085/571218), 919 m, matogueira higrófila con *Ulex minor* (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62181. A Ponte Nova-Portela do Home, 29TNG7331, 590 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 16/01/2011, IPS, SANT 64187. Serra do Xurés, 29TNG7732, 918 m, valgada con matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 18/06/2011, IPS, SANT 65262.

■ *Erica cinerea* L.

•Descripción: caméfito o fanerófita. Cortiza pardento-avermellada. Ramas sen pelos. Follas en verticilos de 3, erecto-patentes, revolutas ocultando o envés, lineares ou lanceolado-lineares, xeralmente con fascículos de follas axilares. Inflorescencias paniculiformes integradas por acios umbeliformes terminais e laterais. Flores pediceladas con bractéolas. Corola urceolada, purpúrea, rosada ou violácea. Sépalos sen pelos. Anteras inclusas, apendiculadas, dorsifixas. Ovario glabro.

•Distribución: C e W de Europa, Liguria, Córsega, Transilvania e Madeira. Na Península Ibérica na metade N e rara cara o E.

•Hábitat: Breixeiras e breixeira-toxeiras na práctica totalidade do territorio.

•Frecuencia: moi abundante.

•Pregos herborizados:

>ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7239, 380 m, madroñal (*Daphno gnidii-Arbutetum unedonis*), 22/05/1995, IPS, SANT 53147. >LOBIOS, c. Torneiros, 29TNG7333, 450 m, orla de carballeira termófila alterada, 11/07/1992, IPS, SANT 53148. Serra do Xurés, c. Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, breixeira sobre chans erosionados (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 07/1992, IPS, SANT 53149. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7731, 1100 m, breixeira sobre chans erosionados (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 13/06/1995, IPS, SANT 53054. Serra do Xurés, 29TNG7430, 800 m, marxe de pista forestal, 04/09/1997, IPS, SANT 53167; observ.: exemplar albino + exemplar normal. >MUÍÑOS, Porqueirós-presa Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, 04/05/1996, IPS, SANT 53161. Prado-Salgueiro, 29TNG8540, 945 m, breixeira ligeramente edafohigrófilo (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 07/10/2004, IPS, SANT 51826.

■ *Erica tetralix* L.

•Descripción: caméfito ou fanerófita. Cortiza pardento-avermellada con indumento con peluxe branca. Follas en verticilos de 4, erecto-patentes ou patentes, ciliadas con pelos glandulosos ou non glandulosos e entón de maior tamaño. Inflorescencias terminais umbeliformes. Sépalos revolto no ápice, con cílios glandulíferos apicais. Corola rosada ou avermellada, urceolada, de 6-7,5 mm, con lóbulos patentes ou reflexos. Anteras apendiculadas, dorsifixas. Ovario moi piloso.

•Distribución: N e W de Europa. Na Península Ibérica no N, C e cadrante NW.

•Hábitat: matogueiras higrófilas preferentemente no piso supratemperado. Descende ao mesotemperado ao refuxio de terreos higroturbosos.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>CALVOS DE RANDÍN, Golpellás. 29TNG9247, 870 m., matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 19/06/2018, IPS, SANT 77068. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80224. >ENTRIMO, Frontera Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78787. >LOBEIRA?, Serra das Motas, 29TNG7756, 1110 m, turbeira e matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 52989.

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1300 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 26/07/1992, IPS, SANT 53050. A Ponte Nova- pista vivero Santa Eufemia, 29TNG7231, 600 m, terreo lameiro arredor de regato (*Genistion micrantho-anglicae*) con plantas turfófilas (*Drosera rotundifolia*, etc.), 29/04/1993, IPS, SANT 53051. Saa-A Regada, 29TNG7737, 670 m, matogueira higrófila sobre regato (*Genistion micrantho-anglicae*), 09/07/1993, IPS, SANT 53049. Serra do Xurés. 29TNG7732, 1050 m, matogueira higrófila en orla de fervenza (*Genistion micrantho-anglicae*), 13/06/1995, IPS, SANT 53048. Padrendo-Portela de A Magdalena, 29TNG7136, 600 m, matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis*), 20/06/1996, IPS, SANT 53056. Serra do Xurés, baixo Chan do Frieiro, 29TNG7733 e 29TNG7732, 1050 m, matogueira higrófila en orla de fervenza (*Genistion micrantho-anglicae*), 22/08/1997, IPS, SANT 52988. Saa-A Regada, 29TNG7737, 670 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 09/09/1997/1, IPS, SANT 53164. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1040 m, zona húmida en nacemento de regato (*Genistion micrantho-anglicae*), 06/07/2003, IPS, SANT 49202. Serra do Xurés, c. Escada Paredes, 29TNG779324, 1120 m, pradaria sobre manantial en ladeira, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59515. Serra do Xurés, 29TNG7732, 918 m, valgada, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 18/06/2011, IPS, SANT 65261. >Muíños, Serra do Pisco, c. Portela de Pitons, 29TNG8736, 1150 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 53055.

■ *Erica umbellata* Loefl. ex L.

•**Descripción:** caméfito de menos de 50 cm. Talos de cortiza pardento-avermellada. Follas de 2-4,5 x 0,4-0,7 mm, en verticilos de 3, revolutas que non permiten ver o envés. Inflorescencias en umbelas terminais. Flores con pedicelos de 3-5 mm, pubescentes, con bractéolas adosadas ao cálix. Corola de 3,5-5,5 mm, rosada ou purpúrea Anteras dorsifixas, exertas, non apendiculadas. Ovario glabro.

•**Distribución:** Península Ibérica (metade W) e NW África.

•**Hábitat:** breixeira-toxeiral e brexeiras en chans descarnados.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, breixeira aclarada, chans erosionados (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 07/1992, IPS, SANT 53142. Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 800 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 07/1992, IPS, SANT 53143 e 53146. Serra do Xurés, Marabaixo, 29TNG7931, 1390 m, breixeira, 07/1992, IPS, SANT 53177. Torneiros, 29TNG7333, 450 m, orla de carballeira termófila alterada, 11/07/1992, IPS, SANT 53141. Serra do Xurés, 29TNG7830, 1450 m, breixeira aclarada, chans erosionados (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 26/07/1993, IPS, SANT 53144. Serra do Xurés, Serra do Xurés, 29TNG7735, 990 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 27/05/2003, IPS, SANT 49498. >Muíños, Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 04/05/1996, IPS, SANT 53145.

— *Vaccinium* L. —

■ *Vaccinium myrtillus* L.

•**Descripción:** caméfito ou fanerófito. Talos novos angulosos, verdes, con 4 costelas ben marcadas. Follas de lanceoladas a suborbiculares, dentadas, más ou menos agudas, de cor verde franca por ambas faces, caducifolias. Flores pediceladas na axila das follas, con pedicelos más curtos cá corola. Corola de pétais soldados, urceolada. Androceo cos estames inclusos e anteras apendiculadas. Froito en baga globosa, negro-azulada, pruinosa, doce.

•**Distribución:** Europa, Asia e N de América. Na Península Ibérica no N e nos sistemas Central e Ibérico.

•**Hábitat:** sotobosque de bosques supratemperados e claros de breixeira e penedos no mesmo piso.

•**Frecuencia:** común; por encima de 700 m.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA?, Senderiz, 29TNG7851, 800 m, bosque supratemperado (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 26/10/2000, IPS, SANT 44335. >LOBIOS, Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7930, 1400 m, claros de breixeira, 26/07/1992, IPS, SANT 52996. Serra do Xurés, As Cabanillas, 29TNG7330, 820 m, arbustral con érbedo (*Pruno lusitanicae-Ar-*



Ericaceae *Daboecia cantabrica*



Ericaceae *Erica arborea*



Ericaceae *Erica australis*



Ericaceae *Erica ciliaris*



Ericaceae *Erica cinerea*



Ericaceae *Erica tetralix*



Ericaceae *Erica umbellata*



Ericaceae *Vaccinium myrtillus*

butetum unedonis), 07/1992, IPS, SANT 53176. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, gretas de grandes rochas graníticas, 23/05/1995, IPS, SANT 52995. Serra do Xurés-Gerês, A Ourela dos Rubios, 29TNG8131, 1413 m, baixo bidueiral alterado (incêndios), 27/05/2004, IPS, SANT 51053. >Muíños, Albite-picos de As Gralleiras, 29TNG83, 02/1993, IPS, SANT 52997. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1230 m, chans frescos protexidos de incendios por grandes rochas de granitos, 08/08/2007, IPS, SANT 57429.

•**Bibliografía:** VILLAR (1993c).

F. EUPHORBIACEAE

Clave de xéneros

1. Plantas con latex; ovario con 3 lóculos	Euphorbia
Plantas sen látex; ovario con 2 lóculos	Mercurialis

— *Euphorbia* L. —

Plantas con látex. Follas alternas, sen estípulas. Inflorescencia cimosa, bracteada, que forma inflorescencias complexas cuxa unidade básica é un cianto funcionalmente hermafrodita (4 nectarios, flores masculinas reunidas en 5 cincinios e unha única flor feminina central). Nectarios apendiculados (con cornos) ou sen apéndices. Froito en cápsula trilocular. Cucas lisas ou ornamentadas. Sementes con carúncula.

•**Bibliografía:** BENEDÍ *et al.* (1997).

Clave de especies

1. Glándulas do ciato con cornos	2
Glándulas do ciato sen cornos	4
2. Sementes de corpo liso	<i>E. amygdaloides</i>
Sementes de corpo ornamentado	3
3. Planta anual de menos de 20 cm; follas alternas	<i>E. peplus</i>
Planta bienal de máis de 50 cm; follas opostas, decusadas	<i>E. lathyris</i>
4. Cucas do froito lisas	<i>E. helioscopia</i>
Cucas do froito ornamentadas	5
5. Plantas erectas, robustas; cucas regular e intensamente tuberculadas	<i>E. hyberna</i>
Plantas ascendentes; cucas irregularmente tuberculadas	6
6. Rizoma moi fino con tubérculos ovoides ou subglobosos; talos angulosos, costelas saíntes	<i>E. angulata</i>
Rizoma grosso con tubérculos longamente cónicos; talos pouco angulosos	<i>E. dulcis</i>

■ *Euphorbia amygdaloides* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma leñoso reptante. Talos de ata 90 cm, algo leñosos na base. Follas alternas sen estípulas, as de talos verdes concrescentes na 1/2 proximal, oblanceoladas, atenuadas na base, curtamente pecioladas. Brácteas dos ciantos soldadas entre si. Nectarios do ciatio corniculados, con puntas finas > 1 mm. Flores unisexuais, as masculinas representadas por un só estame e as femininas polo ovario trilocular. Froito en cápsula glabra, de lisa a finamente granulada. Sementes lisas, negredas. Florece ao segundo ano.

•**Distribución:** Europa e Cáucaso ata Irán, N de África. Introducida en Sudáfrica. P. Ibérica: frecuente en N, W e algunhas serras do S.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Río Caldo-Vilameá, 400 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 45024. Río Caldo, 29TNG7331, 500 m, saueda de bordo de río, 09/05/1996, IPS, SANT 45022. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7230, 630 m, marxe de regato, 09/05/1996, IPS, SANT 75350. >Muíños, A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, formación de megafórbicos de orla de bideiral, 27/05/2011, IPS, SANT 64731. Presa Encoro de Salas-Requiás, Regato da Ponte Nova, 29TNG8740, 850 m, pradaría megafórbica entre grandes bolos de granito que delimitan o cauce (*Alliarion petiolatae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78871. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, aliseda riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81286.

■ *Euphorbia angulata* Jacq.

•**Descripción:** xeófito con rizoma articulado, descontinuo, con tubérculos ovoides ou subglobosos. Talos glabros ou con pilosidadee laxa, con finas costelas angulosas más apreciables na parte superior. Follas caulinas 12-28 x 5-11 mm, de base truncada. Glándulas do ciatio ovaladas, enteiras, que mudan de cor coa madurez, de verde-amarellentas a pardento escura. Froito en cápsula verrucosa. Sementes lisas, pardas na madurez.

As diferenzas más significativas entre esta especie e a siguiente (*E. dulcis*) atópanse no rizoma, que é necesario observar para unha determinación precisa.

•**Distribución:** C, W e S Europa, chegando a Rusia Central e Austral. P. Ibérica: montañas do N e C.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas en ambiente nemoral.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Quegas, 29TNG7347, 1000 m, sotobosque de carballeira, 10/05/1997, IPS, SANT 45020. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 515 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78872. >Muíños, A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, formación de megafórbicos de orla de bideiral, 27/05/2011, IPS, SANT 64730 e 64805. Fornadeiros-A Pousa, 29TNG8848, 760 m, bideiral en valgada, rodeado de cerquiños con algún carballo, 18/06/2020, IPS, SANT 78873.

■ *Euphorbia dulcis* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma articulado con fragmentos continuos grosos, con tubérculos longamente cónicos. Talo de 2 mm de espesor, coas costelas pouco resaltadas, escamoso na base. Follas 25-60 x 10-14 mm, de base cuneada ou atenuada, con limbo de base atenuada e indumento laxo de pelos aplicados. Brácteas da inflorescencia libres entre si. Glándulas do ciatio ovaladas, enteiras, finalmente violáceo-negrecidas. Froitos en cápsula con tubérculos desiguais. Semente lisa. Carúncula reniforme.

•**Distribución:** C, W e N Europa, chegando ao N Rusia. P. Ibérica: montañas do N e NW.

•**Hábitat:** bosques e prados húmedos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, río Cadós, 29TNG8352, 680 m, orla de aliseda, 10/07/1996, IPS, SANT 75354. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, bordo de regato que pasa por cerquiño, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, pista baixo bosque plantado de faias, 29TNG7129, 850 m, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 75353. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7230, 630 m, marxe de regato, 09/05/1996, IPS, SANT 75355. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 750 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercketum roboris*),

10/05/1996, IPS, SANT 45023 e 75358. Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 420 m, aliseda (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77488. >ENTRIMO, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, aliseda riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65865. >Muíños, presa do Encoro de Salas-Requiás, 29TNG8639, 900 m, chans profundos baixo parede granítica zumegante, 20/04/1996, IPS, SANT 75352. Piñoi-Cados, 29TNG8244, 620 m, sotobosque de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii*), 04/05/1996, IPS, SANT 45021 e 75351. Porqueirós-presa encoro de Salas, 29TNG8643, 834 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii*) 07/06/1996, IPS, SANT 75356. Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, bideiral de valgada (*Carici reuteriana-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63039. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, aliseda riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS, SANT 81281.

■ *Euphorbia helioscopia* L.

•**Descripción:** terófito. Anual ou bienal. Unicaule ou con poucas ramas fértiles na base. Talos glabros ou pilosos, con follas alternas prontamente caducas, especialmente as inferiores, serruladas cara o ápice. Brácteas da inflorescencia e os ciátios libres. Nectarios ovais, enteros (sen cornos), amarelentos. Froito en cápsula lisa, glabra, redondeada. Sementes reticulado-rugosas de cor parda escura e negra. Carúncula lateral.

•**Distribución:** subcosmopolita. Amplamente espallada nas rexións temperadas do planeta.

•**Hábitat:** cultivos, baldíos.

•**Frecuencia:** ¿común?

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Xendive, 29TNG7741, 400 m, mala herba en cultivo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 22/03/1996, IPS, SANT 44977.

■ *Euphorbia hyberna* L.

subsp. *hyberna*

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma, xeralmente con máis de un talo robusto de ata 70 cm de lonxitude. Follas medias e superiores de 4-10 cm, sésiles, simples, enteras, con ápice obtuso e base truncada ou redondeada, glabras na face e pubescentes no envés; as inferiores de menor lonxitude e prontamente caducas as da base do talo. Brácteas do ciato libres. Nectarios de marxe externa redondeados, sen cornos, pardento-amarelentos a purpúreos. Cápsula más ancha cá longa, con tubérculos digitiformes verrugosos. Unha semiente lisa de cor castaña-grisácea. Sementes lisas coa curúncula lateral.

•**Distribución:** Europa occidental baixo clima atlántico. P. Ibérica: N e NW.

•**Hábitat:** carballeiras e bideirais do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, A Barxa-Couso, 29TNG8537, 1100 m, sotobosque de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/07/1997, IPS, SANT 44978 e 75357. A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, sotobosque de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS.

■ *Euphorbia lathyris* L.

•**Descripción:** hemicriptófito bienal, de máis de 1 m. Talos fistulosos, glabros, glaucos. Follas enteras, decusadas; as inferiores sésiles e as caulinas amplexicaules. Inflorescencias en ciatos. Nectarios amarelentos con dous apéndices ou cornos de menos de 2 mm. Flores unisexuais sen periantio, as masculinas representadas por un só estame dispostas na inflorescencia formando cincinios arredor da única flor e as femininas polo ovario trilocular. Froito en cápsula con 3 cocas lisas, con 1 semiente por lóculo. Sementes co corpo rugoso e reticulado-alveolado, con carúncula terminal cónica e prontamente caduca.

- Distribución:** Asia Central e China. Naturalizada en case todo o mundo.
- Hábitat:** adventicia observada na base de muros de fincas e casas de núcleos rurais.
- Frecuencia:** moi raro.
- Pregos herborizados:**
 - >Muíños, Maus de Salas, 29TNG8943, 860 m, base de muro que delimita casa e horta, escapada de cultivo, 15/07/2000, IPS, SANT 44847.

■ *Euphorbia peplus* L.

- Descripción:** terófito. Follas 1-2 veces más longas cá anchas, con pecíolo 1-6 mm. Inflorescencias en ciatos. Flores unisexuais sen periantio, as masculinas representadas por 1 só estame dispostas na inflorescencia formando cincinios que rodean á única flor e as femininas polo ovario trilocular. Nectarios corniformes. Cápsula lisa cunha quilla dobremnte alada no envés de cada lóculo, trilocular. Sementes con dous sucos lonxitudinais na parte ventral e fochiñas no envés e flancos.
- Distribución:** Europa, W de Asia, N de África, Macaronesia. Naturalizada en S de África, América e Oceanía.
- Hábitat:** pasteiros anuais ruderalizados.
- Frecuencia:** común.
- Pregos herborizados:**
 - >ENTRIMO, Asperelo, 29TNG7541, 470 m, muro e a súa base, 12/03/1999, IPS, SANT 47070. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 410 m, pasteiro anual nitrificado, 21/03/1996, IPS, SANT 44979. Fondevila, 29TNG7639, 410 m, muro e xardín, 18/01/1998, IPS, SANT 44980.

— *Mercurialis* L. —

■ *Mercurialis ambigua* L.


- Descripción:** terófito, talos algo ciliados, como mínimo nos nós, sen látex, androdioicas. Follas con pecíolo que pode alcanzar a lonxitude do limbo. Limbo con cilios de máis de 4 mm. Inflorescencia con flomerulos de flores en acios axilares interrumpidos. A sexualidade é variable, existindo plantas con unicamente flores unisexuais (masculinas, androdioicas) e outras con flores hermafroditas, de onde procede o epíteto específico “ambigua”. Flores apétalas. Cáliz formado por 3 sépalos membranosos soldados na base. Ovario con 2 carpelos soldados. Froito en cápsula con 2 mericarplos monospermios.
- Distribución:** Poliploide orixinario do mediterráneo occidental e que na actualidade se considera subcosmopolita nas rexións temperadas de todos os continentes.
- Hábitat:** ambientes ruderalizados, muros, pés de muros, camiños, etc.
- Frecuencia:** común.
- Pregos herborizados:**
 - >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7041, 520 m, muro (*Parietarieae judaicae*), 27/05/1999, IPS, SANT 53197. >LOBIOS, Riocaldo, 29TNG7434, 390 m, 24/05/1995, IPS, SANT 75348. Padrendo, 29TNG7336, 450 m, muro e beirarrúa (*Parietarieae judaicae*), 21/03/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 38718 e 75349. C. Torno, marxe da estrada OUR-540, 29TNG7742, 380 m, terreo aberto, nitrificado 24/02/2005, IPS, SANT 52381.
- Bibliografía:** GÜEMES (1997).



Euphorbiaceae *Euphorbia amygdaloides*



Euphorbiaceae *Euphorbia angulata*



Euphorbiaceae *Euphorbia dulcis*



Euphorbiaceae *Euphorbia helioscopia*



Euphorbiaceae *Euphorbia hyberna*



Euphorbiaceae *Euphorbia lathyris*



Euphorbiaceae *Euphorbia peplus*



Euphorbiaceae *Mercurialis ambigua*

F. FABACEAE

Clave de xéneros

1.	Flores coa corola non papilionada	Acacia
	Flores coa corola papilionada	2
2.	Árbores o arbustos	3
	Plantas herbáceas ou sufrúctices	10
3.	Árbore de flores brancas colgantes	Robinia
	Arbustos de flores amarelas ou se brancas entón flores non colgantes	4
4.	Arbustos espiñosos	5
	Arbustos non espiñosos	7
5.	Plantas adultas só con espiñas ou filodios espiniscentes	Ulex
	Talos adultos con follas e espiñas	6
6.	Cáliz dividido case ata a base en 2 beizos; follas opostas	Echinospartum
	Cáliz dividido ata a metade en 2 beizos; follas alternas	Genista
7.	Talos alados	Pterospartum
	Talos non alados	8
8.	Beizo inferior do cáliz cos dentes laterais diverxentes	Adenocarpus
	Beizo inferior do cáliz sen os dentes laterais diverxentes	9
9.	Estilo enrolado en espiral	Cytisus
	Estilo recurvado pero non enrolado en espiral	Genista
10.	Follas palmaticompuestas	Lupinus
	Follas non palmaticompostas	11
11.	Legume enrolada en espiral	Medicago
	Legume non espiralada	12
12.	Todas as follas trifoliadas ou pentafoliadas	13
	Follas pinnadas ou unifoliadas	15
13.	Follas con 5 folíolos	Lotus
	Follas trifoliadas	14
14.	Legume estriada ou reticulada, exerta do cáliz na madurez	Melilotus
	Legume nin estriada nin reticulada, inclusa no cáliz	Trifolium
15.	Follas unifoliadas	Genista
	Follas pinnadas	16
16.	Follas rematadas en gabiáns, excepcionalmente sen gabiáns, pero entón flores > 15 mm	17
	Follas non rematadas en gabiáns. Flores de menos de 10 mm	18
17.	Talos alados	Lathyrus
	Talos non alados	Vicia

18. Froito da lonxitude do cáliz; monospermo	Dorycnopsis
Froito longamente exerto; polispermo	Ornithopus

— **Acacia** Mill. —

Árbores con follas divididas ou filodios. Inflorescencias globosas constituidas polas flores hermafroditas ou masculinas, amarelas, de floración invernal. Flores con periantio pouco conspicuo ocultado por numerosos estames, longos e exertos. Froito en legume.

•**Bibliografía:** PAIVA (1999).

Clave de especies

1. Ramas adultas con filodios; flores de cor amarela pálida	<i>A. melanoxylon</i>
Ramas adultas sen filodios; flores de cor amarela intensa	<i>A. dealbata</i>

■ **Acacia dealbata** Link

•**Descripción:** fanerófito. Árbore con cortiza pardento cincuenta, sen espiñas. Ramíñas pruinosas e pubescentes. Follas bipinnadas, con pecíolo pubescente, cunha glándula conspicua debaixo de cada par de pinnas. Inflorescencia paniculiforme con glomérulos globosos de cor amarela intensa con 25-30 flores. Corola con numerosos estames longamente exertos. Froito en legume comprimida e algo contraída entre as sementes.

•**Distribución:** orixinaria do SE de Australia e Tasmania. P. Ibérica: naturalizada e invasora no N e W.

•**Hábitat:** forman rodais densas en cunetas e zonas de monte incendiado. Favorecida por los incendios. Invasora leñosa.

•**Frecuencia:** abundante na Baixa Limia. Pouco frecuente no Parque Natural.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Ladeira de Moreiros, 29TNG7343, 630 m, invasora de cembas, matogueiras e piñeirais, 09/03/1996, IPS, SANT 46317. >Muíños, Barrio-Mugueimes, 29TNG8445, 600 m, invasora, 13/06/1995, IPS, SANT 46318. Prado, río Salas, 29TNG8342, 700 m, invasora en cemba sobre cuneta e ladeira sur que cae ao río, 07/04/2011, IPS, SANT 64525.

■ **Acacia melanoxylon** R. Br.

•**Descripción:** fanerófito. Árbore con cortiza gretada e escura. Follas das plantas novas bipinnadas; das adultas reducidas a filodios. Inflorescencia en glomérulo globoso, de cor amarela pálida. Corola con numerosos estames longamente exertos. Froito en legume.

•**Distribución:** Orixinaria do SE de Australia e Tasmania. Naturalizada e invasora no NO da península.

•**Hábitat:** Cultivada como ornamental.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, San Miguel, 29TNG8144, 590 m, exemplar procedente do cultivo ornamental, 26/07/2003 e 01/03/2004, IPS, SANT 50384.

— **Adenocarpus** DC. —

Arbustos retamoides. Ramas coas costelas pouco marcadas. Follas trifoliadas con estípulas ben desenvolvidas. Inflorescencia con acios terminais. Flores hermafroditas con periantio dobre, pe-

diceladas. Cáliz bilabiado, con ou sen glábdulas coma o pedicelo. Corola papilionada con pezas da quilla libres entre si. Androceo cos estames soldados polos filamentos. Froito en legume glandulosa.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO (1999).

Clave de especies

1. Cáliz con glándulas estipitadas de cor pardento-negrecida	<i>A. lainzii</i>
Cáliz sen glándulas estipitadas	<i>A. complicatus</i>

■ *Adenocarpus complicatus* (L.) J. Gay

•**Descripción:** fanerófito arbustivo ata 3 m de altura, moi ramificado, coa cortiza de cor verde clara. Follas trifoliadas, con estípulas triangulares. Limbo plano coa face flabra. Pecíolos de flabrescente a tomentoso. Flores en acios piramidais. Pedicelos erecto-patentes que van decrecentes en lonxitude cara o ápice. Cáliz viloso ou pubescente. Corola papilonada, amarela. Estandarte con pelos adpresos no envés. Froito en legume con glándulas estipitadas negredas na superficie.

•**Distribución:** SW de Europa. Francia e P. Ibérica: submeseta N (alcanzando o NE de Portugal e o SE de Galicia) e Serra Morena.

•**Hábitat:** coloniza terreos alterados e nitrificados formando comunidades retamoides monoespecíficas ou acompañadas de outras escobas (*Cytisus* spp.).

•**Frecuencia:** Moi raro

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Alto da Cumieira, 29TNG9048, 1090 m, escobal nitrificado (*Cytisetea*), 03/07/2014, IPS & D. Manso, SANT 69936. >Muíños, Porqueirós-encoro de Salas, 29TNG8743, 940 m, marxe de devasa con pista forestal, 24/06/2011, IPS, SANT 65297.

■ *Adenocarpus lainzii* (Castr.) Castrov. ●

Adenocarpus complicatus subsp. *lainzii* Castrov.

•**Descripción:** fanerófito. Arbusto ata 3 m de altura, moi ramificado, coa cortiza esbrancuxada, persistente. Follas trifolioladas, con estípulas triangulares. Limbo plano coa face glabra. Pecíolos pilosos ou pubescentes. Flores en acios piramidais. Pedicelos erecto-patentes que van decrecentes en lonxitude ata o ápice. Cáliz glabro con numerosas glándulas estipitadas de cor parda-negreda. Corola papilonada, amarela. Estandarte con pelos adpresos no envés. Froito en legume con glándulas na superficie.

•**Distribución:** endimismo do N, NW e W da Península Ibérica.

•**Hábitat:** chans profundos algo nitrificados (*Cytisetum striati* subas. *adenocarpetosum lainzii*).

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Monte de Galez, encoro do Lindoso, 29TNG7339, 380 m, codesal (*Cytisetum striati* subas. *adenocarpetosum lainzii*), 12/06/1998, IPS, SANT 46489. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 530 m, eucaliptal, 10/06/2020, IPS, SANT 78790. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, carballeira termófila antropizada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 07/1992, IPS, SANT 46490. Río Nau, prox. foz en encoro do Lindoso, 29TNG7237, 380 m, xesteira alterada (*Cytisetum striati* subas. *adenocarpetosum lainzii*), 31/08/1998, IPS, SANT 46491. A Portaxe, 29TNG7640, 350 m, marxe de camiño que desciende ao encoro, 08/08/2007, IPS, SANT 57551. Serra do Xurés, pista de As Sombras próxima ao entullo selado, 29TNG7737, 680 m, comunidades de *Cytisetea* con pouco desenvolvemento, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62017. >Muíños, Porqueirós-encoro de Salas, 29TNG8743, 940 m, marxe de pista forestal (*Cytisetea scopario-striati*), 24/06/2011, IPS, SANT 65295.

— *Cytisus* Desf. —

Arbustos retamoides ou escobas de ramas alternas con costelas aparentes que permiten ou non ver os vais intercostais, frecuentemente presentando ambas estruturas un indumento de pelos diferente, en ocasións casuco. Follas alternas, pecioladas ou sésiles, uni ou trifoliadas, frecuentemente con distintos tipos dun mesmo exemplar. Flores pediceladas axilares, solitarias ou en glomérulos paucifloros, con bractéolas. Cáliz de 5 sépalos soldados, bilabiado, co beizo superior con 2 dentes e o inferior con 3. Corola papilionada, amarela, maior có cálix. Androceo con 10 estames soltados polos filamentos. Ovario súpero co estilo enrolado en espiral. Froito en legume maior có cálix, con indumento de pelo característico de cada especie.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA (1999a).

Clave de especies

1. Flores coa corola branca	<i>C. multiflorus</i>
Flores coa corola amarela	2
2. Legumes cubertas de pelo en toda a superficie	<i>C. striatus</i>
Legumes con pelos só no marxe	<i>C. scoparius</i>

■ *Cytisus multiflorus* (L' Hér.) Sweet ●

•**Descripción:** fanerófito. Arbusto (< 3 m) caducifolio. Ramas con 8 costelas en forma de T, densamente seríceas de novas e finalmente glabrescentes, con indumento dobre de pelos crespos moi pequenos nos vais e rectos e aplicados nas costelas. Estípulas percorridas por 3 costelas do talo. Follas enteiras, unifoliadas cara o ápice das ramas novas e trifoliadas no resto, moi pilosas en ambas faces. Cálix algo piloso. Corola branca con estandarte de ata 12 mm, glabro. Froito piloso e finalmente glabrescente.

•**Distribución:** endimismo do W da P. Ibérica. Introducida en Europa, Norteamérica e Australia.

•**Hábitat:** xesteiras e xestas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BAIXA LIMIA**, 07/1992, IPS, SANT 46522. Baixa Limia, 26/09/1992, IPS, SANT 46521. >**LOBIOS**, Río Caldo-Miliarios, Primavera de 1992, IPS, SANT 46559. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 650 m, reboleira de exposición SW, con moi poucos carballos (*Quercion roburi-pyrenaici*), 25/05/1995, IPS, SANT 46520. Devesa, sobre río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, orla de matogueira, 02/05/2005, IPS, SANT 53016.

•**Citas previas:** BELLOT (1968).

■ *Cytisus scoparius* (L.) Link

Sarothamus scoparius (L.) Wimmer ex Koch

•**Descripción:** fanerófito. Talos con 5 costelas en forma de V invertida que deixan ver amplos vais entre as costelas con indumento simple de pelos rectos, ainda finalmente glabrescentes ou glabros. Estípulas percorridas por 2 costelas do talo. Follas trifoliadas ou unifoliadas en ramas novas, glabrescentes na face e pilosas no envés, con pecíolos pilosos. Pedicelos florais de ata 11 mm, glabros. Cálix glabro. Corola amarela; estandarte glabro de ata 24 mm, redondeado ou emarginado no ápice. Legume de faces glabras e marxe ciliada, negrecida.

•**Distribución:** Europa e Macaronesia. Introducida en Norteamérica, Sudáfrica e Australia. P. Ibérica: dispersa; rara no E.

•**Hábitat:** Xesteiras, marxe de bosques supratemperados e mesotemperados en menor medida.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 15/04/1993, IPS, SANT 56558. Serra do Xurés, pista das minas, 29TNG7732, 1050 m, zona con *Quercus pyrenaica* recuperando tras incendios, 06/06/1996, IPS, SANT 47100. >Muíños, O Agrela, 29TNG8445, 700 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 01/05/2003, IPS, SANT 48890. Prado, río Salas, 29TNG8242, 675 m, camiño entre ameneiral e bosque mesófilo, 21/04/2021, IPS

■ *Cytisus striatus* (Hill) Rothm.

Sarothamus eriocarpus Boiss & Reut.

•**Descripción:** fanerófito. Arbusto ata máis de 3 m. Ramas con 8 costelas en forma de T, que apenas deixan ver os vais entre elas, con indumento dobre de pequenos pelos crespos nos vais e rectos e aplicados nas costelas. Estípulas percorridas por 2 costelas do talo. Follas pecioladas, as superiores dos talos enteiras, o resto trifoliadas con folíolos peciolulados e algo pilosos en ambas faces. Pedicelos florais de 5-10 mm, pilosos. Cáliz con pelos curtos aplicados. Corola amarela. Estandarte ata 24 mm, emarginado no ápice. Xineceo co estilo helicoidal. Legume enteiramente pilosa.

•**Distribución:** W da Península Ibérica e NW de Marrocos.

•**Hábitat:** xesteiras do piso mesotemperado supratemperado en menor medida. Erbedais e outros arbustais.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Primavera-1992, IPS, SANT 46561 e 46562. Serra de Santa Eufemia, 15/04/1993, IPS, SANT 46557. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9238, 930 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77305. >Muíños, Albite, Outeiro do Home Dereito, 29TNG8239, 1000 m, xesteira (*Cytisetea scopario-striati*), 08/06/2021, IPS, SANT 80343.

— Híbridos —

■ *Cytisus multiflorus x Cytisus ssp. scopario-striatus*

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1140 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80886.

■ *Cytisus multiflorus x Cytisus striatus*


>CALVOS DE RANDÍN, Randín-Vilar, 29TNG9337, 1000 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80887.

— *Dorycnopsis* Boiss. —

■ *Dorycnopsis gerardii* (L.) Boiss.

•**Descripción:** hemicriptófito; herbácea con cepa leñosa e talos herbáceos, foliosos, que se renovan anualmente. Follas imparipinnadas más cortas cós entrenós, as superiores sentadas e as inferiores pecioladas. Inflorescencia en glomérulos axilares pedunculados, co pedúnculo 2-5 veces más longo cá folla axilante e os flomérulos con 12-31 flores. Cáliz de cor parda clara, bilabiado. Corola de dúas cores, con alas e estandarte rosadas e quilla amarelenta. Legume de 1,8-2,7 x 1,1-1,7 mm ovoide, asimétrico, reticulado, glabro.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: NE e W.

Fabaceae *Acacia dealbata*Fabaceae *Acacia melanoxylon*Fabaceae *Adenocarpus complicatus*Fabaceae *Adenocarpus lainzii*Fabaceae *Cytisus multiflorus*Fabaceae *Cytisus scoparius*Fabaceae *Cytisus striatus*Fabaceae *Dorycnopsis gerardii*

•**Hábitat:** orlas forestais e matogueiras. Piso mesotemperado inferior.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila-Vilameá, 29TNG7437, 450 m, orla de matogueira queimada con reiteración (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 07/07/1992, IPS, SANT 46556. Fondevila-Vilameá, 29TNG7537, 450 m, orla de maotgueira queimada con reiteración (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 15/06/1995, IPS, SANT 46555. Fondevila-Rivas de Arauxo, pista á man dereita da estrada (OUR-1206, Km 1,8), 29TNG7739, 385 m, pista forestal, 11/06/2020, IPS, SANT 78734.

•**Bibliografía:** DÍAZ LIFANTE (2000).

— *Echinospartum* (Spach) Fourr. —

■ ***Echinospartum ibericum*** Rivas-Martínez, Sánchez Mata & Sancho ●

Echinospartum barnadesii subsp. *dorsisericeum* G. López;

Echinospartum lusitanicum f. *pulviniformis* Rivas-Mart.

•**Descripción:** fanerófito de porte pulvinular, almofado ou rastreiro. Ramas de cor glauca, primeiro seríceas tornándose glabras na madurez, con 8 costelas, espiñosas. Follas pecioladas, seríceas por ambas faces. Inflorescencias no extremo das ramas. Flores pediceladas, con brácteas e bractéolas. Cáliz viloso. Corola amarela co estandarte seríceo. Ovario viloso. Legume fusiforme, falcada, vilosa.

•**Distribución:** endimismo do NW e C da Península Ibérica.

•**Hábitat:** Gretas de grandes bloques graníticos no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BALTAZAR, Tosende-Covas, 29TNG9944, 1100 m, comunidade de caméfitos sobre fisuras de grandes bloques de granitos, 19/06/2011, IPS, SANT 65249. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1178 m, cambrial sobre chans rochosos, 30/08/2012, IPS, SANT 65835. Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1178 m, cambrial sobre chans rochosos, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77265. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, c. Cruz do Touro, 29TNG6930, 1200 m, entre grandes rochas de granodioritas (*Pino-Cytision oromediterranei*), 01/05/1993, IPS, SANT 46554. Serra do Xurés, cumios da fronteira con Portugal, 29TNG8031, 1430 m, entre grandes rochas de granodioritas (*Pino-Cytision oromediterranei*), 14/07/1993, IPS, SANT 46552. Serra do Xurés, cumios da fronteira con Portugal, entre grandes rochas de granodioritas (*Pino-Cytision oromediterranei*), 07/1993, IPS, SANT 46553. Serra do Xurés, cumios da fronteira con Portugal, 29TNG7830, 1540 m, cambrial aclarado sobre chans pouco profundos (granitos), 23/08/2007, IPS 23080702, SANT 57454. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29T 0578411 / 4632350, 1323 m, comunidades sobre gretas de grandes penedos e chans esqueléticos, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59555. Serra do Xurés, Coto da Fonte Fría, 29TNG8336, 1319 m, comunidade sobre granitos planos sen apenas fisuras, 01/08/2008, IPS, SANT 59552. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 960 m, fisura con baixa inclinación, case plana, de gran bloque de granito, 02/06/2011, IPS, SANT 64758. Serra do Xurés, Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1531 m, colonizando gretas inclinadas e plataformas de rochas graníticas en cumio, 09/08/2012, IPS, SANT 65873. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, 29TNG8437, 1230 m, entre grandes rochas de granodioritas (*Pino-Cytision oromediterranei*), 22/07/1993, IPS, SANT 46551. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, Alto do Carisco, 29TNG6730, 1280 m, entre grandes rochas de granodioritas (*Pino-Cytision oromediterranei*), 07/08/1998, IPS, J.Rodr. & M.A.Gómez, SANT 4550.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, c. Pión de Paredes, 29TNG7832 (463235/ 29 578411), 1323 m, 09/08/2012, IPS.

•**Bibliografía:** SILVA PANDO et al. (1987); S. TALAVERA (1999b).

— *Genista* L. —

Arbustos leñosos ou sufrúctices, espiñosos ou inermes, profusamente ramificados; ramas alternas con indumento dobre, con pelos rectos e aplicados nas costelas e pelos crespos ou uncinados nos vais. Follas unifoliadas, caducas, en ocasiós coas estípulas transformadas en espiñas. Inflorescencias en acios terminais. Flores pediceladas cunha bráctea na base do pedicelo. Cáliz bilabiado.

Corola papilonada cos pétalos unidos á base dos estames. Androceo con 10 estames unidos por filamentos. Ovario súpero. Estilo curvado. Froito en legume sésil.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA (1999c).

Clave de especies

1.	Herbas sufrútices	<i>G. micrantha</i>
	Arbustos leñosos	2
2.	Talos sen espiñas	3
	Talos con espiñas	4
3.	Talos moi foliosos con follas lanceoladas de máis de 10 mm	<i>G. florida</i>
	Talos pouco foliosos con follas de ata 7 mm de lonxitude	<i>G. cinerascens</i>
4.	Follas con 3-5 folíolos	<i>G. triacanthos</i>
	Follas unifolioladas	5
5.	Talos glabros	<i>G. anglica</i>
	Talos pilosos	<i>G. falcata</i>

■ *Genista anglica* L.

•**Descripción:** fanerófito arbustivo que non sobrepasa 1 m de altura, espinoso. Talos glabros, con espiñas axilares. Follas de 3-7 mm, simples, sentadas, glabras, lanceoladas. Flores solitarias ou en pequenos acios no extremo das ramas laterais curtas. Brácteas semellantes ás follas. Con bractéolas. Cáliz glabro, con tubo máis curto cós beizos. Estandarte de 6-8mm, glabro. Legume de 12-16 mm, falcada, glabra, con 1-2 sementes.

•**Distribución:** W de Europa, SW de Francia e Italia. Na Península Ibérica é rara no litoral mediterráneo.

•**Hábitat:** matogueiras higrófilas.

•**Frecuencia:** escaso, aínda que nalgúnhas localidades pode ser localmente abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BALTAZAR, Os Caseiros, 29TPG1046, 780 m, breixeira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 19/04/2001, IPS, SANT 44778. >CALVOS DE RANDÍN, A Tata-Os Pedrouzos, 29TNG9142, 810 m, breixeira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 12/04/2001, IPS, SANT 44800. Golpellás, 29TNG9247, 870 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 19/06/2018, IPS, SANT 77067. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, matogueira higrófila despois do nacemento de regato (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80209.

■ *Genista cinerascens* Lange

•**Descripción:** fanerófito retamoide de máis de 50 cm. Talos e ramas con numerosas costelas redondeadas. Ramas novas densamente cubertas de pelos aplicados antrosos. Ramas adultas glabrescentes. Ramiñas erectas ou erecto-patentes con ángulo de inserción < 45°. Follas pilosas por ambas faces. Flores vaxinadas e algunhas solitarias, con bractéolas moi pequenas na base do pedicelo. Cáliz bilabiado, seríceo, cos dentes laterais do beizo superior non diverxentes. Estandarte e quilla seríceos, ambos de 10-13 mm de lonxitude; alas densamente ciliatas na base do limbo. Estames soldados polos filamentos que deixan 4 curtos e 6 longos. ovario viloso. Estilo incurvo, glabro. Legume torulosa, densamente vilosa, con 2-5 sementes negrecidas e brillantes.

BELLOT (1951) sinala *G. cinerea*, mentres que LAÍNZ (1967) leva o taxon a *G. obtusiramea*.

•**Distribución:** endimismo do C e CW da península, sendo as localidades de Calvos de Randín o límite NW da súa área de distribución.

•**Hábitat:** xestas en ladeiras soleadas e chans pouco profundos, orla de cerquiños. Zona oriental (Calvos de Randín, Baltar).

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BAITAR, C. Tosende, 29TNG9943_29TPG0043, 950 m, xesta de *Genista cinerascens*, 09/06/2021(0), Í. Pulgar, M. Fernández & Lisardo. >CALVOS DE RANDÍN, c. Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1178 m, orla de cambrional sobre chans rochosos, 16/06/2006, IPS & M.Fernández. SANT 77121. Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1120 m, xesta en ladeira exp. Sur, 09/06/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo.

■ *Genista falcata* Brot. ●

•**Descripción:** fanerófita arbustivo que sobrepasa 1 m de altura, espinoso. Talos con dobre indumento de pelos, con espiñas axilares fortes. Follas de 6-14 mm, simples, sentadas, estreitamente elípticas. Flores en grupos de 2-5 no extremo de ramas laterais. Cáliz subglabro, con tubo más curto cós beizos. Estandarte de 8-10 mm, glabro; alas glabras; quilla 11-12 mm glabra. Legume de 10-25 mm, falcada, glabra.

•**Distribución:** endimismo do C e W da Península Ibérica.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, 29TNG7541, 440 m, erbedal (*Daphno gnidii-Arbutetum unedonis*), 12/03/1999, IPS, SANT 46436. >LOBIOS, Ríocaldo, 29TNG7434, 390 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum subericum*), 02/1993, IPS, SANT 46499. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 540 m, orla espiñosa de carballeira (*Frangulo-Pyriion cordatae*), 29/04/1993, IPS, SANT 46503. Serra do Xurés, 29TNG7332, 590 m, orla de carballeira termófila moi degradada por incendios (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum subericum*), 01/05/1993, IPS, SANT 46502. Serra do Xurés, 29TNG7332, 590 m, orla de carballeira termófila moi degradada por incendios (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum subericum*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46501. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 690 m, reboleira de exposición suroeste con algún carballo illado (*Quercion robori-pyrenaicae*), 25/05/1995, IPS, SANT 46549. >MUÍÑOS, MUGUEIMES, BANDE, 29TNG8645, 630 m, carballeira (cf *Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 25/03/1992, IPS, SANT 46500. Piñoi-Cados, 29TNG8244, 650 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 04/05/1996, IPS, SANT 46548. >PADRENDA, Vilar, río Gorgua, 29TNG7064, 400 m, sotobosque de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 25/03/2001, IPS, SANT 45363.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Genista florida* L.

Genista polygaliphyllea Brot.; *Genista florida* subsp. *polygaliphyllea* (Brot.) Cout.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo que chega a superar 2 m de altura, moi ramificado dende a base. Talos longos, flexuosos, con (8)10(12) costelas en forma de T, con diferente tipo de indumento nos vais e costelas, de cor marrón clara en ramas maduras. Follas alternas, estipuladas, unifoliadas, seríceas, con indumento máis denso no envés. Inflorescencia en acios terminais. Flores pediceladas, con brácteas e bractéolas. Cáliz bilabiado, seríceo. Corola de cor amarela pálida. Legume de 10-25 x 3,5-6 mm, serícea.

•**Distribución:** SW de Francia, metade N P. Ibérica e N de Marrocos.

•**Hábitat:** xestas do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1140 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández,

SANT 77257. Serra da Pena, 29TNG9333, 1370 m, ladeira sur preto do cumio (*Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyllae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80333. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG8132, 1300 m, 07/1992, IPS, SANT 46496. Serra do Xurés, 29TNG7831, 1300 m, xesta (*Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyllae*), 26/07/1992, IPS, SANT 46498. Serra do Xurés, 29TNG7830, 1300 m, xesta (*Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyllae*) baixo piñeiral de repoboación (*Pinus sylvestris*), 26/07/1993, IPS, SANT 47101. Serra do Xurés, 29TNG7731, 1150 m, orla de piñeiral de *Pinus sylvestris* cultivado, 23/05/1995, IPS, SANT 46497. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 990 m, marxe do arroio formando parte da vexetación fanerófita pioneira, o nacemento do arroio forma un xesta (*Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyllae*), 06/06/1996, IPS, SANT 46494. >**MUÍÑOS**, Porqueirós-Requiás, 29TNG8739, 940 m, orla de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 27/07/1992, IPS, SANT 46495. Requiás, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, xesta nacemento do Regato da Portela, 27/05/2011, IPS, SANT 64807.

■ *Genista micrantha* Ortega

•**Descripción:** caméfito ata 40 cm de altura, con ramas postrado-ascendentes, pouco ou nada ramificadas, a maioría rematadas en acios de flores. Talos de menos de 2 mm de grosor, con 5 costelas en forma de V invertida, pilosos de novos. Follas alternas, sen estípulas, unifoliadas con dous apéndices espinulosos laterais, glabras pola face e espalladamente pilosas no envés. Flores do acio con bracteas e bractéolas. Cáliz bilabiado, glabro, con dentes ciliados. Corola amarela co ápice das alas alaranzado. Estandarte de 4,5-5,5 x 3-4,5 mm. 4 estames curtos e 6 longos. Legume de 5-7 x 1,9-2,7 mm, glabro ou con algúns pelos na liña de sutura.

•**Distribución:** endimismo da metade N da Península Ibérica.

•**Hábitat:** toxeira-breixeira higrófila.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Lama de Paio, ponte que cruza a cola do encoro das Conchas-desviación a San Fiz, 29TNG8748, 560 m, matogueira higrófila *Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 46314. >**CALVOS DE RANDÍN**, Golpellás. 29TNG9247, 870 m., matogueira higrófila, 19/06/2018, IPS, SANT 77065. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80216. >**ENTRIMO**, Serra de Queguas, Montes de Guxinde, 29TNG7048, 750 m, matogueira higrófila en marxe de regato, 03/08/1995, IPS, SANT 46313. Fronteira Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78864. >**LOBEIRAS**, Serra do Leboreiro, 29TNG7656, 1160 m, matogueira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 46493. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Mina das Sombras-fronteira, 1300 m, 26/07/1992, IPS, SANT 46130. Serra do Xurés, Mina das Sombras-picós da fronteira, matogueira higrófila, 14/07/1993, IPS, SANT 46312. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1295 m, matogueira higrófila, *Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*, 03/09/1997, IPS, SANT 46311.

■ *Genista triacanthos* Brot.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo, de menos de 1 m, espiñoso. Talos pubescentes, con espiñas axilares. Follas trifoliadas, sésiles. Flores en acios laxos laterais ou terminais. Cáliz 2-4 mm, glabro, con tubo tan longo coma os lóbulos ou só lixeiramente máis curto. Estandarte de 4,5-6 mm, triangular, ao igual cá quilla e alas glabro. Legume de 6-8 mm, laxamente serícea.

•**Distribución:** Península Ibérica e N de Marrocos.

•**Hábitat:** toxeira-breixeira termófila. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** abundante, zona occidental.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, 29TNG7440, 440 m, erbedal en formación sobre o encoro do Lindoso (*Daphne gnidii-Arbutetum unedonis*), 07/05/1993, IPS, SANT 35201. >**LOBIOS**, Serra do Xures, ladeira enfrente Torneiros, 29TNG743343, 410 m, matogueira de *Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthi*, 29/05/1993, IPS, SANT 35200.

Lobios-Vilameá, 29TNG7537, 480 m, matogueira de *Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthi*, 08/06/1993, IPS, SANT 35199. >Muíños, Presa do encoro das Conchas-Parada da Ventosa, 29TNG798438, 570 m, matogueira de *Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthi*, 01/06/1993, IPS, SANT 35202. Parada da Ventosa, 29TNG798438, 600 m, matogueira de *Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthi*, 06/06/1996, IPS, SANT 38815.

- Citas previas:** PULGAR (1999); RODRÍGUEZ GRACIA & RODRÍGUEZ ROMERO (1999).

— ***Lathyrus* L.** —

Herbáceas vivaces con rizoma subterráneo (tamén anuais fora do territorio desta flora). Talos alados. Follas alternas con estípulas, compostas, con 2-4 pares de folíolos e rematadas ou non en gabiáns. Inflorescencias en acios axilares pedunculados, paucifloros. Cáliz de sépalos soldados. Corola papilionada. Androceo con 9 estames cos filamentos soldados en case toda a súa lonxitude e un en solitario. Legume alongada.

- Bibliografía:** GALLEGOS (2000).

Clave de especies

1. Follas con gabián	<i>L. latifolius</i>
Follas sen gabiáns	<i>L. linifolius</i>

■ ***Lathyrus latifolius* L.**

•**Descripción:** xeófito con rizoma vertical que emite anualmente talos estériles e fértiles. Talos robustos, glabros, con alas de 0,3-3 mm. Follas con pecíolo alado, con estípulas, rematadas en gabiáns ramificados, con 2 folíolos elípticos, opostos, mucronados no ápice, glabros, cos nervios moi visibles por ambas faces. Inflorescencias con pedúnculos moito maiores cás follas axilantes. Acios con 3-12 flores. Brácteas herbáceas linear-lanceoladas, más curtas que os correspondentes pedicelos florais. Cáliz con 10 nervios de 6-11 mm. Corola avermellada a purpúrea que vira a azulado coa desecación. Estandarte tan longo coma ancho, de pouco menos a superar con creces os 20 mm, cunha franxa estreita de pelos curtos glandulosos. Legume oblonga de 65-90 x 7-10 mm.

•**Distribución:** C, S e E Europa, NW África e Canarias. Introducida en América. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** en comba de estrada.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, O Valoiro-Herdadiña, 29TNG7743, 370 m, comba de estrada, 13/07/2012, IPS, SANT 65909.

■ ***Lathyrus linifolius* (Reichard) Bässler**

Lathyrus montanus Bernh.; *Lathyrus linifolius* (Reichard)

Bässler var. *montanus* (Bernh.) Bässler

•**Descripción:** xeófito con rizomas engrosados e ramificados. Talos ascendentes, alados. Follas con pecíolo e raque alados, con 1-3(4) pares de folíolos opostos ou subopostos, mucronados, sen gabiáns, glabras excepto na zona de unión de los peciolulos ao raque. Estípulas que aumentan de tamaño ao longo do talo, ciliadas. Inflorescencias pedunculadas con (1)2-5(6) flores. Cáliz zigomorfo, con dous sépalos más curtos. Pétalos con uña ancha, tan longa coma o cáliz, purpúreos ou vermello-purpúreos, azuis ou parduzcos na desecación. Legume de 34-50 x 4-6(9) mm, reticulada na madurez.

•**Distribución:** C, S e W de Europa, N de África. P. Ibérica: N e C.

•**Hábitat:** bosques do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, Corga do Fotón, 29TNG9638, 1180 m, pradaría en marxe de regato, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 790 m, orla de carballeira (transición *Rusco-Quercetum* e *Myrtillo-Quercetum*), 10/05/1996, IPS, SANT 44226. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1000 m, pradaría semiesciófila de orla de bosque (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 22/05/1996, IPS, SANT 44225. Serra do Xurés, 29TNG7735, 1050 m, pradaría semiesciófila de orla de bosque (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 20/05/2000, IPS 46429. >MUÍÑOS, Porqueirós, 29TNG8643, 850 m, reboleira (*Holco mollis-Quercetum pyrenaei*), 07/06/1996, IPS, SANT 44224. Salgueiros, Os Candás, 29NG8539, 1030 m, carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 02/07/1997, IPS, SANT 44223. O Couso, 29TNG8638, 1000 m, carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/07/1997, IPS, SANT 44222. Serra do Xurés, A Lomba-fronteira con Portugal, 29TNG8536, 1250 m, valgada (30º inclinación W) con *Quercus* sp. rebrotando, 08/08/2007, IPS, SANT 57552. Serra do Xurés, 29TNG8436, 1230 m, valgada queimada con vexetación herbácea, 29/05/2010, IPS, SANT 63044.

— **Lotus** L. —

Herbáceas (tamén arbustos fora do territorio desta flora) de talos erectos, ascendentes ou rastreiros, foliosos. Follas alternas, imparipinnadas, cos dous folíolos basais con aparenzia de estípulas foliosas. Inflorescencias en glomérulos axilares pedunculados, xeralmente co pedúnculo máis longo cá folla axilante. Glomérulos paucifloros. Flores curtamente pediceladas. Cáliz persistente de 5 sépalos soldados, dentados no ápice. Corola papilionada, amarela, frecuentemente con veación avermellada. Androceo con 9 estames soldados polos filamentos en case toda a súa lonxitude e un libre ata a base. Ovario semiínfero. Legume cilíndrica moito máis longa có cáliz.

•**Bibliografía:** VALDÉS (2000).

Clave de especies

1. Talos fistulosos	<i>L. pedunculatus</i>
Talos sólidos	2
2. Vivaz. Corola de 8-18 mm	<i>L. corniculatus</i>
Anual. Corola de 6-8 mm	3
3. Froito con máis de 18 sementes, 4-5 veces máis longo có cáliz; planta xeralmente vilosa	<i>L. angustissimus</i>
Froito con ata 18 sementes e ata 3 veces máis longo có cáliz; planta con indumento dobre	<i>L. hispidus</i>

■ *Lotus angustissimus* L.

•**Descripción:** terófito. Planta xeralmente vilosa. Follas con 5 folíolos, os inferiores ovado a ova-do-lanceolados, subagudos. Inflorescencia pauciflora (1-3 flores). Pedúnculo erecto-patente, ata tres veces máis longo cá folla axilante na frutificación. Cáliz regular, viloso, cos dentes 1,5-2 veces máis longos que o tubo. Corola de 4,5-7,5 mm, pouco máis longa có cáliz, amarela. Estilo recto, sen dente. Froito de 15-25 x 1-2(2,8) mm, 4-5 veces máis longo có cáliz, con máis de 18 sementes de 0,7-0,9 mm globosas e pardas.

•**Distribución:** Europa, SW Asia, N África e Macaronesia. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** bordes de cursos de auga e pastizais encharcados temporalmente.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, areas entre muros do campamento romano, 02/07/2019, IPS, SANT 77554.

■ *Lotus corniculatus* L.

Clave de subespecies

1. Cáliz actinomorfo (con todos os dentes +- iguais); tubo 1,5-2,5 mm	<i>L. c. subsp. corniculatus</i>
Cáliz zigomorfo (3 dentes superiores > 2 dentes inferiores); tubo 2,5-5 mm	<i>L. c. subsp. carpetanus</i>

■ *Lotus corniculatus* L.

subsp. *corniculatus*

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos ata 50 cm, decumbentes ou ascendentes. Cáliz actinomorfo ou más ou menos bilabiado, subglabro, con tubo de 1,5-2,5 mm, estreito, verde-purpúreo ou verde amarelento; dentes do cáliz de (1)1,8-3,5 mm, más curtos ou ata 1,5 veces más longo que o tubo.

•**Distribución:** Europa, Asia, N África e Macaronesia. P. Ibérica: N, E e montañas do C e SE.

•**Hábitat:** prados, pastos secos ou húmidos, cunetas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Lobios-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterada sobre piñeiralcon sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Querchetum roboris subas. quercetosum suberis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49481. Serra do Xurés. 29TNG7735, 995, chans pouco profundos rodeados de breixeira, 27/05/2003, IPS, SANT 53047. C. Ermida de S. Bartolomeu, 29TNG7539, 430 m, pasteiro de marxe de camino, 13/07/2012, IPS, SANT 65882.

■ *Lotus corniculatus*

subsp. *carpetanus* (Lacaia) Rivas Mart. ●

Lotus glareosus Boiss. & Reut.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos de ata 50 cm curtos (ata 35 cm), decumbentes ou ascendentes, glabros ou pilosos. Inflorescencias pedunculadas, con 2-6 flores, pedúnculos ata 6 veces más longos cás follas que o axilan. Cáliz bilabiado, avermellado ou purpúreo, coos dentes rematados en punta setácea. Corola de 8-14 mm, ata 1,5 veces más longa có cáliz, amarela, xeralmente co estandarte e a parte superior das alas avermellada ou amarela. Estandarte coa lámina más longa cá uña. Quilla falcada con pico relativamente longo e recto. Froito de 8-15 x 1,5-2,5 mm.

•**Distribución:** endimismo de zonas montañosas da Península Ibérica. Falta nos Pirineos e Cataluña.

•**Hábitat:** claros de breixeira e ambientes rochosos no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**


>LOBIOS, Serra do Xurés, Chan do Frielo-Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, comunidade de bosque *Geranium sanguineum* (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 04/06/1997/1, IPS, SANT 52765. Serra do Xurés, 29TNG7735, 995 m, chans pouco profundos rodeados de breixeira, 27/05/2003, IPS. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan



Fabaceae *Echinospartum ibericum*



Fabaceae *Genista anglica*



Fabaceae *Genista cinerascens*



Fabaceae *Genista falcata*



Fabaceae *Genista florida*



Fabaceae *Genista micrantha*



Fabaceae *Genista triacanthos*



Fabaceae *Lotus corniculatus*

areoso (*Tuberarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 79397 e 79398; observ.: 2 exemplares, un máis piloso. >**Muiños**, Albite, Porta da Lama, 29TNG8339, 1120 m, claros de breixeira-toxeira (*Calluno-Ulicetea*), 08/06/2021, IPS, SANT 80317.

■ *Lotus hispidus* Desf ex DC.

Lotus subbiflorus Lag.

•**Descripción:** terófito viloso con talos decumbentes ou ascendentes, simples ou escasamente ramificados, densamente vilosos, con pelos longos e patentes e outros curtos e crespos. Follas vilosas con 5 folíolos. Inflorescencia con bráctea de 1-3 folíolos, con pedúnculo erecto-patente e 1-3(4) flores. Cálix actinomorfo con tubo de 1-2 mm e dentes subiguais 2-3 veces máis longos có tubo na frutificación. Corola amarela, de 6-8(9) mm, 1,5 veces maior có cálix. Estandarte con lámina máis longa cá uña. Estilo cilíndrico, sen dente. Froito recto, de 7-14 x 1,2-2,2 mm, de 1,5-3 veces máis longo có cálix, rara vez máis curto, xeralmente con 6-14 sementes de 0-6-1.1 mm, frecuentemente moteadas de negro.

•**Distribución:** S Europa (ata SW Gran Bretaña), SW Asia, N África e Madeira. P. Ibérica: abundante en N e W; rara no E.

•**Hábitat:** pasteiros anuais en chans areosos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Bande-Alto do Vieiro, pista forestal a man dereita, 29TNG8555, 800 m, marxe da pista (*Polygono-Poetea annuae e Tuberarietea*), 19/06/2020, IPS, SANT 79396. >**ENTRIMO**, río Pacín 29TNG7543, 510 m, baixo piñeiral en marzo de pista, 10/06/2020, IPS, SANT 79399; observ.: só con pelos patentes e tubo do cáli. > que en **VALDÉS** (2000).

>**LOBIOS**, Ermida de S. Bartolomeu, 29TNG7539, 430 m, céspede seminatural nitrófilo, 13/07/2012, IPS, SANT 65881.

■ *Lotus pedunculatus* Cav.

Lotus uliginosus Schkuhr

•**Descripción:** hemicriptófito estolonífero, con talos erectos ou ascendentes que poden medir máis de 1 m, fistulosos. Follas con 5 folíolos de nervios ben marcados, glaucos polo envés, xeralmente mucronulados. Inflorescencia con bráctea trifoliada e con pedúnculo cuxa lonxitude é 2-5 veces máis longa cá folla que o axila. Cálix lixeiramente bilabiado, xeralmente cos dentes máis longos có tubo. Corola de 10-15 mm, amarela, con veas do estandarte avermellads. Froito recto de 10-40 mm.

•**Distribución:** Europa, Turquía, N África e Macaronesia non tropical. P. Ibérica: amplamente espallada; moi común na metade N e W.

•**Hábitat:** pradaría de ambientes húmidos (prados, marxes de arroios, etc).

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBEIRA?**, Serra do Leboreiro, 29TNG7651, 1.165 m, pradaría higrófila en marxe de regato (*Juncion acutiflori*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59633.

— *Lupinus* L. —

Herbáceas. Follas pecioladas, palmatinervias, palmatisectas, a maioría basais. Inflorescencia en racimo terminal espiciforme, con flores dispersas ou verticiladas. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cálix bilabiado. Corola papilionada. Androceo con 10 estames soldados polos filamentos. Ovario súpero. Froito en legume de valvas grosas.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO & PASCUAL (1999).

Clave de especies

1. Flores que viran de cor crema a azulada coa maduración	<i>L. gredensis</i>
Flores que non viran de cor	2
2. Inflorescencia con todas as flores azuis	<i>L. angustifolius</i>
Inflorescencia con todas as flores amarelas	<i>L. luteus</i>

■ *Lupinus angustifolius* L.

•**Descripción:** terófito ata 100 cm. Talos ramificados dende a base ou a partires de certa altura. Follas alternas, pecioladas, estipuladas, dixitadas, con 5-9 folíolos lineares. Acio terminal erecto, con flores alternas, dispersas polo eixo da inflorescencia, de col azul. Legume de 40-70 x 10-12 mm.

•**Distribución:** rexión mediterránea. Introducida coma cultivo en Oceanía, Sudáfrica, Europa e Estados Unidos. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** cultivos abandonados, prados, cunetas.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, 15/04/1993, IPS. Desembocadura río Mau, 29TNG7238, 390 m, cuneta de estrada nacional N-540, 22/04/2005, IPS, SANT 52955 e 63119.

■ *Lupinus gredensis* Gand. ●

Lupinus hispanicus subsp. *bicolor* (Merino) Gladst.

•**Descripción:** terófito ata 80 cm. Talo xeralmente ramificado dende a base, con ramas postrado-ascendentes. Follas alternas, pecioladas, estipuladas, dixitadas, con 4-9 folíolos. Face glabrescente con pelos dispersos preto das marxes e envés seríceo-piloso. Inflorescencia espiciforme, erecta, terminal, con 5-11 verticilos. Flores dos verticilos inferiores azuladas, as dos verticilos medios de cor rosada ou lila e as dos superiores de amarela pálida, cor crema. Legume erecta ata 50 mm, coa superficie pilosa.

•**Distribución:** endimismo do C e W da Península Ibérica.

•**Hábitat:** cunetas e outras zonas con algo de manexo.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños_Lobosandaus, 29TNG8448, 595 m, viaria, cuenta de estrada nacional, 08/06/2021, IPS, SANT 80299. >LOBEIRA?, A Sobreira, 29TNG8145, 570 m, 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz. >LOBIOS, A Portaxe, desembocadra do río Cabaleiro en Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, marxes do encoro con vexetación nitrófila, 02/07/2019, IPS & K.López, SANT 77852 e 77821. >Muíños, San Miguel, 29TNG8044, 600 m, primocolonizadora en cuneta (*Sisymbrietalia officinalis*), 01/05/2003, IPS, SANT 48886. >VEREA, Vieiro, 29TNG8659, 800 m, cuneta de estrada, 22/05/1995, IPS, SANT 47824.

■ *Lupinus luteus* L.

•**Descripción:** terófito. Follas dixitadas. Talo vigoroso, menor de 1 m, con ramas basais postrado-ascendentes. Follas alternas, pecioladas, estipuladas, dixitadas, con 5-9 folíolos pilosos por ambas caras. Inflorescencia racemosa, terminal, erecta, con flores en 10-11 verticilos de 5 flores cada un. Cálix bilabiado. Corola papilionada, amarela, aromática. Legume 40-60 x 10-12 mm

•**Distribución:** rexión mediterránea occidental. Cultivada en Europa, Australia, Sudáfrica e Estados Unidos. P. Ibérica: metade W.

•**Hábitat:** prados, cunetas, cultivos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Santa Comba, 29TNG8347, 570 m, rodeado de céspede e pasteiros anuais en área recreativa da marxe da estrada, 08/05/2011, IPS, SANT 64563. Os Baños_Lobosandaus, 29TNG8448, 595 m, viaria, cuenta de estrada nacional, 08/06/2021, IPS, SANT 80350. >**LOBIOS**, Aceredo Novo, 29TNG7338, 400 m, cuneta de estrada nacional N-540, 08/05/2001, IPS, C.Vello & D.Manso, SANT 44907. A Portaxe, desembocadra do río Cabaleiro en Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, marxes do encoro con vexetación nitrófila, 02/07/2019, IPS & K.López, SANT 77822. Fondevila-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterada e nitrificada, 23/05/2003, IPS, SANT 49483. >**PADRENDA**, 29TNG7364, 530 m, cuneta de estrada OU-411, 30/05/2010, IPS, SANT 63054.

— Medicago L. —

Herbáceas. Talo con follas alternas, pecioladas, trifoliadas con estípulas. Flores hermafroditas con periantio dobre en acios axilares, frecuentemente paucifloros. Cáliz de 5 sépalos soldados, persistente. Corola papilionada, amarela. Androceo coos estames soldados polos filamentos. Legume enrolada en espiral.

•**Bibliografía:** SALES & HEDGE (2000a).

Clave de especies

1. Legumes en espiral con más de 2 voltas e con espiñas	2
Legumes reniformes ou en espiral con menos de 2 voltas e sen espiñas	<i>M. lupulina</i>
2. Legme 4-9 mm de diámetro	<i>M. polymorpha</i>
Legume < 4 mm	<i>M. minima</i>

■ *Medicago lupulina* L.

•**Descripción:** terófito ás veces perennante. Talos postrados ou ascendentes, pouco ramificados, pubescentes. Follas estipuladas, trifoliadas, cos folíolos serrulados no tercio superior. Inflorescencias en acios axilares con pedúnculo erecto-patente máis longo có pecíolo da folla contigua. Cáliz de 1-1,5 mm, con dentes subulados tan longos coma o tubo. Corola amarela de 2,5-3 mm. Froito reniforme, con nerviación concéntrica e reticulada, i na maduración.

•**Distribución:** Europa, N e E África, SW e C Asia e Macaronesia. Naturalizada en Australia, Xapón, Sudáfrica e Norteamérica. Case toda a Península Ibérica.

•**Hábitat:** terreos despexados e nitrificados.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Santa Comba, 29TNG8554, 750 m, céspede da marxe da estrada, 08/05/2011, IPS, SANT 64561. >**CALVOS DE RANDÍN**, c. Rubiás, 29TNG9640, 870 m, marxe da área recreativa sobre antigo estullo, 09/06/2021(02), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80326. >**LOBEIRÁ?**, Chaus da Limia, 29TNG8145, 560 m, terreo antropizado, 23/06/2021, IPS. >**LOBIOS**, Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual algo pisado e nitrificado (*Polygono-Poetea*), 11/06/2020, IPS. >**MUÍÑOS**, Porqueirós, Campo da Feira, 29TNG8644, 822 m, *Polygono arenastri-Matricarietum subas. plantaginetosum maioris*, 18/09/1998, IPS, SANT 44077. Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, estullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52894.

■ *Medicago minima* (L.) L.

•**Descripción:** terófito, uni ou pluricaule, con indumento de pelos patentes, erecto-patentes e más ou menos aplicados, prateados. Follas pecioladas. Estípulas soldadas entre si e ao pecíolo, enteiras a

irregularmente dentadas, con indumento máis denso na unión ao pecíolo; peciolulos densamente pilosos; folíolos obovados, de ápice emarginado e mucronado, pilosos en ambas faces. Inflorescencias axilares, con pedúnculo piloso de maior lonxitude có pecíolo da folla axilante, con más de tres flores < 5 mm. Cáliz piloso, con lóbulos maiores có tubo. Corola amarela. Froito en legume enrolada en espiral de 3-5 voltas pilosas, más ancha cara o centro, sendo as iniciais e terminais de menor tamaño; con espiñas finas, uncinadas e surcadas na base da face interna.

•**Distribución:** Europa, SW Asia, N e S África e Macaronesia. P. Ibérica: espalladada; rara no NW.

•**Hábitat:** baixo valo de recente construcción para limitar o acceso á antiga canteira. Puido chegar coas obras de acondicionamento da Canteira de Campelos?

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS; SANT 80799; observ.: sen pelos glandulares; espiñas curtas.

■ *Medicago polymorpha* L.

•**Descripción:** terófito. Herbácea anual moi ramificada. Talos glabros ou ocasionalmente con algúns pelos dispersos. Follas alternas, pecioladas, glabras, con estípulas provistas de dentes profundos, que superan a metade da súa lonxitude, laciniadas. Folíolos peciolulados, co peciolulo terminal de maior lonxitude cós laterais, obovados, cuneados na base e redondeados no ápice, serrulados no 1/3-2/3 superior. Inflorescencias en acios axilares pedunculados, co pedúnculo de maior lonxitude có pecíolo da folla contigua, con 3-8 flores. Cáliz de 2,7-5 mm, glabro ou con pelos non glandulíferos. Corola amarela de 3,5-6 mm. Froito espiralado, discoideo, con espiñas. Espiras con numerosas veas radiais e con sucos profundos entre a vea submargininal e a sutura dorsal. Espira apical menor que o resto. Espiñas cun suco na base.

•**Distribución:** Europa, rexión mediterránea ata SW Asia e Macaronesia. Naturalizada en distintas partes do mundo. P. Ibérica: en todas as provincias.

•**Hábitat:** terreos despexados nitrificados.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 800 m, chan areoso en marxe de pista forestal (*Polygono-Poetea annuae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78796.

— *Melilotus* Mill. —

■ *Melilotus albus* Medik.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos ata 2 m, ramificados. Follas trifolioladas, os das follas superiores dende oblongo-elípticos ate lineares. Estípulas lineares, enteiras ou con 1 ou 2 dentes na base nas follas inferiores. Inflorescencia en acios de flores brancas péndulas. Ovario e froito glabro. Froito coa superficie irregularmente reticulada.

•**Distribución:** Europa, Asia e N África. Naturalizada en E e S África, América e Australia. Dispersa en case toda a Península Ibérica.

•**Hábitat:** arvense, ruderal e viaria.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Soutelo, 29TNG8748, 630 m, cuneta, 13/07/2003, IPS, SANT 49302. Barrio-Farnadelos, Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70410.

•**Bibliografía:** SALES & HEDGE (2000b).

— *Ornithopus* L. —

Herbáceas anuais. Follas alternas, paripinnadas, sn gabiáns, con estípulas. Inflorescencias axilares pedunculadas, en ocasións cunha bráctea foliácea baixo as flores. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cálix persistente. Corola papilionada. Androceo cos estames soldados polos filamentos. Ovario súpero dun só carpelo. Legume de erecta a colgante, lomentácea.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA & ARISTA (2000).

Clave de especies

1.	Flores amarelas	2
	Flores rosa pálido	3
2.	Con bráctea foliácea baixo cada inflorescencia	<i>O. compressus</i>
	Sn bráctea foliácea baixo as inflorescencias	<i>O. pinnatus</i>
3.	Cálix < 3 mm con dientes < 1 mm; estandarte < 5 mm	<i>O. perpusillus</i>
	Cálix > 3 mm con dientes > 1 mm; estandarte > 5 mm	<i>O. sativus</i>

■ *Ornithopus compressus* L.

•**Descripción:** terófito ramificado dende a base, con tomento de pelos prateados, patentes e aplicados que permiten ver a superficie dos respectivos órganos. Follas imparipinnadas con ata 18 pares de folíolos con pelos en ambas faces. Inflorescencia pedunculada e cunha bráctea foliácea e persistente na base das flores, que con frecuencia as sobrepasa. Cálix de 3,5-5,1 mm co tubo de maior tamaño cós dentes, ambos pilosos. Corola amarela. Froitos pouco comprimidos entre as sementes, recurvados.

•**Distribución:** rexión mediterránea, Canarias e Madeira. Dispersa na Península Ibérica.

•**Hábitat:** pasteiros anuais sobre sustrato silíceo.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Feira Vella, A Veiga de Olín, 29TNG7441, 505 m, pasto anual viario, 10/06/2020, IPS, SANT 78844. >LOBEIRÀ, Sabariz, 29TNG7847, 600 m, cuneta, 09/09/1997, IPS. Torneiros, 29TNG7847, 600 m, cuneta, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70459. Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(04), IPS. >LOBIOS, Os Baños de Riocaldo, xunto a suxerencias de auga termal, 29TNG743351, 390 m, 24/05/1995, IPS, SANT 44233. A Portaxe, Río Cabaleiro, 29TNG7640, 340 m, terreos encharcados temporalmente polo encoro do Lindoso, 11/04/1997, IPS, SANT 44231. A Portaxe, Río Cabaleiro, 29TNG7640, 340 m, *Tuberarietea* nitrófila, 23/05/1997, IPS, SANT 44230.

■ *Ornithopus perpusillus* L.

•**Descripción:** terófito. Talos laxamente vilosos. Follas con foliosos debilmente pilosos na face e envés, con estípulas triangulares < 1 mm. Inflorescencia con bráctea foliácea imparipinnada na base das flores que sobrepasa ou iguala ás propias flores. Cálix de 2,3-2,8 mm. Corola de cor rosada ou abrancazada. Estandarte 3,5-4,5 mm. Froitos moi comprimidos entre as sementes.

•**Distribución:** C e W Europa. P. Ibérica: frecuente en C, N e W.

•**Hábitat:** pasteiros anuais. Alcanza sen problemas o piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Olelas, As Casñas, 29TNG6639, 600 m, vexetación pioneira que coloniza terreo queimado a finais de agosto de 1998, zona transitada polo gando, 27/05/1999, IPS SANT 44237. >LOBIOS, Ganceiros-As Touzas,



Fabaceae *Lotus hispidus*



Fabaceae *Lotus pedunculatus*



Fabaceae *Lupinus angustifolius*



Fabaceae *Lupinus gredensis*



Fabaceae *Lupinus luteus*



Fabaceae *Medicago lupulina*



Fabaceae *Medicago polymorpha*



Fabaceae *Ornithopus compressus*

29TNG7841, 460 m, pasteiro anual sobre chans ácidos (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabiflorae*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77898. >Muíños, Prado, 29TNG8443, 760 m, cultivo de centeo (*Linario elegantis-Anthonoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS, SANT 44240.

■ *Ornithopus pinnatus* (Miller) Druce

• **Descripción:** terófito glabrescente ou con indumento de pelos aplicados. Follas pecioladas, imparipinnadas, con 1-9 pares de folíolos. Inflorescencia con 2-5(7) flores, sen bráctea. Cáliz de 3,8-5 mm, glabro e coas marxes dos dentes ciliolados. Corola amarela cos nervios do estandarte frecuentemente purpúreos. Froito cilíndrico, glabro.

• **Distribución:** W Europa, rexión mediterránea, Canarias e Madeira. P. Ibérica: sobre todo metade W.

• **Hábitat:** pasteiros anuais no piso mesotemperado.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabiflorae*), 09/05/1996, IPS. A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabiflorae*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7841, 458 m, pasteiro anual algo nitrificado (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 11/06/2004, IPS. Cerca de Ganceiros desde A Portaxe, 29TNG7741, 420 m, pasteiro anual algo nitrificado (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 10/05/2011, IPS.

■ *Ornithopus sativus* Brot.

• **Descripción:** terófito. Talos vilosos. Follas pilosas na face e no envés, con estípulas triangulares < 1 mm. Inflorescencia con pedúnculo máis longo que a súa folla, con 2-6 flores e con bráctea foliácea que xeralmente non chega ao ápice das flores. Cáliz 3,2-5 mm. Corola rosada de 6,5-10 mm. Froitos moi comprimidos entre as sementes.

• **Distribución:** SW Francia, Azores, NW África e W P. Ibérica.

• **Hábitat:** pasteiros anuais.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pradaría, 02/07/2019, IPS. >LOBIOS, pista Baños de Riocaldo-miliarios, 29TNG7434, 400 m, 24/05/1995, IPS. A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabiflorae*), 11/05/1993, IPS, M. Buján & S.Ortiz. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización vexetal, 19/12/2014, IPS & D. Manso.

>MUÍÑOS, Prado, 29TNG8443, 760 m, cultivo de centeo (*Linario elegantis-Anthonoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS. Prado, 29TNG8443, 760 m, cultivo de centeo (*Linario elegantis-Anthonoxanthetum aristati*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz.

■ *Ornithopus perpusillus* x *sativus*

• **Descripción:** terófito con características intermedias entre a dúas especies parentais.

• **Distribución:** zonas de contacto entre as dúas especies parentais.

• **Hábitat:** pasteiros anuais.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Os Baños de Riocaldo, terreos alterados, 29TNG7435, 390 m, 19/03/1993, IPS, SANT 44241. Baños de Riocaldo, xunto a surxencias de auga termal, 29TNG743350, 390 m, 24/05/1995, IPS, SANT 44239. A Anta, 29TNG7537, 470 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenosum scabiflorae*), 09/05/1996, IPS, SANT 44238.

— **Pterospartum** (Spach) K. Koch —

■ **Pterospartum tridentatum** (L.) Willk.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo inferior a 1 m de altura. Talos alados. Follas unifoliadas de ata 3 x 1,5 mm, triangulares, alternas, coriáceas, sentadas, más ou menos desenvolvidas. Estípulas de ata 3 x 1,5 mm, en forma de dentes triangulares, erguidas, unidas íntimamente ao folíolo, que en conxunto simulan ser una folla tridentada. Flores hermafroditas con periantio dobre, pediceladas, con 1 bráctea na base do pedicelo e dúas bractéolas xunto ao cáliz. Cáliz bilabiado con 5 sépalos soldados. Corola amarela, papilionada. Androceo cos estames soldados polos filamentos. Ovario súpero. Froito en legume.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA (1999d).

Clave de subespecies

1. Estandarte glabro ou cunha liña de pelos no envés	<i>P. t. subsp. cantabricum</i>
Estandarte enteiramente seríeo no envés	<i>P. t. subsp. lasianthum</i>

■ **Pterospartum tridentatum**

subsp. **cantabricum** (Spach) Talavera & P.E. Gibbs

P. cantabricum (Spach) Willk; *Genista cantabrica* Spach; *G. tridentata* subsp. *cantabrica* (Spach) Nyman;

•**Distribución:** N e W da Península Ibérica e N de Marrocos.

•**Hábitat:** breixeira en piso supratemperado e no no occidente do mesotemperado.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBEIRA?**, Serra do Leboreiro, 29TNG758559, 1270 m, matogueira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis*), 27/05/2003, IPS. >**LOBIOS**, Fondevila-Portela do Home, 04/1992, IPS, SANT 44242. Serra do Xurés, Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1450 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii* var. de *Thymelaea broterana*), 26/07/1992, IPS, SANT 44243. Serra do Xurés, Pista de acceso ás Minas Sombras, 29TNG7731, 1200 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 09/04/2000, IPS, SANT 42764. Serra do Xurés, Minas das Sombras, 29TNG7830, 1230 m, matogueira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis*), 27/05/2004, IPS, SANT 51051. Desembocadura do río Mau, 29TNG7238, 390 m, cuneta de estrada nacional N-540, 22/04/2005, IPS, SANT 52958. Manín, 29TNG7337, 480 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53007. >**Muiños**, Salgueiros, 29TNG8539, 1000 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 22/04/2002, IPS, SANT 46977. Serra do Xurés, A Lomba-As Gralleiras, 29TNG8536, 1300 m, breixeira, 29/05/2010, IPS, SANT 63043. Reparade-A Ponte, 29TNG8142, 680 m, matogueira en ladeira e sobre río Salas (*Calluno-Ulicetea*), 21/04/2021, IPS, SANT 81283. Albite, Porta da Lama, 29TNG8339, 1120 m, breixeira-toxeira (*Calluno-Ulicetea*), 08/06/2021, IPS, SANT 80338. >**QUINTELA DE LEIRADO**, Serra do Leboreiro, Pena Gache, 29TNG7359, 1215 m, matogueira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis*), 27/05/2003, IPS, SANT 49488 e 49490.

■ **Pterospartum tridentatum** Talavera & P.E. Gibbs

subsp. **lasianthum** (Spach)

Genista lasiantha Spach; *Pterospartum lasianthum* (Spach) Willk

•**Distribución:** C, W e S P. Ibérica e N Marrocos.

•**Hábitat:** breixeiras e breixeira-toxeira. Preferentemente no piso mesotemperado superior e supratemperado inferior na metade oriental do territorio.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**Muiños**, Requiás, Laxal da Meda, 29TNG8639, 975 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 17/05/2003, IPS, SANT 49438.

— Híbridos —***P. t.* subsp. *lasianthum* x *P. t.* subsp. *cantabricum***

>CALVOS DE RANDÍN, Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140m, breixeira próxima ao cumio, 09/06/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80304. >ENTRIMO, Fronteira Ameixoeira_pista forestal, 29TNG6946, 780 m, breixeira toxreira, 10/06/2020, IPS, SANT78832; observ.: con moi poucos pelos no envés do estandarte. >Muíños, Cerca de Salgueiro, 29TNG8440, 880 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49477; observ.: estandarte piloso fundamentalmente no nervio medio, no resto moito menos.

— *Robinia* L. —**■ *Robinia pseudoacacia* L.**

•**Descripción:** fanerófita. Árbore caducifolia de crecimiento rápido. Ramas novas con espiñas grandes. Cortiza pardento-grisácea, estriada. Follas alternas, imparipinnadas, con folíolos elípticos a ovados curtamente peciolulados. Inflorescencia en acios colgantes. Cáliz de sépalos soldados, subbilabiado. Corola papilionada cos pétalos de cor branca-crema, olorosas. Froito en legume de más de 10 cm de longo.

•**Distribución:** N de América. Naturalizada en diversas partes da P. Ibérica.

•**Hábitat:** cultivada como ornamental. Ten un gran potencial invasor coma colonizadora de prados, riveiras e terreos baldíos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba, 29TNG8347, 570 m, cultivo marxe estrada (invasora), 08/05/2011, IPS, SANT 64562.

•**Bibliografía:** P. L. ORTIZ (1999).

— *Trifolium* L. —

Follas alternas, pecioladas, con estípulas amplexicaules e soldadas entre si e ao pecíolo na base; limbo trifoliolado. Inflorescencia capituliforme ou racemiforme. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz de sépalos soldados e corola papilionada e frecuentemente persistente no froito. Androceo cos estames soldados polos filamentos. Froito en legume inserta dentro do cáliz.

•**Bibliografía:** MUÑOZ RODRÍGUEZ et al. (2000).

Clave de especies

1. Inflorescencias sentadas	2
Inflorescencias pedunculadas	4
2. Inflorescencia madura redondeada	<i>T. glomeratum</i>
Inflorescencia madura alongada e obtusa no ápice	3
3. Folíolos con nervios moi marcados e curvado reflexos na marxe	<i>T. scabrum</i>
Folíolos sen as características anteriores	<i>T. striatum</i>
4. Con bractéolas ou fascículos de glándulas entre as flores	5
Sin bractéolas nin fascículos de glándulas entre as flores	10
5. Con fascículos de glándulas; flores amarelas	6
Con bractéolas	7

6. Corola papilionada con alas converxentes	<i>T. dubium</i>
Corola papilionada con alas diverxentes	<i>T. campestre</i>
7. Inflorescencias de < 10 mm, subsentadas ou sobre pedúnculo de ata 20 mm na frutificación	8
Inflorescencias > 9 mm sobre pedúnculos xeralmente longos	9
8. Pedicelos das flores superiores de maior lonxitude cás bractéolas, estilo subventral	<i>T. cernuum</i>
Pedicelos das flores superiores de menor lonxitude cás bractéolas; estilo terminal	<i>T. retusum</i>
9. Folíolos lineares ou linear elípticos con dentes rematados en glándulas capitadas	<i>T. strictum</i>
Folíolos obovados, obcordados ou orbiculares, sen glándulas capitadas	<i>T. repens</i>
10. Inflorecencia espiciforme	11
Inflorescencia capituliforme	12
11. Dentes de cáliz densamente vilosos; folíolos estreitamente elípticos	<i>T. arvense</i>
Dentes de cáliz vilosos; folíolos obovados-subcordados	<i>T. striatum</i>
12. Talos erectos ou ascendentes. Flores rosadas	<i>T. pratense</i>
Talos decumbentes. Flores brancas	<i>T. subterraneum</i>

■ *Trifolium arvense* L.

•**Descripción:** terófito con talos erectos. Estípulas ovado-lanceoladas, arestadas ou longamente acuminadas, parcialmente soldadas entre si e ao pecíolo. Follas trifoliadas. Folíolos más de tres veces más longos cá anchos, subsentados. Inflorescencias pedunculadas, solitarias, espiciformes, ovoides inicialmente e cilíndricas na madurez, sen involucro nin bractéolas, con numerosas flores sentadas. Cáliz densamente viloso; tubo con 10 nervios; dentes 5, lineares, ciliados, subiguais entre si e más longos có tubo. Corola cos pétalos soldados na base e ao tubo do androceo, branca ou rosada, glabra, marcescente. Froito sentado incluído no cáliz.

•**Distribución:** Europa, Siberia, W Asia, N e E África e Macaronesia. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** pasteiros anuais.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBOS, A Anta, 29TNG7437, 440 m, terreos alterados, compactados, 07/07/1993, IPS, SANT 43838. A Anta, 29TNG7537, 455 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas *silenetosum scabriflorae*), 23/04/1995, IPS, SANT 43839. >MUTINOS, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasteiro anual viario, subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS.

•**Citas previas:** GÓMEZ VÍGIDE et al. (1989b).

■ *Trifolium campestre* Scherb.

Trifolium procumbens L.

•**Descripción:** terófito. Talos con pelos adpresos na parte superior. Estípulas agudas, membranáceas, as superiores auriculadas. Follas alternas, trifoliadas, con pecíolo ata 30 mm. Folíolo terminal más longamente peciolulado cós laterais, obovados ou elípticos. Inflorescencias axilares pedunculadas. Bractéolas sustituidas por fascículos de glándulas lineares, vermellas. Cáliz

glabro con 5 nervios, cos dentes desiguais. Corola amarela, negrecida ao secarse, persistente na frutificación. Estandarte fimbriado. Alas diverxentes.

•**Distribución:** Europa (excepto N), SW Asia e NW África. P. Ibérica: abundante excepto no NW.

•**Hábitat:** pasteiros anuais subnitrófilos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Bande-Alto do Vieiro, 29TNG8555, 800 m, chan areoso ao marxe de pista forestal (*Polygono-Poetea annuae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78803. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 450 m, pasteiro con *Poa bulbosa*, 23/04/1995, IPS, SANT 43849. >Muíños, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasteiro anual viario, subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS.

■ *Trifolium cernuum* Brot.

•**Descripción:** terófito. Follas alternas, pecioladas, cos folíolos levemente peciolulados, obovados, atenuados e agudos na base, dentados dende o tercio inferior. Inflorescencias en glomérulos de 8-11 mm, axilares e pedunculados, co pedúnculo de menor tamaño có pecíolo da folla continua, reflexos na madurez. Flores pediceladas, reflexas na madurez, con bractéolas membranáceas más curtas cós pedicelos florais. Tubo do cáliz con 10 nervios. Corola rosada, persistente.

•**Distribución:** SW Europa, NW África, Azores e Madeira. P. Ibérica: metade W; chega a Serra Nevada.

•**Hábitat:** pasteiros anuais oligótrofos, sobre chans areosos (*Tuberarietea guttatae*).

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Cachos, sobre o río Limia, 29TNG8648, 560 m, pasteiro anual nitrificado en área de descanso, 08/06/2021, IPS, SANT 80344. >CALVOS DE RANDÍN, 29TNG9144, 880 m, prado baixo arboleo contiguo a unha pista de acceso a naves con gando (*Molinio-Arrhenatheretea*), 19/06/2018, IPS, SANT 76576. Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 76983. >LOBIOS, Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77902.

■ *Trifolium dubium* Sibth.

Trifolium minus Sm.

•**Descripción:** terófito. Follas alternas, trifoliadas, con pecíolos ata 20 mm. Estípulas auriculadas, agudas. Folíolos obovados, peciolulados, serrados no ápice, o terminal más longamente peciolulado cós laterais. Inflorescencias axilares, densas na frutificación, pedunculadas. Pedicelos florais más curtos có tubo calicino, acodados na frutificación. Cáliz glabro, con 5 nervios, cos dentes desiguais. Corola amarela persistente, de cor negrecida na frutificación, co standarte libre.



•**Distribución:** Europa (excepto N), SW Asia, NW África e Macaronesia. Introducida en Norteamérica. Amplamente espallada na P. Ibérica.

•**Hábitat:** pasteiros anuais.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Os Baños, 29TNG7434, 460 m, pista Os baños-A Cabreira, 24/05/1995, IPS, SANT 43842. >Muíños, encoro de Salas, 29TNG8842, 860 m, pasteiro anual nitrificado (*Galio parisienne-Logfietum minimae subas. sedetosum arenarii*), 21/05/1996, IPS, SANT 43840. Serra do Xurés, fronteira Portela de Pitoes-As Gralleiras, 29TNG8636, 1250 m, penedos con fisuras con *Silene acutifolia* e chans efimeros, 03/07/1997, IPS, SANT 77903. Guntumil, 29TNG8940, 880 m, 18/09/1998, IPS, SANT 43841.

Fabaceae *Ornithopus perpusillus*Fabaceae *Ornithopus pinnatus*Fabaceae *Pterospartum tridentatum*Fabaceae *Robinia pseudoacacia*Fabaceae *Trifolium arvense*Fabaceae *Trifolium campestre*Fabaceae *Trifolium cernuum*Fabaceae *Trifolium glomeratum*

■ *Trifolium glomeratum* L.

• **Descripción:** terófito de talos erectos ou ascendentes, xeralmente glabros. Follas trifoliadas, alternas, estipuladas, pecioladas. Estípulas membranáceas, glabras, ovadas, acuminadas, soldadas entre si e ao pecíolo, con nervios resaltados. Folíolos ata 20 x 15 mm, subsentados, serrulados. Inflorescencias axilares, sentadas, 7-15 mm de diámetro, capituliforme, globosa na frutificación. Bractéolas membranáceas e uninervias. Cálix actinomorfo, tubo con 12 nervios e dentes de marxe membranáceo e patentes ou reflexos na frutificación. Corola rosada co estandarte libre, marcescente.

• **Distribución:** W e S Europa, SW Asia, N e S África e rexión macaronésica. Introducida en Chile. Case toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** pasteiros anuais con chans areosos pouco profundos, baldíos, cunetas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, pastero anual entre marcas de rodas de entrada a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78812. Os Cachos, sobre o río Limia, 29TNG8648, 560 m, pastero anual nitrificado en área de descanso de estrada, 08/06/2021, IPS, SANT 80345. >CALVOS DE RANDÍN, Alto da Cumieira, 29TNG9048, 1090 m, chans pouco profundos en cumio reemisores (*Tuberarietea*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69939. Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69894. Calvos de Randín, 29TNG9340 19/06/2018, IPS, SANT 7698. >ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7541, 400 m, cuneta, 12/06/1995, IPS, SANT 46846. Terrachá, 29TNG7242, 500 m, cuneta (*Sisymbria officinalis-Hordeetum murinū*), 28/05/1999, IPS, SANT 43847. >LOBIOS, Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pastero anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77901. Serra de Santa Eufemia, cesta do viveiro forestal, 29TNG723.0, 650 m, pastero anual sobre chans algo pisados e nitrificados, 09/06/2011, IPS, SANT 64778.

>MUIÑOS, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pastero anual subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS.

■ *Trifolium pratense* L.

• **Descripción:** hemicriptófito con talos erectos ou ascendentes. Follas alternas, pecioladas, estipuladas. Estípulas membranáceas, ovadas ou lanceoladas. Folíolos ata 50 x 30 mm, os das follas inferiores ovados ou suborbiculares, os das follas superiores elípticos ou obovados, pilosos. pilosos. Inflorescencia capituliforme, ovoide ou subglobosa, con involucro formado polas estípulas superiores, ás veces sen involucro. Cálix con 10 nervios, piloso polo menos no envés. Corola cos pétalos soldados pola súa base e ao tubo do androceo, rosados, marcescentes, persistentes ou caedizos na frutificación.

• **Distribución:** Europa, C e W Asia, NW África e rexión macaronésica. Introducida en outras rexións do mundo. P. Ibérica: en todo o territorio.

• **Hábitat:** pasteiros e prados en chans profundos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachá-A Illa (OUR-1209, Km 1_2), 29TNG7242, 420 m, cuneta cespitosa, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73383. >LOBIOS, Aceredo Novo, 29TNG7238, 430 m, céspede descoidado de vivienda, 08/05/2001, IPS, C.Vello & D.Manso, SANT 44908. >MUIÑOS, O Barrio, 29TNG8647, 580 m, cuneta, 11/09/1997, IPS, SANT 43845. Porqueirós-presa do Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pastero anual viario, 19/06/2020, IPS, SANT 78813.

■ *Trifolium repens* L.

• **Descripción:** hemicriptófito estolonífero, glabro excepto en pecíolos, pedúnculos e pedicelos que pode ser glabrescente. Talos enraizantes nos nós. Follas alternas, trifoliadas, pecioladas, estipuladas. Estípulas ovado-acuminadas, membranáceas. Folíolos de 3-47 x 3-36 mm, subsentados,

denticulados ou serrulados. Inflorescencias axilares, pedunculadas, hemisféricas. Flores reflexas na frutificación. Bractéolas membranosas, uninervias. Cáliz cilíndrico, lixeiramente zigomorfo, glabro, con 10 dentes. Corola co estandarte libre, glabra, branca ou rosada, persistente, membranácea na frutificación.

•**Distribución:** Europa (excepto N), SW Asia, NW África e macaronésica. Moi empregada como forraxeira e en xardinería de céspedes, polo que se naturalizou en moitas zonas do planeta. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** prados, herbais en marxes de camiños, xardíns, etc.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78811. >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73396. >LOBIOS, Saa-A Regada, 29TNG7737, 650 m, marxe de regato, 09/07/1993, IPS, SANT 43843. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7332, 500 m, bord dun regato que percorre unha carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*) (cerca de *Populus tremula*), 04/09/1997, IPS, SANT 43844.

■ *Trifolium retusum* L.

•**Descripción:** terófito; herbácea ramificada de talos glabros a glabrescentes. Follas alternas, pecioladas, trifoliadas, con estípulas membranáceas enteras e longamente acuminadas. Folióculos peciolulados de limbo obovado, con nerviación manifesta e marxe serrado a dentado. Inflorescencias en acios axilares capituliformes con máis de 15 flores de 3,5-4,5 mm. Flores con pedicelos recurvos na madurez, con bractéolas membranosas uninervias. Flores superiores con bractéolas maiores cos pedicelos respectivos. Flores inferiores con bractéolas pouco manifiestas. Tubo do cáliz con 10 nervios, glabro coma os dentes, estes desiguais e reflexos; dous dentes superiores de maior tamaño, de 2,5-3,5 mm, dous intermedios e o inferior moito más pequeno (0,8-1 mm). Corola abrançazada, persistente na frutificación, co estandarte libre, glabra. Estilo de inserción apical. Legume con 2 sementes amarelas.

•**Distribución:** SW, C e E Europa, SW Asia e NW África (rexión mediterránea). P. Ibérica: fundamentalmente nas dúas mesetas.

•**Hábitat:** ecotón entre pasto anual e vivaz en chans con materia orgánica.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual entre marcas de rodas de entrada ao prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78818.

■ *Trifolium scabrum* L.

•**Descripción:** terófito, ramoso dende a base. Talos con pelos patentes por abaixo e pelos aplicados no resto. Follas inferiores longamente pecioladas; as caulinas ou axilares das inflorescencias con pecíolo más curto có limbo. Estípulas pilosas exteriormente e glabras interiormente. Limbo trifoliolado con lóbulos curtamente peciolulados, con nervios secundarios marcados e refexos ata o ápice. Inflorescencias cilíndricas, axilares, sentadas, só parcialmente recubertas polas estípulas da folla adxacente, coa parte más ancha por encima da metade. Flores sentadas ou subsentadas, sen bractéolas, co eixo floral piloso. Cáliz persistente con 10 nervios, con guechos de pelos nos vais; dentes do cáliz triangulares, desiguais. Corola abrançazada. Legume inserta no cáliz, con 1 soa semente lisa e amarelenta.

•**Distribución:** C, W e S Europa (rexións mediterránea e eurosiberiana), NW África, SW Asia e Macaronesia (excl. Tropical). P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pastos anuais nitrificados.

•**Frecuencia:** escasa.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Cachos, río Limia, 29TNG8648, 560 m, pasto anual nitrificado en área de descanso de estrada, 08/06/2021, IPS, SANT 80346. >Muíños, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual viano, subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80796.

■ *Trifolium striatum* L.

subsp. *brevidens* (Lange) Muñoz Rodr.

•**Descripción:** terófito con talos erguidos, pilosos. Follas alternas, pecioladas, con estípulas soldadas que rodean o talo. Inflorescencias axilares e sobre todo terminais. Con un involucro externo formado polas estípulas da folla correspondente. Flores en acio curto e subcilíndrico na frutificación, subsentadas, sen bractéolas ou case inapreciables. Cáliz con 10 nervios, piloso, coa gorxa aberta, cos dentes más curtos có tubo. Corola rosada, marcescente. Legume inclusa, cunha soa semente amarelenta.

•**Distribución:** Europa (excepto N e NE) e SW Asia. P.Ibérica N, NE, C e N de Portugal, Baleares e unha localidade andaluza.

•**Hábitat:** pastos anuais (*Tuberarietea*).

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 76981. >Muíños, As Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021(01), IPS, SANT 80291.

■ *Trifolium strictum* L.

•**Descripción:** terófito de talos erectos, glabros. Estípulas ovadas, obtusas, dentadas, herbáceas, as das follas superiores rematadas en glándulas capitadas. Follaas pecioladas, trifoliadas con folíolos de ata 30 x 7 mm, lineares, subsentados, serrulados, con dentes rematados en glándulas capitadas. Inflorescencias capituliformes, a maioría axilares, pedunculadas. Bractéolas uninervias, membranáceas, con marxes glandulosos, en ocasións soldadas. Cáliz zigomorfo con 10 nervios, glabro o con pelos nos senos, con dentes desiguais de marxes membranáceos e glandulosos. Corola rosada con estandarte libre, glabra, marcescente ou caediza na frutificación.

•**Distribución:** W e S Europa, Turquía e NW África. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** Cunetas e depresións asolagadas estacionalmente, silicícola.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba_Porto Quintela, 29TNG8347, 570 m, solo chairo con pasteiro resistente ás pisadas e pasteiro anual, 10/05/2011, IPS, SANT 64550. >LOBIOS, Vilameá, Ponte da Devesa, 29TNG7436, 410 m, cuneta e muro, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 43848. Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual, 03/06/1997(1), IPS, SANT 77900. >Muíños, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80794.

■ *Trifolium subterraneum* L.

•**Descripción:** terófito de talos procumbentes con pelos patentes. Follas pecioladas, trifoliadas, con estípulas lanceoladas, agudas, membranosas. Folíolos obcordados, denticulados ou lobulados, pilosos en ambas faces ou só no envés. Inflorescencias axilares, sen involucro nin bractéolas, con 2-6 flores de cor branca, reflexas na frutificación. Corola cos pétalos soldados pola base e ao tubo do androceo, glabros, caedizos na frutificación. Infrutescencia hipoxea.

•**Distribución:** Europa, SW Asia, NW África, Madeira e Canarias. Introducida en numerosos países como especie melloradora de prados. P. Ibérica: falta en o CE e SE.

•**Hábitat:** prados.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila-Aceredo Novo, 29TNG7539, 450 m, prado nitrificado, 23/06/1998, IPS, SANT 44078. Xendive, 29TNG7741, 425 m, pradaria nitrófila pisada (*Polygono-Poetea annuae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53124. >MUIÑOS, As Maus de Salas, 29TNG8943, finca incendiada recentemente, 21/04/1997, IPS, SANT 44074.

— Ulex L. —

Arbustos espiñosos. Ramas con 8 costelas. Follas sen estípulas, reducidas en individuos adultos, espiniscentes. Flores pediceladas con 2 bractéolas baixo o cáliz, este bilabiado e persistente. Corola papilonada amarela. Androceo cos filamentos dos estames soldados. Ovario súpero con estilo arqueado. Sementes con estrofiolo.

•**Bibliografía:** CUBAS (1999).

Clave de especies

1. Corola con estandarte de 14-21 mm	<i>U. latebracteatus</i>
Corola con estandarte de 7-11 mm	2
2. Cáliz de 7-8,5 mm; alas iguais ou < que a quilla	<i>U. minor</i>
Cáliz de 9-12 mm; alas iguais ou < que a quilla	<i>U. gallii</i>

■ ***Ulex latebracteatus*** (Mariz) Rivas Mart., T.E.Díaz & Fern.Prieto
subsp. *izcoi* Rivas Mart., Amigo & Pulgar ●

•**Descripción:** fanerófita de ata máis de 2 m. Ramas acosteladas, as novas con indumento dobre. Follas das plantas novas pecioladas, con 1-3 foliolos; as dos talos adultos transformadas en filodios ríxidos espiñentos. Espiñas primarias de ata 4 cm, as secundarias e terciarias insertadas con frecuencia na base das primarias. Bractéolas 3,5-3,9 x 2,5-2,9 mm, más longas ca anchas. Flores pediceladas. Pedicelos pilosos. Cáliz bilabiado, piloso. Corola pa- pilionada amarela. Ás e estandarte más longas có cáliz e netamente más longas cá quilla. Froito en legume vilosa de 10-20 mm.

•**Distribución:** endimismo do cuadrante NW da Península Ibérica. N de Portugal e Galicia (C, Lu, Our e Po).

•**Hábitat:** toxeiras e xesteiras. Ocasionalmente entre breixeira-toxeira en evolución a matogueira de maior talla.

•**Frecuencia:** abundante no piso mesotemperado inferior.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus da Limia, 29TNG8549, 600 m, toxeira (*Ulici europaei-Ericetum cinereae*), 01/04/2001, IPS, SANT 44775. >LOBEIRA, Chaus da Limia-Fradalvite, 29TNG8246, 570 m, toxeira (*Ulici europaei-Ericetum cinereae* subsp. *ulicetosum minoris*), 01/03/2004, IPS, SANT 50386. >LOBIOS, Torneiros, 29TNG7333, 450 m, matogueira (*Cytisetea*) en marxe de camiño que baixa ao río, 05/10/1995, IPS, SANT 75359. Encoro do Lindoso, 29TNG7540, 380 m, breixeira-toxeira, 03/03/1999, IPS, SANT 75360. >MUIÑOS, Prado, río Salas, 29TNG8342, 700 m, toxeira-breixeira (*Ulici europaei-Ericetum cinereae*), 07/04/2011, IPS, SANT 64522.

*Aínda que tradicionalmente na bibliografía sobre a flora do PN Peneda-Gerês outros autores reconócen a *U. europaeus* subsp. *latebracteatus* (Mariz) Rothm, o toxo de gran talla dominante

nestas serras presenta as bractéolas do pedicelo floral de tamaño intermedio entre as pequenas e de tendencia lanceolada da subespecie típica (*U. europaeus* L. subsp. *europaeus*) e as más grandes e sempre más anchas ca longas da subsp. *latebracteatus*.

■ *Ulex gr minor* Roth

•**Descripción:** fanerófita arbustivo menor de 2 m de altura. Ramas e talos con indumento dobre. Espiñas primarias ata 2 cm, rectas ou algo arqueadas, iguais ou algo más longas cás secundarias, as secundarias e terciarias más finas. Bractéolas más estreitas có pedicelo. Cáliz bilabiado, piloso. Corola amarela, alas iguais ou más curtas cá quilla.

•**Distribución:** W Europa, dende Gran Bretaña ata o SW P. Ibérica (sobre todo metade W), Azores e Madeira.

•**Hábitat:** toxeira-breixeiras meso e supratemperadas e toxeiras mesotemperadas.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7239, 400 m, toxeira en recuperación tras incendio en agosto-1999 (*Ulici europaei-Ericetum cinereum*), 23/09/1999, IPS, SANT 44755. A Sobreira, 29TNG7540, 370 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae* subas. *genistetosum triacanthi*), 23/09/1999, IPS, SANT 44764. –LOBIOS, Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1370 m, breixeira-toxeira, 25/09/1997, IPS, SANT 44770. Monte de Ganceiros, 29TNG7841, 450 m, baixo piñeiral, 24/09/1999, IPS, SANT 44765, 44766 e 44767. Serra do Xurés, pista da Mina das Sombras, 29TNG7734, 1050 m, comunitade con herbáceas semiescíficas de orla de bosque (*Trifolio-Geranietae sanguinei*) alterada, 25/09/1999, IPS 44768 e 44769. Serra do Xurés, pista da Mina das Sombras, 29TNG7734, 1050 m, breixeira-toxeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 25/09/1999, IPS, SANT 44768 e 44769. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, breixeira-toxeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 25/09/1999, IPS, SANT 44771 e 44772. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7131, 919 m, matogueira higrófila con *Ulex minor* (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62182. >Muíños, Prado-Salgueiro, 29TNG8540, 945 m, breixeira lixeiramente edafohigrófila (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 07/10/2004, IPS, SANT 51842. As Maus-Guntumil, 29TNG8941, 840 m, matogueira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 14/10/2004, IPS, SANT 52883.

*Taxon con gran variabilidade morfolóxica que induce a pensar na existencia de múltiples híbridos con *Ulex galli* e posteriores retrocruzamentos entre eles.


— Vicia L. —

Herbáceas. Talos non alados. Follas con estípulas que en ocasións presentan un nectario na base, alternas, compostas de folíolos e case sempre rematas en gabiáns. Inflorescencias en acios axilares, en ocasións solitarias na axila da folla. Cáliz persistente, en ocasións xiboso na base. Corola papilionada, violácea, azulada ou abrancazada. Legume más longa có cáliz.

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO (1999).

Clave de especies

1. Follas sen gabiáns	<i>V. orobus</i>
Follas con gabiáns	2
2. Flores axilares sentadas	<i>V. angustifolia</i>
Flores en acios axilares pedunculados	3
3. Estandarte de arredor de 10 mm	4
Estandarte de menos de 5 mm	5

Fabaceae *Trifolium pratense*Fabaceae *Trifolium repens*Fabaceae *Trifolium scabrum*Fabaceae *Trifolium striatum* subsp. *brevidens*Fabaceae *Trifolium strictum*Fabaceae *Trifolium subterraneum*Fabaceae *Ulex latebracteatus* subsp. *izcoi*Fabaceae *Ulex minor*

4.	Inflorescencia con más de 10 flores; pedúnculo maior cá folla axilante	<i>V. incana</i>
	Inflorescencia con menos de 10 flores; pedúnculo moito menor cá folla axilante	<i>V. sepium</i>
5.	Cáliz case regular, con todos os dentes semellantes e non menores có tubo	<i>V. hirsuta</i>
	Cáliz zigomorfo, con 3 dentes de menor lonxitude có tubo	<i>V. disperma</i>

■ *Vicia angustifolia* L.

Vicia sativa subsp. *nigra* (L.) Ehrh., *Vicia cuneata* Guss.; *Vicia lusitanica* Freyn

• **Descripción:** terófito gabeador. Talos ata 80 cm, ascendentes ou procumbentes. Follas pecioladas ou subsentadas, con 3-6 pares de folíolos emarginado-mucronados no ápice, rematadas en gabián simple ou ramificado, pilosas sobre todo en marxes e envés. Estípulas con nectario evidente. Inflorescencias sentadas ou subsentadas, raramente pedunculadas, con 1-2(4) flores por nó. Flores pediceladas. Cáliz hírtulo; tubo con 10 nervios, lóbulos subiguais. Corola papilionada, purpúrea, azul na desecación, con estandarte de 11-22 x 5,5-11,5 mm. Legume de 24-47 x 3,5-5,5 mm, sentada, non contraída entre as sementes, con frecuencia pubescente.

• **Distribución:** Europa, C e W Asia, Siberia, N África e Macaronesia. Común en toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** herbais ruderais, subnitrófilos, viarios.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Santuario dos Milagros-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, orla de ameneiral adxacente á área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69922. Randín-O Pozoco, 29TNG9340, 850 m, adaxacente á zona entrada ao regato, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >LOBIOS, Fondevila-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterada sobre piñeiral con sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49485. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG7830, 1250 m, pradaría próxima á boca da mina, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT62018. >MUIÑOS, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual subnitrófilo (*Sisymbrium officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80788.

■ *Vicia disperma* DC.

• **Descripción:** terófito. Gabeador a través de gabiáns presentes no extremo distal de todas as follas. Talos ramificados dende preto da base, glabros ou con pelos aplicados sobre todo nas costelas. Follas inferiores caducas; as culinares alternas e compuestas por 4-10 pares de folíolos, con estípulas cunha xibosidade na base, homomorfas en cada nó ou ben dimorfas nalgunas follas superiores. Flores en acios axilares pedunculados. Pedúnculos de menor tamaño cá folla axilante. Flores pediceladas, sen brácteas. Pedicelo de menor tamaño cá flor. Cáliz zigomorfo. Corola < 5 mm. Legume con dos sementes.

• **Distribución:** subrexión mediterránea occidental (S e SW Europa, NW África e Macaronesia p.p.). P. Ibérica: C, S, W e zonas cálidas do N.

• **Hábitat:** pasteiros anuais.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>MUIÑOS, As Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021_01, IPS, SANT 80292.

■ *Vicia hirsuta* (L.) S. F. Gray

• **Descripción:** terófito gabeador. Talos gabeadores, tetrágono. Follas con 4-9 pares de folíolos truncando-mucronados, rematadas en gabián ramificado. Inflorescencias pedunculadas, con 2-7(10) flores.

Flores pediceladas. Cálix actinomorfo, pubescente, con 5-10 nervios, con lóbulos triangulares tan ou más longos có tubo. Corola de azul clara a abrançazada, co estandarte de 2,5-4 x 2-3 mm. Legume de 7-10 x 2,5-3,5 mm, sentada, lixeiramente comprimida, con 1-2 sementes, viloso-hirsuta.

•**Distribución:** Europa, W e N Asia, N e W África e Macaronesia. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** herbais ruderais algo nitrificados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CAIVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9238, 930 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández. Serra da Pena, Corga do Forón, 29TNG9638, 1180 m, pradaría en marxe de regato, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo.

>LOBEIRA?, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021_04, IPS. >LOBIOS, Xendive, 29TNG7741, 425 m, pradaría nitrófila (*Stellarietea mediae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53125. >MUÍÑOS, Piñoi, sobre Encoro das Conchas 29TNG8244, 630 m, cemba, 24/06/2021, IPS, SANT 80308.

■ *Vicia incana* Gouan

Vicia cracca subsp. *incana* (Gouan) Rouy, *Vicia cracca* L. subsp. *gerardi* (All.) Gaud.

•**Descripción:** xeófito con turións. Planta densamente vilosa, con talos ata 50 cm. Follas alternas, subsentadas, paripinnadas, con 4-14 pares de folíolos, rematadas en gabiáns ramificados. Inflorescencia en acios axilares con 15-65 flores en agrupación densa, con pedúnculo de 7-17 cm, más longo cá folla axilante. Cálix viloso, bilabiado, de 4-6 mm, xiboso. Lóbulo inferior do cálix tan longo ou más longo có tubo. Pétalos azulados ou púrpuras. Legume de 18-25 mm, glabra.

•**Distribución:** C e S Europa e Asia Menor. P. Ibérica: N e E.

•**Hábitat:** bosques e orlas no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 800 m, orla de carballeira de montaña (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 09/06/2011, IPS, SANT 64776. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8537, 1120 m, sotobosque de carballeira alterada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS. Presa do encoro de Salas-Requiás, Regato da Ponte Nova, 29TNG8740, 850 m, pradaría na beira e entre grandes bolos de granito que sobresaen amplamente do cauce (*Alliarion petiolatae* o *Adenostylium pyrenaicae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78805.

■ *Vicia orobus* DC.

•**Descripción:** xeófito con talo leñoso subterráneo do que saen turións. Talos aéreos ata 65 cm. Follas subsentadas con 9-14 pares de folíolos, rematadas en mucrón ou nun folíolo rudimentario, sen gabiáns. Estípulas semihastadas de marxe enteiro. Inflorescencia pedunculada con 6-24 flores. Pedúnculo de 4-9 cm tan longo ou más cá folla axilante. Cálix 6-8,5 mm, zigomorfo, pubérulo, co tubo con 10 nervios. Pétalos abrançazados con veas violetas cara o ápice. Legume de 20-27 x 6-9 mm, glabro.

•**Distribución:** C e S Europa. P. Ibérica: no N.

•**Hábitat:** claros de bosque no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, pista de As Sombras, 29TNG7733, 920 m, orla de matogueira con megaforbios, 25/06/2007, IPS, SANT 57389. Serra do Xurés, 29TNG7732, 960 m, pradaría en orla de bosquete ripario, 18/06/2011, IPS, SANT 65248. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8637, 1252 m, sotobosque de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS. Serra do Xurés, A Lomba-O Curral de Iribo, 29TNG8637, 1250 m, mouteira de rebolos (*Quercus pyrenaica*) rexerando tras incendio, 27/05/2011, IPS, SANT 64804. Presa do encoro de Salas-Requiás, Regato da Ponte Nova, 29TNG8740, 850 m, pradaría megafórbica na beira e entre grandes bolos de granito que sobre-saen amplamente do cauce (*Alliarion petiolatae* o *Adenostylium pyrenaicae*), 19/06/2020, IPS, SANT 78806.

■ *Vicia sepium* L.

- **Descripción:** xeófito. Talos pilosos e angulosos con follas alternas, con estípulas iguais, dentadas ou semidentadas, cun nectario na zona basal. Follas con 4-7 pares de foliolos e rematadas en gabián composto. Inflorescencia en acio axilar pauciflora (ata 7 flores) con pedúnculo moito más curto cá folla axilante. Cáliz zigomorfo con lóbulos en forma de triángulo, desiguais, más curtos có tubo. Corola azulada e violácea. Ovario con pelos curtos aplicados que tenden a depilarse na legume.
- **Distribución:** eurosiberiana ata o Himalaia e algunas illas mediterráneas. Península Ibérica, metade N.
- **Hábitat:** sotobosque de bosques higrófilos de montaña. Piso supratemperado.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, Serra da Pena, Río da Mazaira, 29TNG9235, 1090 m, herbazal en bosque de ribeira, 16/06/2022, IPS, M.García & Lisardo, SANT 81732.

F. FAGACEAE

Clave de xéneros

1. Cúpula do froito con 1 aquenio	<i>Quercus</i>
Cúpula do froito con 3 aquenios	2
2. Follas de marxe dentado; amentos masculinos erectos	<i>Castanea</i>
Follas de marxe liso; amentos masculinos colgantes	<i>Fagus</i>

— *Castanea* Mill. —

■ *Castanea sativa* Mill.

Castanea vulgaris Lam.; *Fagus castanea* L.

- **Descripción:** fanerófito ata 30 m. Cortiza lisa e grisácea en ábores novas. Co tempo vólvese pardaa e agretada lonxitudinalmente. Ramíñas glabras, castaño-avermelladas. Con moita frecuencia trasmocco (reducido a unha cepa con ramas moito más novas). Follas enteras de 10-25 x 5-8 cm, serradas, de subcordadas a subtruncadas na base, con nervios moi visibles (máis no envés). Inflorescencias masculinas (amentos) de 13-30 cm, amarelos na antese, erectos. Flores femeninas na base dos amentos andróxinos, en cumes triflores. O froito é unha cúpula espiñosa e globosa (ourizo) con 3 aquenios (castañas) no seu interior.
- **Distribución:** Balcáns, Asia menor e o Cáucaso, S e W Europa. Estendida por cultivo na rexión mediterránea, Canarias, Madeira e Azores. P. Ibérica: N (rara nos Pirineos) e montañas do C e S.
- **Hábitat:** quedan restos de antigos soutos desaparecidos ou non explotados na actualidade, así como exemplares más ou menos illados no interior de carballeiras.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**

>BANDE, A Granxa, 29TNG8352, 770 m, pequeno souto próximo á estrada, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59635. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, viverio forestal, 29TNG7230, 650 m, orla forestal en pradaría escio-higro-nitrófila (*Galio-Urticetea*), 09/06/2011, IPS, SANT 64772. A Cela, 29TNG8040, 680 m, cultivado, 13/07/2012, IPS, SANT 65905.
- **Bibliografía:** ROCHA AFONSO (1990c).

— **Fagus L.** —

■ *Fagus sylvatica* L.

- **Descripción:** fanerófito caducifolio de ata 40 m, de cortiza lisa e cincenta. Follas ovadas ou elípticas, de 5-10 cm, con 5-10 pares de nervios laterais. Amentos masculinos colgantes, de 1-3 cm. Flores femininas pedunculadas rodeadas de involucro de brácteas unidas na base. Froito (cúpula) que envolve por completo ao aquenio, dehiscente por 4 valvas. Aquenios trígono de ángulos moi agudos.
- **Distribución:** C e W de Europa. P. Ibérica: sistema Pirenaico-Cantábrico, N Sistema Ibérico e Central.
- **Hábitat:** naturalizada na Serra de Santa Eufemia, en carballeiras do piso supratemperado.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 900 m, carballeira supratemperada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/10/1993, IPS, SANT 45355; observ.: exemplares proceden de antigo cultivo. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 890 m, carballeira supratemperada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 09/06/2011, IPS, SANT 64773.
- **Bibliografía:** ROCHA AFONSO (1990e).

— **Quercus L.** —

Árbores ou arbustos. Follas caducas, marcescentes ou perennifolias, de marxe enteira, lobada ou dentada. Flores unisexuais, as masculinas en amentos paucifloros colgantes. Flores femininas axilares, pouco conspicuas. Froitos, landras, formados por un aquenio e unha cúpula hemisférica e escamosa que recubre a base do aquenio.

- **Bibliografía:** AMARAL FRANCO (1990).

Clave de especies

1.	Árbores caducifolias o marcescentes	2
	Árbores ou arbustos perennifolios	5
2.	Envés das follas totalmente cuberto de pelos estrelados	<i>Q. pyrenaica</i>
	Envés das follas glabro ou sen pelos estrelados	3
3.	Envés das follas totalmente glabro	<i>Q. robur</i>
	Envés das follas con algúns pelos estrelados	4
4.	Lóbulos das follas de ápice agudo	<i>Q. rubra</i>
	Lóbulos das follas de ápice redondeado	<i>Q. x andegavensis</i>
5.	Sen cortiza suberosa; todas as escamas da cúpula imbricadas	<i>Q. rotundifolia</i>
	Cortiza suberosa; escamas medias e superiores da cúpula libres no ápice	<i>Q. suber</i>

■ *Quercus pyrenaica* Willd.

- **Descripción:** fanerófito marcescente, arbóreo, ata 25 m. Cortiza agrisado-pardenta, agretada. Ramíñas moi pilosas. Follas pinnatifidas ou pinnatipartidas, con pecíolo de 5-20 mm, verde escuras pola face e envés densamente afeltrado-tomentoso con pelos estrelados, cuneadas na base. Amentos masculinos colgantes de 5-10 cm. Cúpula tipo dedal que abrangue só á base do aquenio, de 6-18 x 14-26 mm, con escamas imbricadas, cincuenta vilosas e as superiores más ou menos libres.



Fabaceae *Vicia angustifolia*



Fabaceae *Vicia disperma*



Fabaceae *Vicia incana*



Fabaceae *Vicia orobus*




Fabaceae *Vicia sepium*



Fagaceae *Castanea sativa*



Fagaceae *Fagus sylvatica*



Fagaceae *Quercus pyrenaica*

•**Distribución:** W e SW de Francia, Península Ibérica e Marrocos. P. Ibérica: rara no E e cara o S busca refuxio nas montañas.

•**Hábitat:** carballeiras termófilas e mesófilas e reboleiras climáticas e secundarias.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7431, 880 m, carballeira supratemperada moi alterada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/05/1996, IPS, SANT 45357. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 900 m, carballeira supratemperada moi alterada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 07/1992, IPS, SANT 45356. Serra do Xurés, 29TNG7731, 1100 m, individuos que rebrotan en área incendiada, 09/07/1993, IPS, SANT 45352 e 45353. Grou, A Herdadiña, Capela das Cancelas, 29TNG7743, 340 m, o recinto da capela, con aspecto de pertencer ao bosque potencial, 23/10/2016, IPS & D. Manso, SANT 73409. >Muíños, Porqueirós-presa do encoro de Salas (canteira de Campelos), 29TNG8842, 860 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 45351. Reparade, 29TNG8243, 720 m, muro de finca na entrada do pobo, 30/08/2012, IPS, R.Perdiz & Xurso, SANT 65836.

■ *Quercus robur* L.

Quercus pedunculata Ehrh. ex Hoffm.

•**Descripción:** fanerófito caducifolio, arbóreo. Cortiza inicialmente grisácea e lisa que co tempo torna negrecida e escamoso-agretada. Ramíñas glabras. Follas con pecíolo curto e glabro, auriculadas na base, glabras, xeralmente pinnatilobadas. Amentos masculinos colgantes, de 5-13 cm. Froitos sobre un pedúnculo frutífero alongado. Cúpula tipo dedal que abrangue só a base do aquenio, de 8-15 x 15-20 mm, con escamas imbricadas e soldadas entre si.

•**Distribución:** C, W e N Europa (chega aos Balcáns e Urais). P. Ibérica: metade N, preferentemente na Provincia Cántabro-atlántica.

•**Hábitat:** carballeiras, sebes, bosques en valgadas. Na Baixa Limia dende o nivel basal ata preto de 1300 m.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7431, 880 m, carballeira supratemperada moi alterada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/05/1996, IPS, SANT 45358. Vilameá, Río de Vilameá, 29TNG7536, 420 m, orla de ameneiral (*Osmundo-Alnion*), 29/07/1998, IPS, SANT 45360. Devesa-Padrendo, río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, marxe de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53114. Serra do Xurés, 29TNG7833, 1200 m, fisura profunda de penedos, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59524. Encoro do Lindoso, antigas fincas abandonadas do marxe do encoro, 29TNG7541, 345 m, zona de rexeración de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80846. >Muíños, Mugueimes-Barrio de Muíños, 29TNG8445, 620 m, carballeira, 04/08/1995, IPS, SANT 45361. San Miguel-Parada da Ventosa, 29TNG8044, 580 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 02/08/1995, IPS, SANT 45362. Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, bosque novo con dominio de *Quercus pyrenaica* (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 14/10/2004, IPS, SANT 52893. Serra do Xurés, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1170 m, entre penedos de granitos, 27/05/2011, IPS, SANT 64808.

•**Citas previas:** VALDÉS BERMEJO et al. (1988).

■ *Quercus rotundifolia* Lam.

Quercus ilex subsp. *ballota* (Desf.) Samp.; *Quercus ilex* subsp. *rotundifolia* (Lam.) O. Schwarz

•**Descripción:** fanerófito perennifolio, arbustivo na Baixa Limia. Cortiza non suberosa. Follas coriáceas, verde escuras pola face e o envés cincemento-tomentoso, con 5-8 pares de nervios secundarios, as novas xeralmente espíñoso-dentadas e pecíolos de 3-6 mm. Amentos masculinos colgantes. Cúpula tipo dedal que abrangue só a base do aquenio, (9-14 x 14-20 mm) con escamas imbricadas e aplicadas.

•**Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: falta nas fachadas cantábrica e atlántica da metade N e na meirande parte de Cataluña e da provincia Murciano-Almeriense.

•**Hábitat:** en refuxios rochosos das serras de Santa Eufemia e Xurés.

•**Frecuencia:** escaso-raro.

•**Pregos herborizados:**

•**Lobios, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 1100 m, gretas de granodioritas, 15/04/1993, IPS, SANT 45350.** Serra de Santa Eufemia, 29TNG70634/33234, 940 m, entre penedos, rodeado de breixeira e de berceal de *Stipa gigantea*, 02/06/2011, IPS, SANT 64756. Serra de Santa Eufemia, 29TNG 6959/3102, 1096 m, fisura no ángulo recto de gran penedo de granito con estrutura vertical-horizontal, 09/06/2011, IPS, SANT 64788.

•**Citas previas:** BELLOT (1951); RODRÍGUEZ GRACIA (1986a).

■ *Quercus rubra* L.

•**Descripción:** árbore de tronco e ramas rectos e copa ancha. Ramíñas glabras. Xemas ovoides, pardas, glabras. Follas simples, caducas, pecioladas. Limbo pinnatíido con lóbulos triangulares rematados nunha espiña. Face verde oscura, glabra. Envés verde máis claro, con algúns pelos estrelados na intersección do nervio medio cos secundarios. Flores masculinas en amentos fasciculados e colgantes que nacen da axila das follas superiores. Cúpula discoidea, aplanada, de maduración bienal.

•**Distribución:** E de Norteamérica. P. Ibérica: cultivado no N e NW.

•**Hábitat:** repoboacións de pequeno tamaño. Tamén se emprega en áreas recreativas e fincas particulares.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

•**Muños, Outeiro da Cela, 29TNG8446, 570 m, repoboación forestal, 30/08/2012, IPS, R.Perdiz & Xurso, SANT 65818. Mugueimes-Barrio, 29TNG8646, 600 m, cultivado en repoboación forestal, 05/11/2014, IPS, SANT 70413.**

■ *Quercus suber* L.

Quercus occidentalis Gay

•**Descripción:** fanerófita perennifolio, arbóreo. Cortiza suberosa. Follas coriáceas verde escuras pola face e o envés cincento-tomentoso, só remotamente denticuladas, con 5-7 pares de nervios secundarios, pecíolos de 6-20 mm. Cúpula tipo dedal que abrangue só a base do aquenio (10-20 x 12-25 mm) con escamas imbricadas, as medias e superiores alongadas e rematadas en punta libre.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: W e distintos lugares do C, N e S.

•**Hábitat:** carballeiras termófilas, chegando a existir falsas sobreiras resistentes á presión do lume (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*).

•**Frecuencia:** común; zona occidental. Piso mesotemperado.

•**Pregos herborizados:**

•**Entrimo, 29TNG7541, 440 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 08/1997, IPS, SANT 45359. Lobios, Torneiros, 29TNG7333, 500 m, carballeira termófila moi degradada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 11/07/1992, IPS, SANT 45354. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7231, 587 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 07/10/2004, IPS, SANT 51840.**

— Híbridos —

■ *Quercus x andegavensis* Hy

(*Q. robur* x *Q. pyrenaica*)

•**Hábitat:** carballeiras e carquiños con preferencia polo piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1300 m, entre matogueira con rebrotes de carballo incendiado recentemente, sobre *Myrtillo-Quercetum*, 08/07/2002, IPS & D.Manso, SANT 47762. Serra do Xurés, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1221 m, entre penedos, 11/06/2004, IPS. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1230 m, entre matogueira con rebrotes de carballo, 08/08/2007, IPS, SANT 57430.

F. GENTIANACEAE

Clave de xéneros

1. Flores tetrámeras	Cicendia
Flores pentámeras	2
2. Flores azuladas	Gentiana
Flores rosado-purpúreas ou amarelas	3
3. Flores sentadas ou con pedicelos más curtos cás flores	Centaurium
Flores frecuentemente con pedicelos más longos cás flores	Exaculum

— Centaurium Hill —

Follas opostas e decusadas. Flores actinomorfas, pentámeras de maior tamaño có pedicelo. Cáliz sen membranas intracalicias. Corola de pétalos soldados con tubo recto e lóbulos patentes, rosada excepto en *C. maritimum* (amarela). Estames adnatos á parte superior do tubo da corola.

•**Bibliografía:** DÍAZ LIFANTE (2012a).

Clave de especies

1. Flores amarelas	<i>C. maritimum</i>
Flores rosadas	2
2. Perenne, con talos rastreiros con follas suborbiculares ou romboidales	<i>C. scilloides</i>
Anual, só con talos erectos	<i>C. erythraea</i>

■ *Centaurium erythraea* Rafin

•**Descripción:** herbácea bienal, con talos ata 50 cm, ramificados dende a base ou só na inflorescencia. Roseta de follas que se atenúan cara a súa base en pecíolo curto e ancho. Follas superiores lanceoladas, con 3 nervios, sen bordes paralelos. Inflorescencia en cumes dicásiales, xeralmente corimbiformes. Flores pentámeras. Cáliz da ½ de longo a igual lonxitude que o tubo da corola. Corola con tubo amarelo e lóbulos rosado-purpúreos.

•**Distribución:** S e W Europa, C e W Asia, illas mediterráneas e da Macaronesia. P. Ibérica: no N.

•**Hábitat:** cunetas e lugares antropizados. Adventicia.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus da Limia-Vilela, 29TNG8549, 585 m, cuneta (N-540), 15/07/1998, IPS.

■ *Centaurium maritimum* (L.) Fritsch

•**Descripción:** terófito con talos de menos de 20 cm, simples ou ramificados na metade superior. Roseta basal caduca na antese. Talo folioso con follas opostas decusadas, sésiles. Inflorescencias

en dicasios ou monocasios corimbiformes. Flores pentámeras. Cáliz case tan longo coma o tubo da corola, esta de cor amarelo, con lóbulos menores da metade da lonxitude do tubo. Froito en cápsula de aproximadamente a mesma lonxitude do cáliz.

•**Distribución:** rexión mediterránea (W e S Europa, N África, illas macaronésicas e SW Asia). P. Ibérica: ampla distribución, mais ausente en diversas zonas do E.

•**Hábitat:** claros de matogueira e fisuras colmatadas de penedos.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033 (570622 / 4633822), 807 m, fisura de rocha colmatada, exposición W e inclinación 45°, pola que desauga un regueiro temporal, con especies acompañantes *Romulea cf. bulbocodium*, *Carex binervis*, *Logfia gallica* e *Gladiolus illyricus*, 02/06/2011, IPS, SANT 64735. Serra do Xurés, 29TNG7732, 910 m, chans pouco profundos sobre penedos graníticos, 18/06/2011, IPS, SANT 65263. Serra de Santa Eufemia, c. Corga do Sol, 29TNG6932, 830 m, claro de breixeira-toxeira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80297.

■ *Centaurium scilloides* (L. fil.) Samp.

•**Descripción:** caméfito herbáceo, sufrúdice, en xeral glabro. Talos rastreiros, flexibles, ramificados, con xermolos non floríferos e talos ascendentes fértiles, estreitamente alado nas costelas. Follas inferiores lixeiramente pecioladas, xeralmente de menos de 1 cm, de suborbiculares a romboideas ou elípticas; as superiores sésiles. Flores, 14-22 mm, pentámeras, solitarias ou en cumes pauciflores con pedicelo < 1 mm de anchura. Cáliz de sépalos soldados ocupando ¾ partes da lonxitude do tubo da corola, con lóbulos longos e estreitos con ampla marxe membranosa. Corola co tubo lixeiramente maior có cáliz e lóbulos de cor púrpura-rosada. Androceo con 5 estames soldados ao tubo da corola e exertos na antese. Ovario súpero con estilo de tamaño parecido e estigma exerto na antese. Froito en cápsula.

•**Distribución:** Europa (litoral atlántico dende o N Portugal ata as Illas Británicas e Azores). P. Ibérica: NW (N Portugal, Galicia, Asturias e Cantabria).

•**Hábitat:** turbeiras e herbais con humedade edáfica permanente.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Montes de Guxinde, 29TNG7048, 800 m, marxe de regato, 03/08/1995, IPS, SANT 44861. A Illa-Olelas, 29TNG6940, 650 m, cuenca pola que discorre regato (*Anagallido-Juncion bulbosi*), 11/10/1998, IPS, SANT 44863. C. Frontera Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micranthro-anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78752. >LOBIOS, Fondevila-Aceredo Novo, 29TNG7540, 400 m, orla de bosque con prado nitrificado, 23/06/1998, IPS, SANT 44864. A Cabreira, 29TNG7434, 400 m, marxe de regato, 09/07/1996, IPS, SANT 44862. Serra do Xurés, Chan do Frielo-Escada Paredes, 29TNG7733, 1050 m, marxe de fervenza, 04/06/1997, IPS, SANT 52758. Serra do Xurés, 29TNG7732, 918 m, valgada, orla de matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 18/06/2011, IPS, SANT 65264. Serra do Xurés, Chao das Casas-Lama que Treme, 29TNG7835, 990 m, marxe de prado higrófilo pastoreado, 25/06/2015, IPS & D.Manso, SANT 72545.

— Cicendia Adans. —

■ *Cicendia filiformis* (L.) Delarbre

•**Descripción:** terófito de 2-20 cm. Talo simple, delgado, con alas membranosas sobre os ángulos. Follas basais e caulinas de linear-oblongas a linear-lanceoladas, ata 5,5 x 0,8 mm. Flores tetrámeras, solitarias, longamente pediceladas. Cáliz de sépalos soldados con lóbulos triangulares, mucronados, con marxe escariosa. Corola con tubo piloso e lóbulos amarelos glabros. Estames 4, alternando cos pétalos e exertos. Froito en cápsula.

•**Distribución:** W S Europa, N África e Azores. P. Ibérica: espallada.

•**Hábitat:** chans despezados e encharcados parte do ano. Silicícola.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pastero higrófilo, 16/06/2016, IPS & M.Fernández. >MUÍÑOS, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, comunidade de terófitos efímeros que colonizan ambientes encharcados parte do ano, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 44859. Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, comunidade de terófitos efímeros que colonizan ambientes encharcados parte do ano, 04/08/1995, IPS, SANT 44860.

•**Bibliografía:** DÍAZ LIFANTE (2012b).

— Exaculum Caruel —

■ *Exaculum pusillum* (Lam.) Caruel

•**Descripción:** terófito con talo filiforme moi ramificado, glabro ou lixeiramente escabriúsculo. Ramas, erecto-patentes a patentes, con división dicotómica. Follas opostas de linear-oblongas a oblanceoladas, agudas e con frecuencia cun pequeno mucrón no ápice. Inflorescencia paniculiforme, con ramificación dicasial nos dous primeiros nós e monocasiales nos seguintes. Flores pediceladas, con algúns pedicelos que sobrepasan varias veces a lonxitude das súas respectivas flores. Flores tetrámeras. Cáliz (2,4) 2,5-4,5 (5,5) mm, con lóbulos moito maiores có tubo. Corola con tubo moito maior cós lóbulos, estes rosados. Estames exertos. Froito en cápsula oblonga.

•**Distribución:** S e W Europa e N África. P. Ibérica: dispersa; rara no E.

•**Hábitat:** chans areosos temporalmente encharcados (*Isoeto-Nanojuncetea; Bidentetea tripartitae*). Silicícola.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 548 m, chan areoso temporalmente encharcado, 09/10/2015, IPS, SANT 72042.

•**Bibliografía:** DÍAZ LIFANTE (2012c).

— Gentiana L. —

■ *Gentiana pneumonanthe* L.

•**Descripción:** hemicriptófito con talos ascendentes que poden superar os 50 cm. Follas basais e caulinias inferiores escamosas, envaiñantes. As caulinias medias e superiores opostas, con vaíña curta. Flores solitarias, pentámeras, sentadas ou subsentadas. Cáliz campanuláceo con tubo truncado e lóbulos lineares e mucronados pouco máis curtos có tubo. Corola azulada con 5 bandas verdes; lóbulos separados por apéndices triangulares. Estames cos filamentos libres e alados.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N) ata W Siberia. P. Ibérica: C, N e enclaves illados do S.

•**Hábitat:** matogueiras higrófilas, brañas, orla de turbeiras.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus, encoro do Lindoso, 29TNG8549, 550 m, ameneiral pantanoso (*Carici lusitanicae-Alnetum glutinosae*), 26/10/2000, IPS, SANT 44336. Porto Quintela, 29TNG8447, 550 m, 02/09/2007, IPS, SANT 57707. Porto Quintela, 29TNG8447, 550 m, prados higrófilos próximos á excavación arqueolóxica, 19/08/2012, IPS, SANT 65839.

>ENTRIMO, Montes de Guxinde, 29TNG7048, 810 m, marxe de regato, 03/08/1995, IPS, SANT 44850. >LOBEIRA?, Serra do Leboreiro, 29TNG7555, 1200 m, toxeira-breixeira higrófila (*Genisto anglica-Ericetum tetralicis subas. ulicetosum minoris*), 10/08/1996, IPS, SANT 44851. Serra do Leboreiro, 29TNG7555, 1200 m, toxeira-breixeira higrófila (*Genisto anglica-Ericetum tetralicis subas. ulicetosum minoris*), 15/08/1996, IPS, SANT 44852. >MUÍÑOS, Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, depresión temporalmente asolagada en marxe de encoro, 09/10/2015, IPS, SANT 72051.

•**Bibliografía:** RENOBALES (2012).




Fagaceae *Quercus robur*



Fagaceae *Quercus rotundifolia*



Fagaceae *Quercus rubra*



Fagaceae *Quercus suber*




Gentianaceae *Centaurium maritimum*



Gentianaceae *Centaurium scilloides*



Gentianaceae *Cicendia filiformis*



Gentianaceae *Exaculum pusillum*

F. GERANIACEAE

Flores actinomorfas, pentámeras, pétalos libres, androceo con 5-10 estames, froito en esquizocarpo prolongado nunha columna central á face alongada á que se atopan adheridos os mericarpos por medio dunha aresta.

Clave de especies

1. Follas pinnatinervias; androceo con 5 estames	Erodium
Follas palmatinervias; androceo con 10 estames	Geranium

— **Erodium** L'Hér. —

Herbáceas anuais ou bienais. Follas en roseta e caulinas, pinnatinervias, divididas, pinnatisectas con segmentos de pinnatificados a pinnatisectos. Flores actinomorfas con periantio dobre, hermafroditas. Cálix con 5 sépalos. Corola con 5 pétalos purpúreos. Androceo con 5 estaminodios nun verticilo externo e 5 estames noutro máis interno. Ovario con 5 carpelos soldados rematados no ápice polo estílo e 5 estigmas. Froito en esquizocarpo cunha columna central formada polo engrosamento e alongamento do estílo.

•**Bibliografía:** NAVARRO (2015).

Clave de especies

1. Follas compostas con folíolos dentados	E. moschatum
Follas compostas con folíolos pinnatisectos	E. cicutarium

■ **Erodium cicutarium** (L.) L' Hér.

•**Descripción:** terófito. Talos erectos ou ascendentes, con pubescencia de pelos uni ou pluricelulares e ás veces glandulares. Follas pinnaticompuestas, con moitos folíolos divididos ata máis da metade da distancia ao nervio medio, con pelos sebesos eglandulares. Brácteas ciliadas. Inflorescencias en umbelas con 1-7 flores pedunculadas. Sépalos de 5-7 mm na frutificación, ás veces mucronados, con pubescencia densa na base e menor no resto. Pétalos de 4-9 mm, subiguais, enteiros, rosados ou violáceos. Mericarpos con fóveas apicales non glandulares e cun suco infrafoveal.

•**Distribución:** Europa, N de África, SW de Asia, Macaronesia. Naturalizada noutros continentes. Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pasteiros anuais nitrificados en ambientes ruderais e arvenses.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BAIXA LIMIA, 19/03/1993, IPS. >BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, pasteiro anual, zona de entrada a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78874. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69989. >LOBIOS, Gustomeau-Prencibe, 29TNG7937, 600 m, cuneta (*Polygono-Poetea annuae*), 02/1993, IPS, SANT 46348. Gustomeau-Prencibe, 29TNG7937, 600 m, muro soleado con certa humidade, 02/1993, IPS, SANT 46349. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 400 m, terreos alterados e nitrificados, 02/1993, IPS, SANT 46347. Serra do Xurés, encima da Mina das Sombras, 15/07/1993, IPS, SANT 46351. Ludeiros-Cimadevila, 29TNG7136, 540 m, marxe de cultivo (*Chrysanthemo-Raphanetum*) 02/05/2005, IPS, SANT 53066. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, borde de pista con prado, 15/05/2010, IPS, SANT 62404. A Portaxe, ponte sobre a desembocadura do río Limia no encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, terreo alterado, 10/05/2011, IPS, SANT 64565.

■ *Erodium moschatum* (L.) L' Hér. in Aiton

- **Descripción:** terófito caulescente. Talos erectos, ascendentes ou decumbentes con pubescencia glandulosa. Follas pinnatisectas con segmentos foliares dentados ou como moito pinnatífidos. Brácteas ciliadas, abrancazadas. Inflorescencia con 6-10 flores (ás veces menos). Sépalos de 6-10 mm na frutificación, mucronados, con pubescencia glandulosa. Pétalos de 6-10 mm, subiguais, violáceos, púrpuras. Filamentos estaminais cun dente a cada lado na base. Mericarpos con glándulas nas fosiñas apicais.
- **Distribución:** W e S Europa, N África, SW Asia, Macaronesia. Naturalizada en América, E e S África e Australia. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** pradaría ruderais e vexetación arvense.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:** taxon presente no territorio sen pregos herborizados.

— *Geranium* L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas pecioladas en roseta basal e caulinas, con estípulas, palmatinervias, de palmatífidas a palmatisectas; flores pediceladas. Flores actinomorfas con periantio dobre. Caliz persistente con 5 sépalos apiculados. Corola con 5 pétalos libres, de rosados a purúreos. Androceo con 10 estames libres entre si. Ovario súpero con 5 carpelos soldados. Froito en esquizocarpo que desenvolve unha face ou columna central á que se adhire a aresta de cada mericarpo.

• **Bibliografía:** AEDO (2015).

Clave de especies

1. Sépalos pilosos	2
Sépalos glabros	<i>G. lucidum</i>
2. Lámina das follas con pelos glandulares	3
Lámina das follas sen pelos glandulares	4
3. Pétalos de ata 14 mm; anteras purpúreas	<i>G. robertianum</i>
Pétalos de ata 9 mm; anteras amarelas	<i>G. purpureum</i>
4. Pétalos > 12 mm	<i>G. sanguineum</i>
Pétalos < 11 mm	5
5. Mericarpos pilosos en toda a súa lonxitude	<i>G. dissectum</i>
Mericarpos glabros polo menos na metade superior	6
6. Mericarpos con costelas transversais moi marcadas	<i>G. molle</i>
Mericarpos sen costelas transversais moi marcadas	7
7. Pecíolo con pelos aplicados e retrorsos, sen pelos glandulíferos adpresos	<i>G. columbinum</i>
Pecíolo con pelos longos patentes e glandulíferos adpresos	<i>G. pyrenaicum</i> subsp. <i>lusitanicum</i>

■ *Geranium columbinum* L.

- **Descripción:** terófito. Talos con pubescencia adpresa. Follas inferiores longamente pecioladas. Limbo con pelos aplicados en ambas superficies, de profundamente palmatipartido a palmatisecto, con lóbulos pinnatífidos a pinnatisectos. Inflorescencia en címulas biflores. Pedúnculo

máis pedicelo máis longo cá folla axilante, ambos cun indumento de pelos curtos, aplicados e retrorsos. Sépalos de 9-13 mm, con pelos curtos antrorsos e aplicados, con marxe membranoso e con mucus no ápice de 1,3-3,5 mm. Pétalos de 8-12 mm, emarginados a enteiros. Estames con filamentos glabros. Carpelos lampiños ou con pelos dispersos.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N), NW África, Turquía, Cáucaso e Oriente Medio. Introducido en Norteamérica. P. Ibérica: ampla distribución.

•**Hábitat:** prados e pradaría ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos, Rego do Cauño, 29TNG8650, 580 m, lindero de bosque (*Trifolio-Geranietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78865. >ENTRIMO, desviación estrada N-540 cara ENTRIMO, 29TNG7541, 400 m, 12/06/1995, IPS, SANT 46357. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520 m, marxe de pista entre ameneiral e carballeira, 10/06/2020, IPS, SANT 78867. >LOBIOS, A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7741, 420 m, marxe de estrada, 15/06/1995, IPS, SANT 46356. Viaducto de A Portaxe, 29TNG7640, 370 m, orla de carballeira, 10/05/2011, IPS, SANT 64566. Vilamea-Picouto das Chans de Abaixo, 29TNG7535, 600 m, senda de acceso a antigas fincas de cultivo, 18/06/2011, IPS, SANT 65254. C. A Portaxe, Encoro do Lindoso en desembocadura do río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, orla de ameneiral e salgueiral, 06/07/2019, IPS, SANT 77495. Gustomeau, 29TNG7837, 570 m, cemba e lindero de bosque, 19/06/2020, IPS, SANT 78866. >MUIÑOS, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52887.

■ *Geranium dissectum* L.

•**Descripción:** terófito. Talos con indumento de pelos non glandulares retrorsos. Follas basais en roseta e as caulinias opostas, pubescentes, estipuladas, pecioladas, con limbo suborbicular palmatifido ou palmatisecto, con 5-7 lóbulos pinnatífidos; as basais longamente pecioladas. Flores en cumes biflores. Pedúnculo con indumento maioritario de pelos non glandulíferos, bractéolas ciliadas e pedicelos con pelos glandulares e eglandulares; o conxunto pedúnculo+pedicelo é < que a folla adxacente (excepto no ápice). Sépalos 4-8 mm con punta curta, densamente pubescentes con pelos glandulares e eglandulares. Pétalos c. 5 mm, escotados. Estames con filamentos pilosos. Carpelos pilosos, lisos.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N), N África, C e SW Asia, Macaronesia. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** prados e pradaría ruderais.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, 29TNG9144, 880 m, marxe de pista de acceso a naves con gando, 19/06/2018, IPS, SANT 76573. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, ruderál, marxes de camiños, 17/06/2011, IPS, SANT 65251.

■ *Geranium lucidum* L.

•**Descripción:** terófito. Talos glabros. Follas basais en roseta e as caulinias maioritariamente opostas, con limbo reniforme ou orbicular, palmatípartido, con 5 segmentos obovados e lobulados no ápice, con pecíolo con estípulas glabras. Inflorescencia en cumes biflores; pedúnculo glabro ou con pelos antrorsos, bractéolas glabras e pedicelos con pelos antrorsos. O conxunto pedúnculo-peadicelos más curto cá folla axilante. Sépalos arestados, os externos quillados e con pregos transversais, erectos en antese, glabros. Pétalos de 7-10,5 mm, enteiros, purpúreos. Filamentos estaminais glabros, amarellentos. Mericarpos con costelas en parte superior e reticulado-rugosos na inferior.

•**Distribución:** Europa (excepto N), N África, C, W e SW Asia, NW India e Macaronesia. Introducido en Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** lugares sombríos en ambientes ruderais, orla de bosques.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, prado próximo ao río (*Cynosurion cristati*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69925. >LOBEIRA?, Cabaleiros, San Martiño, 29TNG7844, 450 m, marxe de camiño (*Polygono-Poetea annuae*), 20/04/2001, IPS, SANT 46355. >LOBIOS, Ludeiros, Cimadevila, 29TNG7136, 540 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris*), 02/05/2005, IPS, SANT 53012. Viaducto de A Portaxe, 29TNG7640, 370 m, orla de carballeira, 10/05/2011, IPS, SANT 64567. >MUIÑOS, Porqueirós, 29TNG8644, 810 m, pradaría escio-nitrófilo (*Geranio-Caryolophepum sempervirentis*), 06/06/1996, IPS, SANT 46354.

■ *Geranium molle* L.

•**Descripción:** terófito. Talos ata 60 cm, erectos, ascendentes ou decumbentes, con pelos moi curtos glandulares e longos e curtos eglandulares, patentes. Follas con pecíolo con indumento similar ao do talo; limbo suborbicular ou reniforme, palmatífidio a palmatipartido, con (3)5-7 lóbulos principais pinnatífidios sobre todo cara o ápice. Flores pediceladas. Cálix con 5 sépalos persistentes, pilosos. Pétalos de 5-8 mm, profundamente escotados, rosados ou violáceos. Estames con filamentos glabros ou lixeiramente ciliados. Carpelos glabros, con estrías transversales en toda a superficie.

•**Distribución:** Orixinario do Vello Mundo e subcosmopolita na actualidade.

•**Hábitat:** pasteiros anuais en ambientes arvenses e ruderais.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, cruce Terrachá, Vilar-Queguas e Guxinde, 29TNG7344, 680 m, nitrófila en cultivo de aixada (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 05/03/1996, IPS, SANT 46361. >LOBEIRA?, Senderiz, 29TNG7851, 05/1998, IPS, SANT 46360. Cabaleiros, San Martiño, 29TNG7844, 450 m, marxe de camiño (*Polygono-Poetea annuae*), 20/04/2001, IPS, SANT 46345. >LOBIOS, Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 670 m, cardal de *Silybum marianum* (*Echio rosulati-Silybetum mariani*) en marxe de estrada, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 46359. >MUIÑOS, Reparade, 29TNG8242, 700 m, 28/04/1993, IPS, SANT 46358. Barxés, entre O Cruceiro e O Barrio, 29TNG8647, 615 m, cuneta, 21/04/2021, IPS, SANT 81294.

■ *Geranium purpureum* Vill.

•**Descripción:** terófito en ocasiós bienal. Talos a miúdo tinguidos de púrpura. Follas a miúdo tinguidas de púrpura, as basais con longo pecíolo. Limbo cordado, triangular ou pentagonal, 3-4 palmatisecto, con lóbulos pinnatífidios ou pinnatisectos. Inflorescencia en cumes biflores con pedúnculo con pelos glandulíferos e non glandulíferos; bractéolas ciliadas con pelos glandulíferos e pedicelos con pelos de ambos tipos; o conxunto pedúnculo-pedicelo máis curto que a folla axilante. Sépalos glandular-pubescentes, ovado-lanceolados, arestados. Pétalos 5-9 mm, enteiros, rosado-purpúreos. Carpelos con unhas 4 engurras fortes transversais no extremo e engurras en retículo no resto.

•**Distribución:** W e S Europa, N e E África, SW Asia, Turquía, Cáucaso e rexión Macaronesia (pp). P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** orla de bosques en exposicións soleadas e ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Olelas, 29TNG6541, 540 m, carballeira con sobreiras (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 11/06/1998, IPS, SANT 46353. >LOBIOS, Xendive, 29TNG7641, 360 m, orla de carballeira e cultivos leñosos, 23/06/2021, IPS, SANT 80820.



Gentianaceae *Gentiana pneumonanthe*



Geraniaceae *Erodium cicutarium*



Geraniaceae *Erodium moschatum*



Geraniaceae *Geranium columbinum*



Geraniaceae *Geranium lucidum*



Geraniaceae *Geranium molle*



Geraniaceae *Geranium purpureum*



Geraniaceae *Geranium pyrenaicum* subsp. *lusitanicum*

■ ***Geranium pyrenaicum* Burm.
subsp. *lusitanicum* (Samp.) S. Ortiz**

• **Descripción:** hemicriptófito con talos aéreos de ata 70 cm. Talo con pelos patentes non glandulíferos ± 1 mm, e outros más curtos glandulíferos e non glandulíferos. Follas con estípulas, as basais en roseta persistente, as caulinas inferiores opostas. Pecíolo cos tres tipos de pelos. Lámina con pelos aplicados en ambas superficies, palmatipartida con 5-7 lóbulos que profundizan ata o 65% do seu radio e á súa vez lobulados. Cumes biflores con pedúnculos cos 3 tipos de pelos, o mesmo cós pedicelos áinda que nestes últimos en ocasións faltan os eglandulares longos. Conxunto pedúnculo pedicelo > folla axilante. Pedúnculos na infrutescencia deflexos. Sépalos cos dous tipos de pelos curtos, mucronados no ápice. Pétalos 7-10 mm, emarginados, con guechos de cílios na base, cor púrpura ou lila. Filamentos estaminais ciliados na base. Mericarpos glabros, sen estrías transversais.

• **Distribución:** endimismo do cadrante NW da Península Ibérica, chegando ao Sistema Ibérico.

• **Hábitat:** pradaría ruderais, cunetas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba-Fradalvite, 29TNG8246, 600 m, cuneta, 22/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 46352. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, salpicado pola auga arredor dunha antiga fonte, 23/09/2018, IPS, SANT 76638. >CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, marxe do río, pradaría megafóbica higro-nitrófila, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69941. Vilar, 29TNG9337, 1030 m, cemba rochosa parcialmente cuberta de terra, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69903. >ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7243, 540 m, marxe de camiño, 15/07/2012, IPS, SANT 65890. >LOBIOS, Prencibe-Gustuméau, 29TNG7938, 603 m, cuneta, 07/10/2004, IPS, SANT 51828. >MUIÑOS, Porqueirós, 29TNG8644, 810 m, paradaría escio-nitrófila (*Geranio-Caryolophepum semper-virentis*), 11/06/1996, IPS, SANT 46344. As Maus-Guntumil, 29TNG8941, 840 m, nitrófila en marxe de estrada, 14/10/2004, IPS, SANT 52884. Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 963 m, orla de bosquete de *Quercus pyrenaica*, 24/06/2011, IPS, SANT 65288.

■ ***Geranium robertianum* L.**

• **Descripción:** terófito-hemicriptófito, xeralmente bienal. Talos erectos, xeralmente con pelos patentes glandulíferos más abundantes cara o ápice. Follas pecioladas, palmatisectas, poligonais, con 3-5 segmentos con segmentos secundarios mucronados. Lámina e pecíolo con pelos glandulíferos. Cumes biflores; pedúnculos e pedicelos con longos pelos glandulares patentes e glandulares más curtos e reflexos; bractéolas ciliadas con pelos glandulíferos e non glandulíferos. Conxunto pedúnculo-pedicelos > folla axilante. Sépalos mucronados con pelos patentes glandulares e non glandulares. Pétalos 9-15 mm, enteiros, glabros, purpúreos. Filamentos estaminais glabros, polen alaranxado. Carpelos con dúas engurras trasversais fortes no extremo.

• **Distribución:** Eurasíatica. P. Ibérica: N e principais macizos montañosos.

• **Hábitat:** orlas, claros e lindeiros de bosques frescos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Padrendo, 29TNG7336, pradaría escionitrófila (*Geranio-Caryolophetum*), 08/04/2000, IPS, SANT 42763. Vilameá, 29TNG7436, 400 m, marxe de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 46346. Grou, Requeixo de Grou, río de Fragueiro (río de Grou), 29TNG7845, 420 m, bord de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77481. Río Cabaleiro, desembocadura no Encoro do Lindoso, 29TNG7639, 340 m, salgueiral e ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77491.

■ *Geranium rotundifolium* L.

- **Descripción:** terófita. Talos con pelos eglandulares longos e glandulares curtos. Follas basais longamente pecioladas, con limbo reniforme ou suborbicular, palmatífidas, con 5-7 lóbulos. Pétalos enteros, de 4-8 mm, rosados ou violáceos. Mericarpos con pelos patentes, sen costelas.
- **Distribución:** Eurasia (excepto N), N África e N Macaronesia. Introducido en Sudáfrica, América e Oceanía. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** ruderal e arvense.
- **Frecuencia:** moi rara. Especie que se ten que buscar na Baixa Limia.
- **Pregos herborizados:**

■ *Geranium sanguineum* L.

- **Descripción:** hemicriptófita con rizoma curto horizontal. Talos aéreos, ramosos, con longos pelos eglandulares brancos. Follas simples, pecioladas, con 3-7 segmentos que profundizan ata un 85% do seu lonxitude cada un deles con lóbulos menores. Cumes cunha soa flor (flores solitarias). Pedúnculos e pedicelos con pelos patentes non glandulíferos e bractéolas ciliadas e pilosas na face abaxial. Conxunto pedúnculo-pedicelo máis longo cá folla axilante. Pétalos purpúreo-avermellados, de 15-20 mm, emarginados no ápice, sen uña e cun guecho de cilios a cada lado da base. Filamentos estaminais ciliados por abaxio. Carpelos algo pilosos e con 2-3 engurras transversais no ápice.
- **Distribución:** eurosiberiana. Naturalizada en Norteamérica. P. Ibérica: dispersa pola metade N.
- **Hábitat:** pradarías de claro de bosque sobre chans ben desenvolvidos, en exposición soleada aínda que non moi xérica (PULGAR et al., 2002).
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
 - LOBIOS, Serra do Xurés, pista de As Sombras, 29TNG7733, 1050 m, comunidade mixta con plantas características de pradarías de lindeiros de bosque (*Trifolio-Geranieta sanguinei*) e de matogueiras heliofilas (*Calluno-Ulicetea*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 45407. Idem, 09/07/1993, IPS, SANT 45408 e 23/05/1995, IPS, SANT 45406. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, marxe de pista, 04/06/1997, IPS, SANT 52753.

F. HYPERICACEAE

— *Hypericum* L. —

Follas opostas, con glándulas translúcidas e en ocasións tamén negras. Flores pentámeras, xeralmente con glándulas negras en sépalos ou pétalos, excepcionalmente vermelhas. Cáliz verde. Corola amarela de pétalos libres. Filamentos dos estames soldados na base formando 3-5 feixes. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula ou más raramente drupáceo.

- **Bibliografía:** RAMOS NÚÑEZ (1993).

Clave de especies

1. Plantas fruticosas ou sufrúticas sen glándulas	2
Plantas herbáceas ou sufrúticas con glándulas	3
2. Pétalos de 4-10 mm; froito drupáceo	<i>H. androsaemum</i>
Pétalos de 22-40 mm; froito en cápsula	<i>H. calycinum</i>
3. Con glándulas avermelladas	<i>H. elodes</i>
Con glándulas negras	4

4.	Plantas con talos rastreiros enraizantes, sen talos estériles	<i>H. humifusum</i>
	Planta con talos erectos ou ascendentes e frecuentemente con talos estériles	5
5.	Follas subtriangulares a anchamente ovadas, semiamplexicuas e cordadas	<i>H. pulchrum</i>
	Follas de outra forma	6
6.	Talos sen glándulas negras, lisos ou con 2 liñas lonxitudinais tenues	7
	Talos con glándulas negras, con 2 ou 4 liñas lonxitudinais ben marcadas	8
7.	Relación lonxitude/anchura da folla: 3,6-12; sépalos con glándulas negras laminares	<i>H. linariifolium</i>
	Relación lonxitude/anchura da folla: 1,6-2,5; sépalos só con glándulas negras marxinais	<i>H. montanum</i>
8.	Talos con 4 alas lonxitudinais; sen glándulas negras laminares	<i>H. undulatum</i>
	Talos con 2 liñas lonxitudinais; con glándulas negras laminares.	<i>H. perforatum</i>

■ *Hypericum androsaemum* L.

- **Descripción:** caméfito. Planta sen glándulas negras ni avermelladas. Follaas opostas de máis de 4 cm de anchura, mucronadas. Inflorescencia corimbosa. Flores regulares, pentámeras. Corola con 5 pétalos amarelos > 20 mm. Ovario súpero rematado en 5 estilos. Froito drupáceo, esférico, que en función do grado de madurez varía do verde-vermello-negro.
- **Distribución:** W e S Europa, Anatolia, Caucasia, N Irán, W Siria, Túnez e Alxeria. P. Ibérica preferentemente en rexións periféricas da metade N.
- **Hábitat:** bosque de ribeira e marxes sombreadas de regatos.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, 07/1992, IPS. C. A Portaxe. Desembocadura río Cabaleiros no Encoro do Lindoso, 29TNG7639, 395 m, ameneiral e salgueiral só ocasionalmente encharcado polo encoro, 06/07/2019, IPS, SANT 77509.

■ *Hypericum calycinum* L.

- **Descripción:** hemicriptófito sufrútice, con rizoma rastreiro que emite talos xeralmente simples, glabros, sen glándulas negras nin avermelladas, o mesmo cá no resto de estruturas foliares e florais. Follas de más de 4 cm de ancho, obtusas. Ramas unifloras, excepcionalmente con 2-3 flores. Flores con brácteas e con pedicelos reflexos na madurez. Cálix con sépalos moi desiguais e imbricados. Estames numerosos soldados na base en 5 fascículos. Ovario con 5 estilos. Corola con 5 pétalos asimétricos de 22-40 mm, amarelos. Froito en cápsula 15-22 mm, ovoidea con apertura septicida.
- **Distribución:** SE Bulgaria e N Turquía. Naturalizada en outros países procedente de cultivos ornamentais. P. Ibérica: metade N.
- **Hábitat:** adventicia ocasionalmente escapada de cultivos ornamentais. Naturalizada en zonas frescas e baixas do PN Peneda-Gerês.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, c. Zapateiros, 29TNG7539, 410 m, cultivado en terraza axardinada sobre a estrada, 15/07/2012, IPS, SANT 65887. > PORTUGAL, Minho, Serra do Gerês, Caldas do Gerês, 06/1998, IPS, SANT 44858.
- **Citas previas:** RODRIGUEZ-GRACIA (1986). (> BANDE, 29TNG8553, 710 m, comba de parede granítica).

■ *Hypericum elodes* L.

- **Descripción:** hemicriptófito estolonífero con talos radicantes, pubescentes a tomentosos. Follas sésiles, de pouco mási longas que anchas a pouco menos, decusadas, con glándulas translúcidas laminares e sen glándulas negras. Brácteas con glándulas marxinais pediceladas, avermelladas. Sépalos glabros ou glabrescentes con glándulas marxinais avermelladas. Pétalos amarelos imbricados formando un tubo, sen glándulas. Estames cos filamentos soldados na base en 3 fascículos
- **Distribución:** W Europa (dende N Alemaña ata Portugal e Azores), subrexión mediterránea occidental (Italia, Francia e España). P. Ibérica: fundamentalmente no W.
- **Hábitat:** humedais con chans higroturbosos, con pequena lámina de auga permanentemente ou case.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Torneiros-A Ponte Nova, pista enrriba do río Caldo, 29TNG7333, 430 m, pequena cubeta baixo fonte (*Hyperico elodes-Sparganion, Isoeto-Littorelletea*), 06/07/2005, IPS, SANT 53591. Portela do Home, 29TNG7229, 648 m, pradaría higrófila atravesada por regato estacional, 22/09/2018, IPS, SANT 76587. A Ponte Nova-pista entrada Santa Eufemia, Vía Romana, 29TNG7230, 600 m, zona chá con acumulación de auga, 04/09/2021, I. Pulgar & D. Manso. >Muíños, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, chans esqueléticos encharcados meirande parte do ano (*Hyperico-Potametum oblongii*), 04/08/1995, IPS, SANT 44855.

■ *Hypericum humifusum* L.

- **Descripción:** hemicriptófito. Planta decumbente, glabra, con glándulas de cor negra. Talo sen glándulas e con dous pequenas liñas visibles. Follas con glándulas translúcidas, negras intramarxinais e algunha negra laminar. Sépalos moi desiguais con glándulas negras marxinais. Corola con 5 pétalos amarelos con glándulas negras marxinais sésiles ou curtamente pediceladas e só raramente laminares. Estames numerosos soldados na base en 3 feixes ou fascículos. Froito en cápsula ovoidea de 4-7 mm.
- **Distribución:** W e C Europa (ata C Italia e Albania), NW África e Macaronesia. P. Ibérica: W, N, macizos montañosos daa ½ N e Serra Morena.
- **Hábitat:** chans areosos temporalmente encharcados.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**

Lamiaceae *Thymus pulegioides*

■ *Thymus pulegioides* L.

Thymus serpyllum L. subsp. *chamaedrys* (Fries) Vollmann

•**Descripción:** caméfito sufrutice con talos decumbentes e ascendentes, cuadrangulares, con pelos só nos 4 ángulos, sen eles nas faces, na parte media dos talos, con pelos nas dousas faces opostas cara arriba. Follas atenuadas en pecíolo curto, enteiras, elípticas, planas, sen marxe revolto ou moi pequeno, con algúns cilios longos na base próximos á inserción no pecíolo. Limbo con glándulas esferoidais. Inflorescencias en verticilos terminais e ben diferenciados ou separados en exemplares ben desenvolvidos. Brácteas similares ás follas. Cáliz con 11-15 nervios, con gorxa pilosa, bilabiado, co beizo superior con 3 dentes triangulares ciliados na marxe e beizo inferior con 2 dentes ciliados. Beizo superior da corola recto, máis ou menos plano.

•**Distribución:** Europa excepto partes do N, E e moitas illas.

•**Hábitat:** cunetas e claros de matogueira na contorna do encoro de Salas.

•**Frecuencia:** frecuente na zona oriental do Parque Natural.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cuneta e entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80195. >MUIÑOS, Reparade, 29TNG8242, 680 m, chans despexados, areosos, secos, 22/07/1993, IPS, SANT 52946. Presa encoro de Salas, 29TNG8741, 860 m, marxe de estrada, chan areoso e seco, 10/07/1993, IPS, SANT 52945. Barrio-O Couso, 29TNG8747, 650 m, marxe de estrada, 09/07/1996, IPS, SANT 52947 e 63126. Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1170 m, preto de bebedoiro, 21/08/1997, IPS, SANT 52916. -Portugal, Pitoes das Jhunias-Tourem, 29TNG9238, 1045 m, transición toxeira-breixeira mesófilo- higrófila (Calluno-Ulicetalia), 23/07/1998, IPS, SANT 52940.

F. LENTIBULARIACEAE

— *Pinguicula* L. —

■ *Pinguicula lusitanica* L.

•**Descripción:** hemicriptófita. Planta carnívora sen clorofila. Follas mucilaginosas reunidas nunha roseta basal aplicada. Con un ou varios escapos glandulosos rematados nun acio paucifloro, con frecuencia unha soa flor branca-rosada de menos de 1 cm. Cáliz de 5 sépalos en dous beizos, o superior trilobado e o inferior bilobado. Corola espolonada, esporón tan longo coma o resto da corola (5-9 mm). Androceo con dous estames inclusos. Ovario súpero de dous carpelos soldados, con estilo curto e estigma bífido con dousas ramas desiguais. Froito en cápsula con varias sementes.

•**Distribución:** W de Europa e NW de África.

•**Hábitat:** turbeiras, regatos nacentes con densa cobertura muscinal.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, cumba rochosa rezumante con acumulación de chan en gretas, plataformas, fisuras, 19/07/2012, IPS, SANT 65915.

•**Bibliografía:** BLANCA (2001).

**P. vulgaris* L. cuenta cunha poboación no PN Peneda-Gerês (corga das Negras), sen que ata a data fose atopado no PNBLSX. Se distingue Distínguese facilmente da especie que nos ocupa pola súa corola azul >1,5 cm.

F. LINACEAE

Clave de xéneros

1. Flores pentámeras; pétalos maiores cós sépalos	Linum
Flores tetrámeras; pétalos menores ou subiguais aos sépalos	Radiola

— Linum L. —

Herbáceas vivaces de follas sésiles. Flores hermafroditas con periantio dobre, actinomorfas. Cáliz con 5 sépalos libres. Corola con 5 pétalos libres e caedizos. Androceo con 5 estames verdadeiros. Ovario súpero formado por 5 carpelos soldados, con 5 estilos no ápice. Froito en cápsula globosa.

•**Bibliografía:** MARTÍNEZ LABARGA & MUÑOZ GARMENDIA (2015).

Clave de especies

1. Pétalos azuis de más de 10 mm de longo	L. bienne
Pétalos brancos de menos de 7 mm de longo	L. catharticum

■ **Linum bienne** Miller

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos glabros, erectos ou rápidamente ascendentes, foliosos. Follas alternas, erectas ou erecto-patentes, estreitamente elípticas, sentadas, glabras, con nervios visibles polo envés, apiculadas ou mucronadas no ápice. Flores pentámeras. Brácteas enteiramente verdes sen marxe escariosa. Cáliz persistente, verde, sépalos de 4-5,5 mm. Pétalos de cor azul pálida con nervios más intensamente coloreados. Froito en cápsula redondeada, pouco más longa cós sépalos.

•**Distribución:** E, W e S Europa, Medio Oriente, W Asia e NW África. P. Ibérica: más frecuente no N e W, escasa en zonas áridas do E e SE.

•**Hábitat:** prados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Manín, 29TNG7337, 480 m, marxe de estrada, 02/05/2005, IPS, SANT 53005. A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, pradarías pouco tempo asolagadas, 06/07/2019, IPS, SANT 77493. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso, algo nitrificado, 11/06/2020, IPS, SANT 78851.

■ **Linum catharticum** L.

•**Descripción:** terófito. Talos ata 40 cm, glabros. Follas opostas, aplicadas ou erecto-patentes, as basais imbricadas e caducas, a superior en ocasions alternas. Inflorescencia en cumio dicasial moi laxo, con ramas filiformes, subcorimboso. Pedicelos de maior lonxitude có cáliz, moito maior nas flores basais. Brácteas semellantes ás follas. Flores pentámeras. Sépalos de ata 4 mm, verdes, uninervios, ovado-lanceolados. Pétalos brancos de menos de 7 mm. Froito en cápsula redondeada, de tamaño semellante ao do cáliz.

•**Distribución:** Europa, Asia (Anatolia, Caucaso, Iran e Iraq) e NW África (Marrocos). P. Ibérica: N e montañas do SE.

•**Hábitat:** turbeiras, regatos nacentes con densa cobertura muscinal.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>**Lobios**, Serra do Xurés, 29TNG7732, 1100 m, cemba de rocha zumeante con *Drosera rotundifolia*, *Pinguicula lusitanica*, *Narthecium ossifragum*, etc., 02/07/1999, IPS, SANT 46545. Serra do Xurés, Chan do Frielo-Escada Paredes, 29TNG7733, 1050 m, marxe de fervenza, 04/06/1997, IPS, SANT 52759 e 63142.

— Radiola Hill. —

■ ***Radiola linooides* Roth**

•**Descripción:** terófito, en xeral de menos de 10 cm, menos da metade nos exemplares atopados. Talos filiformes, simples ou con división dicotómica. Follas opostas, elipsoideas, con 1 nervio, ata 3 mm de anchura. Inflorescencias en cumios dicasiales. Flores tetrámeras, diminutas. 4 sépalos verdosos, dentados no extremo. 4 pétalos brancos, escotados ou romos, do mesmo tamaño ou más curtos có cálice, prontamente caducos. Androceo con 4 estames, ovario formado por 4 carpelos soldados. Froito en cápsula dehiscente por 8 lóbulos.

•**Distribución:** Europa (excepto NE e extremo N), Mediterráneo oriental, África (NW e montañas do C) e Macaronesia. Naturalizada en Canadá. P. Ibérica: amplamente espallada; rara no S e E e non ausente do SE.

•**Hábitat:** pasteiros anuais en superficies temporalmente asolagadas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**Lobios**, Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, depresión de chan areoso temporalmente encharcado, con pasto nanoterófitico abierto (*Isoeto-Nanojuncetetea*, *Cicendion*), 11/06/2020, IPS, SANT 78831. >**Muiños**, c. encoro de Salas, cantera de Campelos, 29TNG8842, 860 m, pasto anual sobre chan areoso temporalmente húmedo (Comunidad de *Cicendia filiformis*), 10/07/1998, IPS, SANT 51483 e 24/06/2011, IPS, SANT 65299.

•**Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA & MORENO (2015).

F. LINDERNIACEAE

— ***Lindernia* All.** —

■ ***Lindernia dubia* (L.) Pennell**

Lindernia gratioloides Lloyd

•**Descripción:** terófito. Talos decumbentes e finalmente erectos. Follas sésiles, opostas; limbo con 4-6 dentes perimetrais. Flores axilares cos pedicelos florais más curtos cás follas subxacentes. Cálice de sépalos soldados rematado en 5 lóbulos agudos. Corola bilabiada, sen esporón nin xiba na base, branco azulado, con dous estames fértiles e dous estaminodios. Ovario súpero. Cápsula más longa có cálice.

•**Distribución:** E Norteamérica. Naturalizada en América do Sur, SW Europa e E Asia. P. Ibérica: dispersa, sobre todo no NE e W.

•**Hábitat:** límite inferior más próximo á auga na cabecera do Encoro das Conchas.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>**Bande**, río Limia, cabecera do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 550 m, perímetro exterior de comunitade de *Bidens tripartita*, zona más húmeda e próxima á auga do encoro, 29/09/2005, J. Amigo & IPS, SANT 54053. Idem 09/10/2015, IPS, SANT 72066.

•**Bibliografía:** RICO (2009).

F. LYTHRACEAE

— *Lythrum* L. —

Herbáceas anuais ou vivaces. Flores hemafroditas, actinomorfas, hexámeras, solitarias, en pares ou fascículos axilares ou en cumios espiciformes. Cálix situado sobre o receptáculo floral, alternando en ocasións con apéndices intersepalinos. Corola con 6 pétalos libres ou ausentes. Androceo con estames en número igual ou dobre cá de pétalos. Ovario semiínfero. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** VELAYOS (1997).

Clave de especies

1. Inflorescencia espiciforme terminal	<i>L. salicaria</i>
Flores solitarias na axila das follas	2
2. Follas pecioladas con limbo ovado-espatulado	<i>L. portula</i>
Folls sésiles, de lineares a elípticas	<i>L. junceum</i>

■ *Lythrum junceum* Banks & Solander

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas alternas sen estípulas. Flores axilares solitarias. Receptáculo floral que forma un hipanto. Segmentos do epicáliz tan longos coma os sépalos. Androceo con 12 estames, 6 de eles exertos. Pétalos de 4-6 mm, purpúreos.

•**Distribución:** rexión mediterránea e Macaronesia. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** cuneta húmida. Adventicia desaparecida.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

■ *Lythrum portula* (L.) D.A. Webb

•**Descripción:** terófito. Talos decumbentes e enraizantes nos nós. Follas opostas oval-espatuladas de ata 15 mm, as superiores ás veces alternas. Flores sésiles con 2 bractéolas filiformes, solitarias, axilares, tan anchas como longas, hexámeras. Periantio con 6 sépalos con segmentos intersepalinos de maior tamaño. Pétalos de 1 mm, ás veces ausentes. 6 estames inclusos. Froito globoso.

•**Distribución:** Europa, NW África, W Asia e Norteamérica. P. Ibérica: só falta en zonas do E.

•**Hábitat:** charcas, pradarías higrófilas, chans areosos temporalmente encharcados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, regato de augas fluíntes, probabelmente estacional en fondo con matogueira higrófila, cervunal e restos de turbeira, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 82226.

>ENTRIMO, Olelas, As Casiñas, 29TNG6639, 560 m, marxe de remanso de regato, 01/07/1999, IPS, SANT 53169.

>MUÍÑOS, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, xunqueira asolagada (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65300. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, depresión temporalmente asolagada no marxe do encoro, 09/10/2015, IPS, SANT 72040.

■ *Lythrum salicaria* L.

•**Descripción:** hemicriptófito de ata máis de 1 m, erecto, moi ramificado. Pubescente. Follas de 2-9 cm, opostas ou verticiladas, ás superiores en ocasións alternas. Inflorescencia espiciforme terminal. Flores hexámeras, axilares, en fascículos agrupados ou solitarias. Pétalos purpúreos. Androceo con 12 estames, dos que polo menos a metade son exertos.

•**Distribución:** cosmopolita. Toda a Península Ibérica.

•**Hábitat:** marxe de ríos e chans encharcados en ambientes diversos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 545 m, chan areoso descuberto pola baixada estival do nivel da auga, rodeada de vexetación terofítica efímera (*Isoeto-Nanojuncetea*), 15/06/1995, IPS, SANT 52361.

F. MALVACEAE

Clave de xéneros

1. Árbores; inflorescencias con pedúnculo que parte do medio dunha bráctea foliácea	Tilia
Plantas herbáceas; flores con epicáliz	Malva

— Malva L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas pecioladas palmatinervias. Flores hermafroditas, actinomorfas, con cáliz de 5 sépalos soldados e epicáliz de pezas libres ou soldadas entre si. Corola con 5 pétalos libres entre si. Androceo con numerosos estames soldados polos filamentos formando un tubo que sobresae da corola. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula inclusa no cáliz.

•**Bibliografía:** NOGUEIRA & PAIVA (1993).

Clave de especies

1. Epicáliz de pezas soldadas	<i>M. multiflora</i>
Epicáliz de pezas libres	2
2. Flores inferiores axilares e solitarias	<i>M. tournefortiana</i>
Flores inferiores en grupos axilares	3
3. Talo con indumento de pelos estrelados; pétalos de 15-30 mm	<i>M. sylvestris</i>
Talo con indumento de pelos non estrelados; pétalos de 12-15 mm	<i>M. nicaeensis</i>

■ *Malva multiflora* (Cav.) Soldano, Banfi & Galasso

Lavatera cretica L.; *L. sylvestris* Brot.

•**Descripción:** terófito con talo ata 2 m, con pubescencia nas partes novas estrelado-pubescente ou hispídula. Follas pecioladas, as inferiores con limbo suborbicular-cordado, con lóbulos pouco profundos, redondeados, crenado-dentados. Flores en fascículos axilares, con pedúnculo máis curto có pecíolo da folla axilante. Pezas do calículo constituidas por 3 pezas anchamente ovadas, ata 7 mm, máis curtas có cáliz, obtusas ou subagudas, soldadas na base. Lóbulos do cáliz triangular-ovados, bruscamente acuminados. Corola de pétalos libres, violáceos. Froito en esquizocarpo.

•**Distribución:** S e W Europa (ata o SW de Inglaterra), Macaronesia, N África e SW Asia. Naturalizada en Sudáfrica e Norteamérica. Na Península Ibérica frecuenta sobre todo no litoral.

•**Hábitat:** ruderal. En marxes de camiños, cultivos, entullos, pradarías nitrófilas megafórbicas.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Lobios, Padrendo, 29TNG7336, 460 m, pradaría escio-nitrófila en horta abandonada (*Galio-Urticetea*), 02/05/2005, IPS, SANT 53118.

■ *Malva nicaeensis* All.

Malva montana auct.

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas suborbiculares, co pecíolo moito maior có limbo. Talos e pedicelos con pelos simples e bífidos. Flores axilares en fascículos paucifloros (2-6), co pedúnculo non deflexo na frutificación. Epicáliz de tres pezas libres insertas na base do cáliz. Corola azul pálida, de 1-1,5 cm de diámetro. Pétalos de 10-12 mm. Mericarpos de marxe agudo non alado, glabro ou pubescente.

• **Distribución:** Europa (rexión mediterránea), SW Asia e Macaronesia. Naturalizada no N e C América. Dispersa na Península Ibérica.

• **Hábitat:** viaria e ruderal.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachá, 29TNG7243, 540 m, marxe de camiño, 15/07/2012, IPS, SANT 65893. >Muíños, As Maus-Guntumil, 29TNG8941, 840 m, nitrófila en marxe de estrada, 14/10/2004, IPS, SANT 52895.

■ *Malva sylvestris* L.

Malva mauritiana L.; *M. erecta* C. Presl.; *M. ambigua* Guss.; *M. vivianiana* Rouy

• **Descripción:** hemicriptófito. Planta con pelos estrellados en talo, follas, sépalos, epicáliz, tubo estaminal. Follas basais suborbicular-cordiformes, as caulinas con 5-7 lóbulos más marcados e más curtamente pecioladas cás inferiores. Epicáliz de 3 pezas insertadas na base do cáliz, libres. Flores en fascículos axilares paucifloros. Sépalos non acrecentes (seguen crecendo) na frutificación. Epicáliz, sépalos e uña de pétalos con cilios. Pétalos de 15-30 mm. Mericarpos de envés aplanado e reticulado.

• **Distribución:** Europa, N África, SW Asia e Madeira. Introducida no C e N de América. Toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** orla de bosques, sendas e pradarías megaforbicas.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, Campamento Romano-Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, orla de ameneiral, 08/08/2007, IPS, SANT 57436. >LOBIOS, Torneiros-Portela do Home, baixo A Chan de Aradas, 29TNG7232, 562 m, marxe de pista rodeada de carballeira termófila, 07/10/2004, IPS, SANT 51805. Serra de Santa Eufemia, viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, muro (*Anogrammo leptophyllae-Umbilicetum rupestis* subas. *saxifragetosum spathulariae*), 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59571. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 1000 m, orla de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59583. >Muíños, Corga de A Torrente o de Muíños, 29TNG8444, ALTITUD, DATOS, 01/05/2003, IPS, SANT 48893. Salgueiro, emplazamento do Xardín Botánico de Hábitats de Montaña, 29TNG8439, 990 m, 07/10/2004, IPS, SANT 51806. Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 963 m, orla de bosquete de *Quercus pyrenaica*, 24/06/2011, IPS, SANT 65286. Barrio-Farnadelos, c. de la Corga de Covela, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70406.

■ *Malva tournefortiana* L.

Malva colmeiroi Willk.; *Malva cuneata* Merino; *Malva stipulacea* Cav.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos con pelos dimorfos. Follas basais pecioladas, as caulinas co pecíolo máis curto e palmatipartidas. Flores solitarias longamente pedunculadas. Epicáliz con 3 pezas libres entre si, lineares ou linear-lanceoladas na base do cáliz. Cáliz persistente de sépalos soldados, piloso. Corola con pétalos con uña ciliada que viran de rosa al azul na desecación. Mericarpos inclusos no cáliz de envés convexo e liso e as caras laterais rugosas.

• **Distribución:** Francia e P. Ibérica (excepto no SW).

• **Hábitat:** orla de bosques e pradarías (viarios, prados, etc.).




Lentibulariaceae *Pinguicula lusitanica*



Linaceae *Linum bienne*



Linderniaceae *Lindernia dubia*



Lythraceae *Lythrum portula*



Lythraceae *Lythrum salicaria*



Malvaceae *Malva multiflora*



Malvaceae *Malva nicaensis*



Malvaceae *Malva sylvestris*

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, Campamento Romano-Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, orla de ameñeiral e pasteiro, 08/08/2007, IPS, SANT 57561. >LOBIOS, Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS, SANT 51081. Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 592 m, cuneta húmida e cemba, 07/10/2004, IPS, SANT 51844. >MUIÑOS, Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 963 m, orla de bosque de *Quercus pyrenaica*, 24/06/2011, IPS, SANT 65285. Barrio-Farnadelos, Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70407.

*Todos os exemplares herborizados presentan os mericarpos glabros, o que conduce a levalos a *Malva colmeroi* Willk., taxon non recoñecido por NOGUEIRA & PAIVA (1993), pero do que manifesan que é posible que sexa un taxon independente, endémico do W da P. Ibérica.

— **Tilia L.** —

■ ***Tilia cordata* Mill.**

•**Descripción:** fanerófito. Árbore caducifolio. Cortiza con estrías lonxitudinais. Follas alternas, pecioladas, con estípulas caducas, lixeiramente asimétricas e cordadas na base, co marxe serrado, glabras na face e con pelos avermellados no envés, fundamentalmente na axila dos nervios onde hai guechos. Inflorescencia en cumios erectos de flores pediceladas, con pedúnculo que surxe do nervio medio dunha bráctea alongada que, á súa vez, está unida por un pedúnculo á axila da folla. Flores pentámeras con cálix e corola. Estames numerosos. Froito 6-8 mm, seco, indehiscente, esférico, sen nervios marcados, con 1 semente.

•**Distribución:** Europa (excepto N), W Siberia e Caúcaso. P. Ibérica: Cordilleira Cantábrica e Pirineos Orientais.

•**Hábitat:** cultivada en áreas recreativas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos, miradoiro de estrada OUR-1201, 29TNG8551, ALTITUD, cultivado coma ornamental, 18/06/2020, IPS, SANT 78815. >LOBEIRA, c. Chaus da Limia, dársena sobre encoro, 29TNG8145, 555 m, cultivado en área recreativa, 04/09/2021, IPS & D. Manso, SANT 80851.

•**Bibliografía:** AEDO (1993).

F. MENYANTHACEAE

— **Menyanthes L.** —

■ ***Menyanthes trifoliata* L.**

•**Descripción:** macrófito ou hidrófito con rizoma somerxido de estrenós curtos. Follas glabras nun penacho no ápice do rizoma, con pecíolo maior có limbo e ensanchado na vaíña; limbo trifoliolado, cos folíolos peciolulados, enteiros, obtusos. Inflorescencia en acio ou panícula escapiforme que xorde da axila dunha folla. Pedicelos con brácteas abrazadoras e bractéolas escuamiformes. Flores pentámeras. Cálix de 5 sépalos soldados profundamente lobulados. Corola con 5 pétalos soldados só na base e con 5 grandes lóbulos. Androceo con 5 estames soldados ao tubo da corola. Ovario súpero de dous carpelos soldados. Froito en cápsula.

•**Distribución:** Holártica. Zonas temperadas de Europa, América e Asia. P. Ibérica: montañas da ½ N.

•**Hábitat:** turbeiras.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, c. Golpellás, 29TNG9246, 870 m, zona turbosa, encharcada, 17/06/2022, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 81731

•**Bibliografía:** SILVESTRE (2012b).

F. MONTIACEAE

—Montia L.—

■ *Montia fontana* L.

•**Descripción:** hemicriptófito ou hidrofita. Follas glabras, opostas, simples, enteiras, de 3-20 x 1,5-6,5 mm, sen estípulas. Flores en cumios terminais e laterais, pediceladas. Cáliz con 3 sépalos persistentes. Corola con 5 pétalos desiguais, de 1,75-2 x 0,4-05 mm, redondeados no ápice. Froito en cápsula de 1,5-2 mm de diámetro. Sementes negras.

•**Bibliografía:** PAIVA & VILLANUEVA (1990).

Clave de subespecies

- | | |
|---|--------------------------------------|
| 1. Sementes brillantes; células da testa, excepto as do fio, con tubérculos de
ápice agudo | <i>M.f. subsp.
amporitana</i> |
| Sementes mates; células da testa, incluidas as do fio, con tubérculos de
ápice obtuso | <i>M.f. subsp.
chondrosperma</i> |

■ *Montia fontana* subsp. *amporitana* Sennen

•**Distribución:** W, C e S Europa, N África, Australia, Nova Zelandia e América. P. Ibérica: falta no cadrante SE.

•**Hábitat:** marxes de regatos, fontes, zonas asolagadas e cursos de auga.

•**Frecuencia:** común

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, marxe de regato preto de nacente (*Montio-Cardaminetea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80223. >ENTRIMO, A Illa-Olelas, 29TNG6940, 640 m, manantial en cemba zumegante, (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 27/05/1999, IPS, SANT 51796. >LOBIOS, Zapateiros-Pazos, 29TNG7539, 400 m, marxe de regato (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 21/03/1996, IPS, SANT 51784. Serra do Xurés, 29TNG7834, 940 m, marxe de regato (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 06/06/1996, IPS, SANT 51783. Torneiros-Fronteira con Portugal, 29TNG7332, 500 m, marxe de regato (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 24/03/1997, IPS, SANT 51797. Padrendo, 29TNG7336, marxe de regato (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 08/04/2000, IPS, SANT 42767. Serra d. >Muíños, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG8737, 1100 m, marxe de regato, (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 18/04/1997, IPS, SANT 51798.

■ *Montia fontana*

subsp. *chondrosperma* (Fenzl) Walters

•**Distribución:** C e S Europa, América, Australia e Nova Zelandia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** terreos areosos con menor humidade có taxon precedente.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 400 m, zona húmida en finca con cultivos, 21/03/1996, IPS, 51792.

F. MORACEAE

— *Ficus* L. —

■ *Ficus carica* L.

- **Descripción:** fanerófito caducifolio arbóreo ou arbustivo, de tronco moi ramificado, de ramos patentes. Cortiza branca-grisácea. Follas simples de ata 35 x 28 cm, 3-5 palmatilobadas, truncadas ou cordadas na base, con estípulas caducas. Flores masculinas con periantio de 3 pezas; as femininas con periantio de 5 pezas sobre a superficie do receptáculo engrosado e invaxinado e cunha abertura apical. Froito en sicono (figo), suculento.
- **Distribución:** circunmediterránea. Naturalizada en S Europa, N África e dende Asia menor a NW India. Toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** cultivado. Asilvástrase en muros.
- **Frecuencia:** moi raro en estado silvestre.
- **Pregos herborizados:**

• LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, vivero, 29TNG7230, 650 m, cultivado en área recreativa, 09/06/2011, IPS, SANT 64774. A Cela, 29TNG8040, 680 m, muros e cultivada, 13/07/2012, IPS, SANT 65904. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, cemba adxacente a ponte sobre o río Grou, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73390.

- **Bibliografía:** CATALÁN (1993b).

F. MYRTACEAE

— *Eucalyptus* L'Hér. —

Árbores de gran altura coa cortiza de cor glauca que se desprende en tiras. Follas de dous tipos con aceites esenciais, asas de individuos novos opostas e sésiles, las adultas alternas e pecioladas, falcadas e maioritariamente péndulas. Flores con 4 sépalos e 4 pétalos, en ocasións soldados para formar un opérculo ou tapa. Androceo con numerosos estames exertos. Ovario ínfero ou semiínfero. Froito en cápsula.

- **Bibliografía:** PAIVA (1997b).

Clave de especies

1. Follas coa base marcadamente asimétrica	<i>E. obliqua</i>
Follas coa base non marcadamente asimétrica	2
2. Pedúnculos das inflorescencias < 4 mm; flores solitarias ou en grupos de 2-3	<i>E. globulus</i>
Pedúnculos das inflorescencias > 4 mm; flores en grupos de 3	<i>E. viminalis</i>

■ *Eucalyptus globulus* Labill.

- **Descripción:** fanerófito de tronco liso cuxa cortiza se desprende en tiras. Follas novas opostas, sentadas, glaucas. Follas adultas alternas, pecioladas, co limbo algo coriáceo e levemente falcado a lanceolado, de base atenuada e ápice agudo a lixeiramente acuminado. Flores con hipanto, soldándose os sépalos con los pétalos para formar un opérculo ou tapa caediza na antese. Froito en cápsula de 14-24 mm de diámetro, con 4 faces e máis estreito na base cá no ápice.
- **Distribución:** SE Australia. P. Ibérica: N, C e SW.
- **Hábitat:** naturalízase na proximidade de repoboacións de pequeno tamaño. Piso mesotemperado.
- **Frecuencia:** ¿escasas?
- **Pregos herborizados:-**

■ *Eucalyptus obliqua* L'Hér.

- **Descripción:** fanerófito de ata 90 m de altura. Cortiza fibrosa, rugosa en árbores lonxevas. Follas adultas alternas, pecioladas, coa base do limbo acusadamente asimétrica. Inflorescencias con 7-15 flores de cor branca sobre pedúnculo de 4-25 mm. Froito de 6-12 x 5-11 mm.
- **Distribución:** SE Australia e Tasmania.
- **Hábitat:** repoboacións forestais. Resiste temperaturas frías e xeadas en inverno. Piso supratemperado inferior.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**

>BANDE, Fonte das Navallas-Terras Brancas, 29TNG8753, 940 m, repoboación forestal, 13/06/2021, IPS, SANT 80334.

■ *Eucalyptus viminalis* Labill.

- **Descripción:** fanerófito. Árbore de ata 40 m. Cortiza escura e agretada cara a base e abrançazada e caediza na parte superior. Follas novas sésiles, amplexicaules, opostas, oblongo-lanceoladas. Follaas adultas alternas, pecioladas, péndulas. Lámina lanceolada, estreita, 11-18 x 1,5-2 cm, acuminada. Inflorescencias péndulas en umbelas axilares con 3 flores. Flores con 4 sépalos e 4 pétalos. Androceo con numerosos estames exertos pluriseriados. Ovario ínfero. Froito en cápsula de 5-8 mm de diámetro.
- **Distribución:** Nova Gales do Sur e Tasmania.
- **Hábitat:** repoboacións forestais. Piso mesotemperado.
- **Frecuencia:** escaso. Aumenta o número de parcelas no transcurso dos anos.
- **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7139, 390 m, cultivado, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70467. >LOBIOS, A Ponte Nova-Portela do Home, 29TNG7229. 710 m, IPS, D.Manso, & C.Vieitez.

F. NYCTAGINACEAE

— *Mirabilis* L. —

■ *Mirabilis jalapa* L.

- **Descripción:** xeófito que nas nosas latitudes emite novos talos cada ano, máis numerosos a medida que madura a planta. Talos con ramificación di ou tricotómica. Follas pecioladas, con pecíolo que diminúe de tamaño cara o ápice; limbo ovado, cordado ou truncado na base, ápice acuminado, face glabra e marxe e envés lixeiramente pubescentes. Inflorescencias en cumios temirinais, remosos, densos. Cada flor está protexida por un involucro foliáceo con 5 lóbulos; as flores péchanse polo día e se abren ao anoitecer. Androceo con 5 estames, ovario súpero con 1 estilo. O froito rodéase de parte do perianto para formar un antocarpo.
- **Distribución:** América tropical. P. Ibérica: brava sobre todo en zonas próximas á costa.
- **Hábitat:** naturalizada en cunetas de zonas baixas. Piso mesotemperado. Planta ornamental cultivada polo intenso cheiro que desprenden as súas flores na apertura nocturna. Adventicia.
- **Frecuencia:** raro (bravo).
- **Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8447, 580 m, cemba entre hortas e estrada, 19/08/2012, IPS, SANT 65841.

- **Bibliografía:** GALÁN CELA (1990).

F. OLEACEAE

— *Fraxinus* L. —

■ *Fraxinus angustifolia* Vahl
subsp. *angustifolia*

• **Descripción:** fanerófito caducifolio. Cortiza gris que pronto se agreta. Ramas con xemas invernales pardas. Follas opostas, pecioladas, compostas, imparipinnadas. Folíolos elípticos, con igual ou menor número de dentes que de nervios laterais, coa face e o envés glabro, en ocasións con algúns pelos na base do nervio medio do envés. Folíolo terminal sésil ou subsésil. Inflorescencias axilares, racemiformes, que aparecen antes cás follas. Flores unisexuais ou hermafroditas, sen periantio. Androceo con 2 estames. Ovario súpero. Froito en samara monosperma de ata 50 x 10 mm, lanceolada ou oblongo lanceolada, que vira de verde a pardento-amarelento coa madurez.

• **Distribución:** subrexión mediterránea occidental penetrando na rexión eurosiberiana. Gran parte da P. Ibérica, onde ao N é sustituida por *F. excelsior* L. e ao E e NE por *F. ornus* L.

• **Hábitat:** ameneirais e freixos de ribeiras rochosas con estiaxe.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

> **Lobios**, Gustomeau-Esperanzo, río Cabaleiro, 29TNG790374, 550 m, restos de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 26/09/1992, IPS, SANT 44332. Baños de Riocaldo, río Caldo, 29TNG7434, 390 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 13/05/1997, IPS, SANT 44333. > **Muiños**, Reparade, río Salas, 29TNG821423, 680 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/07/1995, IPS, SANT 44330. Prado-Salgueiro, Rego Salgueiro, 29TNG8440, 890 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 23/09/1999, IPS, SANT 44329. Prado-Salgueiro, Rego Salgueiro, 29TNG8440, 890 m, ameneiral con bidueiros (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 07/10/ 2004, IPS, SANT 51807; observ.: xemas moi negras.

• **Bibliografía:** ANDRÉS (1990).

F. ONAGRACEAE

Clave de especies

1. Plantas dímeras; froitos con pelos uncinados	Circaeae
Plantas tetrámeras; froitos sen pelos uncinados	2
2. Flores amarelas	Oenothera
Flores rosadas	Epilobium

— *Ciraea* L. —

■ *Ciraea lutetiana* L.
subsp. *lutetiana*

• **Descripción:** xeófito ou hemicriptófito con estolóns subterráneos ou superficiais. Talo xeralmente con pelos retrorsos. Follas ata 12 cm, opostas, pecioladas, ovadas a ovado-lanceoladas, base redondeada ou moi lixeiramente cordiformes, marxe case enteira a levemente sinuada. Inflorescencia en acio terminal, en ocasións ramificado na base, co eixo con pelos glandulosos. Flores pediceladas, dímeras. Cáliz con 2 sépalos caedizos. Corola con 2 pétalos brancos. Androceo con 2 estames. Ovario ínfero. Froito péndulo, en cápsula con pelos uncinados.



Malvaceae *Malva tournefortiana*



Malvaceae *Tilia cordata*



Menyanthaceae *Menyanthes trifoliata*



Montiaceae *Montia fontana*



Moraceae *Ficus carica*



Myrtaceae *Eucalyptus globulus*



Nyctaginaceae *Mirabilis jalapa*



Oleaceae *Fraxinus angustifolia*

- Distribución:** Europa, excepto N, N África e SW Asia. P. Ibérica: metade N (chega a Serra Morena).
- Hábitat:** amieiros riparios.
- Frecuencia:** moi raro.
- Pregos herborizados:**
>CELANOVA, río Orille, 29TNG8770, 320 m, amieiro ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 30/06/1999, IPS, SANT 46546. >LOBIOS, Requeixo de Grou, río de Fragueiro (río de Grou), 29TNG7845, 420 m, marxe de amieiro (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77479.
- Bibliografía:** NIETO FELINER (1997a).

— **Epilobium** L. —

Herbáceas vivaces de chans encharcados. Talos erectos con follas opostas, sésiles e de marxe laxamente dentada. Inflorescencia no acio bracteado. Flores hermafroditas, tetrámeras. Sépalos caedizos. Pétalos rosado-purpúreos, emarginados. Androceo con 8 estames en dous verticilos. Ovario ínfero, con hipanto. Froito en cápsula linear.

- Bibliografía:** NIETO FELINER (1997b).

Clave de especies

1. Planta con estolós; marxe das follas medias hirsuto	<i>E. obscurum</i>
Planta sen estolós; marxe das follas medias glabro	<i>E. tetragonum</i>

■ **Epilobium obscurum** Schreb.

Epilobium virgatum Fr.; *E. virgatum* subsp. *brachyatum* sensu Merino

- Descripción:** hemicriptófito con estolóns (superficiais) ou soboles (subterráneos, sen follas verdes) coma órganos invernantes, sen raíces significadas. Follas medias pubérulas na marxe. Cálix con poucos pelos glandulares no tubo. Botón floral non apiculado con pilosidad que se aclara gradualmente cara o ápice. Froito con nervios non moi engrosados. Valvas do froito que se enrolan fortemente na dehiscencia.

- Distribución:** Europa (excepto N), N África, Macaronesia, S Turquía e Cáucaso. Introducida en América do Sur, Nova Zelandia e Tasmania. P. Ibérica: falta en Levante.

- Hábitat:** pradarías en zonas asolagadas, fontes.

- Frecuencia:** común.

- Pregos herborizados:**

>BANDE, Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, salpicado pola auga arredor de fonte, 23/09/2018, IPS, SANT 76634. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, regato estacional, fondal de matogueira higrófila, cervunal e restos de turbeira, 01/07/2021, IPS, SANT 80214, M.Fernández & Lisardo, SANT 80214. >LOBIOS, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7841, 458 m, parede húmida de bebedeiro, 11/06/2004, IPS, SANT 51790. Barreal-Rial, 29TNG7538, 420 m, muro en sombra salpicado por auga, 13/07/2012, IPS, SANT 65821. >Muíños, presa do encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, xunqueira (*Molinetalia, Juncion acutiflori*), chans encharcados con déficit de drenaxe, 24/06/2011, IPS, SANT 65301.

— **Oenothera** L. —■ ***Oenothera glazioviana*** Micheli

- **Descripción:** hemicriptófito erguido, de ata 100 cm de altura. Follas da roseta xeralmente marchitas na antese; follas caulinas alternas, pinnatinervias, elípticas ou lanceoladas, de máis de 10 cm de lonxitude, pecioladas, sen estípulas. Inflorescencia terminal en acio. Pedicelos florais más longos cás correspondentes brácteas, coas brácteas 1-3 cm non interrumpidaa por ramas laterais. Flores na axila de brácteas de 1-3 cm. Cáliz con 4 sépalos (2,5-4,5 cm) amarelentos con franxes vermelhas. Corola con 4 pétalos (3,5-5,5 cm) amarelos. Androceo con 8 estames. Ovario ínfero. Estigma con 4 lóbulos lineares. Froito en cápsula alongada con 4 lóculos.
- **Distribución:** xénero orixinario de América. Este taxon orixinouse espontaneamente por hibridación nun xardín europeo. Naturalizada nos cinco continentes. P. Ibérica: dispersa; frecuente preto do litoral.
- **Hábitat:** naturalizada recentemente. Entrou coma unha especie viaria preto de núcleos rurais por enriba do Encoro das Conchas. Na actualidade multiplicou o número de efectivos ao longo da estrada nacional e invade a cola do encoro do Lindoso na foz do río Cabaleiro.
- **Frecuencia:** común. Invasora.
- **Pregos herborizados:**
->BANDE, Os Baños, 29TNG8448, 590 m, cuneta e marxe de estrada, 06/07/2005, IPS, SANT 53989. >LOBIOS, A Portaxe, foz do río Cabaleiros no encoro do Lindoso, 29TNG7639, 395 m, antigas fincas de cultivo abandonadas, 06/07/2019, IPS, SANT 77511.
- **Bibliografía:** DIETRICH (1997).

F. OROBANCHACEAE**Clave de xéneros**

1. Plantas parásitas sen clorofila	Orobanche
Plantas hemiparásitas con clorofila	2
2. Cáliz conspicuamente inflado na frutificación	Rhinanthus
Cáliz non inflado na frutificación	3
3. Follas alternas	Pedicularis
Follas opostas	4
4. Beizo inferior da corola con 3 lóbulos emarginado-escotados no ápice	Euphrasia
Beizo inferior da corola sen 3 lóbulos emarginados	5
5. Corola rosada a violácea	Odontites
Corola amarela	6
6. Corola cos dous beizos case pechados na antese	Melampyrum
Corola cos dous beizos case pechados na antese	7
7. Talos simples ou pouco ramificados, con abundantes pelos glandulosos	Parentucellia
Talos con ramas opostas, con pelos tectores non glandulosos	Odontitella

— **Euphrasia** L. —

■ **Euphrasia hirtella** Jord. ex Reut.

• **Descripción:** terófito de talo erecto, simple ou pouco ramificado, xeralmente hemiparásitas. Densamente pilosa. Follas caulinas opostas, sésiles ou subsésiles. Inflorescencia en acio espiciforme. Brácteas da inflorescencia tan anchas coma longas, dentadas sobre todo na metade apical. Flores de 5-7 mm. Cáliz de sépalos soldados con 4 lóbulos subiguais. Corola bilabiada, branca con tintes azulados, pilosa por fora; beizo inferior cos tres pétalos escotados a emarginados. Androceo con estames por pares nacendo da corola. Ovario súpero con dúas cavidades. Estilo apical. Estigma capitado. Froito en cápsula.

• **Distribución:** Eurasíatica (Reg. eurosiberiana). P. Ibérica: N, Pirineos e dispersa nas cordilleiras Central e Ibérica.

• **Hábitat:** pasteiro anual lixeiramente nitrificado.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

> Muíños, Porqueirós, 29TNG8644, 820m, pasteiro nitrófilo, 30/04/1993, IPS, SANT 46523; Observ.: la lonxitude da corola e a pilosidade parecen corresponder a *E. rotskoviana*.

• **Bibliografía:** VITEK (2009).

— **Melampyrum** L. —

■ **Melampyrum pratense** L.

• **Descripción:** terófito ata 35 cm, hemiparasito. Talos cuadrangulares pilosos. Follas opostas, simples. Inflorescencia en espiga ou acio espiciforme, unilateral. Brácteas inferiores de tamaño semellante ás follas e van decrecendo cara arriba, que se volven erectas ou con profundos lóbulos lineares na base. Cáliz con tubo e 4 lóbulos subiguais. Androceo con 4 estames a dous niveis, ocultos polo beizo superior da corola. Corola zigomorfa, amarela, de 1-2cm de lonxitude, co tubo máis de 2 veces máis longo có cáliz. Ovario súpero bilocular. Estilo caedizo e estigma capitado. Froito en cápsula.

• **Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: N e Pirineos, chegando ao Sistema Central e Alto Texo.

• **Hábitat:** interior e claros de bosques.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> Muíños, Canteira de Campelos, 29TNG8843, 865 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 46465. Piñoi, 29TNG8244, 640 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas, *violetosum rivinianii*), 21/05/1996, IPS, SANT 46464. Porqueirós-encoro de Salas, 29TNG8644, 835 m, reboleira (cf *Holco mollis-Quercetum pyrenaici*), 07/06/1996, IPS, SANT 46463. Maus de Salas, 29TNG8943, 880 m, bordo dunha charca, 16/06/2002, IPS, SANT 47181. Serra do Xurés, A Lomba-fronteira Portugal, 29TNG8536, 1250 m, valgada (30º inclinación W) con *Quercus sp.* rebrotando, 08/08/2007, IPS, SANT 57554.

• **Bibliografía:** ROMERO (2009).

— **Odontitella** Rothm. —

■ **Odontitella virgata** (Link) Rothm. ●

Odontites tenuifolia (Pers.) G. Don fil.; *Euphrasia tenuifolia* Pers.

• **Descripción:** terófito hemiparasito, con talos de ata 50 cm, ramificado con ramas opostas erecto-patentes. Follas opostas, sentadas, lineares, caedizas. Inflorescencias terminais en acios espiciformes curtos e densos, que se alongan na frutificación. Flores con brácteas más pequenas có

cáliz, aplicadas. Pedicelos c. de 1 mm. Cáliz de 6,5-8mm, con tubo cilíndrico, dividido ata case a metade en 4 lóbulos triangulares. Corola amarela bilabiada, con tubo lixeiramente más curto có cálix, pilosa externamente. Androceo didinamo coas anteras dos estames pilosas. Estilo piloso excepto nun abultamento mazudo baixo o estigma, persistente no froito. Froito en cápsula más curta có cálix.

•**Distribución:** endimismo do W da Península Ibérica.

•**Hábitat:** pasteiros anuais do piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 470 m, chans esqueléticos con pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenesorum scabiflorae*), 07/1992, IPS, SANT 46462.

•**Bibliografía:** RICO (2009a).

— Odontites Ludw. —

■ *Odontites vernus* (Bellardi) Dumort.

subsp. *vernus*

Odontites rubra Besser

•**Descripción:** terófito hemiparasito con talos erectos de ata 25 cm, con pelos tectores curtos, retrorsos e patentes cara abaixo e glândulas sésiles ou subsésiles. Ramas laterais curtas e suberectas. Follas linear-lanceoladas a estreitamente ovadas, con anchura máxima preto da base, crenadas ou dentadas, con pelos tectores antrorsos. Brácteas crenadas ou serradas, de 10-20 mm de lonxitude que sobrepasan ás flores. Cálix con abundantes pelos antrorsos. Corola bilabiada, rosada, co beizo superior recto e o inferior trilobulado de lóbulos non superpuestos, pilosa exteriormente no bordo. Anteras inclusas chegando 2 delas a asomar pola boca. Estilo piloso inferiormente, glabro cara o ápice e rematado nun estigma más ancho. Froito en cápsula.

•**Distribución:** eurosiberiana (Eurasíatica) e NW África. P. Ibérica: metade N e montañas SE.

•**Hábitat:** pradarías na orla de matogueiras higrófilas.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Outeiro de Aguas, 29TNG8258, 950 m, zona exterior de turbeira, 11/10/1996, IPS, SANT 46461.

•**Bibliografía:** RICO (2009b).

— Orobanche L. —

■ *Orobanche rapum-genistae* Thuill.

•**Descripción:** xeófito, planta parásita sen clorofila de cor amarelenta ou pardenta alaranxada, ata 70 cm de alto. Follas reducidas a escamas. Inflorescencia en espiga ou acio espiciforme. Flores sentadas ou subsentadas con brácteas de cor castaña clara. Cálix con 4 sépalos viloso-glandulosos de cor castaña. Corola algo campanulada, bilabiada, co beizo inferior ciliado-galnduloso, con lóbulos anchos, crenados, de cor castaña. Filamentos estaminais insertos por enriba da base da corola, pilosos. Estigma amarelo.

•**Distribución:** W Europa (¿Alxeria?). P. Iberica: amplamente esparexida; más abundante no N.

•**Hábitat:** parásita de distintas especies da familia Fabaceae. Preferentemente en matogueiras e bosques manexados.

•**Frecuencia:** escaso.



Onagraceae *Circaeae lutetiana*



Onagraceae *Epilobium obscurum*



Onagraceae *Oenothera glazioviana*



Orobanchaceae *Euphrasia hirtella*



Orobanchaceae *Melampyrum pratense*



Orobanchaceae *Odontitella tenuifolia*



Orobanchaceae *Odontites vernus*



Orobanchaceae *Orobanche rapum genistae*

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Prencibe-Gustomeau, 29TNG7938, 650 m, sotobosque de reboleira (*Rusco-Quercetum roboris* facies de *Quercus pyrenaica*), 21/05/1996, IPS, SANT 44339. Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 390 m, cuneta con matogueira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 09/05/1998, IPS, SANT 44340. Serra do Xurés, Lama que Treme, 29TNG7836, 890 m, entre toxreira-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 61998. Corga de Beriz, c. Ecoro do Lindoso, 29TNG6637, 480 m, matogueira con xestas en corga, 21/04/2021, IPS, L.Rubiños et al., SANT 81304. >**PORTUGAL**, Serra do Gerês, Portela de Pitoens, 29TNG7035, 1210 m, matogueira de *Ulex* e breixeira, 30/08/2012, IPS, R.Perdiz & X., SANT 65838.

•**Bibliografía:** FOLEY (2001).

— Parentucellia Viv. —

■ ***Parentucellia viscosa* (L.) Caruel in Parl.**

Bartsia viscosa L.; *Eufragia viscosa* (L.) Bentham

•**Descripción:** terófito pubescente-escárido, con pelos curtos ríxidos eglandulares e pelos glandulares más abundantes na inflorescencia. Talos ata 70 cm, simples ou escasamente ramificados. Follas opostas, sentadas, de marxe serrada con dentes obtusos. Inflorescencia en acio espiciforme denso, glandulosa. Flores con brácteas más longas có cálix, con pedicelos 0,5-1 mm. Cálix 10-16 mm, dividido ata a metade en dentes linear-lanceolados. Corola zigomorfa de 15-25 mm, amarela, pubescente-glandulosa, co tubo máis longo có cálix. Cápsula más curta có cálix, cilíndrico-ovoidea, pubescente na parte superior.

•**Distribución:** W e S Europa, N África, SW Asia e Macaronesia. Brava en Norteamérica e Australia. P. Ibérica: amplamente esparexida.

•**Hábitat:** ruderal e viaria, pradarías nitrificadas xeralmente en exposicións soleadas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Río Caldo, Os Baños, 29TNG7435, 390 m, pasteiro nitrificado, 24/05/1995, IPS, SANT 42983. Torneiros, 29TNG7334, 450 m, pista forestal, 24/05/1995, IPS, SANT 42984.

•**Bibliografía:** BENEDÍ (2009).

— Pedicularis L. —

■ ***Pedicularis sylvatica* L.**

Pedicularis lusitanica Hoffmanns. & Link

•**Descripción:** terófita. Talo glabro, con 2 filas lonxitudinais de pelos ou piloso, con ramas floríferas laterais decumbentes ou ascendentes. Follas en roseta basal e caulinas, bipinnatisectas, alternas, as inferiores pecioladas. Flores en acio espiciforme. Pedicelo glabro. Cálix inflado na frutificación. Corola rosada co tubo xeralmente más longo có cálix. Beizo superior da corola con dous dentes laterais dirixidos cara abaxial, o inferior con 3 lóbulos obovados.

•**Bibliografía:** SORIANO (2009).

Clave de especies

1. Cálix piloso nos nervios; beizo superior da corola con dientes non subulados

*P. s. subsp.
lusitanica*

Cálix glabro; beizo superior da corola con dientes non subulados

*P. s. subsp.
sylvatica*

■ *Pedicularis sylvatica* subsp. *lusitanica* (Hoffmanns. & Link) Cout.

- **Distribución:** metade W da Península Ibérica e NW África.
- **Hábitat:** pradarías sobre chans húmidos, bordos de turbeiras, etc.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - >ENTRIMO, Montes do Quinxo, 29TNG6941, 700 m, turbeira arredor de fonte, 18/04/1997, IPS, SANT 46468.
 - >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, Padrendo-A Magdalena, 29TNG7135, 600 m, zona húmida adxacente a regato, 20/06/1996, IPS, SANT 46468. Saa-Regada, 29TNG7737, 680 m, cuneta con regato (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 11/04/1997, IPS, SANT 46467. Serra de Santa Eufemia, Corga do Bidueiro, 29TNG7031, 1000 m, turbeira en depresión topográfica, xunto a *Trichophorum*, *Eriophorum*, *Sphagnum*, 16/05/2010, IPS, SANT 62405.
 - >MUIÑOS, c. Salgueiro, 29TNG8438, 1070 m, pasto en chan profundo e temporalmente húmido, 27/05/2011, IPS, SANT 64743.

■ *Pedicularis sylvatica* L. subsp. *sylvatica*

- **Distribución:** CW Europa (dominio Atlántico-Europeo). P. Ibérica: N e Sistema Central.
- **Hábitat:** pradarías sobre chans húmidos, bordos de turbeiras, matogueiras higrófilas, etc.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1290 m, camiño de gando en braña (*Genistion micranthro-an-glicae*), 03/09/1997, IPS, SANT 46472. Serra do Xurés, 29TNG7732, 1030 m, cuneta con regato, 23/06/1998, IPS & D.Manso, SANT 46470, observ.: exemplar albino. >MUIÑOS, Reparade-Prado, Monte de Ánima, 29TNG8343, 740 m, prado encharcado (*Juncion acutiflori*), 15/04/1993, IPS, SANT 46473. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1300 m, 03/07/1997, IPS, SANT 46471.

— *Rhinanthus* L. —

■ *Rhinanthus minor* L.

- **Descripción:** terófita hemiparasito, ata 50 cm. Talo erguido, cuadrangular. Follas opostas, sentadas, de marxe serrada. Inflorescencia en acio terminal, en ocasiós con inflorescencias secundarias. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cálix de 4 sépalos soldados que igualan ou case ao tubo da corola, notablemente inflado na frutificación. Corola amarela, bilabiada, co tubo recto e boca aberta; beizo superior con 2 dentes curtos (0,5-1 mm) baixo o ápice. Androceo con 4 estames soldados á corola, a dúas alturas. Ovario súpero de 2 carpelos soldados. Fruto en cápsula.
- **Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: Cántabro-atlántica, Pirineos e outras montañas da metade N.
- **Hábitat:** prados de sega.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - >CALVOS DE RANDÍN, c. Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cuneta e entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80271. >LOBIOS, Río Caldo, 29TNG7434, 400 m, pista, 03/05/1996, IPS, SANT 42986. >MUIÑOS, Porqueirós-presa do encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG881428, 860 m, xunqueira (*Molinetalia*, *Juncion acutiflori*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 42987. Porqueirós, 29TNG860444, 810 m, prado con *Paradisea lusitanica* (*Peucedano lancifolia-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS, SANT 42985.
 - **Bibliografía:** SÁEZ (2009).

F. OXALIDACEAE

— *Oxalis* L. —

Herbáceas vivaces. Con escapos ou talos foliososa. Follas pecioladas, trifoliadas cos folíolos obcordados. Flores pentámeras con periantio sobre de cáliz e corola. Cáliz cos sépalos soldados só na base. Corola cos pétalos connados, amarela ou purpúrea. Androceo con 10 estames en dous verticilos. Ovario súpero con 5 carpelos soldados, 5 estilos cos seus respectivos estigmas. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** SÁNCHEZ PEDRAJA (2015).

Clave de especies

1. Con talos verdadeiros, con follas; corola amarela	<i>O. corniculata</i>
Talos sen follas –escapos–; corola rosada ou púrpura	2
2. Con bulbiños no extremo de rizomas alongados; follas sen punteaduras laranxas na marxe	<i>O. latifolia</i>
Con bulbiños sésiles; follas con punteaduras laranxas na marxe	<i>O. debilis</i>

■ *Oxalis corniculata* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma rastreiro, cespitosas. Talos case sempre rastreiros, de ata 40 cm, enraizantes nos nós, ás veces só nos inferiores. Follas con pecíolo ata 60 mm, trifolioladas, folíolos de 2-19 x 3-23 mm, obcordados. Flores con pedicelos reflexos na frutificación. Cáliz con 5 sépalos persistentes. Inflorescencias axilares en cumes umbeliformes con pedúnculo piloso. Corola con 5 pétalos de 4-9 mm, soldados na base, amarelos, glabros. Filamentos estaminais glabros. Froito en cápsula cilíndrica-pentagonal, moito máis longo có cáliz.

•**Distribución:** cosmopolita, probablemente orixinaria do SE Asia e Oceanía.

•**Hábitat:** muros e ambientes ruderaleas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 385 m, terreos alterados, 24/05/1995, IPS, SANT 44341. Grou, 29TNG7843, 340 zona de cultivo semiabandonada, baixo muro, 26/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73379.

■ *Oxalis debilis* Kunth

•**Descripción:** xeófito bulboso. Bulbo cuberto de escamas. Follas en roseta basal, trifoliadas e con longos pecíolos pilosos que nacen entre as escamas do bulbo. Folíolos xeralmente pilosos, ciliados e cunha punteadura pardento-alaranxado no bordo da lámina, e en ocasións tamén no interior. Escapo alongado rematado en cumio umbeliforme. Brácteas e bractéolas ciliadas e con 2 gránulos alaranxados no ápice. Cáliz con 5 sépalos glabros, co ápice ciliado e con 2 callos alaranxados. Corola con 5 pétalos rosados coa parte inferior verde-amarelena. Androceo cos estames longos cos filamentos pilosos e os curtos glabros. Ovario con estilos pilosos. Froito en cápsula.

•**Distribución:** Nativa de América do sur. Subcosmopolita. En expansión n P. Ibérica.

•**Hábitat:** ruderale

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Terrachá, 29TNG7343, 510 m, cuneta e beirarrúa, 17/06/2001, IPS, SANT 46634. A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderale, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73400. >**LOBIOS**, c. Torneiros, 29TNG7434, 380 m, bordo de prado, 15/05/2010, IPS, SANT 62418. >**MUÍÑOS**, As Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8943, 860 m, cuneta xunto a *Armeria cf. beirana*, 19/04/2001, IPS, SANT 44787.

■ *Oxalis latifolia* Kunth

- **Descripción:** xeófito cun bulbo maduro ben desenvolvido rodeado de escamas con 3-9 nervios e numerosos bulbillos no extremo de rizomas de maior lonxitude có bulbiño. Follas en roseta basal con pecíolo maior cá lámina, esta articulada, trifoliolada, cos folíolos cordiformes, obdeltados-triangulares, cos senos a ambos lados da escotadura diverxentes, laxamente ciliados na marxe. Inflorescencia en cumio umbeliforme simple. Flores pentámeras con pedicelos glabros. Sépalos con dous callos estreitos, alaranxados e converxentes no ápice. Pétalos rosados de 9-13 x 4-6 mm, soldados formando un tubo moi curto na base.
- **Distribución:** desde México ata Perú. Actualmente subcosmopolita.
- **Hábitat:** exemplares moi localizados na Baixa Limia, ligados a espacios fótemente antropizados.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBIOS, Rial, 29TNG7539, 420 m, cuneta con vexetación higro-nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65822. >Muíños, Mugueimes, 29TNG8545, 605 m, vexetación nitrófila en xardíns públicos, 09/10/2015, IPS, SANT 72039.

F. PAPAVERACEAE (incl. FUMARIOIDEAE)

Clave de xéneros

1. Flores solitarias	2
Flores en acios axilares	4
2. Corola avermelada ou branca; cápsula dehiscente por poros	Papaver
Corola amarela ou alaranxada; cápsula siliculiforme con dehiscencia por 2 valvas	3
3. Corola alaranxada; sépalos soldados, caducos, que ao desprenderse deixan un anel na base	Eschscholzia
Corola amarela; sépalos libres, caducos, que non deixan anel na base	Chelidonium
4. Follas superiores con zarcíños	Ceratocapnos
Follas sen zarcíños	Fumaria

— Ceratocapnos Durieu —

■ *Ceratocapnos claviculata* (L.) Lidén

Corydalis claviculata (L.) DC.

- **Descripción:** terófito gabeador. Talo ramificado. Follas bipinnatisectas, as inferiores cos últimos segmentos elípticos; as superiores teñen os últimos segmentos transformados en zarcíños. Inflorescencia en acio de 5-8 flores (paucifloro). Pedicelos curtos cunha pequena bráctea na base. Flores zigomorfas, con 4 pétalos brancos, o superior externo cun esporón basal e maior có inferior externo, e dous laterais unidos no ápice. Androceo con dous estames. Ovario súpero. Froito en cápsula triangular no ápice.

- **Distribución:** Europa O ccidental, (do S Noruega ao N P. Ibérica).

- **Hábitat:** muros, sebes e paredóns umbrosos.

- **Frecuencia:** escaso.

- **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Asperelo, 29TNG7541, 470 m, muro e a súa base, 12/03/1999, IPS. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, muro que separa estrada e fincas, 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz. >Muíños, Porqueirós, 29TNG8644,

820 m, sebes e vexetación nitrófila arredor do pobo, 23/07/1998, IPS. Serra do Pisco, 29TNG8837, 1240 m, claro de xesta en valgada, 25/06/2007, IPS. Requiás, Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans esqueléticos con *Halimium umbellatum*, 28/05/2021, IPS. >PORTUGAL, Tras-os-Montes, Tourem, 29TNG9140, 870 m, muro que separa pista de fincas (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris subas. saxifragetosum granulatae*), 10/04/1997, IPS.

- Bibliografía:** LIDÉN (1986a).

— ***Chelidonium* L.** —

■ ***Chelidonium majus* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talo erecto, ramificado, ata 1 m de altura, pubescente nos entrenós, con látex amareloento ao quebrarse. Follas pinnatisectas, con 5-7 pares de segmentos crenado-lobados; as basais pecioladas e as caulinas subsésiles. Inflorescencia en umbelas pedunculadas con 2-6 flores pediceladas. Flores actinomorfas. Sépalos amarelo-verdosos, xeralmente con tricomias apicais. Pétalos de cor amarela viva. Estames numerosos, libres, amarelos. Ovario súpero con 1 estílo e dous estigmas. Froito en cápsula estreita e alongada (siliculiforme).

•**Distribución:** Europa, Asia, África e Norteamérica. Toda a PIbérica salvo o SE árido.

•**Hábitat:** ruderal. En pradarias nitrófilas en ambiente fresco.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73393.

>LOBIOS, Barreal, 29TNG7538, 400 m, base de muro en medio do pobo (*Chenopodiella muralis*), 03/12/2003, IPS. >MUÍÑOS, Mugueimes, 29TNG8545, 630 m, cuneta e chans pouco profundos de entorno ruderal (nitrófilo), 07/04/2011, IPS. Salgueiros, 29TNG8439, 980 m, baixo muro de casa abandonada, 15/09/2018, IPS.

- Bibliografía:** PAIVA (1986).

— ***Eschscholzia* Cham.** —

■ ***Eschscholzia californica* Cham. in Nees**

•**Descripción:** terófito con talos e follas de cor glauca. Follas caulinas alternas, 3 pinnatisectas ou 3 pinnatipartidas. Flores terminais ou axilares, solitarias e con longos pedúnculos. Cálix con 2 sépalos caducos. Corola con 4 pétalos libres de cor alaranxada. Androceo con numerosos estames de filamentos e anteras amarelo-alaranzadas. Ovario súpero, cilíndrico, con estílo curto e 2 ou más estigmas. Froito en cápsula con aspecto de silícua.

•**Distribución:** natural de California. Brava no C e S Europa. Planta en expansión.

•**Hábitat:** ruderal. Invasora.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8447, 580 m, cemba entre hortas e estrada, 19/08/2012, IPS, SANT 65850. >LOBIOS, Xendive, 29TNG7741, 410 m, cuneta, cultivado na proximidade, 25/06/2015, IPS, SANT 72546.

- Bibliografía:** MORALES TORRES (2011).

— ***Fumaria* L.** —

■ ***Fumaria muralis* Sonder ex Koch**

Fumaria muralis subsp. *boreae* (Jordan) Pugsley

•**Descripción:** terófito de talos ramosos, escandentes. Follas alternas, 2-4 pinnatisectas. Inflorescencia en acios axilares con 10-17 flores, con pedúnculo de tamaño parecido ao do acio. Pedicelos frutíferos erecto-patentes. Flores hermafroditas con periantio dobre, zigomorfas.



Orobanchaceae *Parentucellia viscosa*



Orobanchaceae *Pedicularis sylvatica*



Orobanchaceae *Rhinanthus minor*



Oxalidaceae *Oxalis corniculata*



Oxalidaceae *Oxalis latifolia*



Papaveraceae *Ceratocapnos claviculata*



Papaveraceae *Chelidonium majus*



Papaveraceae *Eschscholzia californica*

Cáliz con 2 sépalos (3-4 mm) dentados, membranosos. Corola de 9-11 mm, con 4 pétalos rosados (péntalo superior cunha prolongación ou esporón na base, 2 laterais rematados no ápice púrpura e un péntalo inferior libre), con 4 ou tubo do esporón curto e as alas do péntalo superior de cor púrpura escura.

•**Distribución:** W Europa e Macaronesia. Introducida en outras partes do mundo. P Ibérica: N, W e SW.

•**Hábitat:** muros, cembas e ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Chaus da Limia, dárseña encoro As Conchas, 29TNG8145, 555 m, cemba, 23/06/2021, IPS. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7539, 390 m, 22/02/1993, IPS. -Fondevila-Vilameá, 29TNG7536, 430 m, mala herba en viña, *Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulis*, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz. Fondevila-Vilameá, 29TNG7537, 460 m, 27/11/1995, IPS. Fondevila-Vilameá, 29TNG7538, 480 m, 07/03/1996, IPS. Fondevila, 29TNG7639, 408 m, mala herba en viña (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulis*), 21/03/1996, IPS. Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 600 m, cemba en carballeira (cf *Rusco aculeati-Querbetum roboris* subas. *quergetosum suberis*), 09/07/1996, IPS. >Muíños, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7843, 560 m, muro de separación de estrada e fincas, 02/08/1995,IPS.

•**Bibliografía:** LIDÉN (1986b).

— Papaver L. —

Herbáceas anuais. Flores hermafroditas con periantio dobre, colgantes na preantese. Cáliz con 2 sépalos caedizos na apertura da flor. Corola con 4 pétalos libres, preferentemente vermellos. Androceo con numerosos estames libres entre si. Ovario súpero con un disco estigmático na parte superior. Froito en cápsula dehiscente por poros baixo o disco estigmático.

•**Bibliografía:** DÍAZ GONZÁLEZ (1986a).

Clave de especies

1. Pedúnculos con indumento de pelos adpresos	<i>P. dubium</i>
Pedúnculos con pelos non adpresos	2
2. Follas superiores amplexicaules; filamentos estaminais brancos	<i>P. somniferum</i>
Follas superiores non amplexicaules; filamentos estaminais negros	<i>P. rhoeas</i>

■ *Papaver dubium* L.

•**Descripción:** terófito uni ou pluricaule. Follas da roseta de pinnatífidas a 1-2 pinnatisectas, raramente enteiras; as caulinas superiores 2 pinnatipartidas a 2 pinnatisectas. Pedúnculos con pelos lisos adpresos, ríxidos. Cáliz con 2 sépalos libres, caedizos. Corola con 4 pétalos libres de cor vermella-alaranzada. Estames coas anteras violáceas. Froito en cápsula 2-3 veces máis longa cá ancha, mazuda, glabra. Disco estigmático con 3-8 radios.

•**Distribución:** Europa, C e W Asia, N África e Macaronesia. En case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** cunetas

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Portaxe, encoro do Lindoso, desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7640, 345 m, cemba de antigua estrada que cruzaba o encoro, 06/07/2019, IPS, SANT 77490. >Muíños, Porqueirós, 29TNG8844, 890 m, comunidades de terofitos nitrófilos viarios (*Sisymbretalia*), 10/07/1998, IPS & J.Rodr., SANT 45279.

■ *Papaver rhoeas* L.

• **Descripción:** terófito. Follas de pinnatífidas a 1-2 pinnatisectas. Pedúnculos con pelos patentes. Corola con 4 pétalos de cor vermella intensa, en ocasións coa base de cada pétalo maculada formando un anel púrpura central. Filamentos estaminais filiformes. Ovario e cápsula glabras, sen setas. Cápsula 1,5 veces más longa cá ancha, subglobosa, con estrías. Disco estigmático con 8-18 radios.

• **Distribución:** Europa, Asia, N África e Macaronesia. En toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** marxe de estradas, viaria, entullos.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Lantemil-ponte que cruza o encoro (Lindoso), 29TNG7139, 390 m, comunidades de terofitos nitrófilos viarios (*Sisymbretalia*), 22/06/1998, IPS, SANT 45335. > LOBIOS, A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7640, 370 m, comunidades de terofitos nitrófilos viarios (*Sisymbretalia*), 22/06/1998, IPS, SANT 45337. > MUÍÑOS, presa do Encoro das Conchas, Munixieito, 29TNG8741, 840 m, terreno removido por obra de acondicionamiento, 19/06/2020, IPS, SANT 78842.

■ *Papaver somniferum* L.

subsp. *somniferum*

• **Descripción:** terófito que pode alcanzar máis de 1 m de altura. Follas simples, sésiles, amplexicaules, glabra ou case incluso nos nervios do envés, dentadas na marxe e en ocasións cos dentes apiculados ou finamente arrestados. Corola de 4 pétalos (existen cultivares de corola dobre) rosados, brancos, violáceos ou vermellos, xeralmente cunha mácula amplia por enriba da uña. Estames con filamentos claviformes de cor branca. Froito en cápsula de 40-90 x 40-80 mm, con disco estigmático de máis de 8 radios.

• **Distribución:** rexión mediterránea, Macaronesia e Asia. P. Ibérica: falta en provincias de clima seco.

• **Hábitat:** cultivada como ornamental. Adventicia en entullos e chans abertos e nitrificados.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

> MUÍÑOS, Maus de Salas, 29TNG8943, 900 m, camba de estrada, 22/05/2011, IPS, SANT 65221; observ.: os exemplares herborizados presentan moitos dentes finamente arrestados e o tamaño do froito parece menor có da subsp. *somniferum*, ambas características proceden do seu predecesor, a subsp. *setigerum* (DC.) Arcang.

F. PHYTOLACCACEAE

— *Phytolacca* L. —

■ *Phytolacca americana* L.

Phytolacca decandra L.

• **Descripción:** hemicriptófito de 1-3 m, con talos a miúdo avermellados, con engurras decorrentes desde a base das follas. Follas oval-lanceoladas, alternas, pecioladas, con limbo de 5-25 cm de longo. Flores hermafroditas en acios erectos de c. de 10 cm. Segmentos do periantio de 2,5 mm, branco-verdosos que tornan a avermellados tras madurar, ovais. Androceo con 10 estames. Froito de 1 cm, subgloboso, achatado no ápice, primeiro vermello e logo negro-purpúreo.

• **Distribución:** Norteamérica. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: zonas de climas suaves.

• **Hábitat:** cunetas, pradarías de marxes de ríos e terreos baldíos. Non parece subir ao piso supratemporado.

•**Frecuencia:** escaso. Especie con potencial perigo invasor en zonas baixas.

•**Pregos herborizados:**

•LOBIOS, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 500 m, brava en cuneta, 15/07/1998, IPS, SANT 45326. Mañín-Padrendo, 29TNG7336, 450 m, cuneta e marxe de parcela de viñedo sobre a estrada, 10/10/2015, IPS, SANT 72053. Padrendo, Igrexa sta María de Riocaldo, 29TNG7336, 500 m, cuneta, 24/06/2021, IPS, SANT 80336.

•**Bibliografía:** NOGUEIRA (1990).

F. PLANTAGINACEAE

Clave de tribus

1. Con 1 ou 2 estames	2
Con 4 ou 5 estames	3
2. Flores unisexuais; as masculinas con 1 estame	CALLITRICHEAE
Flores hermafroditas con 2 estames	VERONICEAE
3. Corola membranosa; estames longamente exertos	PLANTAGINEAE
Corola non membranosa con estames inclusos ou exertos	4
4. Corola cunha xiba ou un esporón	ANTIRRHINEAE
Corola sen xiba ou esporón	5
5. Acio terminal; flores pêndulas > 10 mm	DIGITALIDEAE
Flores < 5 mm, axilares, solitarias ou dúas próximas en ramificacións	SIBTHORPIEAE

TRIBU ANTIRRHINEAE

Clave de xéneros

1. Follas más anchas ca longas, reniformes ou orbicularis	Cymbalaria
Follas doutra forma	2
2. Con xiba ou lomba na base da corola	3
on ou sen esporón na base da corola	4
3. Corola rosada, co dente superior do cáliz tan longo coma ela	Misopates
Corola branco-amarelena moito más longa có cáliz	Antirrhinum
4. Sen esporón ou con este que non excede inferiormente a corola	Anarrhinum
Con esporón que excede inferiormente a corola	Linaria

— Anarrhinum Desf. —

Herbáceas vivaces con follas en roseta e caulinas durante a floración. Talos non o moi pouco ramificados. Follas da roseta espataladas, dentadas. Follas caulinas alternas, palmatisectas con un dos lóbulos de maior tamaño. Inflorescencia en acio acrecente. Brácteas semellantes ás follas caulinas, pero de menor tamaño. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz de 5 sépalos soldados. Corola bilabiada, branca ou violácea. Ovario súpero. Estilo apical. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** AMICH (2009).

Clave de especies

1. Flores brancas; planta con indumento glandular-pubescente	<i>A. duriminum</i>
Flores azuladas; planta sen indumento glandular-pubescente	<i>A. bellidifolium</i>

■ *Anarrhinum bellidifolium* (L.) Willd.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos glabros que non acostuman superar os 50 cm, a veces con glándulas dispersas na inflorescencia. Follas alternas, as basais de forma obovado-espatuladas, dentadas ou crenado-dentadas; as caulinas de menor tamaño. Inflorescencia simple ou ramificada, neste caso con ramas erecto-patentes. Flores pediceladas, con brácteas más curtas cás flores. Cáliz con sépalos soldados só na base, coa marxe estreitamente escariosa en toda a súa lonxitude. Corola con esporón antrorso na base. Pétalos soldados azulados ou violetas coas marxes dos labios abrancazadas. Froito en cápsula pouco más longa có cálix.

• **Distribución:** W Europa. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** cembas, chans pouco profundos en penedos ácidos.

• **Frecuencia:** abundante desde o nivel basal ata a proximidade dos cumes más altos.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Serra de Queguas, 29TNG7347, 1078 m, chans pouco profundos sobre granitos (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65872. Terrachán-A Illa , cuneta Km 1-2 OUR-1209, 29TNG7242, 420 m, cemba (*Sesamoido-Anarrhinetum bellidifolii*), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73385. Fronteira Ameixoeira-pista forestal, 29TNG6948, 790 m, afloramento de penedos graníticos con chans pouco profundos, 10/06/2020, IPS, SANT 78776. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG73, 07/07/1992, IPS, SANT 46458. >Muíños, Serra do Xurés, A Lomba-fronteira con Portugal, 29TNG8536, 1250 m, chans erosionados rodeados de matogueira, 08/08/2007, IPS, SANT 57558.

■ *Anarrhinum duriminum* (Brot.) Pers. ●

Anarrhinum hirsutum Hoffmanns. & Link

• **Descripción:** hemicriptófito. Planta hirsuto glandulosa. Follas basais ata 17 x 4,5 cm oval-espatuladas, simples, dentadas, romas, atenuadas na base; as caulinas más pequenas, enteiras ou trilobuladas, alternas. Inflorescencia en acio terminal denso, coas brácteas de maior tamaño cás pedicelos, case do tamaño das flores. Sépalos de 2,5 mm, co ápice moi fino e marxe membranoso só na base. Corola de cor crema, con esporón. Froito en cápsula más curta có cálix.

• **Distribución:** endimismo do NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** cembas de rocha con repisas ou gretas con chan, muros. Piso mesotemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Currás-San Fiz, 29TNG8749, 585 m, cemba marxe estrada, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 56334. >ENTRIMO, Monte de Galez, pista de servizo forestal enriba de antiga estrada, 29TNG7439, 390 m, cemba de terra-rocha (*Sesamoido-Anarrhinetum durimini*), 22/05/1995, IPS, SANT 46542 e 46456. >Muíños, As Conchas-San Miguel, 29TNG8044, 600 m, cemba de terra-rocha (*Sesamoido-Anarrhinetum durimini*), 02/08/1995, IPS, SANT 46457.

— Híbridos —

■ *Anarrhinum x intermedium* C. Simon

>ENTRIMO, Monte de Galez, pista de servizo forestal por enriba de antiga estrada, 29TNG7439, 390 m, cemba de terra-rocha (*Sesamoido-Anarrhinetum durimini*), 22/05/1995, IPS, SANT 46543.



Papaveraceae *Fumaria muralis*



Papaveraceae *Papaver roheas*



Papaveraceae *Papaver somniferum*



Phytolacaceae *Phytolaca americana*



Plantaginaceae Antirrhineae *Antirrhinum bellidifolium*



Plantaginaceae Antirrhineae *Antirrhinum duriminum*



Plantaginaceae Antirrhineae *Antirrhinum meonanthum*



Plantaginaceae Antirrhineae *Cymbalaria muralis*

— **Antirrhinum** L. —

■ **Antirrhinum meonanthum** Hoffmanns. & Link

Antirrhinum ambiguum Lange

• **Descripción:** caméfito de talo erecto de ata 1 m, con ramas dispersas e con pelos glandulares e tectores pluricelulares. Follas ata 6 cm de longo, lanceoladas, opostas na base e alternas cara arriba. Inflorescencia en acio. Pedicelos de ata 7 mm, más curtos cá bráctea correspondente. Cáliz de 5 sépalos soldados, profundamente fendo, cos lóbulos más curtos có tubo da corola, con pelos glandulosos. Corola 20-30 mm, amarelo pálida, cigomorfa, bilabiada, personada, cunha xibosidade na base. Ovario súpero bilocular. Froito en cápsula de 7-10 mm.

• **Distribución:** endimismo do C e NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** chans despexados, cembas claros de bosque.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Herdadiña, 29TNG7743, 360 m, cemba. 23/05/1997. IPS, SANT 46524. Prencibe, 29TNG7938, 620 m, cemba baixo reboleira. 09/05/1998. IPS, SANT 46525.

• **Bibliografía:** GÜEMES (2009a).

— **Cymbalaria** Hill —

■ **Cymbalaria muralis** G. Gaertn., B. Mey. & Scherb.

Linaria cymbalaria (L.) Miller

• **Descripción:** terófita. Talos decumbentes de ata 60 cm. Follas con pecíolo maior có limbo; limbo reniforme con 3-7 lóbulos mucronados, glabro, lustroso, discoloro xeralmente co envés morado. Flores solitarias na axila das follas. Pedúnculos que se revolven na frutificación. Cáliz con 5 lóbulos case ata a base, glabros. Corola bilabiada con esporón basal e con 2 xibas no padal do labio inferior. Cápsula glabra que se abre por varias valvas.

• **Distribución:** oriúnda de Suíza, Italia, Sicilia e W Iugoslavia. Naturalizada en Europa e outros continentes. P. Ibérica: amplamente distribuída na proximidade de núcleos rurais e urbanos.

• **Hábitat:** muros frescos con pouca insolación.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, muro sombreado de casa derruída (*Cymbalarium muralis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53217. >ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7243, 540 m, muro, 15/07/2012, IPS, SANT 65888.

>LOBIOS, Barreal, 29TNG7538, 420 m, cuneta con vexetación nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65876.

• **Bibliografía:** GÜEMES (2009b).

— **Linaria** Mill. —

Herbáceas anuais ou vivaces, xeralmente con talos fértiles erectos e outros decumbentes ou ascendentes estériles e con menor desenvolvimento. Follas sésiles, simples, enteiras, as inferiores en ocasiós verticiladas e as superiores alternas, lineares ou linear-lanceoladas. Inflorescencia en acio. Flores bracteadas con periantio dobre. Cáliz con sépalos soldados só na base. Corola cigomorfa, personada, cun esporón agudo na base. Androceo con 4 estames inclusos enfrontados dous a dous.

• **Bibliografía:** SÁEZ & BERNAL (2009).

Clave de especies

1. Plantas anuais	2
Plantas perennes	4
2. Flores branco-violáceas	<i>L. elegans</i>
Flores amarelas	3
3. Follas con pelos glandulosos	<i>L. saxatilis</i>
Follas sen pelos glandulosos	<i>L. spartea</i>
4. Flores amarelas de menos de 1 cm	<i>L. saxatilis</i>
Flores rosadas de más de 2 cm	<i>L. triornithophora</i>

■ *Linaria elegans* Cav.*Linaria delphinoides* Gay

• **Descripción:** terófito de talos erectos e delgados, de 15-40 cm, glandular-pubescente apicalmente, glabrescente na metade proximal. Follas alternas, de filiformes a linear-lanceoladas, romas. Inflorescencia en acio non denso. Brácteas más curtas cós pedicelo, estes erectos. Cálix cos sépalos similares. Corola violeta, púrpura coa garganta amarelenta, de 16-30 mm, bilabiada con esporón basal curvado de ao menos 8 mm. Estigma mazudo. Sementes non aladas.

• **Distribución:** endimismo do C e N de España e N de Portugal.

• **Hábitat:** pradarías pioneiras sobre chans nus, cultivos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-pico de Altar de Cabroes, 29TNG7830, 1400 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 07/1992, IPS, SANT 46539.

■ *Linaria saxatilis* (L.) Chaz.

• **Descripción:** hemicriptófito. Planta con pelos glandulosos curtos repartidos por toda a planta. Follas alternas, lineares ou elipsoides, obtusas no ápice; as inferiores verticiladas e as superiores alternas. Inflorescencia en acios terminais. Pedúnculos florais de menor tamaño cás brácteas, estas lineares. Cálix con 5 sépalos subiguais, cun tubo moi curto na base e dentes estreitos e longos. Corola bilabiada con esporón basal, amarela, >1 cm. Cápsula lixeiramente más curta có cálix. Sementes maduras pardo-escuras, discoideas con á esteira na marxe e disco noduloso.

• **Distribución:** endimismo do C e W da Península Ibérica.

• **Hábitat:** gretas de rocha, muros. Pisos meso e supratemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7243, 590 m, muro con casmocomófitos, algo nitrificado, 28/11/1995, IPS, SANT 46533.

- LOBEIRA, A Fraga, 29TNG7854, 920 m, como mala herba en centeo (*Linario-Anthoxantetum aristati*), 17/06/1997, IPS, SANT 46537.

- LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-pico de Altar de Cabroes, 29TNG7830, 1400 m, gretas de rochas de granodioritas, 07/1992, IPS, SANT 46526 e 46531.

Fondevila-Vilameá, A Anta 29TNG7537, 440 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicaulis*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46530.

Saa-A Regada, 29TNG7737, 700 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxantetum aristati*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46529.

Serra do Xurés, Curral de Mouro, 29TNG7634, 1040 m, fisura de granodioritas, 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46528.

Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1050 m, fisuras de penedos de cume, 17/06/1993, IPS, SANT 46532.

Serra do Xurés, cumes enriba Mina das Sombras, 29TNG7830, 1500 m, gretas con chan en rochas de cume (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 14/07/1993, IPS, SANT 46527.

Serra do Xurés, 29TNG7635, 700 m, penedos,

18/06/2011, IPS, SANT 65257. >**Muíños**, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, sobre chans compactados e nitrificados, 23/07/1998, IPS, SANT 46547. Albite, Outeiro do Home Dereito, caseta vixilancia incendios, 29TNG8339, 1040 m, fisuras verticais de rochas graníticas, 08/06/2021, IPS, SANT 80319.

■ ***Linaria spartea* (L.) Chaz.**

• **Descripción:** terófito. Follas de ata 40 x 1 mm, espaciadas, maioritariamente alternas, as basais tamén opostas ou verticiladas. Acios moi frouxos en froito, curtos. Pedúnculos maiores cás brácteas. Sépalos con marxe escarioса ancho. Corola amarela de 15-30 mm, cigomorfa, bilabiada, con esporón basal de 9-18 mm.

• **Distribución:** W da P. Ibérica e SW de Francia.

• **Hábitat:** cultivos e chans despexados.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> **BANDE**, Bande-Vilameá, 29TNG8553, 700 m, cemba de estrada, 16/05/1997, IPS, SANT 46538. > **LOBIOS**, Saa-A Regada, 29TNG7737, 700 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxantetum aristati*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46535. Fondevila, estrada nacional 540, 29TNG7540, 390 m, cuneta, 20/05/1996, IPS, SANT 46536. > **Muíños**, Encoro das Conchas, 29TNG8044, 550 m, chan areoso, 02/08/1995, IPS, SANT 46534. Cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 560 m, chan areoso, 09/07/1996, IPS, SANT 46540.

■ ***Linaria triornithophora* (L.) Willd.** ●

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas en verticilos de 3-5, lanceoladas, trinervadas. Inflorescencia terminal cás flores dispostas en verticilos. Flores con pedúnculos erectos. Corola purpúrea coa garganta amarela, bilabiada, de 3,5-5 cm, con esporón basal curvado de ata 2 cm.

• **Distribución:** endimismo do quadrante NW da Península Ibérica.

• **Hábitat:** orla de bosque e claros de matogueira.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> **LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, comunidade de herbáceas de lindeiros de bosque (*Trifolio-Geranietea sanguinei*, Comunidad de *Geranium sanguineum*). 28/05/1999, SANT 43046. IPS. Serra do Xurés, xunto a pista forestal das Sombras. 29TNG73, 1050 m, 07/07/1992. IPS, SANT 46544.

— **Misopates** Raf. —

■ ***Misopates orontium* (L.) Raf.**

• **Descripción:** terófito con talos que xeralmente non exceden 50 cm de altura. Follas lineares, oblongas ou elípticas, as inferiores más anchas e más longamente pecioladas. Flores en acios terminais bracteados. Segmentos do cáliz más longos có tubo da corola. Corola de pétalos soldados, cigomorfa, bilobada, personada cun padal que cerra completamente o tubo, de cor rosada, de 9-22 mm, lixeiramente pubescente. Androceo con 4 estames soldados á corola a dous niveis, inclusos. Ovario súpero de carpelos soldados, bilocular. Estilo apical persistente. Froito en cápsula.

• **Distribución:** S Europa, N África, SW e CS Asia, Macaronesia. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans lixeiramente nitrificados.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> **LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, c. pista que leva cara os reemisores, 07/1992, IPS, SANT 46474. Vilameá-Río Caldo, 29TNG7435, 390 m, cuneta da estrada, 02/09/1997, IPS, SANT 46475. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*) algo nitrificado (*Stellarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78848.

• **Bibliografía:** GÜEMES (2009c).

TRIBU CALLITRICHEAE

— Callitriché L. —

■ *Callitriché stagnalis* Scop.

- **Descripción:** terófito. Con indumento de pelos caulinas. Follas subiguais, as somerxidas distanciadas, opostas, pecioladas, espatuladas, non translúcidas. Con rosetas de follas flotantes más anchas. Flores unisexuais pouco aparentes, axilares, xeralmente dúas por nó (unha en cada axila), confrontadas e de distinto sexo. Bractéolas persistentes, translúcidas. Flores masculinas reducidas a un estame; as femininas con ovario de dous carpelos con estilos persistentes alongados na antese e curvados no froito. Grans de polen amarelo. Mericarpos alados por todo o dorso, suborbiculares.
- **Distribución:** Eurasiática. Naturalizada no Norteamérica e Australia. P. Ibérica: falta no SE.
- **Hábitat:** remansos de ríos, augas estancadas.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
- **Bibliografía:** GARCÍA MURILLO (2010).

TRIBU DIGITALIDEAE

— Digitalis L. —

■ *Digitalis purpurea* L.

subsp. *purpurea*

- **Descripción:** hemicriptófito con talo que pode superar 1 m de altura, con indumento branco ou agrisado de pelos longos eglandulares e curtos glandulares. Follas enteiras, dentadas, lixeiramente decorrentes, as inferiores con pecíolo longo, as superiores sentadas. Inflorescencia simple, con brácteas xeralmente más longas cós pedicelos. Corola de pétalos soldados, colgantes, púrpura ou rosada con punteaduras no interior. Froito en cápsula de 10-15 mm, erecta, cos sépalos persistentes.
- **Distribución:** W e C Europa e NW África. Naturalizada noutras rexións do planeta. P. Ibérica: N, W, C e SE.
- **Hábitat:** ruderal, cunetas, terreos incultos.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
- **Lobios:** Serra do Xurés, 29TNG73, 20/05/1993, IPS, SANT 46460. Estrada N-540, 29TNG7641, 410 m, cuneta, 09/05/1998, IPS, D.Manso & C.Vello, SANT 46459; observ.: exemplar albino. Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS.
- **Bibliografía:** BENEDÍ & HINZ (2009).

TRIBU PLANTAGINEAE

— Plantago L. —

Herbáceas vivaces, menos frecuentemente anuais, ou pequenos arbustos de ramas curtas e aspecto pulviniforme. Todas as follas en roseta basal ou agrupadas no ápice das ramas curtas nas formas leñosas. Escapos sen follas que saen do centro das rosetas rematados pola inflorescencia, unha espiga densa, más ou menos alongada cuberta de brácteas imbricadas que protexen ás flores

e impiden a súa visión. Flores hermafroditas con periantio dobre, ambos escariosos. Cáliz con 4 sépalos soldados ao menos na base. Corola con 4 pétalos soldados formado un tubo terminado en 4 lóbulos. Androceo con 4 estames longamente exertos. Ovario súpero. Froito en cápsula con dehiscencia transversal (pixidio).

•**Bibliografía:** PEDROL (2009).

Clave de especies

1. Follas co limbo pinnatipartido a pinnatisecto	<i>P. coronopus</i>
Follas co limbo enteiro	2
2. Follas filiformes; camefita	<i>P. holosteum</i>
Follas de limbo máis ancho, hemicriptófito	3
3. Follas bruscamente atenuadas en pecíolo	<i>P. major</i>
Follas de limbo atenuado na base, sen pecíolo ben definido	<i>P. lanceolata</i>

■ *Plantago coronopus* L.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito. Follas en roseta basal con limbo pinnatifido ou bipinnatipartidas, en ocasións dentado, piloso. Escapo máis longo cás follas. Inflorescencia en espiga densa, estreita, cilíndrica. Brácteas coa marxe inferior escariosa. Sépalos desiguais soldados só na base; as anteriores con marxe escariosa, pilosos e ciliados; os posteriores maiores. Tubo da corola pubescente.

•**Distribución:** rexión mediterránea, W Europa e W Asia. Introducida noutros continentes. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** ambientes ruderais. Frecuente en marxes de camiños transitados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Lantemil, 29TNG7139, 390 m, marxe do encoro, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70471. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, c. do canal de augas termais (futuro balneario), 29TNG7435, 390 m, terreos pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 02/1993, IPS, SANT 46978. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, terreos pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 19/03/1993, IPS, SANT 46979. Xendive, As Touzas, 29TNG7841, 458 m, pastero anual algo nitrificado (*Helianthemalia guttati*), 11/06/2004, IPS. Devesa, 29TNG7436, 400 m, marxe de camiño (*Polygono-Poetea annuae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53015. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*) algo pisado (*Polygono-Poetea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78839.

■ *Plantago holosteum* Scop.

Plantago radicata Hoffmanns. & Link

•**Descripción:** caméfito de ramas curtas e apertadas terminadas en rosetas de follas, que lle confiren certo aspecto pulvinular. Follas agudas, de 15-30 x 0,2-0,5 mm, setoso-hispida ou glabrescentes. Escapos de 3,5-9 cm, erectos ou ascendentes, con pelos curtos antrorsos, aplicados. Inflorescencia en espiga densa terminal, oblongo-cilíndrica. Flores con brácteas ovado-lanceoladas. Pétalos con tubo moi pouco pubescente e lóbulos de 1-1,8 mm. Cápsula con 2-4 sementes.

•**Distribución:** zonas montañosas da bacía norte do Mediterráneo, desde o Líbano a Serra Neveda. P. Ibérica: metade N e SE.

•**Hábitat:** pradarias pioneiras vivaces en chans pouco profundos do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común. Zona oriental (Encoro de Salas, Serra do Pisco, Serra da Pena) e occidental (Serra do Leboreiro s.l.).

Plantaginaceae Antirrhineae *Linaria elegans*Plantaginaceae Antirrhineae *Linaria saxatilis*Plantaginaceae Antirrhineae *Linaria spartea*Plantaginaceae Antirrhineae *Linaria triornithophora*Plantaginaceae Antirrhineae *Misopates orontium*Plantaginaceae Callitrichae *Callitrichae stagnalis*Plantaginaceae Digitalidae *Digitalis purpurea*

Plantaginaceae Plantago coronopus

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Randín, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1180 m, claros de cambrional de *E. ibericum* sobre chans pouco profundos, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77263. Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, chans esqueléticos de cume (*Festucetea curvifoliae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80256. >**LOBEIRA**, A Fraga-cumes Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1140 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 46981. >**MUÍÑOS**, Requiás, 29TNG8839, 920 m, pasteiro pioneiro vivaz sobre chan areoso, seco (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi subas. plantaginetosum radicatae*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 46980. Maus de Salas, encoro de Salas, A Chancela, 29TNG8943, 850 m, pradarías vivaces (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*, 15/07/2000, IPS, SANT 43032. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos con pasto anual-vivaz (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 28/05/2021, IPS, SANT 80897. >**PORTUGAL**, Minho, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae subas. thymetosum caespititi*), 16/06/1998, IPS, SANT 46982.

■ ***Plantago lanceolata* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito con escapos de 18-50 cm, más longos cás follas. Follas enteiras en roseta basal, atenuadas na base, sen pecíolo ben definido, con 3-5 nervios. Flores en espiga densa de 1,4-6 cm, cilíndrica. Flores con brácteas de marxe escariosa. Sépalos glabros ou subglabros. Tubo da corola glabro. Froito en cápsula con 2 sementes naviculares.

•**Distribución:** Eurasia (excepto extremo N), N África e Macaronesia. Introducida en América. En toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** prados e ambientes rurais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

-Muíños, Albite, 29TNG8240, 850 m, 16/04/1993, IPS, SANT 47004. Prado, 29TNG8342, 715 m, céspede en marxe de estrada, 07/04/2011, IPS, SANT 64518.

■ ***Plantago major* L.**

Clave de subespecies

1. Pixidio con ata 10 sementes maiores de 1,2 mm	<i>M.p. subsp. major</i>
Pixidio con más de 10 sementes menores de 1,2 mm	<i>M.p. subsp. intermedia</i>

■ ***Plantago major* L. subsp. *major***

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas en roseta basal con limbo e pecíolo ben definidos. Limbo coa base truncada ou cordada, recorrido por 5-9 nervios. Inflorescencia en espiga alongada estreitada no ápice. Flores hermafroditas. Pétalos pilosos. Froito en cápsula con dehiscencia transversal, con menos de 10 sementes no seu interior de menos de 1,5 mm e de cor negra.

•**Distribución:** zonas temperadas de Eurasia e Norteamérica. Introducida en case todo o mundo como mala herba.

•**Hábitat:** ruderal. Marxes de camiños de acceso a fincas e cultivos, lugares nitrificados que soporan certo nivel de pisaduras.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, marxe de camiño (*Lolio perennis-Plantaginetum majoris*), 08/08/2007, IPS, SANT 57437.

■ *Plantago major* subsp. *intermedia* (Gilib.) Lange

- **Descripción:** terófito. Follas en roseta basal con limbo e pecíolo ben definidos. Limbo de contorno elíptico, coa base atenuada no pecíolo, recorrido por 3 nervios. Inflorescencia en espiga alongada non estreitada no ápice. Flores hermafroditas. Pétalos pilosos. Froito en cápsula con dehiscencia transversal, con máis de 10 sementes no seu interior de menos de 1,2 mm e de cor negra.
- **Distribución:** Europea.
- **Hábitat:** ambiente higro-nitrófilo desecado en verán.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBIOS, Saa-A Regada, 29TNG7737, 670 m, marxe de regato (*Stellario uliginosae-Montietum variabilis*), 09/09/1997(1), IPS, SANT 53100.

TRIBU SIBTHORPIEAE

— *Sibthorpia* L. —

■ *Sibthorpia europaea* L.

- **Descripción:** caméfito. Talos ata 40 cm, endebles, filiformes, a miúdo con ramas dispersas e reptantes, enraizantes nos nós. Follas de 8-25 mm anchura, con forma de ril ou redondeadas, dentadas, con pecíolo normalmente máis longo có limbo. Flores solitarias axilares ou en pequenos grupos. Pedúnculos florais más curtos có pecíolo da folla adxacente. Cáliz con 4-8 sépalos soldados ata preto da metade. Corola de 2 mm de diámetro, rotácea, glabra, con 4-8 lóbulos pouco desiguais. Androceo con tantos estames como pétalos ou cun menos. Xineceo con ovario bilocular estilo persistente e estigma bilobado.
- **Distribución:** W Europa, Azores, montañas de Grecia, Creta e África tropical. P. Ibérica: metade occidental ata Navarra (zonas con influencia atlántica).
- **Hábitat:** ambientes sombríos e húmidos como en cembas de regatos, pé de muros, etc.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBEIRA, A Fraga, 29TNG7854, 970, m, parede dun bebedoiro, 17/06/1997, IPS, SANT 52802. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, Padrendo-A Magdalena, 29TNG7135, 600 m, comba de regato con ambiente saturado de humidade, 20/06/1996, IPS, SANT 46476. Saa-Regada, 29TNG7737, 680 m, comba de cuneta con regueiro, acompañada por *Anagallis tenella*, 11/04/1997, IPS, SANT 46477. Serra do Xurés, Vilameá-Ermida de Nosa Sra. do Xurés, 29TNG7536, 411 m, comba sombría e fresco adxacente a regato, 16/09/2018, IPS, SANT 76583.
- **Bibliografía:** RICO (2009c).

TRIBU VERONICEAE

— *Veronica* L. —

Herbáceas anuais ou perennes, ou ben plantas sufrúctices. Follas opostas, sésiles ou pecioladas, pinnatinervias, de enteiras a pinnatifidas. Flores en acios axilares ou terminais, acrescentes; en ocasiós paucifloros e reducidos e con brácteas semellantes ás follas dando o aspecto de flores solitarias axilares. Flores con perianto dobre. Cáliz verde de 4-5 sépalos soldados na base. Corola rotácea, azulada, con 4 pétalos algo desiguais. Androceo con 2 estames libres entre si e soldados á corola. Ovario súpero con 2 carpelos soldados. Estilo persistente situado no seo entre os dous carpelos. Froito en cápsula.

- **Bibliografía:** MARTÍNEZ ORTEGA et al. (2009).

Clave de especies

1. Plantas anuais	2
Plantas perennes	4
2. Pedicelo máis curto có cáliz	<i>V. arvensis</i>
Pedicelo máis longo có cáliz	3
3. Cápsula con 4 sementes pardo-amarellentas (ou menos por aborto)	<i>V. hederifolia</i>
Cápsula con máis de 5 sementes amarellentas	<i>V. persica</i>
4. Corola branca; pedicelos frutíferos de 1-2 mm	<i>V. micrantha</i>
Corola azulada	5
5. Follas estreitas, lineares ou linear-lanceoladas	<i>V. scutellata</i>
Follas menos de tres veces máis longas ca anchas	6
6. Talos decumbentes	<i>V. officinalis</i>
Talos ascendentes ou erectos	7
7. Inflorescencia en acios axilares; cápsula con 6-12 sementes.	<i>V. chamaedrys</i>
Inflorescencia en acio terminal; cápsula con máis de 20 sementes	<i>V. serpyllifolia</i>

■ *Veronica arvensis* L.

• **Descripción:** terófito, pubescente. Talos xeralmente erectos. Follas crenado-dentadas, as superiores ovadas e subsésiles, as inferiores con pecíolo. Flores en acios terminais con pedicelos moi curtos. Brácteas moito maiores cos pedicelos, as inferiores semellantes ás follas e as superiores lineares. Cáliz con 4 sépalos linear lanceolados. Corola rotácea, con 4 pétalos soldados nun tubo curto e aberta en 4 lóbulos, azul. Androceo con 2 estames soldados á corola. Estilo de tamaño similar á escotadura da cápsula. Cápsula glabra ou ciliada en marxe, más ancha ca longa, con máis de 10 sementes algo convexas por 1 cara e planas pola outra.

• **Distribución:** Europa, NW África e SW Asia. Toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** pradarías anuais nitrófilas, arvense.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, 29TNG7343, 550 m, cultivo de legón, 05/03/1996, IPS, SANT 43029. > LOBIOS, A Anta-Fondevila, 29TNG7538, 440 m, mala herba en viñedo, 07/03/1996, IPS, SANT 43028. Devesa, 29TNG7436, 400 m, barbeito de millo, 21/03/1996, IPS, SANT 43026. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 460 m, pasteiro anual nitrificado, 07/05/1997, IPS, SANT 43027. > MUÍÑOS, Prado, Monte da Ánima, 29TNG8343, 750 m, prado higrófilo (*Molinetalia*), 12/03/1993, IPS, SANT 45292. Albite, 29TNG8239, 900 m, 16/04/1993, IPS, SANT 45291. Taboadela, 29TNG8747 660 m, mala herba en cultivo, 25/03/1997, IPS, SANT 43025. Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8843, 915 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 09/05/1998, IPS, SANT 45294. Muíños, c. presa Encoro de Salas, 29TNG8741, 850 m, pasteiro anual oligótrofo (*Airo-Sedetum arenarii*) e pasteiro vivaz con *Plantago radicata* (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 09/05/1998, IPS, SANT 45293. Santuario dos Milagres de Couso de Salas-Outeiro dos Marotos, 29TNG9046, 920 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78807. Reparade-Corga da Raposo, sobre río Salas, 29TNG8242, 675 m, cuneta, chan con areas grosas, pasto anual/vivaz, 21/04/2021, IPS, SANT 81287.

■ *Veronica chamaedrys* L.

• **Descripción:** caméfito. Inflorescencias en acios axilares maiores de 2 cm en froito e con más de 6 flores. Follas opostas, enteiras ou pinnatifidas, sésiles ou con pecíolo curto. Talo con 2 liñas opostas de pelos densos. Inflorescencia en acios axilares opostos ou algúns alterno. Pedicelos

florais < 5 mm na frutificación. Cáliz con 4 sépalos de tubo moi curto e lóbulos moito maiores que cobren a cápsula, con pelos tectores e pelos glandulares. Corola de pétalos soldados, rotácea, con 4 lóbulos azulados. Androceo con 2 estames soldados á corola. Froito ciliado, máis ancho que longo, igual ou máis curto có cálix. Con ata 12 sementes comprimidas por cápsula.

•**Distribución:** eurosiberiana. Naturalizada en Islandia e Norteamérica. P. Ibérica: terzo N con localidades illadas nos sistemas Ibérico N e Central.

•**Hábitat:** nitrófila. Claros e orla de bosques, muros, sebes.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNH9638, 1200 m, orla de cerquiño, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80773. >ENTRIMO, Olelas, 29TNG6641, 550 m, bosque alterado (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 01/03/1998, IPS, SANT 42988. >LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, base de cemba en camiño de acceso a hortas, 15/04/1993, IPS, SANT 42990. Serra de Santa Eufemia, cumbe de reemisores, 29TNG7134, 1100 m, 17/06/1993, IPS, SANT 42989. Bouzas, 29TNG8036, 860 m, bosque (reboleira con *Quercus robur*) algo alterado, 09/05/1998, IPS, SANT 42991. >Mutíños, Taboadela, 29TNG8846, 750 m, bosque saíndo de Taboadela cara Couso de Salas, 09/10/1996, IPS, SANT 42992.

■ *Veronica bederifolia* L.

•**Descripción:** terófita, pubescente. Talos rastreiros, ramificados. Follas xeralmente más longas ca anchas, palmatilobadas, con (3)5(7) lóbulos. Flores en acio terminal, con pedúnculo de similar lonxitude ás brácteas, estas de forma similar ás follas. Sépalos moi ciliados, ensanchado na base, cordiforme. Corola rotácea maior có cálix, con 4 pétalos soldados formando una garganta abrançazada e aberta en 4 lóbulos de cor azul pálida. Androceo con 2 estames soldados á corola. Froito en cápsula subglobosa con 4 lóbulos más ou menos marcados, con poucos pelos glandulares moi curtos. Estilo que apenas excede o seo da cápsula. Con 4 sementes por cápsula > 2mm.

•**Distribución:** Europa, NW África e SW Asia. Introducida noutros continentes. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** arvense. Cultivos, hortas, barbeitos, camiños, etc.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 415 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicauli*), 22/02/1993, IPS, SANT 43048. A Regada, 29TNG7737, 720 m, prados baixo o pobo, 06/03/1996, IPS, SANT 45295. O Cruceiro, 29TNG7538, 460 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicauli*), 07/03/1996, IPS, SANT 43047. Quintás, 29TNG7539, 430 m, mala herba en cultivo de legón (*Chrysanthemo-Raphanetum* subas. *lamietosum amplexicauli*), 21/03/1996, IPS, SANT 43050. >Mutíños, Guntumil, 29TNG8940, 890 m, base de muro que rodea a cultivo de nabizas, 22/03/1996, IPS, SANT 43051. Couso de Salas, 29TNG8846, 910 m, orla de bosque, 25/03/1997, IPS, SANT 43049.

■ *Veronica micrantha* Hoffmanns. & Link ●

•**Descripción:** herbácea sufrútice, en ocasións ramificada desde a base. Talos de ata 60(80) cm, con algunha ramificación preto da base, uniformemente pilosos ou con franxes con maior densidade, con pelos simples e tabicados (lupa) patentes de más de 1 mm. Follas opostas, sésiles ou con curto pecíolo, ovadas. Limbo de base truncada, marxe crenado-serrada e indumento de pelos tectores en maior densidade no envés que na face. Inflorescencias en acios axilares con pedúnculo de 1-8 cm e de 10-40 flores, con indumento semellante ao do talo, sen pelos glandulosos. Flores pediceladas con 2 brácteas, a veces as inferiores con 1 dente lateral. Cálix de sépalos soldados profundamente fendido, con 4 lóbulos e en ocasións un quinto diminuto, más longos có froito. Corola branca, rotácea, de 5-9 mm de diámetro, cun tubo moi curto, a garganta tinguida de rosa ou púrpura e 4 lóbulos algo desiguais con nervios coloreados. Androceo con 2

estames. Ovario bilocular. Froito en cápsula de < 5 mm, menor có cáliz, algo máis ancha que alta, co ápice emarginado e pelos tectores en superficie. Sementes pardas.

•**Distribución:** endimismo do NW e CW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías escio-higro-nitrófilos da orla de carballeiras. Outras localizacións ourensás amosan preferencia pola orla de cerquiños sen afloramento de augas freáticas.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, orla forestal en pradaría escio-higro-nitrófilo (*Galio-Urticetea*), 09/06/2011, IPS, SANT 64771. Serra de Santa Eufemia, Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7332, 500 m, carballeira con chan húmido, 03/06/1997, IPS, SANT 77905.

■ *Veronica officinalis* L.

•**Descripción:** caméfito. Herbácea vivaz. Planta pilosa. Talos rastreiros decumbentes e finalmente ascendente, a zona prostrada en ocasións radicante, con entrenós que en ocasións teñen abundantes pelos tectores de c. 1 mm. Follas opostas, pecioladas (pecíolo < 7 mm) e con limbo de marxe dentada e atenuada na base. Inflorescencia en acios axilares pedunculados. Pedúnculo con pelos tectores curvados cara arriba, con máis de 6 flores. Flores con pedicelos menores de 6mm en froito. Cáliz maior de 4mm, con 4 sépalos case iguais, xeralmente con pelos glandulosos. Corola de pétalos soldados, rotácea, con 4 lóbulos de cor azul e pESCOZO curto e abrancazado. Androceo con 2 estames soldados á corola.

•**Distribución:** circumboreal. P. Ibérica: montañas da metade N, chegando polo S a Andalucía oriental.

•**Hábitat:** pastos, brañeiras, pionais, bosques, matogueiras higrófilas no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** abundante no piso supratemperado.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal e matogueira higrófila (*Nardetea* e *Genistion micrantho-anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80198. >**ENTRIMO**, Queguas, 29TNG7347, 1050 m, pista "Ruta de Queguas", 10/05/1997, IPS, SANT 43024. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, cumes fronteira por enriba Mina das Sombras, 1500 m, 26/07/1992, IPS, SANT 43019. Torneiros, 29TNG7334, 450 m, bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 24/05/1995, IPS, SANT 43012. Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, turbeira seca en nacemento río Amoreira, preto da fronteira, 14/06/1995, IPS, SANT 43013. Serra do Xurés, Río Caldo, Os Baños, 29TNG7434, 390 m, bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 03/05/1996, IPS, SANT 43016. Serra do Xurés, 29TNG7932, 1200 m, bosque de bidueiros e serbales (*Luzulo-Betuletum?*), 19/06/1997, IPS, SANT 43023. >**MUÍÑOS**, Piñoi, 29TNG8244, 650 m, bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 21/05/1996, IPS, SANT 43017. Porqueirós, 29TNG866440, 840 m, bosque de rebolos (*Quercus pyrenaica*), 07/06/1996, IPS, SANT 43015. Requiás, 29TNG8638, 1040 m, bosque de carballos (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 03/07/1997, IPS, SANT 43014. >**VEREA**, Outeiro de Augas, 29TNG8059, 1040 m, braña (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis*), 21/04/1997, IPS, SANT 43018. Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1205 m, pastos (*violion caninae*) sobre chans profundos, 18/08/2012, IPS, SANT 68722. >**PORTUGAL**, Minho, Serra Amarela (Parque Nacional Peneda-Gerês), debaixo repetidores de radio e televisión, 10/07/1993, IPS, SANT 43020; 17/06/1997, SANT 43022 e 11/06/1998, SANT 43021.

■ *Veronica persica* Poir.

•**Descripción:** terófito. Talo con pelos tectores longos. Follas con pecíolo moito máis curto có limbo, este crenado-dentado. Flores en acio terminal laxo non diferenciado do talo folioso. Flores con pedicelos arqueados no terzo final maiores cá brácteas foliosas. Cáliz 4-10 mm: Corola 8-14 mm de diámetro, azul coa garganta branca. Cápsula máis ancha ca longa, con pelos tectores e glandulíferos, lóbulos diverxentes, estilo que excede o seno entre os lóbulos e de 5-20 sementes pardas.

•**Distribución:** Cáucaso e SW Asia. Na actualidade cosmopolita. P. Ibérica: todo o territorio.

•**Hábitat:** ruderal.

Plantaginaceae *Plantago holosteum*Plantaginaceae *Plantago lanceolata*Plantaginaceae *Plantago major*Plantaginaceae Sibthorpieae *Sibthorpia europaea*Plantaginaceae Veroniceae *Veronica arvensis*Plantaginaceae Veroniceae *Veronica chamaedrys*Plantaginaceae Veroniceae *Veronica micrantha*Plantaginaceae Veroniceae *Veronica officinalis*

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, río Cados, 29TNG8353, 680 m, camiño a muíños, 16/05/1997, IPS, SANT 42993. >LOBIOS, Pazos, 29TNG7639, 415 m, muro baixo horta (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris subas. saxifragetosum granulatae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52873. A Ponte Nova, entrada a Vía Nova XVIII, 29TNG7332, 510 m, chan nitrificado (*Solano nigri-Polygonetalia convolvuli*), 22/04/2005, IPS, SANT 52961.

■ *Veronica scutellata* L.

•**Descripción:** hemicriptófito ou caméfito sufrútice. Talo estolonífero, radicante, ascendente. Follas linear-lanceoladas, sésiles, subenteiras, con marxe revoluta e algúns dentes retrorsos, agudas no ápice. Inflorescencias en acios axilares pedunculados, que nacen un a cada lado consecutivamente. Pedicelos florais de 10-12 mm. Cáliz de 2-3 mm. Corola de 5-7 mm de diámetro, azul pálido a abrancazado. Cápsula máis longa có cáliz e más ancha ca longa, emarginada no ápice, con lóbulos subagudos, seno ancho, estilo 2-2,5 mm e 8-15 sementes de cor parda.

•**Distribución:** Circumboreal. Introducida en zonas temperadas do hemisferio Sur. P. Ibérica: N, C e marismas do Guadalquivir.

•**Hábitat:** pradarías sobre chans encharcados.

•**Frecuencia:** escaso. Máis abundante no este da Baixa Limia e en toda a comarca da Limia.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Regato da Telleira (río Calvos), 29TNG9243, 855 m, depresión inundada en marxe de regato, comunidade con *Galium palustre*, 16/07/2000, IPS, SANT 43037.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1968) en Requiás (Muíños).

F. PLUMBAGINACEAE

— *Armeria* Willd. —

Herbáceas vivaces ou pequenos arbustos pulviniformes. Follas agrupadas en rosetas na base o no extremo de ramas curtas nas plantas pulvinulares, de lineares a lanceoladas, paralelinervias, planas, pregadas ou convolutas. Inflorescencia en glomérulo denso rodeado dun invólucro de brácteas en varias filas, no extremo de escapos sen follas. Glomérulo rodeando en ápice do escapo cunha vaíña involucral descendente. Flores pediceladas protexidas por unha bráctea espicular escariosa. Cáliz cun pequeno esporón na base decorrente polo pedicelo, con tubo recorrido por 10 nervios, cinco dos cales atravesan o limbo e terminan nun mucrón ou aresta. Corola de 5 pétalos rosados soldados na base. Androceo con 5 estames libres entre si e que nacen da corola. Ovario súpero con 5 estilos. Froito con unha soa semente.

•**Bibliografía:** NIETO FELINER (1990).

Clave de especies

1. Follas dimorfas, as internas lineares, as externas planas	2
Follas homomorfas, todas planas	4
2. Escapos florais menores de 7 cm	<i>A. humilis</i>
Escarpos florais maiores de 10 cm	3
3. Vaíña involucral ata 30 mm; follas enteiramente glabras	<i>A. sampaioi</i>
Vaíña involucral ata 60 mm; follas cilioladas na marxe	<i>A. trasmontana</i>

4. Lóbulos do cáliz de 2,5-4,2 mm (> 1/3 lonxitude total)	<i>A. trasmontana</i>
Lóbulos so cáliz de 1,7-2,7 mm (< 1/3 lonxitude total)	<i>A. beirana</i>

■ *Armeria beirana* Franco

Armeria carpetana subsp. *anisophylla* (Bernis) Franco; *Armeria duriensis* subsp. *sublittorea* (Bernis) Franco

•**Descripción:** hemicriptófito arrosetado, con cepa simple, ou caméfito pouco ramoso con ramas verticias. Follas monomórficas, de 40-200 x 3-8 mm, de linear-lanceoladas a oblongo-lanceoladas, con 3-5 nervios, marcescentes. Escapos de 20-60 cm, erectos. Vaíña involucral con 3-6 cm. Capítulos de 1,5-2,5 cm de diámetro. Brácteas involucrais externas de marxe levemente escariose, de ovado-lanceoladas a lanceoladas, más o menos aristadas; as internas obovado-orbiculares a obovado-elípticas, con ancho marxe escariose. Cáliz de 7-8 mm, aristado, piloso nos nervios. Corola rosada.

*Nas serras do Xurés e Santa Eufemia atópanse formas que parecen corresponder a híbridos con *Armeria trasmontana* e con *Armeria sampaioi*.

•**Distribución:** endimismo do W da P. Ibérica. En España só nas provincias de Lugo e Ourense.

•**Hábitat:** fisuras anchas de penedos e pradarías pioneiras vivaces.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Alto do Vieiro, 29TNG8556, 860 m, pradarías sobre chans pouco profundos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 10/05/1996, IPS, SANT 53180; observ.: lóbulos do cáliz tenden más cara *Armeria trasmontana*. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, debaixo de Mina das Sombras, 29TNG7134, 1150 m, pasteiro, 13/06/1995, IPS, SANT 53272.

■ *Armeria humilis* (Link) Schult.

Clave de subespecies

1. Vaíña involucral 5-9 mm; brácteas involucrais externas < internas que son obtusas; brácteas espiculares > brácteas involucrais internas	<i>A. h.</i> subsp. <i>humilis</i>
Vaíña involucral 8-17 mm; brácteas involucrais externas > internas que son moi agudas; brácteas espiculares < brácteas involucrais internas	<i>A. h.</i> subsp. <i>odorata</i>

■ *Armeria humilis* (Link) Schult. subsp. *humilis*

Statice humilis Link; *Armeria willkommi* Henriq.

•**Descripción:** caméfito con cepa ramificada e ramas moi curtas, pulvinular. Follas uninerviadas, ciliadas, dimorfas, con vaíñas non fibrosas. As internas lineares ou filiformes, acuminadas, de (10)15-40(50) mm; as externas linares, planas, de 0,8-1,5(2) mm de anchura. Escapos erecto-arqueados, xeralmente menor de 10 cm. Inflorescencias en capítulos terminais, con vaíña involucral de (4)5-9(14) mm. Brácteas involucrais glabras; as externas ovado-lanceoladas, mucronadas ou cuspidadas, de menor ou igual lonxitude cás internas; as da parte media obovado-oblongas, con mucrón ou sen el; as internas obovado-oblongas, obtusas, míticas. Brácteas espiculares más longas cás involucrais internas. Cáliz insertado oblicuamente no pedicelo dando lugar a un esporón; tubo con 10 nervios dos cales os 5 primarios continúan polo limbo e terminan nun mucrón ou aresta. Corola formada por 5 pétalos rosados soldados na base. Androceo formado por 5 estames soldados á base da corola. Xineco con 5 estilos concrescentes na base e barbados no terzo inferior. Froito monospermo inserto en cáliz.

•**Distribución:** endimismo estrito das serras Xurés-Gerês e Amarela.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces en fisuras anchas de rocha e chans despexados pouco profundos. Piso supratemperado da Serra do Xurés.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Lexislación:** en Perigo de Extinción (EN, CGEA, 2007).

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, A Amoreira, 29TNG7730, 1350 m, fisura de grandes bloques de granito, 14/06/1995, IPS, SANT 47478. Serra do Xurés, cumes sobre Mina das Sombras, 29TNG7830, 07/1995, IPS, SANT 47483. Serra do Xurés, Pión de Paredes-Marabaixo, 29TNG7831, 1300 m, pradarías pioneiras raras e de baixa cobertura, 14/05/1997, IPS, SANT 47480. Serra do Xurés, c. del Pico do Sobreiro, 29TNG7729, 1400 m, comunidades pioneiras de baixa cobertura (*Sedo anglici-Thymetum caespititiis subas. ornithogaleotum concinnii*), 22/05/1997, IPS, SANT 47481. Fronteira Xurés-Gerés (Portugal-Ourense, Lobios), 1530 m, pasteiro pioneiro vivaz, 10/06/1998, IPS, SANT 47457 e 47458. Serra do Xurés, 29TNG7830, 1540 m, chans pouco profundos en cume (*Minuartio recurvae-Sileneetum acutifoliae*), 23/08/2007, IPS, SANT 57458. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832 (29 578583 / 4632400), 1320 m, comunidades sobre chans esqueléticos (*Festucetea indigestae*), 02/07/2008, IPS & D. Manso, SANT 46635; observ.: prego testemuño (Pulgar08070201) Banco de Germoplasma USC, Proxecto Especies Ameazadas de Galicia, poboació. >300 individuos. >PORTUGAL, Pitões das Junias, 29TNG8835, 10/06/1997, IPS, SANT 47479.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832 (4632190 / 29 578365), 1303 m, 186 plantas con especies compaíñeiras: *Armeria* (1) *Thymus caespititus* (3), *Festuca summilisitana* (2), *Agrostis truncatula* (3), *Sedum brevifolium* (1) e *Sedum anglicum* (r), 09/08/2012, IPS. Serra do Xurés, c. Pión de Paredes, 29TNG7832 (29 578586 / 4632249), 1328 m, 2 plantas, 09/08/2012, IPS. Serra do Xurés, As Albas, 29TNG7729 (4629708 / 29 577082), 1454 m, poboacións duns 50 individuos no lado español, 06/09/2012, IPS & R.Perdiz; especies compaíñeiras: *Minuartia recurva*, *Agrostis truncatula*, *Sedum arenarium*, *Festuca summilisitana*, *Sedum brevifolium*, *Pterospartum tridentatum*, *Erica umbellata*, *Thymus caespititus*. Serra do Xurés, As Albas-Cabeza de Moudelo 29TNG7629 (4629438 / 29 576250), 1415 m, 06/09/2012, IPS & R.Perdiz; observ.: 18 plantas na localización xeoreferenciada, existen máis individuos illados cara o marco da fronteira; especies compaíñeiras: *Minuartia recurva*, *Agrostis truncatula*, *Sedum arenarium*, *Festuca summilisitana*, *Sedum brevifolium*. Serra do Xurés, As Albas-Cabeza de Moudelo, lomba lisa que sobresae no medio de dúas linguas de breixeira, en valgada entre os altos, 29TNG7629 (4629406 / 29 576095), 1398 m, 06/09/2012, IPS & R.Perdiz. Serra do Xurés, Serra da Cruz do Piñeiro, 29TNG7429 (4629332 / 29 574864), 1256 m, 70 exemplares en fisura de 11 x 1 m, poboación continua en proximidade de fronteira, 06/09/2012, IPS, R.Perdiz. Serra do Xurés, Serra da Cruz do Piñeiro, 29TNG7429 (4629480 / 29 574511), 1247 m, especies compaíñeiras: *Minuartia recurva*, *Agrostis truncatula*, poboación continua en proximidade de fronteira, 06/09/2012, IPS & R.Perdiz.

•**Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1986c); SILVA PANDO et al. (1987).

■ *Armeria humilis* subsp. *odorata* (Samp.) P. Silva ●

Armeria willkommii Henriq. var. *odorata* Samp.

•**Descripción:** caméfito de ramas moi curtas, con frecuencia pulvinular. Escapo de 2-10 cm. Follas dimorfas, as externas planas e as internas lineares. Escapos erecto-arqueados, xeralmente menores de 10 cm. Diferéncianse da anterior pola lonxitude da vaíña involucral, de (6)8-17 mm e polas súas brácteas: a-as involucrais externas son más longas cás internas; b-as Brácteas involucrais externas son oblongas e moi agudas; c-as Brácteas espiculares más curtas cás involucrais internas. Cáliz insertado oblicuamente no pedicelo dando lugar a un esporón; tubo con 10 nervios dos cales os 5 primarios continúan polo limbo e terminan nun mucrón ou aresta. Corola formada por 5 pétalos rosados soldados na base. Androceo formado por 5 estames soldados á base da corola. Xineceo con 5 estilos concrescentes na base e barbados no terzo inferior. Froito monospermo inserto en cáliz.

•**Distribución:** endimismo dos sectores xuresianos (España: serras de Leboreiro (s.l.) e Queguas. Portugal: Serra Amarela, Serra da Cabreira e Serra do Gerês) e galaico-portugués (Serra de Arga, Portugal).

- Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces en chans esqueléticos de cume ou de zonas próximas.
- Frecuencia:** escaso. Aínda que localmente poida ser abundante, ocupa unha superficie moi reducida no conxunto da Baixa Limia.
- Lexislación:** En Perigo de Extinción (CGEA, 2007).
- Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Serra de Queguas, 29TNG7346, 990 m, pradarías pioneiras vivaces sobre chans pouco profundos (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 17/06/2001, IPS & D.Manso, SANT 46635. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG75, pradarías da asociación *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*, 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 47460. Serra do Leboreiro, 29TNG75, pradarías da asociación *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*, 17/06/1997, IPS, SANT 47459. Serra do Leboreiro, 29TNG7548, 1100 m, pradarías pioneiras vivaces sobre chans pouco profundos (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 17/06/2002, IPS & D.Manso, SANT 47178; **observ:** gabia aberta para repoboación (cf *Pinus sylvestris*). Serra do Leboreiro, 29TNG7654 (5766193 / 4654499), 1288 m, pasteiro pioneiro vivaz sobre chans esqueléticos (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59470; **observ:** prego testemuño Banco de Germoplasma USC (I. Pulgar 08081702). >**VEREA**, Serra do Leboreiro, 29TNG758559, 1275 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 27/05/2003, IPS, SANT 49489. Serra do Leboreiro, marco fronteira, 29TNG7458 (4658087 N / 29574967 E), 1268 m, (*Plantagini-Armerietum odoratae*), 18/08/2012, IPS, SANT 65848; **observ:** a poboacións continua polo lado portugués, Tamén hai *Silene acutifolia*. >**PORTUGAL**, Minho, Serra Amarela, 29TNG6629, 1350 m, pradarías pineiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1993, IPS, SANT 47463. Pitoes das Jhunias, 29TNG8835, pasteiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/04/1997, IPS, SANT 47482. Minho, Serra Amarela, 29TNG6729, 1250 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae* subas. *thymetosum caespititi*), 17/06/1997, IPS, SANT 47461. Minho, Serra Amarela, 1235 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 18/06/1997/5, IPS, SANT 47462. Serra da Cabreira, pradarías da asociación *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 58759.

- Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>**ENTRIMO**, Serra de Queguas, 29TNG7347 (4647743 / 29 576031), 1077-1085 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*) con *Anarrhinum bellidifolium*, 10/08/2012, IPS (Aho Queguas 1). Serra de Queguas, 29TNG7347 (4647684 / 29 573021), 1074 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/08/2012, IPS (Aho Queguas 2). Serra de Queguas, 29TNG7346 (4646905 / 29 573297), 1013 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/08/2012, IPS (Aho Queguas 3). Serra de Queguas, 29TNG7247 (4647407 / 29 572896), 1089 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 20/07/2012, IPS (Aho Queguas 4). Serra de Queguas, 29TNG7347 (4647753 / 573001), 1088 m, 16/08/2012, IPS (Aho Queguas). Serra de Queguas, 29TNG7247 (4647222 / 572925), 1088 m, penedo xunto á pista, sen *Aho*, separado por unha faixa de breixeira doutro claro rochoso onde está a *Aho*, 16/08/2012, IPS. Serra de Queguas, 29TNG7347 (4647198 / 573085), 1063 m, 2 plantas en toda a mancha, arriba en dirección S, 16/08/2012, IPS. Serra de Queguas, 29TNG7248 (4648363 / 572796), 1129 m, rodeando cume rochosa con bastante *Silene acutifolia*, chans pouco profundos polo N, NW, W, SW, en dirección E e S están colonizadas por breixeira, 16/08/2012, IPS. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, Mourisca de Arriba, 29TNG7551 (4651655 / 29 575889), 1275 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 1), Densidade 1m²-1= 44 pl; Densidade 1m²-2= 33 pl; Densidade 1m²-3= 3 pl. Serra do Leboreiro, A Antela, 29TNG7552 (4652133 / 29 575801), 1276 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*) con feces de coello, 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 2), Densidade 1m²-1= 12 pl; Densidade 1m²-2= 0 pl; Densidade 1m²-3= 11 pl. Dirixíndose cara o N pola pista, uns metros adiante hai *Aho* en cuneta esquerda e despois na marxe dereita. Serra do Leboreiro, A Antela. Alto da Lagoa, 29TNG7552 (4652434 / 29 575832), 1283 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 3). Serra do Leboreiro, c. Alto da Lagoa, 29TNG7552 (4652832 / 29 575885), 1299 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 4). Serra do Leboreiro, Alto da Lagoa-Mota da Cabreira, 29TNG7553 (4653109 / 29 575956), 1316 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 5). Serra do Leboreiro, A Mota da Cabreira, 29TNG7653 (4653540 / 29 576052), 1335 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 6), seguindo do alto da fronteira cara o N, a baixada da pista tamén hai *Aho* (Aho Leboreiro 7). Serra do Leboreiro, c. A Mota da Cabreira, 29TNG7653 (4653431 / 29 576158), 1338 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 8). Serra do Leboreiro, A Mota da Cabreira, 29TNG7653 (4653645

/ 29576269), 1323 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 9). Serra do Leboreiro, Corno Dourado, 29TNG7654 (4654518 / 29 576180), 1272 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 10). Serra do Leboreiro, Cabezo da Meda, 29TNG7555 (4655443 / 29 575861), 1318 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 11). Serra do Leboreiro, Serra das Motas, 29TNG7756 (4656144 N / 577859 E; 4656220/), 1145 m, pasteiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 18/08/2012, IPS. -Serra das Motas, Cotiño das Mos-Forno do Mión, 29TNG7756 (4656223 / 29 577867), 1161 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 12). Serra das Motas, Cotiño das Mos-Forno do Mión 29TNG7756 (4656224 / 29 577976), 1154 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 11/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 13). -Serra das Motas, Cotiño das Mos-Forno do Mión 29TNG7856 (4656238 / 29 578029), 1154 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 18/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 13). -Serra das Motas, Cotiño das Mos-Forno do Mión 29TNG7756 (4656245 / 29 577873), 1155 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 15/08/2012, IPS (Aho Leboreiro 13). >**QUINTELADA LEIRADO**, Serra do Leboreiro, 29TNG7458 (4658827 N / 574056 E), 1257 m, 18/08/2012, ($S_1=0$; $S_2=21$; $S_3=17$; $S_4=7$). >**VEREA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7557 (4657566 / 29 575133), 1257 m, 18/08/2012, IPS. Serra do Leboreiro, 29TNG7557 (4657630 / 29 576033), 1189 m, 18/08/2012, IPS. Serra do Leboreiro, 29TNG7657 (4657674 / 29 575979), 1189 m, 18/08/2012, IPS.

•**Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1986b).

■ *Armeria cf sampaioi* (Bernis) G. Nieto

•**Descripción:** camefito con ramas curtas e cespitosa. Cepa con numerosos restos foliares; as vaíñas foliares con certa tendencia a facerse fibrosas. Escapo glabro. Follas glabras, dimorficas, as internas lineares de menos de 1 mm, con 1 só nervio e as externas planas, de menos de 3 mm de anchura, con 1 nervio central e 2 laterais. Vaíña involucral de ata 3 cm. Brácteas espiculares de menor tamaño cás involucrais internas, case totalmente escarioas. Cáliz de 5,8-7mm, con esporón de 0,4-0,5 mm, menor que ¼ da lonxitude do tubo, este con tubo con 10 nervios dos cales os 5 primarios continúan polo limbo e terminan nun mucrón ou aresta. Corola formada por 5 pétalos rosados soldados na base. Androceo formado por 5 estames soldados á base da corola. Xineceo con 5 estilos concrescentes na base e barbados no terzo inferior. Froito monospermo inserto en cáliz.

•**Distribución:** endimismo da Serra da Estrela e Xurés-Gerês.

•**Hábitat:** penedos de cume.

•**Frecuencia:** En Perigo de Extinción por retrocruzamento con outros taxons.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1537 m, fisuras de rochas graníticas e chans pouco profundos de cume, 23/08/2007, IPS 23080704.

■ *Armeria trasmontana* (Samp.) Lawrence

•**Descripción:** caméfito arrosetado, con cepa simple ou pouco ramosa. Follas homomorfas ou dimórficas, glabras, cilioladas na marxe; as externas de 20-80 x 2-5 mm, linear-lanceoladas, agudas, con 1-3 nervios, que desaparecen pronto; as internas de 30-150 x 0,3-2 mm, planas a linear-filiformes. Escapos de 15-50 cm, erectos, vaíña involucral de 2-6 cm. Capítulos terminais, solitarios, de 1,5-2 cm de diámetro. Brácteas involucrais recias, de cor pallosa co dorso, mucróns e cúspides torrados, xeralmente glabras. As externas de maior tamaño, ovadas e longamente cuspidadas. As medias, más curtas cás externas, de suborbiculares a anchamente obovadas e mucronadas ou cuspidadas; as internas de obovadas a obovado-oblongas. Brácteas espiculares más curtas cás involucrais internas, case totalmente escarioas. Cáliz de 7-10 mm con pelos nos nervios, con esporón de 0,5-1 mm

e lóbulos triangulares moi agudos de (2)2,5-4,2 mm longamente aristados. Corola formada por 5 pétalos rosados soldados na base. Androceo formado por 5 estames soldados á base d'a corola. Xineco con 5 estilos concrescentes na base e barbados no terzo inferior. Froito monospermo inserto en cáliz.

•**Distribución:** endimismo do quadrante NW da Península Ibérica.

•**Hábitat:** prados e outras pradarías, especialmente no concello de Muíños.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9238, 930 m, xesteira (*Cytisetea*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80880. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1100 m, fisuras de grandes penedos de granito en cumes (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 17/06/1993, IPS, SANT 53105. Serra do Xurés, Altar dos Cabrós, 29TNG7830, 1489 m, pasteiro en gretas de cume (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 14/07/1993, IPS, SANT 53106. Serra do Xurés, debaixo Mina das Sombras, 29TNG7134, 1150 m, pasteiro, 13/06/1995, IPS, SANT 53107. >Muíños, Requiás-Portela de Pitós, 2TNG8838, 1000 m, 16/06/1993, IPS, S.Ortiz, J.Rodr. & M.I.Romero, SANT 53108. Maus de Salas, 29TNG8943, 860 m, prado e na cemba da estrada, 21/05/1996, IPS, SANT 53181.

— Híbridos —

■ *Armeria beirana* x *Armeria trasmontana*

Armeria trasmontana subsp. *pseudotrasmontana* Franco; *A. beirana* subsp. *altimontana*

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1105 m, gretas de penedos de cume (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 17/06/1993, IPS, SANT 53273. >Muíños, Prado-Xermeade, A Veiga, 29TNG8443, 790 m, pastos viarios, 21/04/2021, IPS, SANT 81280.

■ *Armeria sampaioi* x *beirana*

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1530 m, pradarías pioneiros en gretas de penedos de cume (*Minuartio-Silene-tum acutifoliae*), 26/07/1992, IPS, SANT 53249.

F. POLYGALACEAE

— Polygala L. —

Plantas herbáceas anuais ou perennes ou plantas ou pequenos arbustos sufrúcticas. Follas alternas, en ocasións opostas, sésiles ou subsésiles, simples, enteiras. Inflorescencia en racimo. Flores hermafroditas. Cáliz con 5 sépalos en dous verticilos, os dous internos petaloideos. Corola con 3 pétalos, o inferior en forma de quilla que acostuma finalizar nunha crista e os outros dous soldados á quilla e ao androceo, que consta de 8 estames soldados formando un tubo. Ovario súpero con 2 carpelos soldados. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** PAIVA (2015).

Clave de especies

1. Plantas sufrúcticas; quilla sen crista fimbriada	<i>P. microphylla</i>
Plantas herbáceas; quilla con crista fimbriada	2
2. Follas inferiores opostas, brevemente pecioladas ou subsésiles (pecíolo 0,15-1 mm)	<i>P. serpyllifolia</i>
Follas inferiores alternas, sésiles	<i>P. vulgaris</i>

■ *Polygala microphylla* L.

Brachytropis microphylla (L.) Willk.

• **Descripción:** caméfito de talos decumbentes e ascendentes, con follas elípticas, alternas, de ata 1 cm, espalladas (máis curtas cá lonxitude dos entrenós), as inferiores caducas. Inflorescencias pauciflores. Cáliz con 5 sépalos; os dos inferiores (ás) petaloideos e persistentes. Corola con 3 pétalos, dos cales o inferior ten forma de quilla sen crista, de ata 1 cm, violeta, de tamaño ligeiramente inferior ao das ás tamén violetas. Froitos con carpóforo desenvolto.

• **Distribución:** endimismo da metade W da P. Ibérica.

• **Hábitat:** breixeiras, toxeira-breixeiras e cembas, preferentemente no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés encima Mina das Sombras, 29TNG7830, 1350 m, claros de breixeira, 07/07/1992, IPS, SANT52847 e 63147. Serra do Xurés, 16/04/1993, IPS, SANT 29089. Serra do Xurés, 20/04/1993, IPS, SANT 60144. Serra do Xurés, Pista acceso a Mina das Sombras, 29TNG7731, 1170 m, chan areoso, 09/04/2000, IPS, SANT 42765. Serra do Xurés, Alto da Nevosa-A Ourela dos Rubios, 29TNG8031, 1420 m, matogueira aberta (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis*), 27/05/2004, IPS, SANT 51052; observ.: exemplar albino. >**Muiños**, Albite-As Graleiras, 29TNG83, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 02/1993, IPS, SANT 52843.

■ *Polygala serpyllifolia* J.A.C. Hose

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos decumbentes. Follas inferiores opostas, el resto alternas, que acostuman superar a lonxitude dos entrenós, de lanceoladas a elípticas. Inflorescencia xeralmente con acios pseudolaterais que igualan ou superan ao terminal. Cáliz con 5 sépalos; os dous inferiores (ás) petaloideos e persistentes. Corola con 3 pétalos, dos cales o inferior ten forma de quilla que termina nunha crista fimbriada, azul-violácea, de tamaño superior ao das ás, tamén azul-violáceas.

• **Distribución:** Europa occidental e Groenlandia. P. Ibérica: Cornixa Cantábrica ata N Portugal.

• **Hábitat:** zonas con certa humidade freática.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Golpellás, 29TNG9247, 870 m., zona húmida con pastos higrófilos, 19/06/2018, IPS, SANT 77064. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80197. >**LOBIOS**, A Ponte Nova-Portela do Home, 29TNG7230, 650 m, marxe de afluente do río Caldo, 09/05/1996, IPS, SANT 52480. >**Muiños**, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG8737, 1100 m, pradaría higrófila, 16/06/1993, IPS, J.Rodr., S.Ortiz & M.I.Romero, SANT 52844. Serra do Xurés, Portela de Pitoes-A Barxa, 29TNG8636, 1190 m, baixo piñeiral de *Pinus sylvestris* con chan húmido, 15/09/2018, IPS, SANT 76551.

■ *Polygala vulgaris* L.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos decumbentes. Follas alternas que acostuman superar a lonxitude dos entrenós, de lanceoladas a elípticas. Inflorescencia xeralmente sen acios pseudolaterais. Cáliz con 5 sépalos; os dous inferiores (ás) petaloideos e persistentes. Corola con 3 pétalos, dos cales o inferior ten forma de quilla que termina nunha crista fimbriada, de ata 5 mm, violeta, de tamaño ligeiramente inferior ao das ás tamén violetas.

• **Distribución:** rexións eurosiberiana, mediterránea e irano-turánica. P. Ibérica: terzo N, Portugal e no S en zonas frescas de montaña e areais higroturbosos.

• **Hábitat:** claros de matogueira, marxes de pistas. Silicícola.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Fronteira Ameixoeira, Acebedo Mariñeiro-As Raposeiras, 29TNG6946, 780 m, claros matogueira e pastos con *Danthonia decumbens*, 10/06/2020, IPS, SANT 80904. >**LOBIOS**, Baños de Riocaldo-A Ponte Nova, 29TNG7333, 430 m, marxe de pista, 03/05/1996, IPS, SANT 52838; observ.: exemplar albino. A Ponte Nova-Portela do Home, 29TNG7230, 650 m, marxe de pista, 09/05/1996, IPS, SANT 52839. Portela do Home, Serra da Cruz do Piñeiro, 29TNG7229, 700 m, claros de matogueira, 15/04/1993, IPS, SANT 52846. Serra do Xurés, 07/1992, IPS, SANT 63146. Serra do Xurés, Pista Mina das Sombras, 29TNG73, sobre la pista, 23/05/1995, IPS, SANT 52842. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, A Lomba-O Curral de Iribio, 29TNG8637, 1250 m, zona húmida con musgos e *Juncus squarrosum*, 27/05/2011, IPS, SANT 64806. >**VEREA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1250 m, matogueira higrófila en depresión do terreo (*Genistion micrantho anglicae*), 09/07/1998, IPS, SANT 52841.

F. POLYGONACEAE

Clave de xéneros

1. Plantas rubideiras	<i>Fallopia</i>
Plantas non rubideiras	2
2. Periantio de 6 pezas, as externas moito menores ás internas	<i>Rumex</i>
Periantio de 5 pezas	3
3. Arbusto; coas 3 pezas periánticas externas aladas na frutificación	<i>Reynoutria</i>
Planta herbácea; coas 5 pezas periánticas subiguais	4
4. Inflorescencia laxa	<i>Polygonum</i>
Inflorescencia densa	<i>Persicaria</i>

— *Fallopia* Adans. —

Plantas anuais ou perennes. Rubideiras con talos decumbentes e volubles. Follas caulinas alternas, pecioladas, de limbo ovado e truncado, cordado ou saxitado na base. Inflorescencias en acios ou panículas axilares. Flores hermafroditas con periantio de 5 pezas petaloideas. Androceo con 8 estames. Ovario súpero. Froito en aquenio trígono.

•**Bibliografía:** NAVARRO (1990).

Clave de especies

1. Anuais; filamentos estaminais papilosos na base	<i>F. convolvulus</i>
Perennes; filamentos estaminais papilosos na base	<i>F. baldschuanica</i>

■ *Fallopia baldschuanica* (Regel) Holub

Polygonum baldschuanicum Regel; *Bilderedykia convolvulus* (Regel) D. A. Webb

•**Descripción:** fanerófito gabeador con talos volubles. Follas pecioladas, alternas, co limbo lixeiramente cordado na base e a marxe dentada ou crenada. Inflorescencias en panículas terminais ou axilares, densas. Flores con pedicelos articulados e con brácteas de c. 2 mm. Periantio de 5 pezas, coas tres externas con ás decorrentes polo pedicelo ata a súa articulación. Estames co filamento con longas papilas patentes na base. Froito en aquenios trígono de caras convexas, negro e brillante.

•**Distribución:** C Asia. Naturalizada en amplas rexións de clima temperado.

•**Hábitat:** ruderal.



Plantaginaceae *Veronica persica*



Plantaginaceae *Veronica scutellata*



Platanaceae *Platanus x hispanica*



Plumbaginaceae *Armeria beirana*



Plumbaginaceae *Armeria humilis* subsp. *humilis*



Plumbaginaceae *Armeria humilis* subsp. *odorata*



Polygalaceae *Polygala microphylla*



Polygonaceae *Fallopia baldschuanica*

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Cabaleiros, 29TNG7844, 470 m, muro de finca, 13/07/2012, IPS, SANT 65908. Quintela-Lobosandaus, A Corga, 29TNG8347, 580 m, orla de carballeira nitrificada próxima a unha construcción, 05/11/2014, IPS, SANT 70387.

■ *Fallopia convolvulus* (L.) Å. Lovë

Bilderedykia convolvulus (L.) Dumort.

•**Descripción:** terófita. Talos ramificados na base, os laterais decumbentes e en ocasións gabeadores. Follas saxitadas, acuminadas, pecioladas. Inflorescencia pauciflora, cumes axilares con 2-4 flores. Periantio floral con 5 pezas, as externas aquilladas e papilosas. Estigma capitado. Anteras violáceas. Pedicelos frutíferos de 1-3 mm, non alado. Aquenio granuloso, negrizo.

•**Distribución:** zonas temperadas de Europa, N África e Asia. Introducida en Norteamérica, Xapón, S África. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** ruderal e arvense. Chans preferentemente areosos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CAVOS DE RANDÍN, 29TNG9144, 880 m, marxe de pista de acceso a naves con gando, 19/06/2018, IPS, SANT 76572. >LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 660 m, cardal (*Echio rosulati-Silybetum marianii*), 05/10/1995, IPS, SANT 52826. >MUIÑOS, Prado, 29TNG8443, 750 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS, SANT 52825. Cados, 29TNG8344, 640 m, muro, 15/06/1995, IPS, SANT 52824. Cados, 29TNG8344, 640 m, milleiral (*Lamio-Echinochloetum crus-galli*), 18/09/1998, IPS, SANT 52827.

— *Persicaria* Mill. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas caulinas con estípulas membranosas soldadas formando unha vaíña arredor do nó (ócrea). Inflorescencias en acios espiciformes densos. Flores hermafroditas. Periantio petaloideo de 5 pezas soldadas en lavase. Ovario súpero. Froito en aquenio.

•**Bibliografía:** HICKMAN (1984); VILLAR (1990b).

Clave de especies

1. Inflorescencia esférica	<i>P. capitata</i>
Inflorescencia non esférica	2
2. Plantas anfibias; talos rastreiros e follas ovaladas flotantes	<i>P. amphibia</i>
Plantas sen as características precedentes	3
3. Inflorescencia laxa	<i>P. hydropiper</i>
Inflorescencia densa	4
4. Inflorescencia recta; ovario con 3 estilos libres	<i>P. bistorta</i>
Inflorescencia curvada no ápice; ovario con dous estilos soldados na base	5
5. Ócreas inchadas, glabrescentes, enteiras ou con cilios curtos; pedicelos con glándulas amarelas	<i>P. lapathifolia</i>
Ócreas aplicadas ao talo, espalladamente pilosas, moi fimbriadas; pedicelos sen glándulas	<i>P. maculosa</i>

■ ***Persicaria amphibia* (L.) S.F. Gray**

var. ***palustre*** Weigel

Polygonum amphibium L.

• **Descripción:** hemicriptófito ou xeófito. Planta acuática con rizoma alongado, articulado, enraizante nos nós. Talos pouco ramificados, fistulosos, flotantes ou rastreiros e ascendentes en seco, con follas flotantes pecioladas, de lámina oblonga ou lanceolada e bruscamente atenuada ou lixeiramente cordada na base, dentado-ciliadas na marxe. Ocreas fimbriadas. Inflorescencia 20-60 mm, espiciforme, cilíndrica, densa. Flores rosadas ou branco-rosadas de 4-5 mm. Aquenios negros en forma de lentella ou subglobosos.

• **Distribución:** Subcosmopolita. P. Ibérica amplamente espallada.

• **Hábitat:** meandros do río Limia xa afectado polo encoro do Lindoso e laterais do propio encoro.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>Muíños>BANDE, cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 580 m, substrato areoso, chan, inundado parte do ano, con estiaxe estivo-outonal de intensidade variable (*Nymphaeion albae*), 10/09/1997, IPS, SANT 46321. >Muíños, río Limia, 29TNG8850, 585 m, pequena lagoa entre o leito do río e o ameneiral que o rodea, 11/06/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 46322.

■ ***Persicaria bistorta* (L.) Samp.**

Polygonum bistorta L.

• **Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Cepa con restos fibrosos. Talos simples, erectos. Follas inferiores con pecíolo alado na súa metade distal; limbo discoloro, obtuso no ápice e bruscamente atenuado na base. Follas caulinas superiores sésiles e lixeiramente auriculadas. Ocreas glabras, truncadas no ápice. Inflorescencia recta, cilíndrica, densa, de ata 5 cm de lonxitude. Periantio rosado abrançazado. Aquenios negros, brillantes.

• **Distribución:** Eurasíatica, Alaska e NW África. P. Ibérica: Pireneos, Cordilleira Cantábrica ata montañas do N Portugal.

• **Hábitat:** pradarías higrófilas. Piso supratemplado.

• **Frecuencia:** moi rara.

• **Citas previas:** GÓMEZ VIGIDE et al. (2005): Verea, Bangueses, 29TNG8060, 900 m, prados húmidos, 18/06/2003, J.González, LOU 27994.

■ ***Persicaria capitata* (Buch.-Ham. ex D. Don) H. Gross**

Polygonum capitatum Buch.-Ham. ex D.Don

• **Descripción:** herbácea perenne camefítica, con talos prostrados e ascendentes, enraizantes nos nós inferiores e con indumento de pelos glandulosos. Follas lanceolado-romboidais. Limbo atenuado e asimétrico na base, coa marxe curtamente ciliada e con pelos glandulosos en ambas caras que tenden a depilarse coa madurez. Ócrea truncada, pardento-avermellada, con longos pelos dispersos, de maior lonxitude que o pecíolo adxacente. Inflorescencias terminais, pediceladas, espiciformes e subglobosas. Periantio de 5 pezas soldadas ata menos da metade, de cor rosada. Aquenios trígonos.

• **Distribución:** Himalaia e SE Asia. P. Ibérica: brava en ambiente oceánico do NW.

• **Hábitat:** canles, canais e marxes de camiños en ambiente antropizado.

• **Frecuencia:** rara na Baixa Limia (zona occidental). No lado portugués é una planta invasora.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Aceredo Novo, 29TNG7238, 410 m, cuneta, escapada de cultivo, 16/12/2008, IPS & D.Manso, SANT 60031. >PORTUGAL, Minho, Arcos de Valdevez, Cunhas, 10/05/1997, IPS, SANT 38703.

■ *Persicaria hydropiper* (L.) Spach

Polygonum hydropiper L.

•**Descripción:** terófito de 25-90 cm. Talos glabros, erectos, ramificados. Follas con pecíolo < 10 mm inserto na metade inferior da ócrea. Ócrea espalladamente pilosa e ciliada no extremo. Limbo lanceolado, agudo, acuminado, con glándulas, ciliado sobre todo na marxe e en menor cantidade no nervio medio do envés, con sabor picante. Inflorescencias espiciformes laxas co ápice lixeiramente péndulo. Flores en grupos axilares, con pedicelos lixeiramente maiores cás ocreas. Periantio 3-4 mm, branco ou verdoso, como as ocreas con glándulas pardo avermelladas. Aqueñio granuloso.

•**Distribución:** Europa (excepto N), N África, S e SW Asia e Macaronesia. P. Ibérica: falta no SE.

•**Hábitat:** ambiente higronitrófilo, marxes de regatos, encoros e augas estancadas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, baixo freixo (*Fraxinus angustifolia*) en arbustral de riveira ocasionalmente inundada, 04/09/1997, IPS, SANT 52829 e 63144. Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, pradarías ocasionalmente inundadas, 17/09/1998, IPS, SANT 52836. >**Muiños**, río Limia, 29TNG8850, 560 m, comunitade de terófitos higronitrófilos (*Bidentetea tripartitae*), 10/09/1997, IPS, SANT 46328.

■ *Persicaria lapathifolia* S.F. Gray

•**Descripción:** terófito de 10-80 cm de alto. Talos erectos ou ascendentes. Follas alternas, lanceoladas, agudas, atenuadas en pecíolo curto, discoloras, con frecuencia cunha mácula escura no centro da face e con glándulas no envés. Ocreas escarioas, glabras, truncadas ou curtamente ciliadas, con frecuencia con nervios avermellados cerca da base, con ápice truncado ou curtamente ciliado. Inflorescencia con varias espigas densas na parte final do talo, cilíndricas. Pedicelos, periantio e ocreas con glándulas amarelas. Aqueñios lenticulares ou trígonos de caras cóncavas.

Clave de subespecies

1. Entrenós con manchas avermelladas; nós engrosados; follas glabras	<i>P. L.</i> subsp. <i>lapathifolia</i>
Entrenós sen manchas avermelladas; nós non engrosados; follas tomentosas no envés	<i>P. L.</i> subsp. <i>brittingeri</i>

■ *Persicaria lapathifolia*

subsp. *brittingeri* (Opiz) Rech. fil.

Polygonum lapathifolium L. subsp. *brittingeri* (Opiz) Domin

•**Descripción:** talos prostrado-ascendentes, sen manchas vermelhas nos entrenós, que son curtos en relación á subespecie seguinte, e menos inchados os nós. As follas diferéncianse da seguinte por ser tomentosas no envés e incorporar glándulas translúcidas.

•**Distribución:** subcosmopolita.

•**Hábitat:** chans húmidos e lixeiramente nitrificados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Encoro das Conchas, 29TNG8448, 550 m, pradaría higronitrófila (*Glycerio-Apietum nodiflori*), 02/09/2007, IPS, SANT 58018.

■ *Persicaria lapathifolia* S.F. Gray subsp. *lapathifolia*

Polygonum lapathifolium L.

- **Descripción:** diferénciase da subespecie anterior por ser más vigorosa, con manchas vermelhas nos entrenós, nós inchados e follas glabrescentes con glándulas amarelas na epiderme do envés.

- **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, río Cabaleiro-Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, zona temporalmente inundada en regato que desemboca no encoro, vexetación higro-nitrófila (*Bidentetea tripartitae*), 07/10/2011, IPS, SANT 65271; observ.: non se observan manchas vermelhas nos entrenós nin glándulas amarelas no envés.

■ *Persicaria maculosa* S.F. Gray

Polygonum persicaria L.

- **Descripción:** terófito, talos erectos ou ascendentes. Follas lanceoladas, subsésiles, enteiras, frequentemente con mancha negra central, glabrescentes no envés excepto en nervio medio e marxe ciliada. Ócreas espalladamente pilosas, pegadas ao talo, terminadas en fimbrias numerosas. Inflorescencia espiciforme, cilíndrica, densa, con pedicelos más curtos có periantio. Periantio de 2-3 mm, rosado ou branco, sen glándulas, igual có pedicelo. Aquenios c. 3 mm, lenticulares ou trígonos de caras cóncavas.

- **Distribución:** cosmopolita. P. Ibérica: amplamente repartido.

- **Hábitat:** chans alterados, cultivos, canles, cunetas, marxe dos encoros.

- **Frecuencia:** abundante.

- **Pregos herborizados:**

>BANDE, desembocadura río Limia en Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, pradaría ocasionalmente inundada, 04/06/1997, IPS, SANT 52760. Os Baños-O Pazo, 29TNG8348, 600 m, pradaría higrófila saturado de *Paradisea lusitanica* (*Juncion acutiflori*). 22/08/1997, SANT 52837. IPS. Bande, 29TNG8454, 770 m, comunidade de herbáceas megafóbicas escio-higro-nitrófilas en marxe de río (*Artemisetea, Convolvuletalia sepit*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59655. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, pradaría nitrófila no pobo, 23/09/2018, IPS, SANT 76632. >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73399. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, terreos alterados, 19/03/1993, IPS, SANT 44245. Baños de Riocaldo ao lado das termas, 29TNG7435, 390 m, pradarías anuais nitrificadas (*Polygono-Poetea annuae*), 24/05/1995, IPS, SANT 52821. Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, comunidade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricetea*) ocasionalmente inundada, 04/09/1997, IPS, SANT 52830. Requeixo, río Cabaleiro, 29TNG7739, 355 m, pradaría escio-higro-nitrófila (*Picrido hieracioides-Eupatorietum cannabini*), 31/08/1998, IPS, SANT 52833 e 52835. Compostela, 29TNG7037, 390 m, milleiral (*Lamio-Echinocloetum crus-galii*), 01/09/1998, IPS, SANT 52834. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos somerxidos parte do ano (*Bidentetea tripartitae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso. >Muíños, c. Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo en marxe de pista, 14/10/2004, IPS, SANT 52891. Pazos, Encoro das Conchas 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto pola baixa da de nivel do encoro, (*Isoeto-Nanojuncetea* nitrificada). 05/11/2014, IPS, SANT 70366. Requiás-Guntumil, Encoro de Salas, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundada, 09/10/2015, IPS, SANT 72523 e 72523.

— Híbridos —

■ *P. maculosa* x *P. lapathifolia*

Polygonum x lenticulare Hy

- **Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia na cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 550 m, 29/09/2005, J.Amigo & IPS, SANT 54148.

— **Polygonum** L. —

Plantas anuais, con ocreas escarioseas; follas enteiras, alternas; inflorescencias espiciformes laxas con flores de pequeno tamaño en fascículos axilares. Flores hermafroditas. Periantio de 5 pezas soldadas. Ovario súpero. Aqueño trígono.

•**Bibliografía:** VILLAR (1990b).

Clave de especies

1. Aqueños con 2 caras convexas e 1 cóncava; tubo e lóbulos da corola de lonxitude similar	<i>P. arenastrum</i>
Aqueños coas 3 caras cóncavas; tubo da corola moito menor cós lóbulos	2
2. Lóbulos do periantio nervados e imbricados; ócrea de ata 8 mm, enteira ou escasamente laciniada	<i>P. aviculare</i>
Lóbulos do periantio lisos, non o case nada imbricados; ócrea > 10 mm, profundamente laciniada	<i>P. rurivagum</i>

■ **Polygonum arenastrum** Boreau

•**Descripción:** terófito. Talos decumbentes, moi ramificado. Follas do talo principal e dos laterais de tamaño similar, elípticas. Ócrea escaria, ferruxinosa na base e laciniadas no ápice. Flores curtamente pediceladas (grupos de 2-4) na axila das follas Periantio con 5 pezas, persistentes, soldadas, verdosas con estreita franxa branca ou branco-rosada en marxe e ápice dos lóbulos. Tubo periántico de maior ou igual tamaño cós lóbulos, estes pouco o nada imbricados. Aqueños c. 2 mm pardos ou negrizos, trígono, con 1 soa cara cóncava.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N), N África e SW Asia. P. Ibérica: ampla distribución.

•**Hábitat:** pradarías anuales sobre chans pisados areoso e nitrificado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 59659. Entrímo, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal pisado e nitrificado, 23/10/2016, IPS, SANT 73398. >BANDE, 29TNG8454, 770 m, chans areosos de marxe de camiño (*Polygono-Poetea, Polycarpion tetraphyllum*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59659. >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente ruderal, nitrificado, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73398. >LOBIOS, Baños de Rioaldo ao lado das termas, 29TNG7435, 410 m, pradarías anuales nitrificadas (*Polygono-Poetea annuae*), 24/05/1995, IPS, SANT 52820.

■ **Polygonum aviculare** L.

•**Descripción:** terófito. Follas con pecíolo de c 0,3 mm, oblongo-lanceoladas, xeralmente de 4-8 mm de anchura, as do talo principal moito maiores cás dos laterais, áñda que algo decrecen cara o ápice. Ocreas hialinas que finalmente se desfán en lacinias. Flores axilares cunha única envolta floral, con brácteas hialinas. Tubo periántico, c. 1 mm, menor de 1/3 da lonxitude do periantio. Lóbulos netamente imbricados, con nervios resaltados trala desecación, rosados e abranzados nas marxes. Aqueños 2,5-3,5 mm, trígono, con 3 caras cóncavas, negrizos.

•**Distribución:** cosmopolita. P. Ibérica: ampla distribución.

•**Hábitat:** ruderal, viaria, arvense, nitrófila.

•**Frecuencia:** común.



Polygonaceae *Fallopia convolvulus*



Polygonaceae *Persicaria amphibia*



Polygonaceae *Persicaria capitata*



Polygonaceae *Persicaria hidropiper*



Polygonaceae *Persicaria lapatifolia*



Polygonaceae *Persicaria maculosa*



Polygonaceae *Persicaria maculosa*



Polygonaceae *Polygonum arenastrum*

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, 29TNG9144, 905 m, baixo muro en camiño dentro do pobo, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80192. >LOBIOS, Rial- Barreal, 29TNG7538, 420 m, pastos nitrófilos viarios, 13/07/2012, IPS, SANT 65819. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos da marxe do encoro, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80842.

■ ***Polygonum rurivagum* Jord. ex Boreau**

- Descripción:** terófito. Follas decrecentes cara o ápice, de ata 3(5) mm de anchura, sésiles, nervadas no envés. Ocreas de c. 10 mm, profundamente laciñadas. Aqueños con 3 caras cóncavas, pardos e pouco brillantes.
- Distribución:** Holártica. P. Ibérica: ampla distribución. Falta en Portugal e extensas zonas.
- Frecuencia:** especie que necesita confirmación na Baixa Limia
- Citas previas:** GÓMEZ VÍGIDE et al. (1989a). CALVOS DE RANDÍN, Rubiás, 29TNG9640 (Rodríguez Gracia).

— **Rumex L. —**

Herbáceas, en ocasións de gran tamaño. Talos cos nós rodeados de ócreas. Flores trímeras. Periantio sepalode en dous verticilos diferentes. Verticilo interno constituído por 3 valvas, frecuentemente con 1 tubérculo no dorso e dentes na marxe, acrescentes de forma que acaban recubrindo o froito, un aquenio trígono.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (1990b).

Clave de especies

1. Follas hastadas ou saxitadas	2
Follas non hastadas nin saxitadas	4
2. Valvas adheridas ao aquenio	<i>R. acetosella</i> subsp. <i>angiocarpus</i>
Valvas libres	3
3. Lámina das follas > más longa ca ancha; inflorescencia pouco ramificada	<i>R. acetosa</i>
Lámina das follas > más ancha ca longa; inflorescencia moi ramificada	<i>R. induratus</i>
4. Plantas anuais con talos gráciles de menos de 20 cm	<i>R. bucephalophorus</i>
Plantas vivaces con talos fortes de más de 20 cm	5
5. Pedicelos frutíferos grosos; valvas amplamente dentadas	<i>R. pulcher</i>
Pedicelos frutíferos delgados; valvas enteiras ou dentadas	6
6. Valvas lingüiformes, enteiras ou escasamente dentadas, as tres con anchos tubérculos	<i>R. conglomeratus</i>
Valvas ovado-triangulares ou cordiformes, xeralmente só un con tubérculo ben desenvolto e estreito	7
7. Valvas con dentes > 0,5 mm; follas inferiores con lámina de base cordada	<i>R. obtusifolius</i>
Valvas enteiras ou con dentes de c. 0,2 mm; follas inferiores con lámina de base atenuada	<i>R. crispus</i>

■ ***Rumex acetosa* L.**

subsp. ***acetosa***

• **Descripción:** hemicriptófito con rizoma. Talos erectos, solitarios ou pouco numerosos, estriados. Ócreas longas, fimbriadas. Follas basais con pecíolo de lonxitude parecida á do limbo, as medias sésiles ou con pecíolo moi curto. Inflorescencia laxa, con ramas simples ou só as inferiores ramosas, xeralmente de máis de 12 cm. Valvas con escama basal, cordadas na base.

• **Distribución:** Europa, Asia (agás zonas tropicais) e Norteamérica.

• **Hábitat:** prados e outras pradarías.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, orla de cerquiño, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7640, 370 m, prados sobre garganta do río (*Molinio-Arrhenatheretea*), 07/03/1996, IPS, SANT 52831. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, marxe de cascada, 04/06/1997, IPS, SANT 52763. Fondevila, 29TNG7639, 420 m, marxe de prado artificial, 24/03/2002, IPS, SANT 46715. O Puxedo-A Cela, 29TNG8138, 708 m, prado en marxe río Mao (*Cynosurion cristati*), 12/06/2020, IPS, SANT 78827.

■ ***Rumex acetosella* L.**

subsp. ***angiocarpus*** (Murb.) Murb.

Rumex angiocarpus Murb.

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas da base hastadas ou saxitadas, con aurículas máis o menos distintas. Ócreas fendas lateralmente, ao principio con ápice simple e agudo e despois laciniado. Flores unisexuais. Flores femininas con valvas de aproximadamente o mesmo tamaño cós aquenios e soldadas a el, de menos de 2 mm, ovoides, opacas, herbáceas ou algo coriáceas, sen tubérculos.

• **Distribución:** W rexión mediterránea, C e W Europa e Macaronesia. P. Ibérica: todo o territorio.

• **Hábitat:** chans pouco profundos e despexados, oligótrofos ou nitrificados.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BALTAR, Tosende-Covas, 29TNG9944, 1045 m, penedos, 18/06/2011, IPS. Tosende, 29TNG9943_29TPG0043, 950 m, claros de piornal, 09/06/2021(03), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80330. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar-Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cuneta, zona de entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80269. >LOBIOS, Serra do Xurés encima Mina das Sombras, 29TNG73. >1200 m, 15/07/1992, IPS, SANT 52823. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1050 m, fisuras de penedos de cume, 17/06/1993, IPS, SANT 52822. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 1100 m, chans esqueléticos entre penedos de cume, 15/04/1993, IPS, SANT 52832. >MUÍÑOS, Requiás-Portela de Pitons, 29TNG83, 16/06/1993, IPS, J.Rodr., S.Ortiz & M.I.Romero, SANT 52819.

■ ***Rumex bucephalophorus* L.**

subsp. ***hispanicus*** (Steinb.) Rech. fil. ●

• **Descripción:** terófito erecto de talo solitario ou ramificado frecuentemente de cor violácea. Follas coa base cuneada. Ócreas con ápice enteiro e agudo, avermelladas na base. Flores hermafroditas en verticilos paucifloros formando una espiga laxa e afila excepto nos verticilos inferiores. Pedicelos florais más curtos cás valvas, reflexos, claviformes más ensanchados no ápice. Pezas periánticas externas verdes o avermelladas, persistentes, reflexas. Valvas de 1-1,4 mm de ancho, con 3-5 dentes laterais e unha pequena escama reflexa na base.

• **Distribución:** costas atlánticas do S Europa e mediterráneas ibéricas. Menos frecuente nas provincias do interior.

• **Hábitat:** pastos anuais e campos de cultivo.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso (*Tuberarietea*), 11/06/2020, IPS, SANT 78828. >Muíños, Prado, 29TNG8443, 750 m, cultivo de centeo (*Linario-Anthoxanthetum aristati*), 21/07/1993, IPS, SANT 52818. Piñoi, Encoro das Conchas, 29TNG8244, 630 m, cemba, 24/06/2021, IPS.

■ *Rumex conglomeratus* Murray

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos, estriados, que poden acadar más de 1 m de altura. Follas enteiras, truncadas, cordadas ou anchamente cuneadas na base. Inflorescencia con follas, áinda que con frecuencia só nos verticilos medios e inferiores. Verticilos da inflorescencia más o menos separados. Pedicelos frutíferos articulados por debaixo do seu punto medio. Pezas externas do periantio frutífero de 1-1,5 mm. Valvas enteiras ou denticuladas na base, ata 3 mm, todas con tubérculo grosso desenvolto, case tan ancho coma a propia valva. Aqueños de 1,6-1,9 mm.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N), W e C Asia, N África. Actualmente subcosmopolita.

•**Hábitat:** pradarías escio-nitrófilas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Río Limia, Coto de pesca, 29TNG8749, 560 m, baixo ameneiral moi antropizado (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 50739.

■ *Rumex crispus* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos, estriados, que poden acadar más de 1 m. Follas basais pecioladas, xeralmente cuneadas na base, menos frecuentemente truncadas ou redondeadas. Inflorescencia densa, con verticilos medios e superiores contiguos. Pedúnculos florais dilatados no ápice, claviformes. Pezas externas do periantio frutífero de 1,5-2,5 mm. Valvas de 3,5-5 x 3-5 mm de anchura, enteiras ou con dentes pequenos, con tubérculo ben desenvolto nunha das valvas e nas outras dúas menos desenvolta ou inexistente. Aqueños de 1,7-3 mm.

•**Distribución:** subcosmopolita. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías escio-nitrófilas, cunetas, etc.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, marxe de río, pradaría megaóbrica higro-nitrófila, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69940. >Muíños, Barxés, O Cruceiro-O Barrio, 29TNG8647, 615 m, pradaría de *Bromus diandrus* en chans profundos, 21/04/2021, IPS, SANT 81292.

■ *Rumex induratus* Boiss. & Reut.

•**Descripción:** caméfito de cepa leñosa. Planta glabra, glauca, polígama ou con flores hermafroditas. Talos ramificados. Follas hastadas ou saxitadas con lóbulos diverxentes, a miúdo estreitadas enriba dos lóbulos basais, aproximadamente igual de longas ca anchas. Pecíolo más longo có limbo. Inflorescencia con ramas intrincadas na frutificación. Valvas cordadas na base. Aqueños de 2,5-3,2 mm.

•**Distribución:** N África (Alxeria e Marrocos) e P. Ibérica: C, S e metade W.

•**Hábitat:** cembas e muros do piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** raro. Asoma nas estribacións do río Limia por debaixo da Presa das Conchas e é moi rara no concello de Muíños.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, O Valoiro-A Herdadiña, 370 m, 29TNG7743, cemba (*Phagnalo-Rumicetum indurati*), 18/06/1997, IPS,

SANT 52816.

■ *Rumex obtusifolius* L.

- **Descripción:** hemicriptófito que pode superar 1m. Talos erectos, estriado-asucados. Follas da base pecioladas, de base cordada o subcordada, raramente redondeadas. Inflorescencia con rama xeralmente simples, con verticilos máis ou menos distantes, os superiores sen brácteas. Pedicelos filiformes. Pezas externas do periantio frutífero de 1,5-3 mm. Valvas 4-5,5 x 2-3,5 mm, con 1-2 dentes en cada lado preto da base, a veces sen eles. Tubérculo ben desenvolto en 1 valva, mentres que as outras non o teñen ou é rudimentario (en ocasións 3 tubérculos desiguais). Aquenios de 2,5-3 mm.
- **Distribución:** Europa e W Asia. Naturalizado noutras zonas do planeta. P. Ibérica: frecuente na metade N e rara na metade S.
- **Hábitat:** pradarías higro-nitrófilas.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - > **BANDE**, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pradaria higro-nitrófila, 02/07/2019, IPS, SANT 77563. Currás, 29TNG8649, 550 m, bideiral en marxe encoro As Conchas, 18/06/2020, IPS, SANT 78826. > **LOBEIRA**, As Conchas-Cabaleiros, 29TNG7944, 500 m, 23/05/1997, IPS, SANT52817. > **LOBIOS**, A Anta, 29TNG7437, 450 m, chan despexado e nitrificado, 08/07/1993, IPS. Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, orla de bosque escio-higro-nitrófila con caída de regato, 19/06/2020, IPS, SANT 78825.

F. PORTULACACEAE

— *Portulaca* L. —

■ *Portulaca oleracea* L.

- **Descripción:** terófito de talos frecuentemente prostrados, glabros. Follas simples, enteiras, obovadas, sésiles, planas, algo carnosas, glabras, de alternas a case opostas. Flores terminais solitarias, sésiles. Cálix con 2 sépalos connados na base. Corola de pétalos amarelos algo soldados na base. Ovario semiínfero ou ínfero. Froito en cápsula de 0,6-1 cm de apertura transversal (pixidio). Sementes de 0,6-0,85 mm, con células epidérmicas da cara lateral algo imbricadas.
- **Bibliografía:** DANIN (1990).

Clave de subespecies

1. Cara lateral das sementes coa testa das células epidérmicas sen tubérculos	<i>P. o. subsp. nitida</i>
Cara lateral das sementes coa testa das células epidérmicas con tubérculos	<i>P. o. subsp. papillatostellulata</i>

■ *Portulaca oleracea* subsp. *nitida* Danin & H. G. Baker

- **Distribución:** Norteamérica. Naturalizada en África, Europa e W Asia. Dispersa en toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** cultivos, terreos antropizados removidos.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - > **LOBIOS**, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 660 m, comunidade de herbáceas nitrófilas, 05/10/1995, IPS,

SANT 51795. Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, antigos terreos de cultivo inundados temporalmente, 30/09/1998, IPS, SANT 5794. >Muíños, Mugueimes, 29TNG8545, 640 m, herbáceas nitrófilas baixo cultivo de millo (*Lamio-Echinochloetum crus galii*), 18/09/1998, IPS, SANT 51793.

■ ***Portulaca oleracea* subsp. *papillatostellulata*** Danin & H.G.Baker

•**Distribución:** N e C América.

•**Hábitat:** ruderal, nitrófila.

•**Frecuencia:** ¿rara?

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ruderal, 23/10/2016, IPS & D. Manso, SANT 73416.

F. PRIMULACEAE

1.	Todas as follas en roseta basal	Primula
	Con follas caulinas	2
2.	Pétalos branco-verdosos más curtos có cálix	Asterolinon
	Pétalos coloreados maiores có cálix	Lysimachia

— Asterolinon Hoffmanns. & Link —

■ ***Asterolinon linum-stellatum* (L.) Duby**

•**Descripción:** terófito efímero de baixa talla (3-12 cm). Follas caulinas opostas, sésiles, patentes. Inflorescencia en acio apical con brácteas foliosas. Flores pentámeras, actinomorfas, pediceladas. Cálix con sépalos persistentes, brevemente soldados na base –c. 0,3 mm- e 5 dentes de c. 2,7 mm, estreitos, con 1 nervio central e agudos no ápice. Corola rotácea, efímera, con pétalos abrançazados ou verdosos moito más curtos cós sépalos. Androceo con 5 estames soldados aos pétalos, no medio de cada lóbulo (opostos as pétalos). Froito en cápsula (1,5-2 mm) glabra con dehiscencia valvar.

•**Distribución:** rexión mediterránea e Illas Canarias. P. Ibérica: frecuente en todo o territorio.

•**Hábitat:** pradarías anuais efímeras.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, pista Saa-A Lama que Treme, 29TNG7737, 700 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi*), 20/05/1993, IPS, SANT 51457 e 60214. Kendive, As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual nitrificado, 25/03/1997, IPS, SANT 51482. >Muíños, Parada da Ventosa, O Covellón, 29TNG7843, 540 m, pasteiro anual oligótrofo (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *sileneotum scabriflorae*), 17/04/1997, IPS, SANT 51481.

•**Bibliografía:** VILLAR (1997b).

— Lysimachia L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos decumbentes ascendentes ou erectos. Follas opostas, enteras, sésiles ou pecioladas. Flores pentámeras, actinomorfas, solitarias na axila das follas ou en panículas terminais. Cálix profundamente dividido. Corola rotácea. Androceo con 5 estames que nacen da corola. Ovario súpero con 5 carpelos soldados. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** PUJADAS (1997); VILLAR (1997c).

Clave de especies

1.	Plantas con flores amarelas	2
	Plantas con flores doutra cor	3
2.	Plantas rizomatosas, erguidas; pedicelos florais de lonxitude < 2 veces a da flor	<i>L. vulgaris</i>
	Plantas non rizomatosas, procumbentes; pedicelos florais de lonxitude 3-5 veces a da flor	<i>L. nemorum</i>
3.	Talos non enraizantes nos nós; corola rotácea, alaranxada na Baixa Limia	<i>L. arvensis</i>
	Talos decumbentes enraizantes nos nós; corola infundibuliforme, rosada	<i>L. tenella</i>

■ *Lysimachia arvensis* (L.) U. Manns & Anderb.

Anagallis arvensis L.

• **Descripción:** terófito con talos erectos ou decumbentes non enraizados nos nós. Follas caulinas sésiles, opostas ou verticiladas as superiores. Flores pentámeras, actinomorfas, con pedicelos de maior tamaño cás flores e cá folla axilante. Cáliz de sépalos soldados nun tubo moi curto, con longos dentes de ampla marxe escariosa. Corola rotácea con pétalos de cor laranxa na Baixa Limia áinda que noutras localidades abundan os exemplares cos pétalos azuis. Androceo con 5 estames de base dilatada, pilosos. Froito en pixidio esférico, con dehiscencia por medio dunha tapa que se abre deixando a furna coas sementes descuberta.

• **Distribución:** N, C e S Europa, W Asia e N África. Introducida noutras zonas de Asia, África e Australia. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** ruderal e con menos frecuencia arvense. Piso mesotemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7440, 390 m, pista forestal sobre o encoro do Lindoso, 22/04/1995, IPS, SANT 52357. Lantemil, camiño de acceso ao encoro do Lindoso, 29TNG7139, 350 m, chans nitrificados (*Arnoseridenion minimae*), 12/06/1998, IPS, SANT 52354. > LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, terreos alterados, 19/03/1993, IPS, SANT 44244. Fábrica-A Anta, 29TNG7538, 440 m, mala herba en viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicaulidis*), 07/03/1996, IPS, SANT 52355.

■ *Lysimachia nemorum* L.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos procumbentes, radicantes, con raíces fasciculadas. Follas opostas, ovoides e de ápice agudo ou lixeiramente apiculado, curtamente pecioladas, sen estípulas. Flores axilares solitarias, longamente pediceladas (pedicelos de lonxitude 3-5 veces a da flor), pentámeras. Cáliz persistente, con tubo de c. 1 mm e lóbulos de 3-4 mm. Corola de pétalos soldados, rotácea, amarela. Androceo con 5 estames soldados á corola polos seus filamentos. Ovario súpero. Froito en cápsula redondeada de c. 3 mm.


• **Distribución:** W e C Europa, ata S Escandinavia, Italia e Iugoslavia polo E. P. Ibérica: Sistema Central, Pireneos e Cordilleira Cantábrica ata Galicia e N Portugal.

• **Hábitat:** bosques con chans encharcados, chans higroturbosos.

• **Frecuencia:** escasa.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Requeixo de Grou, río de Fragueiro (río de Grou), 29TNG7845, 420 m, marxe de ameneiral que atravesa carballeira e chans higroturbosos (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77477. Río Cabaleiro, desembocadura no encoro do Lindoso, 29TNG7639, 340 m, salgueiral e ameneiral temporalmente inundadas, 06/07/2019, IPS, SANT 77494.

Polygonaceae *Rumex bucephalophorus*Polygonaceae *Rumex crispus*Polygonaceae *Rumex induratus*Polygonaceae *Rumex obtusifolius*Portulacaceae *Portulaca oleracea*Primulaceae *Asterolinon linum stellatum*Primulaceae *Lysimachia arvensis*Primulaceae *Lysimachia nemorum*

■ *Lysimachia tenella* L.

Anagallis tenella (L.) L.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos procumbentes, enraizantes nos nós. Follas caulinas opostas, subsésiles, con pecíolo de c. 1 mm. Flores pentámeras, con pedicelo maior cá folla axilante, recurvado na frutificación. Cáliz con tubo curto e longos dentes con estreita marxe escariosa. Corola infundibuliforme de 6-10 mm. Pétalos soldados de cor rosa con lóbulos erectos o erecto-patentes. Estames con longos pelos na base. Froito en pixidio esférico.

• **Distribución:** metade W Europa (polo S ata Creta e Grecia), rexión macaronésica e NW África. P. Ibérica: dispersa en case todo o territorio.

• **Hábitat:** turbeiras, fondais encharcadas longamente, marxe de regatos.

• **Frecuencia:** escasa.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Saa-A Regada. 29TNG7737. 650 m, regatiño de augas nada profundas (*Montio-Cardaminetea*), 09/07/1993, IPS, SANT 52359 e 60018. Padrendo-Ludeiros, 29TNG7236, 530 m, marxe de regato (*Montio-Cardaminetea*), 20/06/1996, IPS, SANT 52358. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7232, 550 m, manancial e regatiño (*Montio-Cardaminetea*), 04/09/1997, IPS, SANT 52356. Compostela, 29TNG7036, 390 m, marxe de regatiño con humidade edáfica (*Montio-Cardaminetea*), 06/07/2003, IPS, SANT 49200. A Ponte Nova-pista entrada Santa Eufemia, Vía Romana, 29TNG7230, 600 m, zona chá con acumulación de auga, 04/09/2021, Í. Pulgar & D.Manso, SANT 80860.

■ *Lysimachia vulgaris* L.

• **Descripción:** xeófito rizomatoso. Talo que pode superar 1 m. Follas caulinas opostas ou en verticilos de 3-4 follas subsésiles ou con pecíolo moi curto, tomentoso-glandulosas, ovado-lanceoladas e acuminadas no ápice. Inflorescencia en panícula con eixe e ramíñas tomentoso-glandulares. Flores con pedicelos de arredor de 7 mm. Cáliz verdoso con dentes solapados. Corola rotácea, amarela con lóbulos solapados, más longos cós sépalos. Androceo con 5 estames soldados á corola. Ovario súpero. Froito en cápsula (c. 4 mm) con dehiscencia valvar.

• **Distribución:** Europa e W Asia. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** chans inundados durante un período prolongado, beiras de encoros e ríos.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, comunidade megafóbica en 2^a liña de vexetación (*Filipendulion ulmariae*), 08/08/2007, IPS, SANT 57565 e 60215. >MUÍÑOS, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 545 m, chan areoso ao descuberto (baixada estival do nivel de auga), rodeada de vexetación terofítica efémera (*Isoeto-Nanojuncetea*), 02/08/1995, IPS, SANT 52360.

— *Primula* L. —

■ *Primula acaulis* (L.) L.

subsp. *acaulis*

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas en roseta, pecioladas; limbo obovado coa máxima anchura na metade apical, atenuado na base, coa marxe rugosa, crenada ou dentada. Sen escapo floral. Flores con pedicelo piloso de 3-15 cm. Cáliz 10-20 mm, cilíndrico, cos sépalos soldados nunha lonxitude de ao menos a metade do cáliz e terminado en 5 estreitos dentes. Corola de 25-40 mm de diámetro, con pétalos amarelos lixeiramente escotados no ápice. Androceo con 5 estames. Ovario súpero con 5 carpelos soldados. Froito en cápsula.

• **Distribución:** S e W Europa, Asia Menor e N África. P. Ibérica: dispersa en gran parte do territorio.

•**Hábitat:** orla de bosques en ambiente fresco, marxes de ríos, cembas sombrías ou sen déficit hídrico.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Pereira, 29TNG7145, 580 m, cemba húmedo que atravessa un bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/03/2005, IPS, SANT 52879. >LOBIOS, Gustomeau-O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, muro de contención de finca aterrazada, con humidade, 22/02/1993, IPS, SANT 51446.

•**Bibliografía:** KRESS (1997).

F. PROTEACEAE

— Hakea Schrad. —

■ ***Hakea sericea* Schrad.**

Hakea acicularis (Sm. ex Vent.) Knight; *Hakea tenuifolia* (Salisb.) Britten

•**Descripción:** fanerófito arbustivo xeralmente de 2-3 m de altura, moi ramoso. Follas alternas, filiformes de 40-70 x 1 mm, pilosas cando novas e glabras na madurez, pinchudas ou mucronadas, sésiles e estriadas na base. Flores en verticilos axilares umbeliformes, de cor branca, rosadas no botón. Tépalos glabros de 4-5,5 mm, con limbo reflexo de c. 1 mm e uña de 3,4,5 mm. Estames subsésiles que nacen do limbo dos tépalos. Froito en folículo leñoso de ata 3 cm de diámetro e con dehiscencia retardada.

•**Distribución:** SE de Australia. Invasora leñosa en Portugal e na serra de Santa Eufemia.

•**Hábitat:** gran capacidade de colonización de terreos despexados, especialmente despois de incendios.

•**Frecuencia:** escasa, con alto potencial de propagación (invasora).

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, c. Portela da Madanela, 29TNG6935, 600 m, individuos illados entre matogueiras (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae subas. genistetosum triacanthii*), 13/09/2005, IPS, D.Rodríguez & J.Martínez, SANT 53771.

•**Bibliografía:** PAIVA (1997).

F. RANUNCULACEAE

Clave de xéneros

1. Periantio con 1 soa envoltura	2
Periantio con 2 envolturas	3
2. Inflorescencia densa, corimbosa; flores amarelas	Thalictrum
Flores solitarias, brancas	Anemone
3. Froito en poliaquenio monospermhos	4
Froito en polifolículo polispermos	5
4. Flores con 5 pétalos	Ranunculus
Flores con máis de 5 pétalos	Ficaria
5. Pétalos azuis prologados nun esporón ganchudo	Aquilegia
Pétalos amarelos sen esporón	Caltha

— Anemone L. —

Herbáceas vivaces, rizomatosas. Follas basais divididas, caducas. Talos escaposos con 3 brácteas foliáceas. Flores terminais, solitarias, con periantio constituído por tépalos petaloideos. Androceo formado por numerosos estames más curtos cós tépalos. Ovario súpero formado por carpelos libres. Froito en poliaquenio hemisférico, péndulo en la madurez.

•Bibliografía: MONTSERRAT (1986a).

Clave de especies

1. Follas triseptas con folíolos regularmente serrados; anteras brancas	<i>A. trifolia</i> subsp. <i>albida</i>
Follas palmatisectas con 3-5 segmentos irregularmente lobulados; anteras amarelas	<i>A. nemorosa</i>

■ *Anemone nemorosa* L.

Anemone francoana Merino

•Descripción: xeófito con rizoma de cor castaña, con escamas escuras. Talo escapo con 3 brácteas foliáceas verticiladas, con dentes e lóbulos irregulares. Follas pecioladas 1-2 palmatisectas, con 3-5 segmentos irregulares. Flor solitaria terminal. Cáliz con sépalos de 15-22 x 7-11 mm. Corola con 5 pétalos brancos de maior tamaño cós sépalos. Androceo con numerosos estames de anteras amarelas. Infutescencia en poliaquenio esferoidal, con (10)15-25 aquenios co estilo persistente.

•Distribución: Europa, W Asia e N América. P. Ibérica: no N.

•Hábitat: sotobosque fresco e húmido en valgadas.

•Frecuencia: moi raro.

•Pregos herborizados:

>BANDE, Ponte Cadós, río Cadós, 29TNG8353, 690 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso. >Muíños, Prado-Salgueiros, Regato de Salgueiros, 29TNG8440, 890 m, marxe de río, 22/04/2002, IPS, SANT 46973. *observ.*: Pétalos más estreitos cá típica *Anemone nemorosa*, ¿posible híbrido?

■ *Anemone trifolia* L.

subsp. *albida* (Mariz) Ulbr. ●

Anemone albida Mariz

•Descripción: xeófito con rizoma de cor branca, con escamas membranosas de marxe branca. Talo escapo con 3 brácteas foliáceas verticiladas. Follas pecioladas, 3-sectas, con segmentos serrados regularmente. Flor solitaria terminal. Cáliz branco con sépalos de 10-15 x 4,5-5 mm. Corola con 5 pétalos brancos de maior tamaño cós sépalos. Infutescencia en poliaquenio hemisférico, con 5-15 aquenios de c. de 4 x 2,5 mm, con estilo persistente apenas recurvado.

•Distribución: endimismo de Galicia e N de Portugal.

•Hábitat: sotobosque de carballeiras, ameneirais, erbedais, etc.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>BALTAZAR, 29TPG0742, 1050 m, reboleira (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 12/04/2001, IPS, SANT 44801. >BANDE, Regato de Vilameá, 29TNG8653, 800 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion*) e espinal de orla, 01/04/2001, IPS, SANT 44798. Trarigo, 29TNG9054, 680 m, cerquiño (*Holco mollis-Quercetum pyrenaici*), 01/04/2001, IPS, SANT 44799.

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80260. >ENTRIMO, Feira Vella, 29TNG7541, 380 m, erbedal (*Daphne gnidii-Arbutetum unedo*-

nis), 12/03/1999, IPS, SANT 47069. Pereira, 29TNG7145, 560 m, marxe de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52878. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 700 m, arbustral (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 01/05/1993, IPS, SANT 51497. Serra do Xurés, 29TNG7735, 1000 m, pastos e breixeira sobre chans profundos con afloramento de grandes rochas, 20/04/1996, IPS, SANT 51496. Serra do Xurés, A Cegañeira, 29TNG7330, 850 m, erbedal (*Pruno lusitanicae-Arbutetum unedonis*), 19/03/1997, IPS, SANT 52083. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8637, 1150 m, sotobosque carballeira (*Myrtillo-quercetum roboris*), 20/03/1998, IPS, SANT 52364. Serra do Xurés, Curral Iribo, 29TNG8637, 1120 m, sotobosque carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 09/05/1998, IPS, SANT 52363.

- Citas previas:** MERINO (1909). LAÍNZ RIBAYGUA & LAÍNZ (1957).

— *Aquilegia* L. —

■ *Aquilegia vulgaris* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas da roseta basal pecioladas, dúas veces ternadas, discoloras; as caulinas ternadas e con pecíolo curto. Flores pedunculadas, actinomorfás, reflexas. Sépalos 5, azulados con ápice branco. Pétalos 5, prolongados na base con espolóns nectaríferos ganchudos. Androceo con numerosos estames exertos de filamentos e anteras amarelas. Ovario súpero de 5 carpelos libres. Infrutescencia formada por 5 folículos glandular-pubescentes, erectos.

•**Bibliografía:** DÍAZ GONZÁLEZ (1986b).

Clave de subespecies

1. Sépalos lanceolados < 20 mm; limbo dos pétalos < 8 mm, branco; esporón 9-15 x 0,5-2 mm; folículos 13-21 mm	<i>A. v.</i> subsp. <i>dichroa</i>
Sépalos ovales ou ovado-lanceolados >20 mm; limbo dos pétalos > 8 mm, branco ou azulado; esporón 14-21 x 1,5-3,5 mm; folículos 18-25 mm	<i>A. v.</i> subsp. <i>vulgaris</i>

■ *Aquilegia vulgaris* subsp. *dichroa* (Freyn) T.E. Díaz *

Aquilegia dichroa Freyn

•**Descripción:** talos glandular pubescentes. Sépalos < 20 x 8 mm, lanceolados, azulados xeralmente con ápice branco. Pétalos con limbo branco (4)5-8(10) mm de lonxitude. Esporón 9-15 x 0,5-2 mm (anchura medida no 1/3 inferior). Folículos (11)13-21(25) mm.

•**Distribución:** endimismo de Azores e do cuadrante NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** orlas e lindeiros de bosques, comunidades de herbáceas megafóbicas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, orla de cerquiño-pista, 28/05/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80775. >**MUÍÑOS**, Porqueirós-encoro de Salas, 29TNG8644, 830 m, sotobosque de reboleira de *Quercus pyrenaica* e algo de *Quercus robur* (*Quercion roburi-pyrenaicae*), 07/06/1996, IPS, SANT 52365. Serra do Pisco, 29TNG8837, 1240 m, claro de piornal en valgada, 25/06/2007, IPS, SANT 57390. Río Salas c. Reparade, 29TNG8142, 680 m, ameneiral riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/04/2021, IPS; observ.: talos pubescentes, sépalos verdosos no ápice e limbo de pétalos só branco no ápice.

■ *Aquilegia vulgaris* L. subsp. *vulgaris*

•**Descripción:** talos subglabros a lixeiramente glandular pubescentes. Flores concoloras ou bicolores. Sépalos de 20-30 x 8-12 mm. Pétalos con limbo de (8)9-13(16) mm de lonxitude e espolóns (10)14-21(28) x (1)1,5-3,5(4) mm (anchura medida no 1/3 inferior). Folículos (12)18-25(30) mm.

•**Distribución:** C e S Europa. P. Ibérica: C, N e E.

•**Hábitat:** orlas e lindeiros de bosques, comunidades de herbáceas megafórbicas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Baños de Rioaldo, 29TNG7434, 390 m, ameneiral alterada (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 24/05/1995, IPS, SANT 52366. Padrendo, 29TNG7436, 440 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas, querchetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53533. >MUIÑOS, A Barxa, 29TNG8637, 1150 m, comunidad megaforbio en orla de bidueiral de valgada, 27/05/2011, IPS, SANT 64810.

— Caltha L. —

■ *Caltha palustris* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas pecioladas, cordadas na base, de marxe sinuada dentado, glabras. Inflorescencias corimbiforme, pauciflora, con pedúnculo más longo cá inflorescencia, con frecuencia flores solitarias. Flores pediceladas con 5 pétalos amarelos nunha soa envolta. Infrutescencia en polifolículo, alongada. Folículos prolongados nun pico.

•**Distribución:** Eurasia e N de América. P. Ibérica: N e C.

•**Hábitat:** pradarías que permanecen encharcadas subsuperficialmente durante o estío.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Golpellás. 29TNG9247, 870 m., marxe de regueiro que atravesa braña, 19/06/2018, IPS, SANT 77061. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, marxe de regato cerca de nacente (*Montio-Cardaminetea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80227. >MUIÑOS, Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8736, 1150 m, pradaria higrófila en marxe de regato, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52367. Reparade-Prado, 29TNG8343, 720 m, charca con estiaxe (*Isoeto-Litorelletea*), 07/03/1996, IPS, SANT 52370. Piñoi-Cados, 29TNG8244, 630 m, regato que discorre polo interior dunha carballeira antropizada, 25/03/1997, IPS, SANT 52369 e 63180.

•**Bibliografía:** VILLAR (1986b).

— Ficaria Schaeff. —

■ *Ficaria verna* Huds.

Ranunculus ficaria L.; *Ficaria ranunculoides* Roth

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma curto e raíces engrosadas. Talos glabros, ramificados. Follas longamente pecioladas, simples, ovadas, lixeiramente carnosas, de base cordada. Flores con 3 sépalos escariosos e 7-14 pétalos amarelos de ata 22 mm. Androceo con más de 20 estames amarelos. Infrutescencia, en poliaquenio, globosa.

•**Distribución:** Eurasia e Norteamérica. P. Ibérica: N, C, W e S.

•**Hábitat:** pradarías frescos da orla de ameneiraís, salgueirais e en xeral bosques riparios.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Lobios-Portela do Home, 29TNG73, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas, querchetosum suberis*), 22/02/1993, IPS, SANT 52390.

•**Bibliografía:** COOK et al. (1986).

— Ranunculus L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas en roseta e caulinias, as primeiras en ocasiós murchas durante a floración, de limbo enteiro ou más frequentemente lobado ou dividido. Flores hermafroditas con dobre periantio, cáliz e corola, pentámeras, actinomorfas. Cáliz verde ou escarioso,

en ocasiones reflexo ou caedizo. Corola de 5 pétalos libres amarelos ou brancos cunha fosa nectarífera na base. Androceo con numerosos estames libres entre si. Ovario súpero con numerosos carpelos libres. Froito en poliaquenio globoso ou cilíndrica. Aqueños con pico apical ou lateral. As medidas dos aqueños inclúen o pico.

•**Bibliografía:** COOK et al. (1986).

Clave de especies

1. Terrestres; pétalos amarelos, excepcionalmente brancos; aqueños sen costelas transversais regulares	2
Acuáticas ou anfibias de flores brancas; aqueños con costelas transversais regulares	10
2. Follas enteiras	3
Follas más ou menos profundamente lobuladas	4
3. Talos erectos; follas caulinas escasas, a maioria na base; planta de ambientes secos	<i>R. bupleuroides</i>
Talos decumbentes ou ascendentes con numerosas follas; planta de ambientes higrófilos	<i>R. flammula</i>
4. Flores de cor branca	<i>R. platanifolius</i>
Flores de cor amarela	5
5. Limbo foliar de crenado a pinnatípartido, con nervios manifestos, case reticulados	<i>R. nigrescens</i>
Limbo foliar de pinnatipartido a pinnatisecto; sen nervios case reticulados manifestos	6
6. Infrutescencia cilíndrica	7
Infrutescencia globosa ou ovoide	8
7. Cepa con restos fibrosos; receptáculo da infrutescencia glabro	<i>R. paludosus</i>
Cepa sen restos fibrosos; receptáculo da infrutescencia pilosa	<i>R. ollissiponensis</i>
8. Sépalos patentes	<i>R. repens</i>
Sépalos reflexos	<i>R. bulbosus</i>
9. Sen follas capilares, todas as follas laminares	<i>R. omiophyllus</i>
Con follas capilares e xeralmente tamén laminares	10
10. Sépalos reflexos	<i>R. oleucos</i>
Sépalos patentes	11
11. Pétalos de 7-15 mm con nectarios piriformes	<i>R. peltatus</i>
Pétalos de 3-5,5 mm con nectarios lunulares	<i>R. trichophyllum</i>

■ *Ranunculus bulbosus* L.

subsp. *aleae* (Willk.) Rouy & Fouc.

Ranunculus aleae Willk.

••**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso, con raíces engrosadas, tuberosas, coa cepa non moi engrosada. Cepa con algúns restos fibrosos. Talos. Follas basais longamente pecioladas, sub-



Primulaceae *Lysimachia vulgaris*



Primulaceae *Primula acaulis*




Proteaceae *Hakea sericea*



Ranunculaceae *Anemone trifolia* subsp. *albida*




Ranunculaceae *Aquilegia vulgaris* subsp. *dichroa*



Ranunculaceae *Caltha palustris*



Ranunculaceae *Ficaria verna*



Ranunculaceae *Ranunculus bulbosus*

pentagonais con segmento central sésil ou peciolulado. As caulinas inferiores con pecíolo más curto e as caulinas superiores e medias sésiles e 3 sectas. Sépalos reflexos. Pétalos de cor amarela dourada con escama nectarífera grande. Infutescencia en glomérulo co receptáculo piloso. Aqueños de 2-4 mm.

•**Distribución:** rexión mediterránea. P. Ibérica: falta no N e moitos puntos do NE.

•**Hábitat:** prados de sega, higrófilos e outras pradarías higrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Pista Río Caldo-Corga da Fecha, 29TNG7333, 410 m, 24/05/1995, IPS, SANT 52087. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7029, 1056, dentro de acevedo (*Ilici-Fagion sylvaticae?*), 09/06/2011, IPS, SANT 64783.

*Algunhas das Pregos Herborizadas con aqueños de 2-3,5 mm e pico moi pequeno (< 0,5 mm) e ganchudo parecen corresponder á variedade:

■ *R. bulbosus* subsp. *aleae* var. *adscendens* (Brot.) P. Silva

Ranunculus aleae Willk.; *R. adscendens* Brot.

•**Distribución:** raza predominante en Portugal e de distribución principalmente no S da P. Ibérica.

•**Hábitat:** prados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Maus, 29TNG8549, 560 m, prado (*Anthemido-Cynosuretum*), 21/05/1996, IPS, SANT 52089.. >LOBIOS, Serra do Xurés enriba de mina As Sombras, 29TNG73, >1200 m, 07/1992, IPS, SANT 52090. Pista Río Caldo-Corga da Fecha, 29TNG7333, 410 m, 03/05/1996, IPS, SANT 52093. >MUFÍOS, Xermeade-Porqueirós, 29TNG8644, 810 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 06/06/1996, IPS, SANT 52091.

•**Citas previas:** MERINO (1909) (sub *R. aleae* Willk.).

■ *Ranunculus bupleuroides* Brot. ●

•**Descripción:** hemicriptófito. Raíces engrosadas, tuberosas. Cepa fibrosa. Talo erguido, xeralmente menor de 50 cm, dividido só na zona superior. Follas inferiores en roseta, con pecíolo maior ou menor cá lámina, enteiras, ovadas, ovado-lanceoladas ou elípticas. Con poucas follas caulinas sésiles, semiamplexicaules; as superiores bracteiformes. Flores solitarias, longamente pediceladas. Cálix con 5 sépalos glabros, erectos. Corola con 5 pétalos libres de cor amarela de (7)10-12(16) mm, cada un con unha escama nectarífera oblonga na base. Receptáculo da infrutescencia oblongo ou ovoide, glabro. Aqueños de 2-3 mm, con nerviación marcada e pico subapical.

•**Distribución:** endimismo do S de Galicia (Ourense e Pontevedra) e C, N e S de Portugal.

•**Hábitat:** claros de breixeiras e chans descubertos con pradarías pioneiras.

•**Frecuencia:** común. Mais abundante no piso supratemperado.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela da Amoreira, 29TNG7830, 1350 m, chans pouco profundos en valgada, 14/07/1993, IPS, SANT 52344. Serra do Xurés, pista Saa-minas de As Sombras, 29TNG7732, 1100 m, cuneta baixo cemba de pista, 23/05/1995, IPS, SANT 52345. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 780 m, chan pouco profundo en beira de regato estacional, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 52346. Serra do Xurés, minas das Sombras, 29TNG7830, 1200 m, chans pouco profundos en claros de matogueira, 13/06/1995, IPS, SANT 52343. Serra do Xurés, A Chan da Vella, 29TNG7732, 1010 m, chans pouco profundos en claros de breixeira, 04/06/1997, IPS, SANT 52752. Xendive, 29TNG7842, 490 m, chans pouco profundos con pastero pioneiro, 16/04/1997, IPS,

SANT 52342. Serra do Xurés, 29TNG7430, 853 m, claros de breixeira con penedo con *Scilla monophyllos* e *Festuca sp.*, 15/05/2010, IPS, SANT 52752. >**Muíños**, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1140 m, chans pouco profundos e marxe de pista no descenso ao bosque da Barxa, 27/05/2011, IPS, SANT 64809.

•Outras localizacións xeorreferenciadas:

>**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 960 m; 29TNG7033, 950-900 m e 29TNG7034, 850-800 m, penedos que afloran da matogueira, 02/06/2011, IPS. Serra do Xurés, senda paralela río da Amoreira, 29TNG7731, 990 m; 29TNG7732, 985 m; 29TNG7733, 885 m e 29TNG7633, 821 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, senda paralela o río da Amoreira_Vilameá, depois de ponte que cruza o río, 29TNG7634, 690 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, As Escuseiras-Chan do Frielo, 29TNG05 78379 / 4633155, 1255 m, comunitade con *Xiphion boissieri* e *Festuca sp.*, 02/07/2008, IPS. & D.Manso. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1125 m, breixeira do *Pterosparto-Ericetum aragonensis*, IPS. >**Muíños**, Serra do Xurés, A Lomba-fronteira portuguesa, 29TNG8536, 1250 m, valgada (30° inclinación W) con *Quercus sp.*, rebrotando, 08/08/2007, IPS. Prado-Salgueiro, (29TNG8540_910; 29TNG8440-880 m), estrada, chans esqueléticos entre claros de breixeira, 27/05/2011, IPS. O Salgueiro, 29TNG8438, 1100 m, parte de enriba do camiño que sube de Salgueiros á Barxa, 27/05/2011, IPS. Vertente contraria ao bosque da Barxa, 29TNG8537, 1150 m, chans pouco profundos, marxes de camiño, 27/05/2011, IPS.

•Citas previas: MERINO (1909); LAÍNZ (1966); SÁNCHEZ RODRÍGUEZ et al. (2000).

■ *Ranunculus flammula* L.

•Descripción: hemicriptófito con rizoma, a miúdo estolonífero. Talos rastreiros, ascendentes, ramosos. Follas enteras ou dentadas, as inferiores con longo pecíolo; limbo lanceolado a ovado-elíptico que se vai facendo lanceolado ou linear-lanceolado cara o ápice. Sépalos adpresso-pilosos, con ampla marxe membranosa, patentes. Pétalos de 5-9 mm, amarelos obovados. Aquenios lisos, sen tubérculos.

•Distribución: Europa, W Asia, N África e Macaronesia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•Hábitat: comunidades herbáceas en zonas encharcadas temporalmente.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>**BANDE-Muíños**, río Limia, 29TNG8748, 560 m, vexetación da marxe do río. 10/09/1997. IPS, SANT 52353. >**LOBIOS**, desembocadura do río Cabaleiros no encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, comunitade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricetea*), 15/05/1997, IPS, SANT 52084 e 52373. >**Muíños**, Maus de Salas, encoro de Salas, 29TNG8943, 850 m, comunidades temporalmente inundadas (*Isoeto-Litorelletea*), 15/07/2000, IPS, SANT 43035. Prado, 29TNG8343, 720 m, charca con comunitade de herbáceas temporalmente somerxidas (*Isoeto-Litorelletea*), 06/06/1996, SANT 52368, IPS. Reparade, río Limia, A Ponte, 29TNG8242, 670 m, comunidades herbáceas temporalmente inundadas en marxe do río (*Isoeto-Litorelletea*), 22/07/1993, IPS, SANT 52086.

■ *Ranunculus nigrescens* Freyn ●

•Descripción: hemicriptófito. Raíces tuberosas cilíndricas. Cepa sen restos fibrosos. Talo erecto xeralmente unifloro, con pelos erecto-patentes, brancos. Follas en roseta, co pecíolo xeralmente maior có limbo; limbo reniforme, con nervios reticulados, frecuentemente con 3 lóbulos pouco incisos. Flores con 5 pétalos de cor amarela dourada. Infrutescencia cilíndrica.

•Distribución: endimismo da P. Ibérica, fundamentalmente do cuadrante NW.

•Hábitat: pradarías pioneiras vivaces sobre chans pouco profundos e despexados.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>**Muíños**, Guntumil-Tourem (Portugal), 29TNG9040, 900 m, chans pouco profundos, 10/04/1997, IPS, SANT 52391. Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8838, 1040 m, repisas rochosas con chans pouco profundos (*Airo-Sedetum arenarii*), 18/04/1997, IPS, SANT 52395 e 63175. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos, 28/05/2021, IPS, SANT 80806. >**VEREA**, Alto de Outeiro de Augas, 29TNG8059, 1050 m, chans esqueléticos con *Halimium umbellatum*, 16/10/1996, IPS, SANT 52392. >**PORTUGAL**, Serra da Cabreira (sur da Serra do Gerês), 1100 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT

52374. P.N. Peneda-Gerês, Pitoes das Jhunias-Tourem, 29TNG9237, 1050 m, chans esqueléticos rodeados de matogueira con *Ulex minor*, 22/04/1997, IPS, SANT 52393.

- Citas previas:** MERINO (1909); LAÍNZ (1965).

■ *Ranunculus ololeucus* Lloyd

Ranunculus lusitanicus Frey

•**Descripción:** terófito o hidrófito. Follas laminares con 3 lóbulos separados por fendeduras de máis de 2/3 del limbo. Follas divididas alternas, con segmentos capilares. Sépalos de 3,5-4,5 mm, reflexos. Pétalos brancos de 7-15 mm. Aquenios glabros ou pilosos. Receptáculo piloso.

•**Distribución:** Europa atlántica, de Holanda a Portugal.

•**Hábitat:** augas oligótrofas de canles, charcas, regatos, etc.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Porqueirós-Presa Encoro de Salas, 26/03/1997, IPS, SANT 63173. >PORTUGAL, P.N. Peneda-Gerês, Mina dos Carris, 29TNG7929, 1460 m, a presa preto da evacuación de augas, con case 1 m de profundidade, 16/06/1998, IPS, SANT 52092.

■ *Ranunculus ollissiponensis* Pers. ●

subsp. *ollissiponensis*

Ranunculus hollianus Reichenb.; *R. carpetanus* Boiss. & Reut.; *R. escurialensis* var. *homophyllus* Frey

•**Descripción:** hemicriptófito, con raíces engrosadas de 2 tipos, unhas cilíndricas que se desfán en fibras e outras en forma de tubérculo elíptico. Talo simple ou non moi ramoso. Follas en roseta basal, longamente pecioladas, 3-5 partidas, pilosas, co lóbulo terminal non claramente peciolado. Pétalos amarelos. Infrutescencia cilíndrica con receptáculo piloso, ao menos na base. Aquenios en ocasións pilosos nas caras e terminado nun pico recurvo en forma de gancho.

•**Distribución:** endimismo da Península Ibérica.

•**Hábitat:** repisas de cembas con chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Poboados das Conchas-Cabaleiro, 29TNG7944, 540 m, cemba (*Phagnalo-Rumicetea*), 10/05/1998, IPS, SANT 52348. .Lobios, Parada da Ventosa-Ganceiros, DATOS, 09/05/1996, IPS, SANT 63174. >Muíños, Xendive-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 520 m, repisas de cemba con *Sedum forsterianum*, 09/05/1996, IPS, SANT 52383. Requiás, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pastos en claros de breixeira-toxeira, 22/05/2011, IPS, SANT 64799.

•**Citas previas:** MERINO (1912).

■ *Ranunculus omiophyllus* Ten.

Ranunculus lenormandi F.W. Sch.; *R. hederaceus* subsp. *omiophyllus* (Ten.) Coutinho

•**Descripción:** hemicriptófito, anual en ocasións. Talos prostrados sen follas divididas (todas laminares). Follas de suborbicular a reniformes con 3-5 lóbulos cujos senos son de menor lonxitude cá metade do limbo. Sépalos reflexos. Pétalos brancos 2-3 veces maiores cós sépalos.

•**Distribución:** Europa atlántica (de Francia a Portugal), e algúns puntos da subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: frecuente na ½ N e rara na ½ S.

•**Hábitat:** medios acuáticos pouco profundos, charcas e regatos estacionais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Alto do Vieiro, área recreativa, 29YNG8557, 860 m, estanque baixo manancial (*Ranunculetum omiophyllae*), 24/02/2005, IPS, SANT 52338. >LOBIOS, Saa-A Regada, 29TNG7737, 650 m, cuneta con regato de augas lentas e pouco profundas (*Ranunculetum omiophylli*), 08/03/1996, IPS, SANT 52081. Saa, 29TNG7737, 650 m, regato (*Ranunculetum omiophylli*), 20/04/1996, IPS, SANT 35198 e 52080. >Muíños, Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8737, 1100 m, regato (*Ranunculetum omiophylli*), 04/07/1997, IPS, SANT 51485.

■ ***Ranunculus paludosus* Poiret**

Ranunculus flabellatus Desf.; *R. winkleri* Freyn

•**Descripción:** hemicriptófito con raíces fibrosas e outras tuberosas. Cepa recuberta de fibras. Follas en roseta basal, as externas enteras áinda que desaparecen ao murcharse, as internas 2-3 veces divididas. Flores amarelas, solitarias no ápice do escapo de moita maior lonxitude cá flor, con pelos brancos aplicados. Infrutescencia alongada, cilíndrica. Aquenios xibosos, coas caras cubertas de tubérculos diminutos. Pico do aquenio recto ou algo curvado.

•**Distribución:** rexión mediterránea e W Europa. P. Ibérica: na maior parte do territorio.

•**Hábitat:** pastos secos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Corgo do Mouro, 29TNG780365, 840 m, chan areoso chan, seco, rodeado de toxeira-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 07/05/2001, IPS, SANT 44981. Bouzas, A Aciñeira, 29TNG8036, 1000 m, claros de matogueira sobre chans pouco profundos, 09/05/1998, IPS, SANT 51484. >Muíños, entrada á Barxa desde Requiás, 29TNG8638, 990 m, chan compactado de pista abandonada, 17/05/2003, IPS, SANT 49440. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos, 28/05/2021, IPS, 80776.

■ ***Ranunculus peltatus* Schrank**

•**Descripción:** Hidrófito ou terófito. Follas de dous tipos, as inferiores divididas en segmentos diverxentes e as superiores laminares, en ocasións ausentes, flotantes, con 3-5 lóbulos que non profundan máis de 2/3 da lonxitude total da lámina. Flores pedunculadas na axila das follas. Sépalos patentes con ápice agudo, caducos. Corola branca cos pétalos 6-15 mm, contiguos ou superpostos, con fosa nectarífera cerca da base. Aquenios estriados (2-2,5 mm). Recep táculo piloso.

•**Hábitat:** sobre augas correntes ou estancadas.

Clave de subespecies

- | | |
|--|--|
| 1. Aquenios pilosos; pico sub-terminal; pétalos 12-15 mm, con fosa nectarífera alongada, piriforme | <i>R. p. subsp.
peltatus</i> |
| Aquenios glabros e estriados; pico lateral; pétalos 6-10 mm, con fosa nectarífera lunular | <i>R. p. subsp.
saniculifolius</i> |

■ ***Ranunculus peltatus* Schrank subsp. *peltatus***

•**Distribución:** C e W Europa. P. Ibérica: amplamente espallada ligada ao seu hábitat

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín-O Pozoco, 29TNG9340, 850 m, regato entrada pobo, 28/05/2021(06), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80776. >Muíños, río Salas, Prado, 29TNG8342, 690 m, augas correntes lentas, 27/05/2011, IPS, SANT 64749.

■ *Ranunculus peltatus* subsp. *saniculifolius* (Viv.) C.D.K. Cook

Ranunculus saniculifolius Viv.; *Ranunculus fucoides* Viv.

- **Descripción:** Hidrófito ou terófito. Follas superiores laminares con (3)5(7) lóbulos. Pétalos con fosa nectarífera lunular. Aquenios glabros e estriados (2-2,5 mm).
- **Distribución:** rexión mediterránea e Illas Canarias. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Frecuencia:** raro.
- **Pregos herborizados:**

>Muíños-BANDE, río Limia, 29TNG8850, 560 m, leito de río con augas circulantes, 24/05/1995, IPS, SANT 52082.

■ *Ranunculus platanifolius* L.

- **Descripción:** hemicriptófito que pode superar 1 m de altura, con cepa fibrosa. Talo erecto, glabro apicalmente. Follas palmatipartidas, grandes, as inferiores con segmentos de más de 10 cm de lonxitude, o central separado por senos profundos que chegan ata 2,5-15 mm da base. Inflorescencia pauciflora, aberta. Corola de 5 pétalos (8-12 mm) de cor branca. Aquenios de 3,5-4(5) mm con nerviación marcada.
- **Distribución:** Europa, fundamentalmente no C e S. P. Ibérica: metade N.
- **Hábitat:** pradarías esciófilas de bosques frescos de valgada, ameneirais e bidueirais ribeiráns.
- **Frecuencia:** raro. Piso supratemperado.
- **Pregos herborizados:**

>BANDE, Ponte Cadós, río Cadós, 29TNG8353, 690 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 52349 e 16/05/1997, IPS, SANT 52341. >Muíños, Regato da Ponte Nova, 29TNG8637, 1050 m, bidueiral de valgada-sotobosque de carballeira, 03/07/1997, IPS, SANT 52352. Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, bidueiral de valgada (*Carici reuterianae-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63041.

- **Citas previas:** MERINO (1909); LAÍNZ (1965).

■ *Ranunculus repens* L.

Ranunculus pubescens Lag.

- **Descripción:** hemicriptófito con rizoma truncado (premorso) e raíces engrosadas. Talos de dous tipos: prostrado-radicantes e erectos (floridos), estes coa base cuberta de pelos antrorsos e aplicados. Follas basais pecioladas, trisectas co segmento terminal peciolulado. Flores pentámeras de ata 3 cm de diámetro. Sépalos patentes. Pétalos de 9-15 mm, de cor amarela dourada e escama nectarífera ampla. Infrutescencia con receptáculos globoso, piloso. Aquenios glabros, lenticulares, aplanados lateralmente, con pico menor cá parte seminífera e curvado no ápice.
- **Distribución:** Europa, Asia, N África e América. En case toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** pradarías escio-higro-nitrófilas, ambientes ruderais.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021(08), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80262. >LOBIOS, Vilameá_Picouto das Chans de Abaixo, 29TNG7635, 670 m, senda de acceso a antigas fincas de cultivo, 18/06/2011, IPS 80262.

■ *Ranunculus trichophyllus* Chaix subsp. *trichophyllus*

- **Descripción:** hemicriptófito ou terófito cespitoso se non está somerxido e prostrado ou estendido-erecto cando se atopa somerxido. Talos radicantes nos nós inferiores. Follas divididas en segmentos capilares pecioladas; sen follas laminares. Sépalos patentes e caducos. Pétalos brancos

(3,5-5,5 mm). Infrutescencia globosa con receptáculo piloso. Aquenios pilosos na xuventude aínda que van perdendo o pelo na madurez. Pico subterminal.

•**Distribución:** Europa, rexión mediterránea, E e N Asia, Himalaia, S e E Australia, Tasmania e Norteamérica. Dispersa na P. Ibérica.

•**Hábitat:** zonas húmidas con pouca profundidade de auga que frecuentemente se desecan (non sempre).

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, A Telleira, Corga de Muíños-Encoro das Conchas, 29TNG8445, 560 m, comunidade de batráquidos en augas afluentes de pouca profundidade, 15/07/2000, IPS, SANT 43033.

— Thalictrum L. —

■ ***Thalictrum speciosissimum* L. in Loefl.**

Thalictrum flavum L. subsp. *glaucum* auct.

•**Descripción:** xeófito con rizoma curto e estolóns subterráneos. Talo fistuloso, erecto, con máis de 1 m, glabro. Follas basais pecioladas (pecíolo comprimido e asucado), anvaiñantes, 2-5 ternadas; as superiores sésiles. Inflorescencia terminal densa, paniculiforme e corimbosa, con alguma rama basal distanciada. Flores hermafroditas cunha soa envoltura (sépalos); periantio caduco. Estames longamente exertos das pezas periánticas, excedendo ós estigmas. Aquenios sésiles.

•**Distribución:** P. Ibérica (falta na Cornixa Cantábrica e Val do Ebro) e O Magreb.

•**Hábitat:** orla de bosques frescos ou temporalmente encharcados, ameneirais.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, comunidade de herbáceas megafóbicas higroritóficas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69931. Lama de Golpellás, 29TNG9247, 875 m, chan turboso con macollas, 15/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80813. >LOBIOS, Vilameá, río de Vilameá, 29TNG7436, 415 m, ameñeiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 52371. >MUÍÑOS, Barrio-Mugueimes, 29TNG8445, 600 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 13/06/1995, IPS, SANT 52372 e 63170.

•**Bibliografía:** MONTSERRAT (1986b).

F. RESEDACEAE

Clave de xéneros

1. Ovario formado por carpelos libres cada un con 1 soa semente	Sesamoides
Ovario unilocular formado por carpelos soldados, polispermo	Reseda

— Reseda L. —

Herbáceas. Talos ascendentes, foliosos. Follas Inflorescencia en acio. Flores hermafroditas. Corolas pétalos con varios lóbulos no ápice. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula erecta ou colgante.

•**Bibliografía:** AEDO & et al. (1993).

Clave de especies

1. Follas caulinas superiores enteras; flores tetrámeras; cápsulas erectas	<i>R. luteola</i>
Follas caulinas superiores trisectas; flores hexámeras; cápsulas péndulas	<i>R. media</i>

■ *Reseda luteola* L.

- **Descripción:** terófito anual ou bienal de ata 1 m de alto. Talos glabros. Follas enteiras ou subenteiras de marxe ondulada, sésiles, más abundantes cara a roseta. Flores tetrámeras. Cáliz con 4 sépalos soldados na base e persistentes. Pétalos 4, amarelos ou branco-amarelos. Androceo con más de 20 estames. Cápsula glabra, erecta, con 3 dentes apicais (3 estigmas). Sementes lisas, brillantes e negrizes.
- **Distribución:** Europa, N África, Macaronesia e W Asia. Naturalizada en América. Toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** marxes de camiños, entullos, cultivos, campos incultos, etc. Prefire chans areosos.
- **Frecuencia:** escaso. Localizado só no E da Baixa Limia.
- **Pregos herborizados:**
>CALVOS DE RANDÍN, c. de Paradela, 29TNG9341, 845 m, marxe de camiño, 02/10/1996, IPS, SANT 52075.

■ *Reseda media* Lag.

- **Descripción:** terófito multicaule. Talos glabros ramificados desde a base. Follas glabras, as inferiores enteiras e as superiores trisectas cun estreitamento cara a metade do limbo do que xorden dous lóbulos perpendiculares e outro terminal de maior tamaño. Inflorescencia racemosa. Flores pediceladas. Sépalos 6, reflexos na frutificación. Pétalos 6 unguiculados (con uña), brancos, os superiores trisectos, cos lóbulos laterais divididos en lacinias e o central linear-espatulado más curto cós laterais. Estames (17-20) más curtos cós pétalos. Cápsula patente ou péndula, con tres dentes no ápice.
- **Distribución:** SW Europa, NW África, Azores e Madeira. P. Ibérica: no W.
- **Hábitat:** cembas, muros; preferentemente en ambiente nitrificado.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
>BANDE, Currás, 29TNG8649, 560 m, marxe de prado, 18/06/2020, IPS, SANT 78830. >ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7343, 530 m, muro detrás de igrexa (*Sesamoido-Anarrhinetum bellidifolii*), 28/11/1995, IPS, SANT 52074. >LOBEIRA, Torneiros, 29TNG7847, 600 m, camba con rocha granítica, (*Phagnalo-Rumicetea*) 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70460. >LOBIOS, 29TNG7639, 400 m, muros de separación de fincas (*Sesamoido-Anarrhinetum bellidifolii*), 22/02/1993, IPS, SANT 52101. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, muro de contención de finca (*Sesamoido-Anarrhinetum bellidifolii*), 15/04/1993, IPS, SANT 52100. Serra de Santa Eufemia, 29TNG73, 01/05/1993, IPS, SANT 52103. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70431. >MUÍÑOS, Xermeade, río Salas, 29TNG8242, 670 m, matogueira adxacente a amencinal, 16/06/1993, IPS, SANT 52099. Muíños, 29TNG84, 19/03/1993, IPS, SANT 52102. Picós, 29TNG8444, 760 m, muro adxacente regato, 05/10/1995, IPS, SANT 52104.

— *Sesamoides* All. —

Herbáceas ou sufrúctices. Talos ascendentes. Follas alternas, de espatuladas a lineares, alternas. Inflorescencia en acio. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz de sépalos soldados, persistente. Corola con pétalos laciniados. Ovario súpero de carpelos libres.

- **Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (1993).

Clave de especies

- | | |
|---|------------------------|
| 1. Carpelos (3)4-5(6); acio <5 mm diámetro (antese); anchura follas caulinas < 3 mm | <i>S. purpurascens</i> |
| Carpelos (5)6-8; acio >5 mm de diámetro (antese); anchura follas caulinas > 3 mm | <i>S. suffruticosa</i> |



Ranunculaceae *Ranunculus bupleuroides*



Ranunculaceae *Ranunculus flammula*



Ranunculaceae *Ranunculus paludosus*



Ranunculaceae *Ranunculus platanifolius*



Ranunculaceae *Ranunculus repens*



Ranunculaceae *Thalictrum speciosissimum*



Resedaceae *Reseda luteola*



Resedaceae *Reseda media*

■ *Sesamoides purpurascens* (L.) G. López

• **Descripción:** hemicriptófito de cor verde clara. Ramas non radicantes. Talos floridos erectos ou ascendentes. Follas basais de oblanceoladas a obovado-espatuladas, longamente atenuadas na base. Acio de 3-5 mm de diámetro na antese. Pétalos superiores habitualmente con 7 lacinias. Xeralmente 4 ó 5 carpelos con estilo lateral.

• **Distribución:** subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: falta no N e é rara no E.

• **Hábitat:** cembas secos, marxes de estradas e pistas forestais con chan areoso.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Bañadoiros-Penedo da Tella, 29TNG8757, 1040 m, chans areosos de granitos descompostos, 19/06/2020, IPS, SANT 78820. >ENTRIMO, encoro de Olelas, 29TNG6640, 630 m, chans areosos, 21/04/1995, IPS, SANT 52076.

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 450 m, pradarias anuais en chans pouco profundos, queimados, 09/05/1996, IPS, SANT 52078. A Herdadiña, 29TNG7743, 340 m, comba areosa, 10/05/1998, IPS, SANT 52077.

■ *Sesamoides suffruticosa* (Lange) Kuntze ●

• **Descripción:** hemicriptófito de cor verde intensa. Ramas prostradas non radicantes, ascendentes. Follas basais xeralmente ausentes na antese. Inflorescencia en acios de 5-8 mm de diámetro na antese. Flores pediceladas, cigomorfas. Cálix persistente de sépalos soldados, reflexos, formando un tubo que termina en lóbulos ovado-triangulares de tamaño similar ou superior ao tubo. Corola con 5 pétalos libres, desiguais entre si, os superiores de maior tamaño con 8-9 lacinias. Androceo con 12-14 estames libres entre si. Ovario formado por 5-8 carpelos libres con estilo lateral.

• **Distribución:** endimismo da P. Ibérica (NW España, C e N Portugal).

• **Hábitat:** cembas secos, marxes de estradas, repisas rochosas e pistas forestais con chan areoso.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:** -

>LOBIOS, Serra do Xurés, 15/07/1994, IPS, SANT 29135. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en fase de recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70451. Serra de Santa Eufemia, Corga do Sol, 29TNG6932, 840 m, claro de breixeira toxeira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80294.

F. RHAMNACEAE

— *Frangula* Mill. —

■ *Frangula alnus* Miller

Rhamnus frangula L.

• **Descripción:** fanerófito caducifolio. Ramas vellas con lenticelas. Follas alternas, enteiras, pecioladas, con estípulas caedizas; limbo verde por ambas caras, más intenso na face, con nerviación pinnada de nervios moi marcados. Flores hermafroditas en facículos cimosos axilares, pediceladas, pentámeras, pequenas, de 2-6 mm de anchura, con hipanto soldado ao ovario no froito. Cálix con 5 sépalos más longos cós pétalos, soldados entre si e con 5 lóbulos triangulares. Corola con 5 pétalos libres, brancos, que recobren os estames. Androceo con 5 estames libres. Ovario súpero. Froito drupáceo redondo, < 1 cm de diámetro, glabro, de cor verde, vermella ou negra en función do estado de maduración.

• **Distribución:** Europa (excepto extremo N), W e C Asia, NW África. P. Ibérica: 1/3 N e áreas montañosas do resto.

• **Hábitat:** bosques e as súas orlas, vexetación arbustiva de substitución. Chans neutros ou ácidos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos-Buxán, río Cadós, 29TNG8551, 600 m, ameneiral e orla, 02/05/1996, IPS, SANT 63184. >LOBIOS, Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 940 m, valgada moi castigada por incendios, 06/06/1996, IPS, SANT 52096. Serra do Xurés, río da Amoreira, 29TNG7731, 1100 m, marxe de río con estiaxe (*Frangulo-Pyrion cordatae*), 13/06/1995, IPS, SANT 52097. Serra do Xurés, 29TNG7731, 1100 m, valgada con arbustos (*Frangulo-Pyrion cordatae*), 05/08/1995, IPS, SANT 52098 e 63183. >Muíños, Reparade, río Salas, 29TNG8242, 670 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 22/07/1993, IPS, SANT 52095.

•**Bibliografía:** RIVAS MARTÍNEZ & PIZARRO (2015).

F. ROSACEAE

Clave de xéneros

1. Árbores ou arbustos	2
Plantas herbáceas ou sufrúcticas	10
2. Con espiñas vulnerantes	3
Sen espiñas vulnerantes	7
3. Follas compostas	Rosa
Follas simples	4
4. Follas coa marxe profundamente lobulada	Crataegus
Follas coa marxe dentada	5
5. Froito en drupa	Prunus spinosa
Froito en pomo	6
6. Estilos soldados na base; anteras de cor amarela	Malus
Estilos libres na base; anteras de cor avermellada	Pyrus
7. Follas compostas	Sorbus
Follas simples	8
8. Froito en pomo	9
9. Follas caducas; hipanto glabro	Malus
Follas perennes; hipanto tomentoso	Eriobotrya
Froito en drupa	9
9. Follas novas tomentosas no envés; froito violáceo	Amelanchier
Follas novas glabras no envés; froito vermello ou negro	Prunus
10. Follas trifoliadas	11
Follas non trifoliadas	12
11. Folíolos con escasos dentes coniventes cerca do ápice	Potentilla montana
Folíolos dentados desde ao menos a metade da marxe	Fragaria
12. Flores solitarias en cumes pauciflores	13
Flores en cumes conxestos ou capítulos	14
13. Follas palmatisectas	Potentilla erecta
Follas pinnadas	Geum

14. Follas imparipinnadas; plantas anuais	Sanguisorba
Follas simples, profundamente lobuladas; plantas vivaces	Aphanes

— **Amelanchier** Medik. —

■ **Amelanchier ovalis** Medik.

- **Descripción:** fanerófito arbustivo, caducifolio. Follas simples, ovales, pecioladas, de marxe serrada, de face glabrescente e envés inicialmente tomentoso de inicio e glabro más tarde. Inflorescencia en cumes. Flores con 5 sépalos persistentes. 5 Pétalos brancos oblongo-espatulados, moito más longos ca anchos. Estames (c. 20) coas anteras amarelas. Froito redondeado (ata 1 cm de diámetro) de cor escura pruinoso, coroado polos sépalos.
- **Distribución:** C, S e SE Europa, Líbano, O Magreb e illas do Mediterráneo occidental. P. Ibérica: serras calcáreas do SE, cordilleira cantábrica e NW (Our, Za e NW Portugal).
- **Hábitat:** breixeiras do piso supratemperado.
- **Frecuencia:** escaso. Común só na Serra do Xurés.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-picos da fronteira, 29TNG7830, 1370 m, entre grandes rochas rodeadas de breixeira, 07/1992, IPS, SANT 46713. Serra do Xurés, pista das Sombras entre a desviación ás minas e a estrada de Portela do Home, 10/05/1993, IPS, M, Buján & S, Ortiz, SANT 46714. Serra do Xurés, Mina das Sombras-picos da fronteira, 29TNG7931, 1400 m, entre grandes rochas rodeadas de breixeira, 26/07/1993, IPS, SANT 46712. Serra do Xurés, c. Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1520 m, fisuras profundas de penedos graníticos, 27/05/2004, IPS, SANT 51056.
- **Bibliografía:** LAÍNZ (1956; 1968); SILVA PANDO et al. (1987); MUÑOZ GARMENDIA et al. (1998a).

— **Aphanes** L. —

Herbáceas anuais de pequena talla. Follas con estípulas soldadas, adnatas ao pecíolo e dentadas ou lobadas. Limbo con 2-3 segmentos á súa vez divididos en lóbulos ou dentes. Inflorescencia formada por cumes conxestos opostos ás follas, parcial ou totalmente tapadas polas estípulas. Flores hermafroditas, con periantio simple de 4 sépalos, con calículo. Androceo con 1 estame. Ovario ínfero, con hipanto. Froito en aquenio encerrado na úrnula que forman sépalos e receptáculo.

- **Bibliografía:** FROST-OLSEN (1998).

Clave de especies

1. Sépalos patentes; receptáculo constrinxido baixo os sépalos; estípulas divididas c. 1/3 con dentes triangulares	<i>A. arvensis</i>
Sépalos coniventes; receptáculo non constrinxido baixo os sépalos; estípulas divididas c. 1/2 con lóbulos dixitiformes	<i>A. australis</i>

■ ***Aphanes arvensis* L.**

- **Descripción:** terófito con talos (2-21 cm) moi ramosos na parte superior. Entrenós xeralmente más longos cás estípulas. Follas de 0,6-2 cm, pouco más anchas ca longas con limbo dividido en 3 (5) segmentos cada un deles á súa vez dividido en 3-4 lóbulos. Pecíolo aproximadamente da mesma lonxitude cá estípula, esta dividida nun 20-40 % en 8-12 dentes triangulares 1-2 veces más longos ca anchos. Sépalos patentes, glabros ou con algúns pelo adpreso na parte central, de marxe ciliada, con cilios más longos cos sépalos, con pezas do calículo, que en ocasións

faltan, de ata 0,1 mm, estreitas e ciliadas, patentas. Froito en aquenio totalmente encerrado no periantio.

•**Distribución:** Europa, penetrando en Asia ata o NW Irán. Introducida en Norteamérica e Nova Zelandia entre outros lugares. P. Ibérica: común no N e rara no resto.

•**Hábitat:** arvense e outros chans areosos antropizados.

•**Frecuencia:** especie que necesita confirmación na Baixa Limia.

•**Pregos herborizados:** -

■ *Aphanes australis* Rydb.

Aphanes microcarpa auct.

•**Descripción:** terófito de ata 10 cm. Entrenós varias veces más longos cás estípulas en exemplares ben desenvoltos. Follas de ½-1 cm, pouco más longas que anchas, con limbo dividido en tres segmentos ata 2/3 da súa lonxitude, cada uno deles á súa vez dividido en 2-3 lóbulos dixitiformes. Pecíolo aproximadamente da mesma lonxitude cá estípula, esta dividida aproximadamente a metade da súa lonxitude en 7-10 divisóns dixitiformes de ápice redondeado, 2-4 veces más longos ca anchos. Inflorescencia formada por cumes conxestos opostos ás follas. Flores apétalas. Receptáculo con pelos estrigosos. Sépalos coniventes, glabros ou con algúin pelo adpreso e maxe ciliada, con cilios más curtos ou similares aos sépalos.

•**Distribución:** W Europa, Azores, Madeira e Canarias. P. Ibérica: dispersa; rara na metade E.

•**Hábitat:** chans areosos preferentemente silíceos, terreos de cultivo e incultos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, c. Currás, 29TNG8649, 560 m, pasto anual entre rodaduras de entrada a prado (*Tuberarietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78773. Sobre río Limia antes Encoro das Conchas, 29TNG8648, 570 m, ambiente nitrófilo e pisado, 21/04/2021, IPS, SANT 81297. >LOBIOS, Pazos, 29TNG7639, 415 m, muro baixo horta (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52871. >MUÍÑOS, Taboadela, 29TNG8747, 740 m, cultivo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 25/03/1997, IPS, SANT 53098.

— Crataegus L. —

■ *Crataegus monogyna* Jacq. cf

subsp. *brevispina* (G. Kuntze) Franco

Crataegus brevispina Kuntze

•**Descripción:** fanerófito arbustivo, xeralmente < 5 m. Espiñas de ata 2,5 cm. Follas estipuladas, pecioladas, con limbo profundamente lobado. Inflorescencia con 4-11 flores pediceladas, con brácteas caducas. Sépalos 5, triangulares, verdes. Pétalos 5, brancos. Estames 15-20 con anteras avermelladas. Froito en pomo vermello, subgloboso o cilíndrico

•**Distribución:** Europa, Cáucaso, Anatolia, Oriente Próximo e NW África. Introducida en Madeira, América, Australia e Nova Zelandia. P. Ibérica: todo el territorio; no S só nas montañas.

•**Hábitat:** bosques e as súas orlas espiñosas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Reguengo-Prencibe, 29TNG7838, 530 m, cuneta, 09/05/1998, IPS, SANT 46720. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 420 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum subericis*), 17/06/1993, IPS, SANT 46722. Serra do Xurés, 29TNG7331, 550 m, orla espiñosa acidófila de carballeira (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 15/04/1993, IPS, SANT 46723. Devesa-Padrendo, río de Vilameá, 29TNG7436, 400 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/05/2005, IPS, SANT 53112. Padrendo, 29TNG7436, 430 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum subericis*), 02/05/2005, IPS,

SANT 53123. >Muíños, Prado-Salgueiro, Rego Salgueiro, 29TNG8440, 890 m, espiñal de orla de ameneiral (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51800.

- Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA et al. (1998b).

— **Eriobotrya** Lindl. —

■ ***Eriobotrya japonica*** (Thunb.) Lindl.

- Descripción:** fanerófito. Follas > 20 cm, con estípulas persistentes; pecíolo curto, limbo lanceolado, longamente atenuado na base e ápice acuminado, moi pouco dentado na metade superior, coa face glabra e envés piloso. Inflorescencias terminais, paniculiformes, con ramiñas densamente pilosas. Hipanto tomentoso. Cáliz con 5 sépalos persistente. Corola con 5 pétalos abrancazados maiores cós sépalos. Androceo con numerosos estames. Ovario ínfero de carpelos soldados entre si e ao receptáculo. Froito en pomo carnoso amarelo-alaranzado (nespereira), más estreito na base ca no ápice (turbanado), finalmente glabro.

- Distribución:** SE China e Xapón. Cultivado noutros continentes.

- Hábitat:** antiga finca de cultivo recolonizada por carballeira; zona térmica. Piso mesotemperado inferior.

- Frecuencia:** raro.

- Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Val de Riocaldo, 29TNG7332, 485 m, carballeira termófila en ladeira (prob. antigas fincas agrícolas), 04/09/2021, IPS, D.Manso & V.Otero, SANT 80849.

- Bibliografía:** NAVARRO & MUÑOZ GARMENDIA (1998a).

— **Fragaria** L. —

Herbáceas vivaces rizomatosas, en ocasiósns con estolóns enraizantes nos nós. Follas con estípulas soldadas ao pecíolo, agrupadas en rosetas que xorden dos nós dos estolóns, con lámina dividida en tres folíolos dentados no borde excepto na base. Flores hermafroditas. Periantio sobre pentámero. Cáliz con ao menos 5 sépalos. Corola de 5 pétalos libres, brancos. Androceo con numerosos estames. Ovario ínfero. Froito carnoso, avermellado na madurez (eterio ou fresa).

- Bibliografía:** NAVARRO & MUÑOZ GARMENDIA (1998b).

■ ***Fragaria vesca* L.**

- Descripción:** hemicriptófito con rizomas e estolóns que enraízan nos nós, onde sae a roseta de follas, e con unha bráctea nos entrenós. Talos fértiles erectos ou ascendentes. Follas pecioladas, con estípulas soldadas ao pecíolo; face glabrescente e envés con pelos aplicados. Limbo con 3 segmentos, con dentes nos 2/3 superiores. Cáliz con 5 sépalos, erectos ou errecto-patentes, reflexos na frutificación, e 5 pezas no calículo. Corola de 5 pétalos brancos. Froito en eterio (fresa).

- Distribución:** Europa, W e C de Asia, Macaronesia no tropical. Brava en numerosas rexións dentro do clima temperado. P. Ibérica: amplamente repartida; escasa cara o S.

- Hábitat:** orlas, lindeiros e claros de bosques e lugares antropizados.

- Frecuencia:** abundante.

- Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Ferreirós-Terrachán, 29TNG7243, 575 m, camiño entre salgueiral e bosque mesófilo, semiescónfila, 10/06/2020, IPS, SANT 78870. >LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, pastero nitrófilo, 15/04/1993, IPS, SANT 46724. Grou, Requeixo de Grou, río de Fragueiro (río de Grou), 29TNG7845, 440 m, camiño que atravesa carballeira e ameneiral chegando ao río desde Requeixo, 06/07/2019, IPS, SANT 77480.




Resedaceae *Sesamoides purpurascens*



Rhamnaceae *Frangula alnus*



Rosaceae *Amelanchier ovalis*



Rosaceae *Aphanes australis*



Rosaceae *Crataegus monogyna*



Rosaceae *Crataegus monogyna*



Rosaceae *Eryobotrya japonica*



Rosaceae *Fragaria vesca*

■ *Fragaria* sp

•Pregos herborizados:

>Muiños, c. de O Agrelo, 29TNG8445, 680 m, cuneta de estrada baixo muro exterior dunha finca, 01/05/2003, IPS, SANT 48896.

— *Geum* L. —

Herbáceas vivaces. Con roseta basal de follas pinnatisectas, liradas. Follas caulinas de menor tamaño e con estípulas. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz de 5 sépalos ou más, con calículo. Corola de 5 pétalos libres, amarelos. Androceo con ao menos 20 estames. Ovario ínfero de carpelos libres. Estilo xeniculado, coa parte inferior persistente no froito. Froito en poliaquenio.

•Bibliografía: LAÍNZ (1998).

Clave de especies

1. Sépalos erectos trala antese; talo pouco ou nada ramificado	<i>G. sylvaticum</i>
Sépalos reflexos trala antese; talo ramificado	<i>G. urbanum</i>

■ *Geum sylvaticum* Pourr.

•Descripción: hemicriptófito. Talos fértiles pouco ou nada ramificados, unifloros. Follas basais pinnatisectas, liradas; as caulinas reducidas, con estípulas pequenas. Sépalos 5, de 9-10 mm de lonxitude, erectos trala floración. Pétalos 5, de cor amarela viva. Estilos articulados cara a metade, con parte persistente ganchuda. Infrutescencia sostida polo carpóforo. Aquenios pouco numerosos, pilosos.

•Distribución: P. Ibérica (só falta na Cornixa Cantábrica), SE Francia e montañas do Magreb.

•Hábitat: pastos e matogueiras en ambiente non moi seco e frecuentemente pedregoso.

•Frecuencia: escaso.

•Pregos herborizados:

>LOBIOS, Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m pradaría con humidade freática, rodeado de breixeira-toxeira, 04/06/1997, IPS, SANT 52754. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1060 m, pradaría con humidade freática, rodeado de breixeira-toxeira, 12/06/1998, IPS, SANT 46711.

■ *Geum urbanum* L.

•Descripción: hemicriptófito. Talos fértiles sempre ramificados. Follas basais pinnatisectas; as caulinas medias e inferiores que seguen tendo segmentos grandes, estipuladas. Sépalos verdes, pilosos, reflexos trala floración. Estilos articulados moi por enriba do punto medio, con parte persistente ganchuda. Aquenios moi numerosos (ata máis de 100), pouco pilosos

•Distribución: Europa, NW África, C e W Asia. Alóctona en Australia e Norteamérica. P. Ibérica: estendida na metade N e serras de metade S.

•Hábitat: pradarías de orla e lindeiro de bosque.

•Frecuencia: común.

•Pregos herborizados:

>LOBIOS, Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 420 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77475. >Muiños, Couso-Taboadela, 29TNG8846, 850 m, orla nitrificada de carballeira (cf *Omphalodo-Linarietum triornithophorae*), 09/10/1996, IPS, SANT 46707. Couso-Taboadela, 29TNG8846, 900 m, orla nitrificada de carballeira (cf *Omphalodo-Linarietum triornithophorae*), 21/08/1997, IPS, SANT 46706.

— Malus Mill. —

■ *Malus sylvestris* (L.) Mill.

Pyrus malus var. *sylvestris* L.

• **Descripción:** fanerófito. Arboriña a veces espiñosa. Tronco con casca gretada que se desprende en placas. Ramas novas con xemas glabras, ciliadas na marxe. Follas con pecíolo de 1-3 cm. Limbo enteiro, marxe serrada, envés piloso inicialmente, glabras finalmente. Flores con pedicelos (9-20 mm) pilosos. Sépalos 5, tomentosos na cara interna e glabros na externa. Pétalos 5, con uña, brancos e a veces rosados. Froito en pomo globoso, de aproximadamente 2 cm de diámetro, coroados polos sépalos, verde ou avermellado.

• **Distribución:** Europa e SW Asia. P. Ibérica: metade N e algunas serras montañosas do resto.

• **Hábitat:** bosques e espiñais de orla.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

> Muíños, Corga A Torrente ou de Muíños, 29TNG8444, 600 m, carballeira antropizada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 01/05/2003, IPS, SANT 48893.

• **Bibliografía:** AEDO, MUÑOZ GARMENDIA & NAVARRO (1998).

— Potentilla L. —

Herbáceas perenes. Follas palmatisectas. Flores actinomorfas, hermafroditas, con periantio dobre. Cálix de 4-5 sépalos con calículo más curto intercalado. Corola de 4-5 pétalos libres, amarelos ou brancos. Androceo con numerosos estames libres entre si. Ovario ínfero. Froito en poliaquenio.

• **Bibliografía:** GUILLÉN & RICO (1998).

Clave de especies

1. Pétalos amarelos, flores maioritariamente tetrámeras	<i>P. erecta</i>
Pétalos brancos; flores pentámeras	<i>P. montana</i>

■ *Potentilla erecta* (L.) Raeuschel

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos fértiles laterais que non enraízan nos nós, con pelos tectores aplicados, curvados e antrorsos. Follas estipuladas, as da roseta fugaces, pecioladas; as caulinias sésiles ou subsésiles, palmatisectas, con limbo dividido maioritariamente en 3 segmentos de pinnatifidos a pinnatipartidos, con indumento laxo de pelos prateados aplicados, sobre todo nos nervios do envés. Flores inferiores axilares e con longo pedicelo piloso. Flores maioritariamente con 4 sépalos de tamaño semellante ao das pezas do epicáliz coas que alternan. Corola con 4 pétalos amarelos de 4-6 mm, maiores cós sépalos. Aqueños 1,5-2 mm, glabros.

• **Distribución:** gran parte de Europa, Cáucaso, Anatolia, W Siberia e NW África. P. Ibérica: só escasea no S e E.

• **Hábitat:** pradarías e matogueiras higrófilas, turbeiras. Acidófila.

• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

> CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*) e breixeira-toxeira higrófila (*Genistion micrantho anglicae*), 01/07/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80221. > LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-picós da fronteira, 29TNG7830, 1350 m, zona húmida, 26/07/1992, IPS, SANT 47076. Serra do Xurés, Bahnos de Rioaldo-Portela do Home, 29TNG73, marxe de regato, 15/04/1993, IPS, SANT 47074. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 940 m, marxe do regato, 06/06/1996, IPS, SANT 47077. Serra de Santa Eufemia, Padrendo-A

Magdalena, 29TNG7236, 500 m, marxe de regueiro, 20/06/1996, IPS, SANT 47073. Saa-A Regada, 29TNG7737, 650 m, marxe de regato, comunidade de *Wahlenbergia hederacea*, 09/07/1996, IPS, SANT 47071. A Portaxe, río Cabaleiro-Encoro do Lindoso, 29TNG7639, 350 m, marxe do río temporalmente anegado (*Carici lusitanici-Iridetum pseudacori*), 04/09/1997, IPS, SANT 47072. A Cela-Reparade, 29TNG8141, 700 m, pasto higrófilo (*Juncion acutiflori*) baixo cemba zumegante con *Saxifraga lepismigena*, 11/06/2020, IPS, SANT 78836. >Muíños, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 875 m, xuncal (*Juncion acutiflori*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 47075.

■ *Potentilla montana* Brot.

•**Descripción:** hemicriptófito que con frecuencia emite xermolos laterais enraizantes. Talos fértiles procumbentes, con pelos eglandulares e más dispersamente glandulares. Follas da roseta e caulinas estipuladas, palmatisectas con 3 segmentos dentados só no terzo apical e co dente terminal más pequeno cós laterais. Face menos pilosa e más verde có envés, seríceo. Inflorescencia en cumes pauciflores (2-4 flores). Cáliz con calículo de pezas más curtas cós sépalos. Pétalos, 5, brancos, libres, maiores cós sépalos. Aquenios 1,6-2 mm, con algúns pelos caducos.

•**Distribución:** W, C e S Europa. Brava en Norteamérica. P. Ibérica: N e montañas do S.

•**Hábitat:** pradarías esciófilas.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, O Agrela, 29TNG8445, 700 m, camiño que atravesa carballeira das as. *Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianii* (*Trifolio-Geranietea sanguinei*), 01/05/2003, IPS, SANT 48892.

— *Prunus* L. —

Árbores caducifolios o perennifolios. Follas simples, alternas, pecioladas, con estípulas caducas. Floración temperá, en ocasións previa ao brote das novas follas. Flores pediceladas, hermafroditas, con periantio dobre, actinomorfas. Cáliz con 5 sépalos libres. Corola con 5 pétalos libres prontamente caedizos. Androceo con numerosos estames libres entre si. Ovario formado por un só carpelo. Froito en drupa.

•**Bibliografía:** BLANCA & DÍAZ (1998).

Clave de especies

1. Perennifolio	<i>P. lusitanica</i>
Caducifolio	2
2. Arbusto espiñoso	<i>P. spinosa</i>
Árbore ou arbusto non espiñoso	3
3. Pecíolo con 2 glándulas negras ou avermelladas preto da unión coa lámina; flores e froitos longamente pedunculados; pétalos brancos; froito glabro < 2 cm diámetro	<i>P. avium</i>
Pecíolo sen 2 glándulas negras ou avermelladas preto da unión coa lámina; flores e froitos subsésiles; pétalos rosados; froito velutino > 4 cm diámetro	<i>P. persica</i>

■ *Prunus avium* L.

Cerasus avium (L.) Moench

•**Descripción:** fanerófito caducifolio de ata 30 m. Tronco con casca agrisada que se greta e ennegrece co tempo. Ramiñas glabras, lisas, pardo-avermelladas cuxa casca se descompón en laminillas papiráceas. Pecíolo das follas con dúas glándulas grosas. Limbo enteiro, serrado, acuminado,

de face glabra e envés pubescente. Flores pediceladas en fascículos (2-6). Sépalos reflexos. Pétalos brancos. Froito vermello non pruinoso (cereixas).

•**Distribución:** Europa, W Asia e NW África. P. Ibérica: na ½ N; raro cara o S.

•**Hábitat:** bosques e exemplares cultivados. A profusión do cultivo da cerdeira fai difícil coñecer cando se trata de exemplares cultivados e cando naturalizados.

•**Frecuencia:** escaso. Árbore utilizada en repoboacións lineares nas pistas da Serra do Xurés.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, A Cegañeira-As Cabanillas, 29TNG7330, 750 m, marxe de pista, 19/03/1997, IPS, SANT 46725.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1966).

■ *Prunus lusitanica* L.

subsp. *lusitanica* ●

•**Descripción:** fanerófito perennifolio de ata 20 m, árbore ou arboría. Ramas de casca case lisa, escura. Ramíñas glabras, lisas, xeralmente coloreadas de cor vermella escura como os pecíolos foliares. Follas pecioladas e lixeiramente péndulas, ovado-lanceoladas ou oblongo-lanceoladas; limbo enteiro, serrado, acuminado, subcoriáceo, discoloro. Face verde escura e brillante, envés más pálido e mate. Inflorescencia en acio axilar erecto ou suberecto, xeralmente con máis de 30 flores. Pedicelos florais de ata 1 cm, erectos ou erecto-patentes. Sépalos soldados, triangulares, glabrescentes ou ciliados cara o ápice. Pétalos brancos, patentes. Ovario semiinfero. Froito ovoide ou subgloboso, glabro que a medida que madura pasa do verde ao vermello e finalmente negro brillante sen pruina.

•**Distribución:** SW Francia, P. Ibérica (fundamentalmente no W) e Marrocos.

•**Hábitat:** bosques con humidade edáfica.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Lexislación:** Vulnerable (CGEA, 2007).

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, c. Porto Quintela, 29TNG8347, 575 m, baixo castaño, valgada sombría e húmida de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 16/12/2008, IPS & D.Manso, SANT 60028; observ.: exemplar pequeno procedente de semente. Porto Quintela, 29TNG8347, 583 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 16/12/2008, IPS & D.Manso, SANT 60029; observ.: exemplar illado debruzando en ramas baixas, con numerosos brotes. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 18/06/1993, IPS, SANT 29935. Serra do Xurés, Corga da Fecha, 29TNG7433, 500 m, orla de carballeira termófila (*Rusco-Quercetum roboris* subas. *quercetosum subericum*), contacto con regato, 02/09/1997, IPS, SANT 46674. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7332, 500 m, entre salgueiros que bordean un regato, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 46726. Serra de Santa Eufemia, Corga da Canda, 29TNG7231, 587 m, ameneiral irregular (*Osmundo-Alnion glutinosae*) rodeada de carballeira termófila, 07/10/2004, IPS, SANT 51833. Serra de Santa Eufemia, Corga da Canda, 29TNG7231, 582 m, ameneiral irregular (*Osmundo-Alnion glutinosae*) rodeada de carballeira termófila, 07/10/2004, IPS, SANT 51834. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7030, 1.053 m, bosque (*Myrtillo-Quercetum roboris*) con *Ilex aquifolium* e *Betula* en nacemento de regato, 19/10/2008, IPS & D.Manso, SANT 60005. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7030, 1075 m, nacemento de regato con *Ilex* e *Betula*, 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62183; observ.: 4 golpes a man esquerda do regato (especies compañeiras: *Betula pubescens*, *Ilex aquifolium*, *Erica arborea*, *Vaccinium myrtillus*, *Omphalodes nítida*). Idem, 13/09/2018, IPS & D. Manso. Serra do Xurés, Vía Romana, 29TNG7331 (29 57327/46317), 610 m, valgada, 16/01/2011, IPS, SANT 64190. Santa Eufemia, Corga do Sol, 29TNG6932, 820 m, bosque pluriespecífico (*Prunus*, *Acer*, *Quercus*, *Ilex*) en valgada rodeado de paredes rochosas e breixeira toxreira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80321. >MUIÑOS, c. de O Agrelo, 29TNG8445, 700 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum rivinianum*), 01/05/2003, IPS, D.Manso & R.Perdiz, SANT 48888; observ.: 2 individuos novos (<10 anos cada un), separados uns 200 m.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>BANDE, Porto Quintela, As Cortegadas, 29TNG8447, 550 m. >LOBEIRA. Hermille, O Caserío, 29TNG8045, 580 m. Cabaleiros_Grou, 29TNG7844, 430 m. >LOBIOS, Serra Sta. Eufemia, 29TNG7131, 660 m. Serra Sta. Eufemia, Corga

da Canda, Vía Romana, 29TNG7331, 540-582 m. c. Torneiros, Río Caldo, 29TNG7334, 390-425 m. Vía Romana. 29TNG7331 (29 57324/ 463165). 640 m? 3 individuos. 16/01/2011. c. A Rompecilla. 29TNG7332. 445 m. 3 individuos con xestas, érbedo, sobreira 16/01/2011. Río Caldo, Os Baños, 29TNG7435, 372-385 m. Devesa, Río de Vilameá, Río Caldo, 29TNG7436, 359-375 m. Río Caldo, 29TNG7437, 337-355 m. Aceredo Novo, 29TNG7438, 393 m. Lobios, 29TNG7639, 390 m. A Cela, 29TNG8040, 656 m. >Mutíños, O Agrelo, 29TNG8445, 700 m. Presa das Conchas, 29TNG8044, 600 m. Complexo O Corgo, 29TNG8446, 570 m.

- Citas previas:** RIGUEIRO & SILVA-PANDO (1984).

■ *Prunus persica* (L.) Batsch

•**Descripción:** fanerófito caducifolio de ata 6 m. Estípulas denticuladas, caducas. Follas co limbo moi máis longo ca ancho de ata 12 x 4 cm, aserrado e con dentes glandulosos. Flores solitarias ou xeminadas, subsentadas, con varias brácteas cocleariformes na base, as superiores pubescentes. Receptáculo glabro. Cáliz con sépalos de 4-6 mm, enteiros e pubescentes. Corola con pétalos rosados e dentados no ápice. Ovario pubescente. Froito velutino, subgloboso.

•**Distribución:** CW Asia (China, Afganistán e Irán). Cultivado, así como as súas variedades, en distintas zonas do mundo.

•**Hábitat:** cultivos de frutais e ocasionalmente bravo nas proximidades.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 460 m, illado en marxe de pista que baixa ao río, 06/07/2019, IPS, SANT 77487.

■ *Prunus spinosa* L.

•**Descripción:** fanerófito arbustivo, caducifolio, espiñoso. Casca de ramas pardo-agrisada. Ramíñas laterais pubescentes na súa xuventude. Pecíolo das follas pubescente. Limbo de 1,5-3,5 x 0,5-1,5 cm, serrado ou crenado, con dentes glandulíferos. Flores pediceladas que xorden antes cás follas, hermafroditas. Pétalos brancos. Froito azul escuro ou negro violáceo, pruinoso, subgloboso de 10-15 mm de diámetro (endrina).

•**Distribución:** Europa, W Siberia, Cáucaso, SW Asia e NW África. P. Ibérica: só escasa na ½ S.

•**Hábitat:** orla espiñosa arbustiva de bosques.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, c. desviación a Mina das Sombras, 29TNG7731, 1075 m, penedos entre a breixeira, 13/06/1995, IPS, SANT 46677. Fondevila-Vilameá, 29TNG7436, 435 m, orla espiñosa de carballeira termófila (*Prunetalia spinosae*), 05/03/1996, IPS, SANT 46678 e 04/05/1996, IPS, SANT 46676. Serra do Xurés, 29TNG7734, 1000 m, reboleira de moi baixa talla (*Quercion roburi-pyrenaicae*) recuperándose de incendios, 06/06/1996, IPS, SANT 46719. Fondevila-Vilameá, 29TNG7436, 435 m, orla espiñosa de carballeira termófila (*Prunetalia spinosae*), 06/06/1996, IPS, SANT 46675. Fondevila-A Portaxe, río Cabaleiro, 29TNG7639, 385 m, matogueira espiñosa-salgueiral, temporalmente somerxida polo encoro, 18/03/1997, IPS, SANT 46690. Fondevila-Vilameá, 29TNG7536, 410 m, espiñal secundario (*Prunetalia spinosae*), 02/10/2011, IPS, SANT 65242.

— *Pyrus* L. —

Arbustos ou arboriñas caducifolios. Follas pecioladas, ovadas, marxe dentada ou aserrada. Inflorescencia corimbiforme. Flores hermafroditas pediceladas, con periantio dobre. Cáliz con 5 sépalos triangulares, persistente. Corola de 5 pétalos libres, brancos, de emerxencia temperá. Androceo con numerosos estames libres de anteras violáceas. Ovario ínfero encerrado nun hipanto acrecente. Froito en pomo.

•**Bibliografía:** AEDO & ALDASORO (1998a).

Clave de especies

1. Follas enteiras; pétalos < 12 mm; pedúnculo frutífero flexible < 0,8 mm de grosor; froito globoso < 18 mm	<i>P. cordata</i>
Follas dentadas; pétalos > 12 mm; pedúnculo frutífero flexible < 0,8 mm de grosor; froito piriforme >20 mm	<i>P. communis</i>

■ *Pyrus cordata* Desv.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo espiñoso. Casca gretada lonxitudinalmente. Ramas pilosas de novas, con lenticelas. Follas pecioladas, estipuladas, simples, ovadas, cordadas na base, de marxe serrada. Inflorescencia en cumes corimbosos. Flores regulares, hermafroditas, con periantio dobre. Sépalos moi pilosos. Pétalos brancos. Estames con anteras avermelladas. Ovario ínfero de carpelos soldados entre si e co receptáculo. Froito en pomo globoso < 2 cm.

•**Distribución:** W, C e E Europa, Anatolia, N Irán e N África. P. Ibérica: N e NW (ata Navarra).

•**Hábitat:** orla espiñosa arbustiva de bosques.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7331, 550 m, orla espiñosa acidófila de carballeira (*Frangulo-Pyretum cordatae*), Primavera-1992, IPS, SANT 46695. Serra do Xurés, 29TNG7330, 750 m, orla espiñosa acidófila de carballeira (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 15/04/1993, IPS, SANT 46696. Serra do Xurés, río da Amoreira, 29TNG7731, 1030 m, orla de salgueiral sobre río, 12/05/1993, IPS, SANT 46699. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 680 m, reboleira (*Quercion robori-pyrenaicae*), 25/05/1995, IPS, SANT 46694. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7333, 430 m, orla espiñosa acidófila de carballeira (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 05/10/1995, IPS, SANT 46693. Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 800 m, 19/03/1997, IPS, SANT 46698. Serra do Xurés, 29TNG7430, 850 m, orla espiñosa acidófila de carballeira (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 19/03/1997, IPS, SANT 46697. Serra do Xurés, Corga da Fecha, 29TNG7433, 500 m, orla de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas, quercketosum suberis*), 02/09/1997, IPS, SANT 46692. Lobios, río Cabaleiro, 29TNG7739, 360 m, carballeira tras ameneiral, 31/08/1998, IPS, SANT 46691. Serra de Santa Eufemia, Corga da Canda, 29TNG7231, 587 m, orla de carballeira termófila (*Frangulo-Pyriion cordatae*), 07/10/2004, IPS, SANT 51835.

■ *Pyrus communis* L.

Pyrus communis var. *sativa* DC.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo ou árbore de pequena talla con ramas espiñosas, as novas pilosas, con xemas glabras e ciliadas. Follas de limbo entero, con pecíolo < 1 cm e estípulas glabras. Hipanto piloso. Sépalos pilosos. Pétalos brancos. Froito piriforme con cáliz persistente.

As pereiras cultivadas actuais son híbridas de *P. communis* con especies asiáticas.

•**Distribución:** E Europa, Cáucaso. Parece que en época romana se estendeu o seu cultivo na P. Ibérica. As formas cultivadas de peras grandes non chegan a asalvaxarse.

•**Hábitat:** aparecen pereiras cultivadas en antigas fincas abandonadas, que na actualidade están en proceso de formación de bosques. Frecuente como árbore cultivada en hortas particulares.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Torneiros-A Ponte Nova, camiño que baixa ao río, 05/10/1995, IPS, SANT 63157.

— Rosa L. —

Arbustos espiñosos. Talos flexibles con espiñas. Follas imparipinnadas, xeralmente co folíolo terminal lixeiramente maior cos laterais, estipuladas, folíolos de marxe aserrada. Flores hermafroditas con periantio dobre, actinomorfas. Cáliz con 5 sépalos. Corola de 5 pétalos brancos ou

Rosaceae *Geum sylvaticum*Rosaceae *Geum urbanum*Rosaceae *Potentilla erecta*Rosaceae *Prunus avium*Rosaceae *Prunus lusitanica*Rosaceae *Prunus spinosa*Rosaceae *Pyrus cordata*Rosaceae *Rosa canina*

rosados, maiores cós sépalos, emarginados no ápice. Androceo con numerosos estames. Ovario ínfero encerrado polo hipanto. Froito en cinorrodón ou bago.

•**Bibliografía:** SILVESTRE & P. MONTSERRAT (1998).

Clave de especies

1. Froitos cos estilos soldados formando unha columna	<i>R. rugosa</i>
Froitos cos estilos libres	2
2. Follas con denticulación dobre e glándulas no ápice	<i>R. squarrosa</i>
Follas con denticulación simple, sen glándulas no ápice	<i>R. canina</i>

■ *Rosa gr canina* L.

•**Descripción:** fanerófito arbustivo. Talos xeralmente verdosos, con acúleos curvos de base de corrente. Pecíolos sen glándulas. Follas con 5-7 folíolos de base redondeada, sen glándulas ou con algunas no nervio medio, cuoxo contorno ten denticulación simple. Estípulas auriculadas. Brácteas 1-2, caducas antes da madurez da úrnula. Pedúnculos sen glándulas. Sépalos reflexos trala antese, caducos antes da madurez. Sépalos externos con 4-8(12) lóbulos laterais. Corola cos pétalos lixeiramente escotados, de cor rosa pálida a branca. Estilos libres, non soldados nunha columna. Froito esférico, avermellado, liso, sen restos calicinos na madurez.

•**Distribución:** Europa, Cáucaso, SW Asia, NW África, Canarias e Azores. Naturalizada en América, e S Australia. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** vexetación arbustiva espiñosa na orla de bosques, sebes.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

►PORQUEIRA, LOBIOS, río Limia, 29TNG8951, 560 m, sotobosque de ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/11/2011, IPS & D.Manso.

■ *Rosa squarrosa* (A. Rau) Boreau

•**Descripción:** fanerófito glabro, con poucos acúleos no talo; diferénciase de *Rosa canina* s.str. en que os folíolos presentan denticulación dobre con glándulas no ápice.

•**Distribución:** amplamente espallada na P. Ibérica.

•**Hábitat:** chan profundo en orla de cerquiño de montaña.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

►LOBIOS, Serra do Xurés, subindo desde Vilameá á Pista das Sombras, xa preto da pista 29TNG7633, 829 m, 16/09/2018, IPS, SANT 76640.

■ *Rosa rugosa* Thunb.

•**Descripción:** fanerófito caducifolio de ata 2 m de altura. Emite brotes de raíz formando masas densas. Talos con abundantes espiñas de ata 10 mm. Follas con (5)7(9) pares de folíolos, de superficie rugosa, aserradas, con dentes agudos a obtusos. Flores en cumes. Sépalos enteiros, persistentes. Corola rosada a purpúrea. Froito avermellado redondeado, de ápice truncado, más ancho ca longo, cos sépalos erectos.

•**Distribución:** E Asia: China, Xapón, Corea, SE Siberia. Brava no W Europa.

•**Hábitat:** chan profundo e antropizado preto de regato. Pode hibridar con outras especies do xénero.

•**Frecuencia:** rara. Potencialmente invasora.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 77031.

•**Citas previas:** PULGAR & AMIGO (2019).

— **Rubus** L. —

■ ***Rubus* spp.**

•**Descripción:** fanerófito. Xénero áinda non resolto. Existen un mínimo de 3 especies na Baixa Limia.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

•**Bibliografía:** MONASTERIO-HUELIN (1998).

— **Sanguisorba** L. —

Herbáceas vivaces de cepa lixeiramente leñosa. Talos erectos con follas alternas e unha roseta na base. Follas imparipinnadas; folíolos peciolulados con marxes dentadas. Inflorescencias terminais en glomérulos densos subglobosos. Flores hermafroditas con periantio simple, sepalode. Androceo con numerosos estames exertos libres entre si. Ovario ínfero. Froito encerrado nunha úrnula coas caras ornamentadas.

•**Bibliografía:** NAVARRO & MUÑOZ GARMENDIA (1998).

Clave de especies

1. Úrnula con verrugas de ápice plano nas caras e vértices grosos descontínuos	<i>S. verrucosa</i>
Úrnula con verrugas de ápice agudo nas caras e vértices estreitos continuos	<i>S. minor</i>

■ ***Sanguisorba minor* Scop.**

subsp. *minor*

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos con follas alternas, glabros ou con pelos pluricelulares, unicelulares ou de ambos tipos. Follas da roseta e caulinas imparipinnadas, con folíolos peciolulados de marxe dentada ou pinnatífida. Inflorescencia terminal, densa, ovoide, as laterais pendiculadas. Flores apétalas, bracteadas. Cáliz con 4 sépalos patentes e coa marxe membranosa, caducos. Estames exertos. Ovario ínfero. Úrnulas maduras moi verrugosas, con costelas con ás estreitas e continuas ou moi pouco recoñecibles.

•**Distribución:** Europa ata C e S Rusia, W e SW Asia e NW África. P. Ibérica: diminúe de N a S.

•**Hábitat:** cunetas, chans pouco profundos e secos de zonas baixas.

•**Frecuencia:** ¿común?.

•**Pregos herborizados:**

>MUÍÑOS, Porqueirós-presa do Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto viario anual/vivaz, 19/06/2020, IPS, SANT 78822. Sobre río Salas, Reparade-Prado-Corga da Raposa, 29TNG8242, 675 m, cuneta, chan con areas grosas, subnitrófilo, 21/04/2021, IPS, SANT 81291.

■ ***Sanguisorba verrucosa* (Link ex G. Don) Ces.**

Sanguisorba minor subsp. *magnolia* (Spach) Cout.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos erectos, glabros, simples, escasamente ramificados cara o ápice. Follas imparipinnadas, as da roseta numerosas e as caulinas alternas e escasas, con folíolos pinnatífidos, glabras. Inflorescencias terminais con aspecto de capítulos lixeiramente alongadas, con flores

femininas no ápice e hermafroditas no resto. Flores sentadas de ovario ínfero, cunha soa envoltura periántica, sepaloides. Estames numerosos, avermellados. Froito en cápsula con costelas anchas nos vértices, xeralmente descontinuas, que delimitan caras con verrugas de ápice plano ou obtuso.

•**Distribución:** bacía mediterránea, S Europa (ata Balcáns e Cáucaso), e W Asia. P. Ibérica: falta na Cornixa Cantábrica e áreas oceánicas de Galicia.

•**Hábitat:** pradarías subnitrófilas (*Sisymbretalia officinalis*).

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Requeixo, 29TNG7739, 430 m, marxe de estrada, 09/07/1993, IPS, SANT 52869. Os Baños de Riocaldo, 29TNG7534, 400 m, terreo antropizado ao lado de termas, 24/05/1995, IPS, SANT 52868. A Anta, 29TNG7537, 440 m, marxe de camiño rodeado de pradarías anuais sobre chans pouco profundos e breixeira-toxeira, 09/05/1996, IPS, SANT 52867 e 63154; obsery.: úrnulas verrugosas pero con costelas non aladas recoñecibles. Xendive, 29TNG7741, 420 m, pradarías anuais sobre chans areosos en cuñeta, 10/05/2011, IPS, SANT 64545. >**Muiños**, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, pastero pisado e nitrificado, 26/03/1997-1, IPS, SANT 64241. Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual subnitrófilo (*Sisymbrium officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80784.

— ***Sorbus* L.** —

Árbores ou arbustos caducifolios. Follas pecioladas, simples ou compostas. Inflorescencia corimbosa. Flores actinomorfas de periantio dobre. Cálix de 5 sépalos. Corola con 5 pétalos libres. Androceo con numerosos estames en 3 verticilos. Ovario ínfero de carpelos soldados entre si e co receptáculo. Froito en pomo.

•**Bibliografía:** AEDO & ALDASORO (1998b).

Clave de especies

1. Follas pinnadas	<i>S. aucuparia</i>
Follas simples, enteras ou lobuladas	2
2. Follas enteras ou lobuladas na marxe; froitos vermellos	<i>S. aria</i>
Follas poligonais con 3-5 lóbulos; froitos pardos	<i>S. torminalis</i>

■ ***Sorbus aria* (L.) Crantz**

•**Descripción:** fanerófito caducifolio do que só se atopan exemplares arbustivos na Baixa Limia. Casca gris, lisa. Ramas novas pilosas, con lenticelas. Follas pecioladas, simples, serradas, pouco más longas ca anchas, en ocasións lateralmente lobuladas, de face glabrescente e envés branco-tomentoso. Sépalos 5. Pétalos 5, blancos, de limbo entero. Froito en Pomo vermello, subgloboso.

•**Distribución:** N, C e W Europa, NW África e Canarias. P. Ibérica: falta en gran parte do cuadrante SW.

•**Hábitat:** piso supratemperado da Serra do Xurés, en refuxios con ambiente fresco.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, nacemento Corga do Medeiro, 29TNG7730, 1300 m, chan algo húmedo entre as rochas de cume, 14/06/1995, IPS, SANT 46433. Serra do Xurés, 29TNG7431, 870 m, marxe de pista forestal, 28/05/1999, IPS, D.Manso & C.Vello, SANT 45883.

■ ***Sorbus aucuparia* L.**

•**Descripción:** fanerófito caducifolio de talla arbórea e casca lisa e gris. Ramas novas pilosas, con lenticelas. xemas tomentosas. Follas pecioladas, estipuladas, imparipinnadas con 5-7 pares de

folíolos, sésiles ou case; o terminal decorrente e peciolulado, de marxe serrada ao menos na metade superior. Inflorescencia corimbiforme. Estilos 3-4. Pomo subgloboso, vermelho, xeralmente sen lenticelas.

•**Distribución:** eurosiberiana ata o N de Irán. P. Ibérica: zonas montañosas da metade N.

•**Hábitat:** bidueirais de substitución das carballeiras supratemperadas, valgadas e diversos refuxios (incluso gretas de rocha) no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1450 m, gretas anchas entre rochas, rodeado de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broterana*), 15/07/1992, IPS, SANT 46432. Serra do Xurés, ladeira da Mina das Sombras, 29TNG7830, 27/07/1992, IPS, SANT 46431. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 960 m, entre rochas a refuxio de incendios, 06/06/1996, IPS, SANT 46434. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 25/09/1999, IPS, SANT 46435.

■ *Sorbus torminalis* (L.) Crantz

•**Descripción:** fanerófita arbóreo (só exemplares arbustivos na Baixa Limia) con casca escamosa gris. Ramas novas pilosas, con lenticelas. Xemas glabras con escamas ciliadas. Follas pecioladas, estipuladas, de pilosas na floración a glabrescentes na frutificación, simples, de contorno poligonal, con 3 pares de lóbulos, serradas, xeralmente de base cordada. Sépalos densamente pilosos en ambas caras. Pétalos enteiros, brancos. Pomo subgloboso, pardo.

•**Distribución:** W, C e S Europa, Cáucaso, NW África, W Asia. P. Ibérica: falta no cuadrante SW.

•**Hábitat:** carballeira no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>MIÑOS, Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, sotobosque de carballeira supratemplada (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 09/05/1998, D.Manso & IPS, SANT 46435.

F. RUBIACEAE

Estípulas moi desenvoltas que forman xunta ás láminas verticilos de follas. Flores xeralmente tetrámeras, tamén trímeras e pentámeras. Cáliz inexistente ou con 4-5 lóbulos. Corola de pétalos soldados. Estames soldados polos filamentos á corola. Ovario ínfero formado por 2 carpelos. Froito en drupa ou esquizocarpo formado por 2 mericarpos.

Clave de xéneros

1. Flores con cáliz ben desenvolto; flores rosadas	<i>Sherardia</i>
Flores sen cáliz ben desenvolto; flores brancas ou amarelas	2
2. Inflorescencia en espiga	<i>Crucianella</i>
Inflorescencias en cumes	3
3. Cumes de flores en verticilos	<i>Cruciata</i>
Cumes de flores doutra forma	4
4. A maioría das flores con 5 pétalos; froito carnoso	<i>Rubia</i>
A maioría das flores con 4 pétalos; froito seco	<i>Galium</i>



Rosaceae *Rosa rugosa*



Rosaceae *Rubus sp.*



Rosaceae *Sanguisorba minor*



Rosaceae *Sanguisorba verrucosa*



Rosaceae *Sorbus aria*



Rosaceae *Sorbus aucuparia*



Rosaceae *Sorbus torminalis*



Rubiaceae *Crucianella angustifolia*

— Crucianella L. —

■ *Crucianella angustifolia* L.

• **Descripción:** terófito de ata 45 cm, erecto, glauco. Follas de 5-30 mm en verticilos de 6-8, as inferiores linear-lanceoladas, as superiores lineares coa marxe revolta e algo ásperas, glaucas. Flores en espiga estreita e densa, de 2-8 cm. Brácteas opostas e cada unha con 2 bractéolas na base que recobren case totalmente ás flores, todas coas marxes membranosas. Flores tetrámeras. Cáliz ausente. Corola de 4-5 mm, más ou menos do mesmo tamaño cá bráctea correspondente, amarelenta, con 4 pétalos soldados, co tubo máis longo cós lóbulos, estes coniventes e acumulados. Froito con 1-2 mericarpos.

• **Distribución:** S Europa e W Asia. P. Ibérica: amplamente espallada.

• **Hábitat:** ambientes secos e pedregosos, xeralmente no piso mesotemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> ENTRIMO, Guxinde-Ferreirós, Corga Seca, 29TNG7245, 620 m, comba (*Sesamoidion suffruticosae*), 22/04/1995, IPS, SANT 52172. > LOBIOS, Prencibe-Esperanzo, 29TNG7937, 670 m, pradaría nitrófila viaria (*Echio rosulati-Silybetum mariani*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52173. Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, 29TNG73, 14/07/1993, IPS, SANT 52174. Ganceiros, A Angueira, 29TNG7841, 500 m, claros de *Cytisetum striati* subas. *arbuetosum unedonis*, 22/06/2000, IPS & C.Vello SANT 43041. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, pasteiro anual termófilo, con *Silene scabriiflora*, *Logfia minima*, *Andryala arenaria*, rodeado de berceal de *Stipa gigantea*, 02/06/2011, IPS, SANT 64753. Serra do Xurés, 29TNG7634, 730 m, chans pouco profundos sobre penedos, 18/06/2011, IPS, SANT 65258. Pazos-Ermida de San Bartolomeu, 29TNG7539, 430 m, pasteiro viario, 13/07/2012, IPS, SANT 65879.

• **Bibliografía:** DEVESPA (2007e).

— Cruciata Mill. —

■ *Cruciata glabra* (L.) Ehrend.

subsp. *hirticaulis* (Beck) Natali & Jeanm.

Galium vernum Scop. var. *hirticaule* Beck

• **Descripción:** xeófito con estolóns subterráneos. Talos pilosos. Follas en verticilos de 4, patentes, planas ou coa marxe engrosada, ciliadas na marxe e pilosas en ambas caras. Pedúnculos das flores sen brácteas e sen pelos ou moi poucos. Flores centrais dos cumes hermafroditas, as laterais masculinas. Cáliz ausente. Corola con 4 pétalos soldados, con lóbulos moito más longos có tubo, rotácea, glabra, de cor amarela. Froito con 1 mericarpo por flor, con forma de pera, coa superficie lisa, de cor pardo-negriza e brillante.

• **Distribución:** S Europa. P. Ibérica: metade N e algunha poboación illada no C e metade S.

• **Hábitat:** bosques e as súas orlas.

• **Frecuencia:** escasa.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, Os Palleiros, 29TNG7129, 940 m, orla de bosque (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 19/05/1993, IPS. Prencibe-Esperanzo, 29TNG7938, 630 m, orla de bosque (cf *Genisto falcatae-Quercetum pyrenaci*), 25/05/1995, IPS, SANT 63151. Torneiros, 29TNG7434, 470 m, orla de bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*), 24/03/1997, IPS, SANT 52177.

• **Bibliografía:** DEVESPA (2007f).

— ***Galium* L.** —

Talos e follas frecuentemente antrorso ou retrorso escabriúsculos. Follas en verticilos. Flores terámeras. Cáliz ausente. Corola de 4 pétalos soldados con tubo curto e 4 lóbulos. Androceo con 4 estames adnatos á corola. Ovario ínfero. Froito en esquizocarpo con 2 mericarpos secos.

•**Bibliografía:** ORTEGA OLIVENCIA & DEVEZA (2007).

Clave de especies

1. Flores amarelas	<i>G. belizianum</i>
Flores brancas ou verdosas	2
2. Plantas anuais	3
Plantas vivaces	4
3. Follas > 15 mm; flores brancas	<i>G.aparine</i>
Follas < 15 mm; flores verdosas	<i>G. parisense</i>
4. Verticilos con 4 follas > 5 mm de anchura e con 3 nervios no limbo	5
Verticilos con 4-10 follas < 5 mm de anchura e con 1 só nervio no limbo de cada folla	6
5. Froito (mericarpos) piloso	<i>G. rotundifolium</i>
Froito (mericarpos) glabro	<i>G. broterianum</i>
6. Corola con lóbulos claramente apiculados	7
Corola con lóbulos non apiculados	8
7. A maior parte das follas dos talos principais > 2,5 mm de anchura	<i>G. mollugo</i>
A maior parte das follas dos talos principais < 1,5 mm de anchura	<i>G. lucidum</i>
8. Corola non rotacea	9
Corola rotacea	10
9. Follas de 0,25-0,6(1,3) mm de anchura e de ápice agudo; panícula umbeliforme, obovada	<i>G. debile</i>
Follas de (1)1,5-6,5 mm de anchura e de ápice obtuso; panícula piramidal ou obovoide	<i>G. palustre</i>
10. Plantas cespitosas, estolonífera	<i>G. saxatile</i>
Plantas non cespitosas (non estoloníferas?)	11
11. Talos con entrenós lisos, sen acúleos retrorrosos	<i>G. estebanii</i>
Talos ao menos parcialmente con entrenós con acúleos retrorrosos	<i>G. papillosum</i>

■ ***Galium aparine* L.**

•**Descripción:** terófito gabeador con talos que superan 1 m, xeralmente ramosos, con maior pilosidade nos nós, fortemente escábridos nos ángulos. Follas medias pecioladas en verticilos de (5)6-9(10), de 15-60 x 1-9,5 mm, aristadas. Lámina con face pilosa ou piloso-escábrida e envés glabro excepto en nervio e marxes retrorso-escábridos ou con unha das bandas submarxinais antrorso-escábrida preto do ápice. Inflorescencia en panícula terminal co eixe retrorso-escábrido. Cumes florais sobre pedúnculos retrorso-escábridos, que superan ou acadan o tamaño das brácteas. Corola branca, glabra, rotácea, de 1,5-3 mm de diámetro,

cos lóbulos erectos ou patentes más longos có tubo. Froito de 3-5 mm, cuberto densamente con setas uncinadas, ganchudas.

•**Distribución:** eurosiberiana e mediterránea. Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** ambientes nitrificados ruderais, orlas herbáceas escionitrófilas de bosques e as súas primeiras etapas de substitución.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños, 29TNG8448, 590 m, cuneta e marxe de estrada, 06/07/2005, IPS, SANT 53990. >CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa-Lama da Cova, 29TNG9339, 850 m, comunidade de grandes herbáceas higronitrófilas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69928. >MUIÑOS, Salgueiro, 29TNG8439, 995 m, xesteira sobre antigos campos de cultivo (*Halimio-Cytisetum multiflori*), 02/07/1997, IPS, SANT 52170.

■ *Galium belizianum* Ortega-Oliv, Devesa & T. Rodr.

•**Descripción:** hemicriptófito estolonífero, multicaule de ata 60 cm. Talos glabros, glaucos, erectos ou ascendentes, de 1-1,5 mm de anchura. Follas discoloras en verticilos de 6-8 no talo principal e 5-6(7) nas ramas laterais, lineares, de (0,5)1-2(2,3) mm de ancho, erectas ou erecto-patentes (en ocasións as inferiores reflexas), con marxes planas ou lixeiramente revolutas que deixan ver o envés. Marxe lisa ou con 1-3 fileiras de pelos antrorso-escabriúsculos e ápice terminado en 1 aresta de menos de 0,5 mm. Inflorescencia en panícula terminal laxa, glabra, pruinosa, con brácteas foliáceas. Inflorescencias parciais címosas. Corola de cor amarela limón, rotácea, con lóbulos de maior tamaño có tubo e terminados nun apículo. Estames con anteras amarelas. Ovario glabro, pruinoso. Mericarpos negrizos na madurez, de 1-1 mm, subreniformes, glabros, coa superficie lisa ou algo rugosa.

•**Distribución:** endimismo das montañas do entorno das serras Xurés-Gerês, que en Ourense acada o Parque Natural Montes de Invernadoiro (RODRÍGUEZ GUITIÁN et al., 2020).

•**Hábitat:** prospera en chans profundos de brañeiras, pastos de dente e cunetas. Refúxiase en cembas e marxes de regatos estacionais de montaña con leito pedregoso, sobre chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilaríño, 29TNG9236, 1070 m, cunetas e planicie sobre cemba en entrada aldea, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. c. Vilaríño, 29TNG9236, 1110 m, en cunetas, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 81311. Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, pastos entre matogueiras, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80255. >ENTRIMO, Fronteira Ameixoeira, 29TNG6948, 790 m, colonizando chans areosos na base dunha cemba a poucos metros da fronteira, 10/06/2020, IPS, SANT 78868. >LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-cumes, 29TNG73, > 1200 m, 26/07/1992, IPS SANT 51954. Fondevila-Aceredo Novo, 29TNG7438, 390 m, cuneta de estrada nacional, 18/06/1997, IPS, SANT 51945. Serra do Xurés, 29TNG7632, 1047 m, chans pedregosos de valgada seca e descendendo por marxe de regato estacional, 30/06/2005, IPS, SANT 53505. Serra do Xurés, 29TNG7631, 999 m, chans pedregosos, 30/06/2005, IPS, SANT 53506. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 930 m, base de cemba de pista, 25/06/2007, IPS, SANT 57395. Serra do Xurés, Corvelte, 29TNG7734 (29T 0577727 / 4634289), 1162 m, brañal (*Nardetea strictae*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59556. Serra do Xurés, A Chan da Vella, 29T7732 (577089 E / 4632457 N), 1094 m, chans pouco profundos en zona chá; <20 individuos, 05/08/2008, IPS & A.Dopazo, SANT 59630; *observ*: prego testemuño BG Pulgar080805. Serra do Xurés, 29TNG7631, 930 m, penedos en corga estacional, 28/06/2012, IPS, M.Serrano, R.Carbalal & R.Perdiz, SANT 65831. >MUIÑOS, Serra do Pisco, 29TNG8938, 1050 m, matogueira con *Ulex minor* (*Daboecion cantabricae*), 21/08/1997, IPS, SANT 51946; *observ*: algunha rama ten a inflorescencia pilosa como en *Galium verum*. Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pastos sobre chans profundos en claros de matogueira con *Ulex minor*, 24/06/2011, IPS, SANT 65289. Serra do Pisco, 29TNG8837, 1286 m, pastos en claros de matogueira (*Violion caninae*), 24/06/2011, IPS, SANT 65294. Presa do encoro de Salas-Requiás, As Colmeas, 29TNG8740, 850 m, marxe de pista forestal, 19/06/2020, IPS, SANT 78869. >PORTUGAL, P.N. Peneda Gerês, Tourem-Pitoes das Jhunias, 29TNG9238, 1050 m, matogueira de *Ulex minor* con distinto grao de hidromorfía, 10/07/1998,

IPS, SANT 52175. P.N. Peneda Gerés, Tourem-Pitoes das Jhunias, 29TNG9238, 1050 m, matogueira de *Ulex minor* con distinto grao de hidromorfía, 23/07/1998, IPS, SANT 52169; *observ.*: prego con dúas formas: A-escurece ao secarse, más robusta, glabra; B- non escurece ao secarse, gráclil, face das follas pilosa.

•Outras localizacións xeoreferenciadas:

>**LOBIOS**, Corga da Fecha, Marxe ameneiral-salgueiral alterada, 29TNG7363, 450 m, IPS. 29TNG7734 (0577727 / 4634289), 1162 m, 02/07/2008, IPS & D.Manso. 29TNG7632 (0576431 / 4632684), 1045 m, 10 individuos, 02/07/2008, IPS & D.Manso. Serra de Santa Eufemia, camiño ao lado caseta enriba de acereiro, 29TNG7030, 1076 m, 07/2012, IPS. >**MUÍÑOS**, Requiás, Portela de Pitoens_Os Vaqueiros, 29TNG8736, 29TNG8737, pastos con *Avenula sulcata*, *Pseudarrhenatherum longifolium*, *Agrostis* en claros de matogueira, marxe do camiño, 21/05/2011, IPS. Requiás, Portela de Pitoens_Ruta de A Barxa, 29TNG8636 e 29TNG8637, pastos marxe do camiño, 27/05/2011, IPS. Presa do Encoro de Salas, cunetas, 29TNG8741, 850 m, 18/06/2020, IPS.

■ *Galium broterianum* Boiss. & Reut. ●

•**Descripción:** hemicriptófito uni o pluricaule que pode emitir estolóns avermellados enraizantes nos nós, ramoso. Con 4 follas en cada verticilo de 10-41 x 8-18(22) mm, sésiles ou brevemente pecioladas, más ou menos elípticas, planas, recorridas por 3 nervios, obtusas no ápice; face glabro ou excepcionalmente piloso nos nervios; envés piloso nos nervios e con glándulas epidérmicas inchadas na porción distal. Inflorescencia paniculiforme, ovoide-piramidal, co eixe glabro ou retrorso escabriúsculo nos ángulos, ramas opostas e erecto-patentes e pedúnculos glabros. Divisións de última orde con dicasios de 2-3 flores. Corola infundibuliforme ou crateriforme de 1,8-3,7 mm de diámetro, branca. Mericarpos oblongos ou subreniformes de 0,8-1,2(1,6) mm, glabros, rugosos ou levemente papilosos.

•**Distribución:** endimismo do CW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** leitos rochosos de ríos con estaxe. Pisos Meso e Supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Olelas, Encoro de Olelas, 29TNG6740, 620 m, marxe de encoro, 21/04/1995, IPS. Guxinde, Serra de Queguas, 29TNG7047, 900 m, brañal (*Nardo-Caricetum binervis*), 03/08/1995, IPS. Guxinde, río Agro 29TNG7047, 640 m, fisuras de rochas que afloran do leito do río (*Galio broteriani-Caricetum reuteriana*), 14/07/2000, IPS, SANT 43011. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 800 m, matogueira higrófila (*Genisto anglica-Ericetum tetralicii*), 07/1992, IPS. Gustomeau-Esperanzo, Corga da Poncela, 29TNG7937, 490 m, entre rochas de leito de río (*Galio-Caricetum reuteriana*), 09/07/1996, IPS. Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, 29TNG7733, 1050 m, ambiente pedregoso baixo cascada (*Galio-Caricetum reuteriana*), 22/08/1997, IPS. >**MUÍÑOS**, río Salas, 29TNG8041, 550 m, marxe de río (*Galio broteriani-Caricetum reuteriana*), 21/07/1993, IPS.

■ *Galium debile* Desv.

•**Descripción:** hemicriptófito de talos delgados, de 0,4-0,8(1) mm, simples ou con ramificacións erectas ou erecto-patentes. Entrenós medios e superiores glabros ou con acúleos retrorso-es-cabriúsculos pouco apreciables de ata 0,1 mm nos ángulos. Follas sésiles en verticilos de (4)6, de 3,5-10(16) x 0,25-0,6(1,3) mm, de lineares a lanceolado-lineares, de ápice agudo e mítico ou debilmente aculeolado, glabras ou antrorso-escabriúsculas e marxe levemente antrorso-es-cabriúscula. Inflorescencia en panícula terminal umbeliforme, obovada, en ocasións con 1-2 ramas basais erectas ou erecto-patentes. Flores tetrámeras con pedicelos suberectos e glabros menores có diámetro da corola. Corola branca, en ocasións rosada externamente, de 1,8-2,8(3,2) mm de diámetro, de rotácea a campanulada, glabra, frecuentemente papilosa no exterior, con pedicelos menores có diámetro da corola. Pedicelos frutíferos erectos, converxentes no froito. Mericarpos de 0,9-1,3(1,6) mm, papiloso-granulosos, pardo-negrizos, glabros.

•**Distribución:** W e S Europa, SW Asia e NW África. P. Ibérica: C, N e W.

•**Hábitat:** marxes de balsas e medios encharcados.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Ribas de Arauxo-A Portaxe, 29TNG7640, 350 m, comunidade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricea*), 15/05/1997, IPS.

■ ***Galium estebanii* Sennen**

•**Descripción:** hemicriptófito con talos de menos de 1 mm de diámetro, simples e só ramificados na inflorescencia, sen acúleos retrorsos e con indumento nos entrenós basais hirsuto ou tomentoso que vai declinando cara a inflorescencia. Nós glabros ou con 1 fila de pelos retrorsos. Follas en verticilos de 6-9(10), erectas ou erecto-patentes (patentes), de lineares a estreitamente oblanceoladas, 4-12(17) x 0,4-0,9(2) mm, con ápice agudo, aristado e en ocasións algo recurvado, as do terzo basal hirsuto-pilosas na face, con pelos moi curtos, glabras ou antrorso-escábridas; envés glabro ou algo escabriúsculo no nervio medio. Inflorescencia paniculiforme con ramas erectas ou erecto-patentes e eixe e pedúnculos florais glabros excepto en rara ocasión cara a base. Flores tetrámeras. Pedicelos iguais ou menores có diámetro da corola, glabros. Corola rotácea, branca, glabra. Mericarpos 0,7-1,3(1,4) mm, globosos ou subreniformes, glabros, papilosos, de cor parda mate.

•**Distribución:** S Francia e P. Ibérica (metade N e SE).

•**Hábitat:** matogueiras, claros de bosque, pedregais e pastos.

•**Frecuencia:** común.

Clave de variedades

- | | |
|--|------------------------|
| 1. Entrenós basais hirsutos ou tomentosos; follas pilosas sobre todo no terzo basal | var. <i>estebanii</i> |
| 2. Entrenós glabros e lisos; follas escábridas ou glabras na face e glabras no envés | var. <i>leioclados</i> |

■ ***Galium estebanii* var. *leioclados* (Pau) Ortega Oliv. & Devesa**

Galium pinetorum Ehrend.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Herdadiña, 29TNG7743, 345 m, erbedal aberto (*Daphne gnidii-Arbutetum unedonis*), 23/05/1997, IPS. >Muíños, Porqueirós, Lama do Muíño, 29TNG8644, 830 m, xuncal (*Peucedano lancifolii-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS.

■ ***Galium lucidum* L.**

••**Descripción:** hemicriptófito estolonífero e multicaule, con talos de 0,5-1,6 mm, ascendentes o erectos, lisos, poligonais, ramificados. Follas, 6-10(12) por nó, lineares, linear-lanceoladas ou estreitamente oblanceoladas, con aresta de c. 0,5 mm, glabras ou hirsuto-pilosas sobre todo no nervio medio do envés. Inflorescencia paniculiforme, piramidal ou anchamente oblonga, con ramas opostas e erectas ou patentes. Brácteas de primeira orde en verticilos de 4-8(10) menor tamaño cás ramas, estas glabras. Pedicelos glabros. Flores tetrámeras. Corola branca, rotácea, con tubo curto e 4 lóbulos apiculados no ápice. Ovario ínfero, glabro. Mericarpos globosos, de 1,2-2 mm, pardos ou negrizo, lisos ou finamente papilosos.

•**Distribución:** S e CS Europa e NW África. P. Ibérica uniforme no E; localizacóns illadas no W.

•**Hábitat:** prefire chans calcáreos áinda que tamén é capaz de prosperar en chans ácidos. Busca exposicións soleadas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

- >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7634, 690 m, breixeira-toxeira (*Calluno-Ulicetea*), 18/06/2011, IPS, SANT 65313.
>**MUIÑOS**, Requiás, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pastos *violion caninae* e camiño, 27/05/2011, IPS, SANT 64797.

■ ***Galium mollugo* L.**

Galium elatum Thuill.

•**Descripción:** hemicriptófito moi ramificado. Talo de 0,7-2,5 mm de ancho, moi ramificado, con entrenós sen acúleos retrorsos e nós con eles. Follas 6-10 por verticilo, de 6-18(26) x (1)2,5-8 mm, oblongas ou oblanceoladas, patentes ou reflexas, sésiles, con 1 nervio notable, con marxe antrorso-escábrida, con aresta de menos de 1 mm. Inflorescencia en panícula terminal, laxa, coas ramas divaricadas, glabras ou moi pouco pilosas. Brácteas das inflorescencias de primeira orde en verticilos de 4-9, patentes ou reflexas. Pedicelos glabros. Corola con 4 pétalos soldados, brancos, rotácea, glabra, de 2,6-5,4 mm de diámetro. Lóbulos con ápículo patente ou incurvado de ata 0,5 mm. Mericarpos de 1-1,8(2,1) mm pardos ou pardo negrizos, levemente rugosos, elípticos, glabros.

•**Distribución:** Europa, Asia Menor e NW África. Naturalizado noutros continentes. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** claros de matogueira e orlas herbáceas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

- >**CALVOS DE RANDÍN**, c. Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, en cunetas, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >**LOBIOS**, Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, 19/06/1996, IPS. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7333, 470 m, zona de contacto matogueira mesófilo-fonte con vexetación de *Montio-Cardaminetea*, 11/04/1997, IPS. >**MUIÑOS**, río Salas, 29TNG8041, 550 m, orla de breixeira, 21/07/1993, IPS; **observ.**: o diámetro das corolas, en ocasións superior a 3 mm, e parcialmente maior cós pedicelos parece adscribirse á subsp. *erectum* Syme (*G. album* Miller); a disposición das ramas da inflorescencia corresponde á subsp. típica. Guntumil, 29TNG8940, 880 m, pradaría escionitrófila (*Geranio-Caryophyllum*), 19/09/1998, IPS, 52110.

■ ***Galium palustre* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos 0,4-1,4 mm de diámetro, simples ou ramificados con ramificacions curtas erectas ou erecto-patentes –as inferiores estériles. Entrenós medios e superiores de talos glabros ou con acúleos retrorsos nos ángulos; os inferiores curtos e con follas diminutas. Follas en verticilos de 4-6 nas ramas principais de 4-30(35) x (0,9)1-6,5(8,5) mm e de 4 follas nas secundarias, oblongas, elípticas ou obovadas, cun nervio principal conspicuo, con ápice obtuso e mítico ou inconspicuamente aculeolado. Inflorescencia en panícula terminal, piramidal ou obovoide, con ramas xeralmente opostas e erecto-patentes na antese, con pedúnculos maiores cás brácteas. Corola glabra con 4 pétalos soldados brancos, de campanulada a subrotácea, de (1,8)2-4(4,7) mm de diámetro. Pedicelos frutíferos divaricados formando un ángulo obtuso entre eles, maiores ou igualando ao froito. Mericarpos de 1-2 mm, negrizos, glabros, rugosos ou papilosos, ovoides ou subglobosos.

•**Distribución:** Eurasia. Introducida en América Temperada. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** chans húmidos ou encharcados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

- >**LOBIOS**, Río Caldo, A Ponte Nova, 29TNG7331, 490 m, entre penedos de marxe de río (*Galio broterianii-Caricetum reuterianii*), 09/07/1996, IPS. Ribas de Arauxo-Requeixo, río Cabaleiro, 29TNG7739, 380 m, pradaría escio-higro-nitrófila (*Picrido-Eupatorium cannabini*), 31/08/1998, IPS. >**MUIÑOS**, Barrio-Taboadela, 29TNG8747, 670 m, prado

higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS. Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 740 m, pradaría higrófila (*Deschampsio-Juncetum effusii*), 30/06/1999, IPS, SANT 50528.

■ *Galium papillosum* Lapeyr.

Clave de subespecies

- | | |
|---|------------------------------------|
| 1. Talos delicados < 1 mm de diámetro; verticilos de 4-6(7) follas delicadas; pedicelos florais xeralmente maiores có diámetro da corola | <i>G. p. subsp.
helodes</i> |
| Talos fortes de ata 1,75 mm de diámetro; verticilos de 6-7(8) follas subcoriáceas; pedicelos florais xeralmente menores có diámetro da corola | <i>G. p. subsp.
papillosum</i> |

■ *Galium papillosum* subsp. *helodes* (Hoffmanns. & Link) Ortega Oliv. & Devesa ●

Galium helodes Hoffmanns. & Link

•**Descripción:** hemicriptófito con talos de menos de 1 mm de diámetro, delicados, escabriúsculos, xeralmente simples e ramificados cara a inflorescencia. Verticilos con 4-6(7) follas, lineares de (4)8.22(35) x (0,5)1,5-2,4(3,4) con 1 nervio, aristadas, planas ou coa marxe lixeiramente revoluta, delgadas e delicadas. Face antrorso-escabriúscula e envés glabro ou co nervio escabriúsculo. Marxe con 1-2 filas de aculéolos retorsos e varias filas submarxinais de aculéolos antrorros, raramente liso. Inflorescencia terminal en panícula. Pedúnculos maiores cás brácteas. Pedicelos florais xeralmente maiores có diámetro da corola. Corola con 4 pétalos soldados, brancos, co tubo más curto cós lóbulos. Pedicelos frutíferos capilares < 0,5 mm de diámetro. Mericarpos de 0,85-1,2 mm pardo ou negrizo, glabro, papilosos ou granulosos.

•**Distribución:** endimismo de Portugal e NW de España.

•**Hábitat:** pradarías e matogueiras abertas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, O Pazo, 29TNG8348, 590 m, pradaría higrófila con *Paradisea lusitanica*, 07/08/1998, IPS, J.Rodr. & M.A. Gómez. >**LOBEIRA**, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021, IPS, SANT 80312. >**LOBIOS**, río Caldo, A Ponte Nova, 29TNG7331, 490 m, marxe de río, 09/07/1996, IPS. >**MUÍÑOS**, Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 740 m, pradaría higrófila (*Deschampsio-Juncetum effusii*), 30/06/1999, IPS.

■ *Galium papillosum* Lapeyr. subsp. *papillosum* ●

Galium rivulare Boiss. & Reut.

Clave de variedades

- | | |
|---|----------------------------------|
| 1. Con indumento antrorso-escabriúsculo ou antrorso-papiloso en face e ángulos de entrenós inferiores | <i>G. p. var.
papillosum</i> |
| Con indumento de pelos hirsutos en follas e entrenós inferiores | <i>G. p. var.
hirsutum</i> |

•**Descripción:** hemicriptófito con talos de ata 1,75 mm de diámetro, fortes, con indumento retrorso-escabriúsculo ou retrorso-papiloso ao menos nos ángulos dos entrenós inferiores. Verticilos con 6-7(8) follas subcoriáceas e aristadas. Inflorescencia piramidal con ramos delgadas ou capilares. Pedicelos florais frequentemente menores có diámetro da corola. Parecida a *Galium helodes* pero talo con ángulos brancos e froito mate.

•**Distribución:** endimismo do N e C de España e N de Portugal.

•**Hábitat:** Medios húmidos ou encharcados. Breixeiras, prados, xuncais, matogueiras.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Porqueirós, Lama do Muíño, 29TNG8644, 830 m, xuncal (*Peucedano lancifolii-Juncetum acutiflori*), 23/07/1998, IPS.

■ *Galium parisiense* L.

Clave de subespecies

1. Follas reflexas na frutificación; inflorescencia moito máis longa ca ancha, pouco dividida, non acadando as ramas superiores ao eixe principal; pedúnculos dos cumes laterais más estreitos có do eixe central; pedicelos frutíferos non capilares; mericarpos xeralmente pilosos *G. p. subsp. parisiense*

Follas patentes na frutificación; inflorescencia pouco máis longa ca ancha, moi ramificada, coas ramas superiores que superan en lonxitude ao eixe principal; pedúnculos dos cumes laterais igualando ou más ancho có do eixe central; pedicelos frutíferos capilares; mericarpos xeralmente glabros *G. p. subsp. divaricatum*

■ *Galium parisiense* L. subsp. *parisiense*

Galium chamaeaparine Costa & Willk.

•**Descripción:** terófito. Talos con entrenós con acúleos retrorsos nos ángulos. Follas en verticilos de (5)6-7(9), linear-lanceoladas, finalmente reflexas. Inflorescencia en panícula terminal, piramidal ou oblonga, estreita, cada nó con (1)2 ramificacións laterais curtas, erectas ou erecto-patentes excepto as inferiores que en ocasións poden ser reflexas. Pedúnculos das inflorescencias laterais menos grosos có do eixe central. Pedicelos divaricados tras antese, ríxidos, delgados pero non capilares. Froitos cubertos de pelos ganchudos, glabros en ocasións.

•**Distribución:** Europa, SW Asia, Madeira e Canarias. Brava en Norteamérica e Oceanía. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos e secos.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, encoro de Salas, 29TNG8842, 850 m, pasteiro anual (*Galio parisiense-Logfietum minimae*), 24/06/1998, IPS, SANT 52109.

■ *Galium parisiense* subsp. *divaricatum* (Pourr. ex Lam.) Rouy & E. G. Camus

Galium divaricatum Pourr. ex Lam.

•**Descripción:** terófito. Talos con entrenós retrorso-escabriúsculos nos ángulos. Follas de menos de 1,5 mm ancho, con marxe revoluta e con acúleos marxiniais antrorsos, patentes ou raramente reflexas na frutificación. Inflorescencia en panícula terminal obovada ou subesférica, coas ramas superiores que superan amplamente ao eixe principal. Inflorescencias parciais frouxas, ancha, con ramificacións laterais longas, con poucas flores. Pedúnculos das inflorescencias laterais tan ou más grosos có do eixe central. Corola 0,5-1 mm verdosa, en occasóns co exterior avermellado. Pedicelos frutíferos divaricados, capilares. Froito comericarpos xeralmente lampiños papilosos.

•**Distribución:** S Europa, SW Asia e NW África. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans areosos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Ganceiros-Xendive, 29TNG7842, 475 m, pasto anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabiflorae*), 07/05/1997, IPS, SANT 52171 e 63150.

■ *Galium rotundifolium* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas menores de 18 mm en verticilos, con tres nervios paralelos desde a base, obtusas ou subobtusas. Inflorescencia corimbosa, pauciflora e frouxa. Corola con 4 pétales soldados, brancos, co tubo más curto cós lóbulos ovarios e pseudofroitos con pelos ganchudos.

•**Distribución:** W, C, e S Europa, SW Asia, NW África e Macaronesia. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** bosques do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufémia, 29TNG7030 (463080 / 57046), 990 m, bidueiral-acevedo de valgada, afluente da Corga da Canda, 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62157. >PORTUGAL, Serra do Gerês, Mata de Albergaria, Abeleirinha, sotobosque de carballeira (*Querco-Fagetea*), 16/06/1998, IPS.

■ *Galium saxatile* L.

Clave de variedades

1. Follas > 11 mm; entrenós da metade distal do talo 20-50 mm	<i>G. s. var. saxatile</i>
Follas < 7 mm; entrenós da metade distal do talo 8- 20 mm	<i>G. s. var. vivianum</i>

■ *Galium saxatile* L. var. *saxatile*

Galium hercynicum Weig.

•**Descripción:** hemicriptófito con talos de 15-35 cm. Entrenós 2-5 cm na 1/2 distal do talo. Follas en verticilos, de 5-11 x 1.5-2.5 mm na 1/2 distal do talo. Inflorescencia en panícula terminal. Corola con 4 pétales soldados, brancos, co tubo más curto cós lóbulos. Froitos cubertos de papilas aguzadas.

•**Distribución:** eurosiberiana, (NW, C e W Europa). Introducido en zonas temperadas de América. P. Ibérica: N e NW, con poboacións illadas no Sistema Central e Ibérico.

•**Hábitat:** chans esqueléticos no piso supratemperado ou brañeiras con chan más profundo.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80219. Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140m, chans esqueléticos entre penedos de cume, 09/06/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80302. >LOBIOS, Santa Eufémia, reemisores de radio e televisión, 29TNG7134, 1110 m, sobre chans esqueléticos, 17/06/1993, IPS. >PADRENDA, Monte do Covelo, 29TNG7360, 1100 m, sobre chans efémeros, 16/10/1996, IPS, SANT 63149.

■ *Galium saxatile* var. *vivianum* (Kliphius) Ortega Oliv. & Devesa ●

G. hercynicum subsp. *vivianum* Kliphius; *Galium saxatile* L. subsp. *vivianum* (Kliphius) Ehrend.

•**Descripción:** talos 3-10 cm. Entrenós 8-20 mm na 1/2 distal do talo. Follas de 3-5 x 0.5-1.3 mm na 1/2 distal do talo. Inflorescencia en panícula terminal. Corola con 4 pétales soldados, brancos, co tubo más curto cós lóbulos.

•**Distribución:** endimismo ibérico occidental.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras e brañeiras no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7655, 1260 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, cume con antenas de radio-tevisión, 29TNG6629, 1360 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini-Armerietum odoratae*), 13/07/1993, IPS.

— Rubia L. —

■ *Rubia peregrina* L.

•**Descripción:** fanerófita perennifolio. Talos rastreiros ou gabeadores cos ángulos moi marcados e retrorso-escábridos. Follas en verticilos de 4-6, coriáceas, persistentes, de marxe algo revoluta e retrorso-escábrida. Inflorescencias terminais ou axilares, a principal en cumes paniculiformes e as parciais con cumes enfrenteados e pedúnculos patentes ou erecto-patentes. Cálix ausente. Corola branca de pétalos soldados, con tubo curto e 5 lóbulos, rotácea. Anteras suborbiculares, de 0,2-0,3 mm. Froito carnoso nunha baga negra ou ben 2 unidas.

•**Distribución:** rexión mediterránea expandíndose polo litoral atlántico ata SE Gran Bretaña e Irlanda. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** carballeiras termófilas con sobreira; no occidente do piso mesotemperado inferior.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, 29TNG7642, 461 m, matogueira en rexeneración post-incendio con rexeneración de erbedal, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73407.>LOBIOS, A Ponte Nova-pista de acceso a Santa Eufemia, Vía Romana 29TNG7331, 550 m, sotobosque de arbustral acidófilo (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 06/07/2005, IPS, SANT 53598. A Cela, 29TNG8040, 560 m, marxe de bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 14/08/2009, IPS & D.Manso, SANT 63038. Fondevila-Rivas de Arauxo, accedendo por pista que sae de estrada OU-1206 (Km 1,8), 29TNG7739, 385 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 11/06/2020, IPS, SANT 78829.

•**Bibliografía:** RODRÍGUEZ RIAÑO & DEVESA (2007).

— Sherardia L. —

■ *Sherardia arvensis* L.

•**Descripción:** terófita con talos numerosos, erectos ou ascendentes. Follas de ata 17 mm en verticilos de 4-6, antrorso-escábridas en marxes e nervio medio, cun mucrón no ápice. Inflorescencias terminais e axilares en capítulos rodeados dun invólucro de brácteas. Flores con periantio dobre, cálix e corola. Cálix persistente. Corola con tubo longo (2,55-3,5 mm) e 4 lóbulos de 1,5-2 mm, rosas ou lilas. Froitos secos formados por 2 carpelos que se separan na madurez, coroados polos dentes do cálix.

•**Distribución:** Europa, W Asia, N África e Macaronesia no tropical. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** pradarías anuais en orlas de bosque e ambientes ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 450 m, viñedo, (*Chrysanthemo-Raphanetum subas. lamietosum amplexicaulis*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 52176. >Muíños, Albite, 29TNG8241, 800 m, pasteiro anual nitrificado, 19/03/1993, IPS.

•**Bibliografía:** DEVESA (2007g).

Rubiaceae *Cruciata glabra* subsp. *hirticaulis*Rubiaceae *Galium aparine*Rubiaceae *Galium belizianum*Rubiaceae *Galium broterianum*Rubiaceae *Galium rotundifolium*Rubiaceae *Galium saxatile*Rubiaceae *Rubia peregrina*Rubiaceae *Sherardia arvensis*

F. SALICACEAE

Clave de xéneros

1. Follas triangulares ou romboidais bruscamente estreitadas en pecíolo longo e flexible	<i>Populus</i>
Follas lanceoladas, elípticas ou obovadas, atenuadas en pecíolo curto e ríxido	<i>Salix</i>

— *Populus* L. —

Árbores caducifolios de crecemento rápido, dioicos. Follas simples, alternas, longamente pecioladas, coa marxe dentada, crenada. Inflorescencia en amentos colgantes bracteados. Flores unisexuais sen periantio (reducido a un disco nectarífero). Froito en cápsula glabra. Sementes cun penacho de pelos.

•**Bibliografía:** SORIANO (1993).

Clave de especies

1. Follas dos braquiblastos romboidais; amentos con escamas glabras e laciñiadas	<i>P. nigra</i>
Follas dos braquiblastos ovado-orbiculares; amentos con escamas ciliadas	<i>P. tremula</i>

■ *Populus nigra* L.

var. *italica* Münchh

Populus pyramidalis Rozier; *Populus fastigiata* Foug.

•**Descripción:** fanerófito de porte fastxiado, con tronco derecho de ata 30 m de altura. Casca gretada coa idade. Follas con pecíolo de ata 6 cm. Limbo da folla romboidal a triangular. Inflorescencias en amentos, os masculinos sentados e os femininos pedunculados. Flores cun disco nectarífero, as masculinas con numerosos estames de curtos filamentos brancos e anteras purpúreas. Flores femininas con 2 estigmas amarelos. Froito en cápsula de c. 4 mm.

•**Distribución:** de probable orixe italiana ou do W de Asia, estenderonse algúns clons e híbridos para cultivos forestais.

•**Hábitat:** plantacións forestais e escapado en ribeiras e zonas encharcadas dentro dos bosques mesófilos do piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Anta, 29TNG7536, 410 m, plantación en valgada, 02/10/2011, IPS, SANT 65243.

■ *Populus tremula* L.

•**Descripción:** fanerófito con sistema de raíces superficiais que dan lugar a brotes. Tronco recto, liso nos exemplares novos e estriado lonxitudinalmente nos vellos. Follas con pecíolo comprimido lateralmente, inicialmente pilosas e glabras finalmente, verdes por ambas caras pero más páldas no envés, de marxe irregularmente dentado-festoneadas.

•**Distribución:** Holártica, Eurasíatica, cara o S só en sistemas montañosos. P. Ibérica: sistemas montañosos da metade N.

•**Hábitat:** fondo de vales, xeralmente arborizados e con certa humidade edáfica.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 560 m, exemplares cultivados en marxe estrada (OUR-540), 04/09/2021,

IPS & D.Manso. >LOBIOS, Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7332, 500 m, zona húmida en interior de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 10/05/1996, IPS, SANT 65243.

- Citas previas:** SILVA PANDO et al. (1987).

— *Salix* L. —

Árbores ou arbustos. Follas enteiras ou dentadas, alternas, con pecíolo curto, con estípulas prontamente caedizas ou con glándulas. Inflorescencias en amentos erectos. Flores sen periantio, co disco nectarífero reducido a 1-2 glándulas. Flores masculinas con 2 estames; as femininas reducidas ao ovario. Froito en cápsula.

- Bibliografía:** DÍAZ GONZÁLEZ & LLAMAS (1987); BLANCO (1993).

Clave de xéneros

1. Talos e follas novas con denso tomento branco	2
Talos e follas novas sen denso tomento branco	3
2. Con follas < 20 mm; face e envés densamente tomentosos	<i>S. salviifolia</i>
Con follas < 20 mm; face verdoso e envés abrançazado con pelos aplicados	<i>S. repens</i>
3. Con algunas follas obovadas e obtusa no ápice	<i>S. atrocinerea</i>
Sen follas obovadas e obtusas no ápice	4
4. Follas adultas glabras no envés; con glándulas ramificadas na unión limbo-pecíolo	<i>S. fragilis</i>
Follas adultas con pelos no envés	5
5. Envés das follas adultas con poucos pelos aplicados, glabrescente	<i>S. neotricha</i>
Envés das follas adultas con indumento denso de pelos aplicados	<i>S. alba</i>

■ *Salix alba* L.

•**Descripción:** fanerófito dioico. Árbore de tronco recto. Ramas erecto-patentes longas, flexibles, lisas, de cor castaño-avermellada. Ramiñas colgantes con indumento sericeo. Xemas seríceas. Follas ata 10 x 1-2,5 cm, lanceoladas, ápice agudo e base cuneada, marxe serrada, con indumento de pelos adpresos que non chegan a depilarse totalmente na madurez. Estípulas lineares, caducas. Amentos pedunculados, coetáneos coas follas. Flores masculinas con 2 estames. Flores femininas con ovario, estilo e estígmases divididos.

•**Distribución:** Europa, Asia e N África. Naturalizada en América. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** marxes de ríos, cultivada para obtención de vime.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Grou, San Mamede, 29TNG7843, 340 m, zona plana encharcada (salueiral pantanosa), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73401.

■ *Salix atrocinerea* Brot.

•**Descripción:** fanerófito xeralmente de porte arbustivo. Ramiñas do ano pubescentes que co tempo se volven glabras. Xemas pubescentes. Follas de base desde redondeada a curtamente atenuadas, con pelos brancos e avermellados, en ocasións glabras, de cor verde intensa na face e glaucas no envés. Dioico, as inflorescencias saen antes ou ao tempo cás primeiras follas

•**Distribución:** Europa atlántica, Marrocos, Túnez e Córsega. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** marxe de cursos de auga e chans permanentemente húmidos.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, salgueiral (traseira escavación arqueoloxica), 10/04/1997, IPS, SANT 52643. >LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-picós da fronteira, 29TNG7931, 1390 m, 07/1992, IPS, SANT 52588. Serra do Xurés, 29TNG7330, 21/07/1992, IPS, SANT 52587. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 450 m, 02/1993, IPS, SANT 52597. Portela do Home, 29TNG7230, 600 m, salgueiral en marxe de regato afluente do río Caldo (*Salici-Populetalio nigrae*), 09/05/1996, IPS, SANT 52611. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 930 m, arbustral degradado por incendios en marxe de regato, 06/06/1996, IPS, SANT 52609. Grou, San Mamede, 29TNG7843, 340 m, zona plana encharcada (salgueiral pantanosa), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73402. >MUÍÑOS, Canteira de Campelos, 29TNG8843, 865 m, salgueiral, chans temporalmente encharcados, 19/03/1993, IPS, SANT 52598. Reparade-Albite, 29TNG8242, 720 m, cuneta húmida, 15/07/1993, IPS, SANT 52589. Pra-do-Salgueiros, 29TNG8540, 945 m, salgueiral sobre regato estacional, 07/10/2004, IPS, SANT 51836.

■ *Salix fragilis* L.

•**Descripción:** fanerófita. Árbore ou arbusto con ramificacións abertas e facilmente quebradizas. Xemas glabras. Pecíolo con glándulas na zona de unión co limbo. Follas lanceoladas, discoloras, as adultas totalmente glabras en face e envés; marxe dentada.

•**Distribución:** Europa e SW Asia. Naturalizado en América. P. Ibérica: naturalizado ou autóctono en todo o territorio.

•**Hábitat:** ribeiras de ríos, zonas temporalmente inundadas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, comunidade de herbáceas megaforbicas higronitrófilas, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69927. >MUÍÑOS, Encoro das Conchas, 29TNG8446, 540 m, regato que desemboca no encoro, chan longamente inundado, 05/11/2014, IPS, SANT 70368.

■ *Salix neotricha* Goerz

(*S. alba* x *S. fragilis* sensu P. Blanco in *Flora iberica*)

•**Descripción:** fanerófita arbóreo. Ramas erecto-patentes longas, flexibles, lisas, de cor castaño-avermellada. Ramiñas colgantes con indumento sericeo. Follas de ata 10 x 1-2,5 cm, lanceoladas, de marxe dentada, face verdosa e envés pálido, con indumento de pelos adpresos que chegan a depilarse totalmente na madurez. Estípulas lineares, caducas.

•**Distribución:** P. Ibérica excepto zonas altas de Pireneos e Cordilleira Cantábrica onde contacta e hibrida con *Salix alba*.

•**Hábitat:** ribeiras de ríos. Cultivado en prados e lindes de fincas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba-Porto Quintela, 29TNG8347, 590 m, viaria (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 22/09/2008, IPS & D.Manso, SANT 59572. >LOBIOS, Grou, San Mamede, 29TNG7843, 340 m, zona plana encharcada (salgueiral pantanosa), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73403.

■ *Salix repens* L.

•**Descripción:** caméfito ou nanofanerófita, dioico. Ramas adultas defoliadas, glabras e coa cutícula externa exfoliada. Ramas novas con indumento de pelos curtos erectos e erecto-patentes. Follas 1,5-3 veces más longas ca anchas, de ápice agudo e recurvado; envés glauco con pelos aplicados que lle confiren un aspecto prateado, áinda que se poden visualizar os nervios e en

follas maduras a superficie foliar; face de cor verde con pelos estrelados de ramas aplicadas e pelos bifurcados que non impiden a visión da superficie foliar; pecíolo ensanchado e tomentoso.

•**Distribución:** Eurasiática (N, C e W Europa; Ce E Asia). P. Ibérica: metade N e W.

•**Hábitat:** matogueira higrófila no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, breixeira-toxeira higrófila (*Genistion micranthro-anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80210.

■ *Salix salviifolia* Brot.

•**Descripción:** fanerófita arbustivo, dioico, con ramos novas pilosas. Follas alternas varias veces más longas ca anchas, de marxe revolta, densamente tomentosas no envés, de aspecto agrisado, con estípulas tomentosas igual có pecíolo. Inflorescencia en amentos curtamente pedunculados coetáneos coas follas. Brácteas florais pilosas. Filamentos dos estames das flores masculinas pilosos. Ovario das flores femininas pedicelado, piloso.

•**Distribución:** endimismo da metade occidental da P. Ibérica.

•**Hábitat:** leito pedregoso de ríos, regatos e cunetas que sufren estiaxe, sobre todo no piso mesotemperado inferior.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, pista forestal entrando desde Portela do Home, 29TNG7330, 750 m, marxe de regato, 21/07/1992, IPS. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 450 m, salgueiral de substitución de ameneiral (*Salici purpureae-Populetea nigrae*), 24/05/1995, IPS, SANT 52647. Viaduto do río Limia-Fondevila, 29TNG7540, 375 m, cuneta húmida, 20/05/1996, IPS, SANT 52646. Vilameá, 29TNG7536, 430 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 52608. Encoro do Lindoso, estrada OU-540, 29TNG7439, 400 m, cuneta e terreo adxacente colonizado por *xestas*, salgueiros e matogueira, 22/04/2002, IPS, SANT 46970. Desembocadura río Cabaleiros no Encoro do Lindoso, 02/07/2019, K.López & ÍPS, SANT 77818. >Muíños, Canteira de Campelos, 29TNG8843, 865 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 52648.

•**Citas previas:** GÓMEZ VIGIDE et al. (1989a). LOBIOS, Redondela, Río Salas, 29TNG7640, 340 m; Silva Pando 4574.

— Híbridos —

■ *Salix x rubens* Schrank (*Salix alba* x *Salix fragilis*)

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Prencibe-Gustumau-Esperanzo, 29TNG7937, 640 m, marxe de regato, árbore feminina, 21/05/1996, IPS, SANT 52610. Prencibe-Gustumau-Esperanzo, 29TNG7937, 640 m, marxe de regato, árbore feminina, 19/03/1997, IPS, SANT 52644. Encoro do Lindoso, antigas fincas abandonadas da marxe do encoro, 29TNG7541, 345 m, zona de rexeneración de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80839; observ.: pecíolo piloso, glándulas pecíolo-límpio pouco evidentes e sentadas; lámina glabra con marxe inferior algo pilosa, discolora; xemas glabras (*S. fragilis* x *S. neotricha*?). >Muíños, Abelleira-Mugueimes. 29TNG8546, 600 m, salgueiral (*Salici purpureae-Populetea nigrae*), 26/07/2003, IPS, SANT 49271.

F. SANTALACEAE

Clave de xéneros

1. Arbusto dioico con flores unisexuais, amarelas	Osyris
Herbácea monoica con flores hermafroditas brancas	Thesium

— Osyris L. —

■ *Osyris alba* L.

• **Descripción:** fanerófito arbustivo, hemiparasito, ata 130 cm, moi ramificado, dioico. Follas subsentadas, simples, de 15-25 x 1-6 mm, uninervias, sen estípulas. Flores unisexuais, as masculinas en cumes laterais, con 3-4 lóbulos e 3-4 estames; as femininas solitarias e subsentadas no extremo de ramas curtas, con 3 lóbulos, 3 estames estériles e estigma trilobado. Froito en drupa esférica de 5-7 mm, vermella na madurez.

• **Distribución:** S Europa, N África e SW Asia. P. Ibérica: amplamente espallada

• **Hábitat:** carballeiras termófilas do piso mesotemperado e as súas orlas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Baños de Riocaldo, termas, 29TNG7434, 390 m, marxe pedregosa do leito do río, 24/05/1995, IPS, SANT 52671 e 63128. Prencibe-Gustumou, 29TNG7937, 550 m, sotobosque de carballeira termófila (Or.: W) (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 21/05/1996, IPS, SANT 52675. A Portaxe-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta baixo piñeiral, 03/10/1996, IPS, SANT 5267 e SANT 63116. Ribas de Arauxo-Requeixo, 29TNG7639, 390 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 24/09/1999, IPS, SANT 52676. Lobios-Xendive, 29TNG7741, 400 m, cuneta alterada sobre piñeiral con sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 23/05/2003, IPS, SANT 49480. >**Muiños**, Canteira de Campelos, 29TNG8843, 865 m, 16/06/1993, IPS, S.Ortiz, J.Rodríguez & M.I.Romero, SANT 52668.

• **Bibliografía:** AEDO (1997).

— Thesium L. —

■ *Thesium pyrenaicum* Pourr.

Thesium pratense Ehrh.

• **Descripción:** hemicriptófito. Talos xeralmente inclinados, ascendentes. Follas lineares, uninerviadas. Inflorescencia en panícula, con brácteas algo más longas cás flores. Flores hermafroditas. Corola de (4)5 pétalos soldados, de cor branca ou crema, cos lóbulos más longos có tubo. Androceo con 4-5 estames. Periantio persistente tan longo coma o froito. Froito en aquenio verdoso, elipsoide.

• **Distribución:** orofita do C e S de Europa. P. Ibérica: montañas da metade N.

• **Hábitat:** orla de breixeiras, preferentemente no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común na Serra do Xurés. Escaso no resto.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 07/1992, IPS, SANT 52667 e 63130. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 14/07/1993, IPS, SANT 52666. Serra do Xurés, pista das minas, 29TNG7733, 1050 m, marxe de corga pedregosa, 23/05/1995, IPS, SANT 52670. Serra do Xurés, pista das minas, 29TNG7732, 1050 m, marxe de pista, 23/05/1995, IPS, SANT 52669. Serra do Xurés, c. Portela do Home, 29TNG7229, 800 m, erbedal, 22/05/1997, IPS, SANT 52673. Serra do Xurés, pista das minas-Pión de Paredes, 29TNG7832, 1200 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 20/06/1997, IPS, SANT 52674. Serra do Xurés, 29TNG7634, 637 m, marxe de matogueira, 16/09/2018, IPS, SANT 76569. >**Muiños**, Salgueiros, 29TNG8438, 1146 m, claro de matogueira, 11/06/2004, IPS. Requiás-presa do encoro de Salas, 29TNG8739, 890 m, pradaría baixo bebedoiro, 19/06/2020, IPS, SANT 78817.

• **Bibliografía:** PEDROL & LAÍNZ (1997).



Salicaceae *Populus nigra*



Salicaceae *Populus tremula*



Salicaceae *Salix alba*



Salicaceae *Salix atrocinerea*



Salicaceae *Salix repens*



Salicaceae *Salix salviifolia*



Santalaceae *Osyris alba*



Santalaceae *Thesium pyrenaicum*

F. SAPINDACEAE

— Acer L. —

Árbores monoicos ou dioicos, caducifolios de follas pecioladas, simples e palmatinervias ou compostas e entón pinnatinervias. Flores unisexuais con vestixios dos órganos do sexo contrario, con 4-5 sépalos. Froito en disamara, con 2 nozes infladas, case unidas na base e cada unha prolongada nunha á.

•**Bibliografía:** SÁNCHEZ GÓMEZ & GÜEMES (2015).

Clave de especies

1. Follas imparipinnadas	<i>A. negundo</i>
Follas plamatilobuladas	2
2. Froito en disamara aberta nun ángulo próximo aos 180°	<i>A. campestre</i>
Froito en disamara aberta nun ángulo próximo aos 90°	<i>A. pseudoplatanus</i>

■ *Acer campestre* L.

•**Descripción:** fanerófito. Árbore caducifolia de ata 10 m de altura. Tronco con casca pardo-agrisada, suberosa, gretándose co paso dos años. Con látex. Follas simples, opostas, con pecíolo de 8-10 cm. Limbo 3-5 lobulado, con nerviación palmeada, marxe enteira, sinuosa e en ocasións ciliada, co envés lixeiramente pálido e piloso ao menos nos nervios. Inflorescencia en corimbo subsentado, erecto, que xorde ao tempo cás follas. Flores hermafroditas ou masculinas, pentámeras. Estames 8, longamente exertos nas flores masculinas. Ovario súpero. Froito seco en esquizocarpo con 2 mericarpos monospermios, con ás opostas nun ángulo próximo aos 180° e moi pouco estreitadas na base, que constitúen unha disamara pilosa.

•**Distribución:** Europa, atravesando o Cáucaso e chegando ao N de Irán. P. Ibérica: metade N.

•**Hábitat:** cultivado como ornamental.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, Viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, cultivado, 02/06/2011, IPS, SANT 68410.

■ *Acer negundo* L.

•**Descripción:** fanerófito. Árbore caducifolia, dioica, de pequeno tamaño (< 20 m), con ramas patentes e erecto-patentes. Follas pecioladas, compostas, imparipinnadas, con 3-7 folíolos peciolulados e de marxe lobulada a dentada, coa face glabra e verde lustrosa e envés glauco, xeralmente co folíolo terminal de maior tamaño e trilobulado. Inflorescencia en acio colgante de ata 20 cm, aparecendo as flores en primavera temperá antes ou ao mesmo tempo cás follas. Flores unisexuais, con cálix e sen corola. Flores masculinas con estames longamente exertos. Froito en disamara de ás converxentes, formando un ángulo agudo entre 10-70 °.

•**Distribución:** C e N América. Naturalizado en rexións temperás do planeta (Europa, Asia, América e Australia). P. Ibérica: amplamente cultivado.

•**Hábitat:** cultivado como ornamental.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Mugueimes, Outeiro da Veiga, 29TNG8446, 560 m, cultivado en arboreto, 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 47642.

■ *Acer pseudoplatanus* L.

• **Descripción:** fanerófita. Árbore caducifolia de ata 30 m de altura, con ramas patentes ou erecto-patentes, coa copa ancha e a casca agrisada. Follas opostas, con longo pecíolo verde-amarillo a avermellado e limbo maior de 8 cm palmatilobado, con xeralmente 5 lóbulos que profundan ata a metade do limbo separados por senos estreitos e agudos, marxe serrada, abrançazadas e mates polo envés e verde escuro na face. Inflorescencia paniculada colgante. Flores hermafroditas ou masculinas, pentámeras, longamente pediceladas. Androceo con 8 estames. Disamara formando un ángulo c. 90º entre as ás.

• **Distribución:** Europa (excepto N). Naturalizada en N Europa, Australia e Nova Zelandia. P. Ibérica: terzo N.

• **Hábitat:** bosques de ribeira no piso mesotemperado. Non existen exemplares formando parte dos bosques mesófilos na Serra do Xurés e polo tanto son desaconsellables as plantacións en marxes de pistas forestais.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachán-Guxinde, exemplar cultivado, 03/08/1995, IPS, SANT 46563. >LOBIOS, Baños de Riocaldo-A Ponte Nova (miliarios), 29TNG7333, 400 m, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46564. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7842, 500 m, exemplar cultivado, 09/05/1996, IPS, SANT 46566. Rivas de Arauxo, río Cabaleiro, 29TNG7739, 370 m, ameneiral de ribeira (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 31/08/1998, IPS, SANT 46565. Grou-San Martiño de Grou, 29TNG7844, 385 m, orla de carballeira sobre río Grou, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73391. Serra de Santa Eufemia, Corga do Sol, 29TNG6932, 820 m, bosque pluriespecífico (*Prunus*, *Acer*, *Quercus*, *Ilex*) en valgada rodeado de paredes rochosas e breixeira toxeira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80298. >MUIÑOS, Prado, 29TNG8342, 715 m, plantación en fileira na marxe da estrada, 07/04/2011, IPS, SANT 64523. >QUINTELA DE LEIRADO, Xacebans, Río Deva, 29TNG7563, 470 m, ecotón ameneiral-carballeira, 16/10/1996, IPS, SANT 46567.

F. SAXIFRAGACEAE

Clave de xéneros

1. Flores sen pétalos	<i>Chrysosplenium</i>
Flores con pétalos	2
2. Flores con 5 estaminodios	<i>Parnassia</i>
Flores sen estaminodios	<i>Saxifraga</i>

— *Chrysosplenium* L. —

■ *Chrysosplenium oppositifolium* L.

• **Descripción:** hemicriptófita (camefita) vivaz, cespitosa. Talos delgados e decumbentes, enraizantes nos nós; sen estolóns. Talos floríxenos ascendentes. Follas pecioladas, opostas, de limbo suborbicular e marxe sinuado-dentada. Flores sen pétalos, con 8 estames.

• **Distribución:** W e C Europa. P. Ibérica: N e NW ata a Serra da Estrela (Portugal).

• **Hábitat:** fontes, canles e cembas rezumantes. Preferentemente en lugares baixo sombra intensa.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Requeixo-Delás, 29TNG7739, 390 m, muro arredor de fonte (*Cardamino-Chrysosplenietum oppositifoli*), 02/02/2001, IPS, SANT 44344. Fondevila, 29TNG7640, 380 m, parede sombreada de canal de desagadoiro, por encima do río, 21/03/1996, IPS, SANT 52679. >MUIÑOS, O Agrelo, 29TNG8445, 700 m, ceba moi húmida con saída de regato e intensa sombra (*Montio-Cardaminetea*), 01/05/2003, IPS, SANT 48887.

•**Bibliografía:** NIETO FELINER (1997).

— *Saxifraga* L. —

Herbáceas vivaces (na área de estudo). Follas da roseta pecioladas, simples, espatuladas de marxe crenada ou dentada; as caulinas escasas, brevemente pecioladas ou as superiores sentadas. Inflorescencia paniculiforme. Flores hermafroditas con periantio dobre, pentámeras. Androceo con 10 estames. Ovario ínfero ou semiínfero con 2 carpelos soldados. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** VARGAS (1997).

Clave de especies

1.	Lamina das follas sen indumento de pelos	<i>S. spathularis</i>
	Lamina das follas con indumento de pelos	2
2.	Follas con pecíolo pouco diferenciado, de ovobadas a lanceoladas	<i>S. lepismigena</i>
	Follas con pecíolo ben diferenciado, coa lámina reniforme	<i>S. granulata</i>

■ *Saxifraga granulata* L.

•**Descripción:** xeófito. Cepa con pequenos bulbos axilares subterráneos. Toda a planta con indumento de pelos glandulíferos. Talos erectos xeralmente de 15-40 cm. Follas basais pecioladas, con limbo de contorno reniforme, co envés frecuentemente denegrido, crenadas ou más profundamente lobadas. Flores con 5 sépalos de 3-4 mm, de maior tamaño có hipanto. Corola con 5 pétalos glabros, brancos. Ovario semiínfero. Hipanto con pelos glandulosos.

•**Distribución:** Eurasíatica. P. Ibérica: dispersa en case todo o territorio.

•**Hábitat:** muros de camiños e de división de fincas. Ocasionalmente en prados e bosques.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Bubaces, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, cemba, 02/1993, IPS, SANT 52688. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1350 m, 22/05/1997, IPS, SANT 52680. C. Parada da Ventosa, 29TNG7842, 09/05/1998, IPS, SANT 52678. Requeixo-Delás, 29TNG7739, 390 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 02/02/2001, IPS, SANT 44343. Pazos, 29TNG7639, 415 m, muro (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 11/03/2005, IPS, SANT 52874. >**MUÍÑOS**, Parada da Ventosa, 29TNG7842, 520 m, cemba rochoso (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum granulatae*), 09/05/1998, IPS, SANT 52678.

■ *Saxifraga lepismigena* Planellas

Saxifraga clusi subsp. *lepisimigena* (Planellas) D.A. Webb

•**Descripción:** hemicriptófito con 1 ou varias rosetas de follas. Indumento de glándulas sésiles e longos pelos pluriseriados glandulíferos e non glandulíferos. Follas basais atenuadas na base, con pecíolo pouco diferenciado (limbo decorrente), ápice dentado ou más profundamente lobado, ovadas a lanceoladas, con pelos longos na marxe e ambas caras. Inflorescencia en panícula difusa. Escapo afilo. Flores cigomorfas. Sépalos reflexos na frutificación. Corola con 3 pétalos maculados de amarelo na base e maiores cós outros dous.

•**Distribución:** endimismo do arco atlántico ibérico desde Cantabria á metade N de Portugal.

•**Hábitat:** penedos con auga capilar zumegante.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Guxinde, Corga Seca, 29TNG7245, 630 m, rochas en ambiente saturado de humidade, (*Saxifragetum lepismigenae*), 22/04/1995, IPS, SANT 52683. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7732, 1000 m, rocha zumeante (*Saxifragetum lepismigenae*), 13/06/1995, IPS, SANT 52681 e 63132. Serra do Xurés, 29TNG7833, 1200 m, base de rocha, temporalmente zumeante, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59557. >**Muiños**, Albite, 29TNG8240, 920 m, 10/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 52682 e 63111.

■ *Saxifraga spathularis* Brot. ●

•**Descripción:** hemicriptófito con cepa rizomatosa e varias rosetas de follas. Follas basais coriáceas, de limbo glabro, marxe dentada e envés frecuentemente denegrido, con pecíolo ben diferenciado e maior có limbo, espatuladas. Inflorescencia en panícula laxa terminal. Flores con pedicelo piloso e brácteas lineares. Sépalos reflexos na frutificación, glabrescentes. Corola con 5 pétalos brancos, a veces con uña amarelenta na base. Androceo con 10 estames de anteras rosadas. Ovario súpero.

•**Distribución:** endimismo do cuadrante NW da P. Ibérica e Irlanda.

•**Hábitat:** gretas de penedos, preferentemente sombreados (muros, rochas, bosques, etc.).

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1350 m, 07/1992, IPS, SANT 52686. Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 810 m, penedos á sombra, 07/1992, IPS, SANT 52684. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 660 m, rupícola en muro sombrío e húmedo (*Annogrammo-Umbilicetum rupestris* subas. *saxifragetosum spathularidis*), 28/05/1999, IPS, SANT 52677 e 63131. >**Muiños**, Muíños, 29TNG84, 22/07/1992, IPS, SANT 52678. Corga de Torrente ou de Muíños, 29TNG8444, 600 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 01/05/2003, IPS, SANT 48884.

F. SCROPHULARIACEAE

— *Scrophularia* L. —

Herbáceas. Follas opostas, pecioladas ou as superiores sentadas. Flores hermafroditas, cigomorfas, con periantio dobre. Cálix con 5 sépalos soldados na base. Corola bilabiada co labio superior (2 pétalos) de maior tamaño có inferior (3 pétalos). Androceo con 4 estames a dúas alturas que nacen da corola. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** ORTEGA OLIVENCIA (2009a).

Clave de especies

1. Follas con envés glabro ou moi pouco pubescente	<i>S. auriculata</i>
Follas con envés hirsuto, sobre todo nos nervios	2
2. Talos glabros	<i>S. sublyrata</i>
Talos pilosos	3
3. Follas superiores de base non cordada	<i>S. herminii</i>
Follas superiores de base cordada	<i>S. scorodonia</i>

■ *Scrophularia auriculata* L.

subsp. *auriculata*.

S. auriculata subsp. *minor* Lange; *S. balbisii* Hornem; *Scrophularia auriculata* var. *microcarpa* Merino

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos ata máis de 2 m, ramificados desde a base, con ángulos alados. Follas simples ou liradas con 1-2 pares de folíolos basais, de contorno crenado ou serrado

nas superiores. Inflorescencias en cumes opostos, alternas as superiores. Bractéolas xeralmente agudas, con marxe escariosa apical ou sen el. Sépalos con marxe escariosa maior de 0,2-0,8 mm de anchura. Corola bilabiada co labio superior intensamente purpúreo. Estaminodio netamente máis ancho ca longo.

•**Distribución:** W e SW de Europa, Italia e Sicilia. P. Ibérica: Portugal, N e NE España.

•**Hábitat:** ameneiraís e pradarías higrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños-O Pazo, 29TNG8448, 630 m, pradaría higrófila dominado por *Paradisea lusitanica*, 07/08/1998, IPS, J.Rodr. & M.A.Gómez, SANT 46484. Os Baños-O Pazo, 29TNG8448, 630 m, pradaría higrófila (*Peucedano-Juniperum acutiflori*), 22/08/1997, IPS, SANT 46483. >LOBIOS, antigos prados adxacentes ao río Cabaleiro, 29TNG7739, 380 m, pradarías escio-higro-nitrófilas (*Artemisetea*), 31/08/1998, IPS, SANT 46482. >MUÍÑOS, Reparade-A Cela, 29TNG8242, 690 m, ameneiral riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 21/07/1993, IPS, SANT 46488. Prado, río Salas, 29TNG8342, 700 m, ameneiral riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, SANT 46485. Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 750 m, ameneiral riparia (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 46487. Reparade, 29TNG8243, 710 m, orla de regato (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 08/06/2021, IPS, SANT 80349.

•**Citas previas:** MERINO (1914).

■ *Scrophularia herminii* Hoffmanns. & Link

•**Descripción:** hemicriptófito, con rizoma. Talos densamente pubescente-glandulosos. Follas pecioladas, pinnatinervias; limbo indiviso, dentado, con indumento pubescente-glanduloso no envés, as superiores coa base redondeada ou subtruncada. Inflorescencia en dícasio composto, co eixe pubescente-glanduloso. Brácteas inferiores semellantes ás follas, o resto linear-lanceoladas a lineares, dentadas e sen marxe escariosa. Pedúnculos dos dícasios pubescente-glandulosos ou glandulosos. Pedicelos glandulosos, máis longos cás bractéolas. Sépalos glabros coa marxe estreitamente escariosa. Corola xeralmente < 10 mm, co tubo pardo-verdoso e o labio superior pardo ou pardo-purpúreo. Estaminodio verdoso, máis ancho ca longo de subreniforme a ancha-mente obovado. Cápsula ovoide maior có cálix. Sementes negras.

•**Distribución:** endimismo do cuadrante NW da P. Ibérica. España: Galicia, León e Zamora. Portugal: BA, DL, Mi, TM.

•**Hábitat:** ambientes escio-higrofilos. Bosques frescos.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>BALTAZAR, Serra de Larouco, Regato da Rousia, 29TPG0439, 1050 m, pradaría escio-higro-nitrófila (*Galio-Urticetea*), 15/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80903. >CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9236, 1070 m, prados e orla de bosque, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80902.

■ *Scrophularia scorodonia* L.

Scrophularia betonicifolia L.; *S. melissaeifolia* Salisb.; *S. scorodonifolia* S. F. Gray

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso, talos ata máis de 1 m, xeralmente pubescentes ou hirsutos con pelos patentes, con pelos glandulosos só cara a inflorescencia. Follas non divididas, pecioladas, as superiores semellantes ás inferiores pero máis pequenas e co pecíolo máis curto có limbo hirsutas ou pubescentes, sobre todo nos nervios do envés. Limbo de marxe dobradamente serrada, profundamente cordado na base e co envés reticulado. Inflorescencia en dícasios compostos. Pedúnculos puberulentos. Sépalos puberulento-glandulosos con marxe escariosa de ata 1 mm. Corola bilabiada co labio superior avermellado-purpúreo. Cápsula ovoide maior có cálix. Sementes pardo-negrizas.



Sapindaceae *Acer campestre*



Sapindaceae *Acer pseudoplatanus*



Saxifragaceae *Chrysosplenium oppositifolium*



Saxifragaceae *Saxifraga granulata*



Saxifragaceae *Saxifraga lepismigena*



Saxifragaceae *Saxifraga spathularis*



Scrophulariaceae *Scrophularia auriculata*



Scrophulariaceae *Scrophularia herminii*

•**Distribución:** W Europa, NW África, Azores e Madeira. P. Ibérica: abunda en W, falta en NE e dispersa no resto.

•**Hábitat:** ambientes rurais en marxes de fincas, camiños, etc.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Montes do Quinxo, A Illa-Olelas, 29TNG6940, 600 m, cardal de *Silybum marianum* (*Echio rosulati-Silybum marianii*), 21/04/1997, IPS, SANT 48481. >**LOBIOS**, Lobios, 15/04/1993, IPS, SANT 46481. Gustomeau-Esperanza, 29TNG7937, 600 m, carballeira antropizada con rebolos, ladeira Or: W e pendente pronunciada (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum riviniani*), 09/07/1996, IPS, SANT 46480. Fondevila-Saa, 29TNG7639, 400 m, base de muro sobre o que hai hortas, 06/1997, IPS, SANT 46479. Herdadiña-Valoiro, 29TNG7743, 385 m, orla fresca e nitrificada de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercentosum suberis*), 20/04/2001, IPS, SANT 46478.

■ *Scrophularia sublyrata* Brot. ●

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Talos xeralmente < 100 cm, glabros. Follas pecioladas, as inferiores de plantas adultas lirado-pinnatisectas, co lóbulo terminal de maior tamaño e 1-4 segmentos laterais, en ocasións con segmentos intercalares de menor tamaño. Follas superiores pinnatisectas, co lóbulo terminal semellante ao das follas inferiores áinda que de menor tamaño e ata 3 pares de segmentos laterais, ou non divididas. Inflorescencias en dicásios compostos. Brácteas inferiores semellantes ás follas, con 1-2 pares de segmentos laterais; o resto non divididas, glabras e sen marxe escariosa. Pedúnculos más longos cás brácteas nos cumes superiores e más curtos ou igualándoas no resto. Pedicelos glandulosos. Cáliz glabro cos sépalos obtusos e con estreita marxe membranosa, moi pouco perceptible. Corola co labio superior púrpura. Cápsula ovoide, case tan ancha coma longa. Sementes pardo-negrizas.

•**Distribución:** endemismo do W da P. Ibérica.

•**Hábitat:** penedos graníticos. ¿Piso supratemperado?

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:** M.Serrano, com. pers.

>**Lobios**, A Ponte Nova, 29TNG7231, 550 m, en orla de carballeira con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS, D.Manso & V. Orellana.

F. SOLANACEAE

Flores hermafroditas, actinomorfas, pentámeras. Corola con pétalos soldados. Ovario súpero con carpelos soldados.

Clave de xéneros

1. Froito en baga vermella ou negra	<i>Solanum</i>
Froito en cápsula espiñosa	<i>Datura</i>

— *Datura* L. —

■ *Datura stramonium* L.

•**Descripción:** terófita que acada máis de 1,5 m. Follas pecioladas, alternas; limbo de ovado a subrómbico, de cuneado-dentado a lobado, con nervios prominentes no envés. Flores regulares curtamente pediceladas. Cáliz con tubo (21 x 48 mm) moito maior cós lóbulos, estes triangulares, persistentes e reflexos na frutificación. Corola infundibiforme (forma de embude) de

pétalos brancos ou branco-azulados con lóbulos prolongados nun apéndice triangular lanceolado. Androceo con 5 estames libres, inclusos, cos filamentos insertos na corola. Froito seco en cápsula espiñosa, dehiscente por 4 valvas.

•**Distribución:** Centroamérica. Subcosmopolita. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** ambientes ruderizados e nitrificados.

•**Frecuencia:** escasa.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ambiente rудерал, нитрифицировано, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73394.

>MUIÑOS, Prado-Xermeade, 29TNG8443, 780 m, laterais de estrada en ambiente nitrófilo, 04/10/1995, IPS, SANT 52623.

•**Bibliografía:** GALLEGUO (2012).

— *Solanum* L. —

Herbáceas ou leñosas con follas alternas pecioladas. Flores hermafroditas con periantio dobre, pediceladas, pentámeras; cálix de sépalos soldados; corola rotácea; estames 5 erectos e exertos, con anteras alongadas coniventes. Ovario súpero.

Cultívanse en hortas *Solanum tuberosum* L. (pataca) e *S. lycopersicum* L. (tomate), que ocasionalmente poden verse na marxe das mesmas. Tamén se emprega en xardinería *S. laxum* Spreng., como enredadeira de flores brancas que cobren valos.

•**Bibliografía:** SOBRINO & SANZ ELORZA (2012).

Clave de especies

1. Corola de cor morada; froitos maduros vermellos	<i>S. dulcamara</i>
Corola branca; froitos maduros negros	2
2. Anual; indumento glanduloso ou eglanduloso. Pedúnculo frutífero erecto-patente na madurez	<i>S. nigrum</i>
Vivaz; indumento eglanduloso; pedúnculo frutífero reflexo na madurez	<i>S. chenopodioides</i>

■ *Solanum chenopodioides* Lam.

•**Descripción:** caméfito. Follas alternas, enteiras, pecioladas, con limbo ovado-lanceolado. Inflorescencias en cumes extraxilares, co pedúnculo patente, reflexo na frutificación. Flores pediceladas, cos pedicelos reflexos na frutificación. Androceo coas anteras coniventes e exertas, formando un grupo en forma de cono arredor do estilo. Cálix de sépalos soldados nun tubo maior ou menor cós lóbulos. Corola rotácea branca, que pode estar más ou menos tinguida de violáceo. Froito en baga negra zumarenta.

•**Distribución:** S América. Naturalizada en Norteamérica e Europa. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** terreos incultos e removidos, entullos, etc.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>MUIÑOS, Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, entullo con plantas nitrófilas, 14/10/2004, IPS, SANT 52624.

■ *Solanum dulcamara* L.

•**Descripción:** camefito. Planta rubideira de talos flexuosos. Follas alternas, enteiras ou cun folíolo terminal ovado-lanceolado e 1-4 laterais moito más pequenos. Inflorescencias en cumes pedunculados de ata 10 flores pediceladas. Cálix violáceo, con tubo longo terminado en 5 pequenos

lóbulos triangulares. Corola rotácea violeta, co tubo máis curto cós lóbulos. Anteras coniventes, formando un grupo en forma de cono arredor do estilo. Ovario súpero, glabro. Froito en baga vermella, lustrosa, elipsoidal.

•**Distribución:** Eurasíatica, N África e Azores. P. Ibérica: case todo o territorio.

•**Hábitat:** marxe de ríos e plataformas de inundación sobre ameneiraís riparios e arbustais de substitución.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, marxe de cantos do río, salgueiral riparia (*Salici purpureae-Popule-talia nigrae*), 24/05/1995, IPS, SANT 52685 e 63100.

■ *Solanum nigrum* L.

•**Descripción:** terófito a veces perennante. Follas alternas, enteiras, pecioladas, con limbo ovalo-rómico ou ovado-lanceolado, moi pouco dentadas ou pouco profundamente lobadas. Inflorescencias en cumes extraxilares, pedunculadas. Pedúnculos erecto-patentes na frutificación. Flores con pedicelos reflexos na frutificación. Cáliz co tubo moito máis longo cós lóbulos, estes obtusos no ápice. Corola branca, rotácea. Androceo coas anteras coniventes, formando un grupo en forma de cono arredor do estilo. Froito en baga subglobosa, negra.

•**Distribución:** cosmopolita. P. Ibérica: en todo o territorio.

•**Hábitat:** arvense e ruderal. Lugares nitrificados, entullos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Baños de Riocaldo, c. termas 29TNG7435, 390 m, ambiente nitrófilo, 24/05/1995, IPS, SANT 52625 e 63133.

F. THYMELAEACEAE

Clave de xéneros

1. Arbusto de máis de 100 cm de altura; flores de cor crema pálida	<i>Daphne</i>
Arbusto de menos de 50 cm; flores de cor amarela intensa	<i>Thymelaea</i>

— *Daphne* L. —

■ *Daphne gnidium* L.

•**Descripción:** fanerófito de pequeno tamaño, arbustivo, perennifolio. Ramas novas de casca pardoa-vermellada que vai tornando a agrisada, con pubescencia adpresa, foliosas sobre todo cara o ápice. Follas de 20-50 mm, enteiras, de lineares a ovado-oblongas, atenuadas en pecíolo curto, glabras, punteadas no envés. Inflorescencias terminais paniculadas formadas por acios corimbosos. Flores tetrámeras hermafroditas. Corola de pétalos soldados, de 2,5-4 mm, de cor branco-crema, pouco maiores cós sépalos, caduca, con indumento de pelos adpresos. Froito en drupa ovoide, avermellada.

•**Distribución:** rexión mediterránea penetrando pola costa e os ríos na eurosiberiana, e en Canarias.

•**Hábitat:** orla de carballeiras termófilas. Preferentemente no piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

•**ENTRIMO**, 29TNG7642, 461 m, matogueira en rexeneración post-incendio con rexeneración de erbedal, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73408. •**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7333, 460 m, sobreira degradada (*Rusco aculeati-quercetum roboris subas. quercetosum suberis*), 11/07/1993, IPS, SANT 52632. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1040 m, microvalgada orientación W, 22/08/1997, IPS, SANT 52631. Ganceiros, A Angueira-Pozo do Cubo, 29TNG7840, 470 m, marxe de piñeiral e etapas de substitución de carballeiras termófilas, 24/09/1999, IPS, SANT 52630. A Ponte Nova, 29TNG7331, 520 m, arbustral aclarado (*Frangulo-Pyretum cordatae*), 06/07/2005, IPS, SANT 53593. A Herdadiña, 29TNG7742, 400 m, cemba orientación sur, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73386. A Ponte Nova, Vía romana, 29TNG7231, 550 m, en orla de carballeira con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS & D.Manso & V.Orellana, SANT 80862.

•**Bibliografía:** NIETO FELINER (1997).

— Thymelaea Mill. —

Arbustos rastreiros, tapizantes e dioicos. Follas persistentes agrupadas no extremo das ramas e imbricadas. Flores axilares amarelas, con hipanto terminado en 4 sépalos petaloideos, sen corola. Androceo con 8 estames que nacen do hipanto.

•**Bibliografía:** PEDROL (1997).

Clave de especies

1. Follas coa face tomentosa e envés glabro; hipanto glabro	<i>T. broteriana</i>
Follas con indumento uniforme en face e envés; hipanto con pelos crespos dispersos	<i>T. coridifolia</i>

■ *Thymelaea broteriana* Cout. ●

•**Descripción:** caméfito con talo ramoso de 15-40 cm, erecto ou en ocasións prostrado. Xermolos e talos novos con follas e pilosos, os adultos perden as follas deixando cicatrizes visibles. Follas subcoriáceas de 5-9 x 0,5-1,25 mm, sésiles, enteiras, lineares, coa marxe fortemente revoluta de forma que a face, densamente branco-tomentosa, queda totalmente oculta tralo envés verde e glabro. Planta dioica, en ocasións con algúnsa flor hermafrodita nos pés masculinos. Inflorescencias coas flores axilares no extremo das ramas do año anterior, cada unha con 2 brácteas. Flores unisexuais, tetrámeras, glabras, solitarias, sobre un pedúnculo tomentoso < 0,5 mm, con hipanto glabro e persistente, de cor amarela pálida, de 3,5-4,5 mm, nas flores masculinas infundibuliformes e as femininas ovoides. Hipanto glabro. Cáliz con 4 sépalos de cor amarela más intensa có hipanto, de ata 1,5 mm de lonxitude. Androceo con estames soldados ao hipanto en dous verticilos de 4. Xineceo con estilo subapical e estigma capitado. Froito nuciforme encerrado dentro do hipanto, pubérulo cara o ápice, de 2-3 x 1-1,5 mm.

•**Distribución:** endimismo do cuadrante NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** breixeiras abertas no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común. Só é abundante na Serra do Xurés.

•**Lexislación:** Vulnerable (CGEA, 2007)

•**Pregos herborizados:**

•**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1350 m, zona de breixeira non moi densa (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 14/07/1993, IPS, SANT 52637. Serra do Xures, por enriba da Mina das Sombras, 22/05/1996, IPS, SANT 63105. Serra do Xurés, Mina das Sombras, 29TNG7830, 1220 m, zonas de breixeira non moi densa (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 06/06/1996, IPS, SANT 52634 e 63135. Serra do Xurés, 29TNG7832, 1250 m, zonas de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 14/05/1997, IPS, SANT 52635. Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1265 m, ecotón breixeira-terreo pedregoso erosionado por escorredura superficial, 22/05/1997, IPS 52636. •**PORTUGAL**, Serra do Gerês, Corga do Pozo Negro-cumes da fronteira, 29TNG7930, 1450 m, 16/06/1998,

IPS, SANT 52633.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, As Albas. 29TNG7629. Serra do Xurés, 29TNG7529 (4629346 / 29 575236), 1282 m, breixeira en zona atravesada por regato, 06/09/2012, IPS, R.Perdiz & Ramón. Serra do Xurés, Corga do Medeiro, 29TNG7630. Serra do Xurés, Alto Amoreira (Portugal). 29TNG7730. Serra do Xurés, Antes Portela Amoreira 29TNG7830. Serra do Xurés, A Amoreira. 29TNG7830. Serra do Xurés, Altar dos Cabrós-Corga das Negras 29TNG7831. Serra do Xurés, Corga das Negras-rio de Lobios, 29TNG7831 (4631490 / 29 578817), 1351 m, 09/08/2012, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7832 (0578460/4632984), 1255m, breixeira-toxeira (*Pterosparto-Ericetum angonensis* subas. *pseudoarrhenateretosum logifolii* var. de *Thymelaea broterana*), 02/07/2008, IPS & D.Manso. Serra do Xurés, a man esquerda do río de Lobios, enriba do Curral de Corvelte, 29TNG7833 (0578460 / 4633155), 02/07/2008, IPS & D.Manso. Serra do Xurés, Río Lobios, 29TNG7833. Serra do Xurés, Chan do Frieiro, 29TNG7833. Serra do Xurés, cumes fronteira c. Pico da Nevosa, 29TNG7931 (4631350 / 579849), 1540 m, pastero vivaz (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*) con *Thymus caespititus*, *Halimium umbellatum* e *Festuca summisutana* en contacto con breixeira, 09/08/2012, IPS (3 plantas). Serra do Xurés, Río Lobios-Corga da Carballa, 29TNG7932. >PORTUGAL, Sobre río Homem, 29TNG7529. Alto río Homem, 29TNG7529. Cabezos de Moudelo, 29TNG7529. Valgada seguinte a Corga do Medeiro, 29TNG7629. PN Peneda-Gerês en fronte Corga do Medeiro, 29TNG7729.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1966); GÓMEZ VIGIDE et al. (1989b).

■ *Thymelaea coridifolia* (Lam.) Endl.

cf subsp. *dendrobryum* (Rothm.) M. Laínz ●

•**Descripción:** caméfito sufruticoso, con ramas postradas, as más novas con pelos longos dispersos. Follas 3-7 x 0,5-1 mm, sésiles, planas, as novas cun indumento de pelos aplicados, ciliadas na base e cun guecho de pelos moi finos e más ou menos crespos no ápice. Especie dioica ou nos exemplares masculinos con algúna flor hermafrodita. Flores solitarias, unisexuais, axilares, sésiles, as masculinas infundibiformes e algo maiores cás femininas, estas ovoides. Hipanto con diminutos pelos crespos dispersos. Sépalos glabrescentes.

•**Distribución:** endimismo da Cordilleira Cantábrica, NW Ibérico e Serra da Estrela.

•**Hábitat:** breixeiras

•**Frecuencia:** raro.

•**Citas previas:** RIGUEIRO & SILVA PANDO (1984).

F. ULMACEAE

— *Ulmus* L. —

■ *Ulmus minor* Mill.

Ulmus procera Salisb.

•**Descripción:** fanerófito caducifolio de porte arbóreo, aínda que na Baixa Limia non existen más ca arboriñas novas ou arbustos. Ramíñas novas pubescentes, en ocasións con fragmentos de cortiza. Follas alternas, simples, pinnatinervadas, de marxe serrada, ápice moi agudo, con guechos de pelos nas bifurcacións dos nervios principais no envés, con estípulas caducas, co lóbulo basal más curto có pecíolo. A floración ten lugar antes da saída das follas. Inflorescencia en cumes densos. Periantio de 2-4 mm, con 4-5 lóbulos pubescentes. Froito en samara de ata 20 x 17 mm. Ala c 7 mm coas marxes lisas. Semente no terzo superior, próximo á escotadura.

•**Distribución:** Europa, N e W de Asia e Norteamérica. P. Ibérica: dispersa. Dubídase sobre a súa posible orixe alóctona en toda a parte do territorio ibérico.

•**Hábitat:** vexetación arbustiva de substitución sobre o encoro do Lindoso e algunas outras localidades.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**



Scrophulariaceae *Scrophularia scorodonia*



Solanaceae *Datura stramonium*



Solanaceae *Solanum dulcamara*



Solanaceae *Solanum dulcamara*



Solanaceae *Solanum nigrum*



Thymelaeaceae *Daphne gnidium*



Thymelaeaceae *Thymelaea broteriana*



Ulmaceae *Ulmus*

>**ENTRIMO**, encoro do Lindoso, 29TNG7540, 370 m, cemba inferior de estrada, 22/04/2005, IPS, SANT 52954 e 63118. Asperelo, 29TNG7541, 470 m, orla de carballeira degradada, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70466. Asperelo-A Herdadiña, 29TNG7642, 461 m, matogueira en rexeneración post incendio con rexeneración de erbedal, 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73405. >**LOBIOS**, encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, corga que desemboca no encoro (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80841.

•**Bibliografía:** NAVARRO & CASTROVIEJO (1993).

F. UMBELLIFERAE

Clave de xéneros

1. Pétalos de cor amarela intensa	2
Pétalos doutra cor	4
2. Mericarpos con anchas ás membranosas	<i>Thapsia</i>
Mericarpos sen anchas ás membranosas	3
3. Planta con olor anisado, follas caulinas alternas	<i>Foeniculum</i>
Planta sen olor anisado, follas caulinas en verticilos de 2-4	<i>Ferulago</i>
4. Corola azulada; brácteas e dentes das follas terminadas en espiñas vulnerantes	<i>Eryngium</i>
Corola non azulada; brácteas e dentes das follas sen espiñas vulnerantes	5
5. Follas enteiras, peltadas	<i>Hydrocotyle</i>
Follas profundamente divididas	6
6. Mericarpos con costelas aladas	7
Mericarpos sen costelas aladas	14
7. Umbelas principais de menos de 15 cm de anchura	8
Umbelas principais de máis de 15 cm de anchura	10
8. Mericarpos pilosos	<i>Laserpitium</i>
Mericarpos glabros	9
9. Follas dimorfas, as inferiores tri-pinnatisectas, as superiores 1(2) pinnatisectas	<i>Selinum</i>
Con todas as follas pinnatisectas	<i>Peucedanum</i>
10. Estilopodio diverxente na metade superior; folíolo terminal > 10 cm anchura	<i>Heracleum</i>
Estilopodio doutra forma; folíolo terminal < 10 cm anchura	11
11. Brácteas reflexas (0)5-6 e bractéolas soldadas na metade inferior	<i>Conium</i>
Sen brácteas ou con elas caedizas e non reflexas	12
12. Cepa con restos fibrosos; brácteas xeralmente ausentes	<i>Margotia</i>
Cepa sen restos fibrosos. Brácteas caedizas	13
13. Mericarpos con 2 ás	<i>Angelica</i>
Mericarpos con 4 ás	<i>Laserpitium</i>
14. Umbela principal con máis de 3 brácteas	15
Umbela principal sen brácteas, en ocasións de 1-3	18
15. Con pelos ríxidos nas costelas	<i>Daucus</i>
Sen pelos ríxidos nas costelas	16

16. Follas pinnatisectas con segmentos filiformes aparentemente verticiladas en torno ao pecíolo	Carum
Follas 2-4 pinnatisectas sen segmentos filiformes en disposición verticilada	17
17. Talos fistulosos; froitos cilíndricos	Oenanthe
Talos sólidos; froitos más anchos ca longos	Physopermum
18. Mericarpos con espínias ríxidas	Torilis
Mericarpos sen espínias ríxidas	19
19. Follas basais que nacen dun tubérculo máis ou menos esférico baixo o chan	Conopodium
Sen as características precedentes	20
20. Froitos con pico	21
Froitos sen pico, ovoides ou elipsoides	22
21. Radios umbelares con anel de pelos na parte superior; froitos sen as costelas marcadas	Anthriscus
Radios umbelares sen anel de pelos no ápice; froitos coas costelas marcadas	Chaerophyllum
22. Cepa con restos fibrosos	Seseli
Cepa sen restos fibrosos	23
23. Pedúnculos de maior tamaño cós radios umbelares	Petroselinum
Pedúnculos de menor tamaño cós radios umbelares	Apium

— Angelica L. —

Herbáceas vivaces rizomatosas. Cepa sen restos fibrosos. Talos fistulosos. Follas basais con pecíolo envainante, reducíndose cara o ápice do talo ata quedar reducidas ás vaíñas. Limbo 2-3 pinnatisecto con divisións de última orde de elíptico a lanceolado. Inflorescencias en umbelas compostas terminais e laterais. Umbela principal con ao menos unha bráctea linear involucrante, caedizas. Umbélulas con numerosas bractéolas caedizas. Flores hermafroditas. Cálix pouco conspicuo. Corola de 5 pétalos libres. Androceo con 5 estames libres entre si. Ovario ínfero con estilopodio e dous estilos. Mericarpos maduros con dúas ás.

•Bibliografía: CASTROVIEJO & GUTIÉRREZ BUSTILLO (2003).

Clave de especies

1. Pecíolo acanalado; pétalos branco-rosados a purpúreos	<i>A. major</i>
Pecíolo sen canal; pétalos brancos ou amarelo-verdosos	<i>A. sylvestris</i>

■ *Angelica major* Lag. ●

Angelica laevis J. Gay; *A. reuteri* Boiss., *A. angelicastrum* (Hoffmanns. & Link) Cout.

•Descripción: hemicriptófito con cepa sen restos fibrosos. Talos que superan 1 m de altura. Follas inferiores co pecíolo non acanalado, cilíndrico. Limbo 3 pinnatisecto; divisións da última orde grandes, ovadas, sésiles. Face glabra e envés escasamente piloso. Brácteas 6-8, lineares, caedizas. Bractéolas 2-16, lineares, caedizas. Radios umbelares glabros ou con só 1 franxa pilosa na cara interna. Pétalos brancos ou branco-verdosos. Mericarpos con ás de 1,8-2,5 mm de anchura, más estreitas cá parte seminífera.

•**Distribución:** endimismo do CW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** prados, comunidades megafórbicas en marxes de ríos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Venceans, 29TNG7446, 900 m, 12/06/1996, IPS, SANT 43056 e 56265. >Muíños, río Salgueiros, 29TNG8441, 830 m, marxe de río, 02/07/1997, IPS, SANT 43055.

■ *Angelica sylvestris* L.

•**Descripción:** hemicriptófito con cepa sen restos fibrosos. Talos fistulosos que poden acadar 2 m de altura. Follas inferiores co pecíolo acanalado, 2-3 pinnatisectas; divisóns de última orde oblongas ou elípticas pecioladas, grandes, de varios cm. Face glabra e envés piloso nos nervios (a veces poucos). Umbelas con 0-2 brácteas e ata 75 radios. Pétalos brancos, rosados ou purpúreos. Mericarpos con ás de 1-2,9 mm de anchura más anchos cá parte seminífera.

•**Distribución:** Europa, principalmente na rexión eurosiberiana. P. Ibérica: na metade N.

•**Hábitat:** pradarías megafórbicas en marxes de ríos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7640, 380 m, prado de cultivo-manancial á sombra con *Cardamino-Chrysosplenietum*, 21/03/1996, IPS, SANT 43052. Río de Vilameá, 29TNG7437, 360 m, a ameneiral do río (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 43053. Vilameá, río de Vilameá, 29TNG7536, 440 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, SANT 43054. Ribas de Araúxo, marxe río Cabaleiro, 29TNG7739, 360 m, pradaría higro nitrófila (*Picrido-Eupatorietum cannabini*), 31/08/1998, IPS, SANT 56263 e 56264.

— *Anthriscus* Pers. —

Herbáceas, anuais ou vivaces. Inflorescencias en umbelas compostas sen brácteas; umbélulas con bractéolas. Flores de ovario ínfero, con estilopodio. Corola de 5 pétalos libres, brancos, co ápice fundido. Pedicelos cun anel de pelos na zona de unión ao froito.

•**Bibliografía:** JURY & SOUTHAM (2003a).

Clave de especies

-
- | | |
|--|----------------------|
| 1. Anual; umbelas opostas ás follas; froito piloso menos do dobre de longo ca de ancho | <i>A. caucalis</i> |
| Vivaz; umbelas terminais; froito glabro, alongado (máis do dobre de longo ca de ancho) | <i>A. sylvestris</i> |
-

■ *Anthriscus caucalis* M. Bieb.

Scandix anthriscus L.; *Anthriscus vulgaris* Pers.

•**Descripción:** terófito con talos ata case 1 m de altura, ramificados, fistulosos, glabros. Follas 3 pinnatisectas, pecioladas, con indumento de pelos ríxidos, patentes no envés. Umbelas axilares sobre pedúnculos curtos, sen brácteas, con (3)4-5 ramas lineares, lisas. Umbélulas con 4-7 flores, con radios de 2-10 mm de lonxitude, terminados nunha coroa de pelos ríxidos brancos. Bractéolas de 2-3 mm con marxe ciliada, desiguais. Pétalos brancos ou amarelementos. Froitos ovoides, de 4-5 x 1,5 mm, cubertos de pelos ríxidos antrorso-ganchudos e terminados nun pico.

•**Distribución:** Europa, NW África, W Asia. Introducida en Nova Zelandia e Norteamérica. P. Ibérica: amplamente dispersa.

•**Hábitat:** pradarías nitrificadas de núcleos rurais.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Padrendo, 29TNG7336, 460 m, pradaría escionitrófila (*Galio-Urticetea*), 02/05/2005, IPS, SANT 53116.

>MUIÑOS, Mugueimes, 29TNG8545, 630 m, cuneta e chans pouco profundos (ruderal, nitrófilo), 07/04/2011, IPS, SANT 64528. Porqueirós-Presa Encoro de Salas, 29TNG8842, 09/05/1998, IPS, SANT 43030 e 56269. Barxés, entre O Cruceiro e O Barrio, 29TNG8647, 615 m, pasto de *Bromus* antropizado e cuneta, 21/04/2021, IPS, SANT 81295.

■ ***Anthriscus sylvestris* (L.) Hoffm.**

Chærophyllum sylvestre L

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos fistulosos que superan con frecuencia 1 m. Follas inferiores divididas, 3 pinnatisectas coa división do limbo variable. Radios umbelares frutíferos glabros, os das umbélulas cun anel de pelos ríxidos no ápice. Con 4-6 bractéolas patentes ou reflexas, ciliadas. Mericarpos más de 3 veces máis longos ca anchos, terminados en pico pouco desenvoltos, lisos, con costelas pouco marcadas só no pico.

•**Distribución:** Europa (rara no S), Asia Temperada e N África. P. Ibérica: sobre todo metade N.

•**Hábitat:** pradarías megafóbicas. Especie que debe buscarse na Baixa Limia.

•**Frecuencia:** moi raro. Especie que debe buscarse na Baixa Limia.

•**Pregos herborizados:**

>CASTROMANAO, río Orille, afluente do Arnoia, 29TNG8770, 360 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion*), 27/05/1999, IPS.

— ***Apium* L. —**

Herbáceas higrófilas con talos fistulosos na área de estudio e sen restos fibrosos na cepa. Follas alternas, as somerxidas diferentes ou todas homomorfas. Inflorescencia en umbelas compostas. Flores hermafroditas de ovario ínfero con estilopodio e dous estilos, cáliz inconspicuo, corola de 5 pétalos libres, brancos e androceo con 5 estames libres entre si.

•**Bibliografía:** KNEES (2003).

Clave de especies

1. Follas dimórficas, as inferiores cos segmentos filiformes	<i>A. inundatum</i>
Follas similares, pinnatisectas	<i>A. nodiflorum</i>

■ ***Apium inundatum* (L.) Reichenb.**

•**Descripción:** hidrófito parcial ou talmente somerxido. Talos fistulosos. Follas dimorfas, as inferiores divididas en lóbulos lineares ou filiformes, 2-3 pinnatisectas; as superiores pinnatisectas e de lóbulos planos. Umbelas compostas opostas ás follas, sen brácteas, con 2 (4) radios. Umbélulas con 3-6 bractéolas. Pétalos brancos. Mericarpos pouco más longos ca anchos, con costelas primarias marcadas, non aladas.

•**Distribución:** W Europa (ata Suecia e Sicilia). P. Ibérica: principalmente no cuadrante NW.

•**Hábitat:** cursos de auga remansados.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>MUIÑOS, Reparade, río Salas, A Ponte, 29TNG820421, 670 m, augas pouco profundas, 21/07/1993, IPS, SANT 43075.

•**Citas previas:** GARCÍA MARTÍNEZ et al. (1991). (29TNG9641, 29TNG9341)

■ ***Apium nodiflorum* (L.) Lag.**

Helosciadium nodiflorum L.

• **Descripción:** hidrófito con talos fistulosos, glabros, cos nós inferiores prostrados e enraizantes; o resto erectos. Follas uniformes, pinnatisectas. Umbelas compostas, opostas ás follas, sen brácteas (0-2), con 3-15 radios, sendo os pedúnculos más curtos cós radios. Umbélulas con 4-7 bractéolas, cada unha con 3 nervios visibles. Pétalos de cor verde pálida. Mericarpos pouco más longos ca anchos, con costelas primarias grosas, prominentes e non aladas.

• **Distribución:** C e S Europa, W e C Asia e N África. P. Ibérica: amplamente distribuída.

• **Hábitat:** augas pouco profundas, lentes e nitrificadas formando colonias (canles, cunetas encharcadas, canles de desaugadoiro, marxe de ríos).

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, *Glycerio-Apietum nodiflori* entre prado e carballeira (*Rusco-Queretum*), 09/07/1996, IPS, SANT 43078. A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, *Carici-Iridetum pseudacori* temporalmente somerxido, 23/05/1997, IPS, SANT 43077. Encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, marxe de río temporalmente somerxido, con vexetación higrófila, 07/10/2011, IPS, SANT 65272. >Muíños, Reparade, río Salas, A Ponte-O Areal, 29TNG820421, 670 m, *Glycerio-Oenanthesetum* de río Salas, 21/07/1993, IPS, SANT 43079 e 56266. Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 740 m, *Glycerio-Apietum* en marxe río, 29/07/1998, IPS, SANT 43076.

— ***Carum* L.** —

■ ***Carum verticillatum* (L.) Koch**

• **Descripción:** hemicriptófito con cepa non leñosa con restos fibrosos e raíces de dous tipos, fasciculadas e grosas. Talos que poden chegar a 1 m de altura áinda que xeralmente son de menor tamaño. Follas inferiores divididas, pinnatisectas. Follas basais escasas na antese, as caulinás ben desenvoltas, más pequenas ou reducidas ás vaíñas. Umbela con 6-15 radios e 5-10 brácteas de marxe escariosa. Umbélulas con 6-12 radios e 5-10 bractéolas. Mericarpos glabros.

• **Distribución:** W Europa e N África. Dispersa na P. Ibérica.

• **Hábitat:** prados con humidade freática, matogueira higrófila.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Guxinde, 29TNG7146, 700 m, breixeira e pasteiro higrófilos, 03/08/1995, IPS, SANT 43081. Fronteira Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, zonas aclaradas entre matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78755. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG750367, 420 m, prados higrófilos (*Juncion acutiflori*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 43082. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1210 m, braña alta de Pión de Paredes (*Ulicion micrantho-anglicae*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57572. >Muíños, Porqueirós, 29TNG8644, 810 m, prado (*Cynosurion*), 11/06/1996, IPS, SANT 43083.

• **Bibliografía:** GÓMEZ (2003).

— ***Chaerophyllum* L.** —

■ ***Chaerophyllum temulum* L.**

• **Descripción:** hemicriptófito con cepa sen restos fibrosos. Talos ata 1 m, híspidos, inchados debaixo dos nós, moteados de manchas de cor púrpura. Follas inferiores divididas, 2-3 pinnatisectas con ápices redondeados e mucronados. Umbelas principais xeralmente sen brácteas (0-2). Radios umbelares pilosos, sen anel de pelos ríxidos no ápice. Umbélulas con 5-8 bractéolas cilia-

das. Pétalos brancos. Mericarpos mais de 3 veces máis longos ca anchos, coas costelas marcadas. Estilos de menos de 1 mm na frutificación, primeiro patentes e reflexos na madurez.

•**Distribución:** Europa, NW África e SW Asia. P. Ibérica: fundamentalmente na metade N.

•**Hábitat:** lugares alterados e nitrificados; comunidades de herbáceas nitrófilas en sebes, marxes de camiños, pé de muros, etc.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE,** 29TNG8454, 770 m, pradaría megaóblica escio-higro-nitrófila en marxe de río (*Artemisetea, Convolvuletalia sepii*), 17/08/2008, IPS & M. Caruncho, SANT 59468 e 59657. Bande, 29TNG8352, 750 m, cuneta fresca e húmida (Or: NE) baixo caducífolios, 09/07/1998, IPS, SANT 39676 e 43084. >**LOBIOS,** A Portaxe, 29TNG7640, 360 m, marxe de camiño xunto a antiga ponte, 18/06/1997, IPS, SANT 43080 e 56862. Fondevila, 29TNG7539, 385 m, como nitrófila na base dun *Parietarietum judaicae*, 07/09/2001, IPS, SANT 45284. Barreal, 29TNG7538, 420 m, cuneta con vexetación nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65878. Pazos-Ermida de San Bartolomeu, 29TNG7539, 430 m, cuneta con vexetación nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65877. Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 460 m, illado en marxe de pista que baixa ao río, 06/07/2019, IPS, SANT 77484. >**MUÍÑOS,** O Ucedo, 29TNG8749, 560 m, ambiente de *Artemisetea* con *Echium lusitanicum*, 11/06/1996, IPS, SANT 43097. Guntumil, 29TNG8940, 875 m, *Geranio-Caryolophetum*, 18/09/1998, IPS, SANT 43105.

•**Bibliografía:** JURY & SOUTHAM (2003b).

— **Conium** L. —

■ *Conium maculatum* L.

•**Descripción:** hemicriptófito ou terófito. Planta aromática ata case 2 m de altura. Talos fistulosos, con manchas de cor púrpura, estriados inferiormente e asucados na parte superior. Follas basais ata 50 cm, longamente pecioladas, glabras, 2-4 pinnatisectas, as superiores de menor tamaño e con pecíolos envainadoras. Inflorescencia con umbelas de 8-20 radios subiguais, escábridos. Con 5-6 brácteas reflexas, con ancha marxe escarioса, crenado-dentada. Flores con 5 pétalos brancos cuja lámina cóncava a ambos lados do nervio medio resaltado. Froito globoso con costelas crenado-onduladas.

•**Distribución:** Europa, N África e Asia Temperada. P. Ibérica: rara no E e dispersa no resto.

•**Hábitat:** viaria.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**MUÍÑOS,** Maus de Salas (Porqueirós-Maus de Salas), 29TNG8944, 900 m, cuneta, 15/07/2000, IPS, SANT 43036. C. Maus de Salas, 29TNG8943, 900 m, cuneta de glorieta, 24/06/2011, IPS.

•**Bibliografía:** JURY (2003a).

— **Conopodium** W.D.J. Koch —

Herbáceas con bulbo subterráneo. Talo sen fibras que profunda no chan ata o bulbo. Follas basais 2-3 pinnatisectas, con pecíolo que xurde do propio bulbo; as caulinas, escasas, progresivamente reducidas cara arriba: Inflorescencias en umbelas compostas, a principal con flores hermafroditas e 0-1 bráctea involucrante. Umbélulas con 0 a varias bractéolas. Flores de ovario ínfero con cáliz pouco perceptible e corola de 5 pétalos libres de cor branca. Froitos comprimidos e alongados.


•**Bibliografía:** MATEO & LÓPEZ UDÍAS (2003).



Umbelliferae *Angelica major*



Umbelliferae *Angelica sylvestris*



Umbelliferae *Anthriscus caucalis*



Umbelliferae *Anthriscus sylvestris*



Umbelliferae *Apium nodiflorum*



Umbelliferae *Carum verticillatum*



Umbelliferae *Conium maculatum*



Umbelliferae *Conopodium majus*

Clave de especies

1. Estilopodio cun pequeno anel que o separa do mericarpo	<i>C. pyrenaicum</i>
Estilopodio sen anel, festonado inferiormente	<i>C. majus</i>

■ *Conopodium majus* (Gouan) Loret

subsp. *marizianum* (Samp.) López Udias & Mateo ●

• **Descripción:** xeófito con tubérculo globoso. Talos de 15-60 cm, pilosos na parte basal. Follas 2-3 pinnatisectas, as inferiores con parte do pecíolo subterráneo inserto directamente no bulbo inferiores e divisións de última orde con 3-6 lóbulos. Follas medias 2-3 pinnatisectas, triseptadas, con vaíñas glabras de 0,3-1 cm. Umbelas xeralmente sen brácteas (0-1). Umbélulas con 0-4 bractéolas. Pétalos brancos, os externos das flores radiais algo más grandes. Estilos erectos ou erecto-patentes. Estilopodio festonado (crenado) na parte basal, sen anel.

• **Distribución:** endimismo do W da P. Ibérica.

• **Hábitat:** chans pouco profundos en comunidades de pradarías pioneiras vivaces.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1178 m, cambrial sobre chans rochosos, 16/06/2016, IPS & M.Fernández. >ENTRIMO, Fronteira Ameixoeira-pista forestal, 29TNG6947, 790 m, chans pouco profundos en afloramento de grandes bolos graníticos (*Hieracio castellani-Plantaginion radicatae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78741. >LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7756, 1140 m, pradarías pioneiras (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 43089. Vilarinho-Senderiz, 29TNG7850, 800 m, pradarías pioneiras (*Airo-Sedetum arenarii*), 18/06/1997, IPS, SANT 43086. >LOBIOS, Serra do Xurés, sobre Mina das Sombras, 29TNG7830, 1300 m, claros de breixeira, 07/1992, IPS, SANT 43088. Gustomeau-A Regada, 29TNG7838, 650 m, 08/07/1993, IPS, SANT 43087. Serra do Xurés, pista Mina das Sombras despois de canteira, 29TNG7735, 950 m, pista sobre areas de granitos, 13/06/1995, IPS, SANT 43092. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1230 m, pastero sobre litosolos e gretas de cume (*Minuartio recurvae-Silenetum acutifoliae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64785. >MUÍÑOS, Requiás-Portela de Pitoens, chans esqueléticos, 18/04/1997, IPS, SANT 43091. Requiás, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pasto c. nacemento Regato da Portela (*Violion caninae*), 27/05/2011, IPS. Requiás-Encoro de Salas, 29TNG8841, 840 m, chans pouco profundos con pasto anual-vivaz (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 28/05/2021, IPS, SANT 80896; *observ.:* hai umbélulas con 4-5 bractéolas. Albite, Outeiro do Home Dereito, 29TNG8339, 1040 m, fisuras horizontais de rochas graníticas, 08/06/2021, IPS, SANT 80337.

■ *Conopodium pyrenaicum* (Loisel.) Miégev. ●

Conopodium bourgaei Coss.

• **Descripción:** xeófito con tubérculo globoso, con talos de ata 50 cm. Follas inferiores divididas, 2-3 pinnatisectas, as inferiores con parte do pecíolo subterráneo inserto directamente no bulbo. Follas medias 1-2 pinnatisectas, pecioladas ou subsésiles, con vaíñas de 1-3 cm. Umbelas sen brácteas. Umbélulas sen bractéolas. Estilos ensanchados na base, erectos ou erecto patentes. Estilopodio cun pequeno anel que o separa do mericarpo. Pétalos brancos, os externos das flores radiais algo más grandes.

• **Distribución:** endimismo da P. Ibérica (N e serras do SE) e Pireneos occidentais franceses.

• **Hábitat:** prados e claros de bosque, en xeral sobre chans ben desenvoltos.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Venceans, 29TNG7446, 840 m, prado (*Arrhenatheretalia*, *Cynosurion cristati*), 12/06/1996, IPS, SANT 43090.

— **Daucus** L. —

■ ***Daucus carota* L.**

subsp. *carota* var. *carota*

• **Descripción:** hemicriptófito ata 1 m de altura. Raíz napiforme, abrancazada. Brácteas da umbela principal viradas cara a base, 2-3 veces pinnadas, con divisións da última orde filiformes. Umbelas primarias con brácteas pinnatisectas e radios fortemente contraídos (converxentes) na frutificación. Umbélulas con bractéolas pinnatisectas. Flores hermafroditas de ovario ínfero e corola branca, excepto unha flor do centro da umbela estéril e violácea. Mericarpos con costelas primarias longamente espiñosas e as secundarias con espiñas moito más curtas.

• **Distribución:** Europa, W, C e N Asia, N África e Macaronesia. Introducida en América e Oceania. Presente en toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** prados, cunetas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8447, 580 m, zona axardinada abandonada, 05/11/2014, IPS, SANT 70392. >LOBIOS, A Portaxe-Xendive, Ganceiros, 29TNG7741, 390 m, cuneta xunto a *Leucanthemum ircutianum*, 27/11/1995, IPS, SANT 43098. Río Cabaleiro, A Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 360 m, prado (*Cynosurion cristati*), 24/09/1999, IPS, SANT 63145. Prencibe-Gustumomeau, 29TNG7938, 603 m, cuneta, 07/10/2004, IPS, SANT 51804. Manín-Padrendo, 29TNG7337, 460 m, cuneta con pradaria vivaz, 10/10/2015, IPS, SANT 72059. A Portaxe, Encoro do Lindoso, 29TNG7639, 340 m, cumba de antiga estrada que cruza o encoro, 06/07/2019, IPS, SANT 77492.

• **Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ (2003).

— **Eryngium** L. —

■ ***Eryngium duriaeae* J. Gay ex Boiss.** ●

Eryngium duriaeae subsp. *juressianum* (M. Laínz) M. Laínz; *E. juressianum* M. Laínz

• **Descripción:** hemicriptófito con cepa leñosa, con frecuencia con restos fibrosos na base. Talos de ata 1,5 m de altura, vedes, lisos, glabros sen ramificacións agás na inflorescencia. Follas caráceas, as da roseta basal ovobadas ou espatuladas co limbo plano, marxe dentada e atenuadas en pecíolo, de maior tamaño cás caulinhas inferiores e así sucesivamente ao longo do talo, estas sentadas e co limbo ondulado como a marxe sinuoso-dentada, con dientes espiñosos. Inflorescencia terminal constituída polo eixe principal e algúnhia rama axilar, todos terminados capítulos multiflores cilíndricos co ápice obtuso, cada unha situada sobre un invólucro de brácteas erecto-patentes, ríxidas, espiñosas, de menor tamaño có capítulo. Todas as flores hermafroditas, regulares, de corola azul pálida, cada unha cunha bractéola de ápice trífido. Ovario ínfero. Mericarpos cubertos de escamas obtusas.

• **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.

• **Hábitat:** orla de carballeiras e breixeiras, pistas forestais. Preferentemente no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Lexislación:** En Perigo de Extinción (CGEA, 2007). A especie foi incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas de Galicia* por ter sido considerada primeiro como unha subespecie independente e máis tarde como especie con entidade propia e restrinxida a escasas localidades da costa coruñesa, Baixa Limia e outros lugares no occidente da área de distribución de *E. duriaeae*.

• **Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés preto de Mina das Sombras, 29TNG7830, 1300 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Erice-tum subas. pseudarrhenatheretosum longifolii*), 21/07/1992, IPS, SANT 43101. Serra do Xurés, Pista Minas, 1000 m, 05/08/1995, IPS, SANT 43100. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, Albite-As Gralleiras, 29TNG8339, 22/07/1993, IPS, SANT 43102. Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8636, 1300 m, matogueira post-incendio con rebrotos de carballos (*Myrtillo-Quercetum roboris* queimado), 08/07/2002, IPS & D.Manso, SANT 47763.

•Outras localizacións xeoreferenciadas:

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, senda paralela a Río Amoreira_Vilameá, 29TNG7634 (2957689/463411), 770 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, c. Pico da Nevosa, 29TNG7931 (4631206 / 29 579409), 1414 m, 09/08/2012, Í, Pulgar. Serra do Xurés, senda paralelo a Río Amoreira_Vilameá, 29TNG7633, 810 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, Alto da Amoreira, 29TNG7730, 1400 m, claros de breixeira, 21/05/2011, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7731 (0577783 / 4631966), 1038 m, 02/07/2008, IPS & D.Manso. Serra do Xurés, senda paralela a Río Amoreira_Vilameá, 29TNG7733, 859 m, marxe de corga con *Frangula*, *Cytisus striatus*, *Quercus robur*, *Erica arborea*, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, senda paralela a Río Amoreira_Vilameá, 29TNG7733 (7706/3314), 884 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, Arredor da Corga de Teixos (cf Corga do Crasto), 29TNG7430, 850 m, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7430, 29TNG7831, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 900 m, comba e cuneta de pista forestal, Or: N. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés: 29TNG8537, 29TNG8541, 29TNG8637, 29TNG8641, IPS.

•Bibliografía: LAÍNZ (1967); NIETO FELINER (2003).

•Citas previas: LAÍNZ (1966).

— Ferulago W.D.J. Koch —

■ **Ferulago capillaris** (Link ex Spreng.) Cout. ●

Ferulago capillifolia (Link) Franco

•Descripción: hemicriptófito. Cepa fibrosa. Talos chegan a medir máis de 150 cm, glabros. Follas inferiores pecioladas, glabras, divididas, 4-6 pinnatisectas, con divisións de última orde lineares. Follas superiores 2-4 pinnatisectas que poden quedar reducidas a unha vaíña. Inflorescencias en umbelas compostas pedunculadas. Umbela principal robusta, con 20-45 radios de ata 11 cm na frutificación, con brácteas e bractéolas reflexas na madurez. Cálix con dentes triangulares < 0,5 mm. Corola con 5 pétalos amarelos. Ovario ínfero con estilopodio plano na madurez. Mericarpos de ata 20 mm con costelas comisurais anchamente aladas.

•Distribución: endimismo das serras do C e CW da P. Ibérica.

•Hábitat: matogueiras degradadas no piso supratemperado.

•Frecuencia: raro.

•Pregos herborizados:

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7732, 1050 m, chans esqueléticos (Or: W; Pendent. >45°), 14/07/1993, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7733, 1050 m, chans esqueléticos erosionados por un torrente estacional, 23/05/1995 e 22/08/1999, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, rodeado de berceal de *Stipa gigantea* e breixeira, 02/06/2011, IPS, SANT 64740.

•Bibliografía: GARCÍA MARTÍN (2003).

— Foeniculum Mill. —

■ **Foeniculum vulgare** Miller

Foeniculum officinale All

•Descripción: hemicriptófito aromático de olor anisado, que pode superar os 2 m de altura. Cepa sen restos fibrosos. Talos estriados, sólidos, glabros. Follas inferiores caedizas de cedo, 3-4 pinnatisectas con divisións de última orde lineares; as caulinas alternas, progresivamente más pequenas e menos divididas. Umbelas finais e laterais, con 5-44 radios desiguais. Umbélulas con 12-40 radios glabros. Cálix pouco evidente. Pétalos amarelos. Ovario ínfero. Mericarpos ovoides, glabros.

- **Distribución:** W e S Europa, N África, Macaronesia, W e C Asia. Naturalizada en América e Xapón. Presente en toda a P. Ibérica.
- **Hábitat:** campos de cultivo abandonados, marxes de estradas.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
>ENTRIMO, Lantemil-ponte de Aceredo, 29TNG7139, 378 m, cuneta, 29/10/2005, IPS & D.Manso. >LOBIOS, A Portaxe sobre o encoro do Lindoso, 29TNG7640, 370 m, marxe de camiño que baixa ao encoro, 08/08/2007, IPS, SANT 57433. Serra do Xurés, pista Vilameá-Ermida de Nosa Sra. do Xurés, 29TNG7536, 411 m, cuneta, 16/09/2018, IPS, SANT 76642.
- **Bibliografía:** AEDO (2003).

— *Heracleum* L. —

■ *Heracleum sphondylium* L.

- **Descripción:** hemicriptófito robusto, con indumento de pelos simples, sen cepa fibrosa. Talo fistuloso, estriado, que pode superar os 2 m de altura. Follas inferiores divididas, con 3-7 folíolos peciolulados, pilosos polo envés. Umbelas compostas, con 0-7 brácteas e 10-32 radios desiguais, as terminais hermafroditas, as laterais con flores hermafroditas e masculinas ou só masculinas. Umbéllulas con 9-10 radios subiguais e 0-15 bractéolas a miúdo reflexas. Pétalos brancos, os externos das flores marxinadas da umbela de maior tamaño. Sépalos moi reducidos. Aquenios con costelas comisurais aladas.
- **Hábitat:** pradarías megafórbicas de ambientes frescos e chans profundos, (zonas de contacto de bosques e prados, orla herbácea de bosque de ribeira, cunetas higrófilas, etc).
- **Bibliografía:** CASTROVIEJO (2003).

Clave de subespecies

1. Follas basais con 5-7 segmentos pinnatilobados	<i>H. s. subsp. <i>sphondylium</i></i>
Follas basais ternatisectas	<i>H. s. subsp. <i>granatense</i></i>

■ *Heracleum sphondylium* subsp. *granatense* (Boiss.) Briq.

- **Distribución:** segundo CASTROVIEJO (2003) é a subespecie máis estendida na Península, aínda que non a cita expresamente da provincia de Ourense.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
>LOBIOS, A Ponte Nova-pista de acceso a Santa Eufemia, Vía Nova Romana, 29TNG7331, 550 m, marxe do camiño, comunidade megafórbica pouco desenvolta, 06/07/2005, IPS, SANT 53594. Saa-Fondevila, 29TNG7639, 460 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62000.

■ *Heracleum sphondylium* L. subsp. *sphondylium*

- **Descripción:** diferénciase da anterior nas súas follas basais pinnatisectas, con 5-7 folíolos pinnatilobados e pubescentes polo envés.
- **Distribución:** presente en toda Europa. P. Ibérica: dispersa.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
>BANDE, 29TNG8454, 770 m, silveira de *Rubus* sp, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59473. >LOBIOS, O Puxedo,

do-A Cela, 29TNG8138, 708 m, pradaría megafóbica salgueiral do río Mao-prado adxacente, intermedio *Trifolio-Genetariae* e *Galio-Urticetea*, 12/06/2020, IPS, SANT 78783. >Muíños, Reparade, 29TNG8141, 715 m, comunitade megafóbica en cuneta, 11/06/2020, IPS, SANT 78782.

— **Hydrocotyle** L. —

■ ***Hydrocotyle vulgaris*** L.

• **Descripción:** hemicriptófito sen cepa fibrosa. Talos reptantes enraizantes nos nós. Follas indivisas, pecioladas, palmatinervias, peltadas, crenadas, con estípulas caedizas. Limbo con 7-9 nervios principais. Pecíolo piloso baixo o limbo. Inflorescencias axilares, menores cá folla correspondente. Umbelas que poden ser escasamente proliferantes, con 1 ou más eixos que continúan crecendo e terminan nunha nova umbela con apariencia de umbela terminal e as inferiores con aspecto de verticilos de flores. Flores sésiles ou subsésiles (capituliformes) con unha bractéola. Mericarpos coas 5 costelas moi finas, amarelento con punteado castaño-avermellado.

• **Distribución:** C e N Europa (poboacións illadas en S e rexión mediterránea). P. Ibérica: metade N e litoral mediterráneo.

• **Hábitat:** turbeiras e chans encharcados durante un longo período de tempo.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, campamento romano, 29TNG8447, 550 m, terreos anegados estacionalmente polo Encoro das Conchas, 08/12/2009, IPS & D.Manso, SANT 62156. >ENTRIMO, Lantemil, 29TNG7139, 340 m, terreo areoso con materia orgánica da marxe do encoro en zona adxacente a desaugadoiro de regato, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70448. >LOBIOS, A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, 15/05/1997, IPS & D.Manso, SANT 39651 e cf 39111 (PULGAR et al., 1998). A Portaxe, 29TNG7640, 340 m, terreos anegados estacionalmente polo encoro do Lindoso, 23/05/1997, IPS, SANT 43106. >Muíños, presa do encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, xuncal (*Molinetalia, Juncion acutiflori*), chans encharcados con déficit de drenaxe, 24/06/2011, IPS, SANT 65302. Encoro das Conchas, Pazos. 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto pola baixada de nivel do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 05/11/2014, IPS, SANT 70448. Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8941, 850 m, marxe de charca temporal, 15/09/2018, IPS, SANT 76544.

• **Bibliografía:** MEDINA (2003).

— **Laserpitium** L. —

Herbáceas vivaces con cepa gorda. Talos foliosos con follas alternas. Follas con pecíolo envainante e limbo 2-4 pinnatisecto con divisóns finais elípticas ou obovadas. Inflorescencias en umbelas compostas con brácteas e bractéolas caedizas. Flores con cálix de dentes agudos e corola de 5 pé-talos libres, escotados. Ovario ínfero con estilopodio partido e estilos reflexos na madurez.

• **Bibliografía:** P. MONTSERRAT (2003).

Clave de especies

1. Froitos con á 1-2 mm anchura; divisóns foliares de última orde trifoliadas	<i>L. eliasii</i>
Froitos con á < 0,5 mm; divisóns foliares de última orde linear-lanceoladas	<i>L. prutenicum</i>

■ ***Laserpitium eliasii*** Sennen & Pau subsp. *thalictrifolium* (Samp.) P. Monts. ●

• **Descripción:** hemicriptófito robusto, con talos recios, estriados que xeralmente acadan e superan 1 m de altura. Cepa con restos papiráceos. Talo con numerosas ramas laterais terminadas en inflorescencias secundarias. Follas abundantes dispostas ao longo do talo, as basais de menor

tamaño cás caulinas inferiores, que decrecen pronto ata amosar a última porción do talo afilo, 3(4) pinnatisectas, con segmentos terminais de última orde trilobados, obovados e con poucos dentes marxinais cara o ápice. Limbo discoloro, glauco e pruinoso no envés onde os nervios se atopan moito más destacados. Umbela principal con 20-30 radios con costelas amarelentas separadas por vales profundos, con 6-8 brácteas lineares caedizas. Corola branca. Mericarplos con ás anchas de 1,5-2 mm, subiguais.

- **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica. España: Le, Lu, Or e Za. Portugal: Mi e TM.
- **Hábitat:** pradarías, breixeiras e orlas forestais. Para completar o seu ciclo vital precisa de chans profundos e condicións de alta radiación solar. Por iso, aínda que chega a penetrar nas comunidades de megaforbias escófilas nemoriais, prefire facelo na periferia onde chega máis radiación solar. Este ambiente atópao en chans profundos rodeados de grandes bloques de granitos, onde compite coa breixeira e anuncia a entrada doutros compoñentes das orlas forestais e bosques secundarios.

• **Frecuencia:** común na Serra do Xurés. Escaso no resto do territorio.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1300 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 14/05/1997, IPS, SANT 43107. Serra do Xurés, Os Piñeiro, 29TNG7229, 870 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 22/05/1997, IPS, SANT 43108. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 04/06/1997, IPS, SANT 52757. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033 (5704 /46336), 830 m, breixeira-orla forestal, 02/06/2011, IPS, SANT 64728. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 905 m, cemba de pista rodeada por carballeira de montaña (*Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris*) con *Fagus sylvatica* de repoboación, 09/06/2011, IPS, SANT 64781.

• **Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 860-800-700 m, m, cemba de pista rodeada por carballeira de montaña (*Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris*) con *Fagus sylvatica* de repoboación, 09/06/2011, IPS. Río de Vilameá, Vilameá-desembocadura, 29TNG7436, 370 m, ameneiral ripario, IPS. Serra do Xurés, senda paralela río da Amoreira, 29TNG7731 e 29TNG7732, 980-990 m, 29TNG7732, 915-935 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, Corga da Carballa, 29TNG7932, 1270 m, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7730, 29TNG7830, 29TNG7831. >MUIÑOS, A Barxa, 29TNG8637.

• **Citas previas:** RIGUEIRO & SILVA PANDO (1984).

■ *Laserpitium prutenicum* L.

subsp. *dufourianum* (Rouy & E.G. Camus) Braun-Blanq. *



• **Descripción:** hemicriptófito con cepa sen restos fibrosos. Talos de 30-90 cm. Follas inferiores divididas, 3-pinnatisectas, con pecíolo e raque profundamente asucado; divisións de última orde mucronadas, sen peciolulo, as superiores pódeno ter peciolulado. Con umbelas laterais abundantes, de floración desfasada. Con 5-8 brácteas, reflexas e ao final soldadas ao pedúnculo, con marxe escariosa e ciliado. Pétalos brancos. Froito con costelas primarias hirsutas.

• **Distribución:** SW Europa, desde o SW de Francia ao N de Portugal.

• **Hábitat:** marxe de pistas no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, pista Minas, 1020 m, 22/08/1997, IPS, SANT 43110. -PADRENDA, Gorgua, Gorgua-Pena Rubia, 29TNG7260, 890 m, 11/10/1996, IPS, SANT 38700 e 56864.

• **Citas previas:** PULGAR et al. (1998).



Umbelliferae *Daucus carota*



Umbelliferae *Eryngium duriaeui*




Umbelliferae *Ferulago capillaris*




Umbelliferae *Foeniculum vulgare*



Umbelliferae *Heracleum sphondylium*



Umbelliferae *Hydrocotyle vulgaris*



Umbelliferae *Laserpitium eliasii* subsp. *thalictrifolium*



Umbelliferae *Laserpitium prutenicum* subsp. *duforianum*

— Margotia Boiss. —

■ *Margotia gummifera* (Desf.) Lange

- **Descripción:** hemicriptófito de más de 1 m. Cepa con restos fibrosos de follas vellas. Talos non ramosos excepto na inflorescencia, glaucos, glabros. Follas basais 3-4 pinnadas con segmentos terminais mucronados; as superiores reducidas a vaíñas, glaucas. Inflorescencias en umbelas compostas pedunculadas, a principal máis desenvolta cás laterais, con más de 15 radios de más de 10 cm de lonxitude. Umbelas con brácteas caedizas, linear-lanceoladas e con marxe escariosa. Umbélulas con bractéolas. Flores pediceladas con cáliz evidente. Corola de 5 pétalos brancos iguais, incurvados. Estilos erecto patentes, reflexos na frutificación. Mericarpos maduros alados.
- **Distribución:** P. Ibérica (dispersa) e NW África.
- **Hábitat:** orla de pequeno bosque de montaña con penedos graníticos.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
->LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7732, 920 m, valgada, comunidade de herbáceas en orla de salgueiral de montaña, 18/06/2011, IPS, SANT 65260.
- **Bibliografía:** GARCÍA MARTÍN (2003).

— Oenanthe L. —

■ *Oenanthe crocata* L.

- **Descripción:** hemicriptófito ou xeófito con raíces tuberosas. Talos fistulosos, asucados, de más de 1 m. Follas inferiores 3 (4) pinnatisectas, as caulinas 1-2 pinnatisectas. Umbelas con 12-30 radios más curtos có pedúnculo, con 4-6 brácteas. Umbélulas con 6 bractéolas ou más. Pétalos brancos, os externos das flores marxinaias algo maiores. Sépalos persistentes, cos dentes endurcidos, triangulares. Froitos cilíndricos, sen pico, sen costelas aladas aínda que as primarias prominentes, glabros.
- **Distribución:** W Europa e rexión mediterránea. P. Ibérica: só falta no E e NE.
- **Hábitat:** leitos de río con pouca auga, canles, canais, pradarías higrófilas.
- **Frecuencia:** abundante.
- **Pregos herborizados:**
->BANDE, río Cados, 29TNG8353, 680 m, leito do río (*Glycerio-Oenanthesum crocatae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 43111. >ENTRIMO, Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 515 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*) e leito (*Glycerio-Oenanthesum crocatae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78846. >MIÑOS, río Salas, 29TNG8242, 675 m, leito do río (*Glycerio-Oenanthesum crocatae*), 15/07/1993, IPS, SANT 43109 e 45369.
- **Bibliografía:** JURY & SOUTHAM (2003).

— Petroselinum Hill —

■ *Petroselinum crispum* (Mill.) Fuss

Apium petroselinum L.; *A. crispum* Mill.

- **Descripción:** hemicriptófito con talos glabros de ata 80 cm. Follas inferiores 2-3 pinnatisectas con divisións de última orde dentadas ou lobadas, prontamente murchas. Follas caulinas menos divididas, as superiores 1-2 ternatisectas con segmentos linear-lanceolados. Inflorescencias pedunculadas con 0-3 brácteas lineares, algo ensanchadas no ápice, glabras, sen marxe escariosa. Umbelas xeralmente con más de 8 radios. Umbélulas con 4-6 brácteas linear-lanceoladas, con estreita marxe escariosa. Froito ovoide con estilopodio coroado por

estilos reflexos de maior ou igual tamaño có estilopodio. Mericarpos coas costelas resaltadas e redondeadas.

•**Distribución:** orixinaria do vello mundo, desde onde, cultivado desde tempos remotos, se estendeu por case todas as zonas temperadas do planeta.

•**Hábitat:** ruderal e arvense, escapada de cultivo.

•**Frecuencia:** escaso. É dubidoso se adventicia ou naturalizada.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 440 m, camiño baixo muro de parcela agrícola, 13/07/2012, IPS, SANT 65912. Ba-rreal, 29TNG7538, 420 m, cuneta con vexetación higro-nitrófila baixo muro divisorio de finca agrícola, 13/07/2012, IPS, SANT 65911.

•**Bibliografía:** AEDO (2003).

— Peucedanum L. —

Herbáceas vivaces con ou sen cepa fibrosa. Follas varias veces divididas. Inflorescencia en umbela composta, con brácteas e bractéolas caedizas. Flores hermafroditas. Cáliz pouco conspicuo. Corolla con 5 pétalos libres, brancos. Ovario ínfero con estilopodio e estilos diverxentes. Froito oval o elíptico, comprimido.

•**Bibliografía:** GUILLÉN & LAÍNZ (2003).

Clave de especies

1. Talo sólido; cepa fibrosa	<i>P. gallicum</i>
Talo fistuloso; cepa sen fibras	<i>P. lancifolium</i>

■ *Peucedanum gallicum* Latourr.

•**Descripción:** xeófito con rizoma leñoso. Cepa densamente fibrosa. Talo sólido, cilíndrico, glabro, verde con estrías brancas, ramificado na parte superior. Follas basais e caulinas 1-2 ternatisectas; divisóns foliares da última orde de ata 40-50 mm, estreitamente lanceoladas, mucronadas. Follas superiores simples. Umbelas terminais con brácteas lineares, con radios < 20 mm na antese e de 20-40 na frutificación, escábridos sobre todo na cara interna. Umbélulas con bractéolas. Pétalos abrançazados ou rosáceos, co nervio central verde. Froitos de 4,4-5,5 mm, coas dúas costelas laterais (comisurais) primarias aladas.

•**Distribución:** N e NW da P. Ibérica e N, C e W de Francia.

•**Hábitat:** orla e sotobosque de carballeiras e vexetación arbustiva de gran talla.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8551, 700 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 08/10/1996, IPS. >ENTRIMO, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65867. >LOBIOS, Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, 05/08/1995, IPS, SANT 43113. Serra do Xurés, 29TNG7229, 700 m, erbedal (*Daphne gnidii-Arbutetum unedonis*), 11/09/1997, IPS, SANT 43112.

•**Citas previas:** LAÍNZ, (1971): Muíños, Requiás e LOBIOS, Sierra de Santa Eufemia.

■ *Peucedanum lancifolium* Lange

•**Descripción:** xeófito con cepa sen restos fibrosos áinda que con restos foliares. Talos fistulosos, cilíndricos, glabros, a veces ramificados desde a base. Follas inferiores divididas, 1-2 ternatisectas; divisóns foliares da última orde de 5-10 mm, lineares. Follas caulinas 1-2 pinnatisectas, con

divisións foliares da última orde de maior tamaño cás basais. Umbelas con 8-12 radios desiguais e 0-5 brácteas reflexas. Umbélulas con 4-7 bractéolas e 10-20 radios. Pétalos abrancazados ou rosáceos, co nervio medio amarelo ou avermellado. Froitos de 5-7 mm, coas dúas costelas laterais (comisurais) primarias con ás.

•**Distribución:** W P. Ibérica e W Francia.

•**Hábitat:** prados, pradarías e matogueiras higrófilas, bosques riparios.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, 29TNG9242, 865 m, breixeira-toxeira higrófila (*Genisto anglici-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 02/10/1996, IPS, SANT 43118. Calvos de Randín, breixeira-toxeira higrófila (*Genisto anglici-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 08/10/1996, IPS, SANT 45368. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, pradarías higrófilas, marxe de regato preto de nacente (*Deschampsio-Junctetum effusi* e *Montio-Cardaminetea*), 01/07/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80200. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7656, 1160 m, xuncal (*Juncion acutiflori*), 09/09/1997, IPS, SANT 43115. >MUIÑOS, río Limia, 29TNG8749, 560 m, ameneiral, 10/09/1997, IPS, SANT 43117. Serra do Xurés, A Barxa, 29TNG8637, 1000 m, comunidades megafóbicas en senda que atravesa o bosque, 15/09/2018, IPS, SANT 76550. Serra do Xurés, Portela de Pitoes-A Barxa, 29TNG8636, 1190 m, baixo piñeiral de *Pinus sylvestris* con chan húmido, 15/09/2018, IPS, SANT 76552. >PORTUGAL, Serra do Gerês, Tourem-Pitoes das Jhunias, 1100 m, ecotón matogueira higrófila-no higrófila (*Calluno-Ulicetea*), 23/07/1998, IPS, SANT 43116.

— ***Physospermum* Cusson ex Juss.** —

■ ***Physospermum cornubiense* (L.) DC.**

Physospermum aquilegiifolium Koch

•**Descripción:** hemicriptófito. Cepa con resto de vaíñas foliares. Talos que chegan a medir máis de 1 m, erectos, estriados, indivisos agás a parte superior, glabros ou glabrescentes. Follas basais con longo pecíolo acanalado na parte superior, de limbo ternatisecto. Sen follas caulinas ou reducidas á vaíña e cun limbo como o basal pero reducidísimo. Umbelas con 10-15 radios desiguais, con 3-6 brácteas agudas, lineares ou lanceoladas. Con 10-20 flores por umbélula, a metade hermafroditas e a metade masculinas. Froitos de cor negra e brillante na madurez.

•**Distribución:** C, S e W Europa e SW Asia. P. Ibérica: fundamentalmente no cuadrante NW.

•**Hábitat:** bosques caducifolios e perennifolios.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8551, 700 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), IPS, SANT 43126. >ENTRIMO, Montes de Guxinde, 03/08/1995, IPS, SANT 43120. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercketosum suberis*), 17/06/1993, IPS, SANT 43122. Serra do Xurés, 29TNG7330, 750 m, 09/07/1993, IPS, SANT 43119. Serra do Xurés por encima de Mina das Sombras, breixeira aberta (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 07/1996, IPS, SANT 43121. Serra do Xurés, Río Lobios, 29TNG7931, 1400 m, bideiral pioneiro, 03/09/1997, IPS, SANT 43125. >MUIÑOS, Requiás-presa do encoro de Salas, 27/07/1992, IPS, SANT 43123. Parada da Ventosa, O Covellón, OU-540, 29TNG7843, 450 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 21/08/1997, IPS, SANT 43124.

•**Bibliografía:** JURY (2003).

— ***Selinum* L.** —

■ ***Selinum broteri* Hoffmanns. & Link**

•**Descripción:** hemicriptófito. Vivaz, erecta, glabra. Talos angulosos podendo superar 1 m de altura, ramificados na parte superior. Follas dimorfas, as basais tripinnadas e longamente pecioladas, con pecíolo tan longo coma o limbo, con ampla vaíña e marxe dos lóbulos escábrido;

folias superiores pinnadas ou bipinnadas de pecíolo curto coas divisóns moito más alongadas. Inflorescencia en umbela. Umbelas con radios curtos, desiguais, erectos, patentes ou lixeiramente coniventes na frutificación. Brácteas da umbela de 0-2, caducas. Umbélulas con 3-6(8) bractéolas lineares desiguais. Pétalos brancos. Ovario ínfero con estilos arqueados más longos có estilopodio. Mericarpos coas 5 costelas principais con á estreita.

•**Distribución:** endimismo da Bretaña francesa e NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías higrófilas en marxes de río.

•**Frecuencia:** raro.

•**Lexislación:** Vulnerable (CGEA, 2007).

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, río Cabaleiro, A Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 360 m, pradaría escio-higro-nitrófila na marxe do ameñeiral (*Picrido-Eupatorium cannabini*), 31/08/1998, IPS, SANT 52813, 63036 e 63143. Río Cabaleiro, A Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 380 m, marxe de prados (*Cynosurion cristati*) aterrazados sobre o ameñeiral, 24/09/1999, IPS, SANT 52815. Río de Vilameá, 29TNG7437, 360 m, ameñeiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 52814. Saa-A Regada, 29TNG7737, 650 m, cuneta húmida, 09/09/1997(1), IPS, SANT 52599. A Cela, 29TNG8041 (4641005/580717), 665 m, camiño algo encharcado e pouco limpo con *Agrostis*, *Hypochaeris radicata*, *Ulex minor*, *Pteridium aquilinum*, 14/08/2009, IPS & D.Manso, SANT 63036.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Río Caldo, A Ponte Nova-Portela do Home, 29TNG7230 (572483 / 4630104), 640 m, marxe ameñeiral-salgueiral (*Osmundo-Alnion glutinosae* e prados higrófilos ;*Juncion acutiflori?*).

•**Bibliografía:** GÓMEZ (2003). PULGAR et al. (2002).

— Seseli L. —

■ *Seseli montanum* L.

subsp. *peixotoanum* (Samp.) M. Laínz ●

•**Descripción:** hemicriptófito de cepa con restos fibrosos. Talos glabros, erectos, ata 70 cm. Folias con pecíolo más curto có limbo, as basais divididas, 2 pinnatisectas, flexibles, glabras ou papilosas, con divisóns da última orde lineares de menos de 20 mm. Folias caulinas case sentadas, más pequenas e menos divididas. Umbelas con 5-9 radios curtos, pilosos e 0-3 brácteas. Umbélulas con 6-9 bractéolas lixeiramente soldadas na base. Pétalos brancos ou algo tinguidos de púrpura. Froitos pilosos con costelas prominentes.

•**Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** claros de breixeira con chan compacto.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, As Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8942, 850 m, claros de breixeira con chan compacto, 22/09/2004, IPS, SANT 52438. Idem 15/09/2018, IPS, SANT 76546.

•**Bibliografía:** AEDO & VARGAS (2003).

— Thapsia L. —

Herbáceas perennes. Talos erectos, glabros, con cepa fibrosa. Folias maioritariamente basais, 2-3 veces pinnatisectas, con pecíolo envainante; as caulinas escassas, reducidas. Inflorescencia en umbela composta terminal. Flores hermafroditas. Cálix de 5 sépalos pouco conspicuos. Corola con 5 pétalos libres, amarelos. Androceo con 5 estames libres entre si. Ovario ínfero. Froitos comprimidos con 4 anchas ás escarioas.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVA & ROSELLÓ (2003).



Umbelliferae *Margotia gummifera*



Umbelliferae *Oenanthe crocata*



Umbelliferae *Peucedanum gallicum*



Umbelliferae *Peucedanum lancifolium*




Umbelliferae *Physospermum cornubiense*



Umbelliferae *Selinum broteri*



Umbelliferae *Seseli montanum*



Umbelliferae *Thapsia minor*

Clave de especies

1. Umbelas planas con 4-12 radios; talos gráciles 1,5-5,5 mm diámetro na base	<i>T. minor</i>
Umbelas subglobosas, con (6)9-29 radios. Talos robustos (3)5-25 mm diámetro na base	<i>T. villosa</i>

■ *Thapsia minor* L.

• **Descripción:** hemicriptófito de talos gráciles, de 1,5-5,5 mm de diámetro na base e ata 1 m de altura. Follas inferiores divididas, 1-3 pinnatisectas, con marxe revoluta e dentes con apículo. Vaíña pouco desenvolta, de 4-11(18) mm de anchura. Umbelas más ou menos planas, con 4-10(12) radios, sen brácteas. Umbélulas subhemisféricas sen bractéolas, con 9-20 flores. Pétalos amarelos. Froitos comprimidos dorsalmente, con ás amarelentas, tan anchas coma a parte seminífera, con estilos que non exceden ás ás na escotadura.

• **Distribución:** endimismo del W e C de la P. Ibérica.

• **Hábitat:** sotobosque de bosques caducifolios e de pinais.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

especie que necesita confirmación na Baixa Limia.

■ *Thapsia villosa* L.

• **Descripción:** hemicriptófito con talos robustos, de (3)5-25 mm de diámetro na base, de 30 cm ata case 2 m de altura. Follas inferiores divididas, 1-3 pinnatisectas, con vaíña moi desenvolta, de marxe revoluta a veces só lixeiramente, dentes con apículo espiñoso. Umbelas subhemisféricas ou globosas, sen brácteas (0-3), con 9-29 radios. Umbélulas hemisféricas ou globosas, sen bractéolas. Pétalos amarelos. Froitos comprimidos dorsalmente, con ás amarelentas ou pardas, tan anchas como a parte seminífera, con estilos que exceden ou igualan ás ás na escotadura.

• **Distribución:** S Francia, P. Ibérica e NW África. P. Ibérica: só escasa no N.

• **Hábitat:** claros de breixeira-toxeira degradado, erbedais.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, A Anta, 29TNG7537, 470 m, chans esqueléticos con pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 07/1992, IPS, SANT 43128. A Portaxe-Ganceiros, 29TNG7741, 450 m, orla de piñeiral, 09/07/1998, IPS, SANT 43129. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6932, 860 m, chans esqueléticos en claros de matogueira, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 80322. >**LOBEIRA**, Poboadao das Conchas-Lebosindo, 29TNG7944, 550 m, chans efémeros sobre granitos e cuneta, 18/06/1998, IPS, SANT 43127.

— *Torilis* Adans. —

Herbáceas anuais ou bienais de talos foliosos con pelos adpresos. Follas alternas 2-3 veces pinnatisectas. Flores en umbelas compostas terminais, sen cálix evidente. Corola con 5 pétalos libres, brancos, desiguais. Androceo con 5 estames. Ovario ínfero cuberto de pelos adpresos e costelas con espiñas.

• **Bibliografía:** JURY (2003).

Clave de especies

1. Umbela con 0-1 brácteas	<i>T. arvensis</i>
Umbela con 4-12 brácteas	<i>T. japonica</i>

■ *Torilis arvensis* (Huds.) Link
subsp. *purpurea* (Ten.) Hayek

•**Descripción:** terófito de talo liso e con poucas ramas patentes na parte superior. Follas basais 2-3 pinnatisectas, as caulinas superiores de menor tamaño e xeralmente menos divididas. Inflorescencias terminais pedunculadas. Umbelas compostas, con 2-3(4) radios principais desiguais e 0(1) brácteas. Umbélulas con bractéolas lineares. Flores con cáliz de sépalos triangulares, diminutos e persistentes. Corola con 5 pétalos libres, brancos, todos similares ou os externos algo maiores. Ovario ínfero cuberto de pelos. Froito ovoide cos dous mericarpos coas costelas cubertas de espiñas rectas, que se estreitan cara o ápice. Estilos de maior tamaño có estilopodio.

•**Distribución:** SW Asia, NW África, Macaronesia e S Europa. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** marxes de camiño.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 405 m, marxe de camiño, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59463.

■ *Torilis japonica* (Houtt.) DC.

Torilis anthriscus (L.) C.C. Gmel

•**Descripción:** terófito. Talos erectos, ramificados na parte superior, de ata 1 m. Follas inferiores 2-3 pinnatisectas, con segmentos pinnados ou dentados, con pelos ríxidos e antrorsos en ambas caras. Umbelas de 1,5-4 cm de diámetro, na súa maioría terminais, con pedúnculos xeralmente de máis de 5 cm, con brácteas e bractéolas lineares. Flores con pétalos de cor branca ou rosa pálida, os externos das flores radiais algo maiores. Froitos de 2,5-4,5 mm, con estilos curvados na frutificación.

•**Distribución:** Europa, Asia temperada e Marrocos. P. Ibérica: metade N e montañas da metade S.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas en marxes de camiños.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Couso de Salas-Taboadela, Pousadela, 29TNG8846, 900 m, camiño na marxe de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 21/08/1997, IPS, SANT 43104.

F. URTICACEAE

Clave de xéneros

1. Planta con pelos urticantes; follas opostas	Urtica
Planta sen pelos urticantes; follas alternas	Parietaria

— Parietaria L. —

■ *Parietaria judaica* L.

Parietaria punctata Willd.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos lixeiramente leñosos na base, densamente pubescentes. Follas alternas, pecioladas, enteiras, sen estípulas, agudas no ápice e cuneadas na base onde se aprecian 3 nervios. Inflorescencia polígama en fascículos axilares. Brácteas soldadas na base, pubescentes. Flores hermafroditas abundantes, con periantio tubular e pelos delgados; flores femininas escassas, con periantio terminado en lóbulos agudos e densamente pubescente. Aquenios negrizos.

•**Distribución:** SW Asia, S e W Europa e rexión mediterránea. Introducida en Norteamérica. Case toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** muros e pé de muros en ambiente ruderal.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Fondevila, 29TNG7539, 380 m, muros nitrificados e a súa base (*Parietarietum judaicae*), 07/08/2001, IPS, SANT 45283.

•**Bibliografía:** PAIVA (1993a).

— *Urtica* L. —

■ *Urtica dioica* L.

•**Descripción:** xeófito dioico con talos ata 1,5 m. Nós con 4 estípulas libres. Follas opostas, pecioladas, más ou menos cordadas na base, coa marxe serrada, co face con pelos urticantes e non urticantes e o envés híspido. Flores en acios espiciformes, de 2-10 cm. Acios masculinos más ou menos ramificados co eixe non dilatado

•**Distribución:** rexións temperadas dos dous hemisferios. P. Ibérica: só falta en zonas secas do SE.

•**Hábitat:** pradarías escio-nitrófilas. Ruderal, viaria e arvense.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8454, 770 m, comunitade de herbáceas megafóbicas escio-higro-nitrófilas en marxe de río (*Artemisietea*, *Convolvuletalia sepii*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59660. >ENTRIMO, Lantemil, 29TNG7139, 340 m, pradaría higro-nitrófila en marxe de regato que desemboca no encoro (*Galio-Urticetea*), 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70445. >LOBIOS, Guende, 29TNG8038, 800 m, pradaría nitrófila, 05/10/1995, IPS, SANT 52607. Serra de Santa Eufemia, viveiro forestal, 29TNG 650 m, pradaría escio-higro-nitrófila (*Galio-Urticetea*), 09/06/2011, IPS, SANT 64775. Rial-Barreal, 29TNG7538, 420 m, cuneta con vexetación higro-nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT65824. Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, orla de bosque escio-higro-nitrófila con caída de regato, 19/06/2020, IPS, SANT 78809. >MUIÑOS, Barrio-Mugueimes, 29TNG8345, 630 m, pradaría escio-nitrófila (*Geranio-Caryolophetum semperfirventis*), 07/06/1996, IPS, SANT 52606.

•**Bibliografía:** PAIVA (1993b).

F. VERBASCACEAE (SCROPHULARIACEAE)

— *Verbascum* L. —

Herbáceas con talo erecto que poden superar 1 m de altura, en xeral con indumento denso de pelos de diferentes tipos. Follas en roseta basal e caulinas alternas. Inflorescencia espiciforme. Brácteas foliáceas. Flores hermafroditas con periantio dobre. Cáliz con 5 sépalos soldados só na base. Corola rotácea de 5 pétalos amarelos. Androceo cos estames soldados á corola. Ovario súpero. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** ORTEGA OLIVENCIA (2009b).

Clave de especies

1. Flores solitarias; filamentos estaminais con pelos purpúreos	<i>V. virgatum</i>
Flores agrupadas; filamentos estaminais con pelos abrançazados ou amarelentos	2
2. Estames con anteras dimorfas	<i>V. simplex</i>
Estames con anteras homomorfas	<i>V. pulverulentum</i>

■ *Verbascum pulverulentum* Vill.

• **Descripción:** hemicriptófito bienal. Follas basais de marxe frecuentemente ondulada, as caulinas dentadas ou crenuladas, as novas densamente tomentoso-flocoas, con pelos estrelados abrancazados; as adultas discoloras. Inflorescencia terminal racemiforme, en ocasións ramificada. Corola lixeiramente cigomorfa, amarela. Androceo con 5 estames, os dous inferiores, externos, algo más longos. Filamentos dos 2 estames inferiores abundantemente pilosos nos 2/3 inferiores; os dos 3 estames superiores enteramente pilosos. Anteras todas iguais, reniformes, transversais. Ovario con 1 estilo más longo cós estames. Froito en cápsula más longa có cálix

• **Distribución:** C, S e W de Europa. Case toda a P. Ibérica excepto o extremo S.

• **Hábitat:** cunetas, pradarías nitrófilas antropizadas, soleadas e alteradas. Primocolonizadora.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba de Bande, 29TNG8247, 580 m, pradaria viaria. 23/10/2016. IPS & D.Manso, SANT 73410.

■ *Verbascum simplex* Hoffmanns. & Link

• **Descripción:** hemicriptófito densamente tomentoso. Follas basais elípticas ou oblongas, enteras ou algo dentadas, atenuadas en pecíolo, as caulinas longamente soldadas ao talo polo entrenó, discoloras co envés más pálido. Inflorescencia espiciforme con flores en grupos na axila das brácteas en disposición laxa, que deixa ver o eixe da inflorescencia ata preto da cima. Corola amarela de tubo curto, con 5 estames con filamentos pilosos (brancos ou amarelentos) e anteras con forma de ril, os inferiores con anteras decorrentes. Estigma capitado. Froito en cápsula bivalva.

• **Distribución:** SW de Francia, P. Ibérica (sobre todo metade W), NW de Alxeria e Marrocos.

• **Hábitat:** ruderal e nitrófila, viaria, chans removidos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños-Santa Comba, 29TNG8347, 600 m, marxe estrada., 24/06/1998, IPS, SANT 47961. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, cumba rochosa parcialmente cuberta de terra, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69901. >LOBIOS, O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, pradarías nitrófilas en marxe de entullo. 13/07/2012, IPS, SANT 65902. >MUÍÑOS, Requiás-Portela Pitoens, 29TNG8838, 1000 m, en marxe de pista (exemplar con flores albinas), 10/07/1998, IPS, SANT 47962. >PADRENDA, Montes de Gorgua, 29TNG7260, 850 m, en marxe de pista, 16/10/1996, IPS, SANT 47960.

■ *Verbascum virgatum* Stokes

V. celsiae Boiss.; *V. grandiflorum* Schrad.

• **Descripción:** hemicriptófito bienal. Talo pubescente con pelos simples e bi(;)furcados, liso ou lixeiramente anguloso. Follas alternas; as basais pecioladas, oblongo-lanceoladas, con lámina con pelos tectores simples, bifurcados ou trifurcados sobre todo no envés, co marxe dentada ou crenada e a base atenuada no pecíolo. Follas caulinas medias menores, subamplexicaules e a veces lixeiramente decorrentes polo talo. Inflorescencia en acio, flores solitarias, ou con fascículos de 2-5 flores por cada bráctea. Eixe da inflorescencia, pedicelo, cálix e corola con pelos glandulíferos. Pedicelos erecto-patentes más curtos có cálix. Cálix de 6-7,5 mm fendido ata a base. Corola amarela, cigomorfa con 5 pétais soldados nun pequeno tubo e aberta en lóbulos suborbiculares. Androceo con 5 estames dimorfos, os su-

periores con anteras con forma de ril e os inferiores con anteras decorrentes polo filamento. Filamentos con pelos púrpuras patentes cara abaixo. Froito en cápsula globosa.

•**Distribución:** W Europa. Introducida en América. P. Ibérica: dispersa; rara no Levante.

•**Hábitat:** ruderal e nitrófila, viaria, chans removidos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Quintela-Lobosandaus, A Corga, 29TNG8347, 580 m, orla de carballeira, 05/11/2014, IPS, SANT 70386. >**LOBIOS**, A Portaxe, desembocadura do río Cabaleiro no encoro do Lindoso, 29TNG7639, 340 m, chans areosos ocasionalmente inundados, 02/07/2019, IPS & K.López, SANT 77855. Idem 06/07/2019, IPS, SANT 77508. >**MUÍÑOS**, Mugueimes-Porqueirós, 29TNG8544, 775 m, cuneta, pradaría viaria, 04/06/1997, IPS, SANT 77904.

F. VERBENACEAE

— Verbena L. —

■ *Verbena officinalis* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos que xeralmente non superan os 70 cm, con costelas ben marcadas, con pelos antrorsos nas costelas, más abundantes cara o ápice. Follas opostas, las de basais pecioladas, as caulinas superiores sentadas ou subsentadas, atenuadas na base, de marxe irregularmente dentada a pinnatifida. Inflorescencia terminal principal e de ramíñas secundarias en acio ou panícula de espigas que se alongan na frutificación, en ocasións solitaria. Flores sentadas, con brácteas pilosas ao menos nas marxes que non chegan a recubrir totalmente o cáliz, pentámeras. Cáliz de sépalos soldados, glanduloso, con 5 lóbulos triangulares. Corola de 4,5-6,5 mm, con lóbulos desiguais, de cor rosa ou lila.

•**Distribución:** Europa, Asia e N África. P. Ibérica: case todo o territorio.

•**Hábitat:** nitrófila, ruderal e viaria.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 520 m, nitrófila en marxe de camiño, 10/06/2020, IPS, SANT 78808. >**LOBIOS**, 29TNG7639, 400 m, nitrófila no pobo, 10/09/1997, IPS, SANT 52628. >**MUÍÑOS**, c. Parada da Ventosa, 29TNG7943, 550 m, marxe de estrada, 15/06/1995, IPS, SANT 52629.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ & PLAZA (2010).

F. VIOLACEAE

— Viola L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas alternas, simples, estipuladas. Flores hermafroditas, con perianto dobre, cigomorfas. Cáliz de 5 sépalos libres que presentan un apéndice ou prolongación basal en ocasións dentado. Corola azulada, violácea ou abrancazada, con 5 pétalos libres, desiguais, o inferior prolongado nun esporón. Adroceo con 5 estames. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados e un estilo apical. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** MUÑOZ GARMENDIA et al. (1993).



Umbelliferae *Thapsia villosa*



Umbelliferae *Torilis arvensis*



Verbascoideae (Scrophulariaceae) *Verbascum simplex*



Verbascoideae (Scrophulariaceae) *Verbascum virgatum*



Verbenaceae *Verbena officinalis*



Urticaceae *Parietaria judaica*



Urticaceae *Urtica dioica*



Violaceae *Viola arvensis*

Clave de especies

1. Follas con forma de ril, moito más anchas ca longas	<i>V. palustris</i>
Follas doutra forma, más longas ca anchas	2
2. Plantas anuais; corola < 10 mm	3
Plantas vivaces; corola > 10 mm	4
3. Apéndice dos sépalos inferiores 2,5-4 mm, con 1-3 dentes	<i>V. arvensis</i>
Apéndice dos sépalos inferiores 1-2,5 mm, redondeados ou con 1 dente	<i>V. kitaibeliana</i>
4. Limbo da folla coa base truncada ou atenuada; pétalos de cor azulada pálida	<i>V. lactea</i>
Limbo da folla coa base cordada; pétalos de cor malva	<i>V. riviniana</i>

■ *Viola arvensis* Murray

Viola tricolor subsp. *arvensis* (Murray) Syme

• **Descripción:** terófito. Follas ovaladas de base atenuada, crenadas, pilosas, as maiores xeralmente de más de 1 cm de anchura, as superiores de 2-5 cm de lonxitude. Pedúnculos bracteados na súa parte superior. Sépalos de 7-15,5 mm x 1,8-3,5 mm, con apéndices de 2,5-4 mm, con 1-3 dentes ben marcados. Corola que case non excede ao cálix, co pétalo inferior con esporón de 2-4 mm, obtuso, que normalmente excede o apéndice calicino. Cápsula glabra.

• **Distribución:** Eurasíatica, N África, Madeira e Canarias. P. Ibérica: sobre todo na metade N.

• **Hábitat:** cultivos, baldíos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> Muiños, O Barrio-Taboadela, 29TNG8747, 650 m, terras de cultivo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 25/03/1997(2), IPS, SANT 53104.

■ *Viola kitaibeliana* Schult

Viola tricolor subsp. *minima* (Gaudin) Schinz & Thell; *Viola tricolor* subsp. *henriquesii* (Willk. Ex Cout.) Cout.

• **Descripción:** terófito ata 25 cm. Follas de maior tamaño de menos de 1 cm de anchura, de limbo crenado, con abundantes peliños ríxidos retrorsos. Estípulas palmatipartidas coa división principal variable, desde similar ás follas a alongada e estreita. Sépalos de 5-12 x 1-2,7 mm, con apéndices de 1-2,5 mm, nas primeiras flores redondeados e sen dentes ou con 1 só dente marcado. Corola que excede pouco ao cálix, abrançazada, tinguida de azul ou violeta e con menos frecuencia de amarelo. Esporón obtuso que excede netamente aos apéndices calicinos. Cápsula glabra.

• **Distribución:** Europa, W Asia, NW África e Canarias. P. Ibérica: falta na Cornixa Cantábrica.

• **Hábitat:** cultivos, baldíos, barbeitos.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, A Anta, 29TNG7536, 420 m, viñedo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 06/03/1996, IPS, SANT 53103. Idem, 21/03/1996, IPS, SANT 53101. Devesa, 29TNG7436, 390 m, barbeito de millo (*Chrysanthemo-Raphanetum*), 21/03/1996, IPS, SANT 53102.

■ *Viola lactea* Sm.

Viola lancifolia Thore

• **Descripción:** hemicriptófito sen roseta de follas durante a floración, glabro ou glabrescente. Follas más longas ca anchas, lanceoladas, de base cuneada ou truncada e con menor frecuencia

cordiforme, coa súa anchura máxima bastante por enriba da base e coa marxe dentada a crenada. Corola azulado abrancazada co esporón obtuso, de cor clara, que excede longamente os apéndices calicinos, estes de 2 mm. Ovario glabro. Cápsula glabra.

•**Distribución:** W de Europa (das Illas Británicas ata a metade de Portugal; disxunta en Huelva).

•**Hábitat:** claros de breixeira e brañeiros do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, fronteira de Ameixoeira, 29TNG6947, 790 m, claros de toxera-breixeira sobre chan temporalmente húmido, (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 22/04/2002, IPS, SANT 47018. >LOBIOS, Serra do Xurés, pista forestal c. de Portela do Home, 07/1992, IPS, SANT 52605. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 53075. Serra do Xurés, pista Mina das Sombras, 29TNG7734, 1000 m, greta de rochas, 06/06/1996, IPS, SANT 52600. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, pastos próximos ás cumes, 06/07/2003, IPS, SANT 49372. Serra de Santa Eufemia, Corga de Calvos, 29TNG7031, 1010 m, chan areoso en remanso de regato rodeado de pasteiro, breixeira e turbeira, 06/07/2003, IPS, SANT 49372. Serra do Xurés, Marabaxo-fronteira, 29TNG7930, 1421 m, orla de breixeira (*Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis* var. *Thymelaea broterana*), 27/05/2004, IPS, SANT 51130. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7332, 530 m, claro de breixeira-toxeira sobre chan algo húmido (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 22/04/2005, IPS, SANT 52956. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1010 m, 16/05/2010, IPS, SANT 62413. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, Curral de Iribo-Os Abaladoiros, 29TNG8637, 1141 m, arbustral de *Cytisus striatus* e *Erica australis* subsp. *aragonensis*, 11/06/2004, IPS.

■ *Viola palustris* L.

subsp. *palustris*

•**Descripción:** hemicriptófito sen talos erguidos (acaule), con rizoma delgado; follas en roseta, de limbo reniforme e base cordada. Estípulas membranosas dentado-fimbriadas no ápice. Pedúnculos florais bracteados a variable altura. Sépalos con apéndices de 0,5-1 mm. Flores de cor azul pálida. Cápsula glabra sobre pedúnculo erecto.

•**Distribución:** Euro-Norteamericana, Azores e NW África (Atlas). P. Ibérica: cordilleiras do E, C e S, baixando ata a costa no NW.

•**Hábitat:** escio-higrófilo; en ríos con ameneirais e bideirais riparios sobre rochas próximas ao leito.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Guxinde, 29TNG7047, 630 m, zona húmida, 20/04/1996, IPS, SANT 52604. >LOBIOS, Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 930 m, pradaría entre rochas do leito do regato (*Galio-Caricetum reuterianae*), 06/06/1996, IPS, SANT 52601. Serra do Xurés, 29TNG7730, 1260 m, zona húmida no nacemento de Corga do Medeiro, 14/06/1995, IPS, SANT 53074.

•**Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1986c).



Violaceae *Viola palustris*

■ *Viola riviniana* Rchb.

•**Descripción:** hemicriptófito con talos ascendentes que nacen da roseta. Follas caulinas cordadas na base, más anchas ca longas, de limbo con frecuencia suborbicular e de marxe dentada a crenada. Pedicelo de maior lonxitude cá folla axilar correspondente. Sépalos superiores con apéndices de más de 1 mm na floración e sépalos inferiores con apéndices de 1,5 a 3 mm na floración e alongándose na frutificación. Corola violácea. Pétalo inferior con esporón obtuso, xeralmente acanalado no ápice e branco ou violáceo claro. Ovario glabro. Froito en cápsula glabra que se abre por tres valvas.

•**Distribución:** Europa, N África, Canarias e Madeira. P. Ibérica: rexión eurosiberiana e cordilleiras da rexión mediterránea.

•**Hábitat:** bosques, pradarías de lindeiro e marxe de bosque.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, carballeira baixo pobo (*Rusco-Quercetum subas. violetosum rivinianae*), 23/09/2018, IPS, SANT 76595. >ENTRIMO, Feira Vella, 29TNG7541, 380 m, erbedal (*Daphne gnidii-Arbutetum unedonis*), 12/03/1999, IPS, SANT 47067. >LOBIOS, entre Prencibe e Esperanzo-Gustomeau, 29TNG7937, 610 m, 02/1993, IPS, SANT 53076. Serra do Xurés, vertente contraria a Mina das Sombras, 29TNG7830, 1300 m, zona de breixeira, 23/05/1995, IPS. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 400 m, ao lado das termas, 24/05/1995, IPS, SANT 53003. Ganceiros, 29TNG7741, 440 m, muro de horta, 22/03/1996, IPS, SANT 52603 e 63185. Manín, 29TNG7337, 490 m, baixo piñeiral adulto na marxe de estrada, 02/05/2005, IPS, SANT 53171. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7030, 910 m, pista forestal al lado de bidueiral de valgada (*Carici reuterianae-Betuletum celtibericae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62414. A Ponte Nova, Vía romana, 29TNG7231, 550 m, en orla de carballeira con *Prunus lusitanica*, 04/09/2021, IPS & D.Manso & V.Orellana, SANT 80837. >Muíños, Piñoi, 29TNG8244, 630 m, carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianae*), 21/05/1996, IPS, SANT 52602. -VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1230 m, claros de matogueira algo higrófila, sobre chan profundo de cume, 27/05/2003, IPS, SANT 49487; observ: follas pouco cordadas e redondeadas. ¿Transición a *V. reichenbachiana*?

•**Citas previas:** LAÍNZ (1957: 94): Muíños



Violaceae *Viola riviniana*

F. VITACEAE

■ *Vitis vinifera* L.

•**Descripción:** fanerófito gabeador por gabiáns. Follas ata 14 x 12 cm, alternas, pecioladas, con limbo palmatino, con 3-5 lóbulos irregularmente dentados. Inflorescencia en acio laxifloro, oposta ás follas. Flores pediceladas, pentámeras, hermafroditas. Sépalos pouco desenvoltos. Pétalos verdosos. Androceo con 5 estames opostos aos pétalos, ao principio erecto, despois reflexo. Ovario súpero con dous carpelos soldados. Froito en baga globosa e violácea en disposición densa.

•**Distribución:** C e S Europa, N África, SW Asia, Macaronesia.

•**Hábitat:** naturalizada nalgún afluente do río Limia a partir de antigos cultivos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, encoro del Lindoso, 29TNG7541, 335 m, trepando sobre carballos en antigas fincas abandonadas da marxe do encoro, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80840. >Muíños, Cados, 29TNG8345, 650 m, trepando en carballo, 15/06/1995, IPS, SANT 53002.

•**Bibliografía:** MORALES & OCETE (2015).



Vitaceae *Vitis vinifera*

DIV. LILIOPSIDA

(MONOCOTYLEDONEAE)

Clave de familias

1. Flores sen periantio petaloideo	2
Flores con periantio petaloideo	8
2. Inflorescencia cuberta por unha gran bráctea branca (espata)	ARACEAE
Inflorescencia non rodeada por unha espata	3
3. Plantas acuáticas flotantes, non enraizantes	LEMNACEAE
Plantas terrestres ou acuáticas con sistema radicular fixado ao substrato	4
4. Plantas acuáticas ou anfibias con follas planas flotantes	POTAMOGETONACEAE
Plantas sen as características precedentes	5
5. Acuáticas con follas emerxentes erectas de máis de 10 mm anchura Plantas sen as características precedentes	TYPHACEAE (incl. Sparganiaceae) 6
6. Flores cubertas por 2 brácteas (glumas); talos fistulosos Flores cubertas por 1 bráctea (gluma); talos macizos	GRAMINEAE 7
7. Flores con periantio de dous verticilos trímeros Flores sen periantio ou con el reducido a sedas ou escamas	JUNCACEAE CYPERACEAE
8. Corola con labelo; estames reunidos en polinios Corola sen labelo; estames non reunidos en polinios	ORCHIDACEAE 9
9. Plantas rubideiras Plantas non rubideiras	DIOSCOREACEAE 10
10. Inflorescencia en umbela Inflorescencia non en umbela	ALLIACEAE 11
11. Con talos hipoxeos (con flores que aparecen directamente do chan) Sen talos hipoxeos (con flores que aparecen sobre escapos ou talos)	12 13
12. Bulbo sólido con outro más pequeno na base do que saen as flores Bulbo sólido sen outro más pequeno na base do que saen as flores	COLCHICACEAE IRIDACEAE
13. Periantio con 3 tépalos brancos ou rosados Periantio con outras características	14 15
14. Plantas anfibias; follas en roseta Follas alternas e dísticas; plantas non anfibias	ALISMATACEAE COMMELINACEAE
15. Periantio cun tubo con 6 tépalos e terminado nunha coroa Periantio doutra forma	AMARYLLIDACEAE 16
16. Flores amarelas cos filamentos estaminais pilosos Flores doutra cor ou se amarelas cos filamentos estaminais non pilosos	NARTHECIACEAE 17

17. Flores con 3 estames	IRIDACEAE
Flores con 6 estames	18
18. Pedicelo articulado; froito en baga	ASPARAGACEAE p.p. (Agaveoideae)
Pedicelo non articulado	19
19. Inflorescencia oculta polas follas ou que nacen de filodios	ASPARAGACEAE p.p. (Nolinoideae)
Inflorescencia doutra forma	20
20. Plantas con rizoma e raíces tuberosas	ASPHODELACEAE
Plantas sen rizoma e raíces tuberosas	21
21. Flores azuis ou violáceas, se brancas con talos < 15 cm	ASPARAGACEAE p.p. (Scilloideae)
Sen as características precedentes	LILIACEAE

F. ALISMATACEAE

Clave de xéneros

1. Nós da inflorescencia con ramas verticiladas que terminan en umbelas	Alisma
Nós da inflorescencia só con flores ou con flores e ramas	Baldellia

— Alisma L. —

■ *Alisma plantago-aquatica* L.

• **Descripción:** hemicriptófito con todas as follas basais, con pecíolo longo e aplanado e algo envainante na axila; lámina ovada ou lanceolada, truncada na base e lixeiramente auriculada, cos nervios principais paralelos e con nervios laterais secundarios. Inflorescencia terminal, piramidal, con 3-5(7) nós dos que saen ramas secundarias verticiladas en cuxo extremo se sitúan as flores en umbelas pedunculadas. Cálix con 3 sépalos con marxe membranosa. Corola con tres pétalos branco-rosados. Androceo con 6 estames e xineceo con 1 pistilo erecto. Froito en poliaquenio. Aqueño co estilo situado case no centro da cara ventral.

• **Distribución:** nativa de zonas temperadas e tropicais do vello mundo (Europa, Asia, E e N África). Naturalizada en Australia, Nova Zelandia e América. P Ibérica: dispersa; más rara cara o S.

• **Hábitat:** augas estancadas ou de curso lento, beiras de ríos e pantanos.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia-cola Encoro das Conchas. 29TNG8749, 561 m, augas remansadas,, 10/09/1997, IPS. SANT 46316.

• **Bibliografía:** S. TALAVERA & BALAO (2010).

— **Baldellia** Parl. —

Hidrófitos de follas enteiras pecioladas, a maioría en roseta basal. Flores pediceladas. Corola con tres pétalos libres brancos ou rosados. Ovario súpero de carpelos libres. Froito globoso.

•**Bibliografía:** S. TALAVERA et al. (2010).

Clave de especies

1. Anteras de 0,5-0,8(0,9) mm; aquenio 2,5-3,5 mm; algunha folla con limbo bruscamente contraído en pecíolo	<i>B. alpestris</i>
Anteras de (0,8)1-1,2 mm; aquenio 1,9-2,3 mm; limbo gradualmente en atenuado pecíolo	<i>B. repens</i> subsp. <i>cavanillesii</i>

■ ***Baldellia alpestris* (Cosson) Vasc.** ●

Echinodurus alpestris (Cosson) Micheli

•**Descripción:** hidrófita. Follas paralelinervias, pecioladas. Limbo plano que flota sobre a superficie da auga, elíptico, bruscamente atenuado en pecíolo, obtuso no ápice. Flores hermafroditas. Cáliz con 3 sépalos de marxe membranosa e rosada. Corola con 3 pétalos de 4-7 x 3-4 mm, brancos ou rosados e coa base amarelenta. Androceo con 6 estames. Froito en poliaquenio cos carpelos dispostos en espiral nun capítulo globoso. Aquenio fusiforme con costelas pouco marcadas e sen papilas.

•**Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** lugares encharcados.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Porqueirós, Lama do Muíño, 29TNG8644, 820 m, marxe de pequeno regato (*Isoeto-Litorelletea*) que atravesa unha pradaría higrófila (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 22/03/1998, IPS, SANT 44804.

■ ***Baldellia repens* (Lam.) Lawalrée**

subsp. *cavanillesii* (J.A. Molina, A. Galán, J.M. Pizarro & Sardinero) Talavera

Baldellia ranunculoides subsp. *cavanillesii* J.A. Molina, A. Galán, J.M. Pizarro & Sardinero

•**Descripción:** hidrófita. En ocasións con talos estoloníferos enraizantes e formadores de novas rosetas de follas. Follas co limbo alongado e estreito, atenuado en pecíolo do que non se diferencia demasiado. Flores hermafroditas, pediceladas. Androceo con 6 estames. Periantio con 3 tépalos de cor branco-rosada, de 7-10 mm. Froito en poliaquenio cos carpelos dispostos en espiral nun capítulo globoso, frecuentemente péndula. Aquenios con 5 costelas.

•**Distribución:** plurirrexional, mediterráneo-atlántica. P. Ibérica sobre todo no W e N.

•**Hábitat:** lugares encharcados, ánda que pode soportar certo tempo de estiaxe.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños, Encoro das Conchas, 29TNG8448, 550 m, marxe chá do encoro, comunidade mixta (*Isoeto-Nano-juncetea e Litorelletea*), 26/10/2000, IPS, SANT 44334. Encoro das Conchas, Porto Quintela-Baños, 29TNG845477, 550 m, superficie areosa longamente inundada polo encoro, 07/09/2001, IPS, SANT 45282. Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, chanz temporalmente inundados, xunto a *Eleocharis*, 08/08/2007, IPS, SANT 57562.

•**Citas previas:** MERINO (1909). BANDE (sub *Alisma ranunculoides* L.).

F. ALLIACEAE

— Allium L. —

Plantas bulbosas que desprenden olor a alio; Follas paralelinervias, anvaiñantes. Inflorescencia en umbela protexida antes da apertura por 1-2 brácteas papiráceas, caducas; periantio con 6 tépalos petaloideos, androceo con 6 estames; ovario súpero; froito en cápsula. Cultívanse en hortas cebolas (*Allium cepa*) e allos (*Allium sativum*).

•**Bibliografía:** AEDO (2013a).

Clave de especies

1.	Flores brancas	2
	Flores doutra cor	3
2.	Follas < 0,5 cm de anchura, sen pecíolo	<i>A. ericetorum</i>
	Follas > 2,5 cm anchura, atenuada en pecíolo	<i>A. victorialis</i>
3.	Flores de cor avermellada a granate	<i>A. sphaerocephalon</i>
	Flores de cor amarela	<i>A. scorzonerifolium</i>

■ *Allium ericetorum* Thore

•**Descripción:** xeófito con olor a alio, con bulbo de 0,5-1,5 cm de diámetro, subcilíndrico. Escapo de 10-40 cm. Follas sésiles, paralelinervias, anvaiñantes na base, planas, lixeiramente carnosas. Inflorescencia en umbela hemisférica ou subglobosa ao final do escapo, de 1-2,5 cm de diámetro, densa., con espata formada por dúas valvas desiguais. Pedicelos de 4-10 mm. Periantio campanulado, branco. Estames exertos.

•**Distribución:** montañas do sur de Europa (SW Francia e N P. Ibérica).

•**Hábitat:** claros de breixeira e breixeira-toxeira. Preferentemente pisos mesotemperado superior e supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Montes de Guxinde, 29TNG7047, 800 m, claros de breixeira, 03/08/1995, IPS, SANT 44805. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1300 m, 30/07/1993, IPS, SANT 44810. Serra Do Xurés, Corga da Fecha, 29TNG7333, 450 m, chans esqueléticos, 02/09/1997, IPS, SANT 44777. Serra de Santa Eufemia, 29TNG73, 07/1993, IPS, SANT 44812. >Muíños, Serra do Xurés, A Lomba-fronteira portuguesa, 29TNG8636, 1230 m, claros de matogueira, 08/08/2007, IPS, SANT 57547.

•**Citas previas:** SILVA PANDO & GONZÁLEZ HERNÁNDEZ (1989); ORTIZ et al. (1999).

■ *Allium scorzonerifolium* Desf. ex DC. ●

•**Descripción:** xeófito con olor a alio, con bulbo subgloboso de 1-2 cm de diámetro. Escapo de 12-50 cm, angulosos na parte distal. Follas sésiles, paralelinervias, anvaiñantes na base, subbasais, glaucas. Inflorescencia en umbela que remata o escapo, con espata formada por unha soa vaíña branco-escariosa, translúcida, que se resga en porcións e finalmente caduca. Inflorescencia con pequenos bulbos e poucas flores. Segmentos do periantio libres, persistentes, amarelas. Estames más curtos cós segmentos do periantio.

•**Distribución:** W P. Ibérica (sobre todo NW) e N Marrocos.

•**Hábitat:** chans húmidos no interior de carballeiras e bosques de galería.



Alismataceae *Alisma plantago-aquatica*. Follas




Alliaceae *Allium cepa*. Espata



Alliaceae *Allium schoenoprasum*




Alismataceae *Alisma plantago-aquatica*



Alismataceae *Baldellia alpestris*



Alismataceae *Baldellia repens* subsp. *cavinillesii*



Alliaceae *Allium ericetorum*



Alliaceae *Allium scorzonerifolium*

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Río Cados, A Ponte Nova, 29TNG8353, 680 m, baixo ameneiral (*Osmundo-Alnionglutinosae*), 16/05/1997, IPS. >LOBIOS, O Puxedo-A Cela, 29TNG8138, 708 m, prado adxacente ao río Mao (*Cynosurion cristati*), 12/06/2020, IPS, SANT 78795. >Muíños, Piñoi-Cados, 29TNG8244, 600 m, carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianum*) atravesada por camiño e regueiro, 04/05/1996, IPS, SANT 44806.

•**Citas previas:** MERINO (1909) (sub *Allium molly*); SILVA PANDO & GONZÁLEZ HERNÁNDEZ (1989).

■ *Allium sphaerocephalon* L.

•**Descripción:** xeófito con bulbo ovoide ou globoso, con olor a allo. Escapo de 5-90 cm. Follas sésiles, paralelinervias, acanaladas, amplamente anvaiñantes na base, xurdindo a distinta altura do escapo. Inflorescencia en umbela de 1-3 cm de diámetro que remata o escapo, con espata persistente formada por 2 valvas, de subglobosa a ovoide. Pedicelos de 2-30 mm, desiguais. Segmentos do periantio libres, persistentes, de rosados a púrpura-avermellados. Estames exertos.

•**Distribución:** Europa (C e S) e NW África (Marrocos). P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** chans pouco profundos en claros de matogueira.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7756, pasteiro pioneiro vivaz, 10/07/1996, IPS, SANT 44781. >LOBIOS, Serra do Xurés, Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1400 m, claros de matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broteriana*), 15/07/1993, IPS, SANT 4481. >Muíños, Cortiña da Veiga, 29TNG8748, 560 m, chans pouco profundos en claros de breixeira, 09/07/1996, IPS, SANT 44780.

■ *Allium victorialis* L.

•**Descripción:** xeófito con bulbo subcilíndrico, con olor a allo; cepa con túnicas fibroso-reticuladas. Follas paralelinervias, de lanceoladas a anchamente elípticas (> 3cm), atenuadas en pecíolo curto envainante na base. Escapo cilíndrico de 30-80 cm, terminado na inflorescencia en umbela globosa, de 3-5 cm de diámetro. Pedicelos de 10-30 mm, desiguais. Segmentos do periantio libres, persistentes, brancos ou lixeiramente tinguidos de verde. Estames exertos.

•**Distribución:** Circumboreal e montañas do C e S Europa. P. Ibérica: eixe Pirenaico-Cantábrico e montañas da metade N.

•**Hábitat:** bosques riparios do piso supratemperado (bidueira).

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Río Cados, A Ponte Nova, 29TNG8353, 680 m, baixo ameneiral (*Osmundo-Alnion*), 10/07/1996, IPS & D. Manso, SANT 44779. Río Cados, A Ponte Nova, 29TNG8353, 680 m, baixo ameneiral (*Osmundo-Alnion*), 16/05/1997, IPS, SANT 44776. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M. Fernández & Lisardo, SANT 80264. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7831, 1334 m, pradaría megafóbrica en marxe de regato, baixo bidueiral, 19/07/2012, IPS, SANT 65916. >Muíños, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, bidueiral de valgada (*Carici reuterianae-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63042.

•**Citas previas:** MERINO (1909); RIGUEIRO & SILVA PANDO (1984).

F. AMARYLLIDACEAE

— *Narcissus* L. —

Herbáceas con bulbo subterráneo. Follas todas basais que xorden do ápice do bulbo, maioritariamente lineares e excepcionalmente más anchas, envainadoras, glabras. Talos escaposos,

glabros. Inflorescencia umbeliforme ou reducida a unha soa flor e protexida por unha espata. Flor infundibuliforme. Periantio constituído por un tubo petaloideo xeralmente ensanchado progresivamente cara o ápice, do que saen 6 tépalos patentes, erectopatentes ou reflexos, e unha coroa terminal más ou menos longa. Androceo con 6 estames libres entre si. Ovario ínfero. Froito en cápsula.

•**Bibliografía:** AEDO (2013).

Clave de especies

1.	Flores brancas ou amarelas colgantes; tépalos reflexos	2
	Flores amarelas erectopatentes; tépalos patentes ou erecto-patentes	3
2.	Flores brancas	<i>N. triandrus</i>
	Flores amarelas	<i>N. cyclamineus</i>
3.	Follas de máis de 10 mm de ancho	<i>N. pseudonarcissus</i>
	Follas de menos de 5 mm de ancho	4
4.	Coroa moito máis curta cós tépalos, estes anchos	<i>N. rupicola</i>
	Coroa moito longo cós tépalos, estes filiformes	<i>N. bulbocodium</i>

■ *Narcissus bulbocodium* L.

Narcissus juressianus Fernández Casas

•**Descripción:** xeófito bulboso. Con escapo de 5-15 cm terminado nunha única flor. Follas paralelinervias, lineares, semcilíndricas, de menos de 2 mm de anchura. Flor con pedicelo patente ou erecto-patente. Flores amarelas. Coroa aproximadamente do mesmo tamaño cós tépalos, en forma de embude que ensancha bruscamente pouco máis arriba da inserción cos tépalos. Tépalos perpendiculares á coroa, radiais, estreitos, amarelos cunha banda verde no medio. Androceo con 6 estames, cos filamentos arqueados e desiguais en tamaño.

•**Distribución:** SW Europa (SW Francia e metade W P. Ibérica) e NW de África.

•**Hábitat:** prados algo encharcados, claros de matogueiras mesófilas e higrófilas, chans pouco profundos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa-Oleas, chans pouco profundos en claros de breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 01/03/1998, IPS, SANT 46511. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, 02/1993, IPS, SANT 46512. Serra de Santa Eufemia, c. fronteira, 29TNG7030, 1100 m, chans pouco profundos, 01/05/1993, IPS, SANT 46514. Saa-A Regada, 29TNG7737, 700 m, claros de toxeira-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 06/03/1996, IPS, SANT 46513. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1300 m, brañal (*Nardo-Caricetum binervis*) en claros de matogueira higrófila, 28/02/1998, IPS, SANT 46509. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1320 m, brañal na beira dun regato (*Nardo-Caricetum binervis*), 28/02/1998, IPS, SANT 46517. Serra de Santa Eufemia, c. reemisores, 29TNG7134, 1100 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Sedo-Scleranthesalia*, *Sedion anglici*), 08/04/2000, IPS, SANT 44848. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931, 996 m, chan húmido en corga, 16/05/2010, IPS, SANT 62406. >MUÍÑOS, Alvite, 29TNG8239, 950 m, 19/03/1993, IPS, SANT 46516. Prado-Porqueirós, 29TNG8644, 815 m, prado higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 22/03/1996, IPS, SANT 46515. >VEREA, Outeiro de Augas, 29TNG8059, 1050 m, chans pouco profundos con *Halimium umbellatum*, *Plantago radicata*, *Agrostis delicatula*, etc, 21/04/1997, IPS, SANT 46510.

•**Citas previas:** FERNÁNDEZ CASAS (1986) (sub *N. juressianus* Fdez. Casas).

■ *Narcissus cyclamineus* DC.

•**Frecuencia:** especie que ha de buscarse en la Baixa Limia.

•**Pregos herborizados:**

>CELANOVA, Castromanao, río Orille, 29TNG872709, 320 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*) e zona de prado baixo ameneiral, 01/02/2001, IPS, SANT 44346 (PULGAR et al., 2002).

■ ***Narcissus pseudonarcissus* L.**

subsp. *pseudonarcissus*

•**Descripción:** xeófito bulboso. Escapo de 20-50 cm. Follas paralelinervias, lixeiramente aquilladas, con sección en V aberta, lixeiramente carnosas. Pedicelos patentes ou lixeiramente reflexos. Flores grandes, de máis de 3,5 cm de lonxitude, coa coroa de máis de 2 cm de lonxitude e non constrinxida na parte central. Tépalos de máis de 2 cm de lonxitude.

•**Distribución:** C e S de Europa. P. Ibérica: Eixe Pirenaico-Cantábrico, NW e algunas outras montañas.

•**Hábitat:** prados e orla de bosques.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, prado (*Arrhenatheretalia*), 24/02/2005, IPS, SANT 52374. >Muíños, Serra do Xurés, A Lomba, 29TNG8637, 1200 m, repoboación de *Pinus sylvestris* (con *Quercus pyrenaica*), 20/03/1998, IPS, SANT 46518.

•**Outras observacións xeoreferenciadas:**

>CALVOS DE RANDÍN, 41866819-7.878528, 08/04/2022, M.Fernández & Lisardo. Muíños, Coto das Gralleiras, corga, 29TNG8436, 1290 m, en orla de bideiral, 29/05/2010, IPS.

■ ***Narcissus rupicola* Dufour ex Schult. & Schult. fil.** ●

•**Descripción:** xeófito herbáceo cun bulbo subgloboso baixo terra rodeado de túnicas membranosas de cor parda. Follas paralelinervias que nacen de vaíñas que xorden das túnicas do bulbo, glaucas, carnosas, de marxe parcialmente revoluta e entón acanaladas, igualando ou superando a lonxitude do escapo. Escapos de 10-30 cm terminados nunha espata membranácea recorrida por numerosos nervios. Flor actinomorfa, solitaria, amarela, patente ou erecto-patente na ante-se. Periantio formado por un tubo do que saen 6 tépalos perpendicularmente ao tubo, radiais e algo dirixidos cara o ápice, e unha coroa, de aproximadamente a metade da lonxitude dos tépalos, de marxe lobulada. Androceo con 6 estames de filamentos brancos, soldados en gran parte da súa lonxitude ao periantio. Anteras e estilo amarelas. Sementes negras e brillantes, con estrofiolo.

•**Distribución:** endimismo do C España, N Portugal e Serra do Xurés (Ourense).

•**Hábitat:** pradarías vivaces en gretas de rochas de cume do piso supratemperado (Serra do Xurés).

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, c. Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1500 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broterana*), 22/05/1996, IPS, SANT 46505. Serra do Xurés, c. Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1534 m, pasteiro vivaz de fisuras de penedos de cume, exposición sombreada (*Minuartio-Sileneetum acutifoliae*), 27/05/2004, IPS, SANT 51057.

•**Outras observacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pico da Nevosa, 29TNG797313, 1531 m, pasteiro vivaz de fisuras de penedos de cume, exposición sombreada (*Minuartio-Sileneetum acutifoliae*), 27/05/2004, IPS. Serra do Xurés, c. Pico da Nevosa, 29TNG795312, 1540 m, pasteiro vivaz de fisuras de penedos de cume, exposición sombreada (*Minuartio-Sileneetum acutifoliae*), 27/05/2004, IPS. Serra do Xurés, c. A Ourela dos Rubios, 29TNG810320, 1280 m, pasteiro vivaz de fisuras de penedos de cume, exposición sombreada, 27/05/2004, IPS.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1966).

■ *Narcissus triandrus* L.

- **Descripción:** xeófito bulboso. Follas paralelinervias con dobre quilla saínte no envés, tan longas coma o escapo. Flores de cor branca ou crema, péndulas, en número de 1-5, cos tépalos acusadamente reflexos, tan longos ou máis có tubo, este cilíndrico.
- **Distribución:** SW Europa. P. Ibérica: falta en Pireneos, costa E e S de Portugal.
- **Hábitat:** orla de bosques e vexetación arbustiva, cembas, gretas de penedos, claros de matogueira.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
->LOBIOS, Torneiros-Portela do Home, marxe dereita río Caldo, 29TNG7231, 600 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 04/1992, IPS, SANT 46506. Serra do Xurés, Pista das Sombras, 29TNG7732, 1150 m, entre a breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 05/1993, IPS, SANT 46504 e 46508. Serra do Xurés, A Cegañeira, 29TNG7330, 700 m, claros de erbedal (*Daphno gnidii-Arbutetum unedonis*), 19/03/1997, IPS, SANT 46507. Serra do Xurés, Pista das Sombras, 29TNG7830, 1150 m, *Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii* queimado en Agosto 1998, 09/04/2000, IPS, SANT 42766. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG7030, 1220 m, repisas de penedos, gretas colmatadas e claros de matogueira, 16/05/2010, IPS, SANT 62416. >MUIÑOS, Prado-Salgueiros, cerca do límite da finca de Salgueiros, 29TNG8539, 1000 m, chans pouco profundos con matogueira de *Halimium umbellatum*, 22/04/2002, IPS, SANT 46975.
- **Citas previas:** MERINO (1909) (sub *N. calathinus* L. var *triandrus* L.)

F. ARACEAE

— *Arum* L. —

■ *Arum italicum* Miller

- **Descripción:** xeófito con tubérculo rizomatoso do que saen longas raíces. Follas de limbo saxitado que nacen no outono, en ocasións con venas abrançazadas, con longo pecíolo, maior có pedúnculo da inflorescencia, alado cara a base. Inflorescencia con espata verde-amarelenta, lanceolada, acuminada, caediza. Espádice de lonxitude inferior á metade da espata. Apéndice terminal do espádice amarelo, máis longo cá zona estéril inmediatamente inferior. Flores masculinas estériles, estaminodios, formado un anel separado das flores masculinas fértiles, que á súa vez están separadas das femininas estériles que forman un anel xusto por enriba das femininas fértiles.
- **Distribución:** Europa e E Asia. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: amplamente espallada.
- **Hábitat:** pradarías escio-higro-nitrófilas en ambiente ruderal.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
->LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, cuneta con augas eutrofizadas, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 47015.
- **Bibliografía:** GALÁN & CASTROVIEJO (2008).

F. ASPARAGACEAE

Clave de subfamilias

1. Con follas caulinas ou cladodios	Noliideae pp
Con todas as follas basais	2
2. Flores péndulas na antese	subf. Agaveoideae
Flores erectas na antese	3
3. Flores con tépalos blancos mayores de 20 mm	subf. Noliideae pp
Flores de color azul, malva, o blancas pero con tépalos < 20 mm	subf. Scilloideae

SUBF. AGAVEOIDEAE

— *Anthericum* L. —

■ *Anthericum liliago* L.

• **Descripción:** xeófito con rizoma curto e raíces un tanto carnosas. Follas paralelinervias, planas, todas basais, más ou menos erectas, atenuadas no ápice, con base escariosa envainante. Escapo erecto de 20-70 cm. Inflorescencia en acio simple con 6-8 flores con brácteas persistentes, sen bractéolas. Pedicelos de 7-15 mm na antese cunha articulación na metade ou terzo basal, que crecen na frutificación. Periantio con 6 tépalos libres en 2 verticilos, diverxentes desde a base, brancos, trinerviados, de 15-22 mm, maiores cós estames. Androceo con 6 estames libres, inclusos, con anteras basifixas e filamentos glabros. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados, trilocular, con 1 estilo recto ou incurvado no ápice e estigma capitado. Froito en cápsula. Sementes negras.

• **Distribución:** C e S Europa e Asia Menor. P. Ibérica: dispersa, abunda Pireneos e macizos montañosos do E; falta no SW. En Galicia só na provincia de Ourense.

• **Hábitat:** claros de bosque e de breixeiras con rochas e chans profundos.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

›LOBIOS, Serra do Xurés, Carballosa, 29TNG7733, 1060 m, comunidade de *Trifolio-Geranietea sanguinei*, 13/06/1995, IPS, SANT 44824. >Muíños, Serra do Xurés, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1120 m, claro de matogueira, 11/06/2004, IPS.

• **Outras observacións xeoreferenciadas:**

>Muíños, Serra do Xurés, 29TNG858375, 1146 m, 11/06/2004, IPS.

• **Bibliografía:** ROMERO (2013a).

• **Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1989).

SUBF. NOLINOIDEAE

Clave de xéneros

1. Con follas rudimentarias e cladodios; periantio sepalode; froito en baga vermella	Ruscus
Follas verdaderas; perianto petaloideo	2
2. Talo arqueado e folioso; flores colgantes semiocultas polas follas; froito en baga negra	Polygonatum
Talo erecto e escaposo; flores en acio multilateral; froito en cápsula	Paradisea



Alliaceae *Allium sphaerocephalon*



Alliaceae *Allium victorialis*



Amaryllidaceae *Narcissus bulbocodium*



Amaryllidaceae *Narcissus pseudonarcissus*



Amaryllidaceae *Narcissus rupicola*



Amaryllidaceae *Narcissus triandrus*



Araceae *Arum italicum*



Asparagaceae Agavoideae *Anthericum liliago*

— **Paradisea** Mazzuc. —

■ **Paradisea lusitanica** (Cout.) Samp.

Paradisea liliastrum var. *lusitanica* Cout.

• **Descripción:** xeófito rizomatoso. Talo aéreo anual, simple, cuadrangular, estriado, arqueado na parte superior. Follas curvinervias, alternas, dísticas, enteiras, glabras, sésiles, subsésiles ou subamplexicaules. Pedúnculos colgantes que soportan 1-2 flores. Flores tubulosas, péndulas, olorosas. Periantio formado por 6 tépalos soldados, branco, algo verdoso na base, de 21-26 x 6-9 mm, non contraído cara a metade, con lóbulos de 3-6 mm. Androceo con 6 estames, con filamentos glabros soldados ao periantio, inclusos ou levemente exertos. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en baga negro-azulada na madurez.

• **Distribución:** eurosiberiana (ata Xapón e entra na rexión mediterránea ata N África e W Asia). P. Ibérica: N e só en zonas montañosas do S.

• **Hábitat:** pradarías esciófilos no interior de carballeiras. Prefire o piso supratemperado (non exclusivo).

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño e orla, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Líardo. >LOBIOS, Os Baños en fronte de Bubaces, 29TNG7435, 400 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 04/1992, IPS, SANT 44836 e 44837. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 860 m, orla de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 01/05/1993, IPS, SANT 44838. Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS. Padrendo, 29TNG7436, 440 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *querchetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53119. >MUIÑOS, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, orla de bidueiral de valgada (*Carici reuterianae-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 65293.

• **Bibliografía:** T. ROMERO (2013b). • **Citas previas:** LAÍNZ (1954).

— **Polygonatum** Mill. —

■ **Polygonatum odoratum** (Mill.) Druce

• **Descripción:** xeófito rizomatoso. Talo aéreo anual, simple, cuadrangular, estriado, arqueado na parte superior. Follas curvinervias, alternas, dísticas, enteiras, glabras, sésiles, subsésiles ou subamplexicaules. Pedúnculos colgantes que soportan 1-2 flores. Flores tubulosas, péndulas, olorosas. Periantio formado por 6 tépalos soldados, branco, algo verdoso na base, de 21-26 x 6-9 mm, non contraído cara a metade, con lóbulos de 3-6 mm. Androceo con 6 estames, con filamentos glabros soldados ao periantio, inclusos ou levemente exertos. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en baga negro-azulada na madurez.

• **Distribución:** eurosiberiana (ata Xapón e entra na rexión mediterránea ata N África e W Asia). P. Ibérica: N e só en zonas montañosas do S.

• **Hábitat:** pradarías esciófilos no interior de carballeiras. Prefire o piso supratemperado (non exclusivo).

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño e orla, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Líardo. >LOBIOS, Os Baños en fronte de Bubaces, 29TNG7435, 400 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 04/1992, IPS, SANT 44836 e 44837. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 860 m, orla de carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 01/05/1993, IPS, SANT 44838. Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS. Padrendo, 29TNG7436, 440 m, sotobosque de carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *querchetosum suberis*), 02/05/2005, IPS, SANT 53119. >MUIÑOS, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, orla de bidueiral de valgada (*Carici reuterianae-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 65293.

Gralleiras, 29TNG8436, 1290 m, orla de bidueiral de valgada (*Carici reuteriana-Betuletum celtibericae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63040.

- Bibliografía:** BARIEGO (2013).

— **Ruscus** L. —

■ ***Ruscus aculeatus*** L.

- Descripción:** nanofanerófito rizomatoso, dioico. Talos ata 1 m de alto, con ramas laterais. Follas rudimentarias, caedizas, de cuxa axila xorde un talo modificado ou cladodio foliáceo (con aspecto de folla), estes en disposición alterna, de consistencia ríxida, espiñentos no ápice, con 1 nervio central e nerviación secundara pinnada ou pinnati-curvinervia. Flores unisexuais inseridas na axila dunha bráctea persistente en cara dos cladodios, verdosas. Periantio estrelado con 6 tépalos libres. Androceo con 3 estames soldados polos filamentos. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en baga de 1-1,5 cm, esférica, vermella.
- Distribución:** latemediterránea. Repartida por toda a P. Ibérica.
- Hábitat:** principalmente no sotobosque de carballeiras termófilas, podendo facelo ao abrigo dos bosques do piso mesotemperado medio e superior, áinda que en moita menor cantiade.
- Frecuencia:** común.
- Pregos herborizados:**
 - >ENTRIMO, Pereira, 29TNG7145, 580 m, bosque con orientación NE (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violletosum rivinianii*), 11/03/2005, IPS, SANT 52877. >LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 390 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 04/1992, IPS, SANT 44839. Viaduto da Portaxe-Ribas de Arauxo, 29TNG7640, 380 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 24/02/2005, IPS, SANT 52339.
- Bibliografía:** GIRÁLDEZ (2013).

SUBF. SCILLOIDEAE

Clave de xéneros

1. Flores brancas	Ornithogalum
Flores azuis	2
2. Pedicelo floral con 2 brácteas cada un	Hyacinthoides
Pedicelo floral cunha soa bráctea	3
3. Flores azuis durante a primavera e inicio do verán	Scilla
Flores rosadas durante o final do verán e outono	Prospero

— **Hyacinthoides** Heist. —

Herbáceas vivaces con bulbo subterráneo. Follas todas basais, lineares, planas, anvaiñantes, glabras. Inflorescencia en acio terminal sobre un escapo de lonxitude menor ou maior cás follas. Flores pediceladas con dúas brácteas na base. Periantio de 6 tépalos petaloideos, azuis. Androceo con 6 estames soldados á base dos pétalos. Ovario súpero de 3 carpelos soldados. Froito en cápsula.

- Bibliografía:** S. ORTIZ (2013).

Clave de especies

1. Ao menos as flores inferiores colgantes; periantio campanulado	<i>H. non-scripta</i>
Flores erectas ou erecto-patentes; periantio estrelado	<i>H. paivae</i>

■ *Hyacinthoides non-scripta* (L.) Chouard ex Rothm.

• **Descripción:** xeófito con bulbo subesférico. Follas paralelinervias, algo carnosas, planas ou lixeiramente aquilladas. Escapo florífero áfilo. Flores en acio terminal co ápice inclinado. Flores pedunculadas en disposición unilateral, xeralmente péndulas. Pedúnculos rodeados de dúas brácteas membranosas de ápice agudo. Flores tubular-campanuladas cunha constripción por debaixo dos lóbulos, colgantes Periantio de cor azul intensa con 6 tépalos curvado-reflexos no ápice. Androceo con 6 estames soldados aos pétalos. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula trígona.

• **Distribución:** W de Europa.

• **Hábitat:** bosques e as súas orlas, ambientes frescos.

• **Frecuencia:** común.

• Pregos herborizados:

>BANDE, Río Cados, A Ponte Nova, 29TNG8353, 680 m, baixo ameneiral (*Osmundo-Alnion*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 44829. >MUIÑOS, Maus de Salas, 29TNG8943, 870 m, 22/04/1997, IPS, SANT 44834. O Agrelo, 29TNG8445, 700 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianum*), 01/05/2003, IPS, SANT 48885. >PORTUGAL, Minho, Melgaço, Castro Laboreiro, 29TNG6953, finca com prado dentro do pobo, 10/05/1997, IPS & D.Manso, SANT 37504. Castro Laboreiro-Lamas do Mouro, Portelinha, 29TNG6856, 10/05/1997, IPS & D.Manso, SANT 37505.

■ *Hyacinthoides paivae* Ortiz & J.Rodr. ●

• **Descripción:** xeófito bulboso, con bulbo globoso de 8-30 mm de diámetro. Escapos de 15-50 cm, sen follas, rematado na inflorescencia erecta, non curvada. Follas paralelinervias, lineares, planas. Inflorescencia terminal en acio. Flores con pedicelos erectos, con dúas brácteas de distinta lonxitude. Periantio con 6 tépalos libres, estrelados na antese púrpuras ou azulados. Androceo con 6 estames soldados aos pétalos, sendo a porción de filamento soldado de menor lonxitude cá metade do tépalo. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula trígona.

• **Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica.

• **Hábitat:** prados, bosques, gretas de rocha con chan profundo. No piso meso e supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso Nos montes do Quinxo (Olelas, Entrimo) sub *Hyacinthoides hispanica* (Miller) Rothm.

• Pregos herborizados:

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7229, 740 m, 04/1992, IPS, SANT 44830. Vilameá-Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 400 m, orla de carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. quercketosum suberis*), 04/1992, IPS, SANT 44831. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 1070 m, gretas anchas en granodioritas (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 15/04/1993, IPS, SANT 45285. Serra de Santa Eufemia, O Salgueiro, 29TNG7030, 1050 m, pradaría, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 44832. Serra de Santa Eufemia, Xesteiro das Eiras, 29TNG6931, 1060 m, gretas anchas en granodioritas (*Minuartio-Silenetum acutifoliae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62412. >MUIÑOS, Serra do Pisco, 29TNG8837, 1200 m, 21/05/1996, IPS, SANT 44828. >PORTUGAL, Tras-os-Montes, Serra do Gerês, Pitoes das Jhunias-Tourem, 1040 m, 22/04/1997, IPS, SANT 44827.

• **Citas previas:** MERINO (1909); LAÍNZ (1955, 1965); RODRÍGUEZ GRACIA (1986a).

— **Ornithogalum** L. —

Herbáceas con bulbo subterráneo. Follas paralelinervias que nacen da base do escapo baixo o chan, co limbo plano e algo carnoso. Escapo con flores en acio corimbiforme. Flores regulares con 6 tépalos brancos. Androceo con 6 estames libres cos filamentos ensanchados cara a base. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Estilo branco. Froito en cápsula trígona.

•**Bibliografía:** MARTÍNEZ AZORÍN et al. (2013).

Clave de especies

1. Tépalos completamente brancos; escapo < 20 cm	<i>O. concinnum</i>
Tépalos amarelentos con estreita franxa verde na cara adaxial; escapo > 50 cm	<i>O. pyrenaicum</i>

■ ***Ornithogalum concinnum* (Salisb.) Cout.**

•**Descripción:** xeófito con bulbo < 25 x 25 mm. Escapo de 10-26 cm. Follas planas, paralelinervias, todas basais, anvaiñantes, xeralmente algo maiores có escapo. Inflorescencia en acio espiciforme, cos pedicelos das flores inferiores de maior tamaño cós das superiores, resultando unha inflorescencia densa na antese que se alonga na frutificación. Cada flor con 1 bráctea más longa có pedicelo correspondente. Corola con 6 tépalos brancos de c. 15 mm, sendo os externos algo maiores cós internos, de color branca marfil por ambas caras.

•**Distribución:** endimismo das montañas hercinianas do NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces sobre chans pouco profundos do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG758559, 1260 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 27/05/2003, IPS, SANT 49497. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1500 m, 15/07/1992, IPS, SANT 44819. Serra de Santa Eufemia, reemisores, 29TNG7134, 1110 m, pradarías pioneiras vivaces (*Sedion anglici*), 17/06/1993, IPS, SANT 44818. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 1020 m, 04/07/1993, IPS, SANT 44817. >**MUIÑOS**, Serra do Xurés, 29TNG8437, 1200 m, pasteiro pioneiro con *Halimium umbellatum* (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*), 29/05/2010, IPS, SANT 63048. >**PORTUGAL**, Tras-os-Montes, Serra do Gerês, cumes fronteira, 29TNG7931, 1500 m, IPS, SANT 44820. Serra da Cabreira, 1200 m, comunitade de *Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*, 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 44816.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ ***Ornithogalum pyrenaicum* L.**

subsp. *pyrenaicum*

•**Descripción:** xeófito con bulbo ovoide de ao menos 3 x 3 cm, cunha ampla zona atenuada ou pico na parte superior. Escapo xeralmente > 50 cm, verde claro a glauco. Follas alongadas e algo acanaladas, murchándose ao inicio da floración. Inflorescencia en acio alongado con máis de 20 flores. Brácteas de 8-15 mm, más anchas na base, trinervadas. Pedicelos de iguais a más longos cás brácteas, erecto-patentes, acrescentes. Flores regulares. Tépalos branco amarelentos na cara abaxial e cunha estreita banda verde na inferior, incurvados na maduración.

•**Distribución:** Europa, N África e Oriente Medio. P. Ibérica: N e W; rara no C e S.

•**Hábitat:** pastos vivaces en cuneta de pista.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, 29TNG, m, cuneta, 14/06/2022, IPS, M.Fernández & Lisardo. SANT 81735.



Asparagaceae Nolinoideae *Paradisea lusitanica*



Asparagaceae Nolinoideae *Polygonatum odoratum*



Asparagaceae Nolinoideae *Ruscus aculeatus*



Asparagaceae Scilloideae *Hyacinthoides non scripta*



Asparagaceae Scilloideae *Hyacinthoides paivae*



Asparagaceae Scilloideae *Ornithogalum concinnum*



Asparagaceae Scilloideae *Ornithogalum pyrenaicum*



Asparagaceae Scilloideae *Prospero autumnale*

— Prospero Salisb. —

■ ***Prospero autumnale*** (L.) Speta

Scilla autumnalis L.

• **Descripción:** xeófito con bulbo subterráneo. Talo escábrido cara a base. Follas desenvoltas durante ou trala floración, ausentes ou moi curtas durante a antese, glabras, estreitamente lineares e acanaladas. Escapo ata 25 cm, delgado. Inflorescencia terminal en acio cilíndrico que se alonga na frutificación. Flores con 6 tépalos, de cor lila a rosado-azuladas, sen brácteas evidentes. Florece en verán e outono. Tépalos de 3-5,5 mm. Anteras dos estames de cor azul escura a negra. Cápsula de 2-4(4,5) x 2-4 mm.

• **Distribución:** plurirrexional. Mediterráneo-atlántica. P. Ibérica: N e metade occidental. Rara cara o E.

• **Hábitat:** pradarías pioneiras de baixa cobertura en chans pouco profundos do entorno de penedos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Leboreiro, Serra das Motas, 29TNG7756, 1145 m, pasteiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odora-tae*), 18/08/2012, IPS, SANT 65840. >LOBIOS, A Anta, 29TNG7537, 465 m, pasteiro anual oligótrofo, chans esqueléticos (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabiflorae*), 09/1992, IPS, SANT 44840.

• **Bibliografía:** ALMEIDA DA SILVA & CRESPI. (2013).

• **Citas previas:** ORTIZ et al. (1999).

— Scilla L. —

Clave de especies

1. Plantas con 1 soa folla	<i>S. monophyllos</i>
Plantas con máis de 2 follas	<i>S. verna</i>

■ ***Scilla monophyllos*** Link

• **Descripción:** xeófito con bulbo subterráneo. Cunha soa folla paralelinervia xeralmente de máis de 10 mm de anchura, que envaíña ao talo. Inflorescencia en acio corimbiforme alongado na frutificación. Flores, xeralmente en número inferior a 10, cunha bráctea na base do pedicelo. Brácteas das flores inferiores moito más curtas que os seus respectivos pedicelos. Periantio estrelado con 6 pétalos libres de cor azul. Androceo con 6 estames soldados á corola. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula globosa.

• **Distribución:** metade W P. Ibérica e NW Marrocos.

• **Hábitat:** chans pouco profundos en comunidades de pradarías pioneiras vivaces.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7331, 650 m, claros de matogueira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 15/04/1992, IPS, SANT 44841. Lobios, 29TNG73, 15/04/1993, IPS, SANT 44842.

• **Citas previas:** MERINO (1909).

■ ***Scilla verna*** Huds.

• **Descripción:** xeófito con bulbo subterráneo tunicado. Con 2-6 follas paralelinervias, de menos de 5 mm de ancho, de menor tamaño có escapo e desenvoltas antes da floración. Inflorescencia en acio corimbiforme, pouco alongado na frutificación. Flores pediceladas, xeralmente en

número inferior a 10, cada unha con 1 bráctea de lonxitude similar á do pedicelo. Periantio estrelado con 6 tépalos libres de cor azul ou violeta, de 5,5-12 mm. Androceo con 6 estames de filamentos insertos na base dos tépalos e anteras de cor morada ou violácea. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula globosa.

•**Distribución:** W Europa (atlántica). P. Ibérica: N, NW, Pireneos.

•**Hábitat:** chans profundos con brañeiras e outros pastos (piso supratemperado).

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasteiro higrófilo con herba das brañas (*Nardetea strictae*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77314. >QUINTEL DA LEIRADO, Serra da Basteira, 29TNG7359, 1200 m, claros de breixeira (humidade intermedia breixeira mesófilo-brañal), 27/05/2003, IPS, SANT 49492. >PORTUGAL, Pitoes das Jhunias, 29TNG8732, 1090 m, antiga canteira de granito, 05/1997, IPS & J. Rodr., SANT 60037.

•**Citas previas:** MERINO (1909), cita *Scilla ramburei* Boiss. (sub *S. verna* var. *ramburei* (Boiss.) Maire.

F. ASPHODELACEAE

Clave de xéneros

1. Planta < 20 cm; follas < 10 mm anchura	Simethis (Subf. Hemerocallidoideae)
Planta > 30 cm; follas > 15 mm anchura	Asphodelus (Subf. Asphodeloideae)

— Asphodelus L. —

Herbáceas vivaces rizomatosas. Raíces fibrosas ensanchadas en tubérculos. Follas en roseta basal, sésiles, planas, acintadas, paralelinervias. Inflorescencia en acio terminal sobre un escapo cilíndrico, liso, que xorde do centro da roseta. Flores bracteadas, hermafroditas, con periantio petaloideo (6 tépalos). Androceo con 6 estames. Ovario súpero de carpelos soldados. Froito en cápsula. CAMAÑO et al. (2003), citan *Asphodelus ramosus* L no territorio de estudio. Segundo DÍAZ LIFANTE (2013) *A. ramosus* subsp *distalis* Z. Díaz & Valdés é un taxon distribuído polo SW da P. Ibérica, mentres que a subespecie típica só aparece en Baleares e moi puntualmente no E da Península.

•**Bibliografía:** DÍAZ LIFANTE, Z. & VALDÉS, B. (1996); DÍAZ LIFANTE (2013).

Clave de especies

1. Cápsula esférica, elíptica ou ovoide, máis longa ca ancha (8-13 x 6-13 mm)	<i>A. lusitanicus</i>
Cápsula (sub) esférica, más ancha ca longa (10-18 x 12-18 mm)	<i>A. macrocarpus</i>

■ *Asphodelus lusitanicus* P. Cout.

var. *ovoideus* (Merino) Z. Díaz & Valdés ●

Asphodelus chambeironi var. *ovoideus* Merino; *A. albus* subsp. *arrondeauii* M. Laínz

•**Descripción:** xeófito. Rizoma vertical ou oblicuo con tuberosidades fusiformes moi distanciados do rizoma. Cepa con restos fibrosos. Follas paralelinervias, dispostas en espiral, planas, glaucas, marxe denticulada, rara vez lisa. Escapo de 30-150 cm, simple ou escasamente ramificado na base da inflorescencia, sendo as ramas erecto-patentes. Inflorescencia en acio. Brácteas más curtas có botón floral, as inferiores más ou menos uniformemente pardo-escuñas, as superiores más pálidas. Segmentos do periantio brancos (12)13-21(24) x 2-8 mm, cun nervio central tin-

guido e base cuneada. Estames tan longos ou más cós tépalos. Pedicelos frutíferos articulados. Froito en cápsula de (6,5)8-13,5(14) x (5,5)6-13.

•**Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica (Galicia e do C e N de Portugal).

•**Hábitat:** terreos queimados, matogueiras abertas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, val das Sombras, 29TNG7830, 1300 m, 04/1992, IPS, SANT 47817. Serra do Xurés, 29TNG7734, 1050 m, matogueira queimada en agosto de 1998, 28/05/1999, IPS, SANT 47819. >Muíños, presa do encoro de Salas-Requiás, Municeito, 29TNG8741, 840 m, breixeira-toxeira incendiada con frecuencia, 19/06/2020, IPS, SANT 78769. >PORTUGAL, Tras-os-Montes, Pitoes das Jhunias-Tourem, 29TNG9237, 1100 m, xesteira e matogueira incendiadas, 22/04/1997, IPS, SANT 47818.

■ *Asphodelus macrocarpus* Parl.

var. *arrondeaui* (Lloyd) Z. Díaz & Valdés

Asphodelus arrondeaui Lloyd; *A. albus* var. *arrondeaui* (Lloyd) Rouy

•**Descripción:** xeófito con raíces con tuberosidades napiformes ou fusiformes próximos ao rizoma. Follas paralelinervias, planas, glaucas, disposición dística, as externas membranosas, pardas. Escapo de 60-125 cm, frecuentemente simple. Inflorescencia en acio. Flores con pedicelos de articulación moi pouco marcada e con brácteas Segmentos do periantio brancos cun nervio central tinguido. Pedicelos frutíferos articulados. Cápsula de (9)10-16 x 9-16 mm, globosas, truncadas e trilobadas no ápice.

•**Distribución:** S Europa: NW Francia (Bretaña e Normandía) e P. Ibérica: N e C (Cordilleira Cantábrica, Macizo Galaico-Portugués e Sistema Central).

•**Hábitat:** coloniza chans despeñados por incendios, preferentemente no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7734, 1145 m, transición de brañal a breixeira, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59526.

•**Citas previas:** LAÍNZ (1967) (sub *A. cerasiferus* Gay).

— *Simethis* Kunth —

■ *Simethis mattiazzii* (Vand.) Sacc.

Simethis planifolia (L.) Gren.

•**Descripción:** xeófito con rizoma vertical fibroso e con raíces tuberosas. Cepa con fibras. Follas paralelinervias planas ou pregadas, todas basais, arqueadas. Escapos herbáceos, divididos na parte superior e xeralmente más curtos cás follas da roseta. Panícula con 1 bráctea na base de cada rama, as inferiores foliáceas, o resto con marxe membranosa ao igual cá das flores. Flores pediceladas con 6 tépalos brancos pola cara interna e rosa purpúreos pola externa. Filamentos estaminais densamente cubertos de pelos brancos co ápice ensanchado. Cápsulas de 5-6 mm, subglobosas, trilobadas, negrizes.

•**Distribución:** W da rexión mediterránea e litoral atlántico europeo ata o SW de Irlanda. P. Ibérica: abunda en territorio cántabro-atlántico e W; escaso en C e NE.

•**Hábitat:** matogueiras abertas e en recuperación tras incendios.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BAIXA LIMIA, frecuente en matogueiras en recuperación tras incendio, Primavera-1992, IPS, SANT 44844. >LOBIOS, As Veliñas, 29TNG7939, 660 m, reboleira segada e alterada (*Quercion roburi-pyrenaicae*), 25/05/1995, IPS, SANT 44843.

•**Bibliografía:** MARTÍNEZ ORTEGA (2013a).



Asparagaceae Scilloideae *Scilla monophyllos*



Asparagaceae Scilloideae *Scilla verna*



Asphodelaceae *Asphodelus lusitanicus*



Asphodelaceae *Asphodelus macrocarpus*



Asphodelaceae *Asphodelus macrocarpus* (froitos)



Asphodelaceae *Asphodelus ramosus*



Asphodelaceae *Simethis mattiazzii*



Colchicaceae *Merendera montana*

F. COLCHICACEAE DC.

— Merendera Ramond —

■ *Merendera montana* (Loefl. ex L.) Lange ●

M. pyrenaica (Pourr.) P. Fourn.; *M. bulbocodium* Ramond; *Colchicum montanum* Loefl. ex L.; *C. pyrenaicum* Pourr.

• **Descripción:** xeófito con tuberobulbo principal e outro máis novo asociado do que saen as flores, protexidos por túnicas, de cor parda, que continúan pola base da flor ou das follas formando unha especie de pescozo. Follas basais, lineares, que asoman case ao tempo da flor. Flor solitaria, trímera, con tépalos de limbo libre, de color lila. Estames 6, insertos na base dos tépalos. Ovario súpero, trilocular, subterráneo. Froito en cápsula que sobresae do chan por alongamento do pedicelo. Florece desde finais do verán e en outono.

• **Distribución:** endimismo da P. Ibérica, chegando a territorio francés no centro de Pireneos.

• **Hábitat:** pradarías, brañeiras, claros de matogueira.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, camiño de entrada a cola Encoro das Conchas, 29TNG8648, 555 m, claro de breixeira-toxeira, 09/10/2015, IPS, SANT 72085. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG73, 26/09/1992, IPS, SANT 44814.

• **Bibliografía:** RICO (2013a).

F. COMMELINACEAE

— Tradescantia L. —

■ *Tradescantia fluminensis* Vell.

• **Descripción:** hemicriptófito ou caméfito. Planta moi ramificada desde a base, con talos prostrados, ascendentes ou erguidos, enraizantes nos nós inferiores. Follas alternas en disposición dística, con vaíña pilosa na garganta; limbo elíptico e agudo no ápice, curvinervio. Inflorescencias na axila das follas, pedunculadas e con dúas brácteas foliáceas opostas. Flores pediceladas. Periantio dobre de 3 sépalos verdes e 3 pétalos brancos. Androceo con 6 estames rodeados de numerosos pelos brancos longos semellantes en aspecto aos filamentos. Ovario trilobado. Froito en cápsula con dúas sementes por lóculo.

• **Distribución:** América do Sur. Invasora.

• **Hábitat:** ambiente fresco ou húmido no entorno de núcleos habitados.

• **Frecuencia:** rara.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 500 m, brava no entorno dunha fonte dentro da aldea, 06/07/2019, IPS, SANT 77489.

• **Bibliografía:** S. TALAVERA & GALLEGOS (2010).

F. CYPERACEAE

Clave de xéneros

1. Todas as flores unisexuais	Carex
Ao menos algunha flor hermafrodita	2

2.	Infrutescencia branco-algodoeira	Eriophorum
	Infrutescencia non branco-algodoeira	3
3.	Inflorescencia en espiga solitaria terminal	4
	Inflorescencia con varias espigas en antela	5
4.	Follas con vaíña pero sen limbo desenvolto	Eleocharis
	Folla caulinar con vaíña e limbo de pequeno tamaño	Trichophorum
5.	Plantas de máis de 1 m	Schoenoplectus
	Plantas de menos de 0,5 m	6
6.	Glumas en disposición helicoidal; espigas non comprimidas	Isolepis
	Glumas en 2 filas, dísticas; espigas comprimidas	7
7.	Aquenios lateralmente comprimidos, coa marxe orientada cara o eixe do raque	Pycreus
	Aquenios dorsalmente comprimidos, co dorso orientado cara o eixe do raque	Cyperus

— Carex L. —

Herbáceas perennes, con rizoma. Talos trígonos. Follas con vaíña, limbo e lígula soldada na súa maior parte ao limbo. Inflorescencia en espiga ou acio de espigas, que poden ser todas iguais ou diferentes en función do sexo das flores que porte. Plantas monoicas. Glumas en disposición helicoidal. Flores unisexuais. Ovario envolto nunha especie de saco ou botella (utrículo) con 2-3 estígmases exertos e caducos.

•Bibliografía: LUCEÑO (2008); LUCEÑO & ESCUDERO (2008); LUCEÑO & JIMÉNEZ MEJÍAS (2008).

Clave de especies

1.	Espículas todas similares	2
	Espículas masculinas distintas do resto	5
2.	Inflorescencia >15 cm, paniculada	<i>C. paniculata</i> subsp. <i>lusitanica</i>
	Inflorescencia moito más curta, en espiga de espículas	3
3.	Flores femininas con 2 estígmases	<i>C. muricata</i> subsp. <i>pairae</i>
	Flores femininas con 3 estígmases	4
4.	Utrículos erectos	<i>C. leporina</i>
	Utrículos patentes	<i>C. echinata</i>
5.	Pico do utrículo truncado ou pouco bidentado	6
	Pico do utrículo bífido	10
6.	Espiga inferior erecta	<i>C. asturica</i>
	Espiga inferior colgante	7
7.	Flores femininas con 3 estígmases	8
	Flores femininas con 2 estígmases	9
8.	Utrículos finamente papilosos	<i>C. panicea</i>

Utrículos pilosos	<i>C. pilulifera</i>
9. Utrículos lisos	<i>C. reuteriana</i>
Utrículos papilosos	<i>C. nigra</i>
10. Bráctea inferior de menor tamaño cá inflorescencia	11
Bráctea inferior de maior tamaño cá inflorescencia	13
11. Espiga inferior erecta	<i>C. panicea</i>
Espiga inferior colgante	12
12. Follas > 6 mm anchura; lígula de 6-40 mm	<i>C. laevigata</i>
Follas < 6 mm anchura; lígulas de menos de 6 mm	<i>C. binervis</i>
13. Utrículos pilosos	<i>C. pilulifera</i>
Utrículos glabros ou papilosos	14
14. Espigas femininas con utrículos inferiores patentes	<i>C. demissa</i>
Espigas femininas con utrículos inferiores erectos	<i>C. vesicaria</i>

■ *Carex asturica* Boiss. ●

Carex gallaecica H. Lév. & Vaniot; *C. cantabrorum* Gand.

• **Descripción:** xeófito ou hemicriptófito con rizomas reptantes longos. Non ou moi pouco cespitoso. Vaíñas foliosas, avermelladas ou purpúreas, enteiras ou algo fibrosas. Talos fértiles (14)20-55 cm, trígonos, lisos. Follas paralelinervias, de (2,9)4-5(5,5) mm de anchura, más curtas cós talos, planas co ápice de sección triangular, ríxidas, ásperas na marxe, verde escuas. Bráctea inferior foliácea, envainante, menor cá inflorescencia. Espiga masculina terminal, de c. 15-20 mm, romboidal ou anchamente fusiforme. Con (2)3-4 espigas femininas cilíndricas, erectas. Glumas femininas menores cós utrículos, pardo-purpúreas, con marxe escarioса ao menos no ápice. Utrículos de 3-4 x 1,5-2 mm, suberectos, trígonos, con ao menos 2 nervios perceptibles non demasiado prominentes, bruscamente estreitados nun pico recto, liso, curto e de ápice truncado.

• **Distribución:** endimismo do NW Ibérico (acada o Sistema Ibérico setentrional e o Sistema Central).

• **Hábitat:** breixeiras, breixeira-toxeiras e brañeiras no piso supratemperado.

• **Frecuencia:** común (piso supratemperado da Serra do Xurés).

• **Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmedo (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxycocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 64270. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1400 m, breixeira (*Ericenion aragonensis*), 07/1992, IPS, SANT 64221. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 1010 m, 15/04/1993, IPS, SANT 64220. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 390 m, 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 64223. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129, 900 m, breixeira (*Ericenion aragonensis*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 64222. Serra do Xurés, 29TNG7931, 1500 m, 14/07/1993, IPS, SANT 64219. Serra do Xurés, río Lobios, 29TNG7930, 1390 m, breixeira con *Thymelaea broteriana* (*Ericenion aragonensis*), 14/05/1997(5), IPS, SANT 64224. Serra do Xurés, Lobbies, 29TNG7931, 1350 m, breixeira con *Thymelaea*



Cyperaceae *Carex asturica*

broteriana (*Ericenion aragonensis*), 14/05/1997(7), IPS, SANT 64225. Serra do Xurés, Escada-Pión de Paredes, 29TNG7832, 1250 m, breixeira con *Thymelaea broteriana* (*Ericenion aragonensis*) e corga, 14/05/1997(1), IPS, SANT 64226. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, breixeira-toxeira con *Thymelaea broteriana* (*Ericenion aragonensis*), 22/05/1997(5), IPS, SANT 64227. >**Muíños**, Curral de Iribo, 29TNG8637, 1180 m, camiño xunto a pradarías anuais de chans areosos, 27/05/2011, SANT 64802. IPS. >**VEREA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1250 m, matogueira higrófila en depresión do terreo (*Genistion micrantho anglicae*), 09/07/1998, IPS, SANT 64261.

- Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Carex binervis* Sm.

Carex rodriguezii Merino; *C. ovata* Merino; *C. binervis* var. *ovata* Merino; *C. gandogerii* Lev & Var.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma robusto, cespitoso con entrenós curtos. Vaíñas basais alaranxadas en seco, enteiras ou pouco fibrosas. Talos fértiles c. 40-150 cm, lisos, obtusamente trígono. Follas paralelinervias, (2)3,5-5(11) mm de anchura, lisas, escábridas en nervio medio e marxes do ápice, planas ou pregadas, de cor verde escura que se torna alaranxada co secado. Bráctea inferior foliácea, envainante, más curta cá inflorescencia. Con 1(2) espiga masculina terminal, fusiforme. 2-4 espigas femininas cilíndricas, distanciadas, pedunculadas, a inferior xeralmente colgante. Glumas femininas de cor vermelho-purpúrea, de ápice truncado e nervio medio escurriendo por medio dun mucrón ciliado. Utrículos de 3-3,7 x 1,3-1,6, varios nervios visibles -os laterais más resaltados-, estreitados en pico bifido e escábrido, con 3 estilos.

•**Distribución:** W Europa e NW África. P. Ibérica: cuadrante NW e algúns outros macizos montañosos.

•**Hábitat:** brexeiras higrófilas e marxes de regatos. Acidófila estrita.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Alto do Vieiro, 29TNG8558, 830 m, turbeira (*Scheuzerio-Caricetea fuscae*), 10/06/1998, IPS, SANT 64269. Fonte dos Campos, 29TNG8754, 970 m, pradaría higrófila en marxe regato, 23/06/2021(10), IPS, SANT 80201. >**CALVOS DE RANDÍN**, C. Golpellás, 29TNG9247, 870 m., prados higrófilos (*Molinetalia caerulea*), 19/06/2018, IPS, SANT 77066. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*) e marxe de regato preto de nacente (*Montio-Cardaminetea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80201. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxycocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 64268. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7830, 07/1992, IPS, SANT 64228. Serra de Santa Eufemia 07/1992, IPS, SANT 64230. Serra do Xurés, Outeiro de Margómez, 29TNG7331, 800 m, zona húmida, 07/1992, IPS, SANT 64276. Serra do Xurés, nacemento da Corga do Medeiro, 29TNG7729, 1450 m, breixeira con *Thymelaea broteriana*, 14/06/1995, IPS, SANT 64488. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 600 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 11/04/1997(3), IPS, SANT 64266. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1210 m, braña (*Genistion micrantho-anglicae*), 14/05/1997(3), IPS, SANT 64265. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1250 m, corga pedregosa (regato estacional), 22/5/1997(7), IPS, SANT 64262. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1280 m, breixeira con *Thymelaea broteriana*, 22/5/1997, IPS, SANT 64263. Frenteira A Madanela-Serra de Santa Eufemia, 29TNG7036, 590 m, zona húmida, 11/06/1998, IPS, SANT 64275. Serra do Xurés, 29TNG7431, 860 m, charca seca, 29/07/1998, IPS, SANT 64497. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1210 m, braña (*Genistion micrantho-anglicae*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 64277. Serra do Xurés, 29TNG7734 (0577633 / 4634403), 1143 m, brañal (*Nardetea strictae*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59559. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 995 m, pasteiro en marxe de regato (*Nardetea strictae*), 02/06/2011, IPS, SANT 64738. >**Muíños**, Encoro de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8842, 870 m, xuncais higrófilos (*Juncion acutiflori*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 64274. Portela de Pitóns, 29TNG8736, 1230 m, 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 64229. Xermeade-Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, prado higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 06/06/1996, IPS, SANT 64272. Portela de Pitóns, 29TNG8737, 1130 m, 18/04/1997, IPS, SANT 64267. >**PORTUGAL**, Pitoês das Jhunias-Tourém, 29TNG9238, 1050 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 22/04/1997(4), IPS, SANT 64264.

■ *Carex demissa* Hornnem.

Carex viridula subsp. *oedocarpa* (Anderson) B. Schmid;
C. oederi var. *oedocarpa* Anderson

• **Descripción:** hemicriptófito con rizoma cespitoso. Vaíñas basais enteras, verde pálidas ou marrón claro. Talos fértiles ata 40 cm, lisos, obtusamente trígono, arqueados con frecuencia. Follas paralelinervias, de 1,5-3,8 mm de anchura, menores cos talos, lisas, planas. Bráctea inferior foliácea, moito máis longa cá inflorescencia. Espiga masculina cilíndrica, solitaria, de 9-24 x 1,3-3,3 mm. Con 2-5 espigas femininas de 5,5-16 x 5,3-8,5 mm, elípticas, as superiores aproximadas, a inferior distante. Utrículos inflado-trígono, con todos os nervios resaltados, bruscamente estreitados en pico recto ou algo tombado, curtamente bífido, con 3 estilos cada un.

• **Distribución:** Europa, NW África, Macaronesia. Naturalizada NE América. P. Ibérica: N, NW, C e SW.

• **Hábitat:** prados higrófilos e terrenos cenagosos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, A Illa-Olelas, 29TNG6940, 640 m, manancial, 29/05/1999, IPS, SANT 64212. Vilar-Venceans, 29TNG7445, 830 m, cumba húmeda, 17/09/1998, IPS, SANT 64258. >LOBIOS, pista Padrenda-Compostela, 29TNG7237, remanso do río Nau, 20/06/1996, IPS, SANT 38719. A Portaxe, 29TNG7640, 350 m, terrenos curtaamente inundados polo encoro do Lindoso, 23/05/1997, IPS, SANT 39110. A Portaxe, traseira do encoro do Lindoso, desembocadura río Salas, 29TNG7740, 330 m, comunidade de *Iris pseudacorus* temporalmente inundada, 23/05/1997, IPS, SANT 64214. Río Nau, 29TNG7138, 385 m, regato estacional que atravesa a pista forestal, 31/08/1998, IPS, SANT 64246. Val de Riocaldo, Vía Romana, 29TNG7230, 570 m, marxe de regato que cae sobre a vía romana, 22/09/2018, IPS, SANT 76588. Val de Riocaldo, 29TNG7229, 648 m, prado higrófilo atravesado por un regato estacional, 22/09/2018, IPS, SANT 76586. >MUIÑOS, Xermeade-Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, prado higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 06/06/1996, IPS, SANT 64213. Salgueiro, 29TNG8438, 1150 m, terreno encharcado (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 11/06/2004, IPS, SANT 51791. Salgueiro, 29TNG8439, 1010 m, terreno encharcado (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 29/05/2010, IPS, SANT 63052. >PORTUGAL, Braga, Serra Amarela, 29TNG6631, 1030 m, zona húmeda, 07/08/1998, IPS, J.Rodr. & M.A. Gómez, SANT 64495.

■ *Carex echinata* J. A. Murray

Carex stellulata Gooden

• **Descripción:** hemicriptófito con rizoma cespitoso. Talos fértiles trígono, lisos ou lixeiramente escábridos na parte superior. Vaíñas basais foliosas, de cor marrón. Follas paralelinervias de (0,5)1,5-3 mm de anchura, planas ou acanaladas, ásperas na marxe preto do ápice. Bráctea inferior máis curta cá inflorescencia, glumácea ou curtamente foliácea. Todas as espigas, con aspecto similar, estrelado, a flor superior é masculina. Utrículos patentes ou pouco reflexos na madurez, atenuados en pico bidentado, serrulado-escábrido.

• **Distribución:** Europa, Norteamérica, W Asia e N África. P. Ibérica: metade N e Serra Nevada.

• **Hábitat:** prados moi húmidos, turbeiras.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Fonte dos Campos, 29TNG8754, 970 m, pradaría higrófila en marxe regato, 23/06/2021(10), IPS, SANT 80812. >ENTRIMO, Monte de Galez, 29TNG7339, 390 m, chans encharcados en marxe de pista atravesada por corga, 22/05/1995, IPS, SANT 64216. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, fondal con matogueira



Cyperaceae *Carex demissa*

higrófila, brañal e restos de turbeira, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80215. >**LOBIOS**, A Portaxe, encoro do Lindoso, desembocadura do río Cabaleiro, 29TNG7639, 330 m, chans temporalmente inundados, comunidade de *Iris pseudacorus* e pradaría higrófila (*Juncion acutiflori-Phramitetea*), 23/05/2007, IPS, SANT 64215. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1010 m, pasto en zona chá chan profundo e algo de humidade, brañal (*Nardetea strictae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64795. >**MUÍÑOS**, Xermeade-Porqueirós, 29TNG8644, 820 m, prado higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 64217. Requiás-Portela de Pitoes, 29TNG8737, 1120 m, pradaría higrófila (*Stellario-Montietum chondropermae*), 18/04/1997(5), IPS, SANT 64218. Salgueiro, 29TNG8439, 1010 m, terreo encharcado (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 29/05/2010, IPS, SANT 63051.

■ *Carex laevigata* Sm.

Carex welwitschii Boiss. ex Steud.; *C. patula* Schkuhr

•**Descripción:** hemicriptófito densamente cespitoso, sen rizomas reptantes, con cepa robusta. Talos fértiles de 50-100 cm, obtusamente trígonos, lisos ou lixeiramente escábridos no ápice. Follas paralelinervias de lonxitude inferior á dos talos, escábridas nas marxes do ápice, pregadas. Bráctea inferior foliácea de máis curta a máis longa cá inflorescencia. Con 1(2) espiga masculina final, fusiforme Con 2-4 espigas femininas cilíndricas, de (15)25-40(57) x (3,5)6-8(10) mm, distantes, a inferior xeralmente colgante. Glumas femininas de cor parda clara. Utrículos (3,3) 4-5(5,8) x 1-2 mm, atenuados nun pico bífido e escábrido, con 3 estilos. Aquenios trígonos de 2,5-4,2 mm de lonxitude.

•**Distribución:** rexións oceánicas de Europa occidental; esporadicamente en N Marrocos. P. Ibérica: Provincia cántabro-atlántica e provincias mediterráneas próximas ao océano Atlántico.

•**Hábitat:** bosques de ribeira e prados húmidos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Mugueimes-San Fiz, 29TNG8750, 580 m, prado higrófilo con *Paradisea lusitanica* (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996(10), IPS & S.Ortiz, SANT 64489. >**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bidueiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80263. >**ENTRIMO**, Monte de Galez, 29TNG7339, 380 m, pradaría baixo ambiente ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 09/05/1996, IPS, SANT 55701 e 64236. >**LOBIOS**, Vilameá, 29TNG7436, 420 m, prado higrófilo (*Juncion acutiflori*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 64493. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, pequeno bosque adxacente a canalización do río, 03/05/1996, IPS, SANT 64491. Torneiros-A Ponte Nova, 29TNG7332, 500 m, carballeira con golpes de *Populus tremula* (*Rusco-Quercetum roboris*), 24/03/1997(1), IPS, SANT 64487. >**MUÍÑOS**, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, xuncal higrófilo (*Juncion acutiflori*), 16/06/1993, IPS, M.I.Romero, S.Ortiz & J.Rodr., SANT 64494. Piñoi-Cados, 29TNG8244, 620 m, regato que atravesa unha carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 25/03/1997, IPS, SANT 64492. Porqueirós, 29TNG8644, 830 m, prado higrófilo (*Peucedano lancifolii-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 64490. Mugueimes-San Fiz, 29TNG8750, 580 m, prado higrófilo con *Paradisea lusitanica* (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 64489. >**PORTUGAL**, Vila Real-Braga, Ruivais-Sudro, c. Salamonde, prado higrófilo (*Peucedano lancifolii-Juncetum acutiflori*), 28/05/1997(6), IPS & J.Rodr., SANT 64496.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Carex leporina* L.

Carex ovalis Gooden, *C. argyroglochin* Hornem.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma cespitoso. Só as vaíñas basais máis inferiores son áfilas, marróns. Talos fértiles trígonos, de ángulos agudos. Follas paralelinervias, planas, de 1,5-3,5(4,5) mm de anchura, ásperas nos marxes. Bráctea inferior xeralmente moito más curta cá inflorescencia, glumácea, de ápice setáceo. Espigas semellantes, ovais ou oblongas. Utrículos ata 4,5 mm, con á ancha, gradualmente atenuados en pico escábrido, bífido, bidentado ou truncado.

•**Distribución:** Europa, N África e W Asia ata CN Siberia. Naturalizada en Norteamérica. P. Ibérica: rara na metade S e frecuente na N.

•**Hábitat:** prados húmidos, xuncais, terreos encharcados con frecuencia.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Sordos, 29TNG8551, 600 m, cuneta encharcada de pista forestal, 02/05/1996, IPS, SANT 64303. Quintá-San Fiz, 29TNG8750, 620 m, prado higrófilo con *Paradisea lusitanica* (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996(10), IPS, SANT 64173. Quintá-San Fiz, río Limia, 29TNG8750, 620 m, augas remansadas de marxe de río, 11/06/1996, IPS, SANT 64174. >CALVOS DE RANDÍN, Golpellás. 29TNG9247, 870 m., pastos higrófilos (*Molinetalia caeruleae*), 19/06/2018, IPS, SANT 77060. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, fondal con matogueira higrófila, brañal e restos de turbeira, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80212. >ENTRIMO, Lantemil, encoro do Lindoso, 29TNG7139, 390 m, 12/06/1998, IPS, SANT 64171. >LOBIOS, Vilameá, 29TNG7436, 400 m, prado higrófilo (*Juncion acutiflori*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 64172. Lobios-Vilameá, río Caldo, prados húmidos a man esquerda e lado do muro que separa prados de estrada, 11/05/1995, SANT 56354. Río Nau, 29TNG7138, 385 m, regato estacional que atravesa pista forestal, 31/08/1998, IPS, SANT 64244.

■ *Carex muricata* L.

subsp. *pairae* (F. W. Sch.) Celak.

Carex muricata subsp. *lamprocarpa* auct., non Celak., *C. pairae* F. W. Sch.,

C. muricata var. *fomosa* sensu Merino

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma grosso que forma céspedes de ata 30 cm de diámetro. Talos fértiles trígonos de ángulos agudos, ata 50 cm, lixeiramente escábridos. Follas paralelinervias, de (1)2,5-3(4) mm de anchura, más curtas cos talos. Bráctea inferior moito más curta cá inflorescencia. Espigas, todas parecidas, xeralmente agrupadas na parte superior do talo, con flores femininas e algunas masculinas no ápice. Glumas femininas de cor marrón clara. Utrículos de 2,9-4(4,5) mm, anchamente elípticos, non alados, pardo escuros ou negrizos na madurez, bruscamente estreitados en pico escábrido-serrulado, bífido. Flores con 2 estigmas.

•**Distribución:** Europa (frecuente en S e rara en N), W Asia e N África. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: rara na metade S e frecuente na N.

•**Hábitat:** prados mesófilos, bosques.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, inventario orla souto, 23/06/2021, IPS, SANT 80814. >MUÍÑOS, Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 955 m, pasteiro con dominio de *Agrostis*, por zonas nitrificado e pisado, 24/06/2011, IPS, SANT 65284.

■ *Carex nigra* (L.) Reichard

Carex acuta var. *nigra* L.; *C. fusca* All; *C. intrincata* Tineo ex Guss.; *C. vulgaris* Fr.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma reptante con entrenós longos, non ou moi pouco cespitoso. Vaíñas basais maioritariamente foliosas. Talos fértiles ata 50 cm, trígonos, algo escábridos por arriba. Follas paralelinervias, de 3-6(10) mm de anchura, iguais ou más curtas cos talos. Bráctea inferior foliácea, xeralmente de igual a menor cá inflorescencia, non envainante. Flores femininas con 2 estigmas. Espigas masculinas de (5)10-30 mm de lonxitude, solitaria ou con outra menor na súa base. Con 2-4 espigas femininas cilíndricas, densas, erectas. Glumas femininas más pequenas cos utrículos, negrizas con quilla central verde e marxe escariosa. Utrículos comprimidos, papilosos, con pico truncado.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África en puntos illados. Naturalizada en Norteamérica. P. Ibérica: nos macizos montañosos.

•**Hábitat:** turbeiras e marxes de regatos no piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, Encoro das Conchas, campamento romano, 29TNG8447, 550 m, formando céspede rodeado de *Eleocharis palustris*, *Spergularia capillacea*, *Baldellia*, 08/08/2007, IPS, SANT 64169.

■ *Carex panicea* L.

Carex panicea var. *gynobasica* Merino

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma non ou moi pouco cespitoso, con curtos rizomas reptantes. Vaíñas basais foliosas, de cor marrón clara, enteiras ou algo fibrosas. Talos trígonos de ángulos algo agudos. Follas paralelinervias menores cós talos, de (2,5)3-5(6) mm de anchura. Bráctea inferior foliácea, menor cá inflorescencia, maior ou menor cá súa espiga. Con 1(2) espiga(s) masculina(s). Con (1)2(3) espigas femininas pauciflores, de 10-30 mm, a veces coas flores inferiores separadas, erectas. Ovario con 3 estigmas. Utrículos de 2,7-4,7 x 1-2 mm, inflado-trígonos, glabros, finamente papilosos, atenuado en pico moi curto, curvado, truncado ou curtamente bidentado.

•**Distribución:** Europa, C e W Asia, N África. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: frecuente en N e rara en S.

•**Hábitat:** turbeiras e terreos cenagosos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Alto do Vieiro, 29TNG8557, 840 m, comunitade con *Arnica montana* (*Arnicetum atlanticae*), 10/06/1998, IPS, SANT 64232. >CALVOS DE RANDÍN, Vilaríño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*) case permanentemente encharcado con especies de turbeira, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77256. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxycocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 64233.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Carex paniculata* L.

subsp. *lusitanica* (Schkuhr ex Willd.) Maire

Carex lusitanica Schkuhr; *C. paniculata* var. *pallida* Lange; *C. paniculata* var. *elatior* Merino

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma densamente cespitoso. Talos fértiles 40-150 cm. Follas paralelinervias, planas ou acanaladas, ríxidas e ásperas nas marxes, de (2,5)3-7(8) mm de anchura, que forman grandes macollas. Vaíñas basais áfilas. Bráctea inferior más curta cá inflorescencia, non envainante. Espigas pequenas, moi numerosas, todas semellantes, en inflorescencia paniculada de ata 30 cm, as inferiores pedunculadas. Utrículos de cor marrón clara ou pallosa, 2,4-4,5 x 0,9-2 mm, planoconvexos, piriformes, estreitamente alados; con pico serrulado e curtamente bifido.

•**Distribución:** metade occidental da P. Ibérica e Marrocos.

•**Hábitat:** amaneiraís e ribeiras, pradarías edafohigrófilas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Santa Comba, 29TNG8247, 560 m, marxe de regato detrás de Nave, 05/06/1997, IPS, SANT 64259.

■ *Carex pilulifera* L.

subsp. *pilulifera*

Carex pilulifera var. *longibracteata* Lange; *C. pilulifera* var. *vegeta* Merino

• **Descripción:** hemicriptófito con rizoma densamente cespitoso. Follas glabras. Vaíñas basais foliosas, rotas ou fibrosas. Talos fértiles ata 30 cm, trígonos, lisos, escábridos cara o ápice. Follas paralelinervias menores cós talos, de (1)1,5-3,5(3,8) mm de anchura, planas ou algo acanaladas, ásperas en case toda a marxe. Bráctea inferior setácea, raramente foliácea, non envainante. Espiga masculina solitaria, cilíndrica ou fusiforme, de 4-10(18) mm. Con 2-3(5) espigas femininas de 3-8 mm, ovoides, densifloras, xeralmente aproximadas á masculina, sésiles, erectas, a veces a inferior separada, raramente algunha andróxina ou ramificada na base. 3 estigmas. Utrículos inflado-trígonos, pubescentes, con pico de ápice truncado ou bidentado.

• **Distribución:** endimismo europeo. P. Ibérica: montañas da metade N.

• **Hábitat:** breixeiras higrófilas, turbeiras e pradarías higrófilas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Alto do Vieiro, 29TNG8557, 840 m, comunidade con *Arnica montana* (*Arnicetum atlanticae*), 10/06/1998, IPS, SANT 64234, SANT 64234. >**LOBIOS**, Serra do Laboreiro, 29TNG7548, 1000 m, breixeira-toxeira orientación N (*Calluno-Ulicetea*), 17/06/1997, IPS, SANT 64235. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 1000 m, chans profundos e algo húmidos, pradería dominado por *Pseudarrhenatherum longifolium*, favorecidos por sega, pastoreo e incendio, 02/06/2011, IPS, SANT 64734. A Ponte Nova-pista entrada Santa Eufemia, Vía Romana, 29TNG7230, 600 m, zona chá con acumulación de auga, 04/09/2021, I. Pulgar & D.Manso, SANT 80858. >**MUÍÑOS**, As Maus de Salas, 29TNG8943, 870 m, 22/04/1997, IPS, SANT 64273. Albite-Outeiro do Home Dereito, 29TNG8239, 1000 m, greta profunda e sombreada entre dous bloques de granito, 08/06/2021, IPS, SANT 80323.

■ *Carex reuteriana* Boiss.

subsp. *reuteriana*

Carex elata subsp. *reuteriana* (Boiss.) Luceño & Aedo; *C. broteriana* Samp.;

C. nigra subsp. *broteriana* (Samp.) Rivas Mart.

• **Descripción:** hemicriptófito con rizoma que presenta entrenós longos e outros curtos. Forma grandes macollas de follas paralelinervias de ata 6 mm de anchura. Vaíñas basais áfilas, enteirias. Bráctea inferior moito más longa que a súa espiga e de tamaño variable respecto da inflorescencia. Espiga masculina solitaria de ata 60 mm, raramente con outra más pequena na base. Con 1-4 espigas andróxinas e 0-2(3) femininas. Flores femininas con 2 estigmas e glumas pardos-negrizas. Utrículos biconvexos ou plano-convexos, papilosos, con pico curto truncado ou raramente escotado.

• **Distribución:** endimismo da P. Ibérica (NW, C-CW, Montes de Toledo e Serra Morena).

• **Hábitat:** ameneiraís, leitos de ríos e regueiros con bloques pedregosos.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Río Cadós, 29TNG8550, 600 m, entre bloques de granito que afloran do leito (*Galio broteriani-Caricetum reuterianae*), 02/05/1996, IPS, SANT 46330. Río Limia, cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 580 m, encima do nivel ocupado pola comunidade de *Polygonum amphibium*, 09/07/1996, IPS, SANT 46337 e 64168. Xordos, Río Cadós, 29TNG8550, 600 m, entre bloques de granito que afloran do leito (*Galio broteriani-Caricetum reuterianae*), 10/07/1996, IPS, SANT 64245. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, afluente do río Caldo, 29TNG7331, 520 m, entre bloques de granito do leito e marxes (*Galio broteriani-Caricetum reuterianae*), 03/05/1996, IPS, SANT 46334. Serra do Xurés, río de Vilameá, 29TNG7731, 1050 m, entre bloques de granito de leito e marxes (*Galio broterianae-Caricetum reuterianae*), 12/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46332. Serra de Santa Eufemia, afluente do río Caldo, 29TNG7331, 500 m, entre bloques de granito do leito e marxes (*Galio broteriani-Caricetum reuterianae*), 09/05/1996,

IPS, SANT 46336 e 55702. Gustomeau-Esperanzo, afluente río Cabaleiro, cf Corga da Ponicela, 29TNG7937, 600 m, entre bloques de granito do leito (*Galio broteriani-Caricetum reuterianae*), 21/05/1996, IPS, SANT 46335. Serra do Xurés, río de Lobios, 29TNG7834, 1150 m, entre bloques de granito de leito e marxes (*Galio broterianae-Caricetum reuterianae*), 06/06/1996, IPS, SANT 46333. Corga da Ponicela, c. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 570 m, marxe do regato, 07/09/1996, IPS, SANT 64211. >Mufños, río Limia, San Fiz-Mugueimes, 29TNG8850, 585 m, marxes e pequenos illotes do río (*Galio broterianae-Caricetum reuterianae*), 24/05/1995, IPS, SANT 46331 e 64237.

•**Bibliografía:** JIMÉNEZ MEJÍAS et al. (2011).

■ *Carex vesicaria* L.

•**Descripción:** xeófito con rizoma robusto, de entrenós algo separados, moi pouco cespitoso. Talos fértiles de ata 1 m, trígonos, escáridos ao menos no ápice da inflorescencia. Follas planas de maior lonxitude cós talos, de 3-7 mm de anchura, escáridas en marxes e nervio medio do en-vés. Bráctea inferior foliácea de maior tamaño cá inflorescencia. Con (1)2-3 espigas masculinas e 2-3 femininas pedunculadas, en ocasións a inferior colgante. Glumas femininas de lonxitude menor cós utrículos, estes pardo-amarelentos, con nervios prominentes e atenuados en pico bífido cun seno profundo e agudo. Aquenios trígonos de 1.9-2.1 mm de lonxitude.

•**Distribución:** Holártica: Europa, Asia e Norteamérica. P. Ibérica: montañas da metade setentrional.

•**Hábitat:** pradarías encharcadas, marxes de regatos e turbeiras.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela-Os Baños, A Corga, 29TNG8448, 590 m, pradaria encharcada con *Paradisea lusitanica*. 22/08/1997, IPS, SANT 56337.

— *Cyperus* L. —

Herbáceas anuais ou perennes, glabras. Talos trígonos ou redondeados. Inflorescencia en antela con radios desiguais, con brácteas foliáceas. Glumas en disposición dística (excepcionalmente helicoidal), caducas. Flores hermafroditas sen periantio. Ovario coa base do estilo persistente formando unha pequena columna.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO (2008a).

Clave de especies

1. Plantas anuais	2
Plantas vivaces	3
2. Inflorescencia compacta; flores con 1 só estame	<i>C. michelianus</i>
Inflorescencia en antela simple ou composta; flores con 2 estames	<i>C. fuscus</i>
3. Talos cilíndricos de máis 1m de altura	<i>C. involucratus</i>
Talos trígonos xeralmente < 50 cm	4
4. A maior parte das flores cun só estame	<i>C. eragrostis</i>
A maior parte das flores con 3 estames	<i>C. longus</i>

■ *Cyperus eragrostis* Lam.

Cyperus vegetus Willd.

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas paralelinervias, lineares, planas, a maioría basais. Brácteas foliosas, más longas cá inflorescencia, escasamente antorso-escábridas. Inflorescencia en feces de espigas; os primarios sobre pedúnculos de ata 13 cm e os secundarios na base e curtamente pedunculados. O conxunto de feces de cada pedúnculo aseméllase a un capítulo ou umbela (na madurez). Espigas con 14-30 flores patentes en disposición dística, todas similares, comprimidas, separadas. Flores hermafroditas sen periantio, protexidas por 1 gluma de 2-3 mm de lonxitude, caedizas, deixando cicatrices manifestas cara a base da espiga cando maduran. Androceo con só 1 estame. Aquenio con 3 estigmas, trígono con caras cóncavas cara o medio.

• **Distribución:** Neotropical. P. Ibérica: dispersa; más abundante en territorio con influencia atlántica.

• **Hábitat:** pradarías e xuncais higro-nitrófilos. Marxe de encoros.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Ribas de Arauxo-A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, pradaría higrófila nitrificado, temporalmente somerxa polo encoro (*Juncion acutiflori*). 24/07/1998. IPS & J.Rodr, SANT 46383. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos somerxidos parte do año (*Bidentetea tripartitae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80832.

■ *Cyperus fuscus* L.

• **Descripción:** terófito cespitoso con talos trígono xeralmente inferiores a 13 cm, moito más curtos nos exemplares atopados, dispostos a modo de fascículos. Follas planas, basais deixando a maior parte núa, con vaíña pardenta e lígula curta, xeralmente más curtas cós talos. Inflorescencia con 3 brácteas foliosas das cales a inferior excede amplamente á propia inflorescencia, unha antela simple ou composta, terminal, constituída por 1 a numerosos radios primarios que terminan nun fascículo subgloboso de espículas. Espículas linear-lanceoladas de ata 6,5 x 1,5 mm, comprimidas, con 14-24 flores, en disposición dística, cada unha cuberta por unha gluma de cor parda escura cunha banda central verde. Androceo con 2 estames exertos na antese, estilo con 3 estigmas. Aquenios de ata 1 mm, menores cá gluma, trígono áinda que a veces non moi marcadamente e de cor amarelena ou verdosa.

• **Distribución:** rexión mediterránea e Centroeuropa. P. Ibérica: común; rara no territorio euro-siberiano.

• **Hábitat:** chans areosos temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea*) de colas de encoros e outras zonas húmidas que sofrén estiaxe.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

> BANDE, río Limia-cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 550 m, 29/09/2005, J.Amigo & IPS, SANT 54133.

■ *Cyperus involucratus* Rottb.


• **Descripción:** hemicriptófito con talos redondeados que acostuman medir máis de 1 m. Follas reducidas a vaíñas de ata 40 cm, con ápices oblicuamente truncados. Inflorescencia en antela composta, con varias brácteas foliáceas involucrantes na base sendo a inferior de maior tamaño cá inflorescencia. Radios primarios de ata 20 cm, cada un dos cales dá lugar a numerosos radios secundarios rematados nun fascículo de espículas. Glumas en disposición dística. Androceo con 3 estames exertos. Ovario trígono.



Cyperaceae *Carex echinata*



Cyperaceae *Carex laevigata*



Cyperaceae *Carex leporina*



Cyperaceae *Carex paniculata* ssp. *lusitanica*



Cyperaceae *Carex pilulifera*



Cyperaceae *Carex reuteriana*



Cyperaceae *Cyperus eragrostis*



Cyperaceae *Cyperus fuscus*

•**Distribución:** África Tropical. P. Ibérica: brava nalgunhas rexións costeiras.

•**Hábitat:** cultivado como ornamental.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7242, 520 m, cultivado e bravo detrás da igrexa, 11/1995, IPS, SANT 56345.

■ *Cyperus longus* L.

Cyperus badius Desf.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma de entrenós longos, homoxeneamente nodoso en toda a súa lonxitude, de 3-10 mm de diámetro, cuberto de escamas e sen tubérculos. Talos rectos (37 x 78 cm), trígonos, illados. Follas paralelinervias situados na base do talo e deixando libre a metade superior deste, lineares, planas ou lixeiramente pregadas, de ata 5 mm de anchura, lixeiramente carinadas no dorso, sen lígula e con vaíñas de marxes escarioas. Brácteas foliosas, maiores cá inflorescencia, esta terminal en antela simple ou composta, coas espículas dispostas en espiga no extremo dos radios primarios trígonos. Espículas todas similares, comprimidas, linear-lanceoladas, de 9-15 x 0,2-0,4 mm. Glumas 1,3-2,4 mm, densamente imbricadas, dísticas. Flores hermafroditas, androceo con 3 estames e estilo coroado con 3 estigmas. Aquenio trígono pardo escuro ou negrizo na madurez.

•**Distribución:** S, W e C Europa por debaixo do S Inglaterra. P. Ibérica: amplamente repartido.

•**Hábitat:** prados higrorófilos no piso mesotemperado. Marxe de encoros.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, desembocadura río Cabaleiro-Encoro do Lindoso, 29TNG7639, 350 m, pradaria higrófila (*Juncion acutiflori-ri-Phragmitetea*), 06/07/2019, IPS, SANT 80893.

■ *Cyperus michelianus* (L.) Link

Scirpus michelianus L.

•**Descripción:** terófito cespitoso con 1-varios talos trígonos de menos de 7(10) cm. Follas planas ou algo carinadas, lixeiramente maiores cós talos, a maioría basais deixando descuberta a metade superior do talo; marxe da folla antrorso-escábrida; lígula moi curta. Talos rematados con (2)3(8) brácteas foliosas, planas, de marxe antrorso-escábrida, inchadas na base, a inferior de maior tamaño excedendo amplamente a inflorescencia. Inflorescencia en antela composta capítuliforme, cos radios primarios moi curtos terminados nun fascículo denso de espículas. Espículas lanceoladas de 3-4 x 0,5-2 mm con 7-30 flores en disposición helicoidal, cada unha protexida por 1 gluma pallosa (1,1-2,7 x 0,4-0,9 mm), que termina nun pequeno mucrón verioso frecuentemente curvado cara fóra. Androceo con (1)2 estames e estilo con 2(3) estigmas. Aquenios pardo escuros na madurez.

•**Distribución:** Eurasíatica, India e N África. P. Ibérica: dispersa na metade W.

•**Hábitat:** cola de encoros e chans areosos temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea*).

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 550 m, 29/09/2005, J.Amigo & IPS, SANT 54132.

— Eleocharis R. Br. —

Herbáceas perennes. Talos redondeados, glabros. Follas reducidas a vaíñas truncadas no ápice. Inflorescencias en espiga terminal, sen brácteas foliáceas na base. Glumas en disposición helicoidal. Flores hermafroditas. Periantio constituído por sedas. Estilo cun estilopodio persistente e acrecente.

•**Bibliografía:** JIMÉNEZ MEJÍAS & LUCEÑO (2008).

Clave de especies

1. Estigmas 3; aquenios trígono	<i>E. multicaulis</i>
Estigmas 2; aquenios biconvexos	2
2. Con unha soa bráctea estéril que recobre a base da inflorescencia	<i>E. uniglumis</i>
Con 2 brácteas estériles na base da inflorescencia recubrindo aprox. cada unha a metade	<i>E. palustris</i>

■ ***Eleocharis multicaulis* (Sm.) Desv.**

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, sen estolóns. Follas sen limbo, reducidas a vaíñas truncadas moi oblicuamente. Espiga terminal solitaria, multiflora, ovado-lanceolada, sen bráctea, con frecuencia vivípara. Gluma inferior que envolve por completo a base da espiga. Flores hermafroditas. Sedas periánticas con marxe retrorso-escábrido, más curtas ou igualando ao aquenio. Estames 3. Estilo con 3 estigmas, coa base persistente, engrosada, (estilopodio) e decorrente a través dos vértices do aquenio. Aquenios trígono.

•**Distribución:** Europa e N África. P. Ibérica: amplio reparto excepto no E onde falta.

•**Hábitat:** prados e pradarías edafohigrófilas. Acidófila.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, A Illa-Olelas, marxe de encoro, 29TNG6740, 620 m, 21/04/1995, IPS, SANT 64166. Montes do Quinxo, 29TNG6940, 650 m, turbeira, 18/04/1997(7), IPS, SANT 64165. A Illa-Olelas, zona turbosa, 18/04/1997, SANT 56347. A Illa-Olelas, 29TNG6940, 630 m, marxe de manancial, 27/05/1999, IPS, SANT 53196. >**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7333, 430 m, depresión encharcada baixo fonte, comunidade con *Hypericum elodes* (*Isoeto-Litorelletea*), 06/07/2005, IPS, SANT 53641. C. Fronteira a Madanela, 29TNG6936, 550 m, zona húmida, 11/06/1998, IPS, SANT 64256. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931, 1040 m, pradaría sobre manancial en pendente (*Arnicetum atlanticae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64791. Val de Riocaldo, 29TNG7229, 648 m, prado higrófilo (*Molinetalia*) atravesado por regato estacional, 22/09/2018, IPS, SANT 76589. A Ponte Nova-pista entrada Santa Eufemia, Vía romana, 29TNG7230, 600 m, en zona chá con acumulación de auga, 04/09/2021, IPS & D.Manso. >**MUÍÑOS**, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8742, 870 m, xuncal (*Molinetalia, Juncion acutiflori*), 28/05/2021, IPS, SANT 80801.

■ ***Eleocharis palustris* (L.) Roem. & Schult.**

subsp. *vulgaris* Walters

•**Descripción:** xeófito ou hidrófito rizomatoso e estolonífero. Talos flexibles que poden superar 50 cm. Follas sen limbo, reducidas a vaíñas truncadas case transversalmente. Espiga terminal solitaria, multiflora, con 2 glumas estériles na base que envolven cada unha á metade da base da espiga e non acadan a metade da lonxitude desta. Flores hermafroditas, con 2 estigmas. Aquenios coa base do estilo persistente e engrosada (estilopodio).

•**Distribución:** Europa (rara na Bacía do Mediterráneo). P. Ibérica: dispersa (rara no cuadrante SE).

•**Hábitat:** zonas inundadas con augas remansadas e con pouca profundidade.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE-Muiños, río Limia, Ponte Soutelo, 29TNG8749, 551 m, pradaría sobre augas pouco profundas, temporalmente estancadas, (*Glycerio-Eleocharitetum palustris*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 47062. Porto Quintela, marxe Encoro das Conchas, c. campamento romano, 29TNG8447, 560 m, plataforma de inundación case chá, 07/09/2001, IPS, SANT 64164. Porto Quintela-restos arqueolóxicos, encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, chan areoso descuberto por estiaxe, 08/08/2007, IPS, SANT 57435. Encoro das Conchas, 29TNG8448, 550 m, pradaría higrorriofila en regueiro que chega ao encoro, 02/09/2007, IPS, SANT 57709 e 57710. >MUIÑOS, presa encoro de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8843, 900 m, 16/06/1993, IPS, S.Ortiz, J.Rodr. & M.I.Romero, SANT 64167. Reparade, río Salas, 29TNG8242, 700 m, augas case estancadas (*Glycerio-Eleocharitetum palustris*), 21/07/1993, IPS, SANT 64163.

■ *Eleocharis uniglumis* (Link) Schult.

•**Descripción:** xeófito ou hidrófito rizomatoso. Talos de ata 40 cm. Follas só con vaíña, a superior co ápice trincado ou lixeiramente oblicua, cun pequeno mucrón. Inflorescencia en espiga ovada ou lanceolada, terminal. Flores protexidas por brácteas (3-4 mm) en disposición helicoidal, a inferior estéril e recubrindo toda a base da espícula. Flores con periantio constituído por sedas de lonxitude superior á do aquenio. Androceo con 3 estames. Aquenio de 1-2 mm, biconvexos.

•**Distribución:** Holártica; Eurasia e Norteamérica. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** marxe de charca temporal con materia orgánica en superficie.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>MUIÑOS, Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8941, 850 m, marxe de charca temporal con materia orgánica no leito, 15/09/2018, IPS, SANT 76549.

— *Eriophorum* L. —

■ *Eriophorum angustifolium* Honckeny

•**Descripción:** xeófito ou hemicriptófito rizomatoso. Follas paralelinervias. Talo redondeado agás no ápice que é trígono, con follas ben desenvoltas. Brácteas foliáceas, 1-3, na base da inflorescencia, esta é pseudoumbela, con varias espigas sobre pedúnculos lisos, inclinadas trala floración. Espigas coas flores en disposición helicoidal, cada unha protexida por unha gluma glabra. Periantio provisto de numerosas setas brancas de ápice enteiro, algodonosas, acrecentes, dando ás espigas frutíferas un aspecto algodonoso. Anteras 3, c. 4 mm. Aquenio trígono coa base do estilo persistente.

•**Distribución:** circumboreal (Europa, Asia, Norteamérica). P. Ibérica: N, acadando o Sistema Ibérico.

•**Hábitat:** chans turbosos, matogueira higrófila en piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Alto do Vieiro, 29TNG8558, 830 m, turbeira (*Scheuzerio-Caricetea fuscae*), 10/06/1998, IPS, SANT 46326. >CALVOS DE RANDÍN, Pintás-Golpellás, 29TNG9347, 870 m, turbeira xunto a *Menyanthes trifoliata*, *Genista anglica*, *Erica tetralix*, etc, 24/04/1995, IPS & S.Ortiz, SANT 46324 e 56346. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxycocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 46325. >LOBIOS, Serra do Xurés, cabecera río de Lobios, 29TNG7931, 1450 m, matogueira higrófila

(*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis subas. ulicetosum minoris*), 03/09/1997(3), IPS, SANT 77848. Serra de Santa Eufemia, nacemento Corga do Bidueiro, 29TNG7031, 1000 m, microdepresión topográfica con pequena turbeira (*Trichophorum, Carex, Sphagnum, Pedicularis*), 16/05/2010, IPS, SANT 62409.

- Bibliografía:** VILLAR (2008).

— ***Isolepis* R. Br.** —

Herbáceas de ambientes acuáticos. Inflorescencias en espigas terminais pedunculadas que nacen da axila de follas e sen bráctea foliácea baixo a espiga, o con 1-3 espículas sésiles de apariencia unilateral que nacen da axila dunha bráctea setácea. Flores hermafroditas protexidas por unha gluma, sen periantio. Froito en aquenio trígono.

- Bibliografía:** LUCEÑO & NARBONA (2008).

Clave de especies

1. Plantas vivaces con talos flotantes ou prostrado-ascendentes; con follas caulinas numerosas	<i>I. fluitans</i>
Plantas anuais; talos erectos coa maior parte das follas na base	<i>I. setacea</i>

■ ***Isolepis fluitans* (L.) R. Br.**

Scirpus fluitans L.

•**Descripción:** hidrófito. Plantas vivaces, talos ramificados, flotantes ou prostrado-ascendentes, con nós enraizantes. Follas caulinas numerosas, filiformes, de ata 19 cm de lonxitude. Inflorescencias longamente pedunculadas en espigas solitarias que xorden na axila das follas. Flores hermafroditas, sen periantio, protexidas por unha gluma hialina co nervio central verde. Androceo con 3 estames. Estilo con 2 estigmas. Aquenios de 0.9-1.5 mm, plano-convexos ou estreitamente biconvexos,

•**Distribución:** W, C e S Europa, NW África e Azores. Naturalizada noutros continentes. P. Ibérica: NW, C e SW.

•**Hábitat:** augas remansadas pero fluíntes, como leito remansado de ríos, charcas, etc.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Reparade, río Salas, 29TNG8242, 670 m, augas remansadas tras illotes do río, 22/07/1993, IPS, SANT 64257.

■ ***Isolepis setacea* (L.) R. Br.**

Scirpus setaceus L.

•**Descripción:** terófito ou hemicriptófito con pequenos rizomas, sendo entón de hábito cespitoso. Talos filiformes, cilíndricos, de ata 20 cm. Follas paralelinervias, planas pero rapidamente coa marxe revoluta que non deixa ver o envés. Inflorescencia pseudolateral con 2-3 espigas < 5 mm situadas na zona apical dos talos, sésiles. Bráctea foliácea terminal xeralmente máis longa cá inflorescencia. Flores hermafroditas. Froito moi brillante, trígono con caras arqueado-convexas e ángulos obtusos, con estrías principais lonxitudinais e entre elas outras transversais a modo de tabiques filiformes; sen estilopodio persistente.

•**Distribución:** Europa, Asia e África. Naturalizada noutros continentes P. Ibérica: amplamente repartida.

•**Hábitat:** prados cenagosos, canles, canais de rego, terreos cenagosos e encharcados.




Cyperaceae *Cyperus involucratus*



Cyperaceae *Cyperus longus*



Cyperaceae *Eleocharis multicaulis*




Cyperaceae *Eleocharis paustris*



Cyperaceae *Eriophorum angustifolium*



Cyperaceae *Isolepis fluitans*



Cyperaceae *Isolepis setacea*



Cyperaceae *Schoenoplectus lacustris*

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, c. Saa, 29TNG7737, 610 m, regato sobre cuneta, 09/07/1993, IPS, SANT 56569. Idem, regato en cuneta, 09/07/1996, IPS, SANT 64253. Idem, cemba zumegante, comunidade de *Wahlenbergia hederacea*, 09/09/1997(1), IPS, SANT 64254. Desembocadura río Cabaleiros en encoro do Lindoso, 29TNG7639, 350 m, comunidade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricetea*), 15/05/1997(1), IPS, SANT 64250. Idem 29TNG7640, 23/05/1997/1, IPS, SANT 64252. Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7841, 458 m, depresión de terreo inundada temporalmente (*Isoeto-Nanojuncetea*), 11/06/2004, IPS, SANT 51787. A Ponte Nova-Portela do Home, Vía Romana, 29TNG7231, 630 m, terreo lamaçento con vexetación turfófila, 06/07/2005, IPS, SANT 53642. Guende, 29TNG8038, 800 m, marxe de regatiño con vexetación herbácea higrófila anual e vivaz, 19/06/2020, IPS, SANT 78855. >**Muiños**, A Telleira, 29TNG8445, 560 m, xuncal higrófila (*Juncion acutiflori*), 18/09/1998, IPS, SANT 64251.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

— Pycreus P. Beauv. —

■ ***Pycreus flavescens* (L.) P. Beauv.**

Cyperus flavescens L.

•**Descripción:** terófito cespitoso, pluricaule. Talos simples, glabros, subtrígonos, < 15 cm na Baixa Limia. Follas paralelinervias, lineares, planas, brandas. Brácteas foliosas, maiores cá inflorescencia. Inflorescencia en antela umbeliforme con radios desiguais que nacen a distinta altura, cada un finalizado por unha espiga. Espigas similares, de 2-3 mm de anchura, comprimidas, lanceoladas, de cor pardo-amarelena, pedunculadas. Glumas de máis de 1,5 mm, imbricadas dispostas regularmente en dúas filas. Flores hermafroditas. Estilo con 2 estigmas que sobresaen da gluma. Aquenios, c. 1 mm, lateralmente comprimidos coa marxe orientada cara o eixe do raque, de cor marrón escura a negra.

•**Distribución:** C e S Europa, África e América. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** pradarías de terófitos efímeros en chans areosos temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea*), xuncais, charcas, marxe de encoros, etc.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**ENTRIMO**, Lantemil, marxe do encoro, 29TNG7139, 340 m, terreo areoso con materia orgánica adxacente a desagadoiro de regato, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70449. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, pista forestal Saa-Portela do Home, 10/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 46338. Saa-Regada, 29TNG7739, 690 m, cuneta, chan areoso-limoso con regato, 09/09/1997, IPS, SANT 46339. >**Muiños**, Mugueimes, central eléctrica, 29TNG8445, 585 m, marxe de xuncal temporalmente asolagado (*Isoeto-Nanojuncetea*), 18/09/1998, IPS, SANT 46384. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8843, 900 m, chans areoso-limosos estacionalmente encharcados (*Isoeto-Nanojuncetea*), 03/10/1995, IPS, SANT 46340 e 56341.

•**Bibliografía:** CASTROVIEJO (2008b).



Cyperaceae *Pycreus flavescens*

— **Schoenoplectus** (Rchb.) Palla —

■ ***Schoenoplectus lacustris* (L.) Palla**

subsp. *lacustris*

Scirpus lacustris L.

• **Descripción:** hidrófito rizomatoso de talos cilíndricos, esponjosos, compresibles, que pode acadar más de 2 m de altura. Con follas reducidas a vaíñas. Bráctea inferior que non acostuma exceder á inflorescencia. Inflorescencia lateral con varias espigas dispostas en umbela. Glumas sen papilas ou con moi poucas. Xineco con 3 estigmas. Froito trígono.

• **Distribución:** subcosmopolita, principalmente nas rexións temperadas. P. Ibérica: falta en gran parte SE e algunas outras zonas do S e do E.

• **Hábitat:** pradarias megaóblicas sobre remansos de río en zona de augas pouco profundas. Río Limia.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

> BANDE, Río Limia, Ponte Soutelo, 29TNG8749, 551 m, sobre augas pouco profundas temporalmente estancadas (*Phragmito-Magnocaricetea*), 10/09/1997(1), IPS, SANT 64255. Río Limia, Ponte Soutelo, 29TNG8749, 551 m, augas pouco profundas temporalmente estancadas (*Phragmito-Magnocaricetea*), 30/06/1999, IPS & D.Manso, SANT 47064.

• **Bibliografía:** LUCEÑO & JIMÉNEZ MEJÍAS (2008b).

— **Trichophorum** Pers. —

■ ***Trichophorum cespitosum* (L.) Hatm.**

T. cespitosum subsp. *germanicum*; *Scirpus cespitosus* subsp. *germanicus* (Palla) Brodtkorff

• **Descripción:** hemicriptófito con talos simples erguidos, aéreos, áfilos, de ata 30 cm, recubertos na base por vaíñas imbricadas de cor pallosa. Vaíñas cerradas, de terminación oblicua e coa marxe membranosa; as superiores prolónganse nun mucrón que se fai foliáceo nas situadas más arriba. Espiga solitaria no extremo do talo. Bráctea inferior glumiforme, fértil, glabra, con nervios notorios no dorso, marxes anchamente membranosas que se van reducindo cara o ápice cilíndrico e cululado. Flores hermafroditas. Periantio constituído por credas lineais, brancas. Estilo con 3 estigmas. Aquenios sen estilopodio persistente.



Cyperaceae *Trichophorum cespitosum*

• **Distribución:** holártica, acadando polo sur o N África e Xamaica. P. Ibérica: metade N.

• **Hábitat:** turbeiras e chans cenagosos. Preferentemente piso supratemperado.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Serra do Xurés, Corgo da Fenteira, 29TNG8033, 1087 m, breixeira higrófila en valgada (*Genistion micrantho anglicae*), 27/05/2004, IPS, SANT 51495. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1270 m, braña (*Genistion micrantho-anglicae*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57571. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG779324, 1120 m, pradaria sobre manancial en ladeira, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59513. Serra de Santa Eufemia, nacemento Corga do Bidueiro, 29TNG7031, 1000 m, pequena turbeira en microdepresión topográfica (con *Eriophorum*, *Carex*, *Sphagnum*), 16/05/2010, IPS, SANT 62407. A Ponte Nova-Portela do Home, Vía Romana, 29TNG7231, 590 m, zona encharcada e pisado con turba, 21/04/2021, IPS, L.Rubiños et al., SANT 81298.

• **Bibliografía:** VILLAR & JIMÉNEZ MEJÍAS (2008).

• **Citas previas:** LAÍNZ (1965).

F. DIOSCOREACEAE

— *Dioscorea* L. —

■ *Dioscorea communis* (L.) Caddick & Wilkin

Tamus communis L.

• **Descripción:** hemicriptófito voluble, gabeador, dioico. Talos e follas glabros. Follas caducas, alternas, pecioladas, simples; lámina con nervios paralelos conectados por unha retícula, ovadas, anchamente cordadas na base e co ápice acuminado. Inflorescencias en acios axilares. Flores pediceladas, con 2 brácteas escarioseas, linear-lanceoladas. Flores masculinas longamente pedunculadas, con periantio formado por 6 tépalos tépalos verde-amarelentos profundamente divididos con forma campanulada ou subrotácea; androceo con 6 estames insertos na base do periantio. Flores femininas más pequenas e en menor número, en ocasiós solitarias, con forma rotácea. Froito en baga globosa, vermella na madurez.

• **Distribución:** W, C e S Europa, N África e W Asia. P. Ibérica: en todo o territorio.

• **Hábitat:** bosques e vexetación arbustiva de substitución no piso mesotemperado. Indicador de bosques termófilos do territorio.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

> LOBIOS, Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 410 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 25/05/1995, IPS, SANT 45300. Baños de Riocaldo, 29TNG7434, 400 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 03/05/1996, IPS, SANT 45299. Gustomeau-estrada Prencibe-Esperanza, 29TNG7937, 600 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniani*), 09/07/1996, IPS, SANT 45297. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7332, 500 m, carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 24/03/1997, IPS, SANT 45298. Vilameá, río Vilameá, 29TNG7436, 400 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 23/05/1998, IPS & D.Manso, SANT 45296. A Herdadiña-O Valoiro, 29TNG7743, 380 m, orla carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 20/04/2001, IPS, SANT 44803.

• **Bibliografía:** SEGARRA & CATALÁN (2005).



Dioscoreaceae *Dioscorea communis*

F. GRAMINEAE (POACEAE)

Clave de xéneros

1.	Lígula pilosa	2
	Lígula membranosa ou ausente	9
2.	Inflorescencia constituída por varias espigas	<i>Cynodon</i>
	Inflorescencia en acio ou panícula	3
3.	Lema < 3,5 mm	4
	Lema > 3,5 mm	7
4.	Anual, sen rizoma	5
	Vivaz, con rizoma leñoso	6
5.	Inflorescencia en panícula densa coas ramas inferiores erectas	<i>Crypsis</i>
	Inflorescencia en panícula laxa coas ramas inferiores patentes a erecto-patentes	<i>Eragrostis</i>
6.	Inflorescencia en panícula densa; espículas cunha soa flor	<i>Sporobolus</i>
	Inflorescencia en panícula laxa; espículas con varias flores	<i>Eragrostis</i>
7.	Lema > 9 mm con aresta de inserción dorsal	<i>Helictotrichon</i>
	Lema < 9 mm	8
8.	Glumas más longas cás flores	<i>Danthonia</i>
	Glumas moito más curtas cás flores	<i>Molinia</i>
9.	Inflorescencia en espiga ou con acios espiciformes	11
	Inflorescencia en panícula, laxa ou densa	26
11.	Espículas cunha soa gluma ou unha delas inconspicua	12
	Espículas con 2 glumas	15
12.	Espículas maiores de 10 mm, con ao menos 3 flores	<i>Lolium</i>
	Espículas < 10 mm con 1-2 flores	13
13.	Inflorescencia en espiga solitaria; espigas de 5-9 mm; follas <0,5 mm anchura	<i>Nardus</i>
	Inflorescencia con 2 ou más acios espiciformes; espículas < 5 mm; follas > 5 mm anchura	14
14.	Inflorescencia con 2 acios erecto-patentes opostos ou 3-7 alternos; espículas non pareadas	<i>Paspalum</i>
	Inflorescencia con más de 4 acios dixitados; espículas pareadas	<i>Digitaria</i>
15.	Inflorescencia con aspecto de espiga terminal	16
	Inflorescencia con aspecto de estar formada por varias espigas	25
16.	Lemas míticos ou con arestas < 3mm	17
	Lemas con arestas > 3mm	21
17.	Espículas <15 mm	<i>Brachypodium</i>
	Espículas <10(14) mm	18

18.	Espículas cunha soa flor	19
	Espículas con más dunha flor	20
19.	Inflorescencia concentrada; glumas uninervias; lema piloso	Mibora
	Inflorescencia alongada; glumas plurinervias; lema glabro	Parapholis
20.	Inflorescencia unilateral; espículas claramente pedunculadas	Catapodium
	Inflorescencia helicoidal; espículas sésiles ou subsésiles	Micropyrum
21.	Glumas aristadas	22
	Glumas sen aresta	24
22.	Espículas en grupos de 3; glumas longamente aristadas	Hordeum
	Espículas non en grupos de 3; glumas con arestas curtas ou longas	23
23.	Inflorescencia densa; glumas obtusas ou truncadas (sen contar as arestas)	Triticum
	Glumas agudas ou acuminadas (sen contar as arestas)	Vulpia
24.	Anual. Lema con aresta xeniculada	Gaudinia
	Vivaz. Lema con aresta non xeniculada	Brachypodium
25.	Inflorescencia dixitada; ramas máis de 10 veces máis longas ca anchas; lígula presente	Digitaria
	Ramas da inflorescencia menos de 7 veces máis longas ca anchas; sen lígula	Echinochloa
26.	Con espículas estériles e fértiles	27
	Con todas as espículas con algúnhha flor fértil	28
27.	Todas as espículas con 1 flor fértil apical e dúas estériles basais	Anthoxanthum
	Con espículas fértiles e estériles, as primeiras contendo varias flores fértiles	Cynosurus
28.	Plantas vivaces con brotes vexetativos	29
	Plantas anuais sen brotes vexetativos	53
29.	Ovario piloso	30
	Ovario glabro	32
30.	Aresta terminal recta	Festuca
	Aresta dorsal e xeniculada	31
31.	Aresta inserta na metade superior do lema; flor inferior hermafrodita	Helictotrichon
	Aresta inserta no terzo basal do lema; flor inferior masculina	Arrhenatherum
32.	Espículas > 10 mm	33
	Espículas < 10 mm	35
33.	Espículas > de 25 mm; ambientes secos	Stipa
	Espículas de 10-26 mm; ambientes húmidos ou secos	34
34.	Lema de ápice escarioso e con 3-5 dentes agudos	Glyceria
	Lema sen 3-5 dentes agudos no ápice	Festuca

35.	Espículas > de 5 mm	36
	Espículas < de 5 mm	43
36.	Panícula densa	37
	Panícula laxa	39
37.	Glumas que recobren as flores	Holcus
	Glumas que non chegan a recubrir as flores	38
38.	Lemas míticos	Poa
	Lemas cunha pequena aresta subapical	Dactylis
39.	Lemas míticos	40
	Lemas aristados	41
40.	Espículas con 1 soa flor fértil	Melica
	Espículas con 2 o máis flores fértils	Poa
41.	Lígula aguda; aresta recta de c. 2 mm	Deschampsia
	Lígula obtusa; aresta xeniculada ou recurvada	42
42.	Follas filiformes < 1 mm de anchura	Avenella
	Follas planas > 1 mm de anchura	Holcus
43.	Glumas excedidas polas flores	44
	Glumas tan longas coma as flores	46
44.	Espículas con máis dunha flor fértil	Poa
	Espículas cunha soa flor hermafrodita	45
45.	Pedúnculo das espículas con longas setas escábridas	Setaria
	Pedúnculo das espículas sen longas setas escábridas	Sporobolus
46.	Espículas con 1 soa flor	47
	Espículas con 2 ou máis flores	48
47.	Espículas en panícula laxa ou se densa entón lemas con arestas dorsais e xeniculadas	Agrostis
	Espículas en panícula densa; lemas sen arestas	Linkagrostis
48.	Panícula laxa na madurez	49
	Panícula densa na madurez	51
49.	Follas filiformes < 1 mm de anchura	Deschampsia
	Follas planas > 1 mm de anchura	50
50.	Espículas > 3 mm; ao menos o lema da flor superior aristado	Holcus
	Espículas < 2 mm; todos os lemas míticos	Antinoria
51.	Lema mítico	Phleum
	Lema con aresta	52
52.	Lema con aresta dorsal; plantas higrófilas	Alopecurus
	Lema con aresta subapical; planta de ambientes secos	Koeleria

53.	Panícula densa	54
	Panícula laxa	57
54.	Espículas con más dunha flor; glumas non aristadas	55
	Espículas cunha soa flor fértil	56
55.	Ao menos unha flor co lema aristado	Aira
	Lemas míticos nas dúas flores da espícula	Airopsis
56.	Glumas longamente aristadas	Polypogon
	Glumas non aristadas	Setaria
57.	Lemas sen aresta	58
	Ao menos algúns lemas aristados	59
58.	Espículas menores de dúas veces máis longas que anchas; ao menos algúns péndulas na madurez	Briza
	Espículas máis de tres veces máis longas que anchas; erecto-patentes	Catapodium
59.	Lemas con aresta dorsal	60
	Lema con aresta apical ou subapical	63
60.	Espículas > 10 mm	Avena
	Espículas < 6mm	61
61.	Ramas dos nós inferiores da panícula sen espículas	Periballia
	Ramas dos nós inferiores da panícula con espículas	62
62.	Glumas maiores cás flores, recubrindo-as; aresta inserta por debaixo da metade do lema	Aira
	Glumas non recobren todas as flores; aresta inserta por enriba da metade do lema	Molineriella
63.	Aresta apical	Vulpia
	Aresta subapical	64
64.	Espigas con más de 2 flores; glumas desiguais que non recobren todas as flores	Bromus
	Espigas con 2 flores; glumas subiguais que recobren todas as flores	Holcus

— **Agrostis L.** —

Herbáceas vivaces. Follas con vaíña e limbo paralelinervio e con unha lígula membranosa na zona de contacto entre o limbo e a vaíña. Inflorescencia en panícula laxa ou densa. Espículas con unha soa flor. Glumas subiguais que recobren a flor. Lema membranoso, mítico ou aristado. Callo glabro ou piloso. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** ROMERO GARCÍA (2021a).

1.	Follas estreitándose gradualmente e rematando nun ápice agudo. Lema membranoso	Agrostis
	Follas de marxes paralelos que só se atenuan nun ápice agudo na súa porción final. Lema coriácea, clorofílica	Linkagrostis

Clave de especies

1. Pálea nula ou inferior a 1/3 da lonxitude do lema	2
Pálea de ao menos 1/3 da lonxitude do lema	4
2. Follas ríxidas con profundo suco central. Lema con aresta de inserción basal	<i>A. curtisii</i>
Follas planas. Lemas míticos ou aristados	3
3. Planta sen rizomas, con estolóns; callo glabro ou con pelos de 0,1 mm; lema xeralmente con aresta exerta e xeniculada; gluma superior trinervada, cos nervios exteriores curtos e pouco visibles	<i>A. canina</i>
Planta con rizomas e estolóns; callo con pelos de (0,2)0,3 mm; lema xeralmente mítica; as dúas glumas uninervadas	<i>A. hesperica</i>
4. Ramas divaricadas, pedicelos < 2 veces a lonxitude da espícula, estas < 1,7 mm	<i>A. truncatula</i>
Ramas non divaricadas, pedicelos de lonxitude variable respecto das espícu- las, estas > 1,7 mm	5
5. Ramas da panícula debilmente aculeoladas; callo glabro; lema trinervado, lampiño, ovado de ápice obtuso	<i>A. capillaris</i>
Ramas da panícula fortemente aculeoladas; callo e lema xeralmente pilosos; lema 3-5 nervado, de ápice truncado e con 2 mucróns ou obtuso	<i>A. x fouilladei</i>

■ *Agrostis canina* L.

• **Descripción:** hemicriptófito con renovos intravaxinais que dan lugar a longos estolóns con fascículos de follas. Ramas da panícula densamente escábridas. Lígulas agudas e acuminadas, laceradas, as dos talos de 1,5-3,9 mm. Panícula ovada a lanceolada con ramíñas moi aculeoladas, (3)5-7 no nó inferior, coas espículas situadas na metade superior. Espículas de 1,6-2,5 mm, con pedúnculos escábridos e cilíndricos, nada engrosados no ápice, de menor tamaño cá espícula. Glumas subiguais, aquilladas, escábridas na metade superior. Lema ovado, con ápice truncado a obtuso e os 5 nervios prolongados en pequenas setas. Aresta exerta e xeniculada ou en ocasións curta e recta en forma de mucrón ou ausente. Pálea pequena 0,1-0,2(0,5) mm ou ausente.

• **Distribución:** eurosiberiana. P. Ibérica: montañas N, NE e C.

• **Hábitat:** praderías en substratos higroturbosos. Silicícola.

• **Frecuencia:** taxon herborizado no municipio de Sandiás (A Limia), pero que na Baixa Limia parece ter sido substituído polo híbrido entre esta especie e *A. capillaris* (*Agrostis x fouilladei*), que á súa vez volve a hibridarse con *A. capillaris* s. str.

• **Pregos herborizados:** –

■ *Agrostis capillaris* L.

subsp. *capillaris*

Agrostis pumila L.; *A. tenuis* Sibth.;

• **Descripción:** hemicriptófito con renovos intravaxinais que orixinan estolóns e renovos extravaxinais rizomatosos. Follas paralelinervias, planas ou conduplicadas. Lígulas dos renovos e follas basais más anchas ca longas, truncadas ou anchamente obtusas. Panícula de contorno oval-lanceolada a piramidal, con ramas erecto-patentes e espículas só na metade ou terzo superior. Glumas iguais con quilla manifesta. Lema ovado, trinervado, de ápice obtuso, glabro, mítica ou excepcionalmente aristado. Pálea bífida de 1-2 mm, de 1/3-2/3 do lema. Callo glabro.

•**Distribución:** subcosmopolita. P. Ibérica: terzo N e C.

•**Hábitat:** ambiente higrófilo, prados, matogueiras e bosques de ribeira.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia, cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, pradarías temporalmente inundadas, 09/07/1996, SANT 77934. IPS. Bande-Rubiás, río Cadós, A Ponte Nova, 29TNG8353, 670 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996(1), IPS, SANT 77874. Buxán-Xordos, 29TNG8552, 680 m, carballeira (*Rusco-Quercketum roboris subas. violetosum rivinianae*), 11/09/1997(1), IPS, SANT 77872. >LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7756, 1158 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996(2), IPS & D.Manso, SANT 77944. Serra das Motas, 29TNG7756, 1140 m, matogueira adxacente a chans rochosos con vexetación de *Hieracio-Plantaginion radicatae*, 09/09/1997, IPS, SANT 77930. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7931, 1450 m, 26/07/1992, IPS, SANT 77910; observ.: algunas flores teñen pelos no callo. Serra do Xurés, 29TNG7736, 890 m, matogueira e pasto higrófilo, 22/08/1997, IPS, SANT 77912. Baños de Riocaldo, corga da Fecha, 29TNG7433, 570 m, colgado de parede de rocha vertical salpicado pola cascada, 02/09/1997, IPS, SANT 77873. Vilameá, río de Vilameá, 29TNG7536, 470 m, parede W de muíño adxacente ao río, 04/09/1997, IPS, SANT 77864. Serra do Xurés, c. Portela do Home, 29TNG7229, 750 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*) que atravesa erbedal, 11/09/1997(4), IPS, SANT 77924. Serra de Santa Eufemia, 29TNG6930, 980 m, baixo azereiros (*Prunus lusitanica*), ambiente sombrío e húmido, chan algo encharcado, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59654. Xendive-Torno, 29TNG7742, 420 m, orla de piñeiral de *Pinus pinaster*, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62002. >MUÍÑOS, As Maus de Salas, canteira de Campelo, 29TNG8842, 865 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 77936. >VEREA, Serra do Lebereiro, 29TNG7557, 1205 m, pastos (*violion caninae*) sobre chans profundos, 18/08/2012, IPS, SANT 65851.

■ ***Agrostis curtisii* Kerguélen**

Agrostis setacea Curtis

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos escábridos na parte superior, con 2-3 nós Follas paralelinerivas, as basais setáceas, de 0,3 mm de diámetro. Vaínas escábridas. Lígulas agudas e subagudas. Inflorescencia en panícula estreitamente contraída, cilíndrica na antese. Ramiñas más curtas coas espículas desde a base; as más longas só na metade superior. Ramas e pedúnculos moi escábridos. Espículas > 3 mm. Glumas desiguais con quilla manifesta. Lema de ápice truncado con 5 nervios, os laterais sobresaen. Aresta de inserción basal, xeniculada, e espiralada na base.

•**Distribución:** N, W e SW Europa e NW África. P. Ibérica: N, W e S.

•**Hábitat:** claros de matogueira (breixeira-toxeiras, breixeras, xesteiras), zonas queimadas.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Senderiz-Parada do Monte, Serra do Lebereiro, 29TNG7851, 750 m, toxeira-breixeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 15/08/1996, IPS, SANT 73862. >LOBIOS, Torneiros, 29TNG7333, 11/07/1992, IPS, SANT 75576. Serra do Xurés, Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 26/07/1992, IPS, SANT 75575. A Anta-Vilameá, círcuito, 29TNG7437, 12/06/1995, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7030, 1030 m, breixeira toxeira *Ulici minoris-Ericetum aragonensis*, 19/10/2008, IPS & D.Manso, SANT 60006. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1010 m, brañal (*Nardetea strictae*), en zona chá, chan profundo e algo húmido, 09/06/2011, IPS, SANT 64796. >MUÍÑOS, Parada da Ventosa, 29TNG7843, 550 m, toxeira con *Ulex europaeus* e *Ulex minor*, 08/10/1996, IPS, SANT 73860. Muíños, 29TNG8545, 08/10/1996, IPS, SANT 76978. >PADRENDA, Gorgua-Pena Rubia, 29TNG6859, 950 m, matogueira (*Calluno-Ulicetea*), 11/10/1996, IPS, SANT 73861.

■ ***Agrostis hesperica* Romero García, Blanca & Morales** ●

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, en ocasións con renovos intravaxinais que orixinan estolóns e renovos extravaxinais que dan lugar a rizomas. Talos erectos, con 3-4 nós, xeniculados na base. Follas conduplicadas, escábridas en ambas caras, as caulinias superiores de 40-70 x 1,5-3 mm. Vaíña lisa, lígula aguda, a das follas superiores de 2,5-3 x 2-3 mm. Panícula de ovoide a piramidal, de color púrpura, con ramas escábridas, 5-6 no nó inferior. Espículas

1,9-2,3 mm, situadas no ½-1/3 superior da ramiña. Pedúnculos claviformes de tamaño semellante ao das espículas. Glumas uninervadas, con quilla manifesta, aculeoladas na metade superior. Lema 1,4-1,9 mm, oval-lanceolada con ápice de agudo a truncado, con 3-5 nervios prolongados en setas e acúleos en toda a superficie excepto a parte superior, xeralmente sen aresta. Pálea de 0,05-0,35 mm, menor de 1/3 da lonxitude do lema, bifida. Callo con pelos de 0,2-0,3 mm.

•**Distribución:** endimismo do NW e N de la P. Ibérica ata os Pireneos Occidentais. eurosiberiana con inclusións na rexión mediterránea próxima.

•**Hábitat:** turbeiras, brañas, prados higrófilos.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80207 e 80222. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmedo (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxycocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS, SANT 77868. >LOBIOS, Serra do Xurés, Chan do Friel, 29TNG7733, 1100 m, orla de matogueira higrófila, 22/08/1997, IPS, SANT 77863 e 77871. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1300 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglica*), 03/09/1997(1), IPS, SANT 77867, 77869 e 77870; observ.: exemplares con e sen lemas aristados. Serra do Xurés, Río Lobios, 29TNG7931, 1400 m, bideiral pioneiro, 03/09/1997, IPS, SANT 77865. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1010 m, brañal (*Nardetea strictae*) en chan profundo chá e con algo de humidade, 09/06/2011, IPS, SANT 65306. >**Muiños**, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, xuncal encharcado (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65265. Idem 16/06/1993, SANT 77866. Serra do Xurés, c. Alvite, 29TNG8239, 1000 m, pasto higrófilo de zona chá, 22/07/1993, IPS, SANT 77861. Río Salas Reparade-Prado, O Briñal, 29TNG8243, 670 m, en macolla de *Deschampsia cespitosa*, 04/09/1997, IPS, SANT 77862.

■ *Agrostis stolonifera* L.

•**Descripción:** hemicriptófito. Ramas da panícula densamente escábridas, en ocasiós contraída e de aspecto cilíndrico. Espículas dispostas desde a base das ramiñas. Lema ovado, trinervado, de ápice obtuso, sen aresta.

•**Frecuencia:** especie que debe buscarse na Baixa Limia.

— Híbridos —

■ *Agrostis x fouilladeana* Lambinon & Verloove ●

Agrostis capillaris x *A. castellana*; *Agrostis x fouillaei* P. Fourn.

•**Descripción:** hemicriptófito con renovos intravaxinais e con extravaxinais rizomatosos. Follas paralelinervias. Lígulas dos renovos e follas basais más anchas ca longas, áinda que más longas cás de *A. capillaris*. Panícula oval-lanceolada con ramas desiguais, erecto-patentes, coas espículas dispostas desde a metade ou terzo superior. Lema linear, con 3-5 nervios que sobresaen no ápice, pilosa, de 2/3 da lonxitude da gluma. Aresta inserta na metade do lema, a veces basal ou inexistente. Pálea > de 3/5 da lonxitude do lema. Callo glabro ou piloso.

•**Distribución:** endimismo da P. Ibérica (N e NW). No N da área de *A. castellana*.

•**Hábitat:** breixeiras e breixeira-toxeira.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7756, 1140 m, pastos sobre chans rochosos (*Hieracio-Plantaginion radicans*), 09/09/1997, IPS, SANT 77919 e 77920. >LOBIOS, Requeixo, Monte da Boca-Ponte de San Martiño, 29TNG7739, 430 m, pastos en orla de matogueira, 09/07/1993, IPS, SANT 77913. Serra do Xurés, 14/07/1993, IPS, SANT 77914. Serra do Xurés, 29TNG7736, 890 m, matogueira e pasto higrófilo, 22/08/1997, IPS, SANT

77911. Ribas de Arauxo-A Portaxe, cola encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, comunidade de *Iris pseudacorus*, 04/09/1997, IPS, SANT 77926. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7230, 650 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*), 11/09/1997(6), IPS, SANT 77925. Padrendo, c Igrexa Santa María de Riocaldo, 29TNG7336, 485 m, claros de matogueira e pasteiro anual-vivaz, 24/06/2021, IPS, SANT 80863. >Muíños, As Maus de Salas, canteira de Campelo, 29TNG8842, 865 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 77893. Gunatumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 955 m, pasteiro con dominio de *Agrostis*, por zonas nitrificado e pisado, 24/06/2011, IPS, SANT 65281. >PORQUEIRA, Lobios, río Limia, 29TNG8950, 560 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/11/2011, IPS & D.Manso.

■ *Agrostis fouilladeana* x *capillaris*

•Pregos herborizados:

>BANDE, río Limia na cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, pradarías temporalmente inundadas, 09/07/1996. IPS, SANT 77927 e 77935. >LOBIOS, Serra do Xurés, 14/07/1993, IPS, SANT 77915. Ribas de Arauxo-A Portaxe, cola do encoro do Lindoso, 29TNG7640, 340 m, comunidade de *Iris pseudacorus*, 04/09/1997, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7332, 500 m, marxe de regato enriba de carballeira (c. *Populus tremula*), 04/09/1997, IPS, SANT 77932. Saa-A Regada, 29TNG7737, 680 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliarii*), 09/09/1997(1), IPS, SANT 77928. >LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7656, 1110 m, toxreira-breixeira higrófila (*Genisto anglicae-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 15/08/1996(4), IPS, SANT 77923 e 77933. Serra do Leboreiro, 29TNG7653, 1250 m, breixeira-toxreira queimada sobre un ano antes, con *Pterospartum*, *Ulex minor*, *Erica cinerea*, *Agrostis curtisiae* e *Halimium lasianthum*, 09/09/1997, IPS, SANT 77916. Serra das Motas, 29TNG7756, 1140 m, chans rochosos e adxacentes con pastos de *Hieracio-Plantaginion radicatae*, 09/09/1997, IPS, SANT 77917, 77918 e 77929. Idem, 29TNG7656, 09/09/1997, IPS, SANT 77922. Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(04), IPS, SANT 80819. >Muíños, Maus de Salas, Fermosende-Valicela, 29TNG8843, 900 m, xesteira de *Cytisus multiflorus* (*Halimo-Cytisettum multiflori*), 21/08/1997(2), IPS, SANT 77931. Maus de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8842, 865 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 77894.

— *Aira* L. —

Anuais. Talos con follas de vaíñas abertas, glabras; lígula membranosa e triangular; limbo plano ou enrolado. Inflorescencia en panícula laxa ou densa. Espículas con dúas glumas subiguais de maior tamaño cás 2 flores hermafroditas que conteñen, ambas aristadas ou só unha delas. Ovario glabro.

•Bibliografía: SÁEZ et al. (2020).

Clave de especies

1. Panícula contraída con ramas erectas; moitos pedúnculos más curto cás espículas	<i>A. praecox</i>
Panícula aberta, ramas patentes ou erecto-patentes; moitos pedúnculos más longos cás espículas	2
2. Lema de < 1,5 mm; callo glabro; pedúnculo con ensanchamento anular baixo a espícula	<i>A. cupaniiana</i>
Lema de 1,5-3 mm; callo piloso; pedúnculo claviforme baixo a espícula	<i>A. caryophyllea</i>

■ *Aira caryophyllea* L.

•Descripción: terófito con talos de ata 40 cm. Follas paralelinervias, revolutas, de 0,3-1 mm de anchura. Lígula membranosa de 2-5 mm. Panícula de 3-10 cm, aberta na antese con ramas erecto-patentes e patentes. Espículas, (2,5)2,7-3,5 mm, situadas no extremo das ramiñas con 2 flores fértiles. Pedúnculos claviformes de ata 4 veces a lonxitude da espícula. Glumas maiores cás flores, subiguais, agudas, escábridas no nervio medio. Lema 1,9-2,5 mm, escábrida no dorso

e curtamente pubescente na base. Aresta de 3-4,3 mm, xeniculada e inserta no terzo inferior do lema, en ocasións co lema da flor inferior mútico.

•**Distribución:** Eurasia, N e E África. Introducida en América, Oceanía e S África. P. Ibérica: amplio reparto.

•**Hábitat:** pradarías anuais. Preferentemente silicícola.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos, Rego do Cauño, 29TNG8650, 580 m, ecotón lindeiro de bosque-pradaría algo nitrificado, 18/06/2020, IPS, SANT 78794. >ENTRIMO, río Pacín, Soalleira, 29TNG7543, 510 m, gretas de muro baixo fonte, comunidade de *Sagina procumbens*, 10/06/2020, IPS, SANT 78791. >MUIÑOS, Porqueirós-presa do Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto viario anual/vivaz, 19/06/2020, IPS, SANT 78792.

■ *Aira cupaniiana* Guss.

•**Descripción:** terófito. Follas e vaíñas estriadas. Lígula membranosa, aguda. Limbo pregado, curto, progresivamente más cortas cara o ápice. Inflorescencia en panícula, con ramas erecto-patentes algo más erectas e agrupadas que na especie precedente. Pedúnculos capilares no extremo das ramiñas, con dilatación anular baixo a espícula. Espículas todas similares, coas glumas subiguais, de 1,3-2,3 mm e escábridas no nervio medio, cada unha con 2 flores fértiles ocultas no interior. Lema de 1,3-2 mm, co dorso granuloso-escábrido. Aresta dorsal e xeniculada, de 1,8-2,5 mm, excepcionalmente a flor inferior mútica (cf). Ovario glabro.

•**Distribución:** rexión mediterránea. P.Ibérica: falta no extremo N. Máis abundante no C e S.

•**Hábitat:** chans areosos do entorno do Encoro das Conchas.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, areas entre muros do campamento romano, 02/07/2019, IPS, SANT 77556.

■ *Aira praecox* L.

•**Descripción:** terófito con talos de 2-20 cm. Follas paralelinervias, revolutas, glabras, con limbo de ata 1 mm de anchura. Lígula membranosa de ata 3 mm, de ápice obtuso. Panícula pequena, 0,5-3 cm, densa, estreita, de oblonga a cilíndrica, coas ramas erectas pegadas ao eixe. Pedúnculos en xeral más curtos cás espículas. Espículas de 2,5-3,5 mm con dúas flores hermafroditas. Glumas subiguais maiores cás flores, membranosas, escábridas na quilla. Lema de 2,7-2,8 mm, con 5 nervios non moi conspicuos visibles na metade basal, bifida no ápice. Aresta 3-4 mm, dorsal e inserta no terzo inferior do lema, xeniculada, sobresaíndo das glumas. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa excepto E, Anatolia, Cáucaso, Madeira e Canarias. Brava noutras zonas do planeta. P. Ibérica: metade N (moi rara no NE).

•**Hábitat:** pradarías anuais oligótrofas de floración primaveral. Silicícola.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Fronteira Ameixoeira-pista forestal, 29TNG6948, 790 m, afloramento de penedos graníticos con chans pouco profundos, 10/06/2020, IPS, SANT 78793. >MUIÑOS, presa encoro de Salas, 29TNG8741, 840 m, pasteiro anual (*Airo praecocis-Sedetum arenarii*), 22/05/2011, IPS, SANT 64798. Maus de Salas, 29TNG8743, 930 m, cuneta con chans areosos, colonizada por pasteiro anual con *Bromus rubens*, 21/05/1996, IPS, SANT 77675. Requiás-Portela de Pitoens, 29TNG8839, 900 m, pasteiro vivaz de *Sedum pruinatum* e *Plantago radicata*, 21/05/1996, IPS, SANT

77676. Reparade-Corga da Raposo, Río Salas, 29TNG8242, 675 m, chan pisado con areas grosas, 21/04/2021, IPS. Idem, pradaría anual-vivaz en cuneta, 21/04/2021, IPS, SANT 81302.

- Citas previas:** RODRÍGUEZ OUBIÑA et al. (1996).

— *Aiopsis* Desv. —

■ *Aiopsis tenella* (Cav.) Coss. & Durieu

- Descripción:** terófito. Talos erectos xeralmente < 20 cm. Follas con vaíña glabra; lígula membranosa, glabra; limbo enrolado, setáceo, en ocasións plano nas follas superiores, antrorso-escábrido. Inflorescencia en panícula densa, cilíndrica. Espículas < 2 mm, non comprimidas, con dous glumas subiguais, redondeadas no dorso, trinervadas e que ocultan totalmente as dúas flores hermafroditas. Lema piloso, membranoso, mítico. Pálea más curta có lema, curtamente ciliolada cara o ápice. Ovario glabro.
- Distribución:** rexión mediterránea occidental. P. Ibérica: falta no SE, NE e moi rara na Cornixa Cantábrica.
- Hábitat:** pastos anuais. Silicícola.
- Frecuencia:** raro.
- Frecuencia:** raro.
- Bibliografía:** MÍGUEZ et al. (2021).
- Citas previas:** GARCÍA MARTÍNEZ et al (1991). LOBIOS, entre Lobios e Vilameá, 29TNG7537, chan areoso, 08/06/1986, Rodríguez Gracia et al.

— *Alopecurus* L. —

■ *Alopecurus aequalis* Sobol.

- Descripción:** hemicriptófito ou terófito. Talos ascendentes de ata 50 cm, en ocasións enraizantes nos nós. Follas basais con vaíña aberta; lígula membranosa, aguda e glabra; limbo plano de 1,6-4,6 mm de anchura, escábridas en marxes e ao menos nos nervios da face. Follas caulinas semellantes coa ígula de maior tamaño. Inflorescencia en panícula densa, cilíndrica, de 20-60 x 3-6 mm. Espículas comprimidas de 1,6-2,3 mm. Glumas subiguais, ciliadas na quilla e con pelos aplicados cara a base das caras, más longas có lema da única flor hermafrodita. Lema de 1,7-2 mm, truncado no ápice e con aresta recta, dorsal, que non chega a superar ao lema. Estames alaranxados.
- Distribución:** Holártica (Europa, Asia, Norteamérica e N África). Introducida noutras rexións. P. Ibérica: metade N.
- Hábitat:** marxe do encoro sobre chans inundados parte do año.
- Frecuencia:** escaso.
- Pregos herborizados:**
 - BANDE, desembocadura río Limia en Encoro das Conchas, 29TNG8748, 555 m, pradaría só ocasionalmente inundada por detrás da banda de *Persicaria amphibia* (cf *Bidention tripartitae*), 04/06/1997. IPS, SANT52755.
- Bibliografía:** AEDO (2020).
- Citas previas:** GARCÍA MARTÍNEZ et al. (1991). CALVOS DE RANDÍN, Randín, Río Salas, 29TNG9341, 01/09/1990, Rodríguez Gracia & X.R. Romero.

— *Anthoxanthum* L. —

Herbáceas anuais ou vivaces. Follas con vaíña con aurículas ciliadas e limbo. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula densa con ramas erectas ou erecto-patentes, antrorso escábridas.

Espículas con 2 glumas moi desiguais que encerran 3 flores, as dúas basais ou laterais estéreis e reducidas ao lema e a central ou apical hermafrodita. Lemas con aresta dorsal. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** LEMA et al. (2021).

Clave de especies

1. Plantas anuais	<i>A. ovatum</i> subsp. <i>aristatum</i>
Plantas vivaces	2
2. Follas de (3)3,5-15 mm de anchura; espículas (9)10-13 mm	<i>A. amarum</i>
Follas 1-4(6) mm de anchura; espículas < 9 mm	<i>A. odoratum</i>

■ *Anthoxanthum amarum* Brot. ●

•**Descripción:** hemicriptófito estolonífero e frecuentemente con tubérculos na base dos talos. Talos glabros, lisos, con 3-7 nós coloreados. Vaíñas abertas, pilosas, sobre todo no terzo superior. Lígula de ata 7 mm, glabra. Aurículas marcadas, xeralmente ciliadas. Limbo liso, de ata 40 x 3 cm, ciliado nas marxes. Inflorescencia en panícula condensada coas ramas erectas. Rama basal de 1-3,5 cm, erecta. Entrenó basal da inflorescencia de 0,7-4 cm, liso. Espículas de (9)10-17 mm, cunha flor fértil apical e dúas basais estéreis reducidas aos lemas, co pedicelo curto e xeralmente piloso. Glumas moi desiguais, a inferior uninervada de 3-8 mm e a superior trinervada de 9-17 mm, ambas acuminadas e con ancha marxe membranosa. Flores estéreiles con lemas pilosos e con 5 nervios, de (3)4,5-6 mm, a inferior con aresta curta inserta no terzo distal e a superior con aresta longa, xenicolada e coa columna helicoidal e inserta preto da base. Lema da flor fértil liso, de 2-4,5 mm.

•**Distribución:** endimismo do NW da P. Ibérica (Galicia, Asturias e N de Portugal).

•**Hábitat:** prados sometidos a certo encharcamento (*Molinio-Arrhenatheretea*; *Molinetalia caeruleae*)

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77259. >LOBIOS, Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 550 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 21/05/1996, IPS, SANT 77684.

■ *Anthoxanthum ovatum* Lag.

subsp. *aristatum* (Boiss.) Litard.

Anthoxanthum aristatum Boiss.

•**Descripción:** terófito de talos xeralmente menores de 30 cm. Follas paralelinervias, de 0,8-4(5) mm de anchura. Lígula obtusa de 1-3 mm. Inflorescencia en panícula non moi densa na antese. Espículas de 4,5-6,5(11) mm, con glumas moi desiguais, unha recobre as flores. Cunha soa flor fértil con lema e pálea membranosas, pouco aparentes e con rudimentos doutras dúas flores estéreiles reducidos aos lemas, estes más anchos no ápice ca na base, pilosos. Aresta da flor estéril superior xeralmente más longa cá gluma superior; en ocasións un pouco más curta, xenicolada. Ovario glabro.

•**Distribución:** W e S Europa. P. Ibérica: falta no E.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans despexados. Acidófila.

•**Frecuencia:** abundante.




Poaceae *Agrostis curtisiae*



Poaceae *Agrostis foolladei x capillaris*



Poaceae *Agrostis foolladei x capillaris*



Poaceae *Aira praecox*



Poaceae *Alopecurus aequalis*



Poaceae *Anthoxanthum odoratum*



Poaceae *Anthoxanthum ovatum* subsp. *aristatum*



Poaceae *Antinoria agrostidea*

•**Pregos herborizados:**

•**CALVOS DE RANDÍN**, Randín, Vilar, 29TNG9538, 1180 m, plantas anuais en claros de cambrional de *E. ibericum* sobre chans pouco profundos, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77264. •**LOBIOS**, Herdadiña, 29TNG7743, 360 m, pasto anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 23/05/1997, IPS, SANT 77853. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7034, 700 m, pasto anual rodeado de berceal (*Stipa gigantea*) e breixeira, 02/06/2011, IPS, SANT 64727. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 800 m, pradarías anuais en chans esqueléticos e fisuras de rocha (*Helianthemetea guttatae*), 02/06/2011, IPS, SANT 64737. •**MUÍÑOS**, Serra do Pisco, 29TNG8839, 1050 m, pastos con especies anuais e vivaces sobre chans pouco profundos, 21/08/1997, IPS, SANT 77736.

■ ***Anthoxanthum odoratum* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con renovos basais e intenso aroma a cumarina. Talos erectos. Follas planas, de 1-8(9,5) mm de anchura, con lígula truncada de 1-3(6) mm curtamente ciliada e aurículas marcadas e xeralmente ciliadas, coa marxe antrorsa escábrida. Inflorescencia en panícula densa, oblonga. Rama basal de 0,6-3 cm, erecta. Entrenó basal da inflorescencia de 0,4-1,7(2) cm, liso. Espículas de 5-8(10) mm, con 3 flores, as dúas externas estériles e a central fértil. Glumas desiguais, a inferior uninervada, de 3-6 mm; a superior trinervada e de 5-8(9) mm. Lema das flores estériles membranosas, de 2-4 mm, con 5 nervios; a inferior con aresta curta e recta de inserción no terzo distal e a superior con arestas xeniculadas de inserción basal, que xeralmente excede á gluma superior, pilosas na metade inferior e bilobada no ápice escarioso. Lema e pálea da flor fértil membranosas e pilosas.

•**Distribución:** Eurasíatica e NW África. Naturalizada noutras zonas. P. Ibérica: falta no SW.

•**Hábitat:** prados, pastos higrófilos, pradarías ruderais, camiños.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

•**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisoardo, SANT 80217. •**LOBIOS**, Saa-A Regada, 29TNG7737, 680 m, matogueira higrófila (*Cirsio-Ericetum ciliaris*) adxacente a comunitade anfibia de *Ranunculus omiophyllus*, 11/04/1997(2), IPS, SANT 77847. Serra do Xurés, Lama que Treme, 29TNG7835, 920 m, pradaría higrófila adxacente a turbeira desecada, 04/09/1997, IPS, SANT 77761. Saa-A Regada, 29TNG7737, 680 m, matogueira higrófila que rodea un regato estacional (*Cirsio-Ericetum ciliaris*), 09/09/1997(1), IPS, SANT 77742. Serra de Santa Eufemia, c. viveiro forestal, 29TNG7230, 11/09/1997, IPS, SANT 77745. Fondevila-vidiuto do río Limia, 29TNG7540, 375 m, claro de piñeiral de *P. pinaster*, 07/05/2011, IPS, SANT 64553. Viaduto de A Portaxe, 29TNG7640, 370 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 10/05/2011, IPS, SANT 64568. Fondevila, Errimeda de S. Bartolomeu, 29TNG7539, 430 m, pastos de marxe de camiño forestal, 13/07/2012, IPS, SANT 65880. Aceredo Novo, 29TNG7338, 380 m, terreo alterado en proceso de recolonización, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70434.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

— ***Antinoria* Parl.** —

■ ***Antinoria agrostidea* (Lam. & DC.) Parl
subsp. *agrostidea***

•**Descripción:** terófito en ocasiós perennizante. Talos que xeralmente non superan os 30 cm, procumbentes ou ascendentes, enraizantes nos nós inferiores. Follas paralelinervias, de ata 2,5 mm de anchura, planas. Lígula ata 4 mm, xeralmente lacerada. Panícula laxa de 1,5-10 cm cuja base se atopa rodeada pola vaíña da folla superior durante bastante tempo, cos pedicelos máis longos cás espículas. Espículas de 1,5-2 mm, elípticas e lateralmente comprimidas, con 2 flores fértiles. Glumas subiguais, persistentes, máis longas cás flores. Lema sen aresta.

•**Distribución:** subrexión mediterránea occidental: SW Europa e NW de África. P. Ibérica: C e ½ W.

•**Hábitat:** marxe de lagoas, encoros e terreos longamente encharcados. Silicícola.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 740 m, comunidade de helófitos en terreo inundado case todo o ano (*Glycerio-Antinorietum*), 29/07/1998, IPS, SANT 45395. Maus de Salas-Encoro de Salas, 29TNG8943, 850 m, comunidades de herbáceas temporalmente inundadas, 15/07/2000, IPS, SANT 45412. Requiás-Guntumil, encoro de Salas, 29TNG8840, 840 m, pradaría longamente inundada, 09/10/2015, IPS, SANT 75527.

•**Bibliografía:** SEQUEIRA & MEDINA (2020).

•**Citas previas:** RODRÍGUEZ GRACIA (1991); PULGAR et al. (2002).

— **Arrhenatherum** P. Beauv. —

■ ***Arrhenatherum elatius* (L.) J. Presl & C. Presl**

subsp. ***bulbosum*** (Willd.) Schübeler & Martens

A. bulbosum (Will.) C. Presl

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con 2-6 tubérculos basais. Talos de más de 1 m de altura cos nós hirsutos ou pubescentes na marxe superior, os basais engrosados. Vaíña das follas glabra, lígula membranosa; limbo plano, as inferiores de 1,5-10(13) mm de anchura, glabro, escábrido na marxe. Inflorescencia en panícula laxa de 15-40 cm. Espículas < 10 mm. Glumas agudas, a inferior (c. 4 mm) de menor tamaño cá superior (< 6 mm), que é lixeiramente excedida polas flores. Callo piloso. Flores -2- diferentes, a inferior masculina cunha aresta xeniculada, de 10-20 mm, inserta na base do lema de 7-11 mm, e a superior hermafrodita e sen aresta. Ovario piloso.

•**Distribución:** Eurasiática e introducida noutras rexións. P. Ibérica: C e N.

•**Hábitat:** prados de sega, matogueiras colonizadores de pradarías.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintela, 29TNG8347, 580 m, marxe de prado (*Arrhenatherion*), 05/11/2014, IPS, SANT 70390. >LOBIOS, Fondevila-Rivas de Arauxo, pista a man dereita de estrada OU-1206 (Km 1,8), 29TNG7739, 385 m, pista forestal, 11/06/2020, IPS, SANT 78770. >Muíños, Santuario dos Milagres de Couso de Salas-Outeiro dos Marotos, 29TNG9046, 920 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78771.

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO (2021a).

— **Avena** L. —

■ ***Avena barbata* Pott ex Link**

subsp. ***barbata***

•**Descripción:** terófito que pode superar 1 m de altura. Follas paralelinervias, de 10-30 x 3-8 mm, con lígula de 2-5 mm. Panícula de 10-40 cm, de tendencia unilateral. Espículas 16-31 mm, pendulas, con 2-3 flores articuladas que se desprenden individualmente na madurez. Glumas subiguais, de 1,5-2(3,1) cm que non chegan a recubrir as flores. Lema de 13-25 mm, con dúas setas ou arestas apicais de 3-6 mm e coa parte inferior cuberta de pelos brancos, con aresta de inserción dorsal de (2)2,5-5,5(5,8) cm.

•**Distribución:** rexións mediterránea, macaronésica e W Europa. P. Ibérica: C e W.

•**Hábitat:** arvense e ruderal; cultivos mesegueiros, cunetas, prados, etc. Sensible ao frío de montaña.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, 29TNG8554, 760 m, pradaría en marxe de estrada, 07/04/2011, IPS, SANT 64516. >LOBIOS, Esperanzo-O Puxedo, 29TNG7938, 730m, pradaría viaria, 19/06/2020, IPS, SANT 78767. >Muíños, O Barrio, 29TNG8647, 610 m, cuneta, 07/04/2011, IPS, SANT 64520.

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO & SÁEZ (2021).

— **Avenella** Bluff ex Drejer —

■ ***Avenella flexuosa* (L.) Drejer**

Avenella flexuosa subsp. *iberica* (Rivas Mart.) Valdés & H. Scholz; *Deschampsia flexuosa* (L.) Trin.; *D. f.* subsp. *iberica* Rivas Mart.;

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, con talos pouco foliosos que non acostuman superar os 50 cm. Follas < 1 mm de ancho, paralelinervias, con lígula de 1-3 mm truncada ou de ápice redondeado. Panícula laxa con ramas flexuosas, sendo os pedúnculos dalgunhas espículas más longos ca elas. Espícula de 4-6 mm con 2 flores fértiles. Gluma inferior 3,7-6 mm; gluma superior 4-7 mm, a inferior con 1 nervio e a superior con 3, más facilmente visibles preto da base. Callo piloso. Lema denticulada no ápice, de 4-6 mm. Aresta dorsal inserida na metade inferior, xeniculada, que supera amplamente ás glumas. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa (preferentemente eurosiberiana), SW e C Asia, África (alta montaña), NE e S América. P. Ibérica: N, NW, Sistema Ibérico, Sistema Central e Serra Nevada.

•**Hábitat:** pastos en claros de matogueira no piso supratemperado (*Nardetea strictae*), pastos vivaces en gretas de penedo de cume (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*).

•**Frecuencia:** común só no piso supratemperado.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Serra de Queguas, Coto da Sombra-A Gurita, 29TNG7249, 1100 m, pasto en claros de breixeira, 20/07/2012, IPS, SANT 65826. >LOBIOS, Serra do Xurés, Portela Amoreira-As Albas, 29TNG7729, 1400 m, pastos rodeados de bloques graníticos, 22/05/1997, IPS, SANT 77850. Serra do Xurés, Marabaixo, 29TNG7931, 1385 m, pasto con cervuno (*Nardetea strictae*), 09/08/2012, IPS, SANT 65875. Serra do Xurés, Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1500 m, 09/08/2012, IPS, SANT 65874. >MUIÑOS, Serra do Xurés, Coto das Gralleiras, 29TNG8436, 1420 m, pradarias entre matogueiras arredor de cume de rochas graníticas, 17/08/2012, IPS, SANT 65862. >PORTUGAL, Serra do Gerês, cume xeodésico, 29TNG7930, 1517 m, pastos vivaces en gretas de penedo de cume (*Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*), 19/07/2012, IPS, SANT 65913.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (2020).

— **Brachypodium** P. Beauv. —

Herbáceas vivaces Follas con vaíña e limbo e lígula membranosa. Inflorescencia en acio espiciforme. Espículas subsésiles con varias flores, con 2 glumas que non as recobren. Glumas desiguais a subiguais. Lema con aresta apical. Pálea biaquillada. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (2021).

Clave de especies

1. Aresta co lonxitude similar ou superior á do lema	<i>B. sylvaticum</i>
Aresta moito más curta có lema	<i>B. pinnatum</i>

■ ***Brachypodium pinnatum* (L.) P. Beauv.**

Brachypodium pinnatum subsp. *rupestre* (Host) Schübler & Martens;
B. rupestre (Host.) Roem. & Schult.

•**Descripción:** hemicriptófito pubescente, cespitoso, con rizomas estoloníferos. Talos foliosos na parte inferior. Follas paralelinervias, planas, de (2,5)4-10 mm de anchura, co nervio medio ben visible, as caulinas péndulas. Inflorescencia en acio de espículas. Espículas erectas,

de (14)20-23(46) mm, con 8-20 flores. Glumas desiguais que non recobren as flores. Lema piloso con aresta terminal de 3,5-4,5(6) mm, moito máis curta ca el.

•**Distribución:** Europa e W Asia. eurosiberiana. P. Ibérica: N, NW e Sistema Central.

•**Hábitat:** pastos mesófilos, bosques mesófilos e sobre todo riparios e herbais de lordeiro e das orlas dos bosques.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Bande-Rubiás, río Cadós, 29TNG8353, 670 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS, SANT 77679. Sarreaus de Bande, 29TNG8454, 790 m, orla de bosque (*Rusco-Quercetum* subas. *violetosum riviniani*), 23/09/2018, IPS, SANT 76598. Chao do Agro-Vilar, 29TNG8753, 960-970 m, reboleira (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 23/06/2021(09), IPS, SANT 80305. >ENTRIMO, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65864. Ferreirós, Eiroás, Corga do Mengán, 29TNG7243, 530 m, marxe de eucaliptal, 10/06/2020, IPS, SANT 78763. >LOBIOS, Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, matogueira higrófila en orla de cascada (*Genistion micrantho-anglicae*), 22/08/1997(3), IPS, SANT 77759. Serra do Xurés, río Lobios, 29TNG7931, 1400 m, marxe de pequeno río con grandes bloques de granodioritas e vexetación leñosa (salgueiros, piornos e bidueiros), 03/09/1997, IPS, SANT 77730. A Cela, 29TNG8040, 600 m, bosque (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 14/08/2009, IPS & D.Manso, SANT 63037. Serra de Santa Eufemia, viveiro forestal, 29TNG7230, 700 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 09/06/2011, IPS, SANT 64779. Serra do Xurés, 29TNG7733, 859 m, orla de pequeno bosque secundario, pradaría, 18/06/2011, IPS, SANT 65246. A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, salgueiral e ameneiral pouco tempo inundadas, 06/07/2019, IPS, SANT 77498. >MUÍÑOS, Encoro de Salas, Currul do Galleiro, 29TNG8741, 820 m, interior de foso de lobo, 21/08/1997, IPS, SANT 77766. Fornadeiros-A Pousa, 29TNG8848, 760 m, bideiral en valgada, 18/06/2020, IPS, SANT 78764. Porqueirós-presa Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto anual/vivaz via-rio, 19/06/2020, IPS, SANT 78765.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Brachypodium sylvaticum* (Huds.) P. Beauv. subsp. *sylvaticum*

•**Descripción:** hemicriptófita cespitoso, non estolonífero o con rizomas moi curtos. Talo folioso ata preto da inflorescencia. Follas paralelinervias de (4)6-12(15) mm de anchura. Inflorescencia en acio con (3)5-12 espículas cilíndricas, erectas, curtamente pedunculadas, de (13)20-30(40) mm sen as arestas. Glumas desiguais más curtas cás flores. Lema de (6)8-12(13) mm (sen a aresta). Aresta 6-15 mm, tan ou más longa có lema. Pálea con quillas ciliadas.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África. P. Ibérica: falta en amplas zonas das dúas mesetas, depresión do Guadalquivir e o litoral mediterráneo entre Huelva e Valencia.

•**Hábitat:** pradarías de orla de bosque, más abundante nos edafohigrófilos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Río de Vilameá, 29TNG7437, 310 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 02/09/1997, IPS, SANT 77734. Torneiros, Río Caldo, 29TNG7333, 420 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 04/09/1997, IPS, SANT 77733. A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, salgueiral e ameneiral pouco tempo inundados, 06/07/2019, IPS, SANT 77497. Fondevila-Rivas de Arauxo, pista que sae de estrada (OU-1206, Km 1,8), 29TNG7739, 385 m, carballeira termófila (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 11/06/2020, IPS, SANT 78762. Vía Romana, c. A Ponte Nova, 29TNG7231, 550 m, orla de carballeira con *Prunus lusitanica* (*Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *quercetosum suberis*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80848.

— Briza L. —

Herbáceas anuais. Follas con vaíña e limbo paralelinervio. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula laxa. Espículas redondeadas na base con varias flores hermafroditas, maioritariamente péndulas. Glumas 2, subiguais e sen recubrir as flores. Lema de base cordada. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** ISABEL et al. (2021).

Clave de especies

1. Espículas > 10 mm	<i>B. maxima</i>
Espículas < 6 mm	<i>B. minor</i>

■ *Briza maxima* L.

•**Descripción:** terófito con talos ata 80 cm, glabros. Vaíña das follas aberta, glabra, planas con lígula membranosa oblongo-oxival, aguda no ápice. Inflorescencia en panícula laxa, de ata 10 cm, con 7-20 flores. Espículas de 10-25 mm, glabras, de ovoides a oblongas, colgantes, >10 mm, coas flores moi imbricadas. Glumas que non recobren as flores, similares, anchamente ovadas, de marxe membranosa. Lema anchamente ovado e coa marxe membranosa. Pálea membranosa con dúas quillas con cilios curtos.

•**Distribución:** S Europa (en menor medida N e C), W Asia e NW África. Introducida noutras zonas. P. Ibérica: ampla distribución (falta en zonas do C e E).

•**Hábitat:** pradarías anuais en sitios secos. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(04), IPS, SANT 80826.

>LOBIOS, Lobios-Xendive, 29TNG7741, 400m, cuneta alterada sobre piñeiral con sotobosque de carballeira termófila, 23/05/2003, IPS, SANT 49484. Torneiros, 29TNG7334, 430 m, viario en cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 64554. >Muiños, Porqueirós-presa Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto anual viario, 19/06/2020, IPS, SANT78761.

■ *Briza minor* L.

•**Descripción:** terófito con talos ata 60 cm. Follas paralelinervias, planas con lígula oblongo-oxival. Panícula bastante ramificada. Espículas de 2-4(5) mm, comprimidas, numerosas, triangular-ovadas, más ou menos colgantes, con 4-8 flores. Glumas ovadas, con varios nervios, glabras agás no nervio medio escábrido e no ápice. Lema ovado, con marxe escariosa ancha e ápice obtuso. Pálea de ápice obtuso, con 2 quillas no dorso.

•**Distribución:** S e W de Europa, N África (Alxeria e Marrocos), W Asia. Introducida noutros continentes. P. Ibérica: dispersa, faltando en puntos do N e E.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans con pouca cobertura e algo nitrificados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Xendive, As Touzas, 29TNG7841, 458 m, pasteiro anual algo nitrificado (*Helianthemetalia guttati*), 11/06/2004, IPS. Devesa-A Anta, 29TNG7436, 440 m, pasto anual sobre chan areoso e con grava miúda de granitos (*Tuberarietea*) algo nitrificado, 11/06/2020, IPS, SANT 778761.

— Bromus L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas con vaíña e limbo, paralelinervias, con lígula membranosa. Inflorescencia en panícula laxa ou densa. Espículas con 2 glumas desiguais, con varias flores fér-

tile e algunha estéril no ápice. Lemas con aresta subapical e ápice bidentado. Ovario piloso con tendencia a depilarse na madurez.

•**Bibliografía:** ACEDO & LLAMAS (2021).

Clave de especies

1.	Gluma inferior con 1 nervio; gluma superior 3-5 nervios	2
	Gluma inferior con 3-5 nervios; gluma superior con 5-7 nervios	6
2.	Lema de 25-30 mm	3
	Lema de ata 20 mm	4
3.	Panícula con nós inferiores con 1-3 ramas curtas (<3cm), erectas e xeralmente con 1 espícula	<i>B. rigidus</i>
	Panícula con varias ramas (>3cm) en nós inferiores, de tendencia péndula e más de 1 espícula	<i>B. diandrus</i>
4.	Panícula densa con ramas inferiores erecto-patentes; ápice da pálea escotada	<i>B. rubens</i>
	Con moitas ramas da panícula más curtas cás espículas	5
5.	Ramas inferiores da panícula más longas cás espículas	<i>B. madritensis</i>
	Anual, espículas non comprimidas; lema de dorso redondeado	<i>B. sterilis</i>
6.	Perenne, espículas fortemente comprimidas; lema de dorso carinado	7
	Inflorescencia laxa; pedúnculos das espículas basais más curtos ca estas	<i>B. catharticus</i>
7.	Inflorescencia densa; pedúnculos das espículas más curtos ca estas	<i>B. racemosus</i>
	Inflorescencia densa; pedúnculos de las espiguillas más cortos que éstas	<i>B. hordeaceus</i>

■ *Bromus catharticus* Vahl

•**Descripción:** hemicriptófita. Talos erguidos que poden superar 1 m de altura, glabros igual cá vaíña das follas superiores. Lígula membranosa, triangular, de ápice lacerado. Lámina 10-50 x 1-1,5 cm, marxe escábrida. Inflorescencia en panícula erecta, coas ramas inferiores patentes ou colgantes na madurez e más longas cás espículas, o resto variable. Espículas comprimidas, grandes (25-40 mm), péndulas na madurez, con 6-13 flores. Glumas desiguais, a inferior de 10-14 e con 5-9 nervios, a superior de 11-17 mm e con 7-9 nervios. Lema 13-21 mm, fortemente carinado, ápice emarginado, mítica ou con aresta subapical de ata 2-6 mm. Pálea sen arístulas. Ovario piloso.

•**Distribución:** América do Sur. Estendida como especie forraxeira ao resto de América, Europa, SW Asia, N África, Macaronesia, Australia e Nova Zelandia. P. Ibérica: amplamente estendida.

•**Hábitat:** ruderal e viaria.

•**Frecuencia:** rara?

•**Pregos herborizados:**

»**Lobios**, Grou, Requeixo de Grou, 29TNG7845, 500 m, céspede nitrófilo nunha casa, 06/07/2019, IPS, SANT 77483.

■ *Bromus diandrus* Roth

•**Descripción:** terófita, en ocasións bienal. Talo glabro excepto na zona superior pubescente. Follas inferiores con vaíña pilosa, lígula membranosa lacerada no ápice; limbo piloso, más densamente no envés; marxe escábrida. Inflorescencia en panícula; nó inferior con 2-4 ramas. Ramas, algunas más longas cás espículas, pubérulas con pelos antrorsos. Espículas de 30-50 mm (sen



Poaceae *Arrhenatherum bulbosum*



Poaceae *Avena barbata*



Poaceae *Avenella flexuosa*



Poaceae *Brachypodium pinnatum*




Poaceae *Briza maxima*



Poaceae *Bromus catharticus*



Poaceae *Bromus diandrus*



Poaceae *Bromus hordeaceus*

arestas), que pasan de lanceoladas a cuneiformes na madurez, con ao menos 5 flores, inicialmente erectas e colgantes na madurez. Glumas desiguais, a inferior con 1(3) nervio, a superior con 3(5). Lema de 20-35 mm, glabro con quilla escábrida, lanceolado, ápice bífido e base afundida na zona de inserción co callo; aresta de 27-70 mm de inserción subapical.

•**Distribución:** S e SW Europa (ata S Inglaterra), SW Asia, N África e Macaronesia. Latemediterránea. Introducida en case todo o mundo. P. Ibérica: amplamente expandida.

•**Hábitat:** ruderal e viaria.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Encoro das Conchas, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pradaría nitrófila, 02/07/2019, IPS, SANT 77562. >**CALVOS DE RANDÍN**, Randín, 29TNG9340, 840 m, chan areoso con materia orgánica, pasto anual, 19/06/2018, IPS, SANT 77033. >**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7334, 430 m, viario, cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 65312. Fondevila, 29TNG7639, 410 m, ruderal, marxe de camiño, 21/05/2011, IPS, SANT 65223. O Cabezudo de Esperanzo, 29TNG7937, 560 m, marxe entulla, pradaría nitrófila, 13/07/2012, IPS, SANT 65903. Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, pradaría anual nitrófila, 19/06/2020, IPS, SANT 78759. >**MUÍÑOS**, Barxés, O Cruceiro-O Barrio, 29TNG8647, 615 m, pasto de *Bromus* antropizado e cuneta, 21/04/2021, IPS, SANT 81293.

■ *Bromus hordeaceus* L.

Bromus mollis L.

•**Descripción:** terófito erecto, fasciculado densamente piloso. Follas paralelinervias, con pelos longos e patentes no envés e finamente escábrida na marxe. Vaíñas foliares pilosas. Lígula membranosa, obtusa. Panícula densa, ovoide, coa maioría dos pedicelos más curtos cá espículas. Espículas de (8)10-20(25) mm, xeralmente pilosas. Gluma inferior con 3 nervios e gluma superior con 5-7. Lema de marxe membranosa, con 7-9 nervios prominentes, sobre todo en seco, con aresta subterminal. Ovario piloso.

•**Distribución:** euro-boreo-mediterránea. Europa, W Asia e N África. P. Ibérica: só falta nas zonas más áridas do sector murciano-almeriense.

•**Hábitat:** pradarías ruderáis, marxes de camiños.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69920. Vilaríño, 29TNG9236, 1050 m, vexetación ruderá, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77311. >**LOBEIRA**, Sabariz, 29TNG7847, 700 m, vexetación nitrófila en marxe de estrada entrando ao pobo (ecotón *Sisymbrio officinalis*-*Hordeetum murini* e *Lolio-Plantaginetum majorii*), 09/09/1997(2), IPS, SANT 77738. Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(04), IPS, SANT 80827; observ: algúns pedúnculos moi longos; base aresta aplana. >**LOBIOS**, 29TNG7639, 410 m, ruderal, marxe de camiño, 21/05/2011, IPS, SANT 65220. >**MUÍÑOS**, Muíños, Cados, 29TNG8244, 650 m, pasteiro anual viario, 27/05/2011, IPS, SANT 64746. Prado-Reparade, 29TNG8343, 710 m, pastos de cuneta, 27/05/2011, IPS, SANT 64750 e 64751. Santuario dos Milagres de Couso de Salas-Outeiro dos Marotos, 29TNG9046, 920 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78757.

Clave de subespecies

- | | |
|---|---|
| 1. Plantas adultas con panicula longa (dobre de longa que ancha); aresta recta inserta 0,5-1(2) mm do ápice; espícululas 10-15(20) mm

Plantas adultas con panicula curta (similar lonxitude e anchura); aresta inserta (1)1,2-2 mm do ápice, algo divaricadas na madurez; espícululas 15-20(25) mm | subsp.
hordeaceus

subsp.
divaricatus |
|---|---|

■ *Bromus madritensis* L.

• **Descripción:** terófito cespitoso, finamente pubescente, xeralmente glabro baixo a inflorescencia. Follas paralelinervias con lígula ovada e limbo de 10-20 cm x 2-4 mm. Panícula laxa con ramiñas de 10-25(40) mm, con 1(4) espículas, erectas a erecto-patentes de maior tamaño cós seus pedúnculos. Entrenós que se van facendo más curtos cara a parte superior da panícula. Espículas de (2,5)3-4 cm (sen as arestas) con 5-12 flores, as 2-3 flores superiores estériles. Gluma inferior de menor tamaño, cun nervio; gluma superior con 3 nervios. Flores diverxentes na madurez. Pálea coa cima truncada, cos nervios e marxes denticulados sen chegar ao ápice. Lema de 12-20 x 3-3,5 mm. Aresta de 12-20 mm.

• **Distribución:** S e SW de Europa (brava máis ao N), N África, C e SW Asia e Macaronesia. P. Ibérica: amplamente estendida.

• **Hábitat:** pradarías terofíticas en ambientes moderadamente nitrificados.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Cachos, sobre o río Limia, 29TNG8648, 560 m, pasto anual nitrificado en área de descanso de estrada, 08/06/2021, IPS, SANT 80348.

■ *Bromus racemosus* L.

• **Descripción:** terófito de talos glabros. Follas paralelinervias de 4-10 mm de anchura. Vaíña e limbo pilosos nas follas basais. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula laxa e estreita, unilateral, erecta. Ramas ou pedúnculos más longos cás espículas. Espículas 10-15(18) mm con 6-10 flores, as superiores estériles. Glumas aquilladas, a inferior de 4,5-7 mm. Lema de 6,5-8 mm, co dorso redondeado e ápice emarginado. Aresta de 5-10 mm, subapical.

• **Distribución:** Europa, W e C Asia. Introducida en América e Australia. Case toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** prados e viaria.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 550 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 21/05/1996, IPS, SANT 77685.

■ *Bromus rigidus* Roth

• **Descripción:** terófito. Talos pubérulos no ápice e glabros ou pilosos no resto. Vaíñas hirsutas. Lígula membranosa de ápice lacerado; limbo hirsuto, sobre todo no envés, e marxe escábrida. Panícula non unilateral, erecta e non colgante na madurez, densa. Nó inferior con 2-4 ramas. Ramas xeralmente con 1 espícula, de 0,5- 3 cm, a maior parte ou os pedúnculos más curtos cá espícula. Gluma inferior con 1(2) nervio, a superior con 3. Lema de 24-32 mm; base non fundida enriba do callo, ápice bifido e aresta subterminal (30-70 mm) ríxida, plana na base.

• **Distribución:** S Europa, C e SW Asia, N África e Macaronesia. Introducida en moitas outras zonas. P. Ibérica: amplamente estendida.

• **Hábitat:** pradarías terofíticas en ambientes moderadamente nitrificados e areosos.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, 29TNG9144, 880 m, marxe de pista de acceso a naves con gando, 19/06/2018, IPS, SANT 76571. >MUIÑOS, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8743, 940 m, pasteiro anual viario sobre chans areosos, 22/05/2011, IPS, SANT 65226. A Peral-Igrexa do Santiago, 29TNG8947, 900 m, cuneta, 03/07/2014, IPS &

D.Manso, SANT 69934. Maus de Salas, Canteira de Campelo, 29TNG8842, 870 m, pasto anual viario, subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80804. Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021(01), IPS, SANT 80289.

■ *Bromus rubens* L.

Bromus madritensis subsp. *rubens* (L.) Husnot

- **Descripción:** terófito semellante á especie precedente da que se diferencia polas follas de 5-12 cm x 3-5 mm. Lígula membranosa de ápice truncado e lacerado. Panícula compacta, con entrenós moi curtos a partir do terceiro, con ramiñas curtas (< 1 cm) con 4-5 espículas. Espículas con 3-6 flores estériles. Glumas con marxe escariosa, a inferior con 1 nervio e a superior con 3, pilosas. Lema de 14-18 x 2-3 mm; base afundida por enriba del callo, ápice bifurcado, marxe dobrada e aresta subapical. Pálea con marxe ciliada que chega ao ápice, sen arístulas no ápice.
- **Distribución:** S Europa, N África, C e SW Asia e Macaronesia. P. Ibérica: falta na Cornixa Cantábrica e NW.
- **Hábitat:** pradarías subnitrófilas viarios, con dominio de terófitos, sobre chans areosos moi secos en verán.
- **Frecuencia:** moi raro.
- **Pregos herborizados:**
 - >**Muiños**, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8743, 940 m, pasteiro anual viario sobre chans areosos, 21/05/1996, IPS, SANT 77686. Idem, 22/05/2011, SANT 65225. Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual subnitrófilo (*Sisymbretalia officinalis*), 28/05/2021, IPS, SANT 80786.
- **Citas previas:** SOÑORA et al. (1996).

■ *Bromus sterilis* L.

- **Descripción:** terófita. Talo baixo a inflorescencia glabro. Follas paralelinervias con lígula moi curta, de c. 1 mm. Panícula simple, coas ramiñas pouco flexuosas e escábridas, a maioría más longas cá única espícula do seu extremo. Espícula 10-20 mm sen contar as arestas. Gluma inferior con 1 nervio, a superior con 3. Lema longamente aristada.
- **Distribución:** Europa (excepto N), W e C Asia e N África. Naturalizada noutros moitos lugares. Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente repartida.
- **Hábitat:** viaria e ruderal.
- **Frecuencia:** abundante.
- **Pregos herborizados:**
 - >**CALVOS DE RANDÍN**, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, viario, cuneta, adxacente a área recreativa, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69921. Calvos de Randín, 29TNG9144, 880 m, marxe de pista de acceso a naves con gando, 19/06/2018, IPS, SANT 76570. >**LOBIOS**, Torneiros, 29TNG7334, 430 m, viario en cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 65311. Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, orla de bosque con caída de regato (orla escio-higro-nitrófila), 19/06/2020, IPS, SANT 78758. Guende, 29TNG8038, 810 m, comunidade nitrófila viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 08/06/2021, IPS, SANT 80234. >**Muiños**, Porqueirós-Maus de Salas, 29TNG8844, 900 m, cuneta, comunidade con *Cirsium arvense* e *Centaurea cyanus*, 09/07/1996, IPS, SANT 77725.

■ *Bromus tectorum* L.

- **Descripción:** terófita. Talo lixeiramente pubescente na parte superior. Semellante a *Bromus diandrus* pero coa panícula composta unilateral coas ramiñas flexuosas Follas paralelinervias, de 2-4(8) mm.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África e Macaronesia. Introducida en zonas temperadas doutrous continentes. P. Ibérica: case todo o territorio.

•**Hábitat:** pradarías nitrófilas viarias e ruderais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:** -

— **Catapodium** Link. —

■ ***Catapodium rigidum*** (L.) C. E. Hubb.

Desmazeria rigidia (L.) Tutin; *Sclerochloa rigidia* (L.) Link;

Scleropoa rigidia (L.) Griseb.

•**Descripción:** terófito que emite varios talos de ata 15 cm. Follas paralelinervias, planas de 1-3 mm de anchura, con lígula membranosa de ata 5 mm. Inflorescencia en panícula unilateral, con 1-2 ramas ríxidas nos nós inferiores ou en acio de espículas en plantas novas ou pequenas. Espículas de 4-10 mm en disposición dística ou todo arredor do eixe, con pedúnculos de 0,5-2 mm e 5-14 flores cada unha. Glumas subiguais que non recobren as flores, de 1,4-2,6 mm. Lema glabro con 5 nervios. Pálea tan longa coma o lema. Ovario glabro.

•**Distribución:** circunmediterránea e atlántica (acadando o C Europa e Canarias) e SW Asia. Brava noutras zonas do planeta. P. Ibérica: amplamente representada.

•**Hábitat:** pradarías anuais nitrificadas, pisadas, abertas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, sobre o río Limia, Os Cachos, área de descanso de estrada, 29TNG8648, 560 m, pasto anual nitrificado 08/06/2021, IPS, SANT 80347. >LOBIOS, 29TNG7639, 415 m, ruderál, marxe de camiño, 21/05/2011, IPS, SANT 65219.

•**Bibliografía:** VALTUEÑA et al. (2020).

— **Crypsis** Aiton —

■ ***Crypsis alopecuroides*** (Piller & Mitterp.) Schrad.

•**Descripción:** terófito multicaule con talos decumbentes, glabros de ata 20 cm. Vaíñas infladas, follas planas, erecto-patentes ou patentes, alternas excepto as dúas superiores subopostas, estriadas por ambas caras, glabras, coa lígula de pelos moi curtos. Inflorescencia en panícula espiciforme de ramas curtas, inferiormente non cuberta pola vaíña, áinda que próxima a ela. Espícululas de 1,9-2,6 mm, curtamente pedunculadas. Glumas subiguais, membranosas e quilla escábrida. Unha soa flor hermafrodita. Lema de c. 2,2 mm, obtusa e mútica. Pálea membranosa pouco máis curta cá lema. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa. N África, SW W e C Asia. Introducida en Norteamérica. P. Ibérica: metade W e dispersa no NE.

•**Hábitat:** marxe de encoro (*Bidentetea tripartitae*).

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, río Limia na cola do Encoro das Conchas, 29TNG8748, 550 m, marxe de encoro (*Bidentetea tripartitae*), 29-09-2005, J.Amigo & IPS, SANT 54052.

•**Bibliografía:** HERAS & MUÑOZ RODRÍGUEZ (2021).

— **Cynodon** Pers. —

■ ***Cynodon dactylon* (L.) Pers.**

- **Descripción:** hemicriptófito rizomatoso e estolonífero. Talos ata 40cm, glabros. Follas paralelinervias, se planas de 2-4 mm de anchura. Lígula constituída por pelos. Inflorescencia dixitada con 3-5 espigas unilaterais, de 2-6 cm de longo cada una. Espículas de 2-2,5(2,8) mm, subsésiles. Glumas desiguais. Lema de 2-2,5 mm, navicular, pubescente en marxes e quilla. Pálea tan longa coma a lema, biaquillada con pelos escábridos nas quillas.
- **Distribución:** S Europa, W Asia e N África. Subcosmopolita (clima temperado tropical). P. Ibérica: ampla distribución.
- **Hábitat:** ruderal, camiños.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**
 - >LOBIOS, Rial, 29TNG7539, 420 m, pastos nitrófilos en marxe de camiño, 13/07/2012, IPS, SANT 65823. Os Baños, 29TNG7434, 385 m, céspede en camiño e adxacente ao balneario, 10/10/2015, IPS, SANT 72064.
- **Bibliografía:** VELAYOS (2021).

— ***Cynosurus* L.** —

Herbáceas. Follas con vaíñas abertas e glabras, lígula membranosa e limbo plano. Inflorescencia en panícula densa con espículas fértiles e estériles, as últimas situadas por debaixo das primeiras. Glumas subiguais que recobren as flores. Lemas con aresta apical ou subapical mas curta ou más longa có lema. Ovario glabro.

- **Bibliografía:** CANTÓ & DEVESA (2020).

Clave de subespecies

1. Vivaz; inflorescencia oblonga, cilíndrica; arestas más cortas cás lemas	<i>C. cristatus</i>
Anual; inflorescencia oval ou ovoide, unilateral; arestas más longas cás lemas	<i>C. echinatus</i>

■ ***Cynosurus cristatus* L.**

- **Descripción:** hemicriptófito cespitoso, glabro, de ata 70 cm de altura. Follas paralelinervias, de 1-2 mm de anchura. Lígula membranosa curta, truncada. Inflorescencia en panícula estreita con aspecto de espiga oblonga, con espículas fértiles e estériles. Espículas fértiles con 3-7 flores, con glumas más curtas cá espícula. Lema fértil cunha aresta moito más pequena que ela. Espículas estériles formadas por glumas e lemas linear-lanceoladas, carinadas.

- **Distribución:** Europa, W Asia e Macaronesia. Introducida en Norteamérica e Australia. P. Ibérica: C e N.

- **Hábitat:** preferentemente en chans profundos, prados de dente ou sega, cunetas pouco manejadas.

- **Frecuencia:** común.

- **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, prado próximo ao río (*Cynosurion cristati*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69942. Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77310. Vilar-Vilariño, 29TNG9236, 1110 m, cuneta e entrada a finca, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80267. >LOBIOS, O Puxedo-A Cela, río Mao, 29TNG8138, 708 m, prado (*Cynosurion cristati*), 12/06/2020, IPS, SANT 78739.

■ *Cynosurus echinatus* L.

• **Descripción:** terófito. Follas paralelinervias de 3-9(11) mm de anchura. Lígula oblonga de 2-4 mm. Panícula densa con ramíñas curtas, unilateral, oval ou ovoide. Espículas de 8-10 mm; as fértiles con 2-3 flores, as estériles con 15-20 brácteas que case non se diferencian en lema e pálea. Lema fértil de 6-7 mm, escábridas na parte superior, con aresta de 6-15 mm. Arestas cuxa lonxitude é de 1-3 veces a da lema correspondente.

• **Distribución:** S Europa (mediterráneo-atlántica), C e W Asia, NW de África, Macaronesia. Naturalizada en gran parte de Europa. P. Ibérica: amplamente estendida.

• **Hábitat:** cunetas en ambiente seco.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Feira Vella, Veiga de Olín, 29TNG7441, 505 m, pasto anual viario, 10/06/2020, IPS, SANT 78737. >LOBIOS, Vilamea-Ermida de Nosa Señora do Xurés, 29TNG7536, 440 m, pasto anual nitrófilo en cuneta, 18/06/2011, IPS, SANT 65253. A Portaxe, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, pradarías pouco tempo inundadas, 06/07/2019, IPS, SANT 77496. >Muíños, Cados, 29TNG8244, 650 m, pasteiro anual viario, 27/05/2011, IPS, SANT 64747. Porqueirós-presa Encoro de Salas, 29TNG8743, 930 m, pasto anual/vivaz viario, 19/06/2020, IPS, SANT 78738.

— *Dactylis* L. —

■ *Dactylis glomerata* L.

subsp. *glomerata*

• **Descripción:** hemicriptófito. Follas paralelinervias coa vaíña comprimida e lígula oblonga; limbo plano e más ou menos escábrido, en ocasións pregado. Panícula unilateral, formada por fascículos unilaterais densos de espículas subsésiles, sostidos por pedúnculos curtos, os inferiores con frecuencia moito más longos e desprovistos de espículas por abaxio. Espículas de 7-8 mm con 2-5 flores. Glumas subiguais, ciliadas, acuminadas, a inferior uninerviada e a superior trinerviada, ambas mucronadas ou con aresta curta. Ovario glabro.

• **Distribución:** Europa, Asia Temperada, N África e Macaronesia. Subcosmopolita. Case toda a P. Ibérica.

• **Hábitat:** prados, marxes de camiños, ruderal, bosques alterados.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Xendive-Torno, 29TNG7742, 420 m, orla de piñeiral de *Pinus pinaster*, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62001. Fondevila-Rivas de Arauxo, 29TNG7739, 390 m, marxe da pista que sae de estrada (OU-1206, Km 1,8), 11/06/2020, IPS, SANT 78735. >Muíños, Prado, río Salas, área recreativa, 29TNG8342, 690 m, prados semi-naturais, 27/05/2011, IPS, SANT 64752. Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 955 m, pasteiro por zonas nitrificado e pisado, con dominio de *Agrostis*, 24/06/2011, IPS, SANT 65283.

• **Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (2020).

• **Citas previas:** MERINO (1909).

— *Danthonia* DC. —

■ *Danthonia decumbens* (L.) DC.

Sieglinia decumbens (L.) Bernh.

• **Descripción:** hemicriptófito, xeralmente multicaule. Talos glabros. Vaíñas con pelos patentes espallados. Lígula formada por pelos. Limbo de 1,4-3,4 mm de ancho, antrorso-escábrido. Panícula estreita, racemiforme, co eixe e ramíñas antrorso-escábridas, con 4-12(15) espículas.

Espículas de 6-12(15) mm con 3-5 flores cada unha. Glumas subiguais, glabras, de maior lonxitude cás flores. Lema de 4-7 mm, bidentada e cun mucrón no medio, ciliadas na metade basal e pubescente na base.

•**Distribución:** Europa (ata o Cáucaso e Anatolia), e N África (O Magreb). P. Ibérica: N, C e W.

•**Hábitat:** ambientes húmidos; pradarías e breixeira-toxeiras.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 560 m, pradaría higrófila, 02/07/2019, IPS, SANT 77560. >**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, pradaría higrófila pouco despois do nacemento dun regato (*Deschampsio-Juncetum effusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80220. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxyocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 77726. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, afluente río Lobios c. nacemento, 29TNG7931, 1390 m, bideiral, sotobosque encharcado por nacemento de manancial (*Luzulo henriquesii-Betuletum celtibericae* subas. *anemonetosum albidae*), 03/09/1997, IPS, SANT 77849. Serra do Xurés, 29TNG7734, 1143 m, brañal (*Nardetea strictae*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 64238. Torno-Xendive, 29TNG7642, 400 m, pasto baixo piñeiral incendiado, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62022. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1010 m, brañal en zona chá, chan profundo algo húmido (*Nardetea strictae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64794. Val de Riocaldo, Vía Romana, 29TNG7230, 570 m, marxe de regato sobre a pista, 22/09/2018, IPS, SANT 76592. >**MUÍÑOS**, c. Salgueiro, 29TNG8438, 1070 m, pasto en chan profundo e temporalmente húmido, 27/05/2011, IPS, SANT 64742.

•**Bibliografía:** AEDO (2021).

— ***Deschampsia* P. Beauv. —**

■ ***Deschampsia cespitosa* (L.) P. Beauv.**

subsp. ***cespitosa***

D. cespitosa subsp. *hispanica* Vivant; *D. media* subsp. *hispanica* (Vivant) O. Bolòs, Masalles & Vigo;

D. cespitosa subsp. *media* Gouan K. Richt.

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con talos que poden chegar a 1,5 m. Follas paralelinervias, planas ou pregadas e con aspecto xencialiforme, de 2-5 mm de anchura, con 7 nervios prominentes, con vaíña xeralmente glabra e marxes antrorso-escábridos. Folla mirada a contraluz amosa bandas lonxitudinais translúcidas. Lígula membranosa, lanceolada de 3-15 mm. Panícula laxa. Espículas de (3)4-6 mm con 2-4 flores. Glumas subiguais agudas. Callo piloso. Lema 2-3 mm, de ápice truncado e dentado, cos 2 dentes apicais laterais más longos cós 2 centrais e coa aresta (2-4 mm) inserta preto da base, inclusa ou case entre as glumas.

•**Distribución:** zonas temperadas e frías de ambos hemisferios. P. Ibérica: N, E e C.

•**Hábitat:** pradarías sobre chans encharcados, xuncais e prados higrófilos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Bande-Rubiás, río Cados, 29TNG8353, 670 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 77724. >**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, pradaría higrófila pouco despois do nacemento dun regato (*Deschampsio-Juncetum effusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80213. >**ENTRIMO**, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65863. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira (*Oxyocco-Sphagnetea*), 10/07/1996, IPS & D.Manso, SANT 77727. Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 09/09/1997(3,4), IPS, SANT 77741 e 77743. >**MUÍÑOS**, Prado, Río Salas, 29TNG8342, pradaría higrófila (*Deschampsio-Juncetum effusi*) 04/09/1997, IPS, SANT 77732. Guntumil-Serra do Pisco, Monte do Castro, 29TNG8939, 940 m, zona más húmida de prado e pradaría escio-higrófila (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65292.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (2020).

•**Citas previas:** MERINO (1909).

— Digitaria Haller —

■ *Digitaria sanguinalis* (L.) Scop.

• **Descripción:** terófito cespitoso. Talos ascendentes de 20-60 cm. Follas de 2-7(10) mm de ancho. Vaíñas inferiores pilosas, con pelos brancos patentes. Lígula membranosa, curta. Lámina lixeiramente auriculada na súa conexión coa vaíña, debilmente pilosa con longos pelos patentes de base tuberculada, marxe antrorso-escábrida. Inflorescencia con (2)3-10(16) ramas espigadas, erecto-patentes encaixadas no extremo do talo. Espículas aplicadas ao raque, lanceoladas, de 2-4 mm, con pedicelos moi curtos. Glumas moi desiguais, a inferior escamosa (0,5 mm), a superior más curta cás flores (1-2 mm). Espícula con 2 flores, una delas estéril. Lema e pálea de tamaño similar, glabras. Ovario glabro.

• **Distribución:** Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente estendida.

• **Hábitat:** pastos anuais nitrificados en ambiente ruderal e cultivos de fenoloxía estivo-outonal.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, camiño ao encoro, 29TNG8447, 550 m, pastos nitrificados, 07/10/2011, IPS, SANT65274. Cola Encoro das Conchas, 29TNG8748, 548 m, chans areosos temporalmente inundados, 09/10/2015, IPS, SANT 72062. >LOBIOS, A Portaxe, Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, chans encharcados en comunidade de *Iris pseudacorus*, 04/09/1997, IPS, SANT 77748. Fondevila, 29TNG7639, 410 m, ruderal, marxe de camiño (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 10/09/1997(2), IPS, SANT 77747. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos longamente inundados (*Bidentetea tripartitae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80831. >MUIÑOS, Quintá, 29TNG8647, 615 m, comunidade nitrófila viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 11/09/1997(3), IPS, SANT 77751. Pazos, Encoro das Conchas, 29TNG8446, 550 m, comunidade nitrófila en chan areoso da marxe do encoro, 05/11/2014, IPS, SANT 70357.

• **Bibliografía:** ALONSO & CRESPO (2021).

— Echinochloa P. Beauv. —

■ *Echinochloa crus-galli* (L.) Beauv.

• **Descripción:** terófito con talos que acadan 1,5 m, foliosos. Vaíñas abertas, glabras ou con marxes pubescentes. Limbo plano, de 3-20 mm de anchura, estriado, glabro, coas marxes escábridas e o nervio central marcado. Inflorescencia con acios (1-5 cm) de espículas situados alternamente e distanciados ou en verticilos, erecto-patentes ou adpresos e co raque anguloso e piloso. Espículas de (2,5)2,8-4 mm, densas, aristadas ou míticas, co raque que con frecuencia intercala longas setas solitarias ou en parellas. Glumas desiguais, a inferior moito máis pequena cá superior. Gluma inferior ovada de 1-1,4 mm. Gluma superior 2,4-3,5 mm, da mesma consistencia có lema da flor inferior. Lema da flor inferior 2,6-4,5 mm. Lema da flor superior de 2-3,5 mm. Ovario glabro.

• **Distribución:** Eurasíatica. Subcosmopolita. P. Ibérica: amplamente estendida.

• **Hábitat:** cultivos de fenoloxía estivo-outonal e marxe de encoros.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, pista ao Encoro das Conchas, 29TNG8447, 555 m, terreos removidos, 02/09/2007, IPS, SANT 58019. >LOBIOS, A Portaxe, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 340 m, chans encharcados, comunidade de *Iris pseudacorus*, 04/09/1997, IPS, SANT 77744. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos longamente inundados polo encoro (*Bidentetea tripartitae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80833. >MUIÑOS, Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chans areosos e pedregosos con estancamiento de auga ocasional, 03/10/1995, IPS, SANT 77729. Quintá, 29TNG8647, 615 m, comunidade nitrófila viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 11/09/1997(3), IPS, SANT 77750.

• **Bibliografía:** MARTÍNEZ AZORÍN & CRESPO (2021).

— **Eragrostis** N. M. Wolf —

Herbáceas anuais ou vivaces de talos glabros. Follas con vaíña, limbo e lígula formada por cílios. Inflorescencia en panícula. Espículas comprimidas, con numerosas flores hermafroditas e 2 glumas desiguais que non recobren as flores. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** SÁNCHEZ GULLÓN et al. (2021).

Clave de subespecies

1. Plantas anuais sen rizoma	<i>E. minor</i>
Plantas vivaces con rizoma	<i>E. curvula</i>

■ ***Eragrostis curvula*** (Schard.) Nees

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma, densamente cespitoso. Talos ata máis de 1 m de altura, inchados nos nós, xeniculados. Vaíña aberta, as da base con pelos aplicados e as medias con cílios (ata 5 mm) preto da lígula. Lígula con pelos curtos (0,1-0,3 mm). Limbo linear, setáceo, de 15-65 cm de longo x 1-3 mm de diámetro, coa face antrorso-escábrida. Panícula con nós pilosos e ramas inferiores verticiladas. Raque e ramas antrorso-escábridas. Espículas 4-8 mm x 1-1,5 mm, pedunculadas, lanceoladas ou linear-lanceoladas, con 4-8 flores que exceden amplamente ás glumas. Glumas desiguais, uninervadas, obtusas. Lema de 1,7-3 mm, ovada, mütica, trinervada.

•**Distribución:** S de África. Naturalizada no resto dos continentes. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** Utilizada en consolidación cembas e cunetas, como ornamental e forraxe. Pola súa localización más frecuente arredor da estrada OUR-540, parece ter entrado na Baixa Limia en obras referentes a dita infraestrutura, desde onde parece estenderse.

•**Frecuencia:** común (OUR-540 e irradiación).

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, As Conchas, 29TNG7944, 550 m, viaria, 24/05/1995, IPS 6 S.Ortiz, SANT 38814. >LOBIOS, Xeás, 29TNG7843, 460 m, marxe de área de descanso de estrada, 09/06/2011, IPS, SANT 64770.

•**Citas previas:** PULGAR et al. (1998).

■ ***Eragrostis minor*** Host

•**Descripción:** terófito con 1-varios talos por planta. Follas agudas, de limbo plano con pelos longos, patentes, prateados, espallados. Vaíña aberta con pelos longos patentes nas marxes cara o ápice. Inflorescencia en panícula con ramas patentes a erecto-patentes na madurez, escábridas, con glándulas crateriformes na axila das ramíñas. Espículas con pedicelos que decrecen en tamaño cara o extremo das ramíñas, xeralmente con 10-12 flores cada una, dispostas case nun solo plano. Glumas desiguais, menores cás flores. Pálea de tamaño similar ao lema. Cariópside maduro cun tabique na base que simula unha fóvea a cada lado deste.

•**Distribución:** eurosiberiana e mediterránea. Naturalizada en América, Oceanía, S Asia e S África. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** chans areosos temporalmente inundados.

•**Frecuencia:** rara. Unha soa localidade con centos de individuos.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos longamente inundados (*Bidentetea tripartitae*), 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80845.



Poaceae *Bromus rubens*



Poaceae *Catapodium rigidum*



Poaceae *Cynodon dactylon*



Poaceae *Cynosurus echinatus*



Poaceae *Deschampsia cespitosa*



Poaceae *Digitaria sanguinalis*



Poaceae *Echinochloa crus galli*



Poaceae *Festuca elegans*

— Festuca L. —

Herbáceas vivaces, cespitosas, rizomatosas ou estoloníferas. Talos erectos ou ascendentes, glabros. Follas paralelinervias case todas na base, con vaíña aberta ou cerrada, lígula membranosa en xeral de pequeno tamaño e limbo plano, en ocasións pregado, filiforme ata xunciforme. Inflorescencia en panícula laxa ou racemiforme. Raque antrorso escábrido. Espículas con varias flores fértiles e apicalmente algunha estéril. Glumas desiguais más curtas cás flores adxacentes. Lema agudo no ápice, mítico, mucronado ou con aresta apical. Pálea bidentada e biaquillada. Androceo con 3 estames. Ovario glabro ou piloso.

Xénero de gran complexidade cuxo estudo non se completou na data de publicación deste libro.

•**Bibliografía:** DEVESÀ & MARTÍNEZ SEGARRA (2020).

Clave de subespecies

1.	Base dos talos bulbosos	2
	Base dos talos non engrosados, plantas cespitosas ou rizomatosas	3
2.	Diámetro foliar de 1,5-3,5 mm; espículas >9 mm; gluma inferior uninervada	<i>F. paniculata</i> subsp. <i>multispiculata</i>
	Diámetro foliar de 0,8-1,1 mm, espículas < 9 mm; gluma inferior trinervada	<i>F. durandoi</i>
3.	Follas de limbo plano, con aurículas na unión á vaíña e prolongándose por ela	<i>F. arundinacea</i>
	Follas de limbo convoluto ou plicado sen ensanchamentos na zona de unión limbo-vaíña	4
4.	Follas de ápice helicoidal; lema escariosa	<i>F. elegans</i>
	Sen os caracteres precedentes	5
5.	Plantas rizomatosas	<i>F. rubra</i>
	Plantas cespitosas	6
6.	Follas dos renovos estériles con vaíñas abertas, solapadas ou non	7
	Follas dos renovos estériles con vaíñas cerradas	8
7.	Lígula glabra	<i>F. queriana</i>
	Lígula pilosa	<i>F. yvesii</i> subsp. <i>summilusitana</i>
8.	Follas de menos de 5 cm de lonxitude	<i>F. nigrescens</i>
	Follas de máis de 5 cm de lonxitude	9
9.	Plantas con brotes intravaxinais	<i>F. henriquesii</i>
	Plantas con brotes extravaxinais	<i>F. rothmaleri</i>

■ ***Festuca arundinacea* Schreb.
subsp. *arundinacea***

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso ou con curtos rizomas, con brotes extravaxinais. Talos que poden superar 1 m, cilíndricos, estriados, glabros, con vaíñas na base e 2-5 nós. Follas dos brotes

con vaíñas libres e solapadas, glabras ou retrorso-escábridas, non auriculadas, desfeitas en fibras na madurez; lígula 1-1,5 mm, membranosa, truncada; limbo plano, de face glabra ou levemente aculeolada, envés glabro e marxes antrorso-escábridas. Follas caulinás con limbo con aurículas falcadas e marxe con algúns cilios. Panícula co primeiro nó con 6-12 ramas e o entrenó glabro ou antrorso-escábrido cara o ápice. Espículas 9-16 mm con 4-10 flores fértiles e 1 apical estéril. Glumas desiguais coa marxe membranosa, a inferior 4-6,5 mm e 1-3 nervios, a superior 4,5-7 mm e trinervada. Lema (6)7-8(10) mm bidentado e con aresta subapical antrorso-escábrida. Pálea con 2 quillas escábridas. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África. Introducida en zonas de clima temperado. P. Ibérica: escasa só na ½ E.

•**Hábitat:** pradarías frescas

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**Muiños**, Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, colonizando chans despexados 28/05/2021, IPS.

■ *Festuca elegans* Boiss.

Festuca merinoi Pau; *F. elegans* subsp. *merinoi* (Pau) Fuente & Ortúñez

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con brotes intravaxinais. Talos ata máis de 100 cm, glabros ou antrorso-escábridos baixo a inflorescencia, tunicados na base, pardo claro na madurez. Follas dos brotes estériles con vaíña aberta e solapada en toda a súa lonxitude, marcescente pero non fibrosa; lígula membranosa de 2-6,7 mm, aguda; limbo de 0,3-0,7(0,9) mm de anchura, setaceo, de face e envés escábridos, ondulados na porción distal. Follas caulinás co limbo máis curto. Panícula de 8-14 cm; raque escábrido con ramas erectas ou erectopatentes, con ramas densamente híspidas. Espículas de (5,2)5,8-10(12,5) mm, verdosas ou variegadas de violeta, con pedúnculo levemente engrosado no extremo.

•**Distribución:** P. Ibérica (C, S e W) e Marrocos.

•**Hábitat:** claros de breixeira con pouco chan, cembas; preferentemente piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escasa.

•**Pregos herborizados:**

>**Lobios**, Serra do Xurés, Chao das Casas-río de Lobios, 29TNG7834, 980 m, claros de breixeira (*Erica australis*), 03/09/1997, IPS, SANT 77731. Serra do Xurés, senda paralela río da Amoreira_Vilameá. 29TNG7634 (768/3434), 736 m, 18/06/2011, IPS, SANT 65245. >**Muiños**, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG852366, 1365 m, ladeira con chan areoso próximo a penedo, 01/08/2008, IPS, SANT 59543; **observ:** prego testemuño B.G.: Pulgar08080101. A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, marxe de camiño en interior de carballeira, 27/05/2011, IPS.

•**Outras observacións xeoreferenciadas:**

>**Lobios**, Serra do Xurés, senda paralela ao río da Amoreira_Vilameá, 29TNG7732 (57766 / 463232), 988 m, 18/06/2011, IPS. Serra do Xurés, senda despois de ponte que cruza o río da Amoreira_Vilameá, 29TNG7732 (57766 / 463232), 988 m, 18/06/2011, IPS.

■ *Festuca henriquesii* Hack. ●

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, con brotes intravaxinais con talos de 20-50 cm. Talos verdes estriados con 1-2 nós pardo-purpúreos cara abaxio e coa base tunicada. Follas estériles con vaíña cerrada, glabra, marcescente e fibrosa; lígula 0,1-0,2 mm, truncada e glabra; limbo plano ou pregado de 1,4-4 mm de ancho, patente, ríxido, de face con 5-7(9) costelas marcadas e aculeoladas e envés glabro e coas costelas moi pouco marcadas. Follas caulinás 1-2 con vaíña aberta e de menor tamaño. Panícula curta de ata 10(13) cm, laxa, coas ramas erectas ou erecto-patentes

e escábridas. Espículas de (6,5)8-11 mm. Lema de (4,5)5-6 x 1,9 mm, con aresta apical de 2-5,2 mm. Pálea bidentada e con dúas quillas escábridas. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo de C e N de Portugal (Serra da Estrela e Gerês).

•**Hábitat:** brañeiras de zonas altas. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** -.

•**Pregos herborizados:** especie que debe buscarse na Baixa Limia.

•**Citas previas:** DEVESÁ (2013), FUENTE & ORTUÑEZ (1995) (Serra do Gerês).

■ *Festuca nigrescens* Lam.

F. nigrescens subsp. *microphylla* (St.-Yves) Markgr.-Dann.

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, con rizoma curto con renovos intra e extravaxinais. Talo coa base non engrosada, con dous entrenós glabros. Follas dos brotes estériles moito más curtas có talo, coa vaíña soldada case totalmente e terminada en dúas pequenas aurículas pouco aparentes; lígula membranosa, truncada, inapreciable; limbo convoluto, xunciforme, de menos de 1 mm de anchura, de face antrorso-escábrida en costelas e envés glabro. Inflorescencia en panícula ou racemiforme. Raque orso-escábrido. Espículas glabras con 3-6 flores fértiles. Glumas desiguais, a superior de maior tamaño que a metade da inferior, sendo esta más curta cá lema da flor inferior, quedando as flores ao descuberto. Lema de c. 3,5 mm con aresta apical de 1-1,5 mm.

•**Distribución:** Europa: P. Ibérica, Francia, Italia e Romanía. P. Ibérica: montañas da metade N.

•**Hábitat:** zonas de montaña con pastos sobre chans profundos pastados polo gando.

•**Frecuencia:** escasa.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021(04), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 81307. >Muíños, Portela de Pitoens, 29TNG8736, 1200 m, pastos sobre chans profundos en claros de matogueira con *Ulex minor*, 24/06/2011, IPS, SANT 65290.

■ *Festuca paniculata* (L.) Schinz & Thell.

subsp. *multispiculata* Cebolla & Rivas Ponce ●

•**Descripción:** hemicriptófito. Talos con base tuberosa de 10-20 mm de ancho, glabros. Vaíñas que en ocasións se volven fibrosas, glabras. Limbo paralelinervio de 1,5-3,5 mm de ancho, planos na metade superior dos talos floridos e filiformes nos non floridos. Panícula contraída, coas ramas erectas, antrorso-escábridas na porción distal e pedúnculos. Espículas de menos de 12 mm. Glumas desiguais, a inferior cun nervio o mesmo cá superior, áinda que nesta poden aparecer nervios laterais na base. Lema c. 7 mm, mítico, amarelento, glabro e escábrido en nervio medio cara o ápice. Podería atoparse tamén no territorio a subsp. *spadicea* (L.) Litard. (*Festuca spadicea* (L.) Litard), citada por MERINO (1909) e cuxa prego é revisada por LITARDIERE (1956); parece descartable F. durandoi tamén citado por LITARDIERE (1956).

•**Distribución:** endimismo do C, N e W da P. Ibérica.

•**Hábitat:** penedos en claros de breixeira do piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1125 m, chans pouco profundos entre penedos de cume, 09/06/2021, Í. Pulgar, M. Fernández & Lisardo, SANT 81315. >LOBIOS, Serra do Xurés, Río de Lobios, 29TNG7932, 26/07/1992, IPS, SANT 77955. Serra de Santa Eufemia, Caseta forestal, 29TNG7030, 1030 m, 10/05/1996, IPS, SANT 77688. Serra do Xurés, Escada-Pión de Paredes, 29TNG7832, 1250 m, breixeira con *Thymelaea broteriana* (*Ericenion aragonensis*) e corga, 14/05/1997(1), IPS, SANT 77949. Serra

do Xurés, río Lobios, 29TNG7932, 1230 m, chans profundos 03/09/1997, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7833, 1200 m, fisura de penedos, comunidade con *Xiphion boissieri* e *Ranunculus bupleuroides*, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59525. Serra de Santa Eufemia, Corga do Sol_cumbre, 29TNG6932, 840 m, claros de matogueira con penedos graníticos, 08/06/2021, IPS & L.Rubiños, SANT 81316. >**Muíños**, Ganceiros-Parada da Ventosa, 29TNG7843, 530 m, matogueira e xesteira aclaradas (*Cytisetum striati* subas. *cytisetosum multiflori*), 16/04/1997(1), IPS, SANT 77951. Requiás, Encoro de Salas, 29TNG8740, 835 m, entre pantano e pista. 28/05/2021, IPS, SANT 81314.

■ *Festuca queriana* Litard. ●

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con brotes intravaxinais. Talos glabros con 1(2) nós tunicados polas vaíñas. Follas estériles con vaíñas libres, solapadas, glabras, marcescentes; lígula 0,1 mm; limbo setáceo de 0,4-0,9 mm de anchura, pregado, con face escábrida e envés glabro. Follas caulinas 1-2 de menor tamaño. Panícula con raque e ramas antrorso-escábridas, estas erectas ou erecto-patentes. Espículas 6,5-11 mm con pedúnculo algo engrosado no extremo. Glumas desiguais, a inferior (2)2,3-3(3,5) mm, uninervia; a superior 3,5-4,3(4,5) mm, trinervada. Lema 4,5-5,5 mm con aresta apical de ata 1,5 mm. Pálea bidentada e con 2 quillas escábridas. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo das montañas do NW da P. Ibérica

•**Hábitat:** pradarías e prados sobre chans húmidos e brañeiras. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** -.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*) case permanentemente encharcado con especies de turbeira, 16/06/2016, IPS & M.Fernández. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021(04), IPS, M.Fernández & Lisardo. >**LOBEIRA**, Chaus da Limia, 29TNG8145, 570 m, prado de sega (*Arrhenatheretalia*), 23/06/2021(4), IPS.

■ *Festuca rothmaleri* (Litard.) Markgr.-Dann. ●

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con rizomas curtos e brotes extravaxinais. Talos que poden superar 100 cm, glabros, tunicados na base. Follas estériles con vaíñas cerradas que se descomponen en fibras na madurez, lígula truncada e ciloliada de 0,2-0,4 mm e limbo xeralmente pregado, setáceo, de face escábrida e envés glabro o hirsuto. Follas caulinas con vaíña aberta e limbo de 0,4-1,9 mm de anchura, planas. Inflorescencia en panícula laxa, con ramas desiguais, erecto-patentes na madurez, co raque antrorso-escábrido. Espículas gluma inferior 2-4,5 mm, uninervia e gluma superior 3-6 mm trinervada. Lema 4-6,5 mm con aresta apical antrorso-escábrida de 0,5-2 mm na flor inferior e ata 5 mm nas superiores. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo do C e quadrante NW da Península Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías higroturbosas, fontes, regatos, mananciais.

•**Frecuencia:** -.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Os Baños-O Pazo, 29TNG8348, 610 m, prado higrófilo con *Paradisea lusitanica*, 22/08/1997, IPS, SANT 77757.

■ *Festuca rubra* L.

subsp. *rubra*

F. duriuscula L.

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso, laxo, con brotes extravaxinais. Talos glabros con 1-2 nós visibles e tunicados na base. Follas dos brotes estériles con vaíña cerrada, coa marxes soldadas en case toda a súa lonxitude; lígula membranosa 01-04(0,5) mm, truncada e curta-

mente ciliada; limbo pregado, setáceo coa face escábrida e envés glabro. Follas caulinas 1-2, con vaíña aberta e lixeiramente auriculada, lígula de ata 0,5 mm e limbo plano, < 2 mm de ancho. Panícula con raque antrorso-escábrido ou lixeiramente cabeceada, con ramas patentes na antese. Espículas 7-13 mm, con tinguiduras púrpuras e 3-7 flores fértiles. Lema de 4,5-7 mm con aresta de 0,5-1,3 mm na flor inferior e de ata 3 mm nas superiores. Pálea de subigual a algo más curta có lema.

•**Distribución:** holártica. N da P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías e prados con chans húmidos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

■ *Festuca yvesii* Sennen & Pau

subsp. *summilusitana* (Franco & Rocha Afonso) Mart. Sagarra & Devesa ●

F. yvesii subsp. *graniticola* (Kerguélen & Morla) Mart.-Sagarría & Devesa; *F. graniticola* Kerguélen & Morla; *F. summilusitana* Franco & Rocha Afonso; *F. gredensis* Fuente & Ortúñez

•**Descripción:** hemicriptófito arrosetado, cespitoso. Talos ata 50 cm, escábrido-pubescentes ao menos na base. Vaíñas das follas membranosas, pubescentes, soldadas na metade a $\frac{3}{4}$ partes da súa lonxitude. Lígula de 0,2-0,3 mm, ciliada na marxe e con aurículas curtas tamén ciliadas. Follas ríxido-arqueadas, lineares, punzantes, glabras e pubescentes por debaixo. Panícula densa con (2)3-4(6) ramas. Espículas de 5-8(9,5) mm, pruinosa, con 4-6(7) flores fértiles, verde ou violeta. Glumas subiguais, a superior algo maior, con marxe escariosa e ciliada. Gluma inferior 2-3,5 mm, lanceolada, con 1(3) nervio; gluma superior 3-4,8 mm, oval-lanceolada, con 3-5 nervios, co ápice escábrido-pubescente. Callo con pelos curtos. Lema de 4-6 mm, con 5 nervios no dorso, en ocasións pouco aparentes, marxe estreitamente membranosa e curtamente ciliada; ápice escábrido-pubescente con aresta de (0,8)1-2,1(2,4) mm. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo do arco herciniano do NW ibérico. En Galicia nas montañas de Lugo e Ourense.

•**Hábitat:** pradarías pioneiras vivaces sobre chans esqueléticos de cume. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9333, 1390 m, *Festucetea indigestae*, 01/07/2021, IPS, M.Fernández, & Lisardo. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 960 m, fisura case plana de gran bloque de granito, 02/06/2011, IPS, SANT 65310. Serra do Xurés, Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1540 m, pradarías pioneiras vivaces (*Festucetea indigestae*), 09/08/2012, IPS, SANT 65828. >**MUÍÑOS**, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8536, 1368 m, gretas de bloques de granito (*Minuartio recurvæ-Silenetum acutifoliae*), 01/08/2008, IPS, SANT 59541; observ.: prego testemuño B.G.: Pulgar08080102. **PORTUGAL**, Minho, Serra Amarela, 29TNG6729, 1250 m, pradarías pioneiras vivaces (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae* subas. *thymetosum caespititiæ*), 18/06/1997(8), IPS, SANT 77954.

•**Bibliografía:** LÓPEZ & DEVEZA (2021).

■ *Festuca spp.*

>**Entrimo**, río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS. >**Lobios**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 970 m, pista e marxe de matogueira, 02/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 995 m, pasteo en marxe de regato (*Nardetea strictae*), 02/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 990 m, pradería dominado por *Pseudarrhenatherum longifolium* sobre chans profundos, con algo de humidade e favorecidos pola sega, pastoreo e incendio, 02/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, Os Palleiros, 29TNG7129, 950 m, pasto baixo piñeiral, zona próxima ao cume, 09/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1230 m, pasteo sobre litosolos e gretas de cume (*Minuartio recurvæ-Sile-*

netum acutifoliae), 09/06/2011, IPS. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1160 m, comunidade de herbáceas pirófilas, 09/06/2011, IPS. Serra do Xurés, 29TNG7634, 700 m, pasto baixo penedo, 18/06/2011, IPS. >**MUIÑOS**, Serra do Xurés, A Lomba-Currall de Iribo, 29TNG8637, 1250 m, orla de reboleira, 27/05/2011, IPS. Serra do Xurés, Salgueiro, 29TNG8438. 1070 m, pasto; chan profundo (*Violion caninae*) rodeado de chan pedregoso. 27/05/2011. IPS. Guntumil-Monte do Castro, 29TNG8939, 940 m, zona más húmida de prado e en pradaría megárbica escio-higrófila (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS. >**LITARDIERE** (1956), tamén cita da Serra de Pitós *Festuca trichophylla* (Ducros. Ex Gaud.) K. Richt.

— **Glyceria** R.Br. —

■ **Glyceria declinata** Bréb.

Glyceria fluitans (L.) R. Br. subsp. *declinata* (Bieb.) O. Bolòs, Masalles & J. Vigo

- **Descripción:** hemicriptófito. Talos glabros, xeniculado ascendentes ou procumbentes na base e logo ascendentes. Follas paralelinervias, planas, con nervios escábridos moi mascados no envés. Lígula membranosa, triangular. Panícula unilateral, con 1-3 ramificações nos nós centrais, dos cales os más longos teñen de 1-6 espículas e os más curtos 1(2), de 10 a 26 mm. Glumas uninervadas moito más curtas cás flores. Lema con 5-7 nervios moi marcados, escarioso no ápice e con 3-5 dentes, mútico. Pálea bifida, terminada en dous dentes que superan o lema.
- **Distribución:** Europa, Marrocos e Macaronesia non tropical. Introducida Norteamérica e Oceania. P. Ibérica: só é escasa no E.
- **Hábitat:** medios encharcados areosos ou lamaçentos. Silicícola.
- **Frecuencia:** común.
- **Pregos herborizados:**

 - >**LOBIOS**, río Caldo, Os Baños, 29TNG7835, 380 m, pedregais da marxe do río, 12/03/1996, IPS. Encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7640, 350 m, comunidade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricea*), 15/05/1997, IPS, SANT 52085. >**MUIÑOS**, Salgueiros, 29TNG8439, 980 m, zona encharcada en marxe de río, 07/10/2004, IPS, SANT 64239.

- **Bibliografía:** LÓPEZ & DEVESA (2020).

— **Helictochloa** Romero Zarco —

■ **Helictochloa marginata** (Lowe) Romero Zarco

Avenula sulcata subsp. *sulcata* (Gay ex Boiss.) Dumort; *A. lodunensis* (Delastre & Kerguélen) Kerguélen; *A. marginata* (Lowe) Holub; *A. marginata* subsp. *sulcata* (Gay ex Boiss.) Franco; *Helictotrichon sulcatum* (Gay ex Boiss.) Henrad.

- **Descripción:** hemicriptófito cespitoso, glabro, con talos que poden superar 1 m, comprimidos na base. Follas planas, as basais con (10)15-29 nervios e coa marxe cartilaxinosa ben desenvolta, de 5-50 cm x 1,6-8 mm, frecuentemente pregadas, con dúas liñas de células en forma de burbulla a ambos lados do nervio medio. Follas superiores bracteiformes, con limbo de 0,2-1,5(2) cm. Inflorescencia en panícula coas ramas antrorso-escábridas. Espículas con varias flores fértiles. Glumas anchamente escarioosas, desiguais, que non chegan a recubrir as flores, a inferior trinerizada, de 8-12 mm e a superior 9,5-14 mm con 3-5 nervios. Raquilla entre as dúas primeiras flores pilosa. Lema de 9-14 mm, con 5-7 nervios na base dos cales 2 terminan en setas no ápice (bífido); con aresta 12-25 mm, xeniculada e de inserción dorsal. Ovario piloso no ápice. Segundo Romero Zarco (2019) as plantas diploides de ata 75 cm, con limbos das follas basais de 25-100 x 1-2(3) mm, que habitan na maior parte dos sistemas montañosos da Península, pertencen á var. *reuteri* Romero Zarco.

•**Distribución:** SW Europa (W Francia e P. Ibérica) e NW África (Marrocos). P. Ibérica: C, N e W.

•**Hábitat:** chans pouco profundos, breixeiras e breixeira-toxeiras. Silicícola.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, val das Sombras 29TNG7731, 1090 m, colonizando chans con areas gresas de alteración de granitos, 21/05/2011, IPS, SANT 65224. >Muíños, Maus de Salas, Fermosendes, 29TNG8843, 890 m, xesteira de *Cytisus multiflorus* (*Halimio-Cytisetum multiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 77765. Salgueiro, 29TNG8538, 1070 m, orla de breixeira, 27/05/2011, IPS, SANT 64745.

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO (2020).

— Helictotrichon Besser —

■ *Helictotrichon thorei* Röser

Pseudarrhenatherum longifolium (Thore) Rouy

•**Descripción:** hemicriptófito con talos de ata máis de 1 m, cos entrenós basais non inchados. Follas paralelinervias, planas aínda que finalmente revolutas, de 1-4 mm de anchura, escábridas na face. Vaíñas das follas caulinas con pelos deflexos densos. Panícula de 8-20 cm. Espículas de 5-8 mm con dúas flores de distinto tipo. Glumas con 3 nervios, agudas, coa marxe e ápice membranosos, a superior lixeiramente maior e tan longa coma as flores. Raque que se desarticula por enriba das glumas. Callo piloso. Flores hermafroditas co lema piloso, o da flor inferior, con aresta de 7-9 mm inserta do medio ao terzo apical, xeniculada e coa parte inferior retorcida en espiral. Pálea membranosa. Flor superior mütica. Ovario piloso.

•**Distribución:** W Europa, desde NW Francia ao C Portugal e S España.

•**Hábitat:** breixeiras e toxeira-breixeiras.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Buxán-Sordos, 29TNG8552, 690 m, carballeira (*Rusco-Quercetum roboris subas. violetosum rivinianii*), 11/09/1997, IPS, SANT 77749. Chao do Agro-Vilar, 29TNG8753, 960-970 m, reboleira (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 23/06/2021(09), IPS, SANT 80811. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7234, 800 m, breixeira-toxeira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 07/05/2011, IPS, SANT 64556. >Muíños, Salgueiro-A Barxa, 29TNG8438, 1120 m, orla de breixeira (*Ericion umbellatae*, *Ericenion aragonensis*), 27/05/2011, IPS, SANT 64744. A Barxa, 29TNG8637, 1100 m, marxe de camiño rodeado de breixeira, 27/05/2011, IPS, SANT 64729. Albite, Outeiro do Home Dereito, 29TNG8239, 1000 m, xesteira (*Cysetea scopario-striati*), 08/06/2021, IPS, SANT 80341. Albite, Porta da Lama, 29TNG8339, 1120 m, breixeira-toxeira (*Calluno-Ulicetea*), 08/06/2021, IPS, SANT 80339.

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO (2021b).

•**Citas previas:** BELLOT (1951).

— Holcus L. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos glabros. Follas con vaíña aberta e pilosa, lígula membranosa e limbo plano paralelinervio. Inflorescencia en panícula. Espículas con 2 glumas que encerran 2 flores, a inferior hermafrodita e a superior en ocasións masculina ou estéril. Lema da flor superior con aresta dorsal. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** SEQUEIRA (2020).

Clave de especies

1. Plantas anuais; glumas acuminadas	<i>H. durieui</i>
Plantas vivaces; glumas mucronadas	2
2. Aresta da flor superior ganchuda no ápice que non, o moi pouco, excede ás glumas	<i>H. lanatus</i>
Aresta da flor superior xeniculada e que excede longamente ás glumas	<i>H. mollis</i>

■ *Holcus gayanus* Boiss.

Holcus durieui Steud

• **Descripción:** terófito con talos foliosos de ata 40 cm, coa nós glabros e escuros. Follas con vaíña glabra, algo inflada; lígula obtusa a truncada, xeralmente laciñada; limbo das follas medias de 0,8-4,9 mm de anchura, pubescentes con pelos moi curtos no face. Panícula laxa, concentrada, exerta, de ata 9 cm, con ramiñas con pelos patentes. Espículas de 6,1-10,5 mm con 2 flores hermafroditas. Glumas longamente acuminadas, escábridas na quilla, a inferior uninervia e trinervada a superior. Flor superior con lema aristado e piloso no ápice; lema da flor inferior glabro ou moi pouco piloso no ápice, mítico ou con aresta escábrida, dorsal e xeniculada; lema da flor superior con pelos e aresta dorsal, xeniculada, escábrida só na base e longamente exerta. Pálea con 2 quillas, trilobulada.

• **Distribución:** endimismo do C e W da P. Ibérica.

• **Hábitat:** chans esqueléticos en penedos de montaña. Zona oriental.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BALTAZAR, Tosende-Covas, 29TNG9944, 1045 m, penedos, 18/06/2011, IPS, SANT 65280. Tosende, 29TNG9943_29TPG0043, 950 m, claros de piornal, 09/06/2021(03), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80332. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1178 m, cambrional sobre chans rochosos, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77312. >PORTUGAL, Serra do Gerês, 29TNG8435, 1350 m, fisura de penedos graníticos, 14/07/2012, IPS, SANT 65895.

• **Outras observacións:**

>Muíños, Guntumil-Pitoes das Jhunias. >CALVOS DE RANDÍN, Vilar-fronteira portuguesa.

• **Citas previas:** MERINO (1909): Lobios (Cabaleiro) y Muíños.

Recoñécese 2 variedades, a segunda das cales Sequeira (2020) non contempla en Galicia, pero si en territorios adxacentes. Precísase revisión dos materiais herborizados.

Clave de variedades

1. Flor inferior mítica; callo glabro ou glabrecente	var. <i>gayanus</i>
Flor inferior aristada; callo pubescente ou hirsuto	var. <i>biaristatus</i>

■ *Holcus lanatus* L.

• **Descripción:** hemicriptófito cespitoso. Talos que poden superar 1 m de altura, pubérulos ou pubescentes, con pelos retrorsos aplicados. Follas con vaíñas pilosas, lígula de 0,7-4,7 mm truncada ou redondeada e limbo plano con pelos longos e curtos en ambas caras. Panícula contraída trala antese con ramas e raque pilosos, en ocasións coa base recuberta pola vaíña da folla superior. Espículas de 2,9-6,8 mm con 2(3) flores, a interior hermafrodita e a superior masculina. Glumas subiguais, aquilladas, ciliadas no ápice e na quilla, a inferior mucronada e a superior cunha pequena aresta. Lema da flor inferior de 1,5-2,8 mm, mucronado; o da flor superior con



Poaceae *Festuca paniculata*



Poaceae *Festuca summilusitana*




Poaceae *Glyceria declinata*



Poaceae *Helictochloa marginata*



Poaceae *Helictotrichon thorei*



Poaceae *Holcus gayanus*



Poaceae *Holcus lanatus*



Poaceae *Holcus mollis*

aresta de 0,9-3,3 mm recurvada en forma de gancho e que non, o case non excede á gluma. Lema da flor inferior mütica ou aristada. Pálea da flor superior de 1/2 da lonxitude da lema, a de flor inferior tan longa coma o seu lema.

•**Distribución:** Europa, W Asia e N África. Naturalizada en América e Asia. P. Ibérica: todo o territorio.

•**Hábitat:** prados, pradarías ruderais e higrófilas.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Bande-Rubiás, río Cadós, 29TNG8353, 670 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/07/1996, IPS, SANT 77678. Os Baños-Pazo, 29TNG8348, 610 m, prado higrófilo con *Paradisea lusitanica* (*Molinetalia, Juncion acutiflori*), 22/08/1997, IPS, SANT 77758. Bande, 29TNG8454, 770 m, comunidade de herbáceas megafórbicas escio-higro-nitrófilas en marxe río (*Artemisetea, Convolvuletalia sepii*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59656. Currás, 29TNG8649, 550 m, bideiral en marxe encoro As Conchas, 18/06/2020, IPS, SANT 78858. >**LOBIOS**, Gustomeau-Esperanzo, 29TNG7937, 550 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 21/05/1996, IPS, SANT 77687. Fondevila-A Portaxe, 29TNG7639, 380 m, orla de carballeira (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*), 11/06/2004, IPS, SANT 51785. O Puxedo-A Cela, 29TNG8138, 708 m, prado adxacente ao río Mao (*Cynosurion cristati*), 12/06/2020, IPS, SANT 78862. Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, orla de bosque con caída de regato (escio-higro-nitrófila), 19/06/2020, IPS, SANT 78861. >**MUÍÑOS**, Maus de Salas, Fermosendes, 29TNG8843, 890 m, xesteira de *Cytisus multiflorus* (*Halimio-Cytisetum multiflori*), 21/08/1997, IPS, SANT 77764. Serra do Pisco, 29TNG8839, 1050 m, comunidade de herbáceas en camba salpicado por auga de manancial (*Montio-Cardaminetea, Stellario alsine-Montietum*), 21/08/1997, IPS, SANT 77735.

■ *Holcus mollis* L.

•**Descripción:** hemicriptófito rizomatoso. Talos que poden superar 1 m de altura, xeralmente pilosos nos nós e glabro no entrenó por enriba do nó. Follas con vaíña glabra ou pilosa inferiormente; lígula 1,2-5,4 mm truncada; limbo con pelos curtos e longos na face e envés liso con poucos pelos, máis estreito que na especie precedente. Panícula exerta da vaíña, con ramíñas e raque pilosos. Espículas de 4-6(7) mm con 2 flores. Glumas con cilios curtos na quilla e nervios. Lema da flor superior de 2-2,5(2,8) mm, con aresta lixeiramente xeniculada de 1,9-3 mm que sobresae da espícula.

•**Distribución:** Europa, W Asia e NW África. Naturalizada noutras zonas e continentes. P. Ibérica: N e montañas do S.

•**Hábitat:** bosques abertos, de ribeira, e as súas orlas herbáceas, prados higrófilos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, 29TNG8454, 770 m, comunidade de herbáceas escio-higro-nitrófilas en marxe río (*Artemisetea, Convolvuletalia sepii*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59658. >**ENTRIMO**, Serra de Queguas, 29TNG7346, 1013 m, pastos sobre chans profundos, 10/08/2012, IPS, SANT 65871. Río Pacín, 29TNG7543, 500 m, ameneiral ripario (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 10/08/2012, IPS, SANT 65869. >**LOBIOS**, Gustomeau, 29TNG7837, 600 m, orla de bosque con caída de regato (escio-higro-nitrófila), 19/06/2020, IPS, SANT 78863. >**MUÍÑOS**, encoro de Salas, canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, xuncal encharcado (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65298. A Barxa-Salgueiros, chans profundos en orla de bideiral secundario, 15/09/2018, IPS, SANT 76547.

— *Hordeum* L. —

■ *Hordeum murinum* L.

subsp. *murinum*

•**Descripción:** terófito de talos foliosos ata preto da espiga. Follas paralelinervias de 2-8 mm de anchura. Espigas, sen contar as arestas, de 5-12 x 1-1,5 cm, densas, que se desarticulan na madurez. Espículas en grupos de 3, as laterais pediceladas e a central sentada ou cun pedicelo

inferior a 0,7 mm. Glumas atenuadas en aresta, ao menos as da espícula central coa marxe ciliada. Lemas das 3 espículas de tamaño similar con arestas de 1-3 cm que exceden as das glumas.

•**Distribución:** Europa (escasa baixo clima Mediterráneo) e SW Asia. P. Ibérica: C e N.

•**Hábitat:** pradarias viarios, ruderal.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7243, 540 m, marxe de camiño, 15/07/2012, IPS, SANT 65894. >LOBEIRA, Sabariz, 29TNG7847, 700 m, cuneta entrando ao pobo (ecotón *Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini* e *Lolio-Plantagineum majoris*), 09/09/1997, IPS, SANT 48875. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 410 m, ruderal, marxe de camiño (*Sisymbrio officinalis-Hordeetum murini*), 10/09/1997(2), IPS, SANT 77746. Torneiros, 29TNG7334, 430 m, viario en cuneta, 07/05/2011, IPS, SANT 64557. Fondevila, 29TNG7639, 410 m, ruderal, marxe de camiño, 21/05/2011, IPS, SANT 65222. Fondevila, 29TNG7539, 440 m, marxe de camiño, 13/07/2012, IPS, SANT 65885.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ (2021).

— Koeleria Pers. —

■ ***Koeleria hispanica*** Barberá, Quintanar, Soreng, & P.M. Peterson ●

Rhodia hispida (Savi) Doğan; *Trisetum hispidum* Lange; *Trisetaria hispida* (Lange) Paunero

•**Descripción:** hemicriptófito. Con numerosos talos fértiles de c. 3 mm anchura (grosos), con denso indumento de pelos finos, patentes, híspidos. Follas con vaíña aberta con indumento de pelos híspidos; lámina plana ou convoluta nas follas inferiores, aguda no ápice, con indumento laxo de pelos e nevios lonxitudinais marcados sobre todo na face. Lígula membranosa, truncada e dentada no ápice, pilosa. Follas inferiores marcescentes na antese. Inflorescencia en panícula densa, comprimida, alongada (> 10 cm). Ramas da panícula híspidas. Espículas de c. 3 mm sen contar as arestas, con (1)2-3 flores cada una. Glumas más longas cás flores, a inferior cun nervio e a superior con 3, pilosas e terminadas nunha pequena aresta. Lema piloso sobre todo no nervio medio, cunha aresta antrorso-escábrida de inserción subapical. Pálea membranosa. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo das montañas silíceas do N da P. Ibérica (excepto NE).

•**Hábitat:** chans esqueléticos e fisuras de penedos graníticos.

•**Frecuencia:** Moi raro. Só localizado en Baltar e Calvos de Randín.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Pico da Corvaceira, 29TNG9642, 1140 m, chans pouco profundos entre penedos de cume, 09/06/2021(06), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80314.

•**Bibliografía:** BARBERÁ et al. (2019).

— Linkagrostis Romero García, Blanca & Morales —

■ ***Linkagrostis juresii* (Link.) Romero García, Blanca & Morales ●**

•**Descripción:** terófita. Talos erectos ou acodados na base, lisos ou escábridos, con 2-4 nós. Vaíñas curtas, lixeiramente infladas, soldadas inferiormente, sen aurículas. Lígula das follas curta, de 0,2-0,5 mm, as das follas inferiores obtusas, as das follas superiores truncadas e brevemente dentadas. Limbo plano, glabro e escábrido nas marxes, marxes paralelas que só se atenúan no ápice. Follas basais e dos brotes estériles de 60-80 x (2)6-8 mm; follas caulinas superiores 40-150 x (2)6-10 mm. Inflorescencia en panicula contraída, cilíndrica, en forma de espiga interrumpida. 2-3 ramas inferiores desiguais, con espículas agrupadas no terzo superior. Pedúnculos erectos de moito menor tamaño cás espículas, de 0,5 mm, non claviformes. Espículas de 2,5-3 mm. Glumas do tamaño da espícula que encerran ás flores, iguais, uninervadas, con quilla menos

manifesta que en *Agrostis* ss, aculeolada no nervio medio e escabriúscula no resto, dentadas na marxe e obtusas no ápice. Lema 2,2-2,7 mm, coriáceo, con 5 nervios marcados e escábridos, de ápice obtuso ou levemente truncado e só nalgúnhas espículas con aresta curta en forma de mocrón inserta no terzo superior do dorso e que non excede o ápice do lema. Pálea de 0,4-0,5 mm, bífida. Anteras de 1-1,3 mm. Ovario glabro.

•**Distribución:** P. Ibérica (dispersa polo W: Galicia, C e N Portugal, Peña de Francia, Alxibe) e NW África.

•**Hábitat:** matogueira higrófila, marxe de mananciais con chans higroturbosos.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

29TNG7330

•**Bibliografía:** ROMERO GARCÍA (2021b).

— ***Lolium* L.** —

Herbáceas anuais ou perennes. Follas con vaíña aberta. Inflorescencia en espiga. Espículas inseridas no eixe do raque, cunha soa gluma más curta ou igualando ás flores do interior. Lema mútico ou con aresta recta subapical. Pálea biaquillada tan longa coma o lema. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** RUIZ DE CLAVIJO & DEVESA (2020).

Clave de especies

1. Lemas coriáceos de relación lonxitude/anchura < 3,5, e case sempre aristados	<i>L. temulentum</i>
Lemas membranosos de relación lonxitude/anchura = 3,5, aristados ou múticos	2
2. Espículas de 15-30 mm con 11-22 flores; gluma ata ½ a 2/3 da lonxitude das espículas; lemas con arestas de ata 10 mm	<i>L. multiflorum</i>
Espículas de 7-15 mm con 4-11 flores; gluma de 2/3 a igual lonxitude cá espícula; lemas múticos ou con aresta de ata 5 mm	3
3. Anual; lemas múticos ou con aresta de ata 5 mm; anteras de 3,5-5 mm	<i>L. rigidum</i>
Vivaz; lemas múticos; anteras de 2-3(4) mm	<i>L. perenne</i>

■ *Lolium multiflorum* Lam.

Lolium italicum A. Braun; *L. siculum* Parl.

•**Descripción:** terófito a veces perennante. Talos glabros. Vaíña das follas basais glabra; as das follas superiores lixeiramente escábridas. Lígula membranosa moi curta, de ata 2(2,5) mm. Limbo plano, inicialmente pregado ou revolto nos talos novos, de 2-10 mm de anchura, escábrido nos nervios da face e a veces na marxe. Inflorescencia en espiga co raque glabro ou retrorso-escábrido nos ángulos. Espículas (11)15-30 mm, con (8)10-18 flores. Gluma glabra de lonxitude 1/3-2/3 da espícula (sen contar as arestas). Lema (5)6-8(9) mm, non coriáceas nin infladas, as superiores prolongadas en aresta subapical de c. 10 mm. Pálea de lonxitude similar ao lema, de ápice bífido.

•**Distribución:** S Europa. Estendida ao C, S e W Europa, SW Asia, NW África e Macaronesia. Cultivada como forraxeira noutras zonas do planeta. P. Ibérica: dispersa; escasa no E.

•**Hábitat:** cultivada como forraxeira e naturalizada en prados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Terrachán, 29TNG7243, 540 m, pastos seminaturais en zona axardinada, 15/07/2012, IPS, SANT65889.

■ ***Lolium perenne* L.**

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, glabrescente, con renovos non floríferos ao tempo que os que portan flores. Vaínas abertas, glabras, auriculadas. Lígula membranosa de 0,5-2 mm, truncada. Limbo, plano ou pregado na xuventude pero non revolutas, con face e marxes escábridas. Inflorescencia en espiga, con raque glabro ou escábrido. Espículas de 5-17(20) mm con (2)4-10(12) flores. Gluma glabra, desde a metade de longa cá espícula ata igualala. Lema de (4)5-7(9) mm, glabro, de dorso redondeado, xeralmente non aristado, áinda que en ocasións pode levar unha aresta subapical. Pálea de lonxitude similar ao lema, bifida.

•**Distribución:** Europa, Asia e N África. Introducida noutras partes do mundo. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** céspedes viarios e subnitrófilos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, camiño de acceso a escavación arqueoloxica, 29TNG8447, 550 m, pradarías nitrificadas, 19/08/2012, IPS, SANT 65843. >CALVOS DE RANDÍN, Randín, 29TNG9340, 840 m, pastos anuais sobre chans areosos con materia orgánica, 19/06/2018, IPS, SANT 77058. >Muíños, Quintá, 29TNG8647, 615 m, comunitade nitrófila viaria (*Sisymbrio-Hordeetum murini*), 11/09/1997(3), IPS, SANT 77753.

■ ***Lolium rigidum* Gaudin**

•**Descripción:** terófito de talos fasciculados, glabros. Vaíña aberta e superposta en gran parte da súa lonxitude, glabra ou algo escábrida. Lígula 0,5-2,5 mm, membranosa, truncada ou redondeada, glabra. Limbo plano, áinda que pregado na **Juventus**, con face escábrida. Inflorescencia en espiga aplanada, coas espículas, alternas, situadas a ambos lados do eixe do raque, este glabro ou retrorso-escábrido. Espículas 8-15(20) mm, sésiles, xeralmente con menos de 10 flores. Gluma desde 2/3 da lonxitude da espícula a superar ás flores. Lemas 4-8(10) mm, xeralmente míticos. Anteras dos estames de 3-5,5 mm. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa, S e SW Asia, NW África. Introducida en Macaronesia non tropical, N e S América e Oceanía. P. Ibérica: por todo o territorio.

•**Hábitat:** marxe dun regato de montaña en zona pastada polo gando e fauna silvestre.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931, 1018 m, marxe de regato con pasteiro, visitado por gando e fauna silvestre, 09/06/2011, IPS, SANT 64793.

■ ***Lolium temulentum* L.**

subsp. ***temulentum***

•**Descripción:** terófito glabrescente con talos que poden chegar a medir 1 m. Vaíña aberta, glabra ou escábrida. Lígula de 0,5-2(2,5) mm, glabra, truncada ou redondeada. Limbo plano áinda que enrolado de novos. Espiga recta co raque glabro ou retrorso-escábrido nos ángulos. Espículas de (5)10-20(22) mm, con 3-10 flores fértiles. Gluma igualando ou excedendo a lonxitude da espícula (sen contar as arestas) ou unhas dúas veces máis longa có lema inferior. Lemas (5)6-8(9) mm coriáceo-cartilaginosas, infladas na madurez, prolongadas en aresta de ata 20 mm. Pálea bifida.

•**Distribución:** Europa, rexión mediterránea C, W e Sw Asia, N África. Subcosmopolita na actualidade. P. Ibérica: dispersa.

- Hábitat:** especie ruderale e arvense ligada aos cultivos mesegueiros.
- Frecuencia:** rara.
- Pregos herborizados:** especie por confirmar na Baixa Limia.
- Citas previas:** MERINO (1909).

— **Melica** L. —

■ ***Melica uniflora*** Retz

- Descripción:** hemicriptófito cespitoso con rizoma e estolóns. Talos glabros ou escábridos. Vaíña cerrada con aurículas soldadas que terminan nun apéndice en forma de aresta Limbo de 2-8 mm de anchura, pubérulas na face e envés glabro. Lígula membranosa, curta (<1,2 mm), truncada. Panículas laxa, con ramíñas lisas ou debilmente antrorso-escábridas, pauciflora. Espículas erectas, de 5-6 mm, cunha soa flor fértil e terminada nunha especie de maza constituída por varios lemas estériles, as inferiores moito más curtas có pedicelo. Glumas subiguais (3,5-6 mm) que non superan ás flores, glabras, subagudas ou mucronadas. Lemas glabras, duns 5 mm, más curtas cás glumas. Ovario glabro.
- Distribución:** Europa e NW África. P. Ibérica: Provincia Cántabro-atlántica e montañas metade N.
- Hábitat:** sotobosque de carballeiras e bidueirais no piso supratemperado.
- Frecuencia:** escaso.
- Pregos herborizados:**
->Muíños, As Gralleiras, 29TNG8537, 1080 m, bidueiral de valgada e carballeira, IPS.
- Bibliografía:** CANTÓ *et al.* (2020).

— **Mibora** Adans. —

■ ***Mibora minima*** (L.) Desv.

subsp. ***minima***

Agrostis minima L.

- Descripción:** terófito de vida curta. Talos faciculados, glabros, coa maioría das follas basais. Follas con vaíñas abertas, glabras ou escábridas, filiformes moi, a maioría basais. Lígula membranosa, truncada. Limbo plano ou pregado finamente antrorso-escábrido en nervios e marxes. Inflorescencia en acio espiciforme, estreito, coas espículas dispostas cara un e outro lado do raque nun só plano, uniseriadas ao menos cara a base. Espículas brevemente pedunculadas, unifloras, de 1-7-2,3 mm. Glumas membranáceas, subiguais, recubrindo á única flor. Lema con 5-7 nervios, denticulado no ápice, membranáeo e densamente pubescente. Pálea case do tamaño do lema, tamén membranácea e pilosa. Ovario glabro.
- Distribución:** C, S, W Europa e NW África. Introducida noutras rexións. P. Ibérica: ampla distribución.
- Hábitat:** chans areosos e outros chans e húmidos en inverno. Preferentemente silicícola.
- Frecuencia:** rara.
- Pregos herborizados:**
->Muíños, Maus de Salas, encoro de Salas, 29TNG8842, 850 m, pasteiro anual oligótrofo algo nitrificado (*Galio parisii-Logfietum minimaee* subas. *sedetosum arenarii*), 26/03/1997, IPS, SANT 77752.
- Bibliografía:** RODRÍGUEZ & DEVEZA (2020).

— Micropyrum (Gaudin) Link —

■ *Micropyrum tenellum* (L.) Link

Catapodium tenellum (L.) Trabut; *Nardurus tenellus* (L.) Duval-Jouve;
N. lachenalii (C.C. Gmelin) Godron

• **Descripción:** terófito grácil, efímero. Follas paralelinervias de 20-60 x 1-1,5 mm. Lígula curta e truncada. Inflorescencia en espiga con espículas subsésiles ou curtamente pediceladas, adpresas ao eixe, separadas entre elas. Espículas oblongas de (3)4-9(14) mm, comprimidas, con 3-9 flores. Glumas subiguais, a inferior de 2-3 mm, con (1) 3 nervios, a superior 2,5-3,5 mm con 3(5) nervios. Lema de 2,7-5 mm, mística ou con aresta terminal más curta cá lema, de 2-3 mm. Pálea que acada ao ápice do lema. Ovario con pelos no ápice.

• **Distribución:** mediterránea (acada o C e S de Europa, W Asia e N África) e Macaronesia. P. Ibérica: área continua en ½ W e disxunta no resto.

• **Hábitat:** pradarías anuais e sobre chans esqueléticos.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adacente a almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69907. Randín, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1180 m, chans pouco profundos, claros de cambrional (*Echinospartum ibericum*) con pasto anual, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77262. >LOBIOS, Herdadíña, 29TNG7743, 360 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 23/05/1997, IPS, SANT 77851. Ganceiros-As Touzas, 29TNG7841, 460 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii* subas. *silenetosum scabriflorae*), 03/06/1997(1), IPS, SANT 77896. Lobios-Xendive, 29TNG7741, 420 m, pradarías anuais sobre chans areosos en cuneta, 10/05/2011, IPS, SANT 64546. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7033, 960 m, fisura de gran bloque de granito, comunidade de *Echinospartum ibericum*, 02/06/2011, IPS, SANT 64757. >MUÍÑOS, Requiás-Portela de Pitoens, 29TNG8839, 900 m, pasteiro vivaz de *Sedum pruinatum* e *Plantago radicata*, 21/05/1996, IPS, SANT 77677.

• **Bibliografía:** LÓPEZ & DEVESA (2020).

• **Citas previas:** MERINO (1909). En el mismo tomo cita de Bande y Requiás *Micropyrum patens* (Brot.) Rothm. ex Pilg.

— Molineriella Rouy —

■ *Molineriella laevis* (Brot.) Rouy

var. *laevis*

Periballia laevis (Brot.) Asch. & Graebn.; *Aira lendigera* Lag.

• **Descripción:** terófito cespitoso de pequena talla (<10 cm), glabro. Follas paralelinervias de c. 0,5 mm de anchura. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula laxa de ramas lisas con pedúnculos ata 4 veces más longos có tamaño das espículas. Espículas de 1,8-2,5 mm con 2 flores. Glumas pouco más cortas cás flores. Lema oblonga, truncada, con varios dentíños no ápice, con aresta dorsal 0,7-2 mm, recta ou irregularmente flexionada, que nace por enriba da metade do dorso e excede as glumas. Callo con pelos de ata 0,5 mm, rectos. Ovario glabro.

• **Distribución:** Ibero-Magrebí. P. Ibérica (amplo reparto agás N e NE) e N de Marrocos.

• **Hábitat:** pradarías anuais sobre chans despexados e areosos.


• **Frecuencia:** moi abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, Vilar, Outeiro do Cochón, 29TNG9538, 1180 m, claros de cambrional (*E. ibericum*) en chans pouco profundos con pasteiro (*Plantago radicata* e anuais), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77953. Golpellás. 29TNG9247, 870 m., chans secos, marxe de pista (*Tuberarietea*), 19/06/2018, IPS, SANT



Poaceae *Hordeum murinum*



Poaceae *Koeleria hispanica*




Poaceae *Lolium multiflorum*



Poaceae *Lolium rigidum*



Poaceae *Micropyrum tenellum*



Poaceae *Molinerella laevis*



Poaceae *Molinia coerulea*



Poaceae *Nardus stricta*

77062. >**LOBIOS**, Serra de Santa Eufemia, 29TNG6931, 1065 m, pasteiro en chan esquelético (granitos) (*Airo praecocis-Sedetum arenariae*), 16/05/2010, IPS, SANT 62425. >**Muíños**, Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual, chans temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea, Cicendion*) 28/05/2021, IPS, SANT 80803. Reparade-Corga da Raposo, Río Salas, 29TNG8242, 675 m, pradaría anual-vivaz en cuneta, 21/04/2021, IPS, SANT 81300.

•**Bibliografía:** CEBRINO & ROMERO ZARCO (2020).

•**Citas previas:** MERINO (1909).

— Molinia Schrank —

■ *Molinia caerulea* (L.) Moench

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con talos que frecuentemente superan 1 m de altura, con nós curtos foliosos, os inferiores inflados e o último alongado e preto da base, o que dá ao talo aspecto de ter un só nó. Vaíñas abertas, xeralmente glabras. Limbo de 3-10 mm de anchura, con marxe antrorsa escábrida. Lígula reducida a un anel de pelos. Inflorescencia en panícula, xeralmente densa e espiciforme coas ramíñas desiguais e adpresas ao eixe da inflorescencia, en ocasións aberta e frouxa. Espículas de 4-9 mm sobre pedúnculos curtos ensanchados no ápice, lanceoladas, xeralmente con más de dúas flores. Glumas lixeiramente desiguais coa marxe membranosa, que non recobren ás flores. Lema de 3-4,5 mm, trinervado, glabro, acumulado, mítico. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa, falta nalgúnhas illas mediterráneas, W Asia e N África. Naturalizada en zonas temperadas de América e Oceanía. P. Ibérica: amplamente repartida.

•**Hábitat:** ambientes higrófilos: pradarías, breixeira-toxeiras e bosques.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Currás, marxe do Encoro das Conchas, 29TNG8649, 550 m, bideiral en primeira liña do encoro, 18/06/2020, IPS, SANT 78799. >**CALVOS DE RANDÍN**, 29TNG9143, 860 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 01/10/1996, IPS, SANT 77756. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7756, 1210 m, prado húmido (*Molinetalia*) e turbeira adxacente con *Eriophorum angustifolium*, 09/09/1997(4), IPS, SANT 77740. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, matogueira higrófila en orla de cascada (*Genistion micrantho-anglicae*), 22/08/1997(3), IPS, SANT 77755. Riocaldo, Corga da Fecha, 29TNG7433, 580 m, parede vertical salpicada por auga da cascada, 02/09/1997, IPS, SANT 77760. Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1190 m, matogueira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 03/09/1997(1), IPS, SANT 77762. Serra do Xurés, 29TNG7529, 1282 m, breixeira en zona atravesada por regato, 06/09/2012, IPS & R.Perdiz, SANT 68409. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7129 850 m, breixeira higrófila (*Genistion micrantho-anglicae*), 13/09/2018, IPS & D.Manso, SANT 76579. Val de Riocaldo, Vía Romana, 29TNG7230, 570 m, marxe de regato que cae sobre a pista, 22/09/2018, IPS, SANT 76591. >**Muíños**, Pazos, Encoro das Conchas, 29TNG8446, 550 m, marxe de regato que entra no encoro, chan areoso-orgánico, 05/11/2014, IPS, SANT 70356. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, depresión temporalmente inundada en marxe encoro, 09/10/2015, IPS, SANT 72052. Maus de Salas-Guntumil, 29TNG8941, 850 m, marxe de charca temporal, 15/09/2018, IPS, SANT 76545.

•**Bibliografía:** SORIANO (2021).

— Nardus L. —

■ *Nardus stricta* L.

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso, con rizoma curto que emite numerosos renovos. Talos ata 40 cm. Follas basais. Vaíñas glabras, marcescentes. Lígula membranosa, obtusa, de 2 mm. Limbo glabro, setáceo, de 0,5 mm de diámetro, atenuado en punta fina, picuda. Inflorescencia en espiga unilateral. Raque antrorso-escábrido. Espículas de 5-9 mm, dispostas en 2 filas nun dos lados do raque, cunha única flor. Unha soa gluma soldada ao raque. Lema de 3,5-7 mm, con

dúas quillas laterais escábridas, terminada en aresta de 1-3 mm. Pálea membranosa encerrada dentro do lema. Androceo con 3 estames de anteras saxitadas. Ovario glabro.

•**Distribución:** Europa (montañas no S), alta montaña África, SW e E Asia, Groenlandia, E NorTEAMérica, S América do Sur. P. Ibérica: C e N. Acada Serra Nevada e a serra de Baza polo sur.

•**Hábitat:** brañeras, claros de matogueira higrófila e orla de turbeiras. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*), 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 77258. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Líardo, SANT 80208 e 80218. >ENTRIMO, Serra de Queguas, Corga da Chan, 29TNG7249, 1080 m, marxe de regato, brañal (*Nardo-Carctetum binervis*), 17/06/2001, IPS, SANT 46628. >LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7031, 1018 m, brañal (*Nardetea strictae*), 09/06/2011, IPS, SANT 64792. Serra do Xurés, 29TNG7734, 1143 m, brañal (*Nardetea strictae*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59510. >MUÍÑOS, Maus de Salas, encoro de Salas, 29TNG8943, 880 m, a marxe dunha charca (*Nardo-Carctetum binervis*), 16/06/2002, IPS, SANT 47180. Salgueiro, 29TNG8438, 1070 m, pasto en chan profundo rodeado de penedos (*Nardetea strictae*), 27/05/2011, IPS, SANT 64733.

•**Bibliografía:** CANTÓ & DEVESÁ (2019b).

— Neoschischkinia Tzvelev —

■ ***Neoschischkinia truncatula* (Parl.) Valdés & H. Scholz**

subsp. ***durieui*** (Boiss. & Reut. ex Willk.) Valdés & H. Scholz * ●

Agrostis truncatula Parl.; *A. truncatula* subsp. *commista* Castrov. & Charpin;

A. delicatula Pourr. ex Lapeyr.; *A. durieui* Boiss. & Reut.

•**Descripción:** hemicriptófito con brotes intravaxinais protexidos por vaíñas secas. Talos erectos ou ascendentes e xeniculados na base, glabros. Vaíñas case do tamaño dos entrenós, debilmente escábridas. Lígulas agudas e laceradas, as basais moito más anchas ca longas. Limbo conduplicado coa base plana. Panícula difusa, de c de 1/3 da lonxitude do talo, con ramas capilares divaricadas e coas espículas, de 1-1,4 mm, localizadas da ½-1/3 superior. Pedúnculos con ápice claviforme. Glumas subiguais, truncadas e denticuladas no ápice, de dorso redondeado, glabras, sen acúleos. Lema de 0,5-0,6 mm, pentanervada, truncada, dentada, mútica. Pálea de 0,3-0,4 mm, bifida. Ovario glabro.

•**Distribución:** endimismo do NW e N da P. Ibérica (ata Pireneos Centrais e Occidentais incluída a vertente de Francia).

•**Hábitat:** chans despexados e pouco profundos. Silicícola.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra das Motas, 29TNG7756, 1140 m, pastos sobre chans rochosos (*Hieracio-Plantaginion radicatae*), 09/09/1997, IPS, SANT 77921. >LOBIOS, Serra do Xurés, As Sombras, sobre antiga pista, 29TNG7731, 1150 m, comunidades de *Hieracio castellanae-Plantaginion radicatae*, 24/06/2009, IPS & D.Manso, SANT 62020. Serra do Xurés, Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 26/07/1992, IPS, SANT 75579. >MUÍÑOS, Serra do Pisco, 29TNG8839, 1050 m, pastos con especies anuais e vivaces sobre chans pouco profundos, 21/08/1997, IPS, SANT 77737. Porqueirós-encoro de Salas, 29TNG8743, 940 m, marxe de pista forestal, 24/06/2011, IPS, SANT 65296. Requiás, O Areal, 29TNG8839, 16/06/1993, IPS, S.Ortiz, J.Rodr. & M.I.Romero, SANT 75577. >VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1200 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Plantagini radicatae-Armerietum odoratae*), 10/07/1996/2, IPS & D. Manso, SANT 77728. >PORTUGAL, Minho, Serra Amarela, 29TNG, 0/10/1993, IPS, SANT 75578.

•**Bibliografía:** ROMERO GARCÍA (2021c).

— **Parapholis** C.E. Hubb. —

■ ***Parapholis incurva*** (L.) C.E. Hubb.

•**Descripción:** terófito. Talo ascendente, folioso. Follas con vaíñas abertas de marxe membranosa, con lígula membranosa e truncada; limbo plano, en ocasións de marxe revoluta. Inflorescencia en espiga, coa base envolta pola vaíña da folla superior. Espículas alternas e encaixadas nunha cavidade do eixe da inflorescencia. Cada espícula con dúas glumas ríxidas, glabras, agudas, con 3-5 nervios, maiores cá flor. Flor única con lema e pálea membranosos. Ovario glabro.

•**Distribución:** W Europa, rexión mediterránea, SW Asia. P. Ibérica: ampla distribución, escasa no W.

•**Hábitat:** pasteiro anual subnitrófilo.

•**Frecuencia:** rara.

•**Pregos herborizados:**

>Muñoz, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto subnitrófilo viario (*Sisymbretalia*), 28/05/2021, IPS, SANT 80793.

•**Bibliografía:** T. RODRÍGUEZ & DEVESAS (2020).

— **Paspalum** L. —

Herbáceas perennes. Talos glabros. Vaíñas abertas. Lígula membranosa. Inflorescencia formada por acios espiciformes densos. Espículas cunha soa gluma. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** MORALES (2021).

Clave de especies

1. Inflorescencia constituída por dúas espigas emparelladas (unidas preto das súas bases)	<i>P. distichum</i>
Inflorescencia formada por espigas illadas e distanciadas	<i>P. dilatatum</i>

■ ***Paspalum dilatatum*** Poir.

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso. Talos que poden superar 1,5 m de altura, glabros, con nós negrizos. Lígula membranosa con guechos de longos cilios na base. Limbo de 7-10(12) mm de anchura, glabro na face e envés, escábridas na marxe. Inflorescencia con (2)3-5 acios espiciformes patentes na madurez e co raque con pelos na base. Espículas ovoides, de 2,8-3,5 mm. Gluma superior pilosa, a inferior subnula. Lema da flor fértil glabro e brillante. Pálea coriácea, panduriforme, abrançazada.

•**Distribución:** Brasil e Arxentina. Subcosmopolita. P. Ibérica: Litoral, penetrando cara o interior. Invasora.

•**Hábitat:** pradarías nos arredores do encoro do Lindoso. Aumentando progresivamente.

•**Frecuencia:** escaso. Especie en expansión, sobre todo no piso mesotemperado.

•**Pregos herborizados:**

>LOBOS, Grou, 29TNG7843, 359 m, cuneta cespitosa, 26/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73380.

■ ***Paspalum distichum*** L.

Paspalum paspalodes (Michx.) Scribn.

•**Descripción:** hemicriptófito reptante con longos estolóns. Talos reptantes, enraizantes nos nós. Garganta das vaíñas das follas superiores coas marxes ciliadas. Lígula membranosa de ápice

agudo. Follas de limbo plano ou lixeiramente revolto no envés, con algúns acúleos antrorsos na marxe e nervios do envés. Inflorescencia con dúas espigas, unha subsentada e a outra curtamente pedunculada, que parten do extremo dos talos. Espículas sentadas coa gluma superior pilosa.

•**Distribución:** América Tropical. Plurirrexional (zonas temperadas e cálidas). P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** pradarías á beira de estanques, encoros, ríos.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Lantemil, Encoro do Lindoso, 29TNG7139, 340 m, zona adxacente a desaugadoiro de regato, terreo areoso, 19/12/2014, IPS & D.Manso, SANT 70447. >BANDE, Porto Quintela, Encoro as Conchas, 29TNG8447, 550 m, pasteiro sobre chans húmidos, 08/08/2007, IPS, SANT 57544. Idem 02/09/2007, SANT 57706 e 07/10/2011, SANT 65273.

— **Periballia** Trin. —

■ **Periballia involucrata** (Cav.) Janka ●

Periballia hispanica Trin.

•**Descripción:** terófito con talos ata 40 cm. Follas paralelinervias, filiformes de ata 5 cm x 0,2-1 mm revolutas, escábridas, con vaíñas escábridas. Lígula aguda, laciniada no ápice, de ata 5 mm. Panícula laxa con ramas capilares, aberta na antese, cos nós inferiores con ramas estériles. Espículas de c. 3 mm situadas no terzo superior das ramas, con 2 flores que exceden lixeiramente ás glumas. Glumas subiguais, a inferior uninervada e a superior trinervada. Lema con 3 nervios pouco aparentes e raramente unha aresta recta e dorsal.

•**Distribución:** endimismo do C da P. Ibérica e zonas montañosas silíceas circundantes.

•**Hábitat:** pradarías anuais en chans despexados. Piso supratemperado. Silicícola.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, sobre a Mina das Sombras, 29TNG7830, 1250 m, claros de pasteiro pioneiro vivaz (*Sedo pruinati-Thymetum caespititi*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., 57576.

•**Bibliografía:** MÍGUEZ et al. (2020).

•**Citas previas:** MERINO (1909).

— **Phleum** L. —

■ **Phleum pratense** L.

Phleum pratense subsp. *bertolonii* (DC.) Bornm.

•**Descripción:** hemicriptófito, con talos glabros e engrosado-bulbiformes na base. Follas con vaíñas glabras de marxes libres; lígula membranosa, obtusa ou truncada; limbo plano, glabro, antrorso-escárido na marxe, de 2-3 mm. Inflorescencia en panícula moi densa e compacta. Espículas subsésiles, de 2-3 mm, comprimidas lateralmente. Glumas iguais e non soldadas na base, de 2-3 mm, anchamente escarioseas, ciliadas no dorso aquillado, bruscamente contraídas no ápice do que sae unha aresta apical non ciliada de c. 1 mm. Cunha soa flor de menor tamaño cás glumas. Lema truncada e mütica, o mesmo cá pálea ben desenvolta.

•**Distribución:** Europa, N África, W e C Asia ata China. Introducida noutros continentes. P. Ibérica: amplamente repartida.

•**Hábitat:** prados de dente e claros de breixeiras pastoreados. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Randín, río Barxa, 29TNG9339, 850 m, prado próximo ao río (*Cynosurion cristati*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69926. -PORTUGAL, Serra do Gerês, 29TNG8536, 1190 m, terreo chá atravesado por regato, pasto, 14/07/2012, IPS, SANT 65896.

- Bibliografía:** AEDO (2020).

— Poa L. —

Herbáceas. Follas con vaíña aberta. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula. Espículas con varias flores, con 2 glumas desiguais menores ca elas. Lema con 5 nervios. Pálea biaquillada. Androceo con 3 estames. Ovario glabro.

- Bibliografía:** ORTEGA OLIVENCIA (2020).

Clave de especies

1.	Plantas anuais	2
	Plantas vivaces	3
2.	Ramas inferiores da panícula erecto-patentes	<i>P. infirma</i>
	Ramas inferiores da panícula patentes	<i>P. annua</i>
3.	Base dos talos engrosada; renovos intravaxinais	<i>P. bulbosa</i>
	Base dos talos non engrosada; xermolos extravaxinais	4
4.	Ramas da panícula lisas	<i>P. annua</i>
	Ramas da panícula escábridas	5
5.	Lígula curta truncada. Ao menos algunas espículas con 3 flores	<i>P. pratensis</i>
	Lígula aguda. Todas as espículas con 2 flores	6
6.	Follas de menos de 3 mm de anchura; lema coa quilla glabra	<i>P. feratiana</i>
	Follas de más de 3 mm de anchura; lema coa quilla pilosa, ao menos nos nervios da base	<i>P. trivialis</i>

LAÍNZ (1965) cita *Poa chaixii* Vill., tras a revisión do herbario de Merino.

■ ***Poa annua* L.**

subsp. *annua*

•**Descripción:** terófito con talos glabros que rara vez superan os 20 cm, con brotes extravaxinais. Follas paralelinervias, planas, de 2-3 mm de anchura, coa vaíña aberta e xeralmente co limbo glabro. Lígula membranosa de 2-4 mm. Inflorescencia en panícula frouxa, piramidal, coas ramas inferiores patentes na antese. Espículas de 3-5 mm, comprimidas lateralmente, con 2-7 flores. Glumas desiguais que non recobren as flores. Lema pubescente nos nervios. Ovario glabro.

•**Distribución:** orixe mediterránea. Cosmopolita. P. Ibérica: todo o territorio.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre terreos nitrificados.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69904. >ENTRIMO, A Illa, 29TNG7040, 490 m, ruderalf, pasto anual nitrificado (*Polygono-Poetea*), 23/10/2016, IPS & D.Manso, SANT 73398 e 73412. >LOBIOS, Fondevila, 29TNG7639, 420 m, gabia de *Platanus x hibrida* nitrificados e pisados (*Polygono-Poetea annuae*), 24/03/2002, IPS, SANT 46716. A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, camiño acceso a encoro (*Polygono-Poetea annuae*), 07/10/2011, IPS, SANT 65267.

■ *Poa bulbosa* L. subsp. *bulbosa*

• **Descripción:** hemicriptófito con talos ata 50 cm. Cepa engrosada, bulbosa na base, con brotes intravaxinais. Follas con vaíña aberta, lígula aguda, nas follas basais de ata 9 mm e algo menos nas caulinas, e limbo linear ou filiforme de (0,5)1-2 mm de anchura. Inflorescencia en panícula densa, en ocasións con espículas vivíparas. Espículas fértiles de 3-5 mm e 3-6 flores cada unha. Lema lanosa na parte interior do nervio medio, de 2,5-3,5 mm. Pálea truncada ou fendida, lixeiramente menor có lema. Ovario glabro.

• **Distribución:** Europa, N, C e SW Asia, África e Macaronesia. Introducida en América, Illas do Pacífico e Oceanía. P. Ibérica: todo o territorio.

• **Hábitat:** pastos secos.

• **Frecuencia:** escasa.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, A Portaxe, encoro do Lindoso, 29TNG7640, 345 m, pradarías nitrófilas, 11/04/1997(5), IPS, SANT 77763.

>Muíños, Serra do Pisco, 29TNG8737, 1000 m, chans con materia orgánica, pasto vivaz, 21/05/1996, IPS, SANT 77674. Encoro de Salas, As Colmeas, 29TNG8740, 830 m, pastos agostantes (*Poetea bulbosae*), 10/04/1997, IPS, SANT 77754.

■ *Poa nemoralis* L.

• **Descripción:** hemicriptófito con talos ata 70 cm. Follas paralelinervias, de (0,5)1-2(4) mm de anchura, planas ou revolutas. Sen lígula ou cunha pequena, ata 0,5 mm, truncada. Panícula moi frouxa. Espículas afastadas entre si, de 3-6 mm, cada unha con 2-5 flores. Lema de 2,6-3(3,5) mm, finamente pubescente na metade inferior da quilla e nervios laterais, glabra ou con algúns pelos na base.

• **Distribución:** case toda Europa. P. Ibérica: metade N e terzo S.

• **Hábitat:** bosques.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:** especie que debe buscarse na Baixa Limia.

■ *Poa pratensis* L. subsp. *pratensis*

• **Descripción:** hemicriptófito con talos ata 70 cm, estolonífera. Follas paralelinervias, de (1)2-4(6) mm de anchura, más curtas có talo, con lígula truncada ou redondeada de ata 2-3 mm e vaíña lisa, non escábrida. Panícula frouxa, con semiverticilos inferiores constituídos por 3-5 ramiñas, con espículas desde más da metade da súa lonxitude, non limitadas á zona apical. Espículas de 3-6 mm, moi aproximadas entre si, con 2-3(5) flores cada unha. Glumas pouco desiguais de 3-4 mm, a inferior uninerviada, a superior algo menor. Lema de 2,5-3 mm con quilla inferiormente pilosa e 5 nervios moi marcados no dorso, marxe membranosa, aguda no ápice, lixeiramente apiculada. Ovario glabro.

• **Distribución:** Europa, Asia, Macaronesia e puntualmente N África. Introducida en América e Oceanía. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** prados sobre chans profundos.

• **Frecuencia:** escasa. O abandono dos prados incide na perda de hábitat para a especie.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, pista de acceso a naves con gando, 29TNG9144, 880 m, prado baixo arboreo (*Molinio-Arrhenatheretea*), 19/06/2018, IPS, SANT 76575. >LOBIOS, Picouto das Chas de Abaixo, 29TNG7535, 620 m, prados aban-

donados (*Cynosurus cristatus*) colonizados por *xesteiras*, 18/06/2011, IPS, SANT 65255. -VEREA, Serra do Leboreiro, 29TNG7557, 1205 m, chans profundos, pastos (*violion caninae*) 18/08/2012, IPS, SANT 65852.

■ *Poa trivialis* L.

subsp. *trivialis*

Poa feratiana Boiss. & Reut.; *Poa trivialis* subsp. *feratiana* (Boiss. & Reut.) A.M.Hern.

• **Descripción:** hemicriptófita con estolones curtos. Talos ata 90 cm, con brotes extravaxinais, lisos ou levemente escáridos na cima ou na proximidade dos nós. Limbo plano ou pregado, de marxes antrorso-escáridas, de 2-4,5 mm de anchura. Lígula aguda a subtruncada, de 2-8 mm de longa. Panícula oblongo-piramidal con eixe e ramiñas antrorso-escáridas. Espículas de 2-4 mm e 2(3) flores hermafroditas. Glumas más curtas cás flores, escáridas nos nervios. Lema de 2-3 mm, pubescente na quilla e nervios marxinais e glabro no resto. Callo lanoso. Ovario glabro.

• **Distribución:** Europa, Asia, N África, Macaronesia. Introducida noutras zonas. P. Ibérica: amplamente repartida.

• **Hábitat:** pradarías higrófilas e orla de bosques húmidos.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80199 e 80265. Serra da Pena, 29TNG9535, 1250 m, bideiral de valgada, 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80265. >LOBOS, Prencibe-Gustomeau, 29TNG7937, 550 m, prado (*Molinio-Arrhenatheretea*), 21/05/1996, IPS, SANT 77857. Serra do Xurés, mina As Sombras, acceso a mina, 29TNG7830, 1220 m, pasto sobre lámina de auga temporal, 28/06/2012, IPS, R.Carbalal, M.Serrano & R.Perdiz, SANT 65830. A Portaxe, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiro, 29TNG7639, 340 m, ameneiral (*Osmundo-Alnion glutinosae*), 06/07/2019, IPS, SANT 77507. >Muíños, Reparade, 29TNG8243, 710 m, prado (*Cynosurus cristatus*) e orla de bosque adxacente, 08/06/2021, IPS, SANT 80342. observ: único exemplar con más de 2 flores por espícula; lígula grande; lema só piloso na quilla.

• **Citas previas:** MERINO (1909); LAÍNZ (1965).

— *Polypogon* Desf. —

■ *Polypogon monspeliensis* (L.) Desf.

• **Descripción:** terófita, uni ou pluricaule. Follas con vaíñas glabras, lígula membranosa e limbo plano e glabro. Inflorescencia en panícula terminal, densa, con aspecto de plumeiro pola lonxitude das arestas en relación á espícula. Espículas < 2 mm cunha soa flor. Glumas longamente aristadas. Lema e pálea membranosas. Lema con aresta > 1 mm e ápice escotado. Ovario glabro.

• **Distribución:** S Europa, na actualidade atópase estendida en moitas partes do mundo a causa da invasión das súas sementes, polo que en moitas zonas se considera unha planta invasora.

• **Hábitat:** acostuma habitar en pradarías higrófilas.

• **Frecuencia:** moi raro.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Bande-Alto do Vieiro, pista a man dereita, 29TNG8555, 800 m, chan areoso por descomposición de granitos, vexetación de *Polygono-Poetea annuae* e algo de *Isoeto-Nanojuncetea*, 19/06/2020, IPS, SANT 78837.

• **Bibliografía:** ROMERO GARCÍA (2021).

— *Setaria* P. Beauv. —

Herbáceas anuais ou perennes. Talos foliosos sen acumulación de follas basais, que aparecen en renovos intravaxinais; as caulinas con vaíña aberta. Lígula membranosa curta e ciliada. Inflorescencia en panícula densa, espiciforme ou racemiforme, con ramas e pedúnculos escáridos. Espí-



Poaceae *Neoschischkinia truncatula*



Poaceae *Paspalum dilatatum*



Poaceae *Phleum pratense*



Poaceae *Poa annua*



Poaceae *Poa bulbosa*



Poaceae *Poa feratiana*



Poaceae *Polypogon monspeliensis*



Poaceae *Setaria parviflora*

culas con dúas flores, a basal masculina e a superior hermafrodita. Glumas 2, desiguais, a inferior más curta. Lemas míticos. Paleas biaquilladas. Ovario glabro.

•**Bibliografía:** CRESPO (2021).

Clave de especies

1. Lema da flor fértil sen nervadura transversal	<i>S. viridis</i>
Lema da flor fértil con nervadura transversal	2
2. Anual; setas das espículas retrorso-escábridas	<i>S. pumila</i>
Vivaz; setas das espículas antrorso-escábridas; panícula < 10 mm anchura	<i>S. parviflora</i>

■ *Setaria parviflora* (Poir.) Kerguélen

•**Descripción:** hemicriptófito. Lígula cunha membrana moi estreita regularmente ciliada no ápice. Limbo plano, glabro. Inflorescencia en panícula densa, espiciforme, con aspecto de limpatubos, con eixe con pelos patentes e antrorsos e ramas erecto-patentes ou patentes antrorso-escábridas. Inflorescencia espiciforme de 4-8 mm de anchura. Pedúnculos erectos, con 4-9 longas setas antrorso-escábridas de color amarela pallosa. Glumas desiguais más cortas cás flores. Lema glabro, o da flor inferior herbáceo e o da flor superior coriáceo e sucado transversalmente. Pálea de tamaño similar ao lema.

•**Distribución:** América (África?). Estendida a Europa e zonas pantropicais. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** chans areosos nitrificados.

•**Frecuencia:** escaso.

>LOBIOS, Encoro de Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chans areosos da marxe do encoro, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80830.

■ *Setaria pumila* (Poir.) Roem. & Schult.

•**Descripción:** terófito. Talos ata 60 cm glabros ou moi pouco escáridos xunta á inflorescencia, en occasíons radicantes nos nós inferiores. Vaíñas glabras coa marxe membranosa. Lígula de cilios. Limbo de 2-8 mm de anchura, glabro, nervio medio pouco marcado e marxes diminutamente escábridas. Follas caulinas < basais, a última afastada da inflorescencia. Esta en panícula espiciforme, 10-15 mm de ancho na madurez, curta e densamente pubescente con só pelos antrorsos. Ramas antrorso-escábridas. Espículas de 2,5-3,3 mm, rodeadas dun invólucro de 5-10 setas antrorso-escábridas persistente. Lema da flor superior profundamente sucada.

•**Distribución:** Vello Mundo. Subcosmopolita; rexións temperadas e cálidas de ambos hemisferios. P. Ibérica: dispersa; ausente das zonas más frías do C e N.

•**Hábitat:** cultivos de fenoloxía estival.

•**Frecuencia:** abundante.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, camiño de acceso a excavación arqueolóxica 29TNG8447, 550 m, pradarías nitrificadas, 19/08/2012, SANT 65849.



Poaceae *Setaria pumila*

■ *Setaria viridis* (L.) P. Beauv.

• **Descripción:** terófito pluricaule. Follas con vaíña ciliada. Lígula pilosa. Inflorescencia en panícula densa, cilíndrica-espíciforme de 4-8 mm de anchura. Raque con pequenos pelos patentes praticamente cuberto polas ramas da panícula coas súas espículas. Espículas rodeadas dun invólucro de setas antrorso-escábridas. Glumas moi desiguais, membranáceas. A inferior de arredor de 1 mm e a superior de c. 1/3 da lonxitude da lema da flor fértil. Espículas con 2 flores, sendo a inferior estéril. Pálea da flor fértil con nervios lonxitudinais, sen engurras transversais.

• **Distribución:** zonas temperadas e tropicais do vello mundo. Subcosmopolita. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** viaria e pradarías nitrófilas.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>Muíños, Barrio-Farnadelos, Corga de Covelas, 29TNG8747, 630 m, marxe de estrada, 05/11/2014, IPS, SANT 70360.

— *Sporobolus* R. Br. —

■ *Sporobolus indicus* (L.) R. Br.

• **Descripción:** hemicriptófito cespitoso. Talos de ata 1 m, estriado, glabro. Follas paralelinervias, lineares, as basais glabras. Vaíñas glabras, as superiores curtamente ciliadas en marxe e garganta. Lámina de ata 40 cm de longo e de 0,3-0,6 mm de ancho cujas marxes se enrolan co desecamento, coa marxe e ápice escárido e o envés piloso. Lígula moi curtamente membranosa e co ápice ciliado ou con pelos curtos de 0,5-1 mm. Inflorescencia en panícula conxesta con ramas erectas. Espículas de 1,2-2,3 mm, glabras, encerrando unha soa flor. Glumas más curtas cás flores, desiguais. Lema ovado-acuminada, mática, membranosa, uninervada, de 1,2-2,2(2,5) mm. Pálea de tamaño semellante ao lema, bicarenada. Ovario glabro.



Poaceae *Sporobolus indicus*

• **Distribución:** orixe tropical incerto, probablemente americana. Naturalizada en zonas de clima tropical, mediterráneo e temperado. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** pradarías viarias.

• **Frecuencia:** común. Especie en expansión na Baixa Limia. Invasora.

• **Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Lantemil, marxe do encoro, 29TNG7139, 390 m, chan areoso con pouca materia orgánica, 19/12/2014, IPS & D Manso, SANT 70441. >LOBIOS, As Laxelas, 29TNG7641, 370 m, cuneta, pasteiro viario, 18/08/2012, IPS, SANT 65847. Grou, Lebosíño, 29TNG7944, 601 m, cuneta, pasteiro viario, 18/08/2012, IPS, SANT 65846. Encoro do Lindoso, 29TNG7541, 335 m, chan areoso da marxe, 04/09/2021, IPS & D.Manso, SANT 80844.

• **Bibliografía:** Muñoz RODRÍGUEZ (2021).

— *Stipa* L. —

■ *Stipa gigantea* Link

Celtica gigantea (Link) C.M. Vázquez; *Macrochloa arenaria* (Brot.) Kunth

• **Descripción:** hemicriptófito cespitoso con talos que superan 2 m de altura. Follas paralelinervias maioritariamente acanaladas e de 1 mm de diámetro; en ocasións planas, de ata 4 mm de an-

cho. Lígula membranosa de 0,5-1 mm, truncada e con cilios curtos. Panícula laxa de 20-50 cm. Espículas de 25-35 mm, pêndulas. Glumas subiguais de c. 30 mm, co nervio central prolongado en aresta. Lema piloso, bífido, con dous dentes apicais, con aresta bixenicalada (articulada) escábrida. Callo densamente piloso.

•**Distribución:** P. Ibérica e Marrocos. P. Ibérica: C, S e W.

•**Hábitat:** claros de matogueira con espolóns rochosos, exposicións soleadas (S. Xurés Santa Eufemia).

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG852366, 1365 m, chans areosos próximos a penedos, 01/08/2008, IPS, SANT 59539.

•**Bibliografía:** AEDO (2020).

•**Citas previas:** LAÍNZ (1966).



Poaceae *Stipa gigantea*

— Triticum L. —

■ *Triticum turgidum* L.

•**Descripción:** terófito. Follas planas, glabras, con nervios paralelos resaltados no envés, con vaíña aberta e de marxe membranosa que rodea a caña do talo. Lígula membranosa, truncada, de c. 1 mm. Inflorescencia en espiga cuadrangular. Espículas con numerosas flores, a maioría abortadas. Glumas pilosas, carinadas e curtamente aristadas, más curta có lema da flor inferior. Lema longamente aristado, piloso.

•**Distribución:** trigo antigo probablemente procedente de Oriente Medio (antiga Mesopotamia) áinda que se ten constancia do seu cultivo en Exipto. Postúlase a súa orixe híbrida con outros trigos duros.

•**Hábitat:** cultívase escasamente na Baixa Limia; plantacións ocasionais para alimentación de fauna silvestre. Adventicia.

•**Frecuencia:** moi rara.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pista das Sombras, 29TNG7731, 1030 m, solitaria en cuneta pista, 28/06/12, IPS, M. Serrano, R. Carbajal & R. Perdiz, SANT 70373.

•**Bibliografía:** PUJADAS SALVÁ (2021).

— Vulpia C. C. Gmel. —

Herbáceas anuais. Vaíña aberta, herbácea de marxe escariosa. Lígula membranosa, truncada. Limbo linear coa face pilosa. Inflorescencia en panícula ou acio unilateral. Espículas con 2 glumas desiguais e numerosas flores hermafroditas, excepto algunas do ápice estériles. Lema nervado e xeralmente con aresta apical. Pálea membranosa con 2 nervios ou biaquillada. Ovario glabro ou piloso no ápice.

•**Bibliografía:** MUÑOZ RODRÍGUEZ & DEVESÀ (2020).

■ *Vulpia myuros* (L.) C. C. Gmel.

•**Descripción:** terófito. Talos, erectos ou xenicolado ascendentes, glabros, con 3-4 nós. Follas de vaíña aberta, glabra. Lígula membranosa, de 0,3-1 mm, truncada. Limbo linear, plano ou enro-

lado, coa face pilosa e envés ocasionalmente antrorso-escárido. Panícula de ata 30 cm de lonxitude, curvada, contraída, unilateral ou en panícula de ramas erectas, co primeiro entrenó máis longo có resto. Espículas de 6-11 mm, con pedúnculos aplanados e engrosados gradualmente cara o ápice, con varias flores fértiles e algunha estéril no ápice. Glumas desiguais, a inferior 0,5-5 mm, máis pequena e uninervada; a superior 3-8,5 mm, con 1-3(5) nervios, ambas aristadas ou míticas. Lema glabra ou con pelos antrorsos, antroso escárida ao menos no ápice do nervio medio, en ocasións ciliada no ápice, con 5 nervios tenues e terminada nunha aresta antrorso-escárida maior ca ela. Callo glabro. Pálea con 2 quillas antroso-escáridas. Ovario glabro.

Clave de subespecies

- | | |
|--|-------------------------------------|
| 1. Base da inflorescencia cuberta pola vaíña da folla superior na antese; rama más longa do nó basal da inflorescencia sen superar a metade da lonxitude desta, e xeralmente más curta có primeiro entrenó | <i>V. m. subsp.
myuros</i> |
| Inflorescencia exerta da vaíña na antese; rama más longa do nó basal da inflorescencia que pode superar a metade da lonxitude desta, e xeralmente más longa có primeiro entrenó. | <i>V. m. subsp.
sciurooides</i> |

■ *Vulpia myuros* (L.) C. C. Gmel.

subsp. *myuros*

Vulpia pseudomyuros (Soyer-Will.) Rchb.

•**Distribución:** S, W e C Europa, Oriente Próximo e N África. Subcosmopolita. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** pradarías anuais oligótrofas sobre chans esqueléticos ou despexados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Vilar, 29TNG9337, 1030 m, terreo pisado adxacente a un almacén solitario (*Polygono-Poetea annuae*), 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69911. >LOBIOS, A Portaxe, ponte sobre a desembocadura do río Limia no encoro do Lindoso, 29TNG7640, 350 m, terro alterado, 10/05/2011, IPS, SANT 64543, 64564. >MUÍÑOS, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual, viaria subnitrófila (*Sisymbretalia*) 28/05/2021, IPS.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Vulpia myuros*

subsp. *sciurooides* (Roth) Rouy

Clave de variedades

- | | |
|--|-------------------------|
| 1. Espículas de 7-11,5 mm; gluma inferior 2,5-5 mm, gluma superior 5-8,5 mm; lema 5-8 mm | var. <i>sciurooides</i> |
| Espículas 6-9,5 mm; gluma inferior 1-3 mm; gluma superior 4-6,5 mm; lema 4-6,5 mm | var. <i>tenella</i> |

■ var. *sciurooides*

Vulpia sciurooides (Roth) Gmel.; *Vulpia bromoides* (L.) S.F. Gray

•**Distribución:** S, W e C de Europa. Oriente Próximo e NW de África.

•**Hábitat:** pradarías anuais sobre chans secos en verán e en ocasións nitrificados.

•**Frecuencia:** moi abundante.

•**Pregos herborizados:**

>**BALTAR**, Tosende, 29TNG9943_29TPG0043, 950 m, claros de piornal (*Cytisus multiflorus*) con pasto anual, 09/06/2021(04), IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80329. >**BANDE**, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 560 m, areas entre muros do campamento romano, 02/07/2019, IPS, SANT 77555. >**CALVOS DE RANDÍN**, Santuario dos Milagres-Nogueiras, 29TNG9045, 915 m, cuneta adxacente á área recreativa, viario, 03/07/2014, IPS & D.Manso, SANT 69900. Vilariño, 29TNG9236, 1030 m, pasteiro anual, 16/06/2016, IPS & M.Fernández. Golpellás. 29TNG9247, 870 m., chans secos en marxe de pista (*Tuberarietea*), 19/06/2018, IPS, SANT 77063. >**LOBIOS**, Herdadiña, 29TNG7743, 360 m, pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii*), 23/05/1997, IPS, SANT 77854. Serra de Santa Eufemia, caseta do viveiro forestal, 29TNG7230, 650 m, pasteiro anual sobre chans algo pisados e nitrificados, 09/06/2011, IPS, SANT 64780. Serra do Xurés, pista mina As Sombras, 29TNG7731, 1030 m, 28/06/2012, IPS, M.Serrano, R.Carbajal & R.Perdiz, SANT 65833. >**MUIÑOS**, Cados, 29TNG8244, 650 m, pasteiro anual viario, 27/05/2011, IPS, SANT 64748. Guntumil, Ermida do Crasto, 29TNG9040, 955 m, pasteiro con dominio de *Agrostis*, por zonas nitrificado e pisado, 24/06/2011, IPS, SANT 65282. Encoro de Salas, Requiás, 29TNG8740, 835 m, prado higrófilo por enriba pantano e debaixo pista, con *Juncus squarrosum*, *Carex*, *Festuca*. 28/05/2021/02, ÍPS, SANT 80901. Maus de Salas, Os Covatos, 29TNG8943, 890 m, pasto anual con *Centaurea cyanus*, 09/06/2021(01), IPS, SANT 80327.

■ var. *tenella* Boiss

Vulpia muralis (Kunth) Nees; *Vulpia broteri* Boiss. & Reut.

- Distribución:** excede os límites da subrexión mediterránea occidental. P. Ibérica: amplio reparto con ausencias territoriais.
- Hábitat:** pradarías anuais sobre chans secos e pobres.
- Frecuencia:** escasa.
- Pregos herborizados:**

 - >Muiños, Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 870 m, pasto anual, viario, subnitrófilo (*Symbretalia*), 28/05/2021, (cf)

- Citas previas:** MERINO (1909).

F. IRIDACEAE

Clave de xéneros

1. Flores que nacen directamente do chan	2
Flores con talo desenvolto	3
2. Sen follas caulinas; flores cos tépalos soldados en case toda a súa lonxitude	<i>Crocus</i>
Con follas caulinas; flores cos tépalos soldados só na base	<i>Romulea</i>
3. Flores de cor malva	<i>Gladiolus</i>
Flores doutra cor	4
4. Flores amarelas; planta de ambientes encharcados	<i>Limniris</i>
Flores moradas; planta de ambientes non encharcados	<i>Xiphion</i>

— *Crocus* L. —

Herbáceas con bulbo subterráneo envolto por túnicas. Sen talo apparente polo que parece que as flores xorden do chan. Follas lineares, todas basais, presentes na antese ou despois desta. Flores hermafroditas, trímeras, con 2 brácteas basais. Periantio soldado en boa parte da súa lonxitude formando un longo tubo terminado en 6 lóbulos. Ovario ínfero, subterráneo, que madura nunha cápsula que sae ao exterior pola elongación do pedicelo.

- Bibliografía:** GUILLÉN (2013).

Clave de especies

1. Floración primaveral	<i>C. carpetanus</i>
Floración outonal	<i>C. serotinus</i>

■ *Crocus carpetanus* Boiss. & Reut.

• **Descripción:** xeófito de floración primaveral, acaule. Tuberobulbo rodeado de túnica papirácea que se desfai en fibras. Escapos hipoxeos na antese que se alongan na frutificación. Follas 2-4, filiformes, presentes na antese. Flor única regular, con 6 tépalos e 3 estames; tubo abrançazado, garganta amarela e lóbulos tinguidos de cor violeta pálida. Tubo do periantio de máis de 40 mm, moito más longo cós lóbulos. Androceo con 3 estames de filamentos e anteras amarelas. Estilo dividido en 3 ramos fimbriadas cara o ápice, branco o amarelo pálido

• **Distribución:** endimismo do C, NW e W da P. Ibérica.

• **Hábitat:** pradarías vivaces en claros de matogueira no piso supratemperado e pastos en chans de maior profundidade.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes-Marabaixo, 29TNG7841, 1350 m, claro de matogueira, 28/02/1998, IPS, SANT 46623. Serra de Santa Eufemia, c. de reemisores, 29TNG7134, 1110 m, pradarías vivaces sobre chans pouco profundos (*Sedo anglici-Thymetum caespititii* subas. *ornithogaletosum concinnii*), 08/03/2004, IPS, SANT 50312. >Muíños, Serra do Xurés, Albite-picos fronteira, 29TNG83, 22/02/1993, IPS, SANT 46621 e 46622.

• **Citas previas:** LAÍNZ (1956, 1986); LAÍNZ RIBALAYGUA & LAÍNZ: (1957).

■ *Crocus serotinus* Salisb.

• **Descripción:** xeófito de floración outonal, acaule. Tuberobulbo rodeado de túnica, as internas papiráceas e as externas formadas por fibras reticuladas. Escapos hipoxeos na antese que se alargan na frutificación. Follas lineares (4-7) que comenza a emerxer durante a antese. Flor única, regular, hermafrodita, con 6 tépalos. Tubo abrançazado de máis de 40 mm, moito más longo cós lóbulos, estes de cor violeta intensa, en ocasións con venas más escuras có resto. Androceo con 3 estames de filamentos e anteras amarellentos. Estilo dividido en 3 ramos alaranxadas e fimbriadas cara o ápice. Estilo alaranxado.

• **Distribución:** Península Ibérica (dispersa) e NW África (Marrocos).

• **Hábitat:** pradarías e claros de matogueira.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Calvos de Randín-Randín, c. fronteira, 29TNG9242, 850 m, matogueira higrófila (*Genista anglica-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 03/10/1996, IPS, SANT 46620. Calvos de Randín-Randín, 29TNG9242, 850 m, matogueira higrófila (*Genista anglica-Ericetum tetralicis* subas. *ulicetosum minoris*), 8/10/1996, IPS, SANT 46625. Idem, 30/09/2000, SANT 46626. >LOBIOS, Guende, 29TNG8038, 800 m, 05/10/1995, IPS, SANT 46624. >Muíños, As Maus-Guntumil, 29TNG9042, 860 m, claros de matogueira (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 14/10/2004, IPS, SANT 52880.

— *Gladiolus* L. —

■ *Gladiolus communis* L.

Gladiolus illyricus W.D.J. Koch; *G. palustris* sensu Merino

• **Descripción:** xeófito con bulbo sólido. Talo erecto de 20-55 cm. Follas paralelinervias, as basais reducidas a vaíñas membranáceas, as caulinas erectas, lineares ou linear-lanceoladas, ríxidas.

Inflorescencia espiciforme con poucas flores (3-10), unilateral. Flores cigomórficas, de aspecto bilabiado, con 2 brácteas verdes desiguais e persistentes na base. Periantio petaloideo, rosado, cun tubo pequeno e 6 grandes lóbulos estreitados cara a base. Androceo con 3 estames libres entre si e que nacen do tubo periántico. Ovario ínfero, trilocular. Froito en cápsula.

•**Distribución:** S e W Europa. P. Ibérica: amplamente repartida.

•**Hábitat:** claros de matogueira, prados. Pisos meso e supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>ENTRIMO, Montes de Guxinde, 29TNG7048, 900 m, claros de matogueira, 03/08/1995, IPS, SANT 46701. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7830, 1350 m, claro de matogueira, chan pouco profundo, 07/1992, IPS, SANT 46704. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1080 m, pasteiro pioneiro vivaz (*Sedion anglici*), 17/06/1993, IPS, SANT 46703. Serra do Xurés, 29TNG7830, 1350 m, claro de matogueira, chan pouco profundo, 15/07/1993, IPS, SANT 44826. Baños de Ríocaldo, xurdimento de auga termal, 29TNG7434, 390 m, ribeira deforestada, 24/05/1995, IPS, SANT 46700. Serra do Xurés, Chan do Frielo-Escada Paredes, 29TNG7833, 1250 m, 04/06/1997, IPS, SANT 46702.

•**Bibliografía:** ALONSO & CRESPO (2013).

— Limniris (Tausch) Rchb. —

■ *Limniris pseudacorus* (L.) Fuss

Iris pseudacorus L.

•**Descripción:** xeófito rizomatoso que pode superar 120 cm de altura. Follas paralelinervias, planas. Flores amarelas. Os 3 tépalos internos son erectos e de pequeno tamaño; os 3 externos son patentes e colgantes no ápice, cunha franxa amarela no centro sobre a que se dispónen pelos amarelos. Ramas estilares petaloideas, moito más curtas cós tépalos externos, con lóbulos dentados e menos aplicadas. Estames aplicados ás ramas estilares.

•**Distribución:** Europa, N África, SW Asia e Macaronesia pp. Introducida en América, E Asia, Oceanía. P. Ibérica: amplamente espallada.

•**Hábitat:** zonas chás sometidas a un longo período de inundación. Piso mesotemperado.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, encoro do Lindoso-desembocadura río Cabaleiros, 29TNG7639, 395 m, zona encharcada por enriba do nivel do río e ocasionalmente inundada (*Phragmitetea*), 06/07/2019, IPS, SANT 77510. >MUÍÑOS, río Limia-cola Encoro das Conchas, 29TNG8749, 650 m, marxe de río, augas remansadas (*Phragmitetea*), 10/09/1997, IPS, SANT 46329.

•**Bibliografía:** CRESPO (2013).

— Xiphion Mill. —

■ *Xiphion boissieri* (Henriq.) Rodion. ●

Iris boissieri Henriq.; *I. diversifolia* Merino

•**Descripción:** xeófito que non acostuma superar os 50 cm. Bulbo tunicado con raíces fibrosas, só lixeiramente engrosadas. Túnica do bulbo escariosas, de cor parda, prolongadas cara o pescozo. Talos simples cilíndricos, fistulosos. Follas paralelinervias, as inferiores longas, de ata 50 cm, con vaíña curta, lineares, acanaladas, de face verde estriada lonxitudinalmente e envés verde-pálido sen estrías. As superiores do talo van incrementando a lonxitude da vaíña, diminuíndo a lonxitude do limbo e adquirindo consistencia ríxida. Brácteas que rodean a inflorescencia coa marxe membranácea, inchadas. Flor violeta única na cima do talo (en ocasións dúas); periantio formado por 6 tépalos con tubo inserto; os 3 tépalos internos son erectos; os 3 externos patentes, panduriformes, con limbo reflexo ou recurvado no ápice, cunha franxa amarela no centro

de cada un sobre a que se dispoñen pelos amarelos, sobre os que se sitúan as tres ramas estilares petaloideas terminadas no labio estigmático con 2 lóbulos triangulares. Estames aplicados opositos aos tépalos externos. Cápsula recuberta polas brácteas, erecta, dehiscente por tres valvas, con máis de 60 sementes nos exemplares ben frutificados.

•**Distribución:** endimismo de Galicia (C, Lu, Our) e N de Portugal (Mi, TM). Parece que as antigas citas doutros territorios de Galicia tenden a desaparecer gradualmente, manténdose só en bo estado as poboacións da Serra do Xurés.

•**Hábitat:** claros de breixeira. Preferentemente sobre chans pouco profundos sobre os que os breixos de gran tamaño fracasan na súa colonización. Pisos mesotemperado superior e supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Lexislación:** En Perigo de Extinción (CGEA, 2007).

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1350 m, chan pouco profundo erosionado por regato esporádico, 07/1992, IPS, SANT 46660. Serra do Xurés, As Sombras, 29TNG7830, 1300 m, claro de matogueira, chan pouco profundo, 14/07/1993, IPS, SANT 46661. Serra do Xurés, A Chan da Vella, 29TNG7732, 1010 m, cuneta da pista baixo breixeira, 04/06/1997, IPS, SANT 52751 e 52858. Serra do Xurés, A Chan da Viella de Abaixo, 29TNG7731, 1050 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* subas. *pseudarrhenatheretosum longifolii*), 22/06/1998, IPS, SANT 46320. Serra do Xurés, A Malleta, 29TNG7631, 1000 m, claro de matogueira, 28/05/1999, IPS, SANT 46319. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6930, 1160 m, comunidade de herbáceas pirófilas, 09/06/2011, IPS, SANT 64787, SANT 64787.

•**Outras localizacións xeoreferenciadas:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, 06/1999, IPS. 29TNG7033 (570418 / 4633650), 1 exemplar empezando a frutificar, 02/06/2011, IPS. Serra do Xurés, c. A Ourela do Rubios, 29TNG810320, 1280 m, pasteiro vivaz, chans pouco profundos, 27/05/2004, IPS. Escuseiras-Chan do Fielo, 29TNG7833 (0578379 / 4633155), 1255 m, comunidade con *Ranunculus bupleuroides* e *Festuca* sp., 2 exemplares, 02/07/2008, IPS & D.Manso. 29TNG7832 (0578571 / 4632690), 1268 m, matogueira, 1 exemplar, 02/07/2008, IPS & D.Manso. 29TNG7832 (0578605 / 4632461), 1300 m, 5 exemplares, 02/07/2008, IPS & D.Manso. Pión de Paredes, 29TNG7832 (0578039 / 4632414), 1150 m, repisa sobre penedo vertical en corga, 02/07/2008, 1 exemplar, IPS & D.Manso. 29TNG7632 (0576431 / 4632684), 1045 m, marxe de regato estacional sobre leito rochoso, 2 exemplares, 02/07/2008, IPS & D.Manso. 29TNG7731, 1100 m, 4 exemplares en dúas pequenas valgadas que baixan ao río desde o cordal do Fitoiro, 21/05/2011, IPS. Senda paralela río Amoreira, 29TNG7732 (57766 / 463232), 988 m, 18/06/2011, 10 exemplares empezando a frutificar, IPS. >Muíños, Serra do Xurés, 29TNG858375, 1146 m, 11/06/2004, IPS. 29TNG865369, 11/06/2004, IPS. A Barxa-Salgueiros 29TNG8537, 1130-1230 m, 7 individuos en flor no camiño pouco antes primeiro pequeno bosque sáindo da Barxa, 27/05/2011, IPS. 29TNG8637, 1130-1230, 39 individuos en flor a 27/05/2011, IPS. 29TNG8536 (4636795 / 585160), 1298 m, 17/08/2012, IPS. 29TNG8436 (4636586 / 584763), 1348 m, 17/08/2012, IPS. (4636726 / 584695), 1283-1400 m, IPS.

•**Bibliografía:** CRESPO & MARTÍNEZ (2013).

•**Citas previas:** MERINO (1908, 1909); LAÍNZ (1965, 1966).

— Romulea Maratti —

■ *Romulea bulbocodium* (L.) Sebast. & Mauri

Crocus bulbocodium L.; *Romulea uliginosa* Kunze

•**Descripción:** xeófito con bulbo sólido de ata 15 mm de diámetro. Escapos hipógeos na antese que se沿gan na frutificación. Follas paralelinervias, lineares, 2 basais e ata 5 caulinias máis curtas cás basais e que exceden longamente a inflorescencia. Inflorescencia con 1-6 flores, con brácteas e bractéolas. Flores regulares con 6 tépalos, os internos de cor malva e garganta amarelenta pola cara interna, e cor violácea pálida pola cara externa; os externos violáceos. Tubo do periantio de menos de 10 mm. Estigmas por enriba dos estames.

•**Distribución:** S Europa, SW Asia e N África. P. Ibérica: amplamente espallada, sobre todo no W.

•**Hábitat:** chans pouco profundos, pradarías pioneiras vivaces



Iridaceae *Crocus carpetanus*



Iridaceae *Crocus serotinus*



Iridaceae *Gladiolus communis* (vista frontal)



Iridaceae *Gladiolus communis* (vista lateral)



Iridaceae *Limniris pseudacorus*



Iridaceae *Romulea bulbocodium*



Iridaceae *Xiphion boissieri*



Iridaceae *Xiphion boissieri* (frutos)

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Porto Quintela, 29TNG8447, 560 m, pasteiro baixo carballeira segada e antropizada, 24/02/2005, IPS, SANT 52375. >LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG73, 03/1993, IPS, SANT 46679. Lobios-Vilameá, A Anta, 29TNG7537, 470 m, chan pouco profundo con pasteiro anual (*Airo-Sedetum arenarii subas. silenetosum scabiriflorae*), 02/1993, IPS, SANT 46664. Baños de Riocaldo, 29TNG7435, 400 m, 02/1993, IPS, SANT 46663. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, 29TNG83, 31/01/1993, IPS, SANT 46662. Serra do Xurés, 29TNG8538, 1100 m, pasteiro de *Agrostis*, marxe de pista e claro de breixeira, 20/03/1998, IPS, SANT 46659.

•**Bibliografía:** CARDIEL (2013).

•**Citas previas:** ORTIZ et al. (1999).

F. JUNCACEAE

Clave de xéneros

1. Follas non ciliadas nas marxes; froitos con numerosas sementes	Juncus
Follas ciliadas nas marxes; froitos con 3 sementes	Luzula

— *Juncus* L. —

Herbáceas anuais ou vivaces, glabras, de medios húmidos ao menos temporalmente. Follas con vaíña, en ocasións auriculada, e limbo, áinda que este falta en ocasións, máis frecuentemente na parte inferior do talo. Inflorescencia en antela con ao menos unha bráctea inferior foliácea. Flores hermafroditas, regulares, con bractéolas (involucrantes ou non). Periantio trímero formado por 2 voltas de tres tépalos escariosos ou algo coriáceos. Ovario con 3 lóculos. Cápsula con dehisencia valvar (3 valvas).

•**Bibliografía:** ROMERO ZARCO (2010); FERNÁNDEZ CARVAJAL (1981, 1982a, 1982b, 1983).

Clave de especies

1. Plantas anuais	2
Plantas vivaces	7
2. Inflorescencia en cumes drepaniformes laxos	3
Inflorescencia en glomérulos capituliformes ou fascículos de 3 ou más flores	5
3. Tépalos externos de 1,6-2,8 mm; cápsula maior ou igual có periantio	<i>J. tenageia</i>
Tépalos externos de 2,5-7,5 mm; cápsula menor cós tépalos externos	4
4. Flores con 6 estames; cápsula madura 3,3-5 mm	<i>J. bufonius</i>
Flores con 3 estames; cápsula madura 2,5-3 mm; plantas xeralmente < 10 cm	<i>J. minutulus</i>
5. Sen follas caulinas todas basais	<i>J. capitatus</i>
Con follas caulinas	6
6. Cada flor con dúas bractéolas involucrantes	<i>J. bufonius</i>
Flor sen bractéolas involucrantes	<i>J. pygmaeus</i>
7. Follas só con vaíña ou cun limbo rudimentario	<i>J. effusus</i>
Follas con limbo ben desenvolto	8

8.	Con todas as follas en roseta basal, a veces algunha caulinaria	<i>J. squarrosum</i>
	Con follas caulinarias ben desenvoltas	9
9.	Follas non claramente septadas	<i>J. bulbosus</i>
	Follas claramente septadas	10
10.	Con 2 tipos de follas, as somerxidas filiformes e as superiores septadas e cilíndricas	<i>J. heterophyllus</i>
	Cun só tipo de follas	11
11.	Tépalos externos mas curtos cós internos	<i>J. acutiflorus</i>
	Tépalos externos de lonxitude lixeiramente superior á dos internos	<i>J. articulatus</i>

■ *Juncus acutiflorus* Ehrh. ex Hoffm.

• **Descripción:** xeófito rizomatoso que pode superar 1 m de altura. Talos algo comprimidos na base e cilíndricos por arriba, con vaíñas basais parduscias e mucronadas. Follas caulinarias 2-(6), septadas, carácter que se aprecia mellor tralo desecamento, con vaíña provista de aurículas obtusas. Bráctea inferior da inflorescencia más curta que ela. Tépalos de cor castaña ao menos no ápice, os externos más curtos cós internos. Estames (6) con anteras más longas cós filamentos. Cápsula trígono-ovoide que excede o periantio.

• **Distribución:** Europa (ata Ucraína occidental e localidades dispersas ata o Kurdistán) e NW de África. P. Ibérica: amplamente repartida.

• **Hábitat:** xuncais e outras pradarías higrófilas

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN As Maus-fronteira de Portugal, 29TNG9142, 860 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*), 16/07/2000, IPS, SANT 53170. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, pradaría higrófila, marxe de regato preto de nacente (*Deschampsio-Juncetum effusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80203. >LOBIOS, Saa, 29TNG7737, 610 m, regato sobre cuneta, 09/07/1993, IPS, SANT 56571. >Muíños, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chans encharcados con déficit de drenaxe, xuncal (*Molinetalia, Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65303.

■ *Juncus articulatus* L.

Juncus isthmiacus Necker; *J. geniculatus* Schrank; *J. lamprocarpus* Ehrh.; *J. adscendens* Host

• **Descripción:** hemicriptófito cespitoso con rizoma de entrenós moi curtos. Talos erectos ou ascendentes, ocasionalmente radicantes nos nós, con 0-2 follas basais reducidas a vaíñas parduscias, mucronadas e 3-5 follas caulinarias con vaíñas con aurículas escarioas. Limbo foliar cilíndrico, septado. Inflorescencia en antela cunha bráctea inferior foliácea, con ramas patentes ou erecto-patentes con glomérulos hemisféricos de 5-8 mm anchura con 4-14 flores. Flores sen brateolas involucrantes. Tépalos subiguais, os externos agudos, carenados; os internos non acuminados. Cápsula trígono-ovoide, aguda, mucronada, brillante, que excede o periantio. Sementes amarelentas.

• **Distribución:** holártica. Introducida noutras zonas temperadas. P. Ibérica: frecuente.

• **Hábitat:** chans con humidade edáfica en marxes de lagoas, pradarías higrófilas, etc.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Saa-A Regada, 29TNG7732, 700 m, regato efémero con *Ranunculetum omiophylli*, 09/09/1997, IPS, SANT 49276 e 56570.

■ *Juncus bufonius* L.

Tenageia bufonia (L.) Fourr.; *Juncus divaricatus* Gilib.

• **Descripción:** terófito con talos fasciculado ou solitarios, con 2-3 follas basais, a veces reducidas a vaíñas, e 1-2(3) caulinas. Limbo foliar plano ou lixeiramente revolto en marxes. Vaíñas coa marxe membranosa, non auriculadas. Inflorescencia que ocupa máis da metade do talo, con bráctea inferior foliácea. Flores solitarias, trímeras, cada unha con 2 brácteas involucrais que envolven a base dos tépalos. Tépalos con marxe escariosa, os 3 externos más longos e agudos ou apiculados. Cápsula en xeral más curta cós tépalos internos.

• **Distribución:** cosmopolita. Menos frecuente en rexións polares e tropicais. P. Ibérica: frecuente.

• **Hábitat:** pradarías de terófitos efémeros sobre chans temporalmente inundados.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7651, 1165 m, marxe de regato, substrato areoso, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59471. >Muíños, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chans temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea*, *Cicendion filiformis*), 24/06/2011, IPS, SANT 65308. Encoro As Conchas, Pazos, 29TNG8446, 550 m, chan areoso descuberto pola baixada de nivel de auga (*Isoeto-Nanojuncetea*), 05/11/2014, IPS, SANT 70367.

■ *Juncus bulbosus* L.

Juncus uliginosus Roth; *J. supinus* Moench var. *genuinus* Cout.

• **Descripción:** hemicriptófito, xeralmente con talos tuberoso-engrosado na base. Follas en brotes basais e 2-3 nos talos fértiles. Limbo delgado, filiforme, cilíndrico ou lixeiramente aplanado. Vaíñas con longas aurículas obtusas. Inflorescencia en antela, con bráctea inferior foliácea. Con glomérulos de 2 ou más flores, cada unha cunha bractéola (sen bractéolas involucrantes). A veces presenta un falso viviparismo. Tépalos subiguais, con anchas marxes escarioso-hialinas. Estames 3-6. Cápsula trigonal. Sementes amarellentas.

• **Distribución:** Europa (incl. Azores e Madeira) e NW África. P. Ibérica: frecuente (case todo o territorio).

• **Hábitat:** zonas húmidas con distinto período de encharcamiento, terreos cenagosos, etc.

• **Frecuencia:** abundante.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, marxe de regato preto de nacente (*Montio-Cardaminetea*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT80205. >LOBIOS, Saa, 29TNG7737, 610 m, regato sobre cuneta, 09/07/1993, IPS. Torneiros, 29TNG7333, 480 m, base de manancial, 11/04/1997, IPS. Torneiros-Portela do Home, 29TNG7332, 500 m, marxe de regato (*Montio-Cardaminetea*), 10/05/1997, IPS. A Portaxe-Ribas de Arauxo, 29TNG7640, 350 m, comunitade de *Iris pseudacorus* (*Phragmito-Magnocaricetea*), 23/05/1997, IPS. >Muíños, Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, 2ª liña de vexetación en marxe do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 09/10/2015, IPS, SANT 72047.

Detectáronse as seguintes variacións ou formas:

■ *J. bulbosus* f. *nanus* (Peterm.) Soó

Talos filiformes.

>LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7651, 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59632.

■ *Juncus* f. *uliginosus* (Roth) Fernández-Carvajal

Talos postrados ou rastreiros, radicantes nos nós.

>ENTRIMO, Vilar, 29TNG7444, 750 m, junto a fuente-abrevadero (*Montio-Cardaminetea*), 04/08/1995, IPS, SANT 49242 y 49243.

■ *Juncus capitatus* Weigel.

Juncinella capitata (Weigel) Fourr.; *Juncus ericetorum* Pollich; *J. tenellus* Geuns

• **Descripción:** terófito cespitoso, efémero, menor de 15 cm. Talos filiforme, só foliosos na base. Follas acanaladas más curtas cós talos. Vaíñas non auriculadas, con marxe escario-so-hialina. Inflorescencia formada por 1-3(5) glomérulos, con unha ou varias brácteas basais, 1 o 2 inferiores foliáceas sendo a inferior algo más longa cá inflorescencia. Bractéolas externas foliáceas. Flores sen bractéolas involucrantes. Tépalos moi desiguais, os externos maiores, cun nervio central marcado que se prolonga en acumen. Cápsula moito más curta có periantio.

• **Distribución:** Europa, Canarias e Azores, N e E África, SW Asia, NE América. Naturalizado en Australia. P. Ibérica: frecuente en case todo o territorio.

• **Hábitat:** chans temporalmente inundados con pradarías anuais de terófitos efémeros. Silicícola.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, Serra do Xurés, 29TNG7734, 1143 m, pasteiro aberto sobre chans temporalmente inundados (*Isoeto-nanøjuncetea*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59509. >**MUÍÑOS**, Albite, Outeiro do Home Dereito, caseta vixilancia incendios, 29TNG8339, 1040 m, rechán con chans areosos temporalmente encharcados, 08/06/2021, IPS, SANT 80313.

■ *Juncus effusus* L.

Juncus communis E.H.F. Meyer β *effusus* (L.) E.H.F. Meyer ; *J. fistulosus* Guss

• **Descripción:** hemicriptófito cespitoso con rizoma horizontal oblicuo de entrenós moi curtos. Brotes fértiles e estériles, os últimos con apariencia de follas cilíndricas. Talos que poden chegar a 1,5 m, cilíndricos, suavemente estriados (> 30 estrías desiguais), con vaíñas basais. Vaíña más alta xeralmente mucronada e con unha pequena lámina. Follas (4-5) todas basais e reducidas ás vaíñas ou cun limbo rudimentario. Inflorescencia pseudolateral en antela composta 3-4 veces, con bráctea basal con apariencia de continuación do talo. Tépalos (1,5)1,7-2,5 mm, subiguais ou os externos lixeiramente más longos, apiculados, concoloros, con marxe escariosa más ancha na metade inferior. Cápsula de 1,5-2,3 mm, trígona, pardusca, brillante, de pouco más curta a igual cós tépalos, truncada ou lixeiramente retusa.

• **Distribución:** subcosmopolita. P.Ibérica: amplamente repartida; rara no SE.

• **Hábitat:** pradarías higrófilas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Os Bañadoiros-Penedo da Tella, 29TNG8757, 1040 m, xuncal de *Juncus effusus* e *J. acutiflorus* (*Juncion acutiflori*), 19/06/2020, IPS, SANT 78854. >**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, marxe de regato preto de nacente, pradaria higrófila (*Deschampsio-Juncetum effusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80204. >**LOBIOS**, Saa, 29TNG7737, 610 m, regato sobre cuneta. 09/07/1993, IPS, SANT 56573.

■ *Juncus heterophyllus* Dufour

Juncus lampocarpus Ehrh. ex Hoffmanns. var. *heterophyllus* (L. Dufour) Duby; *Juncus atlanticus* Laharpe

• **Descripción:** xeófito ou hidrófito con raíces fasciculadas e engrosadas, a veces en tubérculos fusiformes. Talos ata 1 m, flotantes inferiormente ou rastreiros, enraizantes nos nós, coa parte emerxida verde, cilíndrica. Dimorfismo foliar; follas somerxidas filiformes, moi longas; as superiores emerxidas rectas, septadas, de 2-6 mm de anchura, fistulosas. Vaíña

con aurículas escarioas, obtusas. Bráctea inferior da inflorescencia foliosa. Tépalos externos xeralmente mucronados, do mesmo tamaño cós internos ou lixeiramente menores, de (3,1)3,5-5,5 mm. Cápsula trígono-ovoide, bruscamente contraída en pico longo. Sementes amarelentas.

•**Distribución:** SW Europa e NW África (subrexión mediterránea occidental). P. Ibérica: C, W e S con alguma presencia no NE.

•**Hábitat:** zonas somerxidas gran parte do ano que poden ter un curto período de estiaxe. Marxes de lagoas. Silicícola.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Reparade, río Salas, 29TNG8242, 690 m, chans areosos da marxe do río, 22/07/1993, IPS, SANT 49241. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8742, 870 m, lago xerado tras abandono de explotación de canteira, 28/05/2021, IPS, SANT 80802.

■ *Juncus minutulus* Albert & Jahand. ex Prain

•**Descripción:** terófito pluricaule. Follas basais e caulinas con vaíña non auriculada. Limbo en ocasións ausente nas follas basais, no resto < 1 mm de grosor, planas ou lixeiramente revolutas. Inflorescencia en antela cunha bráctea inferior foliácea

•**Distribución:** Europa, C e SW Asia e Norteamérica. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** comunidades de terófitos efímeros sobre chans temporalmente inundados.

•**Frecuencia:** raro?

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7734, 1143 m, pasteiro aberto, chans temporalmente inundados (*Isoeto-nanojuncetea*), 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59511.

■ *Juncus pygmaeus* Rich. ex Thuill.

Juncinella pygmaea (L. C. M. Richard) Fourr.; *Juncus mutabilis* var. β Lam.; *J. bupleuroides* Pourr.

•**Descripción:** terófito cespitoso. Talos numerosos, simples, cilíndricos, de 0,5-1,5 mm de diámetro, foliosos, con 2-3 follas. Follas de limbo cilíndrico ou aplanado, setáceo e vaíña con aurículas escarioas. Inflorescencia en antela de glomérulos capituliformes (hasta 14) e 1(2) bráctea foliácea na base. Glomérulos con flores pediceladas, cada unha cunha bractéola membranácea; sen bractéolas involucrantes. Tépalos subiguais, de 3-6(7) x 0,5-1 mm con estreita marxe membranosa. Androceo con 3 ou 6 estames. Cápsula más curta cós tépalos, trígona e sen pico ou case sen el. Sementes avermelladas.

•**Distribución:** W e S Europa (ata Anatolia) e N África. P. Ibérica: dispersa; rara no SE e N.

•**Hábitat:** comunidades de terófitos efímeros sobre chans temporalmente inundados.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 550 m, chans temporalmente inundados, pasteiro terofítico (*Isoeto-Nanojuncetea*), 02/08/1995, IPS, SANT 49261. Presa Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 865 m, chans temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojunceteaa*, *Cicendion filiformis*), 24/06/2011, IPS, SANT 65305.

■ *Juncus squarrosum* L.

Tenagia squarrosa (L.) Fourr.; *Juncus sprengelii* Willd.; *J. squamosus* Link; *J. ellmanii* C.E. Hubbard *et al.*

•**Descripción:** hemicriptófito cespitoso con rizoma curto subrecto. Talos cilíndricos coa base engrosada. Follas en roseta basal, en ocasións con 1 folla caulinaria más curta, acanaladas,

ríxidas, recurvadas. Panícula laxa. Bráctea inferior más corta cá inflorescencia. Flores subsésiles ou con pedicelo <3 mm, con 2 bractéolas involucrantes escariosas. Tépalos semellantes, 4-5,5 mm, con marxe anchamente escaria. Androceo con 6 estames. Cápsula ovoide ou elíptica, igualando o periantio ou un pouco más corta, obtusa, mucronada, brillante, de cor parda.

•**Distribución:** Europa e NW África. Introducida noutras zonas de climas temperados. P. Ibérica: Montañas do C e N e puntualmente en Serra Morena.

•**Hábitat:** terreos longamente encharcados: brañeiras e outros prados, turbeiras e matogueiras higrófilas.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**CALVOS DE RANDÍN**, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, pradaría higrófila tras nacemento de regato (*Deschampsio-Juncetum effusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80211. >**LOBEIRA**, Serra do Leboreiro, 29TNG7654, 1288 m, brañal (*Nardetea strictae*), 17/08/2008, IPS & M.Caruncho, SANT 59469. >**LOBIOS**, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7831, 1270 m, braña (*Ulicion micranthro-anglicae*), 02/08/2007, IPS & J.Rodr., SANT 57574. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7032, 995 m, marxe de regato, pasteiro (*Nardetea strictae*), 02/06/2011, IPS, SANT 64739. >**MUÍÑOS**, Requiás, Encoro de Salas, encoro-pista, 29TNG8740, 835 m, prado higrófilo con *Carex*, *Festuca*. 28/05/2021/02, IPS, SANT 80809.

■ *Juncus tenageia* Ehrh. ex L. fil.

Juncus vaillantii Thuill.; *J. gracilis* Lej

•**Descripción:** terófito de tons avermellados por abaxio sobre todo. Xeralmente de menos de 15 cm. Talos, cilíndricos, a maioría de menos de 1 mm de ancho. Con follas caulinias de limbo acanalado na metade inferior do talo. Vaínas escarioso-marxinadas con aurículas redondeadas. Tépalos con marxe escarioso-hialina, con 1 banda dorsal verdoso-agrisada e 2 laterais de cor castaña ou parda, os externos lixeiramente más grandes cós internos. Cápsula subglobosa de tamaño semellante aos tépalos.


•**Distribución:** C e S Europa, W e N Asia, N África e Etiopía. P. Ibérica: escasa no E.

•**Hábitat:** chans areosos longamente inundados e con estiaxe en verán. Preferentemente silícicola.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Porto Quintela, Encoro das Conchas, 29TNG8447, 550 m, chans areosos na marxe do encoro (*Isoeto-Nanojuncetea*), 08/08/2007, IPS, SANT 57560. >**MUÍÑOS**, Encoro das Conchas, 29TNG8144, 550 m, comunidade de terófitos efémeros sobre chans temporalmente inundados (*Isoeto-Nanojuncetea*), 02/08/1995, IPS, SANT 49262. Maus-Guntumil, encoro de Salas, 29TNG8943, 845 m, comunidade de terófitos efémeros sobre depresión temporalmente inundada, 15/07/2000, IPS, SANT 53172. Encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, xuncal encharcado (*Juncion acutiflori*), 24/06/2011, IPS, SANT 65307. Encoro de Salas, 29TNG8941, 835 m, vexetación anual efémera sobre areas más próximas ao nivel da auga do encoro, 09/10/2015, IPS, SANT 72048.



Juncaceae *Juncus acutiflorus*




Juncaceae *Juncus bufonius*




Juncaceae *Juncus capitatus*




Juncaceae *Juncus effusus*




Juncaceae *Juncus heterophyllus*



Juncaceae *Juncus pygmaeus*



Juncaceae *Juncus squarrosum*



Juncaceae *Juncus tenageia*

— **Luzula DC.** —

Herbáceas perennes. Talos foliosos. Follas con vaíña sen aurículas e pilosa na garganta; limbo con longos pelos na marxe. Inflorescencia en antela coas flores solitarias ou en glomérulos, con numerosas brácteas e 2 dos brabactéolas por cada flor. Flores trímeras con dous verticilos de 3 + 3 tépalos. Androceo con 6 estames. Ovario con 3 estilos exertos. Froito en cápsula unilocular.

•**Bibliografía:** FERNÁNDEZ PIEDRA & S. TALAVERA (2010).

Clave de especies

1. Flores solitarias	<i>L. forsteri</i>
Flores en glomérulos	2
2. Tépalos de cor leitosa	<i>L. lactea</i>
Tépalos de cor escura	3
3. Follas co ápice caloso e agudo	<i>L. sylvatica</i>
Follas co ápice caloso e obtuso	4
4. Con estolóns subterráneos; anteras (0,9)1,2-2(2,6) mm > 2 veces a lonxitude do filamento	<i>L. campestris</i>
Sen estolóns subterráneos; anteras 0,3- 1,2(1,5) mm < 1,5 veces a lonxitude do filamento	<i>L. multiflora</i>

MERINO (1909) cita *Luzula spicata* (L.) DC, espécie rexeitada categoricamente por LAÍNZ (1966).

■ ***Luzula campestris* (L.) DC.**

Luzula subpilosa (Gilib.) V. Krecz.

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma horizontal e estolóns subterráneos curtos. Talos con 2-3 follas con vaíña e longos pelos marxinais, as basais de 2-4 mm de ancho. Inflorescencia con bráctea inferior de menor tamaño, en panícula umbeliforme, cun glomérulo sentado e varios pedunculados, cos pedúnculos glabros, erectos na antese e lixeiramente deflexos na frutificación. Flores con 2 bractéolas. Tépalos de cor castaña escura co ápice e marxe brancos. Anteras de 2-6 veces más longas cós filamentos. Cápsula < tépalos, de cor parda más clara que estes.

•**Distribución:** Europa (excepto extremo N) e NW África. Introducida noutras rexións. P. Ibérica: montañas do N, Sistema Central, Serra Morena, montañas do SE e Portugal.

•**Hábitat:** prados e pradarías de montaña sobre chans profundos.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BAIXA LIMIA, 15/04/1993, IPS, SANT 56576, 56577 e 56578. >LOBIOS, Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, brañal (*Nardo-Caricetum binervis*), 27/05/2004, IPS, SANT 51132. >LOBEIRA, Serra das Muntas-Outeiro de Mos, 29TNG772569, 1110 m, pradaría higrófila (*Juncion acutiflori*) alterado, 27/05/2003, IPS, SANT 49491.

■ ***Luzula forsteri* (Sm.) DC.**

subsp. *forsteri*

•**Descripción:** hemicriptófito. Follas paralelinervias con longos pelos marxinais e ápice mucronado; as basais de ata 6 mm de anchura. Talos con 2-3 follas, a miúdo numerosos e moi xuntos.

Inflorescencia en panícula, coa bráctea inferior foliácea e de menor ou maior tamaño có resto. Con flores maioritariamente solitarias ou algunas xeminadas ou en pequenos grupos. Ramas secundarias da inflorescencia erguidas na frutificación. Pedicelos de maior lonxitude cás flores. Flores con periantio dobre. Tépalos pardentos coa marxe membranosa. Froito en cápsula que se abre por 3 valvas, amarelento ou pardo-amarelento. Sementes negrizaas con carúncula.

•**Distribución:** W, C, S e CS Europa, NW África e W Asia. P. Ibérica: dispersa (silicícola).

•**Hábitat:** sotobosque de bosques: carballeiras, reboleiras e bideirais.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Xordos, Rego do Cauño, 29TNG8650, 580 m, lindeiro de bosque (*Trifolio-Geranietea*), 18/06/2020, IPS, SANT 78850. >CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, cerquiño (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*), 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80763.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

■ *Luzula lactea* (Link) E. Meyer

•**Descripción:** hemicriptófito con rizoma curto e estolonífero, moi pouco cespitoso. Follas con vaíña pilosa na garganta, as basais vólvense rapidamente fibrosas e de cor parda. Limbo das follas basais c. 4 mm de ancho, coas marxes lixeiramente revolutas, con pelos dispersos en dorso e más abundantes na marxe, sobre todo cara a base da folla. Talos foliosos. Inflorescencia en panícula de 8-20 glomérulos, cunha bráctea inferior más curta cá inflorescencia. Segmentos do periantio, brancos, agudos, subiguais, con marxe escariosa. Androceo con 6 estames inclusos que van crecendo ata que liberan o polen. Froito en cápsula < cós tépalos. Sementes con carúncula.

•**Distribución:** endimismo do C e NW da P. Ibérica.

•**Hábitat:** breixeiras do piso supratemperado reiteradamente queimadas.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7735, 980 m, marxe de pista-breixeira, 21/05/2011, IPS, SANT 65227. >MUÍÑOS, Serra do Xurés, A Lomba-O Curral de Iribo, 29TNG8636, 1250 m, ecotón camiño-breixeira, 27/05/2011, IPS, SANT 64811.

■ *Luzula multiflora* (Ehrh.) Lej.

subsp. *multiflora*

Luzula campestris subsp. *multiflora* (Retz.) Buchenau

•**Descripción:** hemicriptófito densamente cespitoso, sen estolóns ou con eles moi curtos. Follas paralelinervias, de 3-6 mm de ancho, con vaíña moi pilosa na garganta e glarescente no resto. Limbo plano densamente ciliado. Inflorescencia laxa, subumbelada con glomérulos redondeados, pedunculados, con flores subsésiles, ou en ramas erectas. Tépalos de ápice agudo, mucronados os internos e subaristados os externos, de cor parda no dorso e ápice e marxes escarioas. Anteras da mesma lonxitude ou lixeiramente maiores có pedúnculo. Cápsula inserta entre os tépalos.

•**Distribución:** Holártica. P. Ibérica: C, N e Serra Nevada.

•**Hábitat:** prados e pradarías sobre chan profundo.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

-BAIXA LIMIA, 15/04/1993, IPS, SANT 56575. >BANDE, Fonte dos Campos, 29TNG8754, 970 m, pradaría higrófila en marxe regato, 23/06/2021(10), IPS, SANT 80306. >CALVOS DE RANDÍN, Vilariño, 29TNG9235, 1200 m, pasto higrófilo (*Molinetalia*) con especies de turbeira, 16/06/2016, IPS & M.Fernández, SANT 80888. Golpellás. 29TNG9247,

870 m., prados higrófilos (*Molinetalia caerulea*), 19/06/2018, IPS, SANT 77069. Serra da Pena, 29TNG9638, 1200 m, marxe de regato que atravesa cerquiño, 28/05/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80225. Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*) e pradaría higrófila (*Deschampsio-Juncetum efusi*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 82225. >**Lobios**, A Ponte Nova-Portela Amoreira, 29TNG73, 600 m, 15/04/1993, IPS, SANT 56574. >**Muiños**, Requiás, encoro de Salas, 29TNG8740, 835 m, prado higrófilo por enriba pantano e debaixo pista, con *Juncus squarrosum*, *Carex*, *Festuca*. 28/05/2021(02), IPS, SANT 80879.

■ *Luzula sylvatica* (Huds.) Gaudin

subsp. *sylvatica*

Luzula sylvatica subsp. *henriquesii* (Degen) P. Silva

•**Descripción:** hemicriptófito, con rizoma horizontal robusto, cubertos de restos das follas basais das rosetas. Follas paralelinervias, as basais de máis de 1 cm de ancho, con longos pelos marxiniais e vaíña pilosa na garganta. Inflorescencia en panícula laxa, corimbiforme. Glomérulos con flores sésiles, cada unha con 2 bractéolas escarioas e abrançazadas, tépalos internos e externos de lonxitude parecida, de ápice agudo e mucronado. Os externos escuros no dorso e escariosos en marxe e ápice; os internos case enteramente escariosos. Cápsula cónica, pardo a avermellada.

•**Distribución:** W, C e S Europa (hasta N Anatolia). P. Ibérica: C e N.

•**Hábitat:** ameneirais (piso mesotemperado) e bosques de ribeira ou valgada (piso supratemperado).

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**Muiños**, Prado-Salgueiros, regato de Salgueiros, 29TNG8440, 890 m, marxe río, 22/04/2002, IPS, SANT 46972. Serra do Xurés, As Gralleiras, 29TNG8536, 1350 m, valgada sombría (N), pradaría, 01/08/2008, IPS, SANT 59540.

•**Citas previas:** MERINO (1909).

F. LEMNACEAE

— *Lemna* L. —

■ *Lemna minor* L.

•**Descripción:** hidrófita monoico. Frondes solitarias ou en pequenos grupos, flotantes, orbiculares a obovadas de < 5 mm, con 3 nervios visibles na cara superior e envés con 2 cámaras aerenquimáticas estreitas (< 0,3 mm) que permiten a flotabilidade da planta. Cun só rafidio (raíz) moito máis longo cá lonxitude da fronde e terminado nun ensanchamento estreitamente triangular (caliptra). Inflorescencia xeralmente ausente, cando se presenta (< 1 mm), desenvólvese nunha cavidade inferior e lateral protexida por unha espata; está formada por 2 flores masculinas (cada flor masculina representada por 1 estame) e unha feminina (monocarpelar). Froito orbicular (c. 1 mm de diámetro) rodeado dunha á estreita. Sementes recorridas por varias costelas, que se multiplican por xemación.

•**Distribución:** subcosmopolita (excepto E de Asia). P. Ibérica: amplamente repartida.

•**Hábitat:** estanques, pozos de auga. Augas non fluíntes, onde forma colonias.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>**Muiños**, Ponte Soutelo, río Limia, 29TNG8749, 551 m, meandro con augas estancadas, 04/11/2011, IPS & D.Manso, SANT 65320.

•**Bibliografía:** GALÁN (2008).

•**Citas previas:** MERINO (1909).



Juncaceae *Luzula campestris*



Juncaceae *Luzula forsteri*



Juncaceae *Luzula forsteri*



Juncaceae *Luzula lactea*




Juncaceae *Luzula multiflora*



Juncaceae *Luzula sylvatica*



Juncaceae *Luzula sylvatica*



Lemnaceae *Lemna minor*

F. LILIACEAE

Clave de xéneros

1. Lámina de las follas coa superficie pigmentada con numerosas manchas pardas	<i>Erythronium</i>
Lámina das follas verde, sen a superficie pigmentada con manchas pardas	2
2. Flores amarelas	4
Flores doutra cor	5
3. Filamentos dos estames glabros	<i>Gagea</i>
Filamentos dos estames ciliados na base	<i>Tulipa</i>
4. Follas verticilidas; Flores con tépalos reflexos, rosados; estames exertos	<i>Lilium</i>
Follas alternas; Flores campanuladas con tépalos reflexos só no ápice; estames insertos	<i>Fritillaria</i>

— *Erythronium* L. —

■ *Erythronium dens-canis* L.

• **Descripción:** xeófito con bulbo de 2,5-5 cm, subcilíndrico. Talo simple de 10-30 cm, circular, macizo, con 2 follas opostas, con pecíolo amplexicaule e limbo verdoso con manchas marróns. Flor solitaria no extremo do talo (pedicelo escapiforme reflexo no ápice), cos 6 segmentos do periantio libres, de 18-35 x 4-10 mm, violáceos ou rosados, reflexos case desde a base durante a antese. Nesta disposición a flor mira cara o chan e os tépalos cara arriba. Androceo con 6 estame libres, más curtos cós tépalos pero exertos dos tépalos reflexos. Filamentos fusiformes e anteras azuladas. Cápsula subglobosa trigonal.

• **Distribución:** S e C Europa. P. Ibérica: montañas do terzo N.

• **Hábitat:** pradarías en chans profundos, claros de breixeira-toxeira. Pisos meso superior e supra-temperado.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

› LOBIOS, Serra do Xurés, Pión de Paredes, 29TNG7832, 1315 m, baixo piñeiral e piornal (*Cytiso scoparii-Genistetum polyaliphyliae*), 28/02/1998, IPS, SANT 44782. > Muíños, Porqueirós, Lama do Muíño, 29TNG8644, 820 m, prados (*Molinetalia*), 22/03/1996, IPS, SANT 44784. Serra do Xurés, baixo A Lomba, 29TNG8636, 1250 m, claros de breixeira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis*), 20/03/1998, IPS, SANT 44783.

• **Bibliografía:** RICO (2013b).

• **Citas previas:** MERINO (1909); RODRÍGUEZ GRACIA (1986a).

— *Fritillaria* L. —

■ *Fritillaria pyrenaica* L.

Fritillaria nervosa Willd.

• **Descripción:** xeófito bulboso con túnica amarelenta membranosa. Talo escapooso xeralmente menor de 40 cm, circular, macizo. Follas paralelinervias, de linear-lanceoladas a lanceoladas, atenuadas no ápice, alternas e en poucas ocasións as superiores opostas, planas, rectas, lisas. Flores 1-3, colgantes, anchamente campanuladas. Periantio con 6 tépalos libres en 2 verticilos, cada un de 20-40 x 4-9 mm, os internos algo más anchos cós externos, apiculados, purpúreo-acastañados áinda que más claros polo interior que está frecuentemente reticulado de amarelo.

Nectarios de 4-8 x 3-6 mm, de ovados a redondeados, separados de 3-8 mm da base dos pétalos. Androceo con 6 estames libres. Estilos trífidos en 1/3-1/5 distal. Froito en cápsula.

•**Distribución:** S Francia e montañas do N da P. Ibérica (NW, Cordilleira Cantábrica, Pireneos, N Sistema Ibérico).

•**Hábitat:** pradarías vivaces, claros de matogueira, fisuras de penedos. Piso supratemperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, O Salgueiro, 29TNG7030, 1060 m, 11/05/1993, IPS, M. Buján & S.Ortiz, SANT 44809. Serra do Xurés, Escuseiras, 29TNG7932, 1300 m, claros de breixeira *Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broteroana*, 19/06/1997, IPS, SANT 44807. Serra do Xurés, pico do Sobreiro, 29TNG7931, 1500 m, claros de breixeira *Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broteroana*, 16/06/1998, IPS, SANT 44808. Serra do Xurés, Portela Amoreira, 29TNG7830, 1320 m, chans pouco profundos entre penedos, 27/05/2004, IPS, SANT 51060. Serra do Xurés, Pico do Sobreiro-Marabaixo, 29TNG7930, 1410 m, claros de matogueira *Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis* var. de *Thymelaea broteroana*, 27/05/2004, IPS, SANT 51059. Serra de Santa Eufemia, Xesteiro das Eiras, 29TNG6931, 1055 m, vexetación herbácea e matogueira en microvalgada excavada en penedo próximo ao cume, 16/05/2010, IPS.

•**Bibliografía:** GUEMES (2013a).

•**Citas previas:** LAÍNZ 1967; CASTROVIEJO et al. (1984); SILVA PANDO et al. (1987).

— **Gagea** Salisb. —

■ ***Gagea soleirolii*** F. W. Sch.

Gagea nevadensis auct. non Boiss.

•**Descripción:** xeófito con bulbo de 3-6(7) x 3-5(6) mm, ovoide ou subgloboso, que contén dou bulbos moi desiguais, un principal que nace na base da folla basal e outro secundario que xorde da marxe do primeiro, ambos revestidos cunha túnica papirácea común. Talo grácil, folioso, glabro. Follas basais 2 e caulinhas (1)2(3), paralelinervias, filiformes ou lineares coas marxes revolutas ao menos na porción distal, glabras áñda que as caulinhas poden aparecer ciliadas. Pode parecer que posúe máis follas basais cando o bulbo se divide. Escapos de 3-15 cm. Inflorescencia corimbiforme ou case umbeliforme. Flores pediceladas e con brácteas semellantes ás follas de periantio verde por fóra e amarelo interiormente, de c. 10 mm. Ovario trígono. Cápsula trígona emarxinada no ápice.

•**Distribución:** orófito da rexión mediterránea occidental (desde Córsega e Sardeña) e eurosiberiana na P. Ibérica: Pireneos, NW Ibérico e *Cordilleira Cantábrica*.

•**Hábitat:** chans pouco profundos con pradarías pioneiras vivaces. Pisos mesotemperado superior e supratemperado.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra de Santa Eufemia, 29TNG7133, 1110 m, chans pouco profundos, 01/05/1993, IPS, SANT 44786. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7134, 1110 m, pasteiro sobre chans pouco profundos (*Sedo anglici-Thymetum caespititii* subas. *ornithogaletosum concinnii*), 08/03/2004, IPS, SANT 50311. Serra de Santa Eufemia, Cruz do Touro, 29TNG6929, 1120 m, gretas de granodioritas, 16/05/2010, IPS, SANT 62410. >Mutíños, Albite, Outeiro do Home Dereito, 29TNG8339, 1000 m, chans pouco profundos, 19/03/1993, IPS, SANT 44785.

•**Bibliografía:** LÓPEZ GONZÁLEZ (2013).

•**Citas previas:** GÓMEZ VÍGIDE et al. (1989a).

— **Lilium** L. —

■ ***Lilium martagon*** L.

- **Descripción:** xeófito con bulbo de globoso a ovoide, de 3-5 cm de diámetro formado por escamas amareladas, imbricadas e de consistencia carnosa. Talos que superan 1 m de altura, glabrescente ou pubescente preto do ápice. Follas paralelinervias, patentes, glabras ou pilosas nos nervios do en-vés, as da parte media do talo en verticilos de 5-10, con 7-9 nervios. Inflorescencia en acio coas flores cos pedicelos recurvados cara abaixo na antese, con brácteas e sen bractéolas. Periantio estrelado con segmentos recurvados, de 25-40 x 12-25 mm, de rosados a púrpura-avermellados, con manchas púrpuras. Estames con filamentos de 28-35 mm de cor crema a verde abrançazada e anteras de 8-11 mm amarelo-alaranzadas. Froito en cápsula erecta de 20-35 mm.
- **Distribución:** Eurasíatica (ata E China) e N rexión mediterránea (S Europa). P. Ibérica: macizos montañosos da metade N.
- **Hábitat:** bosques do piso supratemperado.
- **Frecuencia:** escaso.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, Serra do Xurés, Corga do Medeiro, 29TNG7729, 1350 m, matogueira (*Pterosparto-Ericetum aragonensis* var. *Thymelaea broterana*) e prebosque de sobreiras (*Sorbus aucuparia* e *S. aria*), 14/06/1995, IPS, SANT 44813. Serra de Santa Eufemia, 29TNG7130, 820 m, carballeira (*Myrtillo-Quercetum roboris*), 04/07/1996, IPS, SANT 44835. > Muíños, Serra do Xurés, A Lomba-fronteira portuguesa, 29TNG8536, 1250 m, valgada con *Quercus* sp. rebotando (Incl.: 30°; Or.: W), 08/08/2007, IPS, SANT 57555.
- **Bibliografía:** GUEMES (2013b).

— **Tulipa** L. —

■ ***Tulipa sylvestris*** L.

subsp. ***australis*** (Link) Pamp.
Tulipa australis Link

- **Descripción:** xeófito con bulbo piriforme de túnica externa coriácea, parda. Talo xeralmente de menos de 20 cm, simple, macizo, circular, delgado, con 1,5-2 mm de diámetro a nivel da folla superior. Follas paralelinervias, planas, de 5-15 mm de ancho, en número de 2-4, alternas, insertas na porción basal do escapo solitario. Con 1 flor solitaria e terminal con 6 tépalos, os externos de cor marrón e os internos amarelos con nervio medio purpúreo. Androceo con 6 estames libres. Filamentos de base ciliada e anteras amareladas. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula trígona e polisperma de 14-25 mm.
- **Distribución:** Europa, W Asia e N África. Naturalizada en Norteamérica. P. Ibérica: dispersa; escasa no NW.
- **Hábitat:** pastos e chans despexados en zonas próximas aos cumes do piso supratemperado.
- **Frecuencia:** raro.
- **Pregos herborizados:**
 - > LOBIOS, Serra do Xurés, Minas das Sombras-Pico do Sobreiro, 29TNG7830, 1400 m, chans esqueléticos, 23/05/1995, IPS, SANT 44845. Serra do Xurés, Pico da Nevosa, 29TNG7931, 1500 m, chans pouco profundos próximos á cume, 16/06/1998, IPS, SANT 44846.
- **Bibliografía:** GUEMES (2013c).

F. NARTHECIACEAE

— *Narthecium* Huds. —

■ *Narthecium ossifragum* (L.) Huds.

•**Descripción:** xeófito con rizoma horizontal enraizante. Talos ata 50 cm, simple, fistuloso, foliosos cara a base. Follas paralelinervias, as basais lixeiramente arqueadas –ensiformes-, planas, ata 20 cm de longo, con 3-6(8) nervios; as caulinas anvaíñantes e pequenas (ata 4 cm). Inflorescencia en acio terminal de 6-20 flores bracteadas. Pedicelos que se alongan na frutificación, con bractéolas. Periantio estrelado, con tépalos de 6-9 mm patentes na antese e erguidos na frutificación, amarelos na cara interna ou adaxial e tinguidos de verde cara o nervio medio da externa ou abaxial, frecuentemente co ápice incurvado. Androceo con 6 estames lixeiramente soldados á base dos tépalos e cos filamentos pilosos. Ovario súpero formado por 3 carpelos soldados. Froito en cápsula polisperma, de cor laranxa a pardo-alaranzada.

•**Distribución:** Europea lateatlántica ata Escandinavia. P. Ibérica: rexión eurosiberiana.

•**Hábitat:** brañas, turbeiras e terreos pouco permeables e longamente encharcados. Piso supra-temperado.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, 29TNG7831, 1050 m, fisura de rocha zumegante xunta a *Drosera rotundifolia*, 22/08/1997, IPS, SANT 44815. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG779324, 1120 m, pradaría sobre manancial en ladeira, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59514.

•**Bibliografía:** MARTÍNEZ ORTEGA (2013b).

F. ORCHIDACEAE

Clave de xéneros

1. Flores sen esporón	2
Flores espolonadas	3
2. Flores brancas	<i>Spiranthes</i>
Flores con labelo pardo-avermellado	<i>Serapias</i>
3. Esporón filiforme	<i>Gymnadenia</i>
Espirón non filiforme, máis ancho	4
4. Esporón descendente; brácteas herbáceas	<i>Dactylorhiza</i>
Espirón ascendente; brácteas membranáceas	5
5. Sépalos laterais de patentes a erectos; polinios azulados	<i>Androrchis</i>
Sépalos coniventes cos pétalos en galea; polinios verdosos	<i>Anacamptis</i>

■ *Anacamptis morio* (L.) R.M. Bateman, Pridgeon & M.W. Chase

Orchis morio L.

•**Descripción:** xeófito con 2 tubérculos sésiles ou 1 sésil e 2 con longos pedúnculos de ata 9 cm. Talo tinguido de violeta na parte superior. Follas basais e caulinas anvaíñantes, 3-9 follas basais de 3-8,8 cm, glabras, lanceoladas, sen máculas e 1-4 caulinas que reducen o seu tamaño cara o ápice. Cunha folla que envaíña a inflorescencia cando emerxe. Inflorescencia espiciforme laxa.

Sépalos libres, de cor rosa clara, coniventes cos pétalos en galea. Pétalos laterais de cor rosada clara. Casco nervado de verde. Labelo trilobulado máis ancho ca longo, frecuentemente reniforme, bruscamente pregado, centro pálido densamente maculado de manchas amplas, e os laterais púrpuras; Esporón un pouco más curto có labelo, ascendente, abrançazado ou rosado, truncado no extremo. Polinios verdosos. Esporón cilíndrico, abrançazado ou rosado, horizontal ou arqueado cara arriba.

- Distribución:** euromediterránea, Europa (ata S Noruega), W Asia (N Irán, Turquía e Cáucaso) e Marrocos. P. Ibérica: dispersa; ausente no SE e zonas do litoral atlántico.
- Hábitat:** toxeira-breixeiras abertos do piso mesotemperado inferior.
- Frecuencia:** raro.
- Pregos herborizados:**
» LOBIOS, Xendive, 29TNG7742, 400 m, matogueira aclarada (*Ulici minoris-Ericetum umbellatae*), 25/03/2000, D. Manso & IPS, SANT 45411.
- Bibliografía:** AEDO (2005b); GAMARRA et al. (2012); PULGAR et al. (2002).

— *Androrchis* D. Tytæca & E. Klein —

■ *Androrchis mascula* (L.) D. Tytæca & E. Klein

Orchis mascula L.

- Descripción:** xeófito con 2 tubérculos. Follas basais e caulinias, as 2-7 basais de 5-18 cm case en roseta, lanceoladas, envainadoras, agudas, glabras, con ou sen máculas na superficie. Con 1-3 follas caulinias progresivamente más pequenas cara o ápice do talo. Inflorescencia espiciforme. Sépalos libres, os laterais de patentes a erectos, rosados ou violáceos. Pétalos laterais de rosados a violáceos. Labelo trilobulado coa zona central abrançazada e papilosa con ou sen manchas violáceas e 2 lóbulos laterais rosados ou violáceos. Polinios azulados. Esporón cilíndrico, rosado ou violáceo, horizontal ou arqueado cara arriba.
- Distribución:** euromediterránea (case toda Europa ata o C Rusia), W Asia (N Irán, Turquía e Cáucaso) e NW África (de Marrocos a Túnez). P. Ibérica: repartida por todo o territorio.
- Hábitat:** toxeira-breixeiras abertas do piso supratemperado.
- Frecuencia:** moi raro.
- Bibliografía:** AEDO (2005b); GAMARRA et al. (2012).

— *Dactylorhiza* Nevski —

Herbáceas vivaces con 2 tubérculos subterráneos con incisiões profundas. Talo erecto non ramificado, folioso e con catafilos cara o ápice. Follas en disposición helicoidal, más abundantes na base, anvaiñantes, con limbo de marxe enteira e en ocasións maculada. Inflorescencia en espiga terminal. Sépalo central formando unha galea xunto aos pétalos laterais (semellantes aos sépalos, pero más pequenos). Labelo enteiro ou trilobulado, con ensanchamento distal. Esporón alongado.

- Bibliografía:** SÁNCHEZ PEDRAJA (2005).

Clave de especies

1. Talo fistuloso; brácteas maiores cás flores	<i>D. elata</i>
Talo macizo; a maior parte das brácteas más curtas cás flores	<i>D. maculata</i>



Liliaceae *Erythronium dens canis*



Liliaceae *Fritillaria pyrenaica*



Liliaceae *Gagea soleirolii*



Liliaceae *Lilium martagon*



Liliaceae *Tulipa silvestris* subsp *australis*



Nartheniaceae *Narthecium ossifragum*



Orchidaceae *Anacamptis morio*



Orchidaceae *Androrchis mascula*

■ *Dactylorhiza elata* (Poir.) Soó

• **Descripción:** xeófito con 2 tubérculos más ou menos dixitados, palmatipartidos. Talo erecto, fistuloso, folioso. Follas caulinas erecto-patentes, las 2-3 superiores bracteiformes. Follas planas non cuculadas. Inflorescencia en acio alongado, cilíndrica, con brácteas foliáceas, que case na súa totalidade son de maior lonxitude cá flor axilante. Flores violáceas ou rosadas, con máculas. Esporón de maior lonxitude có labelo, este case enteiro con lóbulos laterais pouco resaltados.

• **Distribución:** SW de Europa e NW de África. P. Ibérica: dispersa.

• **Hábitat:** matogueira higrófila do piso supratemperado.

• **Frecuencia:** rara.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, breixeira-toxeira higrófila (*Genistion micranthro anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80228; observ.: follas en fresco regularmente maculadas, carácter perdido co desecamento

■ *Dactylorhiza maculata* (L.) Soó

Orchis maculata L.

• **Descripción:** xeófito con 2 (3) tubérculos más ou menos dixitados. Follas paralelinervias repartidas polo talo, xeralmente maculadas na cara superior. Inflorescencia primeiro densa, logo cónica e finalmente cilíndrica. Brácteas curtas, foliáceas, non anvaiñantes. Flores branco-rosadas. Sépalos laterais estreitamente lanceolados, de suberectos a patentes. Labelo de trilobulado a subenteiro, ornamentado con puntos, raias e trazas púrpuras ou violáceas, que no centro acostuman formar bucles. Esporón descendente paralelo ao ovario.

• **Distribución:** eurosiberiana (Temperada e Boreal) e W Asia. P. Ibérica: metade N.

• **Hábitat:** Turbeiras e matogueiras higrófilas.

• **Frecuencia:** común.

• **Pregos herborizados:**

>CALVOS DE RANDÍN, Serra da Pena, 29TNG9334, 1350 m, brañal (*Nardetea strictae*) e breixeira-toxeira higrófila (*Genistion micranthro anglicae*), 01/07/2021, IPS, M.Fernández & Lisardo, SANT 80206. >ENTRIMO, c. Fronteira Ameixoeira, Barreiro-A Gurita, 29TNG6946, 780 m, matogueira higrófila (*Genistion micranthro anglicae*), 10/06/2020, IPS, SANT 78736. >LOBEIRA, Serra do Leboreiro, 29TNG7656, 10/07/1996, IPS, SANT 45367. >LOBIOS, Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, cuneta de pista con regato de auga (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 23/05/1995, IPS, SANT 44716. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG7732, 1050 m, cuneta de pista con regato de auga (*Anagallido-Juncetum bulbosi*), 13/06/1995, IPS, SANT 44717. Serra do Xurés, Escada Paredes, 29TNG779324, 1120 m, pradaría sobre manancial en ladeira, 02/07/2008, IPS & D.Manso, SANT 59512.

• **Citas previas:** MERINO (1909).

*LAÍNZ (1953: 153) cita *Orchis latifolia* L. en Bande trala revisión da prego nº 1396 del Herbario de Merino. Dito taxon pode referirse a unha *Dactylorhiza*.

— *Gymnadenia* R. Br. —

■ *Gymnadenia conopsea* (L.) R. Br.

• **Descripción:** xeófito con tubérculos aplanados e dixitados na metade da súa lonxitude. Follas paralelinervias, as inferiores acanaladas e envainadoras, as superiores bracteiformes. Inflorescencia densa e cilíndrica. Flores pequenas e numerosas, de cor rosada. Brácteas lineares. Sépalo dorsal e pétalos coniventes en casco. Labelo dirixido cara abaxio, trilobulado, co centro frecuentemente branco. Esporón nectarífero, filiforme, arqueado cara abaxio, de 10-20 mm de longo.

•**Distribución:** Eurasíatica; boreal e temperada e montañas meridionais. P. Ibérica: metade N e montañas do SE.

•**Hábitat:** pradarías de orla de regatos de montaña. Piso Supratemperado.

•**Frecuencia:** moi raro.

•**Pregos herborizados:**

>LOBIOS, Serra do Xurés, Mina das Sombras-Portela Amoreira, 29TNG7830, 1300 m, marxe de matogueira en contacto con leito rochoso de regato, 14/06/1995, IPS, SANT 38033. Serra do Xurés, Escuseiras, río de Lobios-Corga da Carballa, 29TNG7932, 1300 m, claros de breixeira, 20/06/1997, IPS, D.Manso & C.Vello, SANT 52804. >Muíños, Serra do Xurés, fronteira Portela de Pitoes-As Gralleiras, 29TNG8636, 1250 m, 03/07/1997. IPS.

•**Bibliografía:** AEDO (2005a).

•**Citas previas:** PULGAR et al. (1998).

— *Serapias* L. —

Herbáceas vivaces con 2-5 tubérculos subterráneos non divididos. Talos simples, erectos, foliosos sobre todo cara a base. Follas en disposición helicoidal, de marxe enteira, non maculadas. Inflorescencia en espiga terminal pauciflora. Flores bracteadas, sen esporón. Sépalos subiguais que converxen nunha galea. Pétalos laterais de menor tamaño cós sépalos. Labelo con lóbulos laterais erectos.

•**Bibliografía:** SÁEZ et al. (2005).

Clave de especies

1. Labelo glabro cunha calosidade no centro da súa base	<i>S. lingua</i>
Labelos piloso con 2 calosidades laterais na súa base	<i>S. cordigera</i>

■ *Serapias cordigera* L.

•**Descripción:** xeófito tuberculado. Follas paralelinervias, xunto coa base do talo, maculadas con trazos vermellos, as superiores bracteiformes. Inflorescencia densa e curta. Brácteas anchas, un pouco más curtas có casco. Flores sen néctar. Casco claro por fóra e vermello moi escuro por dentro. Labelo dividido por unha estrangulación en hipóquilo (parte basal) e epíquilo (parte distal), con pilosidade violácea densa ata o centro do epíquilo. Hipóquilo coa base cordiforme e lóbulos laterais que xorden un pouco do casco. Epíquilo de 19-29 x 16-23 mm, cordiforme, orbicular ou lanceolado, colgante, pardo-avermellado.

•**Distribución:** rexión mediterránea. S Europa (ata Balcáns) e NW África. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** prados e outras pradarías.

•**Frecuencia:** escaso.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Quintá-San Fiz, 29TNG8750, 570 m, prado (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 11/06/1996, IPS & S.Ortiz, SANT 44719. >Muíños, O Salgueiro, 29TNG8439, 1030 m, chans pouco profundos (gretas entre afloramentos de rocha), 23/06/1998, IPS, SANT 44718.

■ *Serapias lingua* L.

•**Descripción:** xeófito con 3-5 tubérculos subterráneos, os máis novos longamente pedunculados. Follas paralelinervias, linear-lanceoladas, erectas, recurvadas, as superiores bracteiformes. Inflorescencia laxa. Brácteas más curtas có casco, nervadas. Labelo dividido por unha estrangulación en hipóquilo (parte basal) e epíquilo (parte distal). Hipóquilo reni-

forme e escondido no casco dos sépalos, sen néctar, con unha calosidade púrpura-negriza e brillante. Epíquilo lanceolado proxeectado cara adiante e péndulo.

•**Distribución:** rexión mediterránea. S Europa (ata C Francia) e NW África. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** prados e outras pradarías.

•**Frecuencia:** común.

•**Pregos herborizados:**

>BANDE, Os Baños, 29TNG8448, 570 m, prado higrófilo (*Peucedano-Juncetum acutiflori*), 21/05/1996, IPS, SANT 44723. >LOBIOS, Fondevila-Vilameá, 29TNG7536, 415 m, prado mesófilo (*Anthemido-Cynosuretum cristati*), 11/05/1993, IPS, M.Buján & S.Ortiz, SANT 44721. Alto do Couto, 29TNG7537, 490 m, cuneta, 09/05/1996, IPS, SANT 44720. >Muíños, encoro de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8842, 860 m, chans areosos fóra da área encharcada, 04/05/1996, IPS, SANT 44722.

— **Spiranthes** Rich. —

■ ***Spiranthes aestivalis* (Poir.) Rich.**

•**Descripción:** xeófito con 2-4(6) tubérculos napiformes, grácil. Talo verde-amarelento, pubérulo preto do ápice e glabro na base, de ata 30 cm. Follas paralelinervias, linear-lanceoladas, erectas, amplexicaules agrupándose na base del talo, 4-6 basais e caulinas bracteiformes. Inflorescencia en espiga terminal, densa, helicoidal, con pelos glandulares. Flores patentes na antese, brancas, con periantio en forma de tubo sen esporón. Sépalos más ou menos erectos, subiguais, libres con pelos glandulares na cara externa. Pétalos laterais parecidos aos sépalos, cun nervio medio verdososo, coniventes nunha galea xunto aos sépalos laterais. Labelo escotado no terzo distal. Froito en cápsula erecta.

•**Distribución:** mediterráneo-atlántica. SW Europa (ata Inglaterra, Holanda e C Europa) e NW África. P. Ibérica: dispersa, más frecuente no N e W.

•**Hábitat:** chans areosos temporalmente encharcados e ben iluminados.

•**Frecuencia:** moi raro. Especie en regresión polo desecamento de zonas húmidas e eutrofización das augas.

•**Pregos herborizados:**

>Muíños, sobre o encoro de Salas, 29TNG8842, 865 m, ecotón xuncal (*Molinetalia*) e comunidades de terófitos temporalmente inundados (*Cicendion, Isoeto-Nanojuncetea*), 10/07/1998, IPS & J.Rodr, SANT 44715.

•**Bibliografía:** PATALLO & AEDO (2005).

F. POTAMOGETONACEAE

— **Potamogeton** L. —

Hidrófitos rizomatosos perennes. Talos frecuentemente con xemas invernantes. Follas somerxidas e flotantes con vaíña aberta e limbo de ovado a elíptico, flotantes sobre a lámina de auga as superiores. Inflorescencia en espiga protexida por unha espata constituída por 2 brácteas soldadas antes da antese. Flores sésiles e hermafroditas. Periantio sepaloide constituído por 4 tépalos. Androceo con 4 estames. Ovario súpero. Froito en polidrupa en ocasións reducida.

•**Bibliografía:** GARCÍA MURILLO (2010).

Clave de especies

1. Follas inferiores reducidas a filodios; vaíña intrafoliar fibrosa, persistente; drupa > 3,5 mm	<i>P. natans</i>
Follas inferiores con limbo desenvolto; vaíña intrafoliar membranosa, caediza; drupa < 3 mm	<i>P. polygonifolius</i>

MERINO (1909), cita de Bande *Potamogeton nodosus* Poir.

■ *Potamogeton natans* L.

• **Descripción:** hidrófito vivaz, rizomatoso. Follas paralelinervias, as inferiores somerxidas e reducidas a filodios, lineares de sección circular ou estreitamente elíptica. Vaíña intrafoliar de (2,5)3-8 cm, fibrosa e persistente, excepcionalmente membranosa e caediza, con 2 quillas no dorso. As medias e superiores, anchas, anvaíñantes, flotantes, con pecíolo acanalado de ata 9 cm; limbo ovado ou anchamente elíptico, obtuso e mucronado no ápice e cordado o raramente atenuado na base. Inflorescencia en espiga pedunculada, multiflora, densa, cilíndrica, de 20-62 x 3-8(10) mm, algo maior na frutificación. Flores hermafroditas, tetrámeras. Periantio simple, sepaloide. Estames sentados, soldados á base dos tépalos. Ovario cos 4 carpelos desenvoltos. Infrutescencia de de 30-40 mm, densa. Froito en drupa de 3,5-5 x 2-3,1(3,4) mm, con pico ventral ou subcentral e curvado de 0,2-0,7(0,9) mm.

• **Distribución:** Circumboreal e zonas temperadas hemisferio N ata NW de África. P. Ibérica: N, C e W.

• **Hábitat:** Cursos de auga remansados, lagoas artificiais e charcas con augas permanentes ou case.

• **Frecuencia:** escaso.

• **Pregos herborizados:**

>BANDE, Chao do Agro-O Garabelao, 29TNG8753, 930 m, lagoa artificial, 23/06/2021, IPS, SANT 80313.

>MUIÑOS, río Salas, 29TNG8342, 680 m, comunidade monoespecífica de ninfeidos (*Potamogeton natans*, *Nymphaeion albae*), 22/07/1993, IPS, SANT 52613. Río Salas, 29TNG8342, 680 m, comunidade monoespecífica de ninfeidos (*Potamogeton natans*, *Nymphaeion albae*), 04/09/1997, IPS, SANT 52612 e 63138. Maus de Salas, Canteira de Campelos, 29TNG8742, 870 m, lagoa, con *Juncus heterophyllus*, 28/05/2021, IPS.

■ *Potamogeton polygonifolius* Pourr.

• **Descripción:** hidrófito rizomatoso, frequentemente estoloníferas e enraizantes nos nós. Follas dimorfas, paralelinervias, pecioladas. Vaíña intrafoliar de 10-50 x (1,5)2-6 mm, membranácea, escura e caediza. Follas inferiores somerxidas, estreitamente elípticas (22-96 x 1-7 mm), membranáceas. Follas medias e superiores flotantes, coriáceas, pecioladas, opacas, ovadas ou elípticas, obtuso ou subagudo no ápice, cordadas ou atenuadas na base. Inflorescencia en espiga pedunculada, multiflora, densa, cilíndrica, de 10-32(37) x 2,5-5 mm, algo maior na frutificación. Froito en drupa de 1,6-2,7 x 1,2-1,8 mm, ovoide ou reniforme, avermellado, con pico central ou subcentral moi curto (<0,3 mm).

• **Distribución:** W, SW e C Europa, N África e SW Asia. P. Ibérica: C, N e W.

• **Hábitat:** charcas permanentes pouco profundas.

• **Frecuencia:** raro.

• **Pregos herborizados:**

>MUIÑOS, Reparade-Prado, 29TNG8343, 720 m, charca alimentada por manancial (*Hyperico elodis-Potamogetum oblongi*), 06/06/1996, IPS, SANT 52614.

F. SPARGANIACEAE

— *Sparganium* L. —

Herbáceas vivaces, acuáticas, monoicas. Follas paralelinervias, alternas, dísticas, sésiles, anvaiñantes, carnosas, planas. Inflorescencia en acio con flores unisexuais reunidas en glomérulos globosos, os masculinos no ápice, en ocasións agrupados, e os femininos na base. Flores masculinas con 1-8 estames. Ovario súpero. Froito en drupa.

•**Bibliografía:** MEDINA (2008).

Clave de especies

- | | |
|---|--|
| 1. Inflorescencia simple; tépalos das flores femininas pardo claros, translúcidos, espatulados, de ápice dentado e non engrosado; froitos < 0,25 mm de anchura, pico 3-4 mm e pedicelo de 0,8-2 mm
Inflorescencia ramificada; tépalos das flores femininas pardo escuros a negrizos, de ápice engrosado e enteiro; froitos de 3-7 mm de anchura, pico de 1,5-3 mm e pedicelo de 0-1 mm | <i>S. emersum</i>
<i>S. erectum</i> |
|---|--|

■ *Sparganium emersum* Rehmann

subsp. *emersum*

•**Descripción:** hidrófito xeralmente somerxido, con estolóns de ata 25 cm. Follas basais de sección plana, non aquilladas no dorso. Filamentos estaminais de 4-10 mm. Flores femininas con tépalos espatulados e de ápice dentado.

•**Distribución:** Holártica, circumboreal. W Norteamérica, Europa, W e C Asia e Xapón. P. Ibérica: cuadrante NW, en zonas de baixa e media altitude.

•**Hábitat:** ríos e lagoas con augas permanentes.

•**Frecuencia:** ¿rara?

•**Citas previas:** GÓMEZ VIGIDE et al. (1989). CALVOS DE RANDÍN, A Veiga, 29TNG9143, 870 m (Silva Pando, 02/07/1987)

■ *Sparganium erectum* L.

subsp. *neglectum* (Beeby) Schinz & Thell.

Sparganium neglectum Beeby

•**Descripción:** hidrófito con estolóns de ata 43 cm. Talos erectos ramificados só na inflorescencia. Follas erectas, alternas, dísticas, sen pecíolo, cunha quilla ben marcada no envés, e nervio medio visible en toda a súa lonxitude; as caulinas semiamplexicaules, co ápice redondeado. Inflorescencia cunha bráctea foliosa en cada rama. Filamentos estaminais de 1,8-3,2 mm. Flores femininas cos tépalos espatulados, irregularmente dentados e de cor negriza opaca no ápice. Froito liso ou con 4 costelas pouco marcadas, de elipsoidal a fusiforme e con pico > 2 mm.

•**Distribución:** Europa, N África, NW Asia. P. Ibérica: dispersa.

•**Hábitat:** zonas chás dos cursos de auga principais. Precisa augas permanentes, en beiras con augas estancadas ou de baixa fluencia, lagoas.

•**Frecuencia:** escaso.



Orchidaceae *Dactylorhiza elata*



Orchidaceae *Dactylorhiza maculata*




Orchidaceae *Gymnadenia conopsea*



Orchidaceae *Serapias cordigera*



Orchidaceae *Serapias lingua*



Potamogetaceae *Potamogeton natans*



Sparganiaceae *Sparganium erectum*



Thypaceae *Typha latifolia*

•**Pregos herborizados:**

>**BANDE**, Ponte Soutelo, río Limia, 29TNG8749, 550 m, remansos do río (*Glycerio-Sparganion*), 10/09/1997(1), IPS, SANT 52638. >**Muiños**, Xermeade, río Salas, 29TNG8542, 740 m, remansos do río (*Glycerio-Sparganion*), 15/07/1998, IPS, SANT 52642.

F. TYPHACEAE

— *Typha* L. —

■ *Typha latifolia* L.

•**Descripción:** hidrófita rizomatoso. Talos simples que poden medir máis de 2 m. Follas paralelinervias, carnosas, erectas, dísticas, con vaíñas auriculadas e limbo de 1-2 cm de anchura. Inflorescencia terminal, espiciforme, densa, cunha parte masculina e outra femininas contiguas ou separadas por un fragmento de escapo inferior a 5 mm, a masculina arriba e a femininas, más ancha e de cor parda, abaixo. Flores unisexuais, as femininas cun xinóforo do que xorde un periantio de pelos, sen bractéolas, con estigma espatulado e con pedicelos de más de 1 mm. Flores masculinas con bractéolas filiformes e 1-5(7) estames soldados polos filamentos. Froito fusiforme cunha soa semente.

•**Distribución:** cosmopolita excepto nas rexións tropicais do Vello Mundo. Toda a P. Ibérica.

•**Hábitat:** depresións inundadas que non acusan unha estiaxe intensa.

•**Frecuencia:** raro.

•**Pregos herborizados:**

>**LOBIOS**, viaduto río Mau, 29TNG720381, 360 m, pequena depresión temporalmente inundada, con *Salix atrocinerea* e herbáceas higrófilas, 21/09/1998, IPS, SANT 49158.

•**Bibliografía:** CIRUJANO (2008).

BIBLIOGRAFÍA

- ACEDO, C. & LLAMAS, F. (2021). *Bromus* L. In ROMERO ZARCO et al. Eds. *Flora iberica*, 19(2): 995-1047. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (1993). *Tilia* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 3: 186-189. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (1997). *Osyris* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 8: 149-152. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2003a). *Foeniculum* Mill. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 10: 231-234. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2003b). *Petroselinum* Hill. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 10: 279-282. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2005a). *Gymnadenia* R. Br. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 21: 82-85. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2005b). *Orchis* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 21: 114-146. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2013a). *Allium* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 20: 220-273. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2013). *Narcissus* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 20: 340-397. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2015). *Geranium* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 9: 271-315. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2019a). *Aster* L. In BENEDÍ et al. Eds. *Flora iberica*, 16(3): 1981-1993. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2019b). *Bellis* L. In BENEDÍ et al. Eds. *Flora iberica*, 16(3): 2027-2037. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2019c). *Solidago* L. In BENEDÍ et al. Eds. *Flora iberica*, 16(3): 2044-2048. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2020a). *Alopecurus* L. In DEVESPA et al. Eds. *Flora iberica*, 19(1): 164-176. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2020b). *Phleum* L. In DEVESPA et al. Eds. *Flora iberica*, 19(1): 176-187. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2020c). *Stipa* L. In DEVESPA et al. Eds. *Flora iberica*, 19(1): 78-100. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. (2021). *Danthonia* DC. In ROMERO ZARCO et al. Eds. *Flora iberica*, 19(2): 164-176. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AEDO, C., MUÑOZ GARMENDIA, F. & VALDÉS BERMEJO, E. (1993). *Reseda* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 4: 440-475. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. & ALDASORO, J.J. (1998a). *Pyrus* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 6: 433-438. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO, C. & ALDASORO, J.J. (1998b). *Sorbus* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 6: 414-429. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.

- AEDO, C., MUÑOZ GARMENDIA, F. & NAVARRO, C. (1998). *Mahus* Mill. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 6: 438-442. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AEDO & VARGAS (2003). *Seseli* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 10: 202-215. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- AIZPURU, I. (1990). *Carpinus* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 2: 47-48. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- ALLUE, A. J. L. (1966). *Subregiones fitoclimáticas de España*. I.F.I.E., Minist. Agricultura, Madrid.
- ALMEIDA DA SILVA, R.M. & CRESPI, A.L. (2013). *Scilla* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 20: 145-156. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- ALONSO, M.Á. & CRESPO, M.B. (2013). *Gladiolus* L. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 20: 485-491. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- ALONSO, M.Á. & CRESPO, M.B. (2021). *Digitaria* Haller. In CASTROVIEJO et al. Eds. *Flora iberica*, 19(2): 1136-1147. Real Jardín Botánico de Madrid-CSIC. Madrid.
- ÁLVAREZ, I. (2019a). *Anacyclus* L. In BENEDÍ et al. Eds. *Flora iberica*, 16(3): 1777-1788. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- ÁLVAREZ, I. (2019b). *Doronicum* L. In BENEDÍ et al. Eds. *Flora iberica*, 16(3): 1473-1487. Real Jardín Botánico-CSIC. Madrid.
- AMARAL FRANCO, J. & ROCHA AFONSO, M.L. (1994). *Nova Flora de Portugal (Continente e Açores)*, 3. Ed. Escolar. Lisboa. 181 pp.
